Plan de Acción 2026

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN 7
2. PRINCIPAIS OBXECTIVOS 8
2.1. Administración dixital 9
2.1.1. Administración e goberno dixital 9
2.1.2. Administración e goberno dixital – Sistemas para o emprego público 10
2.1.3. Administración de Xustiza 10
2.1.4. Programa de robotización e automatización 11
2.1.5. Programa de xestión intelixente do dato 11
2.1.6. Plan de posto dixital avanzado do persoal empregado público e prestación do servizo de atención ás persoas usuarias 11
2.1.7. Medidas para o desenvolvemento dos servizos dixitais dirixidos ao comercio, empresa e industria 12
2.1.8. Medidas para diversos ámbitos administrativos 12
2.1.9. Plan para o desenvolvemento do marco galego de competencias dixitais (MGCD) 13
2.1.10. Bibliotecas en rede de Galicia 13
2.1.11. Impulso da economía dixital para acadar un territorio intelixente. Programa Territorio Intelixente 13
2.1.12. Impulso da economía dixital para acadar un territorio intelixente. Memoria Dixital de Galicia 14
2.1.13. Impulso da economía dixital para acadar un territorio intelixente. Turismo Intelixente 14
2.2. Transformación Dixital da Facenda Autonómica 15
2.2.1. Xestión tributaria 15
2.2.2. Xestión económico financeira 16
2.2.3. Sistemas de contratación pública destacan as seguintes actividades 18
2.2.4. Sistemas vinculados ás nóminas dos empregados públicos e aos recursos humanos. 18
2.3. Solucións Tecnolóxicas Sectoriais 19
2.3.1. Dixitalización do ensino galego 19
2.3.2. Programa Dixital da Política Social 20
2.3.3. Plan de transporte e mobilidade dixital: e-mobility 20
2.3.4. Desenvolvemento de instrumentos de xestión e difusión relacionados co sector agropecuario, co desenvolvemento rural e coa xestión dos fondos europeos agrícolas 22
2.3.5. Evolución dos sistemas de xestión de incendios e de ordenación do sector forestal .. 23
2.3.6. Ferramentas estratéxicas transversais na Consellería do Medio Rural 24

2.3.7. Impulso da xestión telemática no ámbito pesqueiro, da trazabilidade e a comercialización e a formación no sector do mar....24
2.3.8. Mellora tecnolóxica do ámbito medio ambiental e do territorio....25
2.3.9. Evolución dos servizos dixitais no ámbito da vivenda....26
2.3.10. Mellora tecnolóxica dos servizos do Servizo Público de Emprego de Galicia....27
2.3.11. Melloras para a xestión dixital do transporte e das infraestruturas viarias....28
2.3.12. Plan para a xestión dixital do Medio Ambiente e do territorio....28
2.4. Sociedade Dixital....29
2.4.1. Plan DigiTalent 2030: Camiña en Dixital, para o impulso da Inclusión, Capacitación e Talento Dixital en Galicia....29
2.4.2. Impulso á Empresa Dixital....30
2.4.3. Software Libre....30
2.4.4. Adopción de tecnoloxías disruptivas....31
2.4.5. Plan de impulso ao GaiásTech....31
2.4.6. Infraestruturas de banda larga....32
2.5. Infraestruturas, sistemas e telecomunicacións....33
2.5.1. Medidas de Continuidade de Servizo de Infraestruturas de Sistemas....33
2.5.2. Medidas de Calidade e Arquitecturas de Aplicacións....34
2.5.3. Estratexia Cloud da Xunta de Galicia....34
2.5.4. Plan Director de Ciberseguridade....34
2.5.5. Medidas de soporte e evolución das Redes corporativas....35
3. PROGRAMA DE ACTUACIÓNS....37
OBXECTIVO I. IMPULSAR UN GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DIXITAL....41
1.1 Plan de Administración e goberno dixital....41
1.2 Plan de Administración e goberno dixital – Sistemas para o Empregado Público....63
1.3 Plan para a xestión dixital da Axencia Tributaria....69
1.4 Medidas para a xestión dixital económico-financeira e contable....79
1.5 Plan Senda 2025: Xustiza Dixital....90
1.6 Programa de Robotización e Automatización....104
1.7 Programa de Xestión intelixente do dato....106
1.8 Plan de posto dixital avanzado do persoal empregado público....112
1.9 Medidas para garantir a atención ás persoas usuarias....122
OBXECTIVO 2. PROMOVER OS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS....130
2.1 Programa Dixital da Política Social....130
2.2 Plan para a Xestión Dixital das Políticas de Emprego....148

2.3 Medidas para a Xestión Dixital da Vivenda....154
2.4 Medidas para a Xestión Dixital da Educación....160
2.5 Medidas para a Xestión Dixital do Transporte e Infraestruturas Viarias....177
2.6 Medidas para a Xestión Dixital do Medio Ambiente e do Territorio....183
2.7 Medidas para a Xestión Dixital do Sector Primario....190
2.8 Medidas para o desenvolvemento dos servizos dixitais dirixidos ao comercio, empresa e industria....229
2.9 Medidas para diversos ámbitos administrativos....237
OBXECTIVO 3. GARANTIR A DISPOÑIBILIDADE E SEGURIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS....246
3.1 Medidas de Continuidade de Servizo de Infraestruturas de Sistemas....246
3.2 Medidas de Calidade e Arquitectura de Aplicacións....253
3.3 Estratexia Cloud da Xunta de Galicia....257
3.4 Medidas de soporte e evolución de Redes Corporativas....262
3.5 Plan Director de Ciberseguridade....265
OBXECTIVO 4. FORMENTAR A ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS DIXITAIS....278
4.1 Plan de Impulso á Educación Dixital....278
4.2 Plan Galego de Competencias Dixitais....284
4.3 Bibliotecas en Rede de Galicia....293
4.4 Plan para o Impulso da Inclusión, Capacitación e Talento Dixital....297
OBXECTIVO 5. IMPULSAR A ECONOMÍA DIXITAL PARA ACADAR UN TERRITORIO INTELIXENTE....305
5.1 Programa Galicia Territorio Intelixente....305
5.2 Plan de transporte e mobilidade dixital: E-Mobility....311
5.3 Plan tecnolóxico para a xestión e conservación do Medio Ambiente e do Territorio....319
5.4 Plan para a Transformación Dixital do Sector primario....327
5.5 Medidas para o impulso da dixitalización e conservación do Patrimonio Cultural Galego – Memoria Dixital de Galicia....328
5.6 Programa de Turismo Intelixente....337
5.7 Impulso á empresa dixital....342
OBXECTIVO 6. FAVORECER O CRECEMENTO DO ECOSISTEMA DIXITAL....344
6.1 Estratexia Galicia Dixital 2030....344
6.2 Estratexia Galega de Intelixencia Artificial....347
6.3 Plan de impulso ao Software libre e aos estándares abertos....351
6.4 Programa de adopción de tecnoloxías disruptivas....354
6.5 Plan de impulso ao GaiásTech....357

6.6 Plan de conectividade e cohesión dixital....363
6.7 Observatorio da Sociedade da Información e Modernización de Galicia.... 371
OBXECTIVO 7. MEDIDAS INSTRUMENTAIS E DE EFICIENCIA....376
7.1 Medidas para o impulso do desenvolvemento normativo....376
7.2 Medidas de eficiencia na xestión do persoal....377
7.3 Boas prácticas para a prevención do fraude....378
7.4 Medidas de mellora na eficiencia da contratación....379
7.5 Medidas de colaboración e coordinación institucional....380
7.6 Medidas de avaliación de custos, resultados e impacto das iniciativas de dixitalización 381

Introdución



1. INTRODUCIÓN

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na súa disposición adicional terceira, autorizou a creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en adiante Amtega) cando dispuxo:

> *"Mediante esta lei autorízase a creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia, que terá como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta no eido das tecnoloxías da información e comunicacións e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico".*
>
> *"Esta axencia, en concreto, asumirá os medios persoais e materiais e as competencias que na actualidade lle corresponden á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, que se suprimirá no momento da creación daquela, sen que supoña incremento ningún de gasto público".*

En desenvolvemento da autorización antedita e previa aprobación polo Consello de Xunta de Galicia, con data 21 de xullo de 2011, do Plan para a posta en marcha da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e para a integración dos servizos tecnolóxicos da Xunta de Galicia, a Amtega foi finalmente creada a través do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2022, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Tras a constitución efectiva desta axencia pública autonómica mediante a celebración da sesión constitutiva do seu Consello Reitor, con data 9 de marzo de 2012, adscribíronse progresivamente á Amtega os servizos, recursos económicos e persoal de tecnoloxías da información e comunicacións de 9 Consellerías e Secretarías Xerais, así como de diversas entidades públicas delas dependentes, constituíndose no principal organismo da Xunta de Galicia para intermediar e impulsar iniciativas entre Consellerías e outros organismos ou axentes sociais e económicos no ámbito da sociedade da información e, ao mesmo tempo, servir como vehículo de información, formación, difusión e concienciación social neste eido.

Doutra banda, segundo o artigo 11, apartado 2 do Estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia *"a actuación da Amtega levarase a cabo de acordo cun plan de acción anual, baixo a vixencia e de acordo co pertinente contrato plurianual de xestión"*. Así mesmo ***de acordo co artigo 12.1 apartado a),*** a persoa a cargo da Dirección da ***Amtega proporalle ao Consello Reitor*** para a súa aprobación, nas datas que estableza a normativa aplicable, ***o plan de acción anual*** sobre a base dos recursos dispoñibles.

En consonancia coas disposicións mencionadas, así como coas previsións contidas no contrato plurianual de xestión, o presente plan de acción ten por obxecto regular a actividade da Amtega durante o exercicio 2026 mediante o establecemento das actividades a desenvolver, os valores a acadar e os responsables de levalas a cabo no marco de cada un dos obxectivos estratéxicos do contrato plurianual de xestión que regula o seu funcionamento.

Este documento estrutúrase indo da enunciación dos aspectos máis estratéxicos, cara ao particular e operativo, partindo do establecemento de cales serán, para o período considerado, os obxectivos estratéxicos que orientarán o labor da Amtega para continuar coa concreción dos plans operativos e programas a executar en 2026. Complétase a regulación contida neste plan de acción mediante o establecemento do escenario económico financeiro, coa correspondente previsión orzamentaria.

2. PRINCIPAIS OBXECTIVOS

A **Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD2030)**, aprobada en decembro de 2020, está aliñada coas prioridades no novo marco europeo, que busca situar a Comunidade como unha rexión de referencia en Europa, onde o uso das tecnoloxías dixitais contribúe a aumentar a calidade de vida e o desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: social, económica e medio ambiental.

Trátase dunha estratexia deseñada polo Goberno galego para Galicia como un marco dixital común que facilite a actuación das tres administracións nun mesmo territorio de maneira complementaria, buscando as sinerxías e a suma de esforzos para consolidar a transición dixital da Comunidade.

Neste senso, no 2026 continuará a folla de ruta marcada pola EGD2030 estruturada en torno a 7 eixes estratéxicos e 1 eixe transversal que determinan as áreas de actuación e 20 programas para acadar os obxectivos establecidos:

- **E1. Goberno e Administración Intelixente.** Inclúe **4 programas** para impulsar a automatización e transformación dixital dos servizos públicos e evolucionar cara un modelo intelixente de posto de traballo do empregado público, así como o expediente xudicial electrónico.
- **E2. Sociedade Dixital e Inclusiva.** Este eixe recolle **2 programas** dirixidos a facilitar a adquisición de competencias dixitais á cidadanía e potenciar a educación innovadora consolidando o uso de tecnoloxías dixitais ao método docente.
- **E3. Entorno Dixital para a Saúde e o Benestar Social.** Conta con **2 programas** concibidos para empregar a tecnoloxía para acadar unha sanidade máis preditiva e personalizada e un paradigma socio-sanitario para mellorar a calidade asistencial.
- **E4. Territorio Intelixente, Verde e Resiliente.** Ao eu abeiro englóbanse **4 programas** para avanzar cara a un territorio máis sostible, máis verde, máis conectado e cun uso más eficaz dos recursos.
- **E5. Conectividade Dixital do Territorio.** A fin de conseguir unha Galicia máis integrada e conectada neste eixe establécense **2 programas**.
- **E6. Cultura e Turismo Intelixente.** Neste ámbito formúlase **1 programa** para promover o uso de tecnoloxías para avanzar na dixitalización e conservación do patrimonio cultural galego e consolidar o turismo intelixente en Galicia
- **E7. Economía Dixital e Sostible.** Recolle **3 programas** orientados á transformación dixital do servizo público de emprego, a transformación dixital das pemes e a transición cara a industria 4.0.
- **Eixe transversal:** Especialización Tecnolóxica. A promoción da especialización tecnolóxica ao servizo do resto de eixes estratéxicos sumando outros **2 programas** cos que impulsar a promoción do talento dixital, fortalecer o hipersector TIC e desenvolver maiores capacidades en torno ás novas tecnoloxías disruptivas (IA, ciberseguridade, intelixencia do dato, 5G).

O proceso de transformación dixital require aglutinar capacidades e especialización técnica no ámbito das tecnoloxías dixitais de axentes implicados públicos e privados; para iso, consolidarase un marco de gobernanza para a administración e xestión que permita aumentar a eficiencia dos recursos e orientalos a resultados que ofrezan verdadeiro valor ao tecido produtivo e social galego. Así, promoverase un marco de coordinación reforzado que potencie a colaboración intra e inter-administrativa, o traballo en rede cos axentes socioeconómicos e a participación social.

Ademais, para impulsar o avance dixital de Galicia e asegurar a incorporación das novas tendencias tecnolóxicas asegurarase a adopción dun marco ético e xurídico acorde ao dinamismo do proceso de transformación dixital que promova a innovación baixo un entorno fiable que respecte os valores e dereitos fundamentais; blindando unha dixitalización segura e responsable.

2.1. Administración dixital

En termos xerais, os obxectivos 2026, centraranse en incrementar os niveis de uso dos sistemas de administración electrónica e servizos dixitais en xeral, avanzando na mellora continuada da oferta de servizos, pero tamén a posta en marcha de iniciativas que incorporarán novas capacidades tecnolóxicas e de servizos para avanzar no desenvolvemento dunha administración intelixente. O marco de traballo serán os plans xa aprobados como é o do "**Plan de posto dixital avanzado do persoal empregado público**" o "**III Plan tecnolóxico da Administración de Xustiza.Senda2025**", o "**III Plan Tecnolóxico para unha administración e goberno dixital**", o plan "Plataforma Territorio Intelixente", e inicio do deseño da estratexia de Xestión do Dato.

2.1.1. Administración e goberno dixital

Durante o ano 2026 destacarán as seguintes actuacións:

- → **Evolución continuada dos sistemas de información** que sustentan a sede electrónica da Xunta de Galicia: Portal de sede electrónica (https://sede.xuntal.gal), sistemas de presentación de formularios e o conxunto de compoñentes tecnolóxicos que son necesarios para o funcionamento da sede electrónica.
- → En liña coa posta en marcha do **Nodo de Información Cidadá (CDH)**:
  - Colaboración coa Dirección Xeral de Simplificación Administrativa na identificación, análise e posta en marcha de servizos proactivos cara a cidadanía.
  - Posta en marcha do sistema de acceso aos servizos dixitais da Xunta de Galicia.
  - Deseño do rexistro de entidades (empresas e persoas beneficiarias)
- → Posta en marcha da **Plataforma CONVERSA**. Instalación, configuración tecnolóxica e Desenvolvemento en CONVERSA de 4 casos de uso como pilotos demostradores das posibilidades desta canle de atención.
- → **Evolución continua dos sistemas** que dan soporte a actividade nas oficinas de rexistro e unidades tramitadoras: AIRES, REXEL, Sistema de interconexión de rexistros (SIR).
- → **Ampliar os sistemas de tramitación corporativos**: Sistema corporativo de tramitación de subvencións coa visión integra do proceso; xestión electrónica integral dos rexistros administrativos e outros procedementos da administración pública.
- → Continuidade da renovación tecnolóxica completa dos sistemas e compoñentes que configuran a plataforma de intermediación de datos e documentos do **nodo de interoperabilidade PasaXe!**.
- → Execución do plan de **Impulso da dixitalización universal dos procedementos**, proporcionando en todos os casos a lo menos unha ferramenta transversal de tramitación básica que permita a integración cos sistemas dixitais establecidos como obrigatorios no catálogo de sistemas dixitais e a relación dixital completa e bidireccional coa cidadanía.

Todas estas accións deben coordinarse cos instrumentos de coordinación e normativos e coas iniciativas estatais e europeas, ademais de cos sistemas transversais dos diferentes ámbitos.

2.1.2. Administración e goberno dixital – Sistemas para o emprego público

Entre as principais actividades previstas para o 2026, destácanse:

- → **Evolución da canle do emprego público FIDES** (https://fides.xunta.gal) como sistema de acceso e xestión do expediente dixital único e apoio na identificación de novos procesos susceptibles de automatización e evolución e impulso dos procesos xa automatizados (en liña Programa de robotización e automatización).
- → Adecuación do **sistema de xestión de listas de contratación** para a implantación das novidades derivadas da implantación do Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia – Pladiga 2026.
- → Posta en marcha do desenvolvemento do novo sistema de xestión de listas de contratación.
- → Apoio continuo aos procesos de selección, provisión ou carreira profesional.
- → **Evolución continua** do **sistema integral de acreditación dixital do empregado público**, incluíndo todos os ámbitos (xunta, xustiza, educación, ...), considerando un modelo xeográfico distribuído de acreditación e a extensión do modelo de acreditación en mobilidade.
- → Evolución continuada dos sistemas e módulos que compoñen a **plataforma para a xestión de recursos humanos**.

2.1.3. Administración de Xustiza

Este programa trata de dar continuidade á dixitalización do sistema xudicial baixo os principios de eficacia e eficiencia, contribuíndo a mellorar o acceso á xustiza, a incrementar a confianza da sociedade na administración da xustiza e a resolver os seus conflitos de maneira máis áxil. E enmárcase no "**III Plan tecnolóxico da Administración de Xustiza en Galicia Senda2025**", e na súa extensión ata 2028.

Entre as principais liñas de traballo cómpre destacar:

- → Elaboración e aprobación do "**IV Plan de Sistemas do Servizo Público de Xustiza. Senda2028**" impulsado pola Xunta de Galicia.
- → Proceso de implantación do **novo sistema de xestión procesual ATENEA**: Instalación en contornas corporativas Amtega, adaptación do sistema á contorna de Galicia, e execución do plan de implantación.
- → Evolucionar do acceso ao **expediente xudicial electrónico** (ViaEXE), e incorporación de capacidades de interrogación do expediente xudicial.
- → Evolución continuada da **Sede Xudicial Electrónica e portal Xustiza.gal** postos en marcha a finais de 2025 e dos restantes sistemas (Imelga, OAVD..).
- → Finalización da posta en marcha do novo sistema de recursos humanos do ámbito da administración de Xustiza.
- → Ampliación do **novo sistema de indicadores da administración** de xustiza en Galicia, coa incorporación de áreas analíticas vinculadas á implantación de NUMO, e de funcionamento da administración dixital.

2.1.4. Programa de robotización e automatización

As tecnoloxías de **automatización robótica de procesos** (**RPA**) combinadas con técnicas de **procesamento intelixente de documentos** (**IDP**) que utilizan OCR, permiten a automatización de procesos emulando o comportamento das persoas na realización de tarefas repetitivas. En 2026 traballarase en actividades como:

- Evolución da **Plataforma de Automatización Intelixente de Procesos** da Xunta de Galicia, baseada en tecnoloxías RPA e capacidades IDP, incluíndo servizos cognitivos. Coa incorporación de novas oportunidades de automatización.
- **Licitación da nova plataforma** con incorporación de capacidades de minería de procesos, RPA, IDP e axéntica para a automatización.

2.1.5. Programa de xestión intelixente do dato

Dentro do programa de xestión intelixente do dato destacar as seguintes actividades:

- Finalización da elaboración da **estratexia do dato da administración pública galega**, para o impulso das iniciativas deste ámbito de actuación.
- Proxecto **Nodo de información cidadá** (**CitizanDataHub**): Finalización do deseño e desenvolvemento e plan de implantación progresiva de todos eles.
- Posta en marcha dos primeiros instrumentos de gobernanza do dato:
  - Inicio da **elaboración das políticas e estándares** de aplicación na gobernanza operativa de datos.
  - Desenvolvemento tecnolóxico do **sistema para a xestión do catálogo de datos** de referencia (**RDM e OpenMetadata**),incluíndo os servizos de consumo por parte dos sistemas de información.
  - Deseño do **modelo de gobernanza** do catálogo de datos e ferramenta de gobernanza baseado nos casos de uso de dous proxectos de analítica avanzada (Turismo e DecisiónsEstratéxicas).
- Desenvolvemento ou acompañamento á posta en marcha de **sistemas de análise** de diferentes **ámbitos transversais e sectoriais**.
- Impulsar a iniciativa de **datos abertos** da administración pública galega.

2.1.6. Plan de posto dixital avanzado do persoal empregado público e prestación do servizo de atención ás persoas usuarias

Dentro das actuacións de execución do plan, destacan:

- Elaboración do "**Plan 2027-2030 de atención ás persoas usuarias e de posto dixital avanzado**".
- Análise de viabilidade e, de ser o caso, incorporación de **novos ámbitos de prestación do servizo**, en ámbitos como Xestur, o IGE, ou a entidade pública Portos de Galicia.
- Proceso de mellora continua para o **aliñamento dos procesos de xestión de posto de traballo** e xestión de configuración de usuarios dos ámbitos atendidos polo anterior CIXTEC.

- Licitación e adxudicación do **novo acordo marco para a dotación de plataforma de virtualización de escritorios**. Licitación dos novos contratos derivados que aseguren a continuidade do servizo corporativo de virtualización de escritorios de posto de traballo (VDI –Virtual Desktop Infraestructure).
- Continuación do **Plan de Adopción de solucións de intelixencia artificial** no posto de traballo poñendo en marcha as primeiras iniciativas piloto.
- Incorporación na prestación de servizo de atención de **novos servizos dixitais** empregados polo persoal empregado público.
- Análise preliminar de alternativas tecnolóxicas para posible evolución cara a dunha nova **solución ITSM corporativa** que achegue novas capacidades á organización.

2.1.7. Medidas para o desenvolvemento dos servizos dixitais dirixidos ao comercio, empresa e industria

Neste ámbito destacan os seguintes aspectos:

- Continuación co proceso de dixitalización de convocatorias de axudas en liña co "**Plan de traballo de dixitalización**".
- Especificamente no **ámbito de industria**, ademais de evolución continuada do sistemas e procesos, destacar:
  - En liña cos obxectivos da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial: evolución e apoio na implantación do **Mapa Industrial de Galicia** e implantación do **Censo do solo empresarial**.
  - Continuación coa **dixitalización dos procedementos** que se integran no Rexistro Único Empresarial tanto no ámbito de desenvolvemento enerxético como no ámbito de planificación enerxética e minas.
- No **ámbito de comercio e consumo**:
  - Colaboración coa Dirección Xeral de Comercio cos instrumentos vinculados ao observatorio de comercio e censo de comercio e posta en marcha do "**Campus formativo de emprego autónomo**".
  - Evolución do sistema de xestión dos procesos do **Instituto Galego do Consumo e da Competencia** (IGCC).

2.1.8. Medidas para diversos ámbitos administrativos

Este programa recolle os procesos de dixitalización de diversos ámbitos que, sen estar incluídos nos grandes ámbitos temáticos, abordan funcións temáticas específicas no ámbito competencial da Xunta de Galicia, principalmente no ámbito da Presidencia ou Consellería de Presidencia, ou supoñen instrumentos internos de coordinación de carácter transversal.

Estas medidas teñen como obxectivo xeral para o 2026 a evolución continuada dos sistemas de coordinacións transversal e dos sistemas específicos dos ámbitos administrativos de deporte, emerxencias e interior, administración local, asesoría xurídica, relacións parlamentarias, cooperación, emigración, xogo..., destacando algúns obxectivos concretos como:

- Posta en marcha do **novo sistema de xestión do parque móbil**, que será utilizado en diversos ámbitos da Xunta de Galicia.

- Renovación integral do novo **sistema de xestión de Relacións Parlamentarias**.
- Ampliación do sistema **integrado de xestión de protección civil**, incluíndo os plans municipais.
- No ámbito de **xogo e apostas deportivas**, redeseño do procedemento de traslado de máquinas.
- E impulso da tramitación dixital dos procedementos administrativos en liña co **Plan de traballo de dixitalización**.

2.1.9. Plan para o desenvolvemento do marco galego de competencias dixitais (MGCD)

Neste ámbito abordarase fundamentalmente a posta en marcha das accións previstas no Decreto 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais, en concreto:

- Revisión do decreto de regulación do **Marco galego de competencias dixitais** para incorporar os cambios organizativos que se teñen identificado como necesarios tralos primeiros anos de execución do proxecto.
- Evolución dos instrumentos de apoio ao desenvolvemento do MGCD: as **plataformas tecnolóxicas** de apoio ao MGCD, elaboración de contidos formativos, e cooperación con outras institucións.
- Posta en marcha progresiva dos **plans de capacitación e acreditación** aliñados co novo marco de competencias. **Novas convocatorias** nos ámbitos de cidadanía, empregado público e educativo.

2.1.10. Bibliotecas en rede de Galicia

No programa de bibliotecas en rede avanzarase na:

- Evolución continuada do **sistema de xestión KOHAILS**, e dos sistemas que complementan os servizos dixitais en bibliotecas.
- Análise de viabilidade e plan de traballo para a **adecuación ás bibliotecas especializadas**.
- Licitación do **Rexistro propiedade intelectual e clube de lectura**.
- **Finalización da renovación** da libraría institucional.

2.1.11. Impulso da economía dixital para acadar un territorio intelixente. Programa Territorio Intelixente

En canto ao programa **Galicia Territorio Intelixente** destaca:

- Consolidar o modelo organizativo e tecnolóxico da **Plataforma Territorio Intelixente** (PTI) coa finalidade de acadar a infraestrutura transversal e corporativa do ciclo de vida do dato xeoespacial e potenciar o seu aproveitamento por parte do conxunto da organización.
- Aliñamento coa estratexia do dato, e definición da **folla de ruta para o metadatado** dos recursos de información xeográfica existentes e configuración do xeocatálogo.

- → Consolidar e poñer á disposición do conxunto da organización un **catálogo de servizos xeoespaciais** de uso transversal, garantindo a súa operación estable, o seu aproveitamento corporativo e a implicación das distintas unidades e entidades no seu mantemento e evolución.
- → Realizar de xeito continuo as tarefas de **apoio e coordinación da implantación de compoñentes e servizos xeográficos**, definición do catálogo de servizos xeoespaciais.
- → Posta en produción do sistema "**Nomenclátor Xeográfico de Galicia**", aliñado coa iniciativa GaliciaNomeada.
- → Posta en marcha do "**Rueiro**", sistema de xeocodificación de enderezos.
- → No marco do proxecto "**Aceleración de ecosistemas de emprendemento e innovación baseados en Xemelgos Dixitais**": Finalización do desenvolvemento da infraestrutura tecnolóxica, inicio da incorporación da infraestrutura para o espazo de datos do ámbito territorial e execución dos casos piloto.

2.1.12. Impulso da economía dixital para acadar un territorio intelixente. Memoria Dixital de Galicia

En canto as iniciativas para a dixitalización, xestión, preservación e difusión do patrimonio, da identidade e da actividade cultural de Galicia, as iniciativas a destacar no 2026:

- → No ámbito da lingua destaca:
  - Licitación da **evolución de GAIO** cara unha plataforma de servizos de lingua que complemente o sistema de tradución cos restantes servizos (texto-voz, corrector, ...).
  - Novas convocatorias dos **exames do CELGA** en remoto (proctoring).
  - E actualización do **nomenclátor**.
- → Continuación coa evolución e incorporación de novas funcionalidades no **sistema de xestión arquivística ARQA**, e inicio do desenvolvemento do rexistro do xeral de centros museísticos de Galicia, segundo o establecido.
- → Continuidade da **iniciativa GalicianaSemántica**: Enriquecimento de metadatos da RevistaNós e posta en marcha do seu asistente conversacional; finalización do catálogo de autoridades, e incorporación do primeiro museo no espazo semántico.
- → **Evolución do sistema Xerpa** de bens patrimoniais, e integración coa Plataforma Territorio Intelixente, e capacidades avanzadas de visualización xeográfica.

2.1.13. Impulso da economía dixital para acadar un territorio intelixente. Turismo Intelixente

En canto ao programa de Turismo Intelixente destacar:

- → En canto ao desempeño das funcións administrativas, a evolución continuada do sistema de información integral para a xestión administrativa e promocional dos **recursos turísticos de Galicia** (RITGA) e a implantación do novo sistema de información inspección turística de Galicia (SIXITU).
- → En canto á relación cos visitantes:

- No ámbito das **oficinas de turismo**, o desenvolvemento dun asistente conversacional para o acompañamento aos profesionais das oficinas de turismo.
- Evolución continuada e mantemento dos **portais de referencia de turismo**: turespazo.gal, turismo.gal, caminodesantiago.gal, así como os outros dependentes (blogs).

→ En canto á consolidación do **sistema de intelixencia turística de Galicia**:

- Incorporación de capacidades de goberno do dato. Aliñado coa estratexia do dato.
- Incorporación de novos casos de negocio (mercado, sostibilidade, oferta turística), e de analítica avanzada (modelo de ocupación e albergues).
- Adxudicación e implantación da ampliación da **Plataforma de Sensores de Mobilidade do Camiño de Santiago en Galicia**.

→ Desenvolver **liñas de cooperación** formalizadas con outras institucións para o desenvolvemento das capacidades dixitais no eido de turismo.

2.2. Transformación Dixital da Facenda Autonómica

2.2.1. Xestión tributaria

Durante o 2026 continuarase co proceso de transformación dixital da Axencia Tributaria de Galicia centrándose principalmente en tres ámbitos:

→ **Na relación co contribuínte**, mediante actuacións encamiñadas a mellorar a experiencia de uso e facilitar o cumprimento das súas obrigas.

Entre as actuacións previstas destacan:

- Ampliación das opcións de pagamento da **Oficina Virtual Tributaria** (OVT) cunha nova modalidade de pagamento mediante domiciliación en entidades non colaboradoras da zona SEPA, e incorporación de dous novos servizos para solicitudes AEAT para información non estruturada e solicitudes de valoración previa.
- Posta en marcha dunha **nova canle** de atención á cidadanía por **videochamada**.
- **Redeseño** da Oficina Virtual Tributaria cunha imaxe máis actual e con contido simplificado e actualizado.
- Posta en marcha do **novo servizo de valoración** e **autoliquidación** do imposto de medios de transporte usado (modelo 620).
- Posta en marcha da **nova aplicación AlisWeb** para axuda a autoliquidación do imposto de sucesións.
- Evolución dos distintos sistemas de información tributaria (**Aport@**, **Lanx**, **ALISe**, **e-Poxas**, etc.) debido á constante modificación da normativa tributaria, así como ás peticións de novas funcionalidades requiridas polos responsables da Atriga.
- Evolucións no sistema que permite **automatizar procesos tributarios repetitivos** (RPA).
- Incorporación no **Sistema de Información Analítica** (SIAN) de novas operacións realizadas polo contribuínte a través da OVT, permitindo maior explotación analítica.

→ **Na eficiencia interna,**

- **Integración do sistema documental** cos servizos do Tribunal Económico Administrativo para o envío de expedientes electrónicos.
- Integración coa Dirección Xeral de Tráfico para comunicar a presentación de impostos de vehículos.
- Evolución funcional do **módulo de recadación** executiva por causa da asunción das funcións das Zonas de Recadación pola Atriga e incorporación no módulo de embargos.
- Esforzo adicional na área de **indicadores tributarios** das zonas de recadación.
- Continuación da evolución tecnolóxica de sistemas como **Xeito**, **Cita previa** ou o **sistema de valoración comparativa de testemuñas**.
- Nova funcionalidade de autoxestión das débedas en voluntaria no **sistema XEITO**.
- Evolución dos **sistemas documentais e de valoración** (Aporta e Lanx).
- Integración con novos organismos: INSS e TGSS para procesos de recadación executiva.
- Creación dunha **nova intranet** corporativa moderna para a Atriga, baseada en Liferay 7.4, orientada ao posto de traballo dixital.

→ Na **loita contra a fraude**,

- Dotar á Atriga dunha **plataforma dixital** para o control e detección da fraude tributaria, baseada en tecnoloxías de analítica avanzada e intelixencia artificial.
- **Mellora** do **sistema de xeración e organización** dos cruces tributarios para mellorar os modelos de detección temperá de fraude.

2.2.2. Xestión económico financeira

Durante o ano 2026 seguiranse evolucionando os distintos sistemas de información que dan soporte aos procesos de xestión, tramitación, fiscalización, contabilización do gasto e do ingreso, rendición de contas, análise financeira e de execución orzamentaria.

Entre as actuacións máis destacadas:

→ Implantación do **novo Plan Xeral Contable de Galicia**.

→ Melloras na **contabilidade das agrupacións** de futuros coa xestión a nivel de modalidade de financiación.

→ Continuación coa evolución funcional e tecnolóxica cara a **servizos web da capa de integración** para aplicacións externas.

→ Actualización tecnolóxica do sistema de información contable.

→ Extensión da **tramitación contable electrónica** dos documentos de gasto a novas consellerías e entidades.

→ Posta en funcionamento do **novo sistema en substitución do módulo de contabilidade financeira** de XUMCO a partires do exercicio contable 2026.

→ Adaptacións técnicas do **Sistema de Información de Subvencións**.

- **Automatización** da carga de datos de subvencións desde XUMCO a CAPIN-BNDS.
- Integración do **rexistro de contratos de PLATION** substituíndo ao de XUMCO.
- Procedemento automatizado de **verificación da titularidade** das contas bancarias en XUMCO.
- **Renovación** tecnolóxica e visual dos **portais corporativos e temáticos da Consellería** (Garantía Xuvenil, Fondos Europeos, Plan Estratéxico, Orzamentos, Consellería de Facenda e Atriga).

No eido dos sistemas de elaboración dos orzamentos, o máis destacado que se levará a cabo este ano é:

- Implementar no orzamento de ingresos o procedemento automático de transformación con motivo de cambios na estrutura orgánica.
- Diferenciar, no orzamento agregado por servizo-gasto-capítulo-financiamento, os fondos propios que cofinancian do resto dos fondos propios.
- Analizar posibilidades de integración dos escenarios orzamentarios co sistema [Orzamentos].
- Melloras no procedemento de xestión e tramitación das Modificacións de Crédito coa integración con Portasinaturas para a sinatura de documentos para calquera procedemento que o requira e, en particular, na tramitación das modificacións de crédito.
- Enriquecer a información non contable dos proxectos desagregada por capítulo (obxectivo do PEG, indicadores, territorialización, plans de actuación, infancia e ODS).
- Proporcionar soporte técnico e funcional á Dirección Xeral de Orzamentos no proceso de elaboración do proxecto de orzamento e do orzamento definitivo 2026.
- Novo sistema en CODEX para axilizar a tramitación das modificacións de crédito mediante xeración automática con IA. No tocante aos sistemas de xestión de fondos europeos, porase en funcionamento o novo sistema de información de xestión e certificación do novo período comunitario 2021-2027 e continuaremos coa súa evolución para dotalo da funcionalidade necesaria que permita a certificación de gastos.

No tocante aos sistemas de xestión de fondos europeos, porase en funcionamento o novo sistema de información de xestión e certificación do novo período comunitario 2021-2027 e continuarase coa súa evolución para dotalo da funcionalidade necesaria que permita a certificación de gastos. Neste período avanzarase na:

- Mellora do funcionamento de Fondos2127.
- Incorporación de carpeta de gastos e versionado de operacións/proxectos.
- Exportación de indicadores requiridos pola IGAE.

E **no ámbito da tesourería e do control de operacións e entidades financeiras** os traballos máis destacados serán:

- Posta en marcha do novo sistema de información GARANTA que dará soporte a xestión da Caixa Xeral de Depósitos.
- Inicio do desenvolvemento do novo sistema para o Rexistro de Distribuidores de Seguros.
- Desenvolvemento da tramitación electrónica completa da constitución de garantías en metálico en GARANTA.

→ Integración en GARANTA das ordes de cancelación de garantías.

2.2.3. Sistemas de contratación pública destacan as seguintes actividades

En canto a **novas funcionalidades ou servizos** que se incorporarán ou mellorarán en 2026 **nos sistemas de contratación pública**, salientar as seguintes:

→ Implantación de PLATION en todas as entidades e Consellerías dependentes da Xunta de Galicia.

→ Conversión de PLATION no repositorio de información de contratos do Sector Público autonómico.

→ Integración na tramitación da contratación entre o sistema de información contable (XUMCO), o sistema de información de contratación (Plation) e o sistema electrónico de facturación (SEF).

→ Obtención dos certificados de inscrición emitidos polo Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Calificadas do Sector Público.

→ Tramitación integral dos Sistemas dinámicos de adquisición o dos concursos de proxectos.

→ Vinculación automática entre contratos públicos e facturas asociadas.

→ Adaptación de SILEX a Linux e macOS.

→ Traspaso do Rexistro de Contratistas (RXC) a ROLECSP/ROLECE.

→ Evolución tecnolóxica xeral dos sistemas do Nodo de Contratación.

2.2.4. Sistemas vinculados ás nóminas dos empregados públicos e aos recursos humanos

En canto a novas funcionalidades ou servizos **no módulo da nómina**, salientar os seguintes:

→ Mellora da integración entre os Sistemas de Persoal e Breixo para que comuniquen a información relevante para o cálculo das súas nóminas.

→ Integración co sistema XESAC da Consellería de Política Social e Xuventude para o pago dos conceptos asociados ás turnicidades.

→ Evolución do módulo de centros concertados para dotalo das mesmas funcionalidades que ten a nómina de empregados públicos.

→ Nova aplicación para o cálculo do concerto dos centros educativos concertados.

→ Extensión de TAIS a máis procesos selectivos e xestión dos colaboradores.

→ Iniciar a xeración e sinatura de documentación asociada ás indemnizacións.

En canto á **evolución no sistemas de Información analítica**, cómpre destacar:

→ Finalización da incorporación de datos do SERGAS á nova versión da área de recursos humanos en SIAN.

→ Incorporación de información relativa a contratos.

- → Incorporación da capacidade de análise da información por determinados colectivos de interese.
- → Novo cadro de mando de RRHH.
- → Substitución completa dos informes do sistema antigo (SIAN_RHM) polos novos (SIAN_RHX).
- → Mellora do tratamento das situacións de BREIXO e incorporación de datos de ocupación, ausencias e tipos de persoal.

2.3. Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

O 2026 continuará coa **consolidación dos procesos de transformación sectorial** postos en marcha en exercicios anteriores, e incluídos nos plans de modernización tecnolóxica de varios ámbitos (transporte, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, servizos sociais, educación, sector primario, emprego), actuacións todas elas cun importante impacto nos distintos ámbitos funcionais da Xunta, en amplos sectores do tecido empresarial galego e na propia cidadanía galega:

2.3.1. Dixitalización do ensino galego

No ámbito da educación, ao longo de 2026 destacan estas acción previstas:

- → Dispoñer dunha **versión inicial da evolución de Abalar**, incorporando un apartado "**os meus trámites**" que permita xestionar procedementos administrativos de forma máis sinxela e integrada. Esta ferramenta posibilita o rexistro dos procedementos, o seguimento do estado dos expedientes e a presentación de requirimentos simplificados, incorporando ademais unha solución de sinatura dixital interna adaptada ao ámbito educativo.
- → Avanzar na creación dun conxunto de **ferramentas comúns para todo o ecosistema educativo**, centradas especialmente na unificación das notificacións, alertas e mensaxería interna. Estas ferramentas permiten centralizar as comunicacións, mellorar a coordinación entre axentes e ofrecer unha canle estable e recoñecible para a información relevante dirixida a centros, profesorado e familias.
- → Posta en marcha dunha **aplicación de acceso común** que evoluciona dende Abalar e que actúa como porta de entrada única segundo o perfil do usuario. Esta aplicación permite consultar procedementos abertos, coñecer o seu estado e acceder ás ferramentas transversais dispoñibles, cun deseño renovado e unha autenticación única que evita identificacións repetidas.
- → Despegue da **plataforma corporativa de analítica avanzada**, orientada a centralizar datos e facilitar a súa explotación. O obxectivo é dispoñer de cadros de mando e sistemas de análise que permitan unha visión máis completa da actividade educativa e do profesorado, apoiando a planificación e a avaliación das políticas públicas.
- → No ámbito da **identidade dixital**, contémplase o desenvolvemento dun sistema común de xestión de datos persoais que mellore a calidade da información, evite duplicidades e permita unha xestión máis fiable das altas de usuarios. Este traballo alíñase coa dotación de tarxetas de identificación ao profesorado previsto pola Consellería de Educación, e implantarase mediante a realización de pilotos de autenticación de dobre factor e sinatura electrónica.
- → Ao longo de 2026 continuarase coa **dixitalización dun amplo conxunto de protocolos educativos**, como os relacionados coa convivencia, o absentismo, as reclamacións de

cualificacións, a atención á diversidade ou os permisos do profesorado. Ademais, consolídanse servizos xa existentes, como a matrícula en liña na súa segunda fase ou Abalar Móbil, que incorpora novas funcionalidades e reforza o seu papel como canle de comunicación coas familias.

2.3.2. Programa Dixital da Política Social

No tocante á modernización dos servizos sociais, durante o 2026 continuarase a dar soporte, mantemento e evolución ao conxunto de sistemas de información para a xestión dos distintos eidos de xestión da política social da Xunta de Galicia. A destacar a actividade prevista nos seguintes ámbitos:

- Porase especial foco nos requisitos de evolución dos **sistemas de información da dependencia e da discapacidade** para consolidar o soporte aos cambios normativos introducidos en ambos procedementos relacionados coa posibilidade de solicitude e tramitación conxunta.
- Dentro dos traballos de execución da actual fase do proxecto de desenvolvemento e implantación da **Historia Social Única Electrónica** (**HSUE**), continuarase a avanzar co despregue progresivo da renovación da **ferramenta SIUSSGAL** no ámbito dos servizos sociais comunitarios (concellos).
- Na área de familia, incidirase na consolidación da aplicación informática posta en marcha para o soporte do **Rexistro de familias monoparentais**, incorporando novos servizos de Administración electrónica (servizo de consulta en Pasaxe; posibilidade de descarga do certificado acreditativo a través de medios electrónicos).
- No ámbito dos centros residenciais de xestión propia, implantarase a solución corporativa de **comunicación do residente coa enfermería na residencia de maiores de Campolongo**.
- Continuarase coa execución da activación da sincronización cos sistemas de información da sanidade pública do **censo de persoas residentes** en centros residenciais de maiores e discapacitados.

2.3.3. Plan de transporte e mobilidade dixital: e-mobility

Durante este ano, e dentro das medidas contidas no Plan de mellora tecnolóxica neste ámbito, levaranse a cabo diversas actuacións que permitirán unha mellora relación co sector, con outras administracións e coa cidadanía.

Entre outras, cómpre destacar actuacións como:

- Desenvolver un **sistema de xestión integral dos estudos e proxectos sobre a Rede Autonómica de Estradas de Galicia (P_SIXPE)**. No 2026 está prevista a posta en marcha da primeira versión funcional do módulo público, do módulo de xestión de expedientes e do visor de información xeográfica (SIX).
- Elaborar os pregos para a **contratación dun sistema** que permita o **inventario automatizado dos elementos da estrada**. O inicio desta actuación está supeditada á sinatura dun convenio de colaboración coa AXI para o seu financiamento.
- No eido dos sistemas de información e xestión intelixente da mobilidade, destacan as seguintes actuacións: Mantemento e evolutivo do **cadro de mando de Xente Nova** e dos informes analíticos dispoñibles na ferramenta **ITS SUITE do proxecto SAEGAL** que permiten

a explotación da información recibida no SAE en tempo real a través do protocolo estándar RTIG; mellora funcional do **proxecto QaSAE**, destinado á avaliación da calidade das estimacións de paso por parada dos autobuses en tempo real (cálculo do ETA); a migración á plataforma corporativa de BI dos cadros de mando de transporte público relativos a concellos; análise e definición dun **xemelo dixital de transporte público** orientado á representación virtual e dinámica da operación real do servizo; elaboración dos pregos para a contratación dunha nova plataforma tecnolóxica que permita un transporte rural regular (esta plataforma permitiría tamén xestionar o **Servizo Galego de Mobilidade Persoal (SGMAP)** dirixido a persoas dependentes ou con mobilidade reducida).

- No que respecta ao desenvolvemento e soporte dun sistema integral de xestión e tramitación da oferta de transporte público e a súa oficina virtual (OTRANS), levarase a cabo melloras no módulo de facturación ou a xestión integral dos contratos de servizos de transporte regular de uso especial (escolar centros públicos). Completarase o desenvolvemento e **implantación do módulo para a xestión e facturación dos servizos de interese municipal (SIMU)**. Evolucionarase o módulo de alertas meteorolóxicas cara a un sistema xenérico e reutilizable de xestión de alertas para a comunicación de incidencias no transporte.
- Desenvolver a tramitación electrónica das solicitudes de **aplicación de descontos en MoBT** das persoas usuarias con dereito a bonificacións no prezo do billete, mediante unha actuación administrativa automatizada (AAA), garantindo a comunicación automática dos descontos habilitados á plataforma MoBT.
- No tocante á modernización dos sistemas de pago no transporte público, entre outras medidas, continuarase co soporte da **solución QR Xente Nova** e coa execución do contrato mixto de subministración, deseño, desenvolvemento, implantación, soporte, mantemento e operación da plataforma galega de mobilidade 4.0 e da oficina técnica para a súa supervisión e dirección. Neste proxecto denominado MoBT acadaranse en 2026 os seguintes fitos: publicarase o novo portal **web MoBT** que inclúe un planificador multimodal avanzado coa posibilidade de reserva de servizos baixo demanda e a xestión da conta ABT. Habilitarase o traspaso de saldo das tarxetas TMG e Xente Nova ás contas MoBT, así como permitir a recarga de saldo das contas MoBT mediante a da rede de caixeiros de Abanca. Permitirase a **obtención da certificación EMV Transit nivel 3 (L3)**, a habilitación do modo de pagamento postpago ou a extensión do pago ABT en MoBT a todos os contratos de transporte público regular de uso xeral, habilitando o seu uso tanto mediante móbil como mediante a nova tarxeta.
- No eido das melloras dos sistemas de información ao usuario, levarase a cabo a coordinación e seguimento da **integración dos SAEs locais** dos concesionarios de contratos de transporte regular de uso xeral no SAE da Xunta de Galicia (SAEGAL) ou a licitación e adxudicación do **novo contrato de desenvolvemento de novas funcionalidades** no SAEGAL. Publicarase na APP móbil MoBT o posicionamento en tempo real dos autobuses e estimacións de chegada ás paradas para mellorar a información ás persoas usuarias.
- Outras medidas a conseguir son: o inicio do desenvolvemento do **portal de mobilidade de Galicia** que integre os contidos en materia de mobilidade do portal da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, do **portal tmg.xunta.gal** e do **portal bus.gal** e o evolutivo do observatorio de custos do transporte de mercadorías por estrada dentro da comunidade autónoma de Galicia (**OTRAME**).

2.3.4. Desenvolvemento de instrumentos de xestión e difusión relacionados co sector agropecuario, co desenvolvemento rural e coa xestión dos fondos europeos agrícolas

Traballarase no desenvolvemento, posta en marcha e consolidación de sistemas de información que permitan unha xestión máis eficiente dos recursos dispoñibles neste ámbito, e unha mellor relación co sector e coa cidadanía, salientando as seguintes actuacións:

- → Evolución transversal dos módulos de **xestión de catálogos** (**SIGAN**), **seguridade alimentaria do sector animal** (**SEGAL**), **rexistro de explotacións gandeiras** (**REGAN**) e **inspeccións e controis sanitarios** (**INGAN**), centrada na actualización funcional, a simplificación da súa arquitectura tecnolóxica, a renovación dos mecanismos de xestión documental e no fortalecemento da súa integración cos compoñentes corporativos.
- → No **módulo de movementos de gandaría** (**MOGAN**), consolidarase no ano 2026 a implantación do sistema posto en marcha a finais de 2025, reforzando o equipo de traballo, priorizando e planificando a atención dos cambios e melloras identificados, garantindo a adecuada atención das tarefas e incorporando as melloras necesarias para asegurar un funcionamento eficiente e estable.
- → No **sistema de xestión da información MATGAN** identifícase para o ano 2026 o desenvolvemento da funcionalidade de xestión dos sacrificios de especies diferentes ao bovino, coma pequenos ruminantes, equinos e porcinos.
- → Abordaranse diversas melloras destinadas a ampliar e optimizar as capacidades do sistema de información para a xestión das actuacións en campo das campañas de saneamento gandeiro (**FICADI**).
- → Ampliar as capacidades do sistema para facilitar a xestión das **axudas ás agrupacións de apicultores**, reforzar os mecanismos de control administrativo e mellorar a dispoñibilidade de información para a toma de decisións.
- → En relación co sistema que dá soporte ás actividades de xestión dos ensaios e mostras analizados nos distintos Laboratorios de Sanidade e Produción Animal de Galicia (**MARIS**), a evolución prevista para o ano 2026 terá como eixo principal a modernización tecnolóxica da plataforma e a incorporación de melloras funcionais.
- → Consolidación das funcionalidades da **Oficina Virtual de Gandaría** (**OVGAN**) como plataforma accesible tanto desde escritorio como desde aplicación móbil, que permite aos titulares de explotacións realizar consultas e xestións administrativas directamente en liña, evitando desprazamentos e facilitando o acceso aos trámites gandeiros de forma áxil e segura.
- → En relación ao **Rexistro de Explotacións Agrarias**, continuarase co proceso de transición ordenada desde o sistema **REAGA** cara ao novo modelo **REXAGA**. O plan de traballo neste ámbito contempla a migración progresiva de módulos e unha convivencia temporal entre ambos sistemas, garantindo en todo momento que os trámites e consultas relacionados co Rexistro de Explotacións Agrarias se manteñan plenamente operativos
- → Abordarase a evolución funcional e técnica orientada a reforzar a interoperabilidade e a capacidade de análise que se pode desenvolver no sistema **REXCUE** (**rexistro dos cadernos de explotación**).
- → Reforzaranse as capacidades operativas e de control do visor agroforestal do **Observatorio de Parcelas** (**OPA**), así como en ampliar a súa utilidade para a xestión responsable das explotacións.

- Levaranse a cabo actuacións orientadas a modernizar o **Rexistro Vitícola** (**REXVIT**), reforzar a súa consistencia, impulsar a xestión gráfica e facilitar a tramitación electrónica, creando un novo sistema de xestión.
- No referente ao **sistema XEAGA** no 2026 a evolución diríxese na súa consolidación como plataforma integral de xestión da explotación agraria, actuando como fiestra dixital para o produtor e como canle centralizada de relación electrónica coa Administración.
- No sistema que facilita a levanza do **rexistro de contabilidade vitivinícola** para o cumprimento das obrigas de rexistro e declaración de prácticas (ACIOS), traballarase na súa adaptación ao novo marco normativo derivado do Decreto que será publicado nos vindeiros meses, garantindo que a aplicación dea resposta de maneira efectiva ás novas obrigas legais.
- Abordaranse distintas melloras do **sistema de xestión das axudas destinadas a melloras estruturais en explotacións agrícolas** (MELLES).
- No ámbito da xestión das axudas da **Política Agraria Común** (**PAC**), ao longo do ano 2026 impulsarase a modernización e evolución dos diferentes sistemas co fin de acadar unha xestión máis eficiente e plenamente adaptada aos requirimentos do período 2023 2027 (PEPAC), así como de garantir o cumprimento das obrigas en materia de seguridade da información establecidas pola Comisión Europea.
- Traballarase en garantir a adaptación normativa do **sistema de soporte da información contable dos fondos agrarios en Galicia** (**SICOP**), mellorar a interoperabilidade con sistemas externos e reforzar a capacidade de xestión e control dos pagos e recuperacións no ámbito do Organismo Pagador.
- En relación a proxectos futuros, está pendente a toma de decisión no 2026 sobre o arranque e inicio dos sistemas: **Xestión de axudas de industrias agroalimentarias** e **Rexistro de embotelladores e Inspeccións de Fraude de Calidade**.

2.3.5. Evolución dos sistemas de xestión de incendios e de ordenación do sector forestal

- Levarase a cabo o mantemento do **sistema INVEGA** como plataforma de referencia para a xestión do inventario forestal: optimización da xestión do inventario e mellora da calidade e explotación dos datos.
- Evolucionarase o **sistema FORTRA** para a ampliación de funcionalidades, adaptación a contornas web e móbil, integración de novos ámbitos, mellora da trazabilidade, da análise ambiental e do acceso á información. Darase ademais soporte ás empresas usuarias do sistema.
- Traballarase no mantemento e adaptación á convocatoria do 2026 do sistema XERAXE, para a xestión integral, interoperable e eficiente dos expedientes de axudas ao longo de todo o seu ciclo de vida.
- Estudarase e implantación, no seu caso, para a análise integrada no sistema REPAXU da información das diferentes liñas de axuda xestionada pola XERA (información actual e información histórica).

2.3.6. Ferramentas estratéxicas transversais na Consellería do Medio Rural

No eido dos sistemas transversais para a xestión integrada da información e as ferramentas de comunicación coa Consellería de Medio Rural:

- Para o ano 2026, está prevista a evolución de cada un dos sistemas e compoñentes que conforma a **Plataforma Agroforestal de Galicia (PDAGRO)**.
- Avanzarase cara a migración á infraestrutura corporativa, baseada en Power BI, dos **Indicadores, cadros de mando e datos estatísticos no ámbito da Consellería do Medio Rural**. Desenvolverase a análise para a construción dun Observatorio de Prezos da Cadea Alimentaria.
- Está prevista a evolución do **repositorio de axudas e expedientes (REPAXU)** coa incorporación estruturada da información específica das distintas liñas de axuda xestionadas a través da ferramenta corporativa TRAMITA, garantindo a coherencia dos datos ao longo de todo o ciclo de vida dos expedientes e reforzando a súa trazabilidade e consistencia. Así mesmo, inclúese a execución de melloras e novos desenvolvementos funcionais necesarios para dar soporte á integración e á actualización das liñas de axuda.
- Prevese a evolución do **visor e editor XIS (EDISIX)** orientada a reforzar o seu papel como compoñente corporativo de visualización e xestión da información xeográfica, ampliando o seu ámbito de uso e mellorando as súas capacidades funcionais. Neste sentido, está prevista a súa implantación como visor GIS nun maior número de SISTEMAS e a incorporación de novas funcionalidades orientadas a incrementar a flexibilidade e autonomía dos usuarios.
- No que atinxe aos **servizos de inspección en mobilidade**, a plataforma **HUBINS** seguirá evolucionando co obxectivo de mellorar a consulta e edición das inspeccións e de ampliar a configuración dinámica dos distintos tipos de control, incluíndo capacidades de edición gráfica asociadas ás definicións de inspección.
- No referente ao **Plan Estratéxico da PAC** (PEPAC), o sistema de **xestión de indicadores do PDR** reforzará as súas capacidades analíticas e de explotación de datos para responder ás necesidades do PEPAC, co obxectivo de mellorar o rigor das análises e a eficiencia na toma de decisións, manterase actualizado e adaptado ás esixencias normativas e reducir tarefas manuais, cara un modelo máis autónomo e preparado para novas demandas analíticas e operativas.
- Ao longo do ano 2026 desenvolveranse distintas actuacións de mellora nas seccións que integran o **portal institucional da Consellería do Medio Rural** (https://mediorural.xunta.gal) e a **Oficina Virtual do Medio Rural** (https://ovmediorural.xunta.gal), así como intervencións de mellora en distintos portais específicos dos diferentes ámbitos da Consellería.

2.3.7. Impulso da xestión telemática no ámbito pesqueiro, da trazabilidade e a comercialización e a formación no sector do mar

- En canto á **Plataforma Tecnolóxica de Pesca (PTP)**, as actuacións máis destacadas serán:
  - Finalización do proceso de migración tecnolóxica das aplicacións da plataforma eliminando as existentes sobre Xava 11, plataforma .NET e as aplicacións de escritorio.
  - Continuación da liña de posta a disposición dos distintos sistemas de información de facilidades para a simplificación dos procesos administrativos.

- Evolución dos contidos existentes no marco da Plataforma de Pesca coa incorporación de novas informacións de interese: captura de datos dos puntos de control, deseño de novos documentos telemáticos, etc.
- Pilotaxe de novos servizos no sistema MOVTIC relacionados coa integración do sistema de pesada.

→ No marco do **proxecto Lonxas Galegas 4.0**:

- Finalización da segunda fase de implantación, coa incorporación de O Grove.
- Adaptacións con motivo da entrada en vigor do Regulamento UE 2023/2842.
- Adaptación a xestión dos excedentes de cota con motivo da nova regulación.
- Portal promocional: configuración e posta en marcha, ampliación para facilitar a compra a través da Web e incorporación de contidos do portal común.
- Integración da información de mareas nos procesos de pesada.
- Deseño e desenvolvemento da solución de poxa para lonxas virtuais.
- Integración de imaxes e vídeo nos procesos de comercialización.
- Eliminación progresiva das poxas con servidor local de pasarela.
- Finalización do desenvolvemento da migración tecnolóxica do proxecto a un desenvolvemento a medida.
- Inicio da fase de implantación da nova solución nas entidades do proxecto.
- Seguimento da evolución das modificacións no sistema Verifactu.
- Implantación do portal Web da entidade nas entidades incorporadas na segunda fase do proxecto.
- Análise da Integración para automatizar información doutras entidades (Seg Social, Capitanías,...).

2.3.8. Mellora tecnolóxica do ámbito medio ambiental e do territorio

No ámbito medioambiental, ao longo do presente exercicio destacan as seguintes accións previstas:

→ Executar un novo proxecto para o desenvolvemento de **novas funcionalidades**, soporte e mantemento das aplicacións para a difusión á cidadanía da información meteorolóxica de **MeteoGalicia**.

Están previstos, entre outros, os seguintes desenvolvementos: Evolución dos visores que compoñen o portal para dotalos de novas funcionalidades; renovación do sistema interno de xestión ou intranet de Meteogalicia para a súa adaptación ao novo portal de MeteoGalicia; renovación da aplicación que empregan as pantallas instaladas en varias poboacións da comunidade coa información meteorolóxica (**sistema XIBO**); desenvolvemento de novas seccións no portal e nas aplicacións móbiles (iOS e Android) que permitan á cidadanía consultar valores en tempo real ("**meteoroloxía en directo**") e consultar información adaptada ao eido agrario ("**agrometeoroloxía**"); sistema de Información de avisos de calidade do aire no portal e nas aplicacións ou a Creación dun novo apartado nas aplicacións para publicar información meteorolóxica dos Camiños de Santiago.

- Xestión e seguimento de proxectos en materia de meteoroloxía e calidade do aire, e a súa adaptación e migración á infraestrutura corporativa da Amtega, estimando migrar o 50% das aplicacións e un 50% das bases de datos de Meteogalicia.
- Desenvolver un novo **Portal de Acción Climática**.
- Mantemento e soporte dos portais Web relacionados co cambio climático, como o da Alianza Galega polo Clima, que xa conta con 251 entidades adheridas, ou o do Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía, con 287 concellos rexistrados.
- Mantemento e soporte da aplicación **OraLIMS** que permite ao Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia (**LMAG**) a xestión das súas funcións de rexistro das mostras recibidas e da aplicación **MACINV**, para o almacenamento, rexistro e explotación da información de análise de presenza de macroinvertebrados das mostras que xestiona o LMAG.
- Desenvolver o novo **Portal de Ordenación do Litoral e do Rexistro de Ordenación do Litoral**
- Adaptar e migrar á infraestrutura corporativa da Amtega da **aplicación Cogama** (aplicación que xestiona as reunións do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible - COGAMAMDS).
- Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte aos sistemas de información de xestión da conservación da biodiversidade e da xestión dos recursos cinexéticos e piscícolas de Galicia. Sistemas como: **XESCOP**, **LICAPE**, **XILAX**, o Rexistro Galego de Identificación de animais de compañía (**REGIAC**), o Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos (**REGANUZ**) ou o portal do proxecto BIOS.
- Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte aos sistemas de información de xestión da conservación e promoción do patrimonio natural de Galicia..
- Está prevista a execución do **novo proxecto para o desenvolvemento de novas funcionalidades na plataforma GaIA** relacionadas co tratamento e xestión de Residuos ou a integración da información dispersa en aplicacións legacy. Está prevista a creación de novos módulos así como a evolución dos xa existentes.
- Posta en produción dun **novo portal Web para GaIA**, cun novo deseño e plataforma tecnolóxica, que centralice a información medioambiental aínda dispersa noutros portais.
- **Probas de concepto para casos de uso de IA**: análise intelixente na xestión de traslados de residuos, sistema de apoio á toma de decisións na xestión de residuos baseadas en datos e sistema de priorización de inspeccións ambientais a entidades de xestión de residuos.

2.3.9. Evolución dos servizos dixitais no ámbito da vivenda.

No ámbito da vivenda, ao longo do 2026 levaranse a cabo actividades como:

- Desenvolver **novas funcionalidades** para mellorar os sistemas de tramitación electrónica de expedientes e actualizar tecnoloxicamente as plataformas e aplicacións como **PREVI**, **PROFIA**, **IGVSAL** ou **RECASA** completando, entre outras medidas, a súa integración con ARPAD e Portasinaturas.
- Identificar, analizar e implementar **casos de uso con RPA** (automatización robótica de procesos).

- Continuarase co desenvolvemento de novos sistemas ou adaptación e ampliación dos existentes para a xestión das seguintes liñas de axuda vinculadas ao Plan Estatal de Vivenda 2026-2030: **Bono alugueiro mocidade** e **Axudas ao alugueiro de vivenda** (tramitadas a través da aplicación IGVSAL), **Bono prestación alugueiro social para colectivos vulnerables** (aplicación ALUGA), **Rehabilitación de edificios e mellora de accesibilidade en edificios e vivendas** (aplicación REDEP) e as axuda para **Áreas de renovación e rexeneración urbanas ARRUS** (AREGUR) e a **Promoción de vivenda**.
- Evolucionar a **Plataforma Electrónica Integral de Vivenda e Solo (PLAVIS)**. Para 2026 están previstas actuacións para mellorar funcionalmente e ampliar a integración entre os distintos módulos da plataforma ou ampliar a integración con Notifica coa funcionalidade de notificación por remesas. Publicar unha **primeira versión da plataforma transversal SIX**, que integrará a información xeorreferenciada dos diferentes módulos de PLAVIS. Inicio do desenvolvemento do módulo de IBI e taxas. Análise da aplicación de RPA na automatización das entradas de solicitudes recibidas por rexistro para o Rexistro de Demandantes. Análise de casos de uso de aplicación de IA no ámbito do solo residencial recollidos no Programa Galego de IA.
- Desenvolver, mellorar e **evolucionar os módulos e aplicacións** para o traballo das diferentes áreas do IGVS, como a aplicación **IGVMVA**. Medidas como: xestión dun novo procedemento de subvencións para adquisición de vivenda ou novo procedemento de axudas vinculadas ao programa Fogar Vivo.
- Incorporar melloras funcionais no **Rexistro Único de Laboratorios e Entidades de Control de Calidade da Edificación de Galicia** (RELAGA). Incorporar un código QR no certificado que permita comprobar o estado do trámite no Rexistro Galego de Informes de Avaliación de Edificios (**HERIAE** e **REGIAE**).
- Estudar a viabilidade de utilizar a aplicación **IGVSFC** para o Fondo de cooperación.
- Migrar a Oracle 19c do **Punto Neutro IGVSIS** e do aplicativo para o envío de SMS e correos electrónicos (**IGVSEC**).
- Finalizar o desenvolvemento da **aplicación IGVSBI_BI** para substituír o PowerCenter actualmente en funcionamento (xa obsoleto).

2.3.10. Mellora tecnolóxica dos servizos do Servizo Público de Emprego de Galicia.

No ámbito do emprego, ao longo do 2026 destacan as seguintes actividades:

- Evolucionar e establecer **novas canles nos sistemas de información que dan soporte á xestión da intermediación laboral (SICAS)**, incluindo a migración da capa frontal ou cliente de SICAS a tecnoloxía web (XEMI) ou a xestión do sistema de asinado de documentación (contrato de compra de tabletas de sinaturas, así como outros sistemas remotos de sinatura integrados en SICAS e ORNSOA).
- **Migrar tecnoloxicamente** o aplicativo **MOBEM** cun cambio de interface.
- Xestión do contrato de **compra de 170 totems** ou puntos de información financiados con fondos FEADER para instalar en concellos.
- Crear un **asistente conversacional** dentro do portal do demandante para resolución de problemas funcionais.

- Evolucionar os sistemas de información que dan soporte á S.X. das Cualificacións e Capacidades para o Emprego.
- Evolucionar os sistemas de información de **xestión da orientación laboral**, con novos servizos de integración con SICAS ou Quenda.
- Desenvolver modelos de **avaliación do emprego en Galicia** e axuda á toma de decisións coa posta en produción de cadros de mando.
- Establecer as novas funcionalidades nos sistemas de información de **xestión da formación**: inclúense medidas como a migración tecnolóxica dos módulos da aplicación de xestión do CNTG, a modernización tecnolóxica do portal do CNTG, a integración de COBIPE e XuntaEU ou a evolución tecnolóxica de SIFO3.
- Evolucionar os sistemas de información do **ámbito da SX de emprego e relacións laborais** con medidas como a integración da xestión de cooperativas con ARPAD ou melloras na aplicación de xestión de cooperativas COCESO.
- Evolucionar a **ferramenta EMI** para incorporar novos evolutivos e novas capacidades de IA, a súa integración con SICAS, ou o desenvolvemento da app responsive (EMI-APP) embebida en MOBEM.

2.3.11. Melloras para a xestión dixital do transporte e das infraestruturas viarias.

As principais liñas de actuación van dirixidas a fomentar unha administración dixital, a dixitalización da estrada e a súa contorna e o desenvolvemento de novas ferramentas de xestión.

No ano 2026 establécense como liñas xerais de actuación:

- Evolucionar e integrar os **sistemas de información de xestión das infraestruturas viarias** de Galicia.
- Desenvolver e implantar novas funcionalidades nos **sistemas de tramitación e rexistro de autorizacións**.
- Realizar a **xestión integral da rede de estradas** de Galicia.

2.3.12. Plan para a xestión dixital do Medio Ambiente e do territorio.

Este plan recolle un conxunto de actuación dirixidas a mellorar a xestión do medio ambiente e do territorio a través do desenvolvemento de novas funcionalidades e servizos tecnolóxicos nos sistemas de información e xestión da Xunta de Galicia.

No ano 2026 cómpre destacar:

- Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte aos **sistemas de información de ordenación do territorio e urbanismo**.
- Pór en marcha unha **plataforma urbanística dixital** de Galicia.

2.4. Sociedade Dixital

2.4.1. Plan DigiTalent 2030: Camiña en Dixital, para o impulso da Inclusión, Capacitación e Talento Dixital en Galicia

Ao longo do ano 2026 **continuarase desenvolvendo o Plan DigiTalent 2030: Camiña en Dixital**, unha iniciativa orientada a reforzar a inclusión, a capacitación e o desenvolvemento do talento dixital en Galicia.

Este Plan **intégrase nos obxectivos marcados pola Estratexia Galicia Dixital 2030**, especialmente no seu Eixe de Sociedade Dixital e Inclusiva, que persegue dotar á cidadanía das competencias necesarias para participar con autonomía e garantías na contorna dixital. Así mesmo, conecta co Eixe transversal de Especialización Tecnolóxica, que contempla, entre as súas liñas de actuación, a promoción e fortalecemento do talento dixital, co fin de asegurar a existencia dun tecido profesional cualificado capaz de afrontar os desafíos da transformación dixital en Galicia.

Para acadar estes obxectivos, o Plan estrutúrase ao redor de **tres grandes liñas de actuación**:

- **Eixe I: Redución da fenda dixital**, promovendo a igualdade de oportunidades e facilitando o acceso da cidadanía a servizos dixitais cada vez máis avanzados.
- **Eixe II: Mellora das competencias dixitais profesionais**, fomentando a adaptación continua dos perfís laborais ás esixencias derivadas da evolución tecnolóxica.
- **Eixe III: Promoción das vocacións e do talento dixital**, impulsando a formación avanzada e prestando especial atención á diminución da fenda de xénero no ámbito tecnolóxico.

O conxunto das **medidas e actuacións a desenvolver durante o 2026** no marco do Plan DigiTalent 2030 e do Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT **incidirán directamente na consecución dos seguintes obxectivos**:

- **Promover a alfabetización dixital e o desenvolvemento das competencias e destrezas tecnolóxicas da cidadanía**, facendo especial fincapé nos colectivos máis vulnerables e no ámbito rural, co obxectivo de reforzar a súa autonomía e facilitar o acceso ás oportunidades derivadas da transformación dixital. Isto levarase a cabo mediante accións formativas tanto presenciais como en liña a través da Rede CeMIT, do Programa de Voluntariado Dixital, así como coa participación e colaboración da rede de entidades aliadas e axentes impulsores do ámbito dixital.
- **Abordar a fenda dixital na poboación de maior idade mediante o desenvolvemento e reforzo das competencias dixitais**, co fin de garantir un acceso efectivo aos servizos públicos dixitais, así como de ferramentas e solucións tecnolóxicas orientadas á mellora da autonomía persoal, ao fomento do envellecemento activo, ao fortalecemento da seguridade dixital e ao incremento da calidade de vida.
- **Fomentar accións de formación e os procesos de certificación en competencias dixitais dirixidos á cidadanía galega**, tomando como referencia o Marco Galego de Competencias Dixitais.
- **Favorecer a detección e o desenvolvemento temperán do talento dixital**, impulsando as vocacións tecnolóxicas entre a poboación máis nova e fortalecendo as súas capacidades e habilidades no ámbito tecnolóxico.

- **Potenciar a participación das mulleres no sector dixital**, promovendo a diminución da fenda de xénero e apoiando o incremento da presenza feminina en estudos técnicos e en profesións científico-tecnolóxicas.
- **Impulsar a creación, fidelización e captación de talento dixital especializado**, facendo fincapé nas tecnoloxías disruptivas, así como fortalecer as competencias dixitais dos profesionais de ámbitos non tecnolóxicos, co obxectivo de favorecer a colaboración e as sinerxías entre sectores.
- **Executar actuacións derivadas do Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT** baixo o marco de relación e colaboración coas entidades locais e a Federación Galega de Municipios e Provincias, mediante a dotación de medios e servizos para a súa conversión nunha rede de centros de referencia e soporte transversal aos obxectivos do Plan DigiTalent 2030.

2.4.2. Impulso á Empresa Dixital

O principal obxectivo deste programa é **reforzar a competitividade do tecido empresarial galego, en particular das pemes,** promovendo a adopción das novas tecnoloxías e favorecendo así o aproveitamento por parte do tecido produtivo do impulso da dixitalización.

Neste sentido, no 2026 levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- **Definición e licitación**, no seu caso, **de novos programas para o impulso para a reactivación dixital nas pemes**, ofrecendo servizos aliñados coas novas tendencias dixitais incluíndo tamén servizos de capacitación ó corpo directivo e propietarios das empresas para fomentar a tendencia innovadora e promover a inversión en tendencias dixitais creando así un tecido empresarial galego con adaptabilidade ao cambio.

2.4.3. Software Libre

Durante o ano 2026 a **Oficina de Software Libre** continuará desenvolvendo actuacións orientadas á promoción, difusión e adopción do software libre no ámbito das administracións públicas, da cidadanía, do tecido empresarial e da comunidade tecnolóxica e formativa de Galicia.

As liñas de traballo manterán unha orientación de continuidade con respecto a exercicios anteriores, reforzando a xeración e difusión de contidos, as accións formativas e a dinamización do ecosistema, e incorporando novos espazos e formatos de participación orientados á experimentación, á capacitación e á innovación aberta.

- **Reutilización de software libre na administración pública** para o desenvolvemento de novos servizos achegando aos responsables TIC casos de éxito doutras administracións públicas. En consonancia coas políticas europeas en materia de estándares e software de fontes abertas, levarase a cabo unha vixilancia estratéxica que permita identificar casos de éxito, sinerxías e liñas de actuación, fomentando a reutilización de solucións de interese, así como a difusión das iniciativas propias.
- A **creación de contido divulgativo e formativo** seguirá sendo un dos piares fundamentais na promoción e fomento do uso do software libre. Contidos adaptados aos tempos e aos públicos obxectivos.
- O **portal Mancomún** seguirá a ser o nodo central e punto de encontro das iniciativas de software libre en Galicia.

→ Difusión e impulso da **oferta das solucións TIC con licenza libre para as empresas**, mantendo a colaboración cos axentes do ecosistema do Software Libre galegos, para acadar un tecido empresarial e cidadanía 100% dixital.

O carácter innovador do software libre será unha ferramenta fundamental para a converxencia tecnolóxica, a explotación dos datos como materia prima e a implantación das novas tecnoloxías emerxentes.

2.4.4. Adopción de tecnoloxías disruptivas

As actuacións no marco deste programa perseguen **contribuír ao desenvolvemento das capacidades rexionais en torno ás novas tendencias tecnolóxicas**, no ámbito público e privado, e fomentar o liderado da Administración na adopción de tecnoloxías emerxentes para dar resposta aos novos retos da sociedade.

Perseguindo este obxectivo **continuarase a traballar no ecosistema GobTec**, deseñado para impulsar o uso de tecnoloxías avanzadas no sector público autonómico galego a través da incorporación de solucións dixitais innovadoras baseadas en tecnoloxías disruptivas. A consolidación do Espazo GobTec orientará as súas actuacións no **reforzo do ecosistema de innovación tecnolóxica galego**, promovendo o desenvolvemento de capacidades rexionais arredor das tecnoloxías emerxentes tanto no ámbito público como no privado.

Neste marco, priorizarase:

→ O impulso **á adopción de solucións dixitais innovadoras baseadas en novas tecnoloxías que permitan dar resposta aos novos retos e mellorar os servizos públicos**. Para iso, traballarase na dinamización do ecosistema GobTec mediante a identificación e lanzamento de novos retos tecnolóxicos, así como no mantemento dun servizo de apoio técnico especializado encargado da coordinación, seguimento e impulso das iniciativas desenvolvidas dentro do espazo.

As actuacións contribuirán a consolidar o papel da Administración galega como motor de impulso à innovación tecnolóxica na rexión.

2.4.5. Plan de impulso ao GaiásTech

O GaiásTech é unha iniciativa desenvolvida pola AMTEGA e recollida na Estratexia Galicia Dixital 2030, como instrumento de apoio á especialización tecnolóxica.

O seu **obxectivo principal é lograr a transformación dixital do tecido produtivo galego**, xerando produtos, servizos e solucións cunha impronta tecnolóxica, que aporten máis valor, con modelos de negocio innovadores e competitivos globalmente.

O **GaiásTech é un espazo de innovación aberto** para aqueles que teñan a capacidade de transformar a nosa comunidade. Conta con instalacións e equipamentos específicos, creando un entorno propicio para a confluencia de talento, emprendemento, innovación e xestión empresarial coas que construír novas propostas empresariais.

O Centro está configurado coma un **espazo colaborativo entre emprendedores**, comunidade científica, empresas e cidadanía, sendo o seu obxectivo aglutinar esforzos nos que poden traballar diversos axentes e institucións co fin de lograr unha aplicación máis eficiente dos recursos invertidos e proporcionar un servizo de maior calidade a nosa sociedade.

2.4.6. Infraestruturas de banda larga

Galicia leva máis de 15 anos traballando no despregamento de redes de telecomunicacións, primeiro a través do Plan de Banda Larga 2010-2013, posteriormente co Plan de Banda Larga 2020 e mais recentemente cos fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

A este respecto, co primeiro Plan, xa no ano 2014 conseguiuse acadar unha Comunidade plenamente conectada, con posibilidade de acceso á banda larga de cando menos 2Mbps, e que a metade da poboación dispoña de cobertura de redes de nova xeración de ata 200Mbps.

Posteriormente, grazas ao Plan de Banda Larga 2020, dotouse de cobertura a 81 polígonos que, contando cos que xa dispoñían da mesma, fan que un total do 93% da superficie empresarial total de Galicia conte con cobertura de fibra óptica. Así mesmo, concedéronse axudas a un total de máis de 80 empresas illadas ás que se dotou de servizos de entre 30 e 600Mbps. E no eido da cidadanía, complementáronse os despregamentos levados a cabo polo Ministerio dotando de cobertura de máis de 100Mbps a 74.400 veciños de 181 concellos das catro provincias galegas.

Compre salientar que actualmente **é o Goberno de España o que ademais de contar coa competencia, conta cunha capacidade de investimento inédita para dar resposta aos retos da conectividade**, especialmente no ámbito rural.

O **Programa de Universalización de Infraestruturas Dixitais para a Cohesión (Programa UNICO)** é o instrumento a través do cal o Goberno de España puxo en marcha as iniciativas coas que se pretendía acadar os obxectivos 2025 establecidos por Europa, entre os que se atopan: acadar ao 100% da poboación con cobertura de 100Mbps, dotar de 1Gbps ao principais motores socioeconómicos e estender as novas redes 5G en vías de transporte e cidades.

Dos máis de 4.000 millóns de euros dos que dispoñía o Goberno de España, tan só sé transferiron a Galicia 22 millóns de euros que se empregaron para a posta en marcha de medidas xa predefinidas polo Estado.

No eido da conectividade, a Xunta de Galicia puxo en marcha xa no ano 2022 ditas actuacións predefinidas polo Estado nas que se estivo a traballar ata o ano 2025.

Concretamente, no referente á actuación de bonos para a conectividade de colectivos vulnerables, tras as convocatorias levadas a cabo en 2022, 2023 e 2024, levarase a cabo no 2026 a xestión e o pagamento das últimas xustificacións de facturas presentadas polas entidades colaboradoras.

En canto a polígonos, salientar que en 2024 iniciouse o período de explotación da rede por parte do operador Telefónica, que continuará no ano 2026. Nesta fase levaranse a cabo tarefas continuas de seguimento e control da explotación da rede, nos ámbitos operativo, comercial e económico, a través de reunións semestrais co operador.

Ademais destas iniciativas, a Xunta conta con outras medidas de mellora e fomento da conectividade, a través de fondos propios e FEADER, coas que continuará colaborando na consecución dos obxectivos 2030.

Así, tras a concesión da subvención en decembro de 2021 a Vodafone, **no ano 2026 continuarase coa fase de seguimento e supervisión da actuación orientada a impulsar a mellora da cobertura de telefonía móbil,** en zonas que carecen de servizo por tratarse de ubicacións illadas e/ou de complexidade orográfica.

Salientar que, esta iniciativa impulsada pola Xunta **é pioneira en España e, ademais, non só conta coa aprobación de Europa, se non que está a ser empregada pola Comisión Europea como exemplo para o resto de estados membros**, tal e como se referencia nas novas Directrices relativas ás axudas estatais ás redes de banda larga publicadas en 2023.

Tal é así que, dende o Goberno de España publicáronse dúas convocatorias similares á da Xunta de Galicia para a subvención de equipamento e infraestrutura pasiva de redes móbiles 5G a través do Programa UNICO 5G, iniciativas que está actualmente en curso e ten prevista como prazo de execución ata o 15 de abril de 2026.

Por outra banda, no que respecta ao **Nodo 5G – Conectivi.gal**, no 2026 continuarase levando a cabo a definición e posta en marcha de actividades de información e networking que agrupen aos diferentes axentes integrantes do ecosistema dixital para que poidan participar en proxectos relacionados coa conectividade, e que axuden ao proceso de transformación dixital da nosa economía.

No ámbito das **Estratexias Smart Villages**, no ano 2026 avanzarase na posta en marcha das actuacións previstas.

No ano 2026 firmarase, un ano máis, **o convenio de colaboración coa Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (AETG)** para continuar co fomento da Sociedade da Información. Do mesmo xeito, **formalizarase** por primeira vez **un convenio de colaboración coa Asociación Galega de Graduados e Enxeñeiros Técnicos de Telecomunicacións (AGGETT)** para impulsar actuacións de interese público no ámbito da Sociedade da Información.

Así mesmo, no ano 2026 iniciarase unha **nova convocatoria de axudas**, cofinanciadas con fondos FEADER, **para a dotación de servizos de redes de moi alta capacidade**, en liña cos obxectivos da **Brúxula Dixital 2030**, dirixida a empresas illadas do rural que carecen de cobertura.

Por último, **continuarase co asesoramento e soporte no ámbito dos despregamentos de redes de telecomunicacións** que se ven prestando dende o ano 2010, a todos os axentes interesados nas actuacións desenvolvidas no marco do Plan, incluíndo un soporte especializado en normativa de telecomunicacións para Entidades Locais.

2.5. Infraestruturas, sistemas e telecomunicacións

2.5.1. Medidas de Continuidade de Servizo de Infraestruturas de Sistemas

Un dos principais obxectivos é **garantir a continuidade, dispoñibilidade, seguridade e evolución dos servizos públicos dixitais da Xunta de Galicia**, asegurando que as infraestruturas tecnolóxicas corporativas dean resposta ás necesidades actuais e futuras da organización. Para acadar este obxectivo desenvolveranse unha serie de actuacións orientadas á modernización das infraestruturas, á mellora da xestión operativa e ao reforzo da capacidade tecnolóxica dos centros de proceso de datos.

Entre as accións máis relevantes inclúese a **renovación e evolución das plataformas corporativas de backup, almacenamento, servidores e virtualización**, así como a continuidade e **mellora dos servizos de administración de sistemas dos CPDs** da Xunta de Galicia. Así mesmo, prestarase especial atención á xestión e evolución das plataformas de correo electrónico corporativo, incluíndo a migración progresiva de ámbitos específicos cara a solucións homoxéneas que melloren a seguridade, a eficiencia e a experiencia de usuario.

Ademais, o Plan de Acción 2026 aposta decididamente pola **automatización dos procesos de administración de sistemas** e pola mellora da coordinación e seguimento das actividades e proxectos de infraestrutura, mediante servizos de apoio técnico, monitoraxe e consultaría especializada. Todo isto permitirá avanzar cara a unha xestión máis eficiente, homoxénea e proactiva das infraestruturas tecnolóxicas.

En resumo, durante o ano 2026 continuarase traballando no **fortalecemento, modernización e automatización das plataformas tecnolóxicas corporativas**, garantindo a estabilidade, a calidade e a evolución dos servizos públicos dixitais da Xunta de Galicia.

2.5.2. Medidas de Calidade e Arquitecturas de Aplicacións

A Amtega xestiona unha gran cantidade de aplicacións informáticas. Para poder levar a cabo os sistemas de información dunha forma eficaz e eficiente no ano 2026 continuarase traballando na **definición e actualización de procedementos e estándares técnicos corporativos** e na vixilancia do seu cumprimento, para así homoxeneizar o máximo posible a xestión técnica da infraestrutura TIC, facilitando a coordinación dos distintos equipos de traballo.

No ano 2026 xestionarase a **evolución de todas plataformas corporativas** xestionadas polo grupo de Arquitecturas, dando soporte ás mesmas e realizando actividades de divulgación e dinamización.

Ademais, manteranse e evolucionaranse os sistemas de xestión da calidade no desenvolvemento das aplicacións e plataformas da Xunta de Galicia.

2.5.3. Estratexia Cloud da Xunta de Galicia

A finais de 2021 aprobouse no Consello da Xunta de Galicia a **Estratexia Cloud do Sector Público Autonómico**, co obxectivo de avanzar no uso da tecnoloxía na nube no sector público.

No ano 2026 continuarase avanzando na **consecución dos obxectivos establecidos na Estratexia Cloud**, continuando cos traballos de evolución de cloud privada na Amtega, **evolucionando o modelo de gobernanza cloud pública e implementando as landing zones** de infraestrutura básica nos distintos CSPs (provedores de servizos cloud) adecuadas a dito modelo de gobernanza, e facendo uso do acordo marco para a contratación de servizos de cloud pública, formalizado a finais do ano 2023, como elemento habilitador para a realización destas iniciativas, mediante a correspondente licitación de contratos derivados do mesmo e por medio dos créditos gratuítos contemplados no acordo marco para a realización de probas nos distintos provedores de cloud.

2.5.4. Plan Director de Ciberseguridade

No ano 2026, no ámbito da Seguridade da Información realizaranse **tarefas de xestión e supervisión da seguridade corporativa dos sistemas de información e redes de comunicacións** da Xunta de Galicia, incluíndo actividades de prevención, detección, resposta e recuperación ante un incidente de seguridade. Tamén se continuará coa prestación de servizos no ámbito da Administración Local.

Levaranse a cabo as accións necesarias para asegurar o **cumprimento normativo** (protección de datos persoais, Esquema Nacional de Seguridade, ISO 27000) e a promoción e xestión de actividades de concienciación e formación.

Traballarase na **mellora da ciberseguridade** na sociedade galega en xeral (cidadanía, empresas, etc.), en particular mediante a dinamización do **Nodo Galego de Ciberseguridade CIBER.gal**.

Continuarase coa construción do **CECIGA - Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia** co obxectivo de poñer en marcha o centro no primeiro trimestre do 2027.

Ao longo deste ano rematarase a execución do proxecto RETECH de ciberseguridade, poñendo en marcha os laboratorios e centros demostradores de ciberseguridade e consolidando a formación tanto aos profesionais das empresas, como ao alumnado de formación profesional

Todas as accións que se realizarán en 2026 estarán aliñadas coa **Estratexia Galega de Ciberseguridade 2030 e co Plan Director de Ciberseguridade da Amtega** asociado a dita estratexia. As actividades tamén estarán aliñadas co contrato de xestión da Amtega para o período 2022-2026 e co Plan de continuidade de servizos de infraestrutura da administración dixital 2024-2027.

2.5.5. Medidas de soporte e evolución das Redes corporativas

Ao longo de 2026 licitarase o **novo contrato de Rede Corporativa** da Xunta de Galicia e continuarase cos traballos de **mellora da rede de comunicacións**, ampliando a velocidade de conexión dos centros conectados a Rede Corporativa, e mellorando a electrónica de comunicacións e o cableado dos centros.

No ano 2026 continuarase coa **execución de contratos** derivados dos acordos marco para o **subministro sucesivo de cableados estruturados, electrónica de comunicacións e wifi** para a rede corporativa da Xunta de Galicia.

Continuarase coa **renovación de conmutadores dos CPDs**, e **executarase o contrato para a renovación e ampliación da infraestrutura de transporte óptico DWDM** entre CPDs da Xunta de Galicia.

Así mesmo, seguirase traballando na **consolidación da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia.** Esta rede integra nun mesmo sistema a todos os colectivos que participan nas emerxencias, mellorando a súa coordinación e garantindo as comunicacións en situacións extremas ou de saturación.

Programa de actuacións



3. PROGRAMA DE ACTUACIÓNS

No seguinte apartado recóllense as actuacións previstas por parte da Axencia para o exercicio 2026, organizadas en función dos 7 obxectivos estratéxicos que articulan o seu funcionamento.

Para cada un dos obxectivos estratéxicos identifícanse os programas indicando os obxectivos perseguidos, as actividades e os responsables de levalas a cabo, así como o orzamento dispoñible e os valores meta fixados para cada unha delas.

Os obxectivos da Axencia

A Axencia articula a súa actividade en torno á consecución de 7 obxectivos estratéxicos que perseguen modernizar a administración e o modelo de interacción co cidadán, o fomento e capacitación no uso das novas tecnoloxías por parte da sociedade e o tecido produtivo, así como o desenvolvemento do sector TIC, posibilitando para elo as infraestruturas e o modelo de cooperación entre axentes necesario para conseguilo.

A partir das competencias e funcións da Axencia, en consonancia co establecido na Axenda Dixital de Galicia, e de conformidade co establecido no contrato plurianual de xestión desta axencia pública autonómica, establécense 7 obxectivos estratéxicos:

1. **Impulsar un goberno e administración intelixente**
2. **Promover os servizos públicos dixitais**
3. **Garantir a dispoñibilidade e seguridade dos servizos públicos dixitais**
4. **Fomentar a adquisición de competencias dixitais**
5. **Impulsar a economía dixital para acadar un territorio intelixente**
6. **Favorecer o crecemento do ecosistema dixital**
7. **Medidas instrumentais e de eficiencia**

Obxectivos operativos e programas

A continuación recóllense os programas e obxectivos específicos que integran cada un dos obxectivos estratéxicos reseñados anteriormente:

Obxectivos estratéxicos		Programas e obxectivos específicos
1	**Impulsar un goberno e administración intelixente**	1.1 Plan de Administración e goberno dixital 1.2 Plan de Administración e goberno dixital – sistemas para o emprego público 1.3 Plan para a xestión dixital da Axencia Tributaria 1.4 Medidas para a xestión dixital económico-financeira e contable 1.5 Plan Senda 2025: Xustiza Dixital 1.6 Programa de Robotización e Automatización 1.7 Programa de Xestión intelixente do dato 1.8 Plan de posto dixital avanzado do persoal empregado público 1.9 Medidas para garantir a atención ás persoas usuarias
2	**Promover os servizos públicos dixitais**	2.1 Programa dixital de política social 2.2 Plan para a xestión dixital das políticas de emprego 2.3 Medidas para a xestión dixital da vivenda

		2.4 Medidas para a xestión dixital da Educación 2.5 Medidas para a xestión dixital do transporte e das infraestruturas viarias 2.6 Medidas para a xestión dixital do Medio Ambiente e do territorio 2.7 Medidas para a xestión dixital do sector primario 2.8 Medidas para o desenvolvemento dos servizos dixitais dirixidos a comercio, empresa e industria 2.9 Medidas para diversos ámbitos administrativos
3	**Garantir a dispoñibilidade e seguridade dos servizos públicos dixitais**	3.1 Medidas de Continuidade de Servizo de Infraestruturas de Sistemas 3.2 Medidas de Calidade e Arquitecturas de Aplicacións 3.3. Estratexia Cloud da Xunta de Galicia 3.4 Medidas de soporte e evolución das Redes corporativas 3.5 Plan Director de Ciberseguridade
4	**Fomentar a adquisición de competencias dixitais**	4.1 Plan de impulso á educación dixital 4.2 Plan galego de competencias dixitais 4.3 Bibliotecas en rede de Galicia 4.4 Plan para o impulso da Inclusión, Capacitación e Talento Dixital
5	**Impulsar a economía dixital para acadar un territorio intelixente**	5.1 Programa Galicia Territorio Intelixente 5.2 Plan de transporte e mobilidade dixital: e-mobility 5.3 Plan tecnolóxico para a xestión e conservación do Medio Ambiente e do territorio 5.4 Plan para transformación dixital do sector primario 5.5 Medidas para o impulso da dixitalización e conservación do patrimonio cultural galego - Memoria dixital de Galicia 5.6 Programa de Turismo Intelixente 5.7 Impulso á empresa dixital
6	**Favorecer o crecemento do ecosistema dixital galego**	6.1 Estratexia Galicia Dixital 2030 6.2 Estratexia Galega de Intelixencia artificial 6.3 Plan de impulso ao Software Libre e aos estándares abertos 6.4 Programa de adopción de tecnoloxías disruptivas 6.5 Plan de impulso ao GaiásTech e aos Nodos de especialización tecnolóxica 6.6 Plan de conectividade e cohesión dixital 6.7 Observatorio de Sociedade da Información e Modernización de Galicia
7	**Medidas instrumentais e de eficiencia**	7.1 Medidas para o impulso do desenvolvemento normativo 7.2 Medidas de eficiencia na xestión do persoal 7.3 Boas prácticas para a prevención do fraude 7.4 Medidas de mellora na eficiencia da contratación 7.5 Medidas de colaboración e coordinación institucional 7.6 Medidas de avaliación de custos, resultados e impacto de las iniciativas de dixitalización

Plan de acción

A continuación recóllense, para cada un os programas identificados anteriormente, as actividades destinadas a acadalos, os responsables de levalas a cabo, así como o orzamento e valores meta fixados para cada unha delas:

Obxectivo estratéxico 1: Impulsar un goberno e Administración Intelixente



OBXECTIVO I. IMPULSAR UN GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DIXITAL

1.1 Plan de Administración e goberno dixital

Os avances acadados no desenvolvemento dixital da administración deben continuar consolidándose para facilitar que a totalidade dos procesos e procedementos da administración pública galega se poidan desenvolver nunha contorna dixital. Pero ademais é especialmente salientable avanzar na posta a disposición da cidadanía canles e servizos dixitais que sexan máis acordes coas súas necesidades, desenvolvendo os principios que establece a Lei 4/2019 de Administración Dixital de Galicia.

Este programa ten como finalidade acadar unha administración dixital e interoperable no seu funcionamento e acadar unha relación coa cidadanía próxima, transparente, personalizada e proactiva, tanto co desenvolvemento de servizos neste programa como apoiándose en programas como o de automatización ou xestión do dato.

Por outro lado, busca tamén reforzar a integración das canles -electrónicas e presenciais- de atención e relación coa cidadanía, ofrecendo unha visión única e sinxela da administración xeral.

Obxectivos

- → Consolidar a Sede Electrónica e carpeta cidadá da Xunta de Galicia.
- → Desenvolver servizos proactivos e personalizados cara a cidadanía, a partir da identificación única do cidadán nos diferentes ámbitos da administración pública.
- → Ampliar e mellorar os servizos de acreditación dixital, incluíndo medidas específicas para facilitar a incorporación da cidadanía ás canles dixitais da administración (on-boarding dixital).
- → Desenvolver a presenza en mobilidade. A Xunta no teu móbil.
- → Dotar de medios e sistemas para a atención á cidadanía: Sistemas de cita previa ou atención en remoto. Asistencia virtual avanzada.
- → Desenvolver o sistema único de rexistro para o funcionamento plenamente dixital e interoperable. Incorporación continua de melloras no proceso de dixitalización e tratamento de documentos.
- → Consolidar os sistemas corporativos: arquivo electrónico administrativo, rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro de funcionarios habilitados, sistema de notificacións e todos os elementos necesarios para a tramitación electrónica integral.
- → Ampliar os sistemas de tramitación corporativos: Sistema corporativo de tramitación de subvencións coa visión íntegra do proceso; xestión electrónica integral dos rexistros administrativos e outros procedementos da administración pública.
- → Ampliar de xeito continuado os documentos e datos accesibles a través de PasaXe!.
- → Promover a tramitación electrónica integral nos procedementos da administración pública.
- → Aplicar os criterios normativos en materia de administración electrónica e de accesibilidade.
- → Promover as actuacións de impulso do uso da administración dixital na cidadanía e empresa a través de diferentes medios e contidos que acheguen á cidadanía.

- → Incorporar ferramentas de analítica de procesos para a simplificación e optimización dos procesos dixitais.
- → Coordinar a rede integrada da presenza da administración pública en internet: portais, canles sociais e aplicacións en mobilidade. E da unidade responsable de accesibilidade.
- → Aplicar os criterios normativos en materia de administración electrónica e de accesibilidade.
- → Promover as actuacións de impulso do uso da administración dixital na cidadanía e empresa a través de diferentes medios e contidos que acheguen á cidadanía.
- → Ampliar o catálogo de servizos dixitais compartidos ou interoperables coas restantes administracións públicas.
- → Aliñar as iniciativas de administración electrónica coas estatais e europeas.
- → Evolucionar continuamente os actuais sistemas de xestión dixital das actividades da administración pública.

Actividades

Actividade:	**1.1.1. Consolidar a Sede Electrónica e a carpeta cidadá da Xunta de Galicia**
Descrición:	A Sede Electrónica (https://sede.xunta.gal), canle principal de relación electrónica entre as persoas interesadas e o sector público autonómico para os seus trámites administrativos, debe evolucionar continuamente para incorporar novos servizos; facilitar o acceso dixital aos servizos públicos de xeito sinxelo para todas as persoas; adaptarse aos distintos tipos de usuarios, tanto aos que se relacionan habitualmente coa administración como a aqueles outros que o fan esporadicamente; especializarse en base aos diferentes perfís (empresas e profesionais, asociacións,..) todos deben poder acceder con confianza e facilidade aos servizos que precisan. A Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, define a «carpeta cidadá» como o conxunto estruturado de información e documentos en formato electrónico relativo ás relacións administrativas de cada persoa interesada, xerada nas súas relacións administrativas ordinarias co sector público autonómico de Galicia e establece que tamén forma parte da Carpeta cidadá da Xunta de Galicia a información de contacto, a de circunstancias persoais e a outra información ou documentación achegada voluntariamente pola cidadanía na súa relación co sector público autonómico.

Actividade:	**1.1.1. Consolidar a Sede Electrónica e a carpeta cidadá da Xunta de Galicia**

Actividades 2026:

- → **Evolución continuada** dos sistemas de información que sustentan a sede electrónica da Xunta de Galicia: Portal de sede electrónica (https://sede.xuntal.gal), sistemas de presentación de formularios e o conxunto de compoñentes tecnolóxicos que son necesarios para o funcionamento da sede electrónica.
- → En canto ás **novas funcionalidades ou servizos** que se incorporarán ou mellorarán en 2026, salientar os seguintes:
  - Consulta de citas, avisos, tarxetas e certificados. Avanzando no aliñamento continuo dos servizos ofrecidos na sede electrónica e en mobilidade a través da app XuntaEu para garantir a multi canalidade no acceso aos servizos dixitais.
  - Funcionalidades para a identificación e sinatura das persoas interesadas a través dun funcionario habilitado. Esta liña de traballo estará condicionada a publicación da normativa que regule o Rexistro de Funcionarios Habilitados.
  - Novo servizo de subscricións a trámites e servizos de interese. Este servizo permitirá as persoas indicar as súas temáticas e trámites de interese e as canles polas que quere recibir avisos.
  - Melloras na visualización de expedientes para resaltar os últimos cambios e actuacións, como as notificacións asociadas a estes.
  - Análise do impacto da carteira dixital europea e deseño das adaptacións necesarias.
  - Incorporación de mecanismos de verificación dos datos de contacto actualizados a través da sede electrónica ou XuntaEu.
  - Simplificación dos trámites electrónicos dispoñibles para as persoas interesadas en cada expediente, ofrecendo unicamente aqueles trámites que sexan relevantes en función do estado do expediente.
- → Ferramenta de axuda para a elaboración das fichas de cada procedemento ou servizo en **linguaxe clara**. Isto permitirá a publicación de información máis sinxela e comprensible para as persoas.
- → En liña co **deseño do Citizen Data Hub ou Nodo de datos da cidadanía**, descrito no PR1.7.Xestión Intelixente do dato.
  - Deseño da converxencia Carpeta cidadá e o CDH.
  - Integración da Sede co sistema único de identificación e acceso aos servizos dixitais.
  - Habilitación do golden record do cidadá para a contribución á posta en marcha de servizos proactivos, en colaboración coa Dirección Xeral de Simplificación Administrativa.
- → Actualización continua dos contidos divulgativos na intranet para o persoal empregado público.
- → Colaboración coa Dirección Xeral de Simplificación Administrativa na identificación, análise e posta en marcha de **servizos proactivos** cara a cidadanía.

Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**1.1.2. Ampliar e mellorar os servizos de acreditación dixital, incluíndo medidas específicas para facilitar a incorporación da cidadanía ás canles dixitais da administración (on-boarding dixital)**
Descrición:	A administración debe proporcionar á cidadanía mecanismos de acceso á administración dixital que garantan a seguridade e a facilidade de uso. A obtención dos mecanismos de acreditación dixital debe ser omnicanal, segura e sinxela.
Actividades 2026:	→ Posta en marcha do **sistema de vídeo identificación** para a acreditación da identidade no proceso de alta no sistema de identificación e sinatura Chave365. → **Chave**365: Integración da Rede de Oficinas de Emprego no conxunto de oficinas que atenden á cidadanía para as tarefas de xestión presencial de Chave365. → Implantación do **modelo global de identificación e acceso aos servizos dixitais da Xunta de Galicia**, co obxectivo de garantir un acceso sinxelo, homoxéneo e seguro. Esta liña de traballo realizarase no marco do Nodo de información Cidadá, CitizenDataHub.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**1.1.3. Desenvolver a presenza en mobilidade. A Xunta no teu móbil**
Descrición:	A presenza da Xunta de Galicia en internet debe completarse coa dispoñibilidade de aplicacións móbiles que permitan aos cidadáns acceder a información e a servizos personalizados desde calquera lugar. Sen prexuízo da existencia de aplicacións sectoriais con obxectivos específicos a Xunta de Galicia debe contar cunha aplicación que proporcione un conxunto de servizos básicos administrativos e de acceso aos servizos públicos. Segundo se informou no Consello da Xunta de Galicia, esta é a **canle XuntaEU**, a publicada en Decembro de 2023 nas canles de IOs e Android.
Actividades 2026:	→ Incorporación de novas funcionalidades para a cidadanía: ▪ Incorporación nativa da presentación de queixas e suxestións. ▪ Incorporación de trámites sobre os expedientes da Carpeta cidadá: emenda... ▪ Filtro para separar os expedientes da Carpeta Persoal e os da Carpeta Profesional. → Opcións de identificación: ▪ Melloras de usabilidade na identificación con DNIe, realizando un proceso máis asistido que guíe ás persoas no proceso. → Incorporación de novos contidos do ámbito de carpeta cidadá: ▪ Publicación de novos carnés e certificados de distintos ámbitos da administración xeral. ▪ Incorporación continuada de contidos de información mediante as fórmulas de avisos e campañas, en función de potencias demandas. → Integración de XuntaEu nos procedementos habituais de relación coa cidadanía.

Actividade:	**1.1.3. Desenvolver a presenza en mobilidade. A Xunta no teu móbil**
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**1.1.4. Sistemas e medios para a atención á cidadanía**
Descrición:	Esta actividade inclúe diversos ámbitos e sistemas vinculados a relación e atención coa cidadanía, tanto no relativo a atención e información á cidadanía, como no relativo a atención as queixas, suxestións ou consultas da cidadanía fronte a prestación de servizos.

Actividade:	**1.1.4.a Servizo de asistencia técnica especializada para o uso dos servizos públicos dixitais**
Descrición:	A Amtega puxo en marcha un servizo de asistencia técnica especializada para o uso servizos públicos dixitais, como complemento á canle 012. Este servizo atende aos seguintes sistemas de carácter transversal: Sede Electrónica da Xunta de Galicia, Chave365, Silex, emprego público- Fides, sala de sinaturas, XuntaEu.
Actividades 2026:	→ Continuidade da prestación do servizo de asistencia técnica especializada: ▪ Continuidade da prestación do servizo de atención de soporte técnica especializada recibidas a través de diferentes canles: • Comunicacións derivadas do 012. • Comunicacións recibidas a través do formulario eServizos. • Comunicacións recibidas a través da canle Whatsapp. ▪ Integración dos contactos de resposta a través da canle XuntaEu.

Actividade:	**1.1.4.b CONVERSA: Plataforma de asistencia virtual para a cidadanía ou o persoal empregado público**
Descrición:	No marco do Acordo Marco GobTec para o desenvolvemento de servizos mediante a aplicación de tecnoloxías innovadoras, adxudicouse a posta en marcha da **plataforma CONVERSA de asistencia virtual** para a atención en diferentes casos de uso.
Actividades 2026:	→ Posta en marcha da Plataforma CONVERSA. Instalación e configuración tecnolóxica. → Desenvolvemento en CONVERSA de 4 casos de uso como pilotos demostradores das posibilidades desta canle de atención. Inicialmente identificáronse os seguintes ámbitos para estes pilotos: ▪ Orientado á cidadanía: 012 – soporte especializado a cidadanía: • Consultas frecuentes a sobre Chave365 • Soporte técnico especializado de servizos dixitais (formulario eServizos). ▪ Orientado á cidadanía: Procesos seleccionados de ATRIGA.

Actividade:	**1.1.4. Sistemas e medios para a atención á cidadanía**

- Orientado ao persoal empregado público : Consultas recorrentes no CAU.
- Orientado ao persoal empregado público da administración de xustiza: Consulta sobre o expediente xudicial electrónico

Actividade:	**1.1.4.c Sistema de información de atención á cidadanía (SIACI)**
Descrición:	A Xunta de Galicia puxo en marcha o **sistema de xestión das queixas, reclamacións, peticións de información do cidadán (SIACI)**, orientado a dar resposta ao Decreto 129/2016 do 15 de setembro, polo que se regula a atención á cidadanía no sector público autonómico de Galicia. SIACI é entón a ferramenta transversal única para a xestión e tramitación integramente electrónica dos procedementos específicos para a atención á cidadanía. O sistema está actualmente en uso na maioría dos órganos e entidades dependentes do sector público autonómico.
Actividades 2026:	→ Evolución e soporte técnico especializado ao funcionamento do sistema. E especificamente: ▪ Emisión de certificado de tramitación dun expediente, importación de dos datos dos terceiros (PR100A) a partir dunha folla de cálculo e asignación de usuario sen iniciar expediente. ▪ Na tramitación do procedemento PR006A - Comunicación en materia de integridade institucional, entre elas melloras na acción de "Redirixir", incorporar novos criterios de clasificación e tipos de peche e permitir a alta de expedientes anónimos.. ▪ Adaptación aos novos formularios da Sede con campos identificativos para persoas estranxeiras. → Evolución do sistema de indicadores, e publicación de indicadores. (En liña co PR. 1.7 Xestión intelixente do dato).)
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**1.1.5. Desenvolver o sistema único de rexistro para o funcionamento plenamente dixital e interoperable. Incorporación continua de melloras no proceso de dixitalización e tratamento de documentos**
Descrición:	A *Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia*, regula o Sistema Único de Rexistro da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico. Está integrado pola Rede de oficinas de atención á cidadanía e de rexistro, polo Rexistro Electrónico Xeral e, de existiren, polos rexistros electrónicos das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.

Actividade:	**1.1.5.a Rexistro electrónico xeral**

Actividade:	**1.1.5. Desenvolver o sistema único de rexistro para o funcionamento plenamente dixital e interoperable. Incorporación continua de melloras no proceso de dixitalización e tratamento de documentos**
Descrición:	Os sistemas de información que interactúan co Rexistro electrónico xeral –Aires e Rexel fundamentalmente– deben continuar a súa evolución.
Actividades 2026:	→ **Evolución continua** dos sistemas que dan soporte a actividade nas oficinas de rexistro e unidades tramitadoras: AIRES, REXEL, Sistema de interconexión de rexistros (SIR). Entre outros aspectos: ▪ REXEL: implantación en todas as unidades administrativas da nova versión desenvolta en 2025 que incorpora melloras de usabilidade e unha renovación tecnolóxica completa. ▪ SIR: finalización e implantación da adaptación e certificación para adaptarse á versión 4 do estándar SICRES de intercambio de asentos rexistrais (este fito está condicionado pola dispoñibilidade do organismo competente da AGE para xestionar a certificación). → **Soporte á operación do funcionamento de SIR**: soporte funcional especializado ás interaccións con outras administracións, soporte ás entidades locais de Galicia que utilicen AIRES como plataforma de integración con SIR. → **Proceso de dixitalización no sistema de rexistro**: implantación da segunda fase do proxecto SEPIA, compoñente de tratamento de documentos con intelixencia artificial integrado con AIRES para o procesamento da documentación dixitalizada nas oficinas. Nesta segunda fase implantarase o **módulo de clasificación automática dos documentos** segundo a súa tipoloxía, evitando ao persoal das oficinas a necesidade de realizar esta separación de xeito manual e mellorando a calidade da información asociada aos documentos para facilitar a tramitación nas unidades administrativas destinatarias destes.

Actividade:	**1.1.5.b Servizos na Rede de oficinas de atención á cidadanía e rexistro**
Descrición:	A Rede de oficinas de atención á cidadanía e de Rexistro é a canle de acceso presencial da cidadanía aos servizos administrativos. Entre as funcións das oficinas está a de recoller e dixitalizar os escritos, solicitudes, comunicacións e documentos que as persoas interesadas presenten presencialmente; a asistencia no uso dos medios electrónicos ás persoas interesadas; facilitar á cidadanía información xeral; informar sobre o exercicio do dereito de acceso á información pública, sobre o procedemento para a presentación de suxestións e queixas e sobre o estado de tramitación dos procedementos; a provisión dos medios de identificación dixital para as persoas que así o soliciten; a realización de copias auténticas; formalizar os apoderamentos apud acta outorgados mediante comparecencia persoal, etc. É preciso dotar á rede de oficinas das ferramentas axeitadas para realizar todas as funcións e servizos que ofrecen á cidadanía e reforzar a integración das canles electrónicas e presencias da Xunta de Galicia para mellorar a atención ás persoas. As ferramentas deben ser áxiles e permitir unha atención personalizada aos usuarios.
Actividades 2026:	→ Revisión continuada, xunto coa Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, da definición da **Rede de Oficinas de Atención á Cidadanía e Rexistro da**

Actividade:	**1.1.5. Desenvolver o sistema único de rexistro para o funcionamento plenamente dixital e interoperable. Incorporación continua de melloras no proceso de dixitalización e tratamento de documentos**

Xunta de Galicia: servizos a desenvolver, medios materiais necesarios, e tipoloxías de oficinas.

- **Implantación de servizos**, avanzando na extensión a máis oficinas de servizos xa implantados; e dotación de medios co mantemento e mellora continuada do equipamento.
- Actualización continuada do **espazo de traballo na intranet para o persoal que presta servizo na rede de oficinas**, con información de apoio e acceso ás ferramentas necesarias para facilitar a execución das tarefas nas oficinas.

→ Deseño e evolución de servizos para a rede de oficinas de atención á cidadanía e rexistro:

- Implantación da **firma manuscrita dixitalizada** para os trámites que o precisen na atención presencial, permitindo a eliminación do papel nestes trámites. Ao longo do ano está prevista a distribución de 140 tabletas e do software necesario para o uso da sinatura dixitalizada nas oficinas da rede.
- Dotación de medios para que as persoas podan usar a aplicación oficial da Dirección Xeral da Policía **MiDNI**. Esta aplicación permite as persoas identificarse presencialmente utilizando una app no seu móbil en lugar de portar o DNI físico.
- Execución das primeiras fases do plan de implantación do servizo de asistencia as persoas interesadas para a identificación e sinatura, no marco do **Rexistro de Funcionarios Habilitados.**

Área responsable:	*Área de Administración Dixital*

Actividade:	**1.1.6. Consolidar os sistemas corporativos: arquivo electrónico administrativo, rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro de funcionarios habilitados, sistema de notificacións, e todos os elementos necesarios para a tramitación electrónica integral**
Descrición:	A Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, define e regula o Catálogo dos Sistemas dixitais, no que recolleranse as aplicacións, os sistemas de información e as infraestruturas tecnolóxicas que utilizan ou se poñen á disposición dos órganos e das entidades do sector público autonómico para o seu funcionamento interno, para a prestación de servizos á cidadanía e para a relación con outras administracións públicas. Ademais establécese a obrigatoriedade de uso de determinados sistemas que por razón da súa natureza e interese común respondan ás necesidades transversais de desenvolvemento da administración dixital. Entre estes sistemas de utilización obrigatoria están incluídos os seguintes: ▪ O sistema de notificacións electrónicas de Galicia Notifica.gal ▪ O Portasinaturas electrónico da Xunta de Galicia ▪ O Arquivo electrónico administrativo da Xunta de Galicia ▪ O rexistro electrónico de apoderamentos Estes sistemas forman parte dos elementos transversais que permiten a aplicación de criterios comúns e vertebradores da tramitación administrativa e deben ampliar

Actividade:	**1.1.6. Consolidar os sistemas corporativos: arquivo electrónico administrativo, rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro de funcionarios habilitados, sistema de notificacións, e todos os elementos necesarios para a tramitación electrónica integral**
	o seu alcance para dar resposta as novas necesidades establecidas pola normativa vixente e ao incremento, tanto cuantitativo como cualitativo, da demanda dos servizos dixitais. Para a implantación efectiva da tramitación electrónica resulta necesaria a evolución continua e consolidación dos elementos transversais que permiten a aplicación de criterios comúns e vertebradores da tramitación administrativa.
Actividades 2026:	→ **Evolución continuada** e mantemento dos sistemas que configuran os elementos transversais corporativos para o desenvolvemento da administración electrónica. Adicionalmente, evolución funcional dos sistemas, destacando as seguintes previsións: → **Sistema de notificacións electrónicas de Galicia** (Notifica.gal): ▪ Simplificación da alta da Dirección Electrónica Habilitada, permitindo a alta automática desde a Sede electrónica e XuntaEu. ▪ Integración dos xustificantes xerados en Notifica.gal na Carpeta Cidadá. ▪ Incorporación nos xustificantes de posta a disposición das notificacións do medio preferente de notificación seleccionado pola persoa destinataria. → **Plataforma de sinatura electrónica** (servizos de sinatura e portasinaturas): ▪ Integración do sistema de sinatura manuscrita dixitalizada para a integración da documentación xerada no arquivo electrónico administrativo. ▪ Desenvolvemento da solución para eliminar a visibilidade do DNI dos cargos e empregados públicos nos documentos administrativos. ▪ Inicio da renovación visual e de deseño do portasinaturas corporativo. ▪ Adaptación do sistema aos novos certificados de maior lonxitude de clave e algoritmos de curva elíptica. ▪ Análise e deseño da evolución para a xestión dos documentos e solicitudes por unidade en lugar de facelo individualmente por persoa solicitante ou asinante. ▪ No ámbito da administración de Xustiza: • Adaptación do sistema as novas tarxetas do persoal do ámbito e ao uso de certificados de pseudónimo. • Implantación da sinatura en mobilidade. → **Arquivo Electrónico Administrativo da Xunta de Galicia** (ARPAD): ▪ Evolución tecnolóxica da infraestrutura de base. No 2026 completaranse as primeiras fases desta evolución, empezando a almacenar os documentos na nova infraestrutura e definindo o novo modelo de metadatos. ▪ Fomentar e facilitar a integración co arquivo de plataformas de tramitación da Xunta de Galicia. ▪ Colaboración coa Subdirección Xeral de Arquivos na definición dos instrumentos de goberno do arquivo e no desenvolvemento da política de xestión documental aprobada a aprobar en 2026. ▪ Soporte ao proceso de intercambio de expedientes á Administración de Xustiza e demais Administracións Públicas.

Actividade:	**1.1.6. Consolidar os sistemas corporativos: arquivo electrónico administrativo, rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro de funcionarios habilitados, sistema de notificacións, e todos os elementos necesarios para a tramitación electrónica integral**

- → **Evolución tecnolóxica nos compoñentes software transversais**, e identificación de necesidades que motivan novos compoñentes para facilitar solucións estandarizadas. Poden identificarse proxectos en curso tales como os proxectos P_AUTORI (autorización de usuarios centralizada), P_INFORMES (xeración de documentos con datos en textos e táboas), P_AVISOS (avisos á cidadanía por SMS, email ou notificacións PUSH en APPs móbiles), P_SCANAV (antivirus en ficheiros), P_UTILS (utilidades de uso frecuente) ou ARCHAM (esqueleto para construír ferramentas informáticas que funcionan en navegadores web). Neste ano acometerase en P_AUTORI xa sobre RHBK a autorización centralizada vía API con asignación e xestión de datos de contexto; no ARCHAM2 adaptarase a app web de probas TRANSA2 ao novo arquetipo e colaborarase coas necesidades xa co SpringBoot 4 no eido das apps de Educación; evolucionaranse a jdk21 compoñentes legacy que aínda teñen amplo uso e prevese o despregue en produción da primeira versión de ACURTA_WS para o acurtamento de URLs.

- → **Sistema de xestión integrado e automatizado de autorizacións** de acceso a ferramentas transversais de administración electrónica.
- → Incorporación de novas funcionalidades e sistemas integrados.

Área responsable:	*Área de Administración Dixital e Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

Actividade:	**1.1.7. Ampliar os sistemas de tramitación corporativos: Sistema corporativo de tramitación de subvencións coa visión integra do proceso; xestión electrónica integral dos rexistros administrativos e outros procedementos da administración pública**
Descrición:	Sen prexuízo da necesidade de desenvolver sistemas específicos para algúns ámbitos sectoriais que así o requiran, o desenvolvemento dos sistemas de tramitación corporativos teñen como finalidade dar resposta a dixitalización progresiva de todos os procedementos administrativos da Xunta de Galicia, dun xeito sostible e permitindo a normalización de todos aqueles aspectos que se poden considerar comúns nas diferentes tipoloxías de procedementos. Estas plataformas corporativas están evolucionando cara a especialización en diferentes grupos de procedementos. En concreto, nesta actividade recóllense: ▪ A plataforma corporativa w@nda orientada a dúas liñas de dixitalización: procedementos con fluxo de tramitación común para os que non hai sistema especializado. E especialización crecente no ámbito da tramitación de convocatorias de subvencións. ▪ O sistema de tramitación corporativo TRAMIT@ para a xestión de procedementos normalizados e sinxelos. ▪ A plataforma XEREA que da resposta a xestión dos rexistros administrativos.

Actividade:	**1.1.7. Ampliar os sistemas de tramitación corporativos: Sistema corporativo de tramitación de subvencións coa visión integra do proceso; xestión electrónica integral dos rexistros administrativos e outros procedementos da administración pública**

- O Rexistro de actividades empresariais, industriais e comerciais (RUE) é un sistema de información que permite xestionar e coordinar a rede de rexistros industriais, empresariais e comerciais da Administración pública.

Esta actividade recolle tanto a evolución dos sistemas mencionados como as actividades de implantación dos ditos sistemas nas unidades administrativas da Xunta de Galicia.
Inclúe tamén o deseño e posta en produción de novas funcionalidades no **sistema de tramitación transversal corporativo TRAMIT@**, ferramenta desenvolta baixo o arquetipo corporativo ARCHAM da Amtega para a xestión de procedementos normalizados e sinxelos.

Actividade:	**1.1.7.a Sistema corporativo de tramitación básica e tramitación de subvencións**

Descrición:

A xestión de axudas e subvencións supón unha parte importante da actividade administrativa e unha ferramenta fundamental na execución das políticas públicas. Aínda que cada unha das axudas ou subvencións conte con elementos particulares e específicos, hai un conxunto de funcionalidades comúns que se dan en todas elas, o que fai necesario desenvolver un sistema troncal que permita axilizar a xestión destes procedementos e ademais ofrecer unha visión conxunta e ordenada da actividade da administración neste ámbito.
Considérase nesta actividade a evolución da plataforma de tramitación denominada Wanda para a tramitación de procedementos que non contan con sistema especializado e para a implantación rápida de novos procedementos, e en especial para a súa adaptación como sistema integral de tramitación de expedientes de axudas ou subvencións. A **plataforma wanda permite a xestión dixital integral dos procedementos**, e integrado cos elementos corporativos habilitantes da tramitación dixital: sede electrónica e carpeta cidadá, rexistro electrónico, notificacións, interoperabilidade, arquivo electrónico administrativo.

Actividades 2026:

→ Entre as novas funcionalidades previstas en **TRAMIT@** están a capacidade de enviar peticións de informes complexos ao motor Jasper Reports empregando P_INFORMES, o envío de comunicacións a entidades do sector público a través de REXEL, a capacidade de recepción de datos de táboas dinámicas en formularios cubertos na Sede Electrónica, a configuración de listaxes polos usuarios, a integración automática con repositorio de axudas de Medio Rural REPAXU, a xestión de múltiples interesados nun mesmo expediente o que resulta preciso en moitos casos con procedementos iniciados de oficio, e melloras e aceleración nos tempos de configuración de novos procedementos no sistema TRAMIT@.

→ Xestión de prazos, esta utilidade permitirá as unidades definir prazos e avisos sobre os expedientes.

→ Configuración de procedementos e convocatorias:

- Optimización do proceso de configuración para garantir unha implantación áxil.
- incorporación paulatina de opcións de configuración para as unidades responsables. Así as unidades poderán ser autónomas na configuración de determinados aspectos da tramitación.

Actividade:	**1.1.7. Ampliar os sistemas de tramitación corporativos: Sistema corporativo de tramitación de subvencións coa visión integra do proceso; xestión electrónica integral dos rexistros administrativos e outros procedementos da administración pública**

- → En liña coa medida "M1: Os sistemas de tramitación" e en concreto coa tramitación de subvencións do Plan de traballo de dixitalización de procedementos 2026-2027, realizaranse as seguintes actividades:
  - Documento de Análise das necesidades para acadar a xestión integral de axudas e subvencións.
  - Análise e deseño de melloras na fase de xustificación das subvencións. Esta actividade realizarase de xeito conxunto con unha unidade administrativa que permita realizar unha especificación axeitada dos requirimentos e necesidades.
- → Implantación paulatina das melloras de usabilidade e experiencia de usuario identificadas.
- → Evolución aliñada coas necesidades e novas funcionalidades dos compoñentes transversais de administración electrónica e datos corporativos (XuntaEu, Carpeta cidadá, Notifica.gal...):
  - Anulación de notificacións que se enviaran por erro.
  - Incremento de frecuencia na creación de expedientes a partir das entradas no Rexistro Electrónico.
  - Sincronización inmediata co portasinaturas.
  - Integración de novos servizos de interoperabilidade dispoñibles en PasaXe!.
- → Análise das posibilidades de complementariedade coa plataforma de automatización intelixente de procesos (RPA).
- → En canto ás posibilidades de explotación de información:
  - Mellora continua do modelo integrado de analítica de datos, que amplía as funcionalidades actuais para a supervisión e a toma de decisións das unidades tramitadoras durante a tramitación dos expedientes. En liña coas actividades do apartado 1.7. Programa de Xestión intelixente do dato.
  - Mellora continua da integración co cadro de mando corporativo de subvencións. En liña coas actividades do apartado 1.7. Programa de Xestión intelixente do dato.
- → En canto á plataforma tecnolóxica de base, abórdase unha evolución continuada de aliñamento continuado coa infraestrutura corporativa, e de mellora do rendemento do sistema.
- → Continuación coas actividades periódicas de difusión, con sesións bimensuais, e píldoras formativas orientadas ás persoas usuarias da plataforma.
- → Continuidade do acompañamento coa implantación e uso nas unidades que actualmente son usuarias deste sistema e implantación en novas unidades ou procedementos en función das convocatorias que se inicien en 2026.

Actividade:	**1.1.7.c Sistema corporativo de xestión de rexistros administrativos do ámbito industrial e comercial**
Descrición:	O Rexistro de actividades empresariais, industriais e comerciais é un sistema de información que permite xestionar e coordinar a rede de rexistros industriais, empresariais e comerciais da Administración pública, evitando a dispersión e

Actividade:	**1.1.7. Ampliar os sistemas de tramitación corporativos: Sistema corporativo de tramitación de subvencións coa visión integra do proceso; xestión electrónica integral dos rexistros administrativos e outros procedementos da administración pública**
	redundancia de información e simplificando os procesos e trámites nas relacións do sector coa Xunta de Galicia. Este sistema corporativo permite a tramitación completamente electrónica dos expedientes neste ámbito e ofrece utilidades aos interesados para facilitar a realización dos trámites, simplificando os procesos e evitando a duplicidade de actuacións. Aliñado co *2.8 Medidas para o desenvolvemento dos servizos dixitais dirixidos ao comercio, empresa e industria.*
Actividades 2026:	→ Evolución da plataforma e atención continuada aos procedementos integrados ou novos procedementos. Aliñado co 2.8 Medidas para o desenvolvemento dos servizos dixitais dirixidos ao comercio, empresa e industria.

Actividade:	**1.1.7.d Sistema corporativo de xestión de rexistros administrativos (XEREA)**
Descrición:	O sistema corporativo de xestión de rexistros administrativos permite a implantación dixital da tramitación dixital neste ámbito. Dende a súa posta en marcha integráronse os seguintes rexistros: ▪ **Dependentes da Consellería de Presidencia, Xustiza, Deporte e Mobilidade:** Rexistro de Asociacións, Rexistro de Colexios Profesionais e Consellos Galegos de Colexios Profesionais, Rexistro de Fundacións de Interese Galego, Rexistro de entidades deportivas. ▪ **Dependentes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.** Rexistro de asociacións profesionais de traballadores autónomos (pendente de implantación).
Actividades 2026:	→ Evolución continua dos sistemas para a incorporación de funcionalidades que melloren a xestión do ámbito específico e os requisitos das unidades funcionais de referencia, así como para garantir o aliñamento tecnolóxico coas plataforma corporativa. ▪ Ampliación das funcionalidades de xestión de expedientes. ▪ Melloras na xeración de informes. → Continuar co desenvolvemento do núcleo do sistema para acadar a xestión centralizada dos intercambios de datos e a implementación dos servizos de interoperabilidade que permitan a consulta dos datos xestionados por cada rexistro → Continuación coas tarefas de integración e soporte continuado de rexistros: ▪ Dependente da Consellería de Presidencia, Xustiza, Deporte e Mobilidade: • Rexistro de entidades locais. ▪ Dependentes da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude: • Rexistros da DX de Xuventude (escolas de tempo libre, entidades xuvenís, rexistro de acción voluntaria e rexistro de instalacións). ▪ Dependente da Consellería de Política Social e Igualdade: • Rexistro de mediadores de familia.

Actividade:	**1.1.7. Ampliar os sistemas de tramitación corporativos: Sistema corporativo de tramitación de subvencións coa visión integra do proceso; xestión electrónica integral dos rexistros administrativos e outros procedementos da administración pública**

Actividade:	**1.1.7.e Apagado do sistema SXPA e transferencia da información histórica ás unidades competentes**
Descrición:	A Xunta de Galicia, dentro do Proxecto de Reforma Administrativa, desenvolveu e implantou a finais de 1.993 o Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos (SXPA) que permitía definir procedementos, tramitar expedientes e obter información de xestión e seguimento. Actualmente estase a finalizar o plan de apagado do SXPA pola súa obsolescencia tecnolóxica. O último paso deste plan é a entrega aos órganos administrativos da información da súa competencia contida no sistema. Aínda que SXPA non xestionaba documentos nin expedientes electrónicos, contiña información estruturada sobre os expedientes que podería ser de interese para os órganos competentes.
Actividades 2026:	→ Finalización da migración de procedementos e aplicacións complementarias a novas plataformas. → Exportación e entrega ás consellerías da información histórica do seu ámbito de competencia, nun formato perdurable no tempo que permita a súa consulta e tratamento. → Apagado das pezas tecnolóxicas que daban soporte ao sistema SXPA.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital e Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

Actividade:	**1.1.8. Incrementar a interoperabilidade de documentos e datos xerados nas administracións públicas**
Descrición:	A plataforma de intermediación de datos e documentos, PasaXe!, está xa consolidada como elemento imprescindible no funcionamento ordinario da administración, permitindo: ▪ evitar que os cidadáns teñan que achegar aqueles documentos que xa obren en poder da administración ou sexan xerados por esta. ▪ a automatización nos procesos de comprobación de requisitos para a tramitación de expedientes, e en consecuencia a redución de esforzos de tramitación e de prazos de resolución. Está composta pola infraestrutura tecnolóxica e do modelo organizativo para a súa xestión. É preciso garantir a súa evolución continuada, a integración de novos certificados e documentos, e a extensión a outras entidades ou administracións. O mapa de Interoperabilidade do sector público autonómico é o inventario de documentos e datos que son requiridos para o exercicio das súas competencias e son xerados por calquera administración pública, ou viceversa. O mapa é un instrumento vivo, en continua actualización, debido á incorporación de nova información, que permite priorizar adecuadamente os novos servizos a desenvolver na plataforma de intermediación.

Actividade:	1.1.8. Incrementar a interoperabilidade de documentos e datos xerados nas administracións públicas

Actividades 2026:

- → Continuidade da renovación tecnolóxica completa dos **sistemas e compoñentes que configuran a plataforma de intermediación de datos e documentos do nodo de interoperabilidade PasaXe!**. Finalizaranse as primeiras fases da migración cara unha nova arquitectura da plataforma que permita incrementar o rendemento e a eficiencia das consultas. O incremento de uso dos servizos de interoperabilidade e o incremento da automatización dos procesos fixo preciso deseñar unha nova arquitectura que permita garantir unha resposta axeitada á demanda de consultas á plataforma.
- → Incorporación continua de novos documentos interoperables ofrecidos por outras administracións públicas cando estean dispoñibles, e fomento e impulso da incorporación de novos documentos nos que o sector público autonómico poda ser cedente.
- → Coordinación e administración dos procesos para a xestión da plataforma:
  - Elaboración continuada do **mapa de interoperabilidade**. Revisión continuada das normas de convocatorias de novos procedementos para a identificación de documentación a eliminar na petición de documentación aos cidadáns.
  - Colaboración coas unidades cesionarias no proceso de xustificación das necesidades de consulta para obter a autorización das unidades cedentes da información.
  - Revisión e impulso dos convenios sectoriais ou instrumentos xurídicos que sexan necesarios para garantir a interoperabilidade.

Área responsable:	*Área de Administración Dixital*

Actividade:	1.1.9. Promover a tramitación electrónica integral nos procedementos da administración pública

Descrición: Inclúense neste apartado o impulso da tramitación electrónica integral nos procedementos administrativos e procesos do sector público autonómico. Entendese como tramitación electrónica integral aquela que permite a xestión no eido dixital, por medios electrónicos e de xeito harmonizado en toda a administración, da totalidade dos trámites do procedemento administrativo, tanto os internos da administración como os de relación coa cidadanía. Establécense dúas liñas de traballo:

a) Integración dos sistemas especializados cos sistemas corporativos de administración electrónica.
b) Habilitación de procedementos administrativos e servizos.
c) Execución do plan continuado de dixitalización dos procedementos administrativos.

Actividade:	1.1.9.a Integración dos sistemas especializados cos sistemas corporativos de administración electrónica

Actividade:	**1.1.9. Promover a tramitación electrónica integral nos procedementos da administración pública**
Descrición:	Inclúese nesta actividade o goberno e impulso da integración de sistemas especializados cos compoñentes corporativos. En especial, coordinación da integración de sistemas de tramitación sectoriais cos compoñentes horizontais de administración electrónica: sede electrónica, sistema de notificacións electrónicas, plataforma de sinatura, plataforma de interoperabilidade, arquivo electrónico administrativo, etc.
Actividades 2026:	→ Implantación continuada da integración dos sistemas especializados ou sectoriais cos sistemas corporativos de administración electrónica. Coordinación do impacto da evolución dos sistemas corporativos nos sistemas integrados. Este proceso de integración continuada permite acadar unha tramitación integramente dixital nos procedementos administrativos. → Xestión dos procesos de integración de **sistemas de tramitación ou outros, cos sistemas corporativos troncais** e de uso obrigatorio: ▪ Definición dos criterios e procedementos técnicos de integración. ▪ Soporte tecnolóxico especializado aos equipos técnicos de construción de sistemas de xestión. Sesións de coordinación cos equipos técnicos de aplicación. → Identificación, definición, configuración e publicación das actuacións **administrativas automatizadas.**

Actividade:	**1.1.9.b. Plan de impulso a dixitalización universal de procedementos. Habilitación dos procedementos e servizos para unha administración dixital**
Descrición:	A habilitación dos procedementos e servizos para unha administración dixital supón unha serie de tarefas continuadas relativas a varios dos aspectos de posta en marcha: ▪ Revisión da norma que regule o procedemento, e elaboración do informe tecnolóxico-funcional, establecido na normativa vixente (o artigo 6 da *Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico* estableceu que as disposicións de carácter xeral que regulen procedementos a instancia de parte, as bases reguladoras e as convocatorias de subvencións, así como o establecemento de servizos aos cidadáns e aos empregados públicos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma e demais entidades integrantes do sector público autonómico, deberán contar cun informe tecnolóxico e funcional favorable emitido conxuntamente polos órganos con competencias horizontais en materia de administración electrónica e simplificación de procedementos administrativos da Xunta de Galicia.) ▪ Configuración nas plataformas tecnolóxicas dos formularios, servizos ou persoas usuarias dos sistemas de información. ▪ Actualización continuada dos contidos dos inventarios de información administrativa.
Actividades 2026:	→ Execución do **plan de Impulso da dixitalización universal dos procedementos**, proporcionando en todos os casos a lo menos unha ferramenta transversal de tramitación básica que permita a integración cos sistemas dixitais establecidos como obrigatorios no catálogo de sistemas dixitais e a relación dixital completa e bidireccional coa cidadanía.

Actividade:	**1.1.9. Promover a tramitación electrónica integral nos procedementos da administración pública**

- → **Análise das normas de convocatoria ou regulación de procedementos**, e emisión do informe técnico-funcional, xunto coa Dirección Xeral de Simplificación.
- → **Mantemento e evolución**, coa incorporación de novos criterios de aplicacións, das guías para a habilitación de procedementos e servizos dispoñibles na intranet corporativa.
- → **Configuración na sede electrónica** dos formularios das novas convocatorias (factoría de procedementos):
- → Elaboración dos formularios de todas as convocatorias que se publican na xunta de Galicia), tanto para a publicación no DOG como para a presentación en sede electrónica.
- → Configuración da **tramitación electrónica de procedementos administrativos** (factoría de procedementos):
  - Xestión das autorizacións de acceso dos empregados públicos para as ferramentas e procedementos.
  - No caso de utilización do sistema de tramitación transversal, wanda, análise do fluxo de procedemento, e configuración dos fluxos e modelos de documentos no sistema. Nesta actividade fomentarase especialmente a incorporación da tramitación dixital das axudas e subvencións dos distintos ámbitos, acadando un nivel de dixitalización homoxéneo que fomente a transparencia cara a cidadanía e a toma de decisións e a avaliación das políticas públicas nas distintas unidades.
  - No caso de integración co arquivo electrónico, análise xunto coa SX de Arquivos, das series documentais pertinentes.
  - Xestión fronte as restantes administracións das autorizacións de acceso aos servizos de interoperabilidade na plataforma PasaXe.
- → **Actualización continuada** da información nos inventarios corporativos de información administrativa.
- → **Optimización continuada** dos procesos e ferramentas de xestión das actividades mencionadas neste apartado, mediante a súa simplificación e automatización.

Área responsable:	*Área de Administración Dixital*

Actividade:	**1.1.9.d. Accións para a simplificación e a desburocratización. Plan de traballo de dixitalización de procedementos 2026-2027.**
Descrición:	En novembro de 2025 aprobouse no Consello da Xunta o "Plan de traballo de dixitalización de procedementos 2026-2027", como extensión do III Plan de Administración e Goberno dixital. A execución do Plan recolle accións xa mencionadas en outras actividades. Esta actividade orientase ao seu seguimento.
Actividades 2026:	→ Desenvolvemento do **sistema de indicadores** de administración dixital para a avaliación do impacto da dixitalización no funcionamento da administración é na relación coa cidadanía. Seguimento dos niveis de dixitalización. → Elaboración dos **informes trimestrais** de seguimento do plan.

Actividade:	**1.1.9.d. Accións para a simplificación e a desburocratización. Plan de traballo de dixitalización de procedementos 2026-2027.**
	→ Licitación do servizo de **analítica de procesos**, automatización e axentes para a automatización.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**1.1.10. Catálogo da rede integrada da presenza da administración pública en internet**
Descrición:	A Lei 4/2019 de, 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, regula a organización da presenza do sector público en Internet, que recolle tanto a referencia institucional do portal institucional web da Xunta de Galicia (www.xunta.gal), como a Rede integrada da presenza en internet, e os instrumentos que a coordinan. Igualmente, inclúense as actividades **Unidade Responsable de Accesibilidade (URA)**, en aplicación do *RD 1112/2018, do 7 de setembro, sobre accesibilidade.*
Actividades 2026:	→ Xestión dos **instrumentos de coordinación da Rede integrada da presenza en internet**, identificados na *Lei 4/2019 de 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia*: Coordinación do catálogo da rede integrada de presenza en internet, que inclúe os portais, canles sociais e servizos en mobilidade. ▪ Elaboración das guías de políticas web corporativas. En 2024 farase especial fincapé nos ámbitos de accesibilidade, presenza en mobilidade, e criterios básicos para a asistencia virtual. ▪ Coordinación da verificación e auditoría de aplicación das guías de políticas web corporativas. → **Xestión operativa do catalogo da rede integrada de presenza en internet:** ▪ Asistencia aos equipos técnicos na aplicación de procedementos, políticas e xestión dos proxectos de portais, canles sociais e mobilidade. ▪ Xestión das publicacións en markets dos servizos en mobilidade. ▪ Xestión dos dominios web. Execución do plan de migración ao dominio.gal ▪ Administración e coordinación das ferramentas transversais e servizos corporativos tanto de web como de intranet: tradutores, compoñentes multimedia, centros de descargas, plataformas corporativas, plataformas de blogs, de enquisas,... así como dos servizos de monitorización de portais. → Xestión das actividades vinculadas á **Unidade Responsable de Accesibilidade (URA)**, en aplicación do *RD 1112/2018, do 7 de setembro, sobre accesibilidade.*
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**1.1.11 Evolución dos portais institucionais**
Descrición:	O portal web xunta.gal é o sitio web institucional da Xunta de Galicia. E obxecto desta actividade a evolución continuada e soporte aos contidos do portal e subportais dependentes. Inclúese neste apartado o portal de transparencia transparencia.xunta.gal e Diario Oficial de Galicia.

Actividade:	**1.1.11.a www.xunta.gal e espazos dependentes**
Actividades 2026:	→ Finalización da renovación tecnolóxica iniciada en 2023 acadando a totalidade dos espazos dependentes. → Evolución continuada do **Portal web institucional** (www.xunta.gal e os seus espazos dependentes), así como do **portal de transparencia** (transparencia.xunta.gal). → Licitación e adxudicación dunha nova fase de evolución dos portais institucionais. → Desenvolvemento de espazos de difusión segundo os criterios de comunicación da Presidencia: ▪ Espazo de difusión do Eclipse2026. ▪ Deseño do espazo tipo de difusión con linguaxe fácil.

Actividade:	**1.1.11.b Diario Oficial de Galicia**
Descrición:	A Lei 4/2019 de, 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, regula no seu título II os aspectos relativos ao **Diario Oficial de Galicia,** o medio de publicidade oficial da Comunidade Autónoma de Galicia a través do cal dáse publicidade ás normas, resolucións, actos administrativos e demais documentos e informacións que sexan obxecto de público coñecemento, de conformidade co ordenamento xurídico vixente. A edición electrónica do Diario Oficial de Galicia publícase na web da Xunta de Galicia desde o 2 de maio do 2011. (https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia). Nesta actividade inclúense os aspectos relativos ao soporte e a evolución funcional e tecnolóxica do sistema que permite a xeración e difusión do DOG. En 2023 levouse a cabo o deseño da nova base tecnolóxica do DOG para abordar a renovación necesaria tanto para evitar a obsolescencia tecnolóxica como a incorporación de novas capacidades para unha elaboración máis áxil e mellor achegamento á cidadanía.
Actividades 2026:	→ Finalización do proceso de **renovación tecnolóxica** do sistema do Diario Oficial de Galicia. → Posta en produción de todos os compoñentes do novo sistema: xestión, edición e publicación do Diario Oficial de Galicia: Portal público, portal do xestor, proceso de xeración. → Análise da aplicación de tecnoloxías IA/PNL para a clasificación automática por temática e colectivos destinatarios dos anuncios publicados.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**1.1.12.//1.1.13 Instrumentos de coordinación e normativos**
Descrición:	Englóbanse dentro desta actividade diversas liñas de actuación orientadas á regulación, coordinación e planificación do desenvolvemento dixital da administración pública galega. → Desenvolvemento normativo da lei 4/2019 de Administración Dixital de Galicia. → Desenvolvemento de instrumentos de cooperación con outros organismos.
Actividades 2026:	→ Continuación co proxecto normativo de regulación de funcionarios públicos habilitados, actualmente en análise por parte da comisión normativa habilitada ao efecto. → Tramitación da **renovación do convenio de cooperación coas administracións locais** para o desenvolvemento da administración electrónica. → Formalización dos instrumentos/acordos/convenio con diferentes institucións para o uso dos sistemas de administración dixital, incluído no catálogo de sistemas dixitais. → Coordinación da Subcomisión de Interoperabilidade e Administración Electrónica, e da Subcomisión de presenza en internet e goberno aberto, atendendo ao novo escenario determinado pola publicación da Lei 4/2019, de 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. → Comunicación co órgano de coordinación estatal "Comité Sectorial da Administración Electrónica", e os seus grupos de traballo. → En relación coa AGE, renovación do convenio de Prestación de solucións básicas de administración electrónica, cando estea dispoñible por parte da AGE.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**1.1.14. Aliñar as iniciativas de administración electrónica coas estatais e europeas**
Descrición:	Para garantir o funcionamento dunha administración dixital coherente e interoperable entre as diferentes administracións do estado é preciso o aliñamento dos criterios de implantación e a integración técnica, semántica e funcional das plataformas. Esta iniciativa recolle as distintas actividades necesarias neste ámbito.
Actividades 2026:	→ Evolución e adaptación continua para manter operativo aliñamento das seguintes plataformas e sistemas: ▪ Rexistro electrónico de apoderamentos de Galicia e o Rexistro electrónico de apoderamentos estatal, no relativo aos apoderamentos de tipo A. (Esta actividade estará condicionada á posta a disposición dos mecanismos de interoperabilidade definidos pola administración xeral do estado). ▪ O Punto Único de Notificacións. ▪ Os protocolos de integración do Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR) e do intercambio de documentos. ▪ Novos servizos de interoperabilidade dispoñibles na plataforma de intermediación de datos do Estado. ▪ Aliñamento continuado dos catálogos DIR3 e SIA co inventario de información administrativa da Xunta de Galicia.

Actividade:	1.1.14. Aliñar as iniciativas de administración electrónica coas estatais e europeas
	▪ Integración da información autonómica precisa na Pasarela Dixital Única, segundo o establecido no Regulamento europeo do 2 de outubro de 2018 relativo á creación dunha pasarela dixital única de acceso a información, procedementos e servizos de asistencia e resolución de problemas. ▪ Intercambio de expedientes electrónicos a través de INSIDE.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Indicadores asociados

Actividade	Indicador	Valor 2026
Indicadores de uso da administración dixital	▪ Número anual de terceiros que fan presentacións en sede electrónica ou rexistro electrónico (1).	830.000
	▪ Número anual de presentacións en sede electrónica ou rexistro electrónico(1)	2.500.000
	▪ % de entradas a través de canle electrónica sobre canle presencial(1)	85%
	▪ % de procedementos con 25 ou máis presentacións anuais con dixitalización integral (nivel 3) (Indicador do plan de traballo para a dixitalización de procedementos)	42%
	▪ % de procedementos con 100 ou máis presentacións anuais con dixitalización integral (nivel 3)) (Indicador do plan de traballo para a dixitalización de procedementos)	45%
	▪ Número de compoñentes transversais novos ou con evolución tecnolóxica	3
	▪ Número de procedementos administrativos a configurar para a súa xestión co sistema w@nda	280
Sistemas para unha administración dixital	▪ Sistema de suscricións de información de interese da guía de procedementos e servizos	Dispoñible para a súa implantación
Promover a tramitación electrónica integral nos	▪ Nº de informes tecnolóxicos-funcionais elaborados	550 ou o 100% dos solicitados (se se solicitan menos)

procedementos da administración pública		
Coordinar a rede integrada da presenza da administración pública en internet	▪ Avance da migración tecnolóxica do DOG. Parte privada e xeración do DOG dispoñible para a súa validación	**Dispoñible**
Instrumentos de coordinación e normativos	▪ Coordinación da adhesión das entidades locais ao novo Convenio coa Administración Xeral do Estado para a prestación mutua de solucións básicas de administración electrónica	**Publicado procedemento e iniciadas as adhesións**
	▪ Tramitación do novo convenio de colaboración coas entidades locais para a compartición de sistemas para o desenvolvemento da administración dixital.	**Asinado**

(1) No indicador teranse en conta todas as canles electrónicas de entrada, é dicir, todas as anotacións de entrada realizadas no rexistro electrónico xeral por canles electrónicas distintas da rede de atención presencial da Xunta de Galicia. (Sede electrónica, SIR, Fides, oficinas electrónicas específicas...)

(2) Este indicador céntrase no nivel de dixitalización na tramitación administrativa, centrándose especificamente nos trámites internos da administración e no seu nivel de dixitalización e automatización. Para o cálculo do indicador teranse en conta unicamente os procedementos e servizos de ámbitos nos que a dixitalización sexa competencia da Amtega, excluíndo os ámbitos con competencias propias de dixitalización (Sanidade, IGAPE, Augas de Galicia, Portos de Galicia...), e terase en conta o número de procedementos dados de alta no Inventario de Información administrativa o 01/01/2024.

1.2 Plan de Administración e goberno dixital – Sistemas para o Empregado Público

A finalidade deste programa é acadar a dixitalización completa dos procesos relacionados co emprego público: Planificación, selección e provisión, avaliación e xestión.

Traballarase na consolidación do expediente dixital do persoal empregado público (expediente persoal electrónico) como elemento facilitador e vertebrador na mellora e simplificación dos procesos e na mellora nas canles dixitais de relación coas persoas empregadas públicas.

Tamén se avanzará na xestión dixital dos procesos vinculados a xestión dos recursos humanos dentro da administración pública galega.

Neste programa de traballo será especialmente relevante a posta en marcha da **plataforma FIDES (https://fides.xunta.gal)** que se converterá na plataforma de xestión de emprego público como sistema único para a relación co persoal empregado público e para a relación coas persoas que optan ao emprego público.

Igualmente será relevante a posta en marcha de sistema sistemas de análise avanzado de información para o apoio a planificación e xestión neste ámbito. Así como a incorporación progresiva de capacidades tecnolóxicas que contribúan a mellora dos procesos nesta materia (automatización de procesos).

Obxectivos

- → Acadar o expediente dixital único do persoal empregado público (expediente persoal electrónico). Ampliar o portal persoal empregado público para a relación integramente dixital coa administración.
- → Renovar o sistema dixital para a xestión dixital integral dos procesos de emprego público (concursos, oposicións, listas de contratación e carreira profesional...). Posta en marcha do portal de acceso aos procesos de emprego público.
- → Evolucionar os sistemas transversais de xestión de recursos humanos.
- → Evolucionar os procesos de acreditación dixital do persoal empregado público.
- → Ampliar o ámbito de implantación a novas entidades dos sistemas corporativos de emprego público.
- → Desenvolver, en liña co programa de xestión do dato, o sistema analítico avanzado de información neste ámbito para o apoio á planificación, análise de cargas, avaliación e xestión.

Actividades

Actividade:	**1.2.0. Sistemas para o emprego público**
Descrición:	As particularidades da dixitalización dos procesos no ámbito do emprego público fan necesario establecer actividades e medidas específicas neste ámbito, que deberán atender ás necesidades dos distintos grupos de interese: ▪ Persoal da DXEPAP involucrado no deseño, planificación e tramitación dos procesos. ▪ As unidades de persoal das Consellerías e entidades. ▪ Persoal empregado público e aspirantes ao emprego público. Pese aos avances realizados nos últimos anos a necesidade de atender os procesos máis urxentes, en moitos casos sobrevidos, impediron definir un plan de traballo a

Actividade:	1.2.0. Sistemas para o emprego público
	máis largo prazo que estableza solucións máis estables e avanzadas en liña coas estratexias establecidas: ▪ Calidade do dato como ferramenta de impulso á automatización. ▪ Autonomía dos xestores e automatización dos procesos. ▪ Uso das oportunidades que achegan as novas tecnoloxías. Polo que como liña de desenvolvemento e continuidade do Plan de Administración e Goberno Dixital. 2025, se concreta a formalización dun **Plan de traballo para a evolución dos sistemas para o emprego público 2026-2028.**
Actividades 2026:	→ Elaboración e aprobación do **Plan de traballo para a evolución dos sistemas para o emprego público co horizonte 2028.** → Dado que xa hai actividades en marcha que quedarán integradas neste plan, o obxectivo do 2026 será presentar o plan, continuar coas liñas existentes e iniciar as que proceda. Nos próximos apartados inclúense actividades que se integrarán como parte do plan.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	1.2.1.a Acadar o expediente persoal electrónico do persoal empregado público
Descrición:	O expediente dixital de cada persoa empregada público configurase como a información e documentos que conforman a historia laboral e curricular do empregado público na súa relación con esta administración pública. O modelo debe estar orientado ao dato único, evitando duplicidades e inconsistencias, e á automatización dos procesos, redundando na redución dos prazos e do esforzo necesario para realizalos. O expediente debe dar cabida aos distintos colectivos de persoal empregado público da Xunta de Galicia e do sector público autonómico. O sistema FIDES (https://fides.xunta.gal) permite ás persoas empregadas públicas, ou que optan a un emprego público, o acceso á consulta da información que del está dispoñible, e solicitar a actualización dos seus datos acreditando os méritos precisos. Esta posibilidade vaise ampliando progresivamente a novos apartados do expediente. En coordinación coa Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, esta actividade está orientada á estruturación do expediente dixital do empregado público, evolución da canle de emprego público FIDES como sistema de acceso ao expediente dixital único, así como a garantir a completar e depurar os seus contidos. E alíñase coa *"RESOLUCIÓN do 5 de decembro de 2023, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións para regular o contido, uso e acceso ao expediente persoal electrónico do persoal empregado público da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das súas entidades públicas instrumentais."*
Actividades 2026:	→ Evolución da canle do emprego público FIDES (https://fides.xunta.gal) como sistema de acceso e xestión do expediente dixital único:

Actividade:	1.2.1.a Acadar o expediente persoal electrónico do persoal empregado público
	▪ Incorporación dos nomeamentos en corpos e escalas doutras administracións públicas, para permitir a verificación do cumprimento de requisitos de participación en concursos de traslados. ▪ Análise e habilitación de novos epígrafes do expediente persoal electrónico, segundo os criterios da comisión de catalogación e as prioridades da DXEPAP (certificacións, outros méritos...). ▪ Implantación da consulta de interoperabilidade do carné de conducir, desenvolta no 2025. → Evolución da canle do emprego público FIDES (https://fides.xunta.gal) como sistema para a configuración dos procesos de xestión de emprego público. → Apoio na identificación de novos procesos susceptibles de **automatización** e evolución e impulso dos procesos xa automatizados (en liña Programa de robotización e automatización).

Actividade:	1.2.1.b Dixitalización dos procesos administrativos na relación co persoal empregado público
Actividades 2026:	→ Mantemento e evolución dos portais de relación cos profesionais que na actualidade recollen servizos dixitais neste ámbito: ▪ O portal de FIDES ▪ O portal https://portax.xunta.es/
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	1.2.3. // 1.2.4. Xestión dixital integral dos procesos de emprego público (concursos, oposicións, listas de contratación e carreira profesional...)
Descrición:	Desenvolvemento e evolución dos servizos dixitais para a xestión dos procesos de selección e provisión (concursos, oposicións, listas de contratación,...) de emprego público. Deben axilizar, simplificar e normalizar os procesos de tramitación, tanto cara aos aspirantes ou participantes nos procesos, como cara aos xestores de persoal. Incorporan os procesos de consulta e solicitude de actualización dos datos do expediente, simplificando o proceso de actualización dos méritos. Así como os modelos de baremación que poda ser utilizado nos diferentes procesos que o requiran, cunha configuración adaptada a cada un. A principal plataforma de xestión dixital do emprego público é a plataforma FIDES (https://fides.xunta.gal) , que se complementa con outros sistemas como é o caso do sistema de citacións electrónicas para os chamamentos nas listas de contratación. Inclúese tamén nesta actividade o apoio e soporte continuo a xestión destes procesos.
Actividades 2026:	→ **Listas de contratación** ▪ Incorporación na xestión das listas de contratación das novidades derivadas da implantación do Plan de Prevención e Defensa contra os

Actividade:	1.2.3. // 1.2.4. Xestión dixital integral dos procesos de emprego público (concursos, oposicións, listas de contratación e carreira profesional...)

Incendios Forestais de Galicia – Pladiga 2026. E da modificación da normativa para a xestión dos chamamentos extraordinarios.
- Adxudicación e inicio do desenvolvemento do novo sistema de xestión de listas de contratación que dea cobertura á nova normativa e ás melloras no proceso e elimine os compoñentes obsoletos tecnoloxicamente. Inicialmente orientarase cara a separación das funcionalidades de inclusión e actualización de méritos e as precisas para as listas en xestión.
- Mellora continua do sistema de citacións electrónicas para os chamamentos de listas de contratación.

→ **Concursos de traslados**

- No sistema actual de xestión de concursos: Configuración dos cambios no baremos e evolución das funcionalidades para a baremación dos concursos de traslados utilizando a información do expediente electrónico dos profesionais en FIDES.
- Implantación do proceso de concurso aberto e permanente nun conxunto reducido de corpos e escalas de cara a pilotar o proceso completo no 2026 e valorar a súa extensión de xeito xeral no 2027 .

→ **Procesos selectivos**

- Incorporación de melloras que faciliten a xestión interna dos procesos.

→ **Carreira profesional**

- Consolidación do proceso de baremación e desenvolvemento de utilidades para a revisión e tramitación das solicitudes.
- Consolidación da información dos grados de carreira do persoal no sistema FIDES.

→ **Apoio continuo aos procesos de selección e provisión** realizados durante o ano: configuración de novos procesos, soporte e atención ás persoas usuarias, incorporación de melloras e das adaptacións específicas necesarias. Iránse concretando ao longo do ano en función de prioridades. Entre outros:

- Apertura do prazo ordinario anual de inscrición nas listas de contratación.
- Novos baremos necesarios para o proceso de carreira profesional.
- Configuración de convocatorias de procesos selectivosInicio do grupo de traballo para a análise da implementación dos procesos de concurso en FIDES. Precisaranse reunións durante os meses de maio e xuño para definir os escenarios e as alternativas de cara a presentar unha proposta a DXEPAP para decidir o enfoque a abordar e establecer o plan de traballo.

Área responsable:	*Área de Administración Dixital*

Actividade:	**1.2.5. Evolucionar os procesos de acreditación dixital do persoal empregado público**
Descrición:	Acreditación dixital dos empregados públicos. Dotación inicial e renovación continuada dos certificados e tarxetas criptográficas de empregado público. Desenvolvemento dos sistemas para a xestión destes procesos. Esta iniciativa inclúe o persoal da administración pública autonómica e o vinculado á administración de Xustiza en Galicia. Inclúe ademais a colaboración coa Consellería de Educación para o establecemento dos procesos de acreditación do persoal docente. Organízase a través dos Puntos de Acreditación Dixital (PAD) xestionados polo persoal da Amtega e distribuídos polas 7 cidades galegas.
Actividades 2026:	→ **Evolución continua do sistema integral de acreditación dixital** do empregado público, incluíndo todos os ámbitos (xunta, xustiza, educación, ...), considerando un modelo xeográfico distribuído de acreditación e a extensión do modelo de acreditación en mobilidade. → Mantemento e **renovación continuada da acreditación dixital** do persoal empregado público acreditado. ▪ Renovación das tarxetas criptográficas para garantir a súa continuidade como dispositivos seguros de creación de firma (QSCD) de acordo co establecido na normativa ao respecto. ▪ Extensión da distribución dos certificados en mobilidade.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**1.2.7 Evolucionar continua do sistema de xestión de recursos humanos**
Descrición:	Evolución continuada dos sistemas e módulos que compoñen a plataforma para a xestión de recursos humanos. Inclúe como subsistemas principais (non se inclúen os relativos aos apartados anteriores): ▪ A xestión da Relación de Postos de Traballo (XESPER). ▪ Os sistemas para os departamentos de xestión de persoal - MATRHIX. ▪ Os sistemas para os responsables de unidades - Morfeo. ▪ O sistema de control horario (fichaxe) – KRONOS ▪ O sistema de citacións para recoñecementos médicos. ▪ E diversos sistemas de xestión para o soporte aos procesos da D.X. de Emprego Público e Administración de Persoal.
Actividades 2026:	→ Impulso ao **Sistema de xestión de Ofertas de Emprego Público** que permitirá a xeración e seguimento de execución das ofertas. → **Indicadores e cadros de mando** (en liña coas actuacións do 1.7 Programa de xestión intelixente do dato). Mantemento e evolución dos cadros de mando e sistemas de análise neste ámbito: ▪ Cadros de mando e modelos de informes relacionados co control de fichaxe e o absentismo. ▪ Cadro de mando de seguimento de procesos selectivos e execución da Oferta pública de emprego. ▪ Cadro de mando de persoal.

Actividade:	**1.2.7 Evolucionar continua do sistema de xestión de recursos humanos**

- → Evolución continuada e mantemento dos sistemas e compoñentes que configuran a plataforma tecnolóxica para a xestión de recursos humanos: sistema para os servizos de persoal (MATRHIX e XESPER), sistema para os departamentos (morfeo), diversos sistemas de xestión na DXEPAP, xestión das RPT, sistemas de fichaxe. Esta liña de evolución continuada refírese a garantir aspectos vinculados a usabilidade, estabilidade, escalabilidade, dispoñibilidade ou actualización tecnolóxica.
- → Implantación das funcionalidades para dar cobertura ao **Rexistro de Funcionarios Habilitados**.
- → Evolución do sistema de **tramitación de expedientes** da DX, Trasno, como peza que integre a tramitación administrativa e documental e a integración coas ferramentas transversais de administración electrónica.

Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Indicadores asociados

Actividade	Indicador	Valor 2026
Acadar o expediente dixital único do empregado público	▪ Posta en marcha do epígrafe de nomeamentos (corpos e escalas) doutras administracións públicas.	**Dispoñible**
Xestión dixital integral dos procesos de emprego público	▪ Posta en marcha do novo sistema de concurso de traslados aberto e permanente nos corpos e escalas piloto	**Dispoñible**
	▪ Adaptación do sistema de listas de contratación para a xestión dos chamamentos extraordinarios	**Dispoñible**
Evolucionar continuamente os sistemas transversais nesta materia	▪ Evolución do sistema de obtención de vacantes	**Dispoñible**
	▪ Número de sistemas de xestión e información ou grandes funcionalidades en mantemento, evolucionados ou novos	**12**

1.3 Plan para a xestión dixital da Axencia Tributaria

Este programa ten como finalidade continuar co proceso de dixitalización dos Sistemas de Información Tributaria que prestan servizo á Axencia Tributaria de Galicia e á cidadanía, sempre de acordo á normativa vixente e ás normas técnicas de seguridade e interoperabilidade. Para levar a cabo este proceso de transformación dixital, traballarase principalmente en tres ámbitos:

- **Relación coa cidadanía:** impulsaranse **melloras que faciliten o cumprimento das obrigas tributarias e optimicen a experiencia de uso**, como a nova aplicación web de axuda á liquidación do imposto de sucesións ou a integración coa Dirección Xeral de Tráfico para comunicar a presentación dos impostos de medios de transporte usados. Ademais, incluirase o **redeseño completo da Oficina Virtual Tributaria (OVT)** cunha nova interface, a **migración dos servizos do modelo 620**, **novos servizos** como as solicitudes AEAT de información non estruturada e de valoración previa, e a **ampliación da app da Atriga** con funcionalidades como o pago de embargos e a descarga de xustificantes por xiro postal e por domiciliación SEPA. Tamén se xeneralizará o uso da videoatención tributaria ampliando o seu ámbito de aplicación.
- **Mellora da eficiencia interna**: seguiranse evolucionando e mantendo os sistemas que soportan os procedementos e actuacións da Atriga. Isto inclúe a integración progresiva das funcións de todas as zonas de recadación, a incorporación de novas funcionalidades nos sistemas documentais como **Aporta** e no **sistema de valoración Lanx** (por busca de testemuñas), así como a automatización de tarefas que sexan susceptibles de realizarse de forma automática. Tamén se continuará coa integración con servizos doutras administracións, como o expediente electrónico cos Tribunais Económico-Administrativos ou co INNS e a Tesourería Xeral da Seguridade Social para os procesos de recadación executiva. Engádense novas liñas de actuación como a autoxestión das débedas en voluntaria no sistema XEITO, a mellora do módulo de xestión tributaria (cruces, planificación e asignación de tarefas), novas integracións, novos casos de uso de RPA unha nova intranet para a Atriga.
- **Loita contra a fraude**: continuarase co desenvolvemento dunha plataforma baseada na analítica avanzada, orientada á detección temperá e eficiente da fraude tributaria. Procederase á mellora dos procesos de xeración e organización dos cruces tributarios para obter datos máis estruturados, á incorporación sistemática de información procedente das actuacións inspectoras, á explotación analítica avanzada orientada á identificación de padróns de risco e valores de referencia e ao reforzo dos módulos tributarios do SIAN para dar soporte aos procesos de control e inspección.

Obxectivos

- Realizar a evolución funcional, mantemento adaptativo e correctivo, así como o soporte técnico dos sistemas de información analítica e de xestión da Atriga, xunto coa plataforma de pagamentos da Xunta de Galicia.
- Dar soporte técnico, evolución e mantemento correctivo á infraestrutura tecnolóxica do servizo de atención á cidadanía da Atriga.
- Actualizar e mellorar as contornas web da Atriga e a Oficina Virtual Tributaria (OVT).
- Automatizar e coordinar os procedementos e servizos tributarios.
- Promover o uso de ferramentas de análise avanzada para optimizar a Xestión tributaria e reforzar a loita contra a fraude.

→ Asegurar un servizo de atención ao usuario eficaz, tanto remoto como presencial, nos diferentes centros da Atriga, incorporando o servizo de videoatención tributaria.

→ Dotar os sistemas da Axencia Tributaria de ferramentas e mecanismos que garantan a súa interoperabilidade con outros organismos e administracións.

Actividades

Actividade:	**1.3.1. Evolución do sistema de información tributaria XEITO**
Descrición:	O sistema de información XEITO é un sistema centralizado posto en marcha en 1993 e consiste nun conxunto de aplicacións que, xunto co catálogo de servizos electrónicos da Oficina Virtual Tributaria (OVT) e co programa de Axuda á Liquidación do Imposto de Sucesións (ALISe) abarcan a xestión dos impostos e tributos competencia da Axencia Tributaria de Galicia. Inicialmente o sistema Xeito só contemplaba a xestión parcial dos tributos cedidos: Transmisións, Vehículos Usados, Sucesións e Doazóns. Gradualmente fóronse engadindo novas funcionalidades e actualmente existen módulos operativos para a maioría das figuras e procedementos tributarios. Principais módulos operativos por áreas funcionais: ▪ **Información e Asistencia e Xestión tributaria:** ▪ Tributos cedidos: Transmisións patrimoniais e AXD, Transmisión de medios de transporte usado, Sucesións e doazóns, Documentos sucesorios. ▪ Tributos propios (canon eólico, IDMAE, ICAM,...) e sobre o Xogo (bingo, casinos,...). ▪ Requirimentos, Notificacións, Recursos (comúns a todas as áreas). ▪ Integración con sistemas terceiros: DGT, Catastro, Colexio de Notarios, CIRCE, etc. ▪ **Recadación:** ▪ Sistema centralizado de recadación, Ingresos, Aprazamentos e fraccionamentos, Domiciliacións, Domiciliacións SEPA, Anulacións e providencias, Devolución de ingresos indebidos, Conciliación, Xestión de débedas en executiva de entes externos, Embargos AEAT, etc. ▪ **Inspección/Valoracións:** ▪ Valoracións de bens, Valoracións/informes de inspección, Módulo de inspección, etc.
Actividades 2026:	→ Novas funcionalidades para posibilitar a autoxestión polos entes das débedas en voluntaria. → Iniciar traballos para a evolución do módulo de xestión tributaria: cruces, plan tarefas, asignación tarefas a persoal xestor, ... → Asistencia á cidadanía: Modelo 651 Doazóns. → Integracións con sistemas terceiros: ▪ AEAT: Envío débedas + APC's. ▪ DGT-IDEX: Comunicación da presentación do tributo. ▪ Pasaxe!: Certificado de familia monoparental. → Acuse electrónico PEE nas notificacións internas.

Actividade:	**1.3.1. Evolución do sistema de información tributaria XEITO**
Área responsable:	***Área de Transformación dixital da Facenda autonómica***

Actividade:	**1.3.2. Oficina Virtual Tributaria**
Descrición:	A Oficina Virtual Tributaria (OVT) é unha plataforma telemática que permite á cidadanía a realización de trámites vía Internet: https://ovt.atriga.gal/ con varias modalidades de acceso: libre, autenticado ou restrinxido con autorización Atriga. Trátase dun portal orientado a servizos cun variado catálogo de aplicacións que permiten a confección/impresión de modelos de autoliquidacións, declaración, pago e presentación de autoliquidacións, así como a presentación de solicitudes/documentación. ▪ **Declaración de tributos**: cumprimentar en liña os modelos para a autoliquidación e a súa impresión xa cubertos para realizar o pago e a súa presentación presencial. ▪ **Declaración e pago telemático de tributos**: autoliquidación, pago telemático, presentación e obtención dos xustificantes dos distintos impostos: transmisións patrimoniais e AXD (modelo 600), medios de transporte usado (modelo 620), Sucesións (modelo 650), doazóns (modelo 651), taxas fiscais e tributos sobre o xogo (Bingo, Casinos, Apostas,...), tributos propios (Canon eólico, IDMAE, ICAM,...), autoliquidación e pago de taxas, prezos, multas e sancións, etc. coas seguintes modalidades de pago son: TPV-V, Bizum e cargo en conta. ▪ **Servizos Xerais**: presentación de solicitudes/documentos, valoración de bens inmobles e de vehículos usados, certificado de débedas/patrimonio, consulta e pago de débedas, etc. A Atriga tamén pon ao dispor da cidadanía unha aplicación móbil (app Atriga) que ofrece os servizos electrónicos máis destacados da OVT: autoliquidación de taxas/prezos, pago telemático de multas/sancións, consulta/pago de débedas, certificado débedas/patrimonio, etc.
Actividades 2026:	→ Renovación da Oficina Virtual Tributaria cun deseño máis moderno e doado de usar. → Novas funcionalidades en simulador de prazos: alegacións, requirimentos, recursos... → Migración dos servizos de valoración e autoliquidación, pago e presentación do imposto de medios de transporte usado (modelo 620). → Novo servizo Solicitudes AEAT para información non-estruturada. → Novo servizo Solicitudes de valoración previa. → Migración do servizo Presentación de recursos. → Novos servizos na app: pago de embargos e consulta/descarga de xustificantes de pago por xiro postal e por domiciliación SEPA.
Área responsable:	***Área de Transformación dixital da Facenda autonómica***

Actividade:	1.3.3. Sistema documental Aport@
Descrición:	O sistema documental é un sistema multientidade que entrou en funcionamento en 2017 na Atriga gradualmente nas distintas delegacións, oficinas liquidadoras (OLDH) e oficinas de presentación (ODH) coas series de presentación de autoliquidacións dos impostos cedidos (transmisións, vehículos, sucesións, doazóns e documentos sucesorios). **Aport@** consta de tres módulos principais: ▪ **Dixitalización/Catalogación:** Incorporación de documentos en papel ou nativos electrónicos e catalogación consonte aos tipos documentais previamente definidos. ▪ **Xestor documental:** Repositorio de expedientes e documentos electrónicos. ▪ **Dixitalización masiva:** Posibilita a dixitalización de grandes volumes de documentos. Tamén se implementou unha nova entidade para dar soporte á documentación do Rexistro Xeral de Contratistas (RXC). Atópase en continua actualización de series documentais nas áreas de xestión tributaria, recadación, inspección e valoracións, entre outros, revisando procesos e datos que posibilitan a integración do sistema documental co sistema tributario para obter os metadatos xa rexistrados en Xeito que cualifican os documentos que se consolidan no xestor documental. Para mellorar a interoperabilidade de Aport@ e ofrecer novas funcionalidades desenvolvéronse conectores para integrar cos servizos electrónicos, implementouse a integración co Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia e co Tribunal Económico Administrativo Rexional (TEAR), habilitáronse as figuras de documentos de traballo, diferenciación entre dixitalización dun orixinal ou dunha copia, reutilización de documentación asociada a outros expedientes, melloras na previsualización de imaxes, novo formato de índice electrónico en PDF (representación gráfica do índice electrónico XML definido no Esquema Nacional de Interoperabilidade) para amosar a relación de cartafoles e documentos electrónicos cunha estrutura máis simple e clara, exportación selectiva de documentos e expedientes para agrupar documentos relacionados e conformar expediente electrónico concreto, etc.
Actividades 2026:	→ Integración Aport@ – HUB TEA para recepcionar as resolucións emitidas polos TEARs. → Novas series documentais. → Inicio de traballos para implementar avisos/alertas de resolucións TEARs no sistema tributario Xeito.
Área responsable:	*Área de Transformación dixital da Facenda autonómica*

Actividade:	1.3.4. ALISweb: nova aplicación web para a liquidación do imposto de sucesións
Descrición:	A Atriga dispón actualmente da aplicación **ALISe** para facilitar a autoliquidación, pago e presentación do imposto de sucesións. Trátase dunha aplicación de escritorio que implica a instalación local en plataformas Windows, Apple e Linux, pero limita o seu uso a equipos de escritorio. Para facilitar á cidadanía o uso en calquera dispositivo e plataforma estase traballando nunha nova aplicación web multidispositivo que posibilitará a creación,

Actividade:	1.3.4. ALISweb: nova aplicación web para a liquidación do imposto de sucesións
	validación, xeración e presentación telemática do modelo 650 só coa limitación de dispor de conexión á Internet. Esta nova aplicación agregará valor pola súa simplificación e posibilidade de execución e recuperación das operacións dende distintos dispositivos.
Actividades 2026:	→ Completar desenvolvementos para ter en conta calquera tipo de herdanza. → Posta en marcha.
Área responsable:	***Área de Transformación dixital da Facenda autonómica***

Actividade:	1.3.5. Outros sistemas ou actuacións relacionadas cos sistemas de información tributarios
Descrición:	A Atriga dispón doutros sistemas e ferramentas para facilitar ao persoal funcionario o traballo diario, así como para facilitar á cidadanía cumprir coas súas obrigas tributarias. Os máis salientables son **Lanx**, **videoatención** e **sinatura biométrica.** Lanx é un **sistema de valoración subxectiva** baseada en comparativa de valores inmobiliarios (testemuñas) con orixe taxadoras e valores conformes de Xeito. Permite aplicar coeficientes correctores, calcular o valor do ben e xerar o ditame que inclúe certificación da orixe das testemuñas e, de ser o caso, fotos, planos, etc. Estes ditames intégranse nas notificacións tributarias que se remiten aos contribuíntes. Por outra banda, tamén dispón dunha **solución de teleatención á cidadanía por videochamada (videoatención).** Inicialmente, enfocouse no contexto das actas de inspección; cómpre xeneralizar o seu uso e evolucionar este canal de videoatención para dotalo de novas funcionalidades estudando outras funcións ou actuacións que a Atriga considere de interese para a cidadanía. E ademais, a Atriga solicita, naqueles procedementos tributarios que requiran a sinatura da persoa interesada, unha solución que posibilite a **sinatura baseada na captación de datos biométricos**. Trátase de sinatura biométrica que posibilitará á cidadanía asinar a documentación nun dispositivo electrónico evitando a impresión de documentos e a posterior dixitalización para incorporar ao expediente electrónico.
Actividades 2026:	→ Melloras funcionais e operativas no sistema Lanx: novos modelos VC, SR e SU e novo visor integrado de PDF. → Xeneralización no uso do sistema de videoatención tributaria en Inspección con formación previa e avaliación doutros casos de uso na Atriga. → Proxecto piloto de sinatura biométrica.
Área responsable:	***Área de Transformación dixital da Facenda autonómica***

Actividade:	**1.3.6. Automatización de procesos (RPA)**
Descrición:	A automatización de procesos (**Robotic Process Automation, RPA**) está dispoñible na Atriga para distintas tarefas tediosas e repetitivas que restan moito tempo ao persoal e que son fonte de fallos. O RPA é un axente software que simula o comportamento das persoas e polo **tanto leva a cabo tarefas repetitivas de xeito controlado e seguro.** Procesos automatizados operativos dende a posta en marcha do RPA: ▪ VEH01: Xestión de autoliquidacións telemáticas. ▪ TVL01: Peche expedientes notificados e cancelados. ▪ TVL02: Peche expedientes en xestión procesados. ▪ VEH02: Xestión de paralelas vehículos. ▪ VEH03: Xestión de liquidacións caucionais. ▪ GEZ01: Peche de expedientes ZET notificados e cancelados. ▪ ING01: Requirimentos autoliquidacións ingresadas e non presentadas.
Actividades 2026:	→ Deseño, desenvolvemento e posta en marcha dos casos de uso: ▪ ESC01: Solicitar escrituras pendentes. ▪ VAL01: Pechar expedientes con valor declarado conforme co Valor Referencia de Catastro. → Refinamento de procesos automatizados para mellorar a eficiencia. → Inicio, avaliación/descubrimento de novos casos de uso das distintas áreas funcionais da Atriga: Información e Asistencia, Xestión tributaria, Inspección/Valoracións e Recadación.
Área responsable:	***Área de Transformación dixital da Facenda autonómica***

Actividade:	**1.3.7. Evolución da aplicación Delfos**
Descrición:	Amtega dispón dun sistema de información que permite aos usuarios da Axencia Tributaria de Galicia obter as operacións tributarias e contables vinculadas a un contribuínte ou a un grupo deles. Delfos axuda na toma de decisións sobre a realización de actuacións de control dentro do marco do Plan Xeral Tributario. Con frecuencia é necesario evolucionar o sistema pola incorporación de novas fontes de información ou a solicitude de novas funcionalidades.
Actividades 2026:	→ Implantación de novas funcionalidades. → Corrección de erros detectados
Área responsable:	***Área de Transformación dixital da Facenda autonómica***

Actividade:	**1.3.8. Evolución da área tributaria do Sistema de Información Analítica**
Descrición:	Amtega dispón dun Sistema de Información Analítica (SIAN) orientado a dar resposta ás necesidades de información da organización tanto de xeito vertical para cada sistema de información, como ofrecendo unha visión transversal corporativa. Esta actividade está dirixida a continuar coa evolución tecnolóxica e funcional dos elementos que constitúen a Área Tributaria do Sistema de Información Analítico, consolidar o sistema de indicadores tributarios e coordinar e aliñar os diferentes sistemas de análise tributarios existentes ou os que poidan xurdir.
Actividades 2026:	→ Módulo de ingresos: Control casuísticas especiais. → Informe de cruce de datos de TPV e ingresos para obter as diferenzas. Domiciliacións SEPA. Pagos por transferencia. → Módulo de operacións realizadas polo contribuínte: Información relativa operacións da OVT. → Plan de formación da Atriga: Informes de xestión de colas. Tabulares. Cadros de mando. → Beneficios/rebaixas fiscais: Incorporar DON e SUC. → Información de devolucións para informe de auditoría da Intervención Xeral. → Melloras no módulo da recadación executiva: Adaptación aos cambios (supresión das zonas de recadación executiva). → Incorporación do módulo de embargos. → Revisión do módulo de notificacións. → Informe sobre valoracións por valor de referencia. → Peticións de información periódicas. Actualización de informes antigos. → Desenvolvemento de novos elementos de difusión da información (informes, cubos...) sobre as diferentes áreas.
Área responsable:	***Área de Transformación dixital da Facenda autonómica***

Actividade:	**1.3.9. Emprego de medidas de analítica avanzada na detección do fraude**
Descrición:	A experiencia obtida en anos anteriores indica que un sistema de análise avanzada do fraude require datos de entrenamento ben estruturados. É necesario mellorar os procesos actuais de xeración de cruces tributarios para conseguir datos mellor organizados e incorporar a información obtida das labores inspectoras realizadas a partires de eses datos.
Actividades 2026:	→ Mellora do sistema de xeración de datos de cruces tributarios e explotación dos datos resultantes con técnicas de analítica avanzada. → Módulo de ingresos: incorporación de información de ingresos previos á contabilización, métodos de pagamento e devolucións.
Área responsable:	***Área de Transformación dixital da Facenda autonómica***

Actividade:	**1.3.10. Renovación do portal da Oficina Virtual Tributaria (OVT)**
Descrición:	A evolución da OVT en 2026 transcende o aspecto visual para centrarse nunha reestruturación profunda da súa arquitectura e experiencia de uso co fin de facilitar o cumprimento das obrigas tributarias.
Actividades 2026:	→ **Arquitectura da información:** ▪ Visión unificada do contribuínte: Implantación dun modelo baseado no dato único, permitindo ao cidadán visualizar de forma integral todos os servizos dispoñibles, evitando duplicidades e redundancias. ▪ Segmentación por temáticas: Crearase unha estrutura diferenciada organizando os servizos e modelos tributarios segundo as necesidades específicas de cada ámbito. ▪ Navegación baseada na tarefa: Reorganización da información para priorizar os trámites máis frecuentes, incorporando un buscador sempre visible que guíe a persoa usuaria cara ao servizo adecuado. → **Experiencia de persoa usuaria (UX) optimizada e asistida:** ▪ Omnicanalidade e mobilidade: Adaptación do portal para garantir unha experiencia 100 % usable en dispositivos móbiles. ▪ Simplificación da autenticación: Integración nativa de Chave365 como método principal de identificación e sinatura electrónica sinxela, eliminando fricciónss técnicas no proceso. ▪ Linguaxe administrativo claro: Redeseño das notificacións e textos informativos mediante un resumo simplificado, afastándose da terminoloxía xurídica complexa para achegar a administración á cidadanía.
Área responsable:	***Área de Transformación dixital da Facenda autonómica***

Actividade:	**1.3.11. Nova intranet para a Atriga**
Descrición:	A creación dunha nova intranet moderna para a Atriga orientarase cara a un modelo avanzado de posto de traballo dixital.
Actividades 2026:	→ **Renovación tecnolóxica** (Liferay 7.4): Substituiranse sistemas obsoletos por unha plataforma baseada en Liferay 7.4, facilitando a xestión interna e a comunicación entre departamentos. → **Experiencia da persoa usuaria interna:** Mellorarase a interface de visualización e o acceso á información, incorporando solucións de traballo colaborativo para optimizar o rendemento diario.
Área responsable:	***Área de Transformación dixital da Facenda autonómica***

Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2026
Evolución do sistema de información tributaria XEITO	▪ Autoxestión polos entes das débedas en voluntaria	En Produción
	▪ Iniciar traballos para evolución do módulo de xestión tributaria	Iniciados
	▪ Asistencia á cidadanía Modelo 651	En Produción
	▪ Integración AEAT e Pasaxe!	En Produción
	▪ Acuse electrónico PEE	Operativo
Evolución doutros sistemas de información tributaria: Aport@, Lanx, ALISe, e-Poxas, etc.	▪ Integración Aporta – HUB TEA: recepción das resolucións TEARs	En Produción
	▪ Novas series documentais	En Produción
	▪ Avisos/alertas de resolucións TEARs en Xeito	Iniciados / En probas
	▪ Posta en marcha ALISweb	En Produción
	▪ Lanx	En Produción
	▪ Videoatención tributaria	Activa en todas as Delegacións Atriga
	▪ Sinatura biométrica	En desenvolvemento
Oficina Virtual Tributaria (OVT)	▪ OVT: nova UI/UX	En Produción
	▪ Novas funcionalidades no simulador de prazos	En Produción
	▪ Migración do servizo Modelo 620	En Produción
	▪ Novo servizo Solicitudes AEAT	Entrega para validación
	▪ Novo servizo Solicitudes de valoración previa	Iniciados
	▪ Migración do servizo presentación de recursos	Iniciados
	▪ Novos servizos app: pago de embargos e consulta/descarga de xustificantes de pago por xiro postal e por domiciliación SEPA	En Produción
	▪ Renovación do portal da Oficina Virtual Tributaria (OVT)	En Produción

Automatización de procesos (RPA)	▪ Automatizado XES01	**En Produción**
	▪ Automatizado VAL01	**En Produción**
	▪ Iniciar avaliación e descubrimento de novos casos de uso	**Iniciados**
Evolución da aplicación Delfos	▪ Implantación de novas funcionalidades	**En Produción**
	▪ Corrección de erros detectados	**100%**
Emprego de medidas de analítica avanzada na detección da fraude	▪ Mellora do sistema de xeración de datos de cruces tributarios e explotación dos datos resultantes con técnicas de analítica avanzada	**1**
Evolución da área tributaria do Sistema de Información Analítica	▪ Módulo de ingresos: Control casuísticas especiais	**En Produción**
	▪ Módulo de ingresos: Informe de cruce de datos de TPV e ingresos para obter as diferenzas.	**En Produción**
	▪ Módulo de ingresos: Domiciliacións SEPA	**En Produción**
	▪ Módulo de operacións realizadas polo contribuínte: Información relativa operacións da OVT	**En Análise**
	▪ Plan de formación da Atriga	**Finalizado**
	▪ Beneficios/rebaixas fiscais	**En Produción**
	▪ Información de devolucións	**En Produción**
	▪ Melloras no módulo da recadación executiva	**En Análise**
	▪ Incorporación do módulo de embargos	**En desenvolvemento**
	▪ Revisión do módulo de notificacións	**En Análise**
	▪ Informe sobre valoracións por valor de referencia	**En Produción**
	▪ Peticións de información periódicas	**En desenvolvemento**
	▪ Desenvolvemento de novos elementos de difusión da información	**En desenvolvemento**
Nova Intranet ATRIGA	▪ Nova intranet para a Atriga	**En Produción**

1.4 Medidas para a xestión dixital económico-financeira e contable

Estas actuacións teñen como obxectivo **continuar impulsando a dixitalización dos sistemas de información económico-financeiros e contables** que ofrecen servizos horizontais á Administración Xeral da Xunta de Galicia e ás entidades do sector público autonómico.

A transformación dixital desenvolverase conforme á normativa vixente e ás normas técnicas de seguridade e interoperabilidade, centrando os esforzos na evolución, desenvolvemento e actualización dos principais sistemas de xestión e información utilizados pola administración galega para a xestión contable e orzamentaria. Isto inclúe tamén os sistemas que soportan o ciclo completo da contratación pública como o xestor de expedientes de contratación ou a plataforma de factura electrónica, así como as solucións tecnolóxicas que posibilitan a elaboración e tramitación das nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica.

Cómpre salientar tamén a **importancia dos traballos relacionados coa evolución e desenvolvemento das ferramentas destinadas á xestión dos fondos europeos**, que deberán adaptarse para incorporar os novos mecanismos de financiamento como os correspondentes ao período FEDER 2021-2027. Así mesmo, farase un esforzo destacado para dotar á Consellería de Facenda e Administración Pública de novas ferramentas que faciliten a toma de decisións nos ámbitos de persoal, seguimento de pagos de subvencións ou execución orzamentaria.

Obxectivos

- → Evolucionar, manter e ofrecer soporte técnico ao sistema de información contable da Xunta de Galicia, das entidades do sector público autonómico e ao Nodo de Contratación Pública.
- → Mellorar funcionalmente e actualizar a plataforma e contorna web para a elaboración dos orzamentos e a planificación plurianual da Comunidade Autónoma.
- → Evolucionar funcionalmente, realizar o mantemento correctivo e ofrecer soporte técnico á plataforma de información pública sobre fondos europeos xestionados.
- → Actualizar, manter e dar soporte técnico ao sistema de Nómina da Xunta de Galicia.
- → Mellorar funcionalmente e actualizar os sistemas de inventario do patrimonio e de xestión de riscos.
- → Prestar soporte técnico e realizar a evolución e mantemento dos sistemas de información analítica das diferentes direccións xerais.
- → Garantir un servizo de atención eficaz, tanto presencial como remoto, ás persoas usuarias da Consellería de Facenda e Administración Pública en todos os seus centros.
- → Facilitar ferramentas que aseguren a interoperabilidade dos sistemas da Consellería con outras administracións públicas.
- → Implantar Plation como o sistema único de xestión de expedientes de contratación. Esta iniciativa permitirá unificar criterios, mellorar a eficiencia operativa e garantir un maior control e trazabilidade en todos os procedementos de contratación pública, asegurando ademais o cumprimento da normativa vixente.
- → Renovar tecnolóxicamente e visualmente os portais corporativos e temáticos da Consellería (Garantía Xuvenil, Fondos Europeos, Plan Estratéxico, Orzamentos, Consellería de Facenda e Atriga).

Actividades

Actividade:	**1.4.1. Implementación de novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información do ámbito da contabilidade pública**
Descrición:	Desenvolvemento, mantemento e evolución funcional e tecnolóxica dos distintos **sistemas de información que dan soporte aos procesos de xestión, tramitación, fiscalización, contabilización do gasto e do ingreso**, rendición de contas, análise financeira e de execución orzamentaria.
Actividades 2026:	→ Sistema de información de contabilidade orzamentaria [XUMCO]. → Estender a tramitación contable electrónica dos documentos de gasto a novas consellerías e entidades. → Automatización da carga de datos de subvencións dende XUMCO a CAPIN-BNDS. → Continuación coa evolución funcional e tecnolóxica cara a servizos web (CINCON) da capa de integración con XUMCO para aplicacións externas. → Integración co rexistro de contratos de Plation que substituíra ao de XUMCO. → Implantación do novo Plan Xeral Contable de Galicia. → Continuación co soporte técnico e funcional no proceso de Integración en XUMCO das universidades galegas. → Implementación en XUMCO dun procedemento automatizado de verificación da titularidade das contas bancarias. → Xestión das liñas de actuación a un nivel máis detallado: por Fondo en vez de por Tipo de Financiamento. → Mellora do procedemento de traspaso do orzamento de capitulo 1 dende XUMCO para actualizar os importes do orzamento agregado.
Área responsable:	***Área de Transformación dixital da Facenda Autonómica***

Actividade:	**1.4.2. Implementación de novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información orzamentaria**
Descrición:	Desenvolvemento, mantemento e evolución funcional e tecnolóxica dos distintos **sistemas de información que dan soporte á elaboración, edición, publicación e análise dos orzamentos** e da súa execución tanto das entidades do sector público autonómico con orzamento limitativo como estimativo.
Actividades 2026:	→ Disposición de **datos homoxeneizados** a nivel máis detallado no orzamento agregado. → Integración de todas as fases do proceso de elaboración da **Lei de Medidas Fiscais e Administrativas e da Lei de Orzamentos.** → Mellora da **previsión de ingresos** capturando dúas anualidades futuras e detallar por eixo-medida en fondos europeos. → Novo sistema para axilizar en **CODEX** a tramitación dos expedientes de modificación de crédito xerando con IA os acordos de resolución.
Área responsable:	***Área de Transformación dixital da Facenda Autonómica***

Actividade:	**1.4.3. Implementación de novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de xestión e certificación dos fondos europeos e de compensación interterritorial**
Descrición:	Desenvolvemento, mantemento e evolución funcional e tecnolóxica dos distintos **sistemas de información que dan soporte á xestión, control e certificación dos fondos europeos e FCI.**
Actividades 2026:	→ Mellorar funcionamento xeral e experiencia de usuario en Fondos2127. → Implementación de novas funcionalidades en Fondos2127 (carpeta de gastos e versionado de operacións/proxectos entre outras). → Certificacións de fondos a CoFFEE e UAFSE. → Implementar en Participa2127 o cálculo e exportación de datos de indicadores no formato requirido pola IGAE. → Autenticación en Participa2127 mediante certificados e tokens. → Implementar en Participa2127 un mecanismo para ocultar preguntas con unha única resposta posible.
Área responsable:	***Área de Transformación dixital da Facenda Autonómica***

Actividade:	**1.4.4. Implementación de novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de xestión e control de operacións e entidades financeiras**
Descrición:	Desenvolvemento, mantemento e evolución funcional e tecnolóxica dos distintos **sistemas de información que dan soporte á xestión, control e rexistro das entidades e operacións financeiras.**
Actividades 2026:	→ Novo sistema para o Rexistro Público de Distribuidores de Seguros e presentación da **Declaración Estatístico Contable anual (MEDSEG)**. Sistema de información do Rexistro de Distribuidores de Seguros
Área responsable:	***Área de Transformación dixital da Facenda Autonómica***

Actividade:	**1.4.5. Implementar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información do ámbito da tesouraría**
Descrición:	Desenvolvemento, mantemento e evolución funcional e tecnolóxica dos distintos **sistemas de información que dan soporte aos procedementos de pagos e a xestión e control da tesouraría.**
Actividades 2026:	→ Posta en produción da **nova aplicación de xestión da Caixa Xeral de Depósitos** (GARANTA). → Desenvolvemento da **tramitación electrónica completa** da operativa de constitución de garantías en metálico en GARANTA. → Integrar en GARANTA a xestión da solicitude das ordes de cancelación de garantías.
Área responsable:	***Área de Transformación dixital da Facenda Autonómica***

Actividade:	**1.4.6. Implementar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de auditoría**
Descrición:	Desenvolvemento, mantemento e evolución funcional e tecnolóxica dos **sistemas de información que dan soporte á xestión e control de auditorías** no ámbito de competencia da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
Actividades 2026:	→ Integración de **AUDITA** con Portasinaturas. → Integración de AUDITA con DIROF_WS. → **Actualización tecnolóxica** do sistema como mínimo a .NET Core 3.1, Windows Server 2025 y SQL Server 2022. → Continua mellora dos **tempos de resposta** do sistema.
Área responsable:	***Área de Transformación dixital da Facenda Autonómica***

Actividade:	**1.4.7. Implementar novas funcionalidades e servizos no sistema de información de subvencións**
Descrición:	Desenvolvemento, mantemento e evolución funcional e tecnolóxica do **sistema de información que permite á captura de datos de subvencións** (convocatorias, concesións, pagos,...) e a súa remisión vía servizos web á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) da IGAE.
Actividades 2026:	→ Migración da codificación NACE á Rev. 2.1. → Captura e envío á BDNS dos datos do PES (Plan Estratéxico de Subvencións). → Automatización da carga de datos de subvencións dende XUMCO a CAPIN-BNDS.
Área responsable:	***Área de Transformación dixital da Facenda Autonómica***

Actividade:	**1.4.8. Melloras nos sistemas que conforman o Nodo de Contratación electrónica de Galicia**
Descrición:	O **Nodo de contratación electrónica de Galicia** é un conxunto de sistemas de información posto en marcha pola Xunta de Galicia para dar soporte ao proceso integro de relación cos provedores en materia de contratación e pago. Está composto polos seguintes sistemas: ▪ Xestor de expedientes de contratación (**PLATION**). ▪ Contratos Públicos de Galicia (**CPG**). ▪ Sistema de Licitación Electrónica (**SILEX**). ▪ Sistema electrónico de Facturación (**SEF**). ▪ Rexistro xeral de Contratistas (**RXC**).
Actividades 2026:	En canto a novas **funcionalidades ou servizos que se incorporarán ou mellorarán**, salientar os seguintes: → Implantación de PLATION en todas as entidades do Sector Público Autonómico.

Actividade:	**1.4.8. Melloras nos sistemas que conforman o Nodo de Contratación electrónica de Galicia**
	→ Converter a PLATION no Rexistro de Contratos das entidades do Sector Público Autonómico. → Vinculación automática entre os contratos públicos e as súas facturas asociadas. → Adaptación da "Ferramenta de Licitación SILEX" a sistemas operativos Linux e macOS. → Descifrado de todos os lotes dun expediente cunha identificación única. → Traspaso da información contida no RXC a ROLECSP. → Evolución tecnolóxica dos sistemas.
Área responsable:	***Área de Transformación dixital da Facenda Autonómica***

Actividade:	**1.4.9. Melloras no ámbito dos recursos humanos e da xestión das nóminas dos empregados públicos**
Descrición:	O **Sistema Corporativo de Información de Nómina e Recursos Humanos (BREIXO)** é un sistema centralizado de xestión de persoal e de cálculo das nóminas dos empregados públicos da Administración Autonómica e das Entidades do Sector Público Autonómico. Están incorporadas a este sistema a Administración Xeral da Xunta de Galicia e a maior parte das entidades do sector público autonómico (axencias, consorcios, institutos, fundacións e sociedades públicas) reguladas na **Lei de Funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia (LOFAXGA)** e na Lei de Racionalización do Sector Público Autonómico. Os módulos principais do sistema son os seguintes: ▪ Xestión das nóminas dos empregados públicos. ▪ Cálculo do concerto dos centros educativos concertados (CENTROS CONCERTADOS) ▪ Xestión dos Chamamentos telefónicos (EMPRAZA). ▪ Tramitación das Indemnizacións por razón do Servizo (TAIS).
Actividades 2026:	En canto a novas **funcionalidades ou servizos que se incorporarán ou mellorarán**, salientar os seguintes: → Inicio da integración cos sistemas de persoal de Función Pública, Educación y Xustiza. → Nova aplicación para o cálculo do concerto dos centros concertados de Educación. → Imputación dos conceptos á renda segundo a súa data de resolución. → Extensión de TAIS a máis procesos selectivos. → Xestión dos colaboradores dos procesos selectivos. → Iniciar da xeración e sinatura de documentación asociada á tramitación das indemnizacións.
Área responsable:	***Área de Transformación dixital da Facenda Autonómica***

Actividade:	**1.4.10. Melloras no ámbito do Inventario de Patrimonio**
Descrición:	A Xunta de Galicia dispón dos seguintes sistemas de información para dar soporte á xestión do seu patrimonio: ▪ **Sistema de Inventario de Patrimonio**, a través do cal se xestiona a información relativa ao inventario de patrimonio da Xunta de Galicia, así como daqueles procedementos asociados ao dito inventario. ▪ **Sistema de Xestión de Riscos**, que permite a xestión da información e da documentación remitida polas unidades responsables da tramitación de sinistros das respectivas Consellerías, a comunicación dos expedientes ás corredorías de seguros e a xestión da documentación remitida polas compañías aseguradoras.
Actividades 2026:	En canto a novas **funcionalidades ou servizos que se incorporarán ou mellorarán**, salientar os seguintes: → Posta en funcionamento do novo módulo de valoración de bens. → Implantación do novo método de revisión de renda de arrendamentos. → Elaboración das solicitudes de vehículos por parte de las unidades tramitadoras.
Área responsable:	***Área de Transformación dixital da Facenda Autonómica***

Actividade:	**1.4.11. Evolución da área económico-financeira do Sistema de Información Analítica**
Descrición:	Amtega dispón dun **Sistema de Información Analítica (SIAN)** destinado a satisfacer as necesidades de información da administración, sexan referidas a cada sistema de información individual ou ben a ámbitos de carácter máis transversal. As **áreas económico-financeiras de SIAN (contabilidade, orzamentos, facturación, subvencións, actividade, licitación electrónica, ...)** están en constante evolución por cambios nos sistemas de orixe dos datos e pola incorporación de funcionalidades para cubrir novas necesidades de información. A evolución pode implicar cambios en módulos actuais como o desenvolvemento de novas áreas de información. Todas as melloras se implantan seguindo procedementos deseñados baixo o criterio de preservación dos niveis adecuados de seguridade, facilidade de acceso, calidade, flexibilidade e eficiencia no tratamento da información.
Actividades 2026:	→ Mellora dos procesos de extracción e carga en SIAN dos datos do CIMCA en FOCAL e mellora do cubo. → Continuación do desenvolvemento do sistema de análise de datos de Fondos2127. → Incorporación do tipo de financiamento do proxecto na dimensión proxecto do cubo de operacións de gasto. → Migración tecnolóxica de áreas de SIAN a MSSQL 2022. → Continuación da migración de usuarios de SIAN ao dominio XUNTA. → Novos cubos de gastos con mellor rendemento. → Incorporar información de gastos precontabilizados no cubo homoxeneizado de gastos.

Actividade:	1.4.11. Evolución da área económico-financeira do Sistema de Información Analítica
	→ Incorporación da información de actividade das novas instancias tabulares á área correspondente de SIAN. → Corrección de información de grupos de gasto de exercicios anteriores que se duplica no cubo homoxeneizado de gasto. → Mellora do rendemento dos paquetes de carga de dimensións de SIAN_CON. → Mellora do rendemento da carga de datos do Sistema Electrónico de Facturación. → Carga de datos de previsión de indicadores asociados ao PEG na área de orzamentos de SIAN.
Área responsable:	***Área de Transformación dixital da Facenda Autonómica***

Actividade:	1.4.12. Evolución da área de recursos humanos do Sistema de Información Analítica
Descrición:	Amtega dispón dun **Sistema de Información Analítica (SIAN)** destinado a satisfacer as necesidades de información que se presentan na administración, sexan referidas a cada sistema de información individual ou ben a ámbitos de carácter máis transversal. Concretamente, a **área de recursos humanos pon a disposición dos usuarios de SIAN información analítica sobre retribucións e contratos dos empregados públicos** da Xunta de Galicia e de entidades instrumentais ao seu servizo. Nos últimos anos a área de recursos humanos de SIAN atópase nun contexto de adaptacións importantes debido a cambios de certa envergadura producidos nos sistemas orixe da información.
Actividades 2026:	→ Mellora do mecanismo de intercambio de información co SERGAS. → Incorporación a SIAN de información de ocupación de prazas e ausencias procedente de RCP. → Incorporación a SIAN de nova información de BREIXO (tipos de persoal, novos campos en táboas resumo, etc). → Novo deseño do cadro de mando de RRHH. → Substitución de informes do sistema antigo (SIAN_RHM) polos do novo (SIAN_RHX). → Incorporación a SIAN_RHX de datos de contratos. → Mellora do tratamento en SIAN das situacións de BREIXO. → Mellora de rendemento do procesado e das consultas sobre o cubo tabular mediante particionado de datos.
Área responsable:	***Área de Transformación dixital da Facenda Autonómica***

Actividade:	**1.4.13. Renovación tecnolóxica e visual de portais corporativos e temáticos**
Descrición:	Este eixo estratéxico dará continuidade á folla de ruta da Administración Dixital, enfocándose na **converxencia tecnolóxica cara a Liferay 7.4** para os principais portais de información da Consellería.
Actividades 2026:	→ Procederase á renovación completa e ao redeseño dos portais de Garantía Xuvenil, Fondos Europeos, Plan Estratéxico, Orzamentos, Consellería de Facenda e Atriga. → Proximidade e usabilidade: Seguindo os estándares da Xunta, simplificarase a estrutura da información para ofrecer unha navegación máis intuitiva e adaptada a dispositivos móbiles. → Información clara: Implementaranse espazos de difusión con linguaxe sinxela e buscadores máis visibles e eficaces. → Eficiencia tecnolóxica: A adopción de Liferay 7.4 permitirá mellorar o rendemento, a seguridade e a integración con compoñentes corporativos transversais.
Área responsable:	***Área de Transformación dixital da Facenda Autonómica***

Indicadores asociados

Actividade	Indicador	Valor 2026
1.4.1 Implementación de novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información do ámbito da contabilidade pública	▪ Continuar co soporte técnico e funcional no proceso de Integración en XUMCO das universidades	**Realizado**
	▪ Implantación do novo Plan Xeral Contable de Galicia	**Realizado**
	▪ Estender a tramitación contable electrónica dos documentos de gasto a novas consellerías e entidades	**Realizado**
	▪ Automatización da descarga de datos de subvencións dende XUMCO a CAPIN-BNDS	**En Produción**
	▪ Implementación en XUMCO dun procedemento automatizado de verificación da titularidade das contas bancarias	**En Produción**
1.4.2 Implementación de novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información orzamentaria	▪ Dispor de datos homoxeneizados a nivel máis detallado no orzamento agregado	**En Produción**
	▪ Novo sistema para axilizar en CODEX a tramitación dos expedientes de modificación de crédito xerando con IA os acordos de resolución	**En Produción**

Actividade	Indicador	Valor 2026
1.4.3 Implementación de novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de xestión e certificación dos fondos europeos e de cohesión interterritorial	▪ Implementación de novas funcionalidades en Fondos2127	**En Produción**
	▪ Certificacións de fondos a CoFFEE e UAFSE	**Realizado**
	▪ Implementar en Participa2127 o cálculo e exportación de datos de indicadores no formato requirido pola IGAE	**En Produción**
1.4.4 Implementación de novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de xestión e control de operacións e entidades financeiras	▪ Novo sistema (MEDSEG) para o Rexistro Público de Distribuidores de Seguros e presentación da DEC (Declaración Estatístico Contable) anual	**Terminadas as fases 1 (entidades aseguradoras) e 2 (rexistro público de mediadores**
1.4.5 Implementar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información do ámbito da tesouraría	▪ Posta en produción da nova aplicación de xestión da Caixa Xeral de Depósitos (GARANTA).	**Realizado**
	▪ Desenvolvemento da tramitación electrónica completa da operativa de constitución de garantías en metálico en GARANTA.	**En Produción**
1.4.6 Implementar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de auditoría	▪ Integración de AUDITA con Portasinaturas	**En Produción**
	▪ Integración de AUDITA con DIROF_WS	**En Produción**
	▪ Actualización tecnolóxica como mínimo a .NET Core 3.1, Windows Server 2025 y SQL Server 2022	**En Produción**
1.4.7 Implementar novas funcionalidades e servizos no sistema de información de subvencións	▪ Migración da codificación NACE á Rev. 2.1	**En Produción**
	▪ Captura e envío á BDNS dos PES (Plan Estratéxico de Subvencións)	**En Produción**
	▪ Automatización da carga de datos de subvencións dende XUMCO a CAPIN-BNDS	**En Produción**
1.4.8 Melloras nos sistemas que conforman o Nodo de Contratación electrónica de Galicia	▪ Implantación de PLATION en todas as entidades do Sector Público Autonómico	**100%**
	▪ Converter a PLATION no Rexistro de Contratos das entidades do Sector Público Autonómico	**En Produción**

Actividade	Indicador	Valor 2026
	▪ Vinculación automática entre os contratos públicos e as súas facturas asociadas	**En Produción**
	▪ Traspaso da información contida no RXC a ROLECSP	**Realizado**
1.4.9 Melloras no ámbito dos recursos humanos e da xestión das nóminas dos empregados públicos	▪ Iniciar a integración cos sistemas de persoal de Función Pública, Educación y Xustiza	**Iniciados**
	▪ Nova aplicación para o cálculo do concerto dos centros concertados de Educación	**En Produción**
	▪ Xestión dos colaboradores en TAIS	**En Produción**
1.4.10 Melloras no ámbito do Inventario do Patrimonio	▪ Posta en funcionamento do novo módulo de valoración de bens	**En Produción**
	▪ Implantación do novo método de revisión de renda de arrendamentos	**En Produción**
	▪ Elaboración das solicitudes de vehículos por parte de las unidades tramitadoras	**En Produción**
1.4.11 Evolución da área económico-financeira do Sistema de Información Analítica	▪ Mellora da ETL de carga en SIAN dos datos do CIMCA en FOCAL e mellora do cubo	**En Produción**
	▪ Continuación do desenvolvemento do sistema de análise de datos de Fondos2127	**En Produción**
	▪ Incorporación do tipo de financiamento do proxecto na dimensión proxecto do cubo de operacións de gasto	**En Produción**
	▪ Migración tecnolóxica de áreas de SIAN a MSSQL 2022	**20%**
	▪ Continuación da migración de usuarios de SIAN ao dominio XUNTA	**100%**
	▪ Novos cubos de gastos con mellor rendemento	**1**
	▪ Incorporar información de gastos precontabilizados no cubo homoxeneizado de gastos	**En desenvolvemento**
	▪ Incorporación da información de actividade das instancias tabulares de SSAS a SIAN_ACT	**En Produción**

Actividade	Indicador	Valor 2026
	▪ Corrección de información de grupos de gasto de exercicios anteriores que se duplica no cubo homoxeneizado de gasto	**En Produción**
	▪ Mellora do rendemento dos paquetes de carga de dimensións de SIAN_CON	**10%**
	▪ Mellora do rendemento da carga de SIAN_FAC	**20%**
	▪ Carga de datos de previsión de indicadores asociados ao PEG en SIAN_ORZ	**En desenvolvemento**
1.4.12 Evolución da área de recursos humanos do Sistema de Información Analítica	▪ Mellora do mecanismo de intercambio de información co SERGAS	**En Produción**
	▪ Incorporación a SIAN de información de ocupación de prazas e ausencias procedente de RCP	**En Produción**
	▪ Incorporación a SIAN de nova información de BREIXO (tipos de persoal, novos campos en táboas resumo, etc)	**En desenvolvemento**
	▪ Novo deseño do cadro de mando de RRHH	**En Produción**
	▪ Substitución de informes do sistema antigo (SIAN_RHM) polos do novo (SIAN_RHX)	**100%**
	▪ Incorporación a SIAN_RHX de datos de contratos	**En desenvolvemento**
	▪ Mellora do tratamento en SIAN das situacións de BREIXO	**En Produción**
	▪ Mellora de rendemento do procesado e das consultas sobre o cubo tabular mediante particionado de datos	**En Produción**

1.5 Plan Senda 2025: Xustiza Dixital

Este programa trata de dar continuidade á dixitalización do sistema xudicial baixo os principios de eficacia e eficiencia, contribuíndo a mellorar o acceso á xustiza, a incrementar a confianza da sociedade na administración da xustiza e a resolver os seus conflitos de maneira máis áxil. E enmárcase no "**II Plan tecnolóxico da Administración de Xustiza en Galicia Senda2025**", e na súa extensión ata 2028.

Avanzarase de xeito coordinado coas iniciativas a nivel estatal promovidas dende o CTEAJE na interoperabilidade xudicial, na inmediación dixital, na celebración de actos procesuais en remoto, e na relación electrónica coa totalidade dos axentes que participan neste procesos.

Obxectivos

- → Dotar de medios para a atención a cidadanía. Sistema de información para as oficinas de atención a cidadáns e vítimas. Cita previa. Atención en remoto.
- → Evolucionar os sistemas de asistencia xurídica gratuíta, e acompañamento nos procesos de solución de controversias.
- → Evolucionar a Sede Xudicial electrónica, dos seus servizos e do acceso ao expediente xudicial, aliñado coa "Carpeta Justicia". Pór en marcha a "canle Xustiza" de atención, información e difusión da actividade xudicial.
- → Dotar de medios para a celebración de actos procesuais, con especial fincapé nos necesarios para a celebración dos actos en remoto.
- → Evolucionar os sistemas de tramitación e xestión para acadar o expediente xudicial electrónico e interoperable no ámbito procesual e fiscal.
- → Completar os procesos de dixitalización do Imelga.
- → Consolidar os repositorios xudiciais e establecer políticas de calidade do dato.
- → Desenvolver o sistema analítico, no marco da estratexia corporativa de xestión do dato, do ámbito da administración de Xustiza, e en liña coa iniciativa estatal de "Justicia orientada al dato".
- → Dotar de medios de posto de traballo, coa aplicación de criterios de posto deslocalizado, en liña co establecido no plan de posto dixital avanzado do persoal empregado público.
- → Dotar de medios para continuar coa mellora continua en materia de seguridade e ciberseguridade.
- → Renovar os sistemas vinculados a xestión de recursos humanos.
- → Dixitalizar os procesos loxísticos en sede xudicial.
- → Dotar de medios para a dixitalización dos procedementos xudiciais e favorecer a realización dos actos procesuais por medios dixitais.
- → Consolidar o Centro de servizos de atención as persoas usuarias e continuar coas acción de acompañamento continuo e capacitación dixital.
- → Levar a cabo o resto de actuacións que deriven da aplicación nas normas previstas no ámbito da eficiencia organizativa, procesual e dixital.

Actividades

Actividade:	**1.5.0. Contexto normativo e institucional**
Descrición:	O Servizo Público de Xustiza está inmerso nun proceso de transformación organizativa que ten un impacto directo no funcionamento dos sistemas de información e servizos dixitais prestados á cidadanía. Dúas normas salientables entraron en vigor no 2025: ▪ Lei Orgánica 1/2025, de 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza. ▪ Real Decreto-lei 6/2023, de 19 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en materia do servizo público de xustiza, función pública, réxime local e mecenazgo. Adicionalmente compre abordar un novo marco de obxectivo tecnolóxico finalizado o plan Senda2025.
Actividades 2026:	→ **Elaboración e aprobación do "IV Plan de Sistemas do Servizo Público de Xustiza. Senda2028"** impulsado pola Xunta de Galicia. → Sinatura do **convenio de colaboración co Ministerio de Justicia** para a implantación en Galicia dos sistemas de tramitación procesual e fiscal, Atenea e Atenea-Fiscalía. → Finalización da posta en marcha do **novo modelo organizativo do servizo público de Xustiza (NUMO)** que reestrutura os órganos xudiciais en tribunais de instancia e servizos comúns, e oficinas de xustiza no concello. → Participación nos foros de coordinación: ▪ Participación nos distintos grupos de traballo e nas iniciativas de concreción e posta en marcha das accións derivadas destas normativas, coordinados polo CTEAJE. ▪ Vixilancia e revisión continua de calquera nova versión da normativa identificando o seu impacto na administración xudicial electrónica galega e trasladando a postura de interese para a Administración de Xustiza en Galicia en cada caso.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**1.5.0.b Implantación do sistema de xestión procesal ATENEA**
Descrición:	No marco do convenio de colaboración co Ministerio de Justicia, é necesario abordar en 2026 a posta en marcha do sistema de xestión procesual ATENEA, que substitur ao actual sistema MINERVA. O proceso ten un gran impacto no ámbito da administración de xustiza en Galicia, e será o proxecto prioritario neste 2026.
Actividades 2026:	→ **Posta en marcha da infraestrutura tecnolóxica** necesaria para o funcionamento do sistema ATENEA. Prodúcese un cambio de tecnoloxía e de arquitectura.

Actividade:	1.5.0.b Implantación do sistema de xestión procesal ATENEA
	→ Adecuación dos procedementos de actualización de novas versións, dende os que se seguen para a actualización de Minerva ata os necesarios para garantir a actualización dos compoñentes de Atenea. → **Desenvolvemento das integracións existentes** actualmente con Minerva para a súa integración con Atenea (LDAP, sinatura, RUJ,...) → Tradución das etiquetas e validación dos mecanismos de tratamento do bilingüismo no novo sistema. → **Plan de difusión, capacitación e acompañamento** para a entrada en funcionamento do novo sistema.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	1.5.1. Dotar de medios para a atención a cidadanía
Descrición:	Para transformar o modelo de relación dos cidadáns e os profesionais que os representan coa Administración de Xustiza en Galicia é preciso abordar unha serie de iniciativas que poñan a súa disposición un conxunto de servizos dixitais e de solucións de apoio en sede xudicial, adaptados ao contexto organizativo, normativo e tecnolóxico actual, que faciliten e acompañen a súa participación nos distintos procedementos ou trámites xudiciais.
Actividades 2026:	→ En canto ao **sistema de cita previa**, actualización do sistema conforme a nova versión implantada na Xunta de Galicia. Desenvolvemento das adaptacións posibles con esta nova versión, en especial a flexibilizar os formularios de contacto co solicitante en función do tipo de procedemento. → Análise de requirimentos para sistemas de mellora da accesibilidade en sedes xudiciais, **deseño do acompañamento ao cidadá.** → Incorporación de webcams específicas para o escaneo de códigos QR para a **identificación da cidadanía mediante a aplicación miDNI**, e para a verificación de copias en papel de documentos electrónicos.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	1.5.2. Sistema de información para as oficinas de atención ás vítimas do delito (OAVD)
Descrición:	A Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito, ten a vocación de ser o catálogo xeral dos dereitos, procesuais e extraprocesuais, de todas as vítimas de delitos, pero contén numerosas referencias ás vítimas con especiais necesidades ou con especial vulnerabilidade. No ámbito autonómico, elaborouse un protocolo específico de actuación para as oficinas de asistencia ás vítimas e púxose en marcha un sistema de xestión para dar soporte ás oficinas de atención ás vítimas.

Actividade:	1.5.2. Sistema de información para as oficinas de atención ás vítimas do delito (OAVD)
Actividades 2026:	→ **Evolución do sistema de información das OAVD**, en coordinación coa DX Xustiza e os profesionais das OAVD, incorporando novas funcionalidades: xeración da memoria anual, interoperabilidade co procedemento xudicial, xeración de xenograma da situación familiar e a rede de apoio á vítima, buscador de recursos. E consolidación do seu uso en todo o territorio e a todos os niveis aos que deba facerse un uso habitual deste sistema.
Área responsable:	*Área de Administración Dixital*

Actividade:	1.5.2. Evolucionar os sistemas de asistencia xurídica gratuíta, e acompañamento nos procesos de solución de controversias
Descrición:	O Servizo Público de Xustiza conta con servizos claramente orientados a lograr o dereito á tutela xudicial efectiva dos cidadáns, como é o servizo de asistencia xurídica gratuíta, ou os mecanismos para a resolución extraxudicial de controversias que deben estar adecuadamente dixitalizados.
Actividades 2026:	→ Evolución continua e mantemento do sistema de asistencia xurídica gratuíta (AXGNet). → Análise de situación das necesidades e medios no ámbito da mediación (MASC – Medios alternativos de solución de conflitos) nos termos de aplicación da Lei 1/2025 e os criterios de implantación establecidos en Galicia.
Área responsable:	*Área de Administración Dixital*

Actividade:	1.5.2.b Sistema de información para as oficinas de atención ás vítimas do delito (OAVD)
Descrición:	A *Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito*, ten a vocación de ser o catálogo xeral dos dereitos, procesuais e extraprocesuais, de todas as vítimas de delitos, pero contén numerosas referencias ás vítimas con especiais necesidades ou con especial vulnerabilidade. No ámbito autonómico, elaborouse un protocolo específico de actuación para as oficinas de asistencia ás vítimas e púxose en marcha un sistema de xestión para dar soporte ás oficinas de atención ás vítimas.
Actividades 2026:	→ **Evolución do sistema de información das OAVD**, en coordinación coa DX Xustiza e os profesionais das OAVD, incorporando novas funcionalidades: xeración da memoria anual, interoperabilidade co procedemento xudicial, xeración de xenograma da situación familiar e a rede de apoio á vítima, buscador de recursos. E consolidación do seu uso en todo o territorio e a todos os niveis aos que deba facerse un uso habitual deste sistema.

Actividade:	**1.5.2.b Sistema de información para as oficinas de atención ás vítimas do delito (OAVD)**
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**1.5.3. Evolución da Sede Xudicial electrónica e da "canle Xustiza"**
Descrición:	A Sede Electrónica da Administración de Xustiza en Galicia (https://sede.xustiza.gal) concíbese como a canle de comunicación electrónica segura entre a cidadanía e a Administración de Xustiza e, por extensión, dos profesionais que a representan, e incorpora a información e servizos electrónicos establecidos no RDL 6/2023. O portal Xustiza.gal é a canle de difusión dos servizos da administración de Xustiza. Esta liña de traballo inclúe, polo tanto, a posta a disposición de novos servizos dixitais a cidadáns e profesionais a través desta canle, a súa aliñación co novo marco normativo (a lei de eficiencia dixital) e a integración e a interoperabilidade dos seus servizos a nivel estatal a través da "Carpeta Justicia".
Actividades 2026:	→ Evolución continuada da Sede Xudicial Electrónica e portal Xustiza.gal postos en marcha a finais de 2025. → Soporte continuado a integración coa "CarpetaJusticia". → Ampliación do uso de servizos da sede xudicial electrónica: ▪ Impulso da utilización da posta a disposición dos profesionais do Expediente Xudicial Electrónico, a través da sede xudicial electrónica, apoiado polo proceso de consolidación automática do expediente. ▪ Incorporación de novos formularios de comunicación coas sedes xudiciais.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**1.5.4. Medios para a celebración de actos procesuais**
Descrición:	Dotación e adecuación continuada dos medios tecnolóxicos precisos para a celebración e gravación de actos procesuais nas salas de vistas, salas de declaración e salas amables, permitindo tamén a participación en remoto dos distintos axentes con plenas garantías en todas as intervencións que se producen nas distintas fases dun procedemento xudicial.
Actividades 2026:	→ Continuación coa **dotación de equipos en salas de amables**, de exhortos, de declaracións, en función da dispoñibilidade de ubicacións nas sedes xudiciais pendentes, con medios de gravación de actos procesuais e videoconferencia. → Mantemento e mellora continua da **plataforma de emisión en streaming** da Administración de Xustiza en Galicia. → **Evolución do sistemas eFidelius**. Finalización da posta en marcha de eFidelius V3 que supón unha revisión da arquitectura e estrutura do sistema orientado cara unha mellor usabilidade, sostibilidade e dispoñibilidade; incluíndo as evolucións funcionais que se precisen para a súa aliñación do a LO 1/2025.

Actividade:	1.5.4. Medios para a celebración de actos procesuais
Área responsable:	*Área de Administración Dixital*

Actividade:	1.5.5. Evolucionar os sistemas de tramitación e xestión para acadar o expediente xudicial electrónico
Descrición:	Co proceso de transformación dixital abordado pola administración de Xustiza nos últimos anos a día de hoxe cóntase con sistemas para a xeración e xestión do expediente xudicial electrónico. Non obstante, é preciso evolucionalos técnica e funcionalmente e adecualos aos cambios normativos, así como, apoiándose en tecnoloxías innovadoras dotalos de mobilidade e intelixencia, co fin de ganar en eficiencia, axilidade e calidade, e, polo tanto, en mellorar o servizo prestado á cidadanía.

Actividade:	1.5.5.a Evolución VisorEXE e portasinaturas
Actividades 2026:	→ Evolución continuada do Visor (VíaEXE), orientada á atender ás necesidades dos profesionais da administración de xustiza derivadas da posta en marcha do EXE e á continuación coas medidas que efectúen a xeración, consolidación e compartición do índice electrónico do expediente xudicial: ▪ Renovación integral do interfaz operativo para o aliñamento coas últimas capacidades engadidas VíaEXE. ▪ Identificación de liñas de evolución de viaEXE tendo en conta as capacidades de intelixencia artificial. ▪ E análise e, se procede, desenvolvemento de outras liñas de evolución identificadas cos diferentes colectivos usuarios do sistema. → Evolución do portasinaturas e incorporación do portasinaturas en mobilidade para os colectivos que dispoñan de certificado na nube. → Análise de viabilidade e determinación de caso de uso da posta en marcha da sinatura manuscrita dixitalizada.

Actividade:	1.5.5.b Evolución dos sistemas de xestión procesal e fiscal
Actividades 2026:	→ Evolución continuada do Visor (VíaEXE), orientada á atender ás necesidades dos profesionais da administración de xustiza derivadas da posta en marcha do EXE e á continuación coas medidas que eficienten a xeración, consolidación e compartición do índice electrónico do expediente xudicial: ▪ Renovación integral do interfaz operativo para o aliñamento coas últimas capacidades engadidas VíaEXE. ▪ Identificación de liñas de evolución de viaEXE tendo en conta as capacidades de intelixencia artificial. ▪ E análise e, se procede, desenvolvemento de outras liñas de evolución identificadas cos diferentes colectivos usuarios do sistema.

Actividade:	1.5.5. Evolucionar os sistemas de tramitación e xestión para acadar o expediente xudicial electrónico
	→ Evolución do portasinaturas e incorporación do portasinaturas en mobilidade para os colectivos que dispoñan de certificado na nube. → Análise de viabilidade e determinación de caso de uso da posta en marcha da sinatura manuscrita dixitalizada.

Actividade:	1.5.5.c Interoperabilidade
Actividades 2026:	→ Continuidade coas iniciativas: ▪ Implantación dos servizos proporcionados polo sistema de insteroperabilidade WASMIN do Ministerio. ▪ Implantación do Hub de Interoperabilidade Xudicial do Ministerio (HIJ) para o intercambio de expedientes xudiciais electrónicos coas restantes administracións. → Soporte continuado dos sistemas de xestión procesual desenvolvidos polo Ministerio de Justicia e o Consejo General del Poder Judicial: Sistemas do SIRAJ e Punto Neutro Xudicial. SIR, Lexnet, e resto de canles de comunicación cos órganos xudiciais.
Área responsable:	*Área de Administración Dixital*

Actividade:	1.5.6. Dixitalización do Instituto de Medicina Legal (Imelga)
Descrición:	Inclúense nesta actividade a evolución continuada e soporte do sistema de xestión do Instituto de Medicina Legal, poñendo especial foco nos instrumentos de apoio á labor de investigación e á posterior elaboración dos informes forenses e á súa interoperabilidade cos distintos axentes e sistemas do ámbito xudicial.
Actividades 2026:	→ Evolución continuada do sistema de xestión do Instituto de Medicina Legal, abordando: ▪ Integración con lexnet para o envío de informes aos órganos xudiciais e recepción de entradas. ▪ Mellora da obtención de estatísticas para a elaboración da memoria anual do órgano. ▪ Estandarización dos informes clínicos: agresións sexuais e informes de psiquiatría. ▪ Dixitalización de fluxos de traballo internos: Xestión de citacións, probas complementarias de trazabilidade do envío, reparto de traballo e tramitación de pericias extraxudiciais. → Dotación de medios vinculados a textualización e a posta en marcha das telepericias.
Área responsable:	*Área de Administración Dixital*

Actividade:	**1.5.7. Desenvolver o sistema analítico, no marco da estratexia corporativa de xestión do dato, do ámbito da administración de Xustiza, e en liña coa iniciativa estatal de "Justicia orientada al dato"**
Descrición:	Nos anos anteriores abordouse o desenvolvemento inicial do sistema de indicadores da administración de Xustiza en Galicia, centrado basicamente en áreas analíticas de sinatura electrónica ou o uso da sede electrónica. A estes indicadores fóronse engadindo novas explotación de datos vinculadas á actividade xudicial para o seguimento por parte dos responsables xudiciais. Compre agora sistematizar, ampliar e promover o uso dos sistema de análise da Administración de Xustiza en Galicia, baseado nas mesmas arquitecturas utilizadas na plataforma analítica da Xunta de Galicia, para ampliar os ámbitos analíticos, automatizar a explotación de información e contribuír a xerar a estatística xudicial. Mediante esta iniciativa facilitarase tamén o aliñamento coa iniciativa estatal "Justicia orientada al dato".

Actividade:	**1.5.8.a. Sistema de indicadores**
Actividades 2026:	→ Ampliación do novo sistema de indicadores da administración de xustiza en Galicia, coa incorporación de áreas analíticas vinculadas á implantación de NUMO, e de funcionamento da administración dixital. → Continuación coa colaboración co portal "Justicia en datos", tanto no relativo a aportación de información como a colaboración co CTEAJE na actualización continuada dos textos en galego.

Actividade:	**1.5.8.b Automatización intelixente de procesos**
Descrición:	A Xunta de Galicia ten dispoñible unha plataforma de automatización de procesos, que se está a utilizar tamén no ámbito do Servizo Público de Xustiza en Galicia.
Actividades 2026:	→ Continuación cos procesos en desenvolvemento ou operativos: ▪ Automatización dos procesos de xestión de usuarios, para simplificar as incorporacións na actividade xudicial en especial no caso das substitucións. ▪ Envío de información por parte do IMELGA á DGT. ▪ Extensión da implantación da Comprobación e integración de resgardos no EXE das contas de depósitos e consignación. ▪ Automatización da tramitación do procedemento monitorio ata a proposta de resolución predictiva naqueles casos nos que non é necesaria á intervención do xuíz. → Análise de oportunidade de automatización na revisión da estrutura e composición do EXE (datos e documentos), mellorando á calidade da información.

Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**1.5.9. Dotar de medios de posto de traballo, coa aplicación de criterios de posto deslocalizado, en liña co establecido no plan de posto dixital avanzado do persoal empregado público**
Descrición:	Esta actuación aborda unha iniciativa global de evolución cara ao posto de traballo deslocalizado nun modelo que, á vez, mellore as capacidades de xestión centralizada dos postos por parte da administración, garanta a seguridade e continuidade do servizo prestado e, polo tanto, permita a prestación dun mellor servizo á cidadanía. Igualmente inclúe iniciativas específicas de dotación de medios que deberán acompañar a posta en marcha de iniciativas en execución neste ámbito.
Actividades 2026:	→ **Dotación en medios de posto de traballo.** Nos dous anos anteriores abordouse unha renovación masiva de equipos na totalidade dos perfís. Polo que no se prevé unha acción neste sentido, máis alo de necesidades puntuais que poidan xurdir. → Renovación da **plataforma de correo electrónico.** → Dotación de webcams en oficinas de xustiza no municipio, rexistros civís ou outros puntos de atención para a verificación do **eDNI en móbil**, ou a verificación de documentos asinados por outras administracións. → Continuación coa consolidación da iniciativa de **virtualización de escritorios** (VDI). → Aplicación continuada dos **criterios de securización** dos postos de traballo.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**1.5.10. Dotar de medios para continuar coa mellora continua en materia de seguridade e ciberseguridade**
Descrición:	A seguridade é un dos alicerces do proceso de dixitalización da Administración de Xustiza en Galicia. Polo tanto é preciso adoptar iniciativas neste ámbito en distintas liñas de actuación: ▪ A adecuación das súas directrices, procedementos e sistemas ao marco normativo de seguridade vixente contemplando as especificidades da Administración de Xustiza (EJIS, PSIJE, RGPD, LOPDGDD, LO 7/2021 ou ENS) ▪ O reforzo da seguridade e ciberseguridade, incluíndo a especialización no ámbito xudicial das medidas aplicadas no sector público autonómico. Todo elo aliñado co resto de axentes e entidades do ecosistema, adoitando solucións e estratexias comúns en toda a Administración de Xustiza a través do Subcomité de seguridade do CTEAJE.
Actividades 2026:	→ Coordinación co área de Infraestruturas e Seguridade para a execución operativa das medidas de aplicación nesta materia. → Execución de un conxunto de accións de formación e difusión en materia de seguridade especificamente deseñadas para os distintos perfís da Administración de Xustiza. → Constitución do Comité de Seguridade da Información da Administración de Xustiza en Galicia.

Actividade:	**1.5.10. Dotar de medios para continuar coa mellora continua en materia de seguridade e ciberseguridade**
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**1.5.11. Renovar os sistemas vinculados a xestión de recursos humanos**
Descrición:	Inclúese nesta actividade a finalización da renovación do sistema de xestión dos recursos humanos na administración de xustiza en Galicia máis funcional e tecnolóxicamente actualizada e que interopera co Rexistro Central de Persoal do Ministerio de Justicia. O novo sistema atende aos seguintes obxectivos: ▪ A renovación tecnolóxica e funcional. ▪ A integración co sistema de xestión do expediente dixital e xestión de procesos de emprego público de Galicia. ▪ A xestión do repositorio de persoal ao servizo da administración de Xustiza en Galicia, non dependente da Xunta de Galicia e a integración nos colectivos que aplique co Rexistro Central de Persoal do Ministerio de Justicia .
Actividades 2026:	→ Finalización da implantación do novo sistema (**REPAX**): ▪ Inicio e notificación dos cambios de situación administrativa. ▪ Nomeamentos de ceses de titulares e interinos. ▪ Xestión das bolsas de interinaxe e chamamentos. ▪ Xestión dos expedientes de exclusión de interinos. ▪ Xestión de movementos provisionais. ▪ Prolongación de xornada. ▪ Xestión de trienios e certificación de servizos prestados. ▪ Xestión de axudas sociais. ▪ Incorporar a tramitación de diferentes solicitudes dos traballadores. que debe recollerse no expediente persoal. ▪ Xestión de gardas e repercusión no sistema de control horario. → Integración do sistema co portal do persoal ao servizo da administración de Xustiza (**OPAX**). → Apagado do sistema anterior (**AIX**). → Acompañamento aos procesos de recursos humanos previstos na D.Xeral de Xustiza neste exercicio.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**1.5.12. Dixitalizar os procesos loxísticos en sede xudicial**
Descrición:	Na procura dun uso seguro e eficiente das sedes xudiciais e os recursos e medios dos que nelas se dispoñen abórdanse no marco desta actividade o desenvolvemento e evolución dun conxunto de sistemas que permiten a súa xestión e control de xeito dixital.

Actividade:	**1.5.12. Dixitalizar os procesos loxísticos en sede xudicial**
Actividades 2026:	→ Implantación do sistema de xestión de solicitudes de asistencia pericial. → Desenvolvemento da solicitude de servizos de tradución. → Inicio do desenvolvemento **do sistema centralizado de xestión de solicitudes (XULIA)** que incluirá os anteriores e a flexibilización para a incorporación de todas as solicitudes que se reciben na Dirección Xeral de Xustiza dende ás sedes xudiciais. → Soporte continuado ao sorteo do xurado e xestión de accesos.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**1.5.13. Consolidar o Centro de servizos de atención as persoas usuarias e as accións de acompañamento continuo e capacitación dixital, e consolidación de infraestruturas xudiciais**
Descrición:	A implantación de novos servizos dixitais ou a evolución continua dos sistemas existentes require profundar na capacitación dixital do persoal ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia, así como contar cun servizo de acompañamento e soporte ás persoas usuarias adaptado ás súas necesidades e aos novos modelos de relación, co fin de lograr o uso eficiente, intensivo e seguro dos sistemas de información á súa disposición.

Actividade:	**1.5.13.a. Acompañamento continuo e capacitación dixital**
Descrición:	Realización de actividades formativas e de difusión xestionadas directamente dende vinculadas á mellora das capacidades dixitais e a adecuada implantación da administración electrónica xudicial ou expediente xudicial electrónico. Inclúense liñas específicas que se irán formalizando en plans específicos de achegamento aos diferentes perfís. E que se artellan ao redor do plan "En Dixit@l".
Actividades 2026:	→ Continuación co plan de reforzo no uso do expediente xudicial electrónico en todos os órganos xudiciais e capacitación específica na adaptación á reforma organizativa da Lei de eficiencia dixital. → Plan de capacitación continuada no uso dos medios en salas de celebración de actos procesuais (salas de vistas, de declaracións, amables ...), en formato de talleres periódicos. → Programa de capacitación en materia de ciberseguridade e protección de datos. → Programa de capacitación en materia de uso dos medios en posto de traballo. → Execución das actividades formativas de xeito coordinado coa EGAP, no marco do ***"Convenio de colaboración entre a EGAP e a Amtega, para a convocatoria e o desenvolvemento de actividades de formación e divulgación en materia de administración electrónica e de seguridade e protección de datos"***. → Dotación de novos cursos e contidos e mantemento dos existentes na plataforma de teleformación para a administración de xustiza en Galicia, baseada na plataforma corporativa PLAFOR. https://formacion-xustiza.xunta.gal/ Continuidade na evolución da canle https://intranet.xustiza.gal como canle de difusión das iniciativas de implantación da administración xudicial electrónica,

Actividade:	1.5.13. Consolidar o Centro de servizos de atención as persoas usuarias e as accións de acompañamento continuo e capacitación dixital, e consolidación de infraestruturas xudiciais
	renovando contidos e dotándoa de novos servizos. E no boletín "Xustiza Dixital nun minuto" .

Actividade:	1.5.13.b. Atención as persoas usuarias
Descrición:	Prestación do servizo integral de atención as persoas usuarias da Administración de Xustiza en Galicia.
Actividades 2026:	→ Evolución continuada da prestación do servizo ao usuario a través do CSU da Administración de Xustiza, que atende as persoas usuarias que realizan a súa actividade ao servizo da administración de Xustiza en Galicia. Inclúese a atención aos sistemas propios, e aos postos a disposición por outras administracións ou organismos. → Continuar reforzando a canle on-line de atención ás persoas usuarias baixo un modelo de autoconsumo, baseado no sistema AxudoT ou outras canles da atención persoal directa, dunha forma áxil, próxima e accesible.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital + Área de infraestruturas***

Actividade:	1.5.14. Posta en marcha do novo rexistro civil
Descrición:	Nos últimos anos levouse a cabo no conxunto do Estado un proceso de posta en marcha do novo modelo Rexistro Civil único e electrónico, baseado no establecemento dunha aplicación única (DICIREG), sobre a que se inscriben tódolos feitos relativos ao estado civil das persoas, se organiza a publicidade da información rexistral en formato dixital e se posibilita o acceso telemático ao mesmo. En Galicia este proxecto de implantación, executado de xeito coordinado entre o Ministerio de Justicia e a Xunta de Galicia finalizou en xuño de 2025. Procede agora dar continuidade as actividades que garanten o funcionamento adecuado dos rexistros civís e oficinas colaboradoras.

Actividade:	1.5.14.a Implantación DICIREG
Actividades 2026:	→ Acompañamento e soporte, nos ámbitos que corresponde, para o funcionamento de DICIREG en todos os rexistros civís e oficinas colaboradoras.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Indicadores asociados

Actividade	Indicador	Valor 2026
Contexto normativo e institucional	▪ Publicación do Plan Senda2028	**Finalizado**
Evolucionar a Sede Xudicial electrónica, dos seus servizos e do acceso ao expediente xudicial, aliñado coa "Carpeta Justicia". Pór en marcha a "canle Xustiza" de atención, información e difusión da actividade xudicial.	▪ Posta en marcha dos servizos de integración con Carpeta Justicia	**Finalizado**
Evolucionar os sistemas de tramitación e xestión para acadar o expediente xudicial electrónico e interoperable no ámbito procesual e fiscal.	▪ Plan de implantación de Atenea	**Realizado**
	▪ Atenea dispoñible nas sedes xudiciais	**Dispoñible**
	▪ Integración VisorEXE e ViaEXE	**Dispoñible para a súa validación**
Renovar os sistemas vinculados a xestión de recursos humanos	▪ Finalización da implantación do novo sistema (cobertura de todas as funcións de AIX)	**Finalizado**
Consolidar o Centro de servizos de atención as persoas usuarias e continuar coas acción de acompañamento continuo e capacitación dixital.	▪ Número de horas de capacitación dixital ou acompañamento nos procesos de implantación para o persoal ao servizo da administración de Xustiza en Galicia.	**2.000**
	▪ Número de contactos atendidos polo CSU	**100.000**
	▪ % de tickets resoltos en menos de 1 hora	**35%**
	▪ % de tickets resoltos en menos de 24 horas	**55%**

Actividade	Indicador	Valor 2026
Medios de posto de traballo xestionados	▪ Número de equipos de posto de traballo xestionados segundo criterios corporativos	5.000
	▪ Número de equipos de impresión xestionados segundo criterios corporativos	2.400
	▪ Migración da plataforma de correo electrónico	Finalizado
Dotar de medios para continuar coa mellora continua en materia de seguridade e ciberseguridade	▪ Constitución do Comité de seguridade da información da Administración de Xustiza en Galicia.	Constituído

Considéranse contactos todas aquelas comunicacións recibidas ou de atención proactiva no CSU, a través das distintas canles activas (teléfono, correo electrónico, formularios de autoservizo, e aquelas outras que se poidan activar).

1.6 Programa de Robotización e Automatización

A administración pública galega ten acadado un grado de implantación da administración electrónica, da dixitalización dos procesos e da documentación, que permite a posta en marcha de sistemas automatizados que axilicen a realización de tarefas repetitivas que supoñen un factor de retraso e ineficacia na tramitación dos procedementos, ou en procesos de traballo da administración pública. Este proceso de dixitalización permite avanzar en liñas orientadas a:

- → reducir os tempos de tramitación e dar un mellor servizo á cidadanía.
- → incrementar a capacidade de tramitación das unidades administrativas evitando que as persoas realicen tarefas susceptibles de automatización.

As **tecnoloxías de automatización robótica de procesos (RPA)** combinadas con técnicas de procesamento intelixente de documentos (IDP) que utilizan OCR, interpretación de imaxes, e outras tecnoloxías cognitivas e de intelixencia artificial, existentes na actualidade, permiten a automatización de procesos emulando o comportamento das persoas na realización de tarefas repetitivas.

Obxectivos

- → Xestionar a Plataforma de Automatización Intelixente de Procesos da Xunta de Galicia.
- → Identificar, deseñar e implantar a automatización de procesos.

Actividades

Actividade:	**1.6.1. Pór en marcha e xestionar a plataforma de automatización da Xunta de Galicia**
Descrición:	Evolución da Plataforma de Automatización Intelixente de Procesos da Xunta de Galicia, baseada en tecnoloxías RPA e capacidades IDP, incluíndo servizos cognitivos. Así como a posta en marcha dos mecanismo que garantan a súa axeitada explotación. Este proceso vai acompañado dun modelo de gobernanza, criterios de oportunidade, uso, operación e explotación. E un plan de descubrimento de oportunidades de automatización, desenvolvemento e posta en marcha. manter logo unha actividade continuada de operación sobre a plataforma para garantir a súa dispoñibilidade e eficiencia.
Actividades 2026:	→ **Licitación da plataforma de "Intelixencia de Procesos"** como evolución da plataforma de evolución contemplando as capacidades de análise de procesos, e a integración de capacidades de automatización ou axentes IA para a identificación e aplicación de criterios de optimizacion dos procesos administrativos. → Evolución continuada da **infraestrutura** da plataforma de automatización de procesos e dos distintos elementos que engloba: infraestrutura on-premise, servizos na nube, servizos cognitivos e funcións de IA. → Evolución continuada **modelo de goberno, operación, administración e monitorización da plataforma de automatización.** → Evolución e desenvolvemento dos compoñentes (estación de validación VALIA) e casos de **carácter transversal** para a configuración de servizos de automatización para autoconsumo por parte do persoal empregado público. Verificación de CVE de sinatura electrónica.

Actividade:	1.6.1. Pór en marcha e xestionar a plataforma de automatización da Xunta de Galicia
	→ **Licitación da plataforma de automatización e analítica de procesos** que amplia as capacidades actuais cara a identificación de criterios de optimización dos procesos administrativos.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	1.6.2. Identificar, deseñar e implantar a automatización de procesos
Descrición:	A posta en marcha da Plataforma de Automatización Intelixente de Procesos vai acompañado dun proceso continuado de identificación de oportunidades de automatización, desenvolvemento e posta en marcha do procesos de automatización.
Actividades 2026:	→ Mantemento e evolución dos casos xa dispoñibles na plataforma a fin de 2025: 29 casos de automatización 4 delas con tecnoloxías IDP. Correspondentes a diferentes ámbitos funcionais (Industria, Xestión tributaria, Nóminas, Emprego Público, Atención ás Persoas Usuarias, Competencias Dixitais, Emprego, Imelga, Administración de Xustiza). → Análise de viabilidade de casos de uso, e desenvolvemento nos que se determinen como viables (en liña cos programas sectoriais correspondentes). En función das demandas identificadas.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Indicadores asociados

Actividade	Indicador	Valor 2026
Xestionar a plataforma de automatización da Xunta de Galicia	▪ Licitación da nova plataforma	Licitado
Identificar, deseñar e implantar a automatización de procesos	▪ Número de casos de uso dispoñibles na plataforma (1)	32
	▪ Número de ámbitos funcionais	13

(1) Para o cálculo do indicador contabilizaranse a totalidade dos casos de uso avaliados, independentemente do seu ámbito de aplicación.

1.7 Programa de Xestión intelixente do dato

O nivel de dixitalización acadado no funcionamento da administración pública galega fai que estea dispoñible unha gran cantidade de información e datos, que cunha xestión intelixente deben permitir a prestación de servizos avanzados á cidadanía e o desenvolvemento de estratexias de analítica avanzada para a toma de decisións tanto no plano operativo como no plano estratéxico.

Este programa oriéntase cara acadar unha xestión intelixente do dato. Integrará as iniciativas que, a partir do establecemento da estratexia de xestión do dato coa definición de estándares, plataformas tecnolóxicas, procesos de goberno e criterios de calidade de información permitirá:

- **Acadar a dispoñibilidade de datos de calidade** que permitan poñer a cidadanía no centro dos proceso de xestión mediante a súa identificación unívoca nos diferentes ámbitos da administración pública, así como o dicionario de datos da información corporativa que permita a prestación de servizos dixitais de calidade.
- **Establecer o modelo tecnolóxico e funcional** dos sistemas de analítica avanzada.
- **Establecer os espazos de compartición de información**, aliñado cos espazos de europeos de datos, así como o **impulso das iniciativas de reutilización da información** da administración pública.

A administración identifica como de especial relevancia tanto a información e os datos potencialmente recompilables, como a súa explotación intelixente para optimizar a súa utilidade. Neste sentido, na actualidade, existen diferentes ferramentas e medios que permiten extraer a maior información posible para, posteriormente, orientar a toma de decisións en base a procedementos de análise intelixente do dato.

Obxectivos

- Deseñar a estratexia do dato na administración pública galega.
- Desenvolver a identificación única da cidadanía que permita a visión unificada nas diferentes áreas da administración pública (citizen data hub), garantindo o uso adecuado dos datos persoais.
- Desenvolver o dicionario común de datos. Deseñar a arquitectura de dato e datos mestres que permita a aplicación de definicións unívocas e ontoloxías comúns na organización.
- Evolucionar a arquitectura dos sistemas de análise intelixente e avanzado da relación da cidadanía, e incorporar novas áreas de dominio.
- Evolucionar e incorporar novas áreas de indicadores no Sistema de Indicadores da Administración Dixital.
- Impulsar a iniciativa de datos abertos da administración pública galega.
- Levar a cabo un aliñamento cos diferentes espazos de datos identificados no ámbito europeo.

Actividades

Actividade:	**1.7.1. Deseño da estratexia do dato**
Descrición:	Nesta actividade abordarase o deseño do modelo de goberno do dato, como eixo transversal da xestión dos sistemas de información da Xunta de Galicia, orientándoo cara a xestión eficiente do dato único, e unha xestión baseada e datos na que estes sexan a base para o desenvolvemento de novos servizos e para a toma de decisións, así como a reutilización de datos. Todo elo aproveitando a utilización de tecnoloxías habilitantes para esta finalidade.
Actividades 2026:	→ Tramitación da **estratexia do dato da administración pública galega**, para o impulso das iniciativas deste ámbito de actuación. O alcance integrará: Os usos do dato; deseño do modelo de goberno do dato de referencia, as iniciativas de referencia. Elevación ao Consello da Xunta para a súa aprobación. → Inicio da elaboración das políticas e estándares de aplicación na gobernanza operativa de datos.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**1.7.2. Estratexia do dato – Catálogo de datos do sector público autonómico** **1.7.2.a Catálogo de datos de referencia**
Actividades 2026:	→ Desenvolvemento tecnolóxico do sistema para a xestión do catálogo de datos de referencia (RDM e OpenMetadata),incluíndo os servizos de consumo por parte dos sistemas de información. → Posta en marcha dos procedementos de xeración e gobernanza dos datos de referencia. → Integración dos datos de referencia utilizados no proxecto do CDH.
	1.7.2.b Catálogo de datos
Actividades 2026:	→ Deseño do modelo de gobernanza do catálogo de datos e ferramenta de gobernanza baseado nos casos de uso de dous proxectos de analítica avanzada (Turismo e SistemaPresidencia).
	1.7.2.c Inventario de información administrativa
Descrición	O Esquema Nacional de Interoperabilidade establece os principios e directrices de interoperabilidade no intercambio e conservación da información electrónica por parte de Administracións Públicas. Os sistemas de información que dan soporte á administración electrónica deben ser coherentes cos criterios semánticos, organizativos e técnicos establecidos. O Inventario de Información Administrativa facilita o mantemento distribuído e corresponsable da información sobre:

Actividade:	1.7.2. Estratexia do dato – Catálogo de datos do sector público autonómico 1.7.2.a Catálogo de datos de referencia
	▪ Procedementos, Tramitacións administrativas, e documentos que forman parte da Guía de procedementos e servizos. ▪ Series documentais. Conxunto de expedientes ou agrupacións de documentos que se derivan dunha mesma función, actividade ou proceso organizativo (ver Arquivo Dixital de Galicia). ▪ Unidades administrativas (Directorio oficial). ▪ Outros catálogos corporativos. Todas as listas, agora existentes ou de futura creación, que con carácter transversal sirvan para a ordenación ou clasificación da información da Administración autonómica. Actualmente inclúen, entre outros: • O cadro de clasificación funcional. • O catálogo de tipos documentais. • As taxonomías corporativas usadas para a clasificación da información. As distintas ferramentas de tramitación electrónica debe integrarse co inventario para utilizar un conxunto común de información que se actualice automaticamente e garanta a interoperabilidade e interconexión entre sistemas. Así mesmo, a información do inventario require dunha actualización continua, especialmente no relativo aos procedementos, ós servizos e á estrutura orgánica, para ser un reflexo fiel da realidade de cada momento.
Actividades 2026:	→ Actualización continuada da información dos catálogos recollidos no IIA: Catálogo de procedementos, estruturas organizativas, series e tipos documentais. → Evolución do sistema de soporte do dicionario de información administrativa (INVIA) dos elementos que permiten a caracterización do nivel de dixitalización dos procedementos administrativos. → Identificación de novos elementos do dicionario común de datos con aqueles elementos de información de interese para outras iniciativas.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	1.7.3. Nodo de información cidadá ou citizen data hub (CDH)
Descrición:	Para poder desenvolver servizos dixitais que aporten valor engadido cara o cidadán, é necesario dispor dun modelo de información que permita a identificación unívoca do cidadán e permita a identificación da información de seu, en calquera dominio de actividade da administración pública. Permitindo o acceso do cidadá a súa información de relación coa administración. O proxecto do **nodo de información cidadá** (CDH), inclúe na súa execución: ▪ **Deseño e posta en marcha do GoldenRecord** do cidadá (persoa física e xurídica) e sistema MDM para a súa creación. Identificación de orixes de datos e criterios de identificación do rexistro único. ▪ Deseño do **Dominio Administrativo** coa visión 360º do cidadá.

Actividade:	1.7.3. Nodo de información cidadá ou citizen data hub (CDH)
	▪ Deseño da posta en marcha do **Sistema único de identificación e acceso aos servizos dixitais da Xunta de Galicia**. ▪ Posta en marcha de **casos de uso de servizos proactivos** baseados nos datos do GoldenRecord e DominioAdministrativo. O proxecto abordarase desde as perspectivas técnicas, funcionais, de seguridade e xurídicas pertinentes. E inclúe o modelo de gobernanza aliñado co sistema de xestión de datos de referencia (RDM e OpenMetadata).
Actividades 2026:	→ Finalización do deseño da totalidade dos compoñentes do proxecto do CitizenDataHub (CDH). → **Finalización do desenvolvemento das primeiras versións** de todos os elementos que compoñen o CDH: ▪ Posta en marcha da primeira versión do Golden Record para a mellora das capacidades da carpeta cidadá e outros servizos dixitais. ▪ Deseño detallado e técnico do dominio administrativo, consolidando a orientación da carpeta cidadá. ▪ Posta en marcha do Sistema único de identificación e acceso aos servizos dixitais da Xunta de Galicia nun primeiro sistema de información. → Inicio do desenvolvemento normativo para dar cobertura aos elementos do CDH. → Baseado no CDH, deseño do **rexistro de empresas e persoas beneficiarias.**
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	1.7.4. Plataforma tecnolóxica de sistemas de análise
Descrición:	A administración pública dispón dunha plataforma de información analítica corporativa baseada en tecnoloxías Bussiness Intelligence que da soporte ao desenvolvemento de datamarts temáticos e cadros de mando. Dispoñer desta plataforma permite avanzar, primeiro na construción de sistemas de análise temáticos, e despois mediante a utilización de dimensións corporativas, a consecución de información analítica de carácter transversal a toda a administración pública. É obxecto desta actividade o desenvolvemento de xeito continuado da plataforma de sistemas de información analítica corporativa: plataforma tecnolóxica e procedementos de incorporación de novos universos de información analítica, que complemente os xa dispoñibles.
Actividades 2026:	→ **Evolución tecnolóxica da plataforma de información analítica corporativa** para: ▪ A mellora continuada das capacidades tecnolóxicas para a consolidación dos datamart sectoriais, e dimensións comúns, as posibilidades de análise de información, e capacidades de difusión de

Actividade:	1.7.4. Plataforma tecnolóxica de sistemas de análise
	cadros de mando. Evolución da plataforma para a orientación cara a consolidación dun datalake corporativo. ▪ Inicio da revisión da canle de difusión aglutinadora dos cadros de mando sectoriais (https://platbi.xunta.local). → **Mantemento do dicionario de indicadores e dimensións**. Mantemento e evolución do portal de difusión dos cadros de mando temáticos: https://platbi.xunta.local. → **Coordinación e aliñamento** de diferentes sistemas de análise corporativos.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	1.7.5.Desenvolvemento de sistemas de análise
Descrición:	Desenvolvemento ou acompañamento á posta en marcha de sistemas de análise de diferentes ámbitos transversais e sectoriais.
Actividades 2026:	→ **Sistema de indicadores de administración dixital**: Posta en marcha do cadro de mando vinculado ao plan de dixitalización. → **Ampliación de áreas temáticas transversais** integradas na plataforma corporativa: atención á cidadanía, ámbito de emprego público, atención ás persoas usuarias, ... → Acompañamento ao desenvolvemento de **sistemas de análise** de diferentes ámbitos temáticos integrados na plataforma corporativa. → Acompañamento a execución da **execución do servizo de soporte** á toma de decisións estratéxicas utilizando analítica avanzada de datos, tecnoloxías big data e técnicas de intelixencia.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	1.7.6. Impulsar a iniciativa de datos abertos da administración pública galega
Descrición:	No contexto da *"Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno"*, desenvolvemento de actuacións para o fomento da transparencia e participación cidadá nas actuacións de goberno. Promoción da reutilización de información do sector público e OpenData.
Actividades 2026:	→ Evolución continuada do **portal de datos abertos** https://abertos.xunta.gal → Evolución do catálogo de conxuntos de d**atos reutilizables e incorporación de novos conxuntos de datos abertos**, atendendo a súa viabilidade a partir das demandas xeradas por: ▪ Solicitudes recibidas da cidadanía,

Actividade:	1.7.6. Impulsar a iniciativa de datos abertos da administración pública galega

- O sector infomediario.
- O desenvolvemento do regulamento de execución (UE) 2023/138, que recolle o conxuntos de datos de alto valor adoptada pola Comisión e 12 de decembro de 2022.

→ Continuación cos procesos de **federación co repositorio estatal** de datos abertos. https://datos.gob.es

Área responsable:	*Área de Administración Dixital*

Indicadores asociados

Actividade	Indicador	Valor 2026
Aprobación da estratexia do dato	▪ Presentación da versión definitiva da estratexia do dato	**Presentada**
Deseño do nodo de información cidadá	▪ Arranque do core do GoldenRecord do cidadá	**En produción**
	▪ Arranque do sistema de identificación dixital nos servizos dixitais	**En produción**
Diccionario común de datos	▪ Análise e deseño do sistema de xestión de datos de referencia. RDM.	**En produción**
Evolucionar a arquitectura dos sistemas de análise intelixente e avanzado da relación da cidadanía, e incorporar novas áreas de dominio	▪ Posta en marcha do datalake	**1 proxecto migrado ao novo datalake**
Impulsar a iniciativa de datos abertos da administración pública galega	▪ Número de novos ou reformulados conxuntos de datos abertos	**10**

1.8 Plan de posto dixital avanzado do persoal empregado público

Na actualidade, o correcto funcionamento da Administración Pública implica a dispoñibilidade e accesibilidade a unha serie de ferramentas e medios dixitais e tecnolóxicos. Estes medios serán tamén necesarios en relación ao posto de traballo, e enfocaranse a facilitar o correcto desempeño do traballo ligado a cada posto acorde aos estándares competitivos de eficiencia e eficacia establecidos.

Neste sentido, o presente programa ten como finalidade a identificación, definición, dotación e mantemento dos medios necesarios identificados para cada un dos perfís profesionais existentes, medios que deberán ser adaptados en función da tipoloxía de actividade desenvolvida por cada perfil. Na definición destes medios deberá terse en conta a presenza crecente do desempeño da actividade en modalidade híbrida (compaxinando teletraballo con presencialidade), a adopción de solucións avanzadas de colaboración, a incorporación da intelixencia artificial ao posto de traballo, os novos soportes e medios audiovisuais existentes ou os requisitos para garantir a seguridade e ciberseguridade.

Obxectivos

- → Elaborar a nova estratexia corporativa da evolución do posto de traballo dixital corporativo, a través do "Plan 2027-2030 de posto dixital avanzado do persoal empregado público".
- → Manter a adopción no tempo do modelo corporativo, dotando e adecuando de xeito continuado os medios dixitais en posto de traballo do persoal empregado público, asegurando dese modo o funcionamento da administración dixital, prevendo tamén asegurar a continuidade dos servizos de dixitalización e impresión naqueles ámbitos onde finalice a vixencia dos contratos vixentes.
- → Manter, xestionar e evolucionar a plataforma de virtualización de escritorios de posto de traballo (VDI –Virtual Desktop Infraestructure), impulsando novos escenarios de uso desta solución que simplifiquen a xestión e optimicen os custos derivados da xestión integral dos postos de traballo
- → Impulsar a adopción de solucións avanzadas de colaboración e asistentes virtuais de intelixencia artificial no posto de traballo, naqueles ámbitos onde se identifique unha aplicación inmediata destas tecnoloxías para obter dun xeito máis eficiente traballos de máis calidade e, en definitiva, acadar un mellor desempeño xeral dos servizos públicos a través de solucións avanzadas de posto de traballo.
- → Evolucionar as ferramentas tecnolóxicas para a xestión do inventario, monitorización, securización e xestión dos equipos.
- → Realizar o mantemento da maqueta corporativa e o catálogo de software en posto de traballo, incluíndo os sistemas ofimáticos, plataformas colaborativas e todos os medios implicados na definición de posto dixital avanzado.
- → Coordinar as políticas e procedementos no ámbito de xestión e seguridade en posto de traballo.

Actividades

Actividade:	1.8.1. Elaborar o novo plan de atencións as persoas usuarias e posto dixital avanzando na administración pública galega
Descrición:	O último plan "**Plan 2021-2023 de posto dixital avanzado do persoal empregado público**" abordou, entre outros, a finalización do proceso de ordeación e homoxeneización da xestión de medios en posto de traballo, da xestión da impresión, a incorporación do conceptos de posto en mobilidade e escritorios virtuais (VDI) acompañando as estratexias de teletraballo. A aparición **de novas capacidades que se incorporan na actividade diaria do persoal empregado público** (intelixencia artificial, a automatización de procesos, novas canles de soporte), o incremento do número e criticidade dos servizos dixitais atendidos, e garantir a adecuación dos medios ás necesidades da actividade fan necesario abordar un novo plan que permita a adopción destas capacidades dun xeito ordeado Nesta plan abordarase tamén o análise **dos modelos económicos de xestión** que permitan garantir a sostibilidade e continuidade dos medios e da prestación do servizo de atención as persoas usuarias, imprescindible para garantir o adecuado funcionamento dos servizos públicos.
Actividades 2026:	→ Elaboración do "**Plan 2027-2030 de atención ás persoas usuarias e de posto dixital avanzado**", no que se considerará: ▪ A definición da estratexia e orientación na evolución da prestación dos servizos de atención ás persoas usuarias, e da provisión e xestión integral do posto de traballo dixital corporativo. ▪ A revisión dos perfiles de posto de traballo corporativos actualmente definidos, co obxecto de identificar tanto posibles melloras ou evolucións nos perfís xa existentes, coma a definición doutros novos. ▪ A evolución dos postos cara a escenarios baseados só en VDI como eixo de eficiencia, sustentabilidade e mellora do servizo, permitindo estender a vida útil do hardware e reducir a complexidade de xestión local, ao tempo que se acada unha mellora da experiencia do usuario. ▪ O acompañamento aos centros directivos que así o soliciten na adopción ordenada de solucións avanzadas de colaboración no posto de traballo, como medio para obter dun xeito máis eficiente traballos de máis calidade e, en definitiva, acadar un mellor desempeño xeral dos servizos públicos a través de solucións avanzadas de posto de traballo. ▪ A incorporación de asistentes virtuais de intelixencia artificial como canles complementarias de atención ás persoas usuarias, co obxectivo de mellorar a atención en 1º nivel ás persoas usuarias. ▪ A revisión e mellora dos modelos para a provisión dos medios TIC necesarios no posto de traballo para dar resposta aos distintos perfiles, así como para asegurar unha xestión integral segura dos medios nos postos de traballo. ▪ A definición de mecanismos e modelos de reparto de custos que asegure a sostibilidade financeira do modelo de prestación dos servizos de atención ás persoas usuarias e de posto de traballo dixital corporativo. → Análise de viabilidade e, de ser o caso, incorporación de **novos ámbitos de prestación do servizo**, en ámbitos como Xestur, o IGE, ou a entidade pública Portos de Galicia. → Proceso de **mellora continua** para o aliñamento dos procesos de xestión de posto de traballo e xestión de configuración de usuarios dos ámbitos atendidos polo anterior CIXTEC.

Actividade:	**1.8.1. Elaborar o novo plan de atencións as persoas usuarias e posto dixital avanzando na administración pública galega**

→ Proposta de acordo específico coas Consellerías para abordar as renovacións necesarias ante a finalización da vixencia dos seguintes produtos: sistema operativo Windows 10 e paquete ofimático MSOffice2019, ambos sen soporte dende outubro de 2025.

Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**1.8.2. Dotación de medios en posto de traballo**
Descrición:	Durante o 2026 continuarán as accións operativas e proxectos de dotación de medios en posto de traballo, atendendo ás necesidades operativas dos diferentes ámbitos da administración pública, os criterios de vixencia e seguridade no posto de traballo e a dispoñibilidade orzamentaria existente. A dotación de novos postos de traballo atenderá a criterios de obsolescencia pero respondendo tamén aos novos perfís corporativos de dotación hardware, co obxecto de impulsar, da man da extensión do uso do VDI e a extensión do modelo de posto dixital avanzado.

Actividade:	**1.8.2.a Posto de traballo individual**
Actividades 2026:	→ Partindo dos criterios de implantación acordados con cada Consellería, no 2026 executaranse novas accións de dotación e **renovación de postos**, aliñadas coas distintas actuacións en ámbitos sectoriais descritas neste plan de acción. Unha primeira aproximación estima, para 2026: ▪ En áreas administrativas e de servizos de atención directa á cidadanía, dotar uns 2.050 postos dixitais avanzados novos, mobilizando o seguinte equipamento: 1.450 postos fixos; e 600 postos móbiles completos para uso tanto de colectivos con necesidades de traballo en mobilidade coma para cubrir necesidades de dotación de medios para o teletraballo. ▪ Impulsarase a **adopción corporativa** do modelo de postos compartidos en formato "**hot desking**" naqueles ámbitos nos que interese evolucionar cara a escenarios de traballo na modalidade de "pool" compartido. → En paralelo ás accións de dotación de postos avanzados novos, executarase a actualización ordinaria doutros 450 postos de traballo xa existentes mediante a ampliación das capacidades do posto (memoria RAM...) ou dotación de novos periféricos, co obxecto de mellorar o seu rendemento e adaptalos aos novos perfís de posto avanzado.

Actividade:	**1.8.2.b Medios de impresión**

Actividade:	**1.8.2. Dotación de medios en posto de traballo**
Descrición:	Os plans de dotación de medios en posto de traballo, compleméntase coa continuidade da finalización da implantación do modelo de impresión corporativo, e o inicio dunha nova fase na que se dará continuidade aos servizos e se afondará nos mecanismos de aforro no uso neste tipo de medios.
Actividades 2026:	Os plans de dotación de medios en posto de traballo, compleméntase coa continuidade da finalización da implantación do modelo de impresión corporativo, e o inicio dunha nova fase na que se dará continuidade aos servizos e se afondará nos mecanismos de aforro no uso neste tipo de medios. → Rematada en toda a organización a implantación masiva inicial do **modelo corporativo de impresión**, e licitado e adxudicado o novo **acordo marco de servizos de dixitalización e impresión** que permite dar resposta ás necesidades derivadas do vixente plan de sostibilidade dos servizos de dixitalización e impresión, procederase a: ▪ Licitación dos contratos derivados necesarios para dar continuidade aos servizos de impresión naqueles ámbitos nos que neste 2026 finaliza a vixencia dos contratos derivados actuais. ▪ Establecemento de medidas de control e seguimento do consumo de impresión, mediante a posta en marcha de cadros de mando de seguimento de consumos, e aplicación de políticas de control de consumo. → En función das dispoñibilidades orzamentarias abordarase e integración no modelo corporativo de novos ámbitos non integrados, así como posibles **necesidades puntuais de ampliación na dotación de equipamento de reforzo** en ámbitos xa abordados e nos que pidan identificarse novas necesidades (habilitación de novas zonas de traballo, aumento das persoas que traballan nunha zona...).

Actividade:	**1.8.2.c Equipamento espazos de uso común**
Descrición:	Dotación dos medios específicos que atendan as necesidades de acceso a servizos dixitais e comunicacións nos distintos espazos de uso común existentes nos edificios administrativos e de servizos da administración (espazos para uso da cidadanía, salas de reunións, aulas de formación, ...). Estes medios comprenden desde equipos (PCs), sistemas para videoconferencia, dispositivos para colectivos con discapacidade, etc...
Actividades 2026:	Abordarase a dotación ou renovación duns **250 postos de espazos comúns e aulas** baixo responsabilidade da Amtega pero non pertencentes a centros de formación: postos de uso común para uso da cidadanía en bibliotecas, arquivos e museos; postos de uso común para uso da cidadanía en distritos forestas; aulas en centros de formación e experimentación agraria (CFEA's), aulas de Centros de Formación Ocupacional.... Concretamente: → Renovación de aproximadamente **100 postos tipo All-in-One** baseados en escritorios virtuais (VDI) distribuídos en **espazos de uso común de centros da rede de Arquivos, Bibliotecas e Museos da Xunta de Galicia**. Nestes espazos habilítanse postos de consulta para acceso aos diferentes recursos dos centros (consulta do catálogo das bibliotecas por parte das persoas usuarias, consultas das ferramentas dos arquivos por parte de persoal investigador...).

Actividade:	1.8.2. Dotación de medios en posto de traballo
	→ Dotación de **21 postos** tipo All-in-One baseados en escritorios virtuais (VDI) para o uso directo da cidadanía **na rede de distritos forestais da Consellería do medio Rural**. Cada distrito forestal contará cun novo posto para uso da cidadanía que se achegue a estes centros de maneira que poidan completar dende o posto calquera trámite co apoio do persoal do centro (comunicacións de queima...). → Renovación duns **130 postos** en aulas dos **centros de formación dependentas da Consellería do medio Rural (CFEA's) e da Consellería do Mar (ENP's)**. Esta renovación incluirá tanto a dotación de equipamento novo, baseado en postos All-in-One, coma a implantación dun novo sistema de xestión do software posto a disposición das persoas usuarias das aulas, baseado no uso de escritorios virtuais (VDI). → Adecuación de postos de traballo para a prestación do **servizo de videointerpretación para as persoas sordas nas 4 oficinas de turismo** que aínda non dispoñían deste servizo.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	1.8.3. Plataforma de virtualización de escritorios de posto de traballo (VDI – Virtual Desktop Infraestructure)
Descrición:	En 2022 púxose en marcha a infraestrutura tecnolóxica (hardware e software) da plataforma corporativa de provisión e xestión do posto de traballo baseada en solucións de virtualización de posto (VDI), así como os procesos para a administración e configuración de escritorios. A plataforma está operativa tanto para a Xunta de Galicia como para a Administración de Xustiza en Galicia. Nesta actividade abordase a continuidade do seu funcionamento e a extensión e consolidación do modelo de escritorios virtuais para o acceso seguro aos recursos da administración desde calquera dispositivo, así como para a súa implantación como modelo para a redución das necesidades de atención ao posto en ámbitos ubicados con menor presenza de servizos de soporte.
Actividades 2026:	→ **Licitación e adxudicación** do novo acordo marco para a dotación de plataforma de virtualización de escriterios. E licitación dos novos contratos derivados que aseguren a continuidade do servizo corporativo de virtualización de escritorios de posto de traballo (VDI –Virtual Desktop Infraestructure). → Impulso da implantación do **uso de VDI en novos ámbitos** como medida chave para a simplificación da xestión centralizada e atención dos postos. Concretamente abordaranse proxectos de adopción de postos baseados exclusivamente en VDI accesible dende un sistema operativo linux, nos seguintes ámbitos: ▪ Totalidade dos postos da **rede de Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia**: abordarase a implantación masiva dunha solución baseada no uso exclusivo de VDI, o que permitirá mellorar a experiencia de uso nuns 500 postos de traballo, aumentando a vida útil do equipamento mobilizado e simplificando e reducindo o esforzo global de operación e soporte.

Actividade:	1.8.3. Plataforma de virtualización de escritorios de posto de traballo (VDI – Virtual Desktop Infraestructure)

- No contexto dos proxectos de renovación 2026 da **dotación de postos en aulas** baixo responsabilidade da Amtega pero non pertencentes a centros de formación (aulas de capacitación dixital da Amtega nos edificios administrativos, aulas en centros de formación e experimentación agraria (CFEA's...), implantarase unha nova solución de posto baseada no uso exclusivo de VDI, o que permitirá simplificar a configuración do software despregado nas aulas ao tempo que asegurará a estabilidade no tempo das configuracións duns postos de alta exposición a posibles intervencións externas.

→ Consolidación do servizo de xestión da **Plataforma de Virtualización VDI** que dea resposta ás seguintes tarefas:

- xestión e mantemento ordinario da plataforma, asegurando o correcto funcionamento e tanto da plataforma lóxica como do hardware asociado.
- definición e mantemento das contornas de escritorios virtuais asociadas aos distintos perfiles, asegurando o funcionamento dos escritorios, detectando posibles incidencias e aplicando as medidas correctivas que se estimen oportunas en cada caso.

→ **Evolución continua dos escritorios virtuais**, coa finalidade de poñer ao dispor do colectivo novas funcións e actualizacións axustadas ás súas necesidades.

Área responsable:	*Área de Administración Dixital*

Actividade:	1.8.4. Intelixencia artificial no posto de traballo
Descrición:	Impúlsanse novas iniciativas corporativas de adopción de solucións de intelixencia artificial no posto de traballo poñendo en marcha as primeiras iniciativas piloto naqueles ámbitos onde se identifique unha aplicación inmediata destas tecnoloxías.
Actividades 2026:	→ Definición e implantación dun **procedemento corporativo para a adquisición, asignación e seguimento das licenzas Microsoft 365 e Copilot**, baseado no Acordo Marco corporativo (na actualidade) AMT 2024-0082. O procedemento permitirá a adquisición por cada centro de traballo das licenzas para atender ás súas necesidades específicas, pero con xestión centralizada da tramitación da contratación, da activación e seguimento do uso de licenzas para optimizar recursos e garantir unha adopción segura, eficiente e aliñada coa estratexia dixital da Administración. Establece tamén a necesidade de participación nunha formación inicial obrigatoria. → Tramitación periódica (trimestral) dos correspondentes contratos derivados que faciliten a adquisición das correspondentes licenzas financiadas dende os diferentes centros directivos. → Realización das **convocatorias e actividades de formación**. Desenvolvemento de axentes que respondan a necesidades específicas facilitando a reutilización.

Actividade:	**1.8.4. Intelixencia artificial no posto de traballo**
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**1.8.5. Evolucionar as ferramentas tecnolóxicas para a xestión do inventario, monitorización, securización e xestión dos equipos**
Descrición:	Na actualidade a Amtega xestiona un parque variado de postos de traballo dixitais, cunha xestión centralizada baseada nas seguintes ferramentas de xestión: ferramentas de directorio activo e políticas de dominio, actualizacións sistemáticas e periódicas do sistema operativo mediante WSUS , e sistema corporativo de xestión centralizada Altiris. Unha vez posta en marcha da plataforma corporativa VDI de escritorios virtuais, consolidarase o uso das ferramentas tecnolóxicas necesarias para a xestión dos distintos escritorios distribuídos dende a nova plataforma, de maneira que se xestionen igualmente postos físicos e virtuais.
Actividades 2026:	→ Mantemento do **inventario único de posto de traballo e medios** no posto de traballo, consolidando a información cargada na CMDB corporativa, a información do Directorio Activo e a información extraída mediante as ferramentas de autodescubrimento (Altiris) nun único inventario que permita a consulta directa de toda a información actualizada e en tempo real dos postos de traballo activos. → Impulso de novas iniciativas de **mellora continua** no ámbito da revisión **sistemática do software base dos postos**: mantendo o actual escenario baseado en sistema operativo Windows, impulsaranse novas experiencias piloto para simplificación da xestión dos postos coa adopción dun sistema operativo linux (eLux) para arrinque exclusivo de escritorio virtual VDI en: postos da rede de oficinas de emprego, postos en aulas e outros postos de centros pequenos e xeograficamente alonxados. → Consolidación do mecanismo de xestión centralizada de posto de traballo orientado especificamente a dispositivos móbiles e tabletas de apoio a traballos de campo e alta mobilidade, baseada no uso da solución corporativa **MDM** (*Mobile Device Management*).
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**1.8.6. Realizar o mantemento da maqueta corporativa e o catálogo de software en posto de traballo, incluíndo os sistemas ofimáticos, plataformas colaborativas e todos os medios implicados na definición de posto dixital avanzado**
Descrición:	Esta actividade permitirá manter a liña de homoxeneización e aseguramento da calidade na xestión dos postos de traballo dixitais dos últimos anos, co obxecto de que as persoas usuarias dispoñan en todo momento dun posto de traballo plenamente funcional. Incorporarase a esta dinámica de traballo as novas

Actividade:	**1.8.6. Realizar o mantemento da maqueta corporativa e o catálogo de software en posto de traballo, incluíndo os sistemas ofimáticos, plataformas colaborativas e todos os medios implicados na definición de posto dixital avanzado**
	tecnoloxías derivadas da nova solución corporativa de virtualización de posto de traballo (VDI).
Actividades 2026:	→ **Homoxeneización do software instalado**, incrementando o número de políticas corporativas de software de Altiris e de WSUS aplicadas a todo o parque, políticas que permiten estender os criterios de configuración e as versións do sistema operativo e software base, definidas para equipos novos a través das maquetas corporativas, á totalidade dos postos xa instalados. → Definición periódica das **novas imaxes corporativas de posto de traballo**, tanto as empregadas en postos físicos convencionais como as empregadas na nova solución corporativa de virtualización de posto de traballo (VDI). → Definición dunha nova imaxe corporativa de posto de traballo, baseada en linux (eLux), como referencia corporativa para postos de traballo baseados exclusivamente en escritorio virtual (VDI). → Na liña de actualización continua do posto de traballo, completarase a execución do proxecto xa iniciado no 2025 para **migración a Windows 11** en todos os postos de traballo corporativos que tecnicamente permitan a migración , no contexto do fin do período de soporte do S.O. Windows10.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**1.8.7. Coordinar as políticas e procedementos no ámbito de xestión e seguridade en posto de traballo**
Descrición:	Consolidarase a estratexia de xestión da seguridade transversal a todos os Organismos da Xunta de Galicia e entes públicos para os que a Amtega xestiona os sistemas de información, impulsando novas actividades de mellora continua no contexto da xestión e seguridade dos postos de traballo.
Actividades 2026:	→ Mantemento dos procesos de **revisión semanal proactiva** que aseguren o correcto funcionamento doutros sistemas transversais da Xunta de Galicia (notifica....) ou aplicacións de uso xeral (paquete ofimático...) no contexto dos postos de traballo xestionados, co obxecto de identificar posibles incidencias derivadas das actualizacións automáticas do software base sobre o que se executan (navegadores, sistema operativo...) → Homoxeneización e mellora na **calidade de información dos usuarios e de postos** incluídos no Directorio Activo, impulsando novos procesos automatizados de revisión. → Coordinación coa subárea de Seguridade da Amtega para **identificar e executar** as tarefas necesarias para acadar os obxectivos establecidos pola Amtega no seu Plan de Adecuación ao Esquema Na8cional de Seguridade (proxecto PAENS) no que respecto á xestión e seguridade do posto de traballo.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**1.8.8. Ampliación dos ámbitos de implantación de criterios corporativos de xestión de posto de traballo**
Descrición:	En función de demandas de diferentes departamentos da Xunta de Galicia, abordase a integración nos criterios corporativos de posto de traballo de diferentes entidades dependentes.
Actividades 2026:	→ Tramitación dos acordos de colaboración para incorporar ou dar continuidade a prestación do servizo de posto de traballo corporativo: ▪ No ámbito da Consellería de Economía e Industria: Xestur, Inega ▪ No ámbito da Presidencia: IGE ▪ A entidade pública Portos de Galicia. ▪ Consello Consultivo → Proceso de mellora continua para o aliñamento dos procesos de xestión de posto de traballo e xestión de configuración de usuarios dos ámbitos atendidos polo anterior CIXTEC.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Indicadores asociados

Actividade	Indicador	Valor 2026
Elaborar o novo plan de posto dixital avanzando do persoal empregado público	▪ Plan 2027 – 2030 de posto dixital avanzado do empregado público	**Elaborado para a súa tramitación**
Levar a cabo o deseño e execucións dos correspondentes plans de dotación de medios	▪ Número de postos actualizados no ámbito Xunta no contexto do Plan de posto dixital avanzado de persoal empregado público	**2.500**
Medios de impresión	▪ Formalización de contratos derivados para asegurar a continuidade dos servizos de dixitalización e impresión	**3**
Dotar dos espazos comúns para o acceso aos servizos dixitais	▪ Dotación de equipamento en espazos comúns: Nº de postos incluídos na dotación e mellora de postos de uso para a cidadanía	**250**
Pór en marcha e xestionar a plataforma de virtualización de escritorios de posto de traballo (VDI), que favoreza estender a mobilidade efectiva e o	▪ Nº de persoas que usan de forma efectiva a plataforma VDI	**4.000**
	▪ Novo acordo marco da Solución de virtualización de postos de traballo (VDI) na Xunta de Galicia	**Adxudicado**

Actividade	Indicador	Valor 2026
acceso de xeito seguro dende calquera dispositivo		
Medios xestionados	▪ Piloto solución de acceso a VDI baseada en linux (eLux) en postos da rede de Oficinas de Emprego	Executado
Medios xestionados (*)	▪ Número de equipos de posto de traballo xestionados segundo criterios corporativos.	19.000
	▪ Número de equipos de impresión xestionados segundo criterios corporativos.	3.150
Impulsar iniciativas de adopción de solucións avanzadas de colaboración e de asistentes virtuais de intelixencia artificial aplicadas ao posto de traballo	▪ Número de persoas que usan de forma efectiva solucións avanzadas de colaboración e de asistentes virtuais de IA aplicadas ao posto de traballo	200

Nota metodolóxica: Aos efectos destes indicadores, non se inclúen neles os valores relativos a Administración de Xustiza en Galicia, que se consideran no PR.1.5 Plan Senda2025: Xustiza Dixital.

1.9 Medidas para garantir a atención ás persoas usuarias

O incremento dos sistemas dixitais necesarios para o funcionamento da administración pública e a súa relación coa cidadanía, require **dispor de servizos de atención as persoas usuarias (CAU), que se configuran como os puntos de referencia para a resolución de dúbidas, peticións, incidencias, ou como canle de comunicación** entre elas e os equipos encargados de resolver as incidencias. Dado o cada vez un maior número de sistemas e de ámbitos de implantación diferentes é preciso un nivel de especialización cada vez maior. Farase unha especial **diferenciación entre a atención ao persoal empregado público** usuario dos sistemas e ferramentas tecnolóxicas, **e a atención e soporte especializado á cidadanía** usuaria dos servizos dixitais.

Co obxecto de cubrir calquera contacto do usuario no eido das TIC na Xunta de Galicia, a Amtega xestiona 4 servizos de prestación desta atención principais, diferenciados polo seu ámbito de actuación:

- **CAU Central**, para a atención ás persoas usuarias dos grandes centros administrativos da Xunta de Galicia (SSCC e Delegacións provinciais).
- **CAU Periférico**, para a atención a centros de prestación de servizos especializados, atención de segundo nivel á cidadanía a través do 012 ou do espazo de soporte técnico especializado de servizos dixitais da Xunta de Galicia cara a cidadanía, outras administracións e outros ámbitos nos que a Amtega presta servizos TIC.
- **CSU Xustiza**, para a prestación do servizo de atención ás persoas usuarias da Administración de Xustiza en Galicia.
- **UAC Educación**, para a atención aos centros educativos.

Neste programa inclúense a prestación dos servizos centralizados de atención as persoas usuarias (CAU Central e CAU Periférico); así como no establecemento dos procedementos de traballo, ou as ferramentas de soporte, que adicionalmente se coordinarán cos centros de atención especializados que se determine manter (xustiza, educación,...).

Será especialmente relevante a aplicación de tecnoloxía para a automatización de procesos de traballo, a incorporación de asistentes virtuais especializados por ámbitos que permitan un primeiro nivel de atención tanto ao persoal empregado público como á cidadanía, promover a asistencia en remoto que mellore a eficiencia do servizo prestado, e a habilitación de novas canles de comunicación. Ademais, mellorarase a atención presencial mediante a creación de Espazos de Atención directa especializada en ubicacións que así o requiran.

Obxectivos

- Mellorar continuadamente a prestación do servizo de atención ás persoas usuarias dentro da administración pública, incluíndo a ampliación a novos ámbitos aínda non xestionados.
- Consolidar e ampliar a prestación do servizo de soporte técnico especializado cara a cidadanía sobre o uso dos servizos dixitais, incluíndo a ampliación da atención a novos servizos dixitais.
- Evolucionar os medios tecnolóxicos para a prestación do servizo, incluíndo portal de autoservizo (AxudoT), mecanismos para unha mellor asistencia en remoto, e incorporación de outras canles de comunicación de uso frecuente na cidadanía.

- → Pór en marcha asistentes virtuais para complementar unha mellor prestación do primeiro nivel de atención.
- → Aplicar, en liña co programa de automatización, tecnoloxías de automatización para o procesado das peticións ou tarefas de carácter repetitivo.
- → Garantir a posibilidade de mobilizar, de precisarse, un soporte in situ de calidade en calquera ámbito baixo a responsabilidade da Amtega.
- → Habilitar os Espazos de atención directa coma puntos de atención presencial especializados, en determinadas ubicacións da administración pública.
- → Coordinar os protocolos, procedementos, criterios de rexistro que serían de aplicación nos servizos de atención tanto de carácter central como os especializados.
- → Desenvolver, en liña co programa de xestión do dato, o sistema analítico da prestación do servizo de soporte para a identificación de métricas do seguimento e mellora da eficiencia.

Actividades

Actividade:	**1.9.1. Prestación do servizo de atención ás persoas usuarias**
Descrición:	Neste actividade referirémonos á prestación do servizo de soporte no sector público autonómico e local, que está organizado en dous servizos: ▪ CAU Central – Orientado a prestación do servizo de atención as persoas usuarias dos ámbitos administrativos da Xunta de Galicia. ▪ CAU Periférico – Orientado á prestación de servizo de atención ás persoas usuarias ubicadas en centros de servizos públicos (Centros do ámbito de política social, bibliotecas, ...) ou entidades locais como usuarias dos servizos da Xunta de Galicia. Inclúese tamén a prestación de servizos á cidadanía recollido na actividade seguinte. Esta actividade aborda a prestación do servizo de atención, a mellora continua dos procedementos de traballo, a incorporación progresiva de novos servizos atendidos, e a evolución das canles de atención. Require tamén a coordinación cos outros dos servizos de atención (CSU de Xustiza, e UAC de Educación) para os procesos compartidos.
	1.9.1.a Prestación do servizo de atención ás persoas usuarias – Persoal empregado público
Actividades 2026:	→ Prestación do servizo de atencións as persoas usuarias, con criterio de mellora continua. Adecuación continuada dos protocolos de atención dos centros de atención as persoas usuarias co obxectivo de incrementar os niveis de resolución en primeiro nivel, e incluíndo criterios de especialización nas temáticas con maior impacto. → Incorporación na **prestación de servizo de atención de novos servizos dixitais** empregados polo persoal empregado público, incluíndo accións de especialización dos centros de atención, en especial no referido ao soporte aos servizos de dixitais. Acompañamento en procesos de implantación de servizos. → Consolidación do **plan de sesións periódicas de difusión de uso de servizos de posto de traballo**, actividades proactivas consistentes en sesións de telepresenza de preinscrición libre e carácter periódico nas que especialistas

Actividade:	1.9.1. Prestación do servizo de atención ás persoas usuarias
	do CAU expoñen dun xeito práctico o uso das distintas tecnoloxías e proxectos corporativos, para un mellor aproveitamento dos medios dispoñibles. → Análise da adaptación dos servizos de atención ás persoas usuarias en previsión da incorporación doutros potenciais ámbitos de soporte (Xestur, IGE,...). → **Licitación da continuidade do servizo** prestado dende o CAU Periférico e formalización do correspondente contrato que asegure a continuidade do servizo neste ámbito de actuación. → Dentro da iniciativa da **Plataforma corporativa de atención virtual (CONVERSA)**, identificaranse diversos casos de uso que permitan iniciar a pilotaxe deste tipo de servizos para o persoal empregado público.
	1.9.1.b Prestación do servizo de atención ás persoas usuarias – Cidadanía
Descrición	Ademais da atención ás persoas usuarias dentro da administración pública, a Amtega presta tamén servizos de soporte técnico especializado cara á cidadanía sobre o uso dos servizos dixitais. Estes servizos son ofrecidos dende o **CAU Periférico**, canalizados a través do 012, ou a través do espazo de soporte técnico especializado de servizos dixitais da Xunta de Galicia. Neste ámbito da atención á cidadanía será necesario abordar unha progresiva adaptación do centro de atención, redimensionando o servizo para dar resposta á crecente demanda de atención, abordando procesos de especialización, e adaptando os equipos para prever a incorporación de novos ámbitos de actuación.
Actividades 2026:	→ Continuidade da prestación do servizo de soporte técnico especializado á cidadanía no uso dos servizos dixitais. Na actualidade, dentro da prestación de servizo ámbitos como: o soporte aos servizos dixitais de carácter transversal (sede electrónica, notificacións electrónicas, XuntaEu, Chave365, licitación electrónica, Fides-plataforma de emprego público). → Mantemento da prestación de servizo de atención e soporte ao uso do proxecto "Campus Virtual Emprego", "campus virtual" para formación da poboación ocupada e desempregada de Galicia na modalidade de telepresenza. No proceso planificaranse actividades anuais de formación para dar a coñecer a plataforma "Campus virtual" entre todos os centros participantes, e a atención directa ás solicitudes de apoio técnico por parte do persoal dos centros e entidades ao longo do proxecto. → Continuidade da prestación de servizos cara a cidadanía no Servizo Público de Xustiza (sede xudicial electrónica). → Dentro da iniciativa da **Plataforma corporativa de atención virtual (CONVERSA)**, identificaranse diversos casos de uso que permitan iniciar a pilotaxe deste tipo de servizos cara a cidadanía, tamén en coordinación co 012.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**1.9.2. Consolidar e ampliar a prestación do servizo de soporte técnico especializado cara a cidadanía sobre o uso dos servizos dixitais, incluíndo a ampliación da atención a novos servizos dixitais**
Descrición:	Inclúese nesta actividade e evolución das ferramentas transversais de apoio a prestación do servizo de soporte. Na actualidade son fundamentalmente: ▪ A **ferramenta ITSM para a xestión interna dos servizos TI** ofrecidos dende a Amtega para toda a organización, na actualidade OTRS. Que recolle os tíckets e procesos de TI, que sufriron un crecemento exponencial da actividade da Amtega nos últimos 10 anos, nos que se triplicou o volume de contactos xestionados (pasouse dun valor próximo aos 100.000 contactos no ano 2013, a máis de 380.000 contactos no ano 2025). ▪ O **portal de atención e autoservizo AXUDOT** (https://axudote.xunta.gal), dispoñible dende 2019, canle na intranet e internet no que as persoas usuarias da Xunta de Galicia poden comunicar e facer seguimento das incidencias e peticións cara o CAU, reducindo os tempos de atención telefónica. As capacidades dos medios dispoñibles deberá seguir avanzado para: ▪ A ampliación dos servizos ofrecidos a través do portal coa incorporación de novos formularios. A incorporación de novos mecanismos de automatización que permiten a autoprovisión de solicitudes ou de automatización de procesos para a redución de tempos de atención e de dedicación de recursos.
Actividades 2026:	→ **Impulso do uso de AxudoT**, e evolución do portal, coma canle prioritaria de atención ata acadar que un mínimo do 50% das incidencias ou peticións se reciban mediante esta vía. Entre outras medidas, abordaranse: ▪ Completarase o proxecto de mellora do portal iniciado no 2025, nun contexto de mellora continua orientada a unha mellor experiencia de usuario, aumento da usabilidade e incorporación de novas xestións dispoñibles en réxime de autoprovisión. ▪ Novas campañas de difusión para dar a coñecer Axudot entre as persoais usuarias. → **Migración tecnolóxica da plataforma de xestión de ticketing e CMDB – OTRS**. Migración á nova versión de OTRS, coa finalidade de optimizar o seu funcionamento. → **Análise** preliminar de alternativas tecnolóxicas para posible evolución cara a dunha **nova solución ITSM** corporativa que achegue novas capacidades á organización.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**1.9.3. Garantir a posibilidade de mobilizar, de precisarse, un soporte in situ de calidade en calquera ámbito baixo a responsabilidade da Amtega**
Descrición:	Partindo do modelo de atención da Amtega baseado nun primeiro punto de acceso ao servizo único, o Centro de Atención ás Persoas Usuarias, esta actividade garante os servizos de segundo nivel de atención, aos que o CAU deriva aquelas peticións e incidencias que non poden resolver, incluíndo servizos de asistencia in situ. A prestación deste servizo está organizada por distribución xeográfica ou de ámbitos de especialización, para acadar a atención na totalidade de centros específicos de prestación de servizos dixitais da Xunta de Galicia, mais alá dos

Actividade:	1.9.3. Garantir a posibilidade de mobilizar, de precisarse, un soporte in situ de calidade en calquera ámbito baixo a responsabilidade da Amtega

ámbitos administrativos de servizos centrais e delegacións provinciais. Atendendo aos distintos ámbitos identificados, considéranse os seguintes servizos de atención:

- **Servizo Santiago comarca:** servizo TIC remoto e in situ en calquera centro público administrativo, social ou doutra índole, dependente da Xunta de Galicia, na contorna xeográfica de Santiago de Compostela, incluíndo o seu ámbito urbano e a súa área de influencia.
- **Servizos Periférico Norte e Sur:** servizo TIC remoto e in situ en calquera centro público administrativo, social ou doutra índole, dependente da Xunta de Galicia, nas provincias de A Coruña e de Lugo (Norte), e de Ourense e Pontevedra (Sur) excluíndo os centros de ámbitos especializados cubertos especificamente por outros servizos.
- **Servizo de soporte á Rede de Centros de Benestar**, asegurando un servizo TIC especializado ao persoal que desenvolve as súas funcións nos centros incluídos na rede galega de centros de iniciativa pública do ámbito de benestar da Xunta de Galicia.
- Servizo de soporte á Rede de Arquivos, Bibliotecas e Museos, asegurando un servizo TIC especializado ao persoal que desenvolve as súas funcións nos centros que conforman a rede de bibliotecas públicas de Galicia, a rede de arquivos e a rede de museos dependentes da Xunta de Galicia.
- **Servizo específico de soporte á Rede CEMIT**, asegurando o mantemento dos equipos de posto de traballo e sistemas audiovisuais e multimedia das aulas da Rede CeMIT.

En liña co que se estableza no Plan de posto dixital avanzado do persoal empregado público, e atendendo á incorporación de novos ámbitos de actuación da Amtega, adecuarase a estrutura e dimensionamento dos distintos servizos de soporte in-situ indicados.

Actividades 2026:

→ Evolución para a prestación de servizos de asistencia técnica especializada ao posto de traballo dixital, tanto presencial coma remota, consolidando o modelo corporativo de **soporte in-situ** no posto de traballo mais alá dos ámbitos administrativos de servizos centrais e delegacións provinciais, na totalidade de centros específicos de prestación de servizos dixitais da Xunta de Galicia. En especial:

- Finalización das accións derivadas do plan de dotación de postos no modelo establecido no Plan 2021-2023 de posto dixital avanzado do persoal empregado público.
- Incorporación da atención aos postos administrativos de novos centros que se incorporen no 2025 á atención da Amtega (Xestur, IGE...).

→ En termos xerais, en cada un dos ámbitos de atención impulsaranse accións de mellora continua, entre as que cabe destacar:

- Execución de plans de xestión preventiva do equipamento, incluíndo a planificación bimestral de visitas preventivas aos centros en cada ámbito, de forma que se apliquen medidas para previr os problemas e reducir así o número de incidencias.
- Actualización sistemática do inventario de equipamento de forma que, entre outras cuestións, facilite a planificación das necesidades futuras de renovación atendendo a criterios de antigüidade e requirimentos funcionais.

Actividade:	**1.9.3. Garantir a posibilidade de mobilizar, de precisarse, un soporte in situ de calidade en calquera ámbito baixo a responsabilidade da Amtega**
	→ **Licitación e adxudicación** dos expedientes que permitan darlle continuidade aos servizos en ámbitos nos que finaliza contrato en 2026 (Periférico Norte, Periférico Sur, soporte á Rede de Centros de Benestar, soporte á rede de Arquivos, Bibliotecas e Museos.e soporte á rede CeMIT). → Deseño dunha **experiencia piloto de punto de Atención Amtega** nun centro de traballo, que sirva como punto de atención inmediata ás persoas usuarias, accións rápidas de acompañamento e formación, ou de punto de recollida de equipamento para entrega desatendida de elementos que non requiran configuración (auriculares, lector de tarxetas...).
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**1.9.4. Coordinar os protocolos, procedementos, criterios de rexistro que serían de aplicación nos servizos de atención tanto de carácter central como os especializados**
Descrición:	Evolución das metodoloxías e dos procedementos en toda a organización respecto á provisión de servizos TI ás persoas usuarias, prestando especial atención aos diferentes Centros de Atención ao Usuario existentes. Ademais de definir, manter e evolucionar os procesos base da organización na provisión de servizos TI, procedementos operativos e instrucións técnicas, promoveranse reunións periódicas de coordinación entre os diferentes grupos de soporte da Amtega.
Actividades 2026:	→ Evolución dos procedementos de atención ás persoas usuarias e coordinación das ferramentas de apoio, e de xestión de indicadores de prestación do servizo. → Coordinación da posta en marcha do soporte aos equipos do persoal de novos centros de traballo de novas entidades que poidan integrarse baixo o soporte da Amtega no ano 2026. → Coordinaranse iniciativas periódicas de formación para a especialización, en réxime de telepresenza, dirixidas a todos os centros de atención para acadar unha mellora no servizo prestado en 1º nivel a través dun maior coñecemento funcional do negocio.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**1.9.5. Desenvolver, en liña co programa de xestión do dato, o sistema analítico da prestación do servizo de soporte para a identificación de métricas do seguimento e mellora da eficiencia**
Descrición:	Elemento fundamental da prestación do servizo de atención as persoas usuarias é garantir tempos de atención adecuados. Nesta actividade inclúese a evolución do sistema de análise da prestación do servizo de atención as persoas usuarias, dentro da plataforma de información analítica corporativa. O sistema de análise incluirá no seu alcance global indicadores de seguimento do bo funcionamento do servizo, da calidade percibida polos usuarios, e dos recursos tic en posto de traballo. *Esta actividade está aliñada co Programa 1.7 Xestión intelixente do dato.*

Actividade:	**1.9.5. Desenvolver, en liña co programa de xestión do dato, o sistema analítico da prestación do servizo de soporte para a identificación de métricas do seguimento e mellora da eficiencia**
Actividades 2026:	→ Revisión da definición de indicadores de seguimento da actividade, para a súa adecuación ás canles de atención de autoservizo ou automatización, así como aqueles outros aspectos que afectan á actual definición dos indicadores de seguimento, e de SLAs. → Evolución do actual sistema de indicadores de atención as persoas usuarias, co obxecto de mellorar a súa efectividade no seguimento dos acordos de nivel de servizo e da calidade dos procesos de atención, tempos de resposta e niveis de escalado; e que sexa plenamente operativo no seguimento da actividade tanto do CAU Central, coma do CAU Periférico ou do CSU de Xustiza. Así como do análise de recursos tic xestionados.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Indicadores asociados

Actividade	Indicador	Valor 2026
Mellorar continuadamente a prestación do servizo de atención ás persoas usuarias dentro da administración pública, incluíndo a ampliación a novos ámbitos aínda non xestionados	▪ Número de contactos atendidos polos CAUs Central e Periférico	**240.000**
	▪ % de tíckets resoltos en menos de 1 hora	**45%**
	▪ % de tíckets resoltos en menos de 24 horas	**55%**
	▪ Licitación dos contratos de renovación das prestacións de soporte (5 contratos)	**Licitados**
Evolucionar os medios tecnolóxicos para a prestación do servizo, incluíndo portal de autoservizo (AxudoT), mecanismos para unha mellor asistencia en remoto, e incorporación de outras canles de comunicación de uso frecuente na cidadanía	▪ Nova versión do portal de autoservizo AxudoT	**Publicada**
	▪ Sesións de telepresenza para difusión e formación ás persoas usuarias de distintas solucións corporativas	**12**
	▪ Nova versión do sistema ITSM (OTRS)	**Realizada**

1: Considéranse contactos todas aquelas comunicacións recibidas ou de atención proactiva no CAU Central ou CAU Periférico, a través das distintas canles activas (teléfono, correo electrónico, formularios de autoservizo, entradas dende o 012, e aquelas outras que se poidan activar)

2: Aos efectos destes indicadores, non se inclúen neles os valores relativos a Administración de Xustiza en Galicia, que se consideran no PR.1.5 Plan Senda2025: Xustiza Dixital

Obxectivo estratéxico 2: Promover os servizos públicos dixitais



OBXECTIVO 2. PROMOVER OS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS

2.1 Programa Dixital da Política Social

No tocante á modernización dos servizos sociais, durante o 2026 continuarase a dar soporte, mantemento e evolución ao conxunto de sistemas de información para a xestión dos distintos eidos de xestión da política social da Xunta de Galicia.

A destacar a actividade prevista nos seguintes ámbitos:

Obxectivos

- → Poñerase especial foco nos requisitos de evolución dos **sistemas de información da dependencia e da discapacidade** para consolidar o soporte aos cambios normativos introducidos en ambos procedementos relacionados coa posibilidade de solicitude e tramitación conxunta.
- → Dentro dos traballos de execución da actual fase do proxecto de desenvolvemento e implantación da **Historia Social Única Electrónica** (HSUE), continuarase a avanzar co despregue progresivo da renovación da ferramenta SIUSSGAL no ámbito dos servizos sociais comunitarios (concellos).
- → Na **área de familia**, incidirase na consolidación da aplicación informática posta en marcha para o soporte do Rexistro de familias monoparentais, incorporando novos servizos de Administración electrónica (servizo de consulta en Pasaxe; posibilidade de descarga do certificado acreditativo a través de medios electrónicos).
- → No ámbito dos **centros residenciais** de xestión propia, implantarase a solución corporativa de comunicación do residente coa enfermería na residencia de maiores de Campolongo.
- → Continuarase a activación da **sincronización cos sistemas de información da sanidade pública** do censo de persoas residentes en centros residenciais de maiores e discapacitados.

Actividades

Actividade:	**2.1.1. Mantemento e evolución de sistemas de información da SXT e da inspección de servizos sociais**
Descrición:	Mantemento de sistemas de información empregados en unidades da SXT, destacando a aplicación que soporta as tramitacións asociadas ao **Rexistro Unificado de Entidades e Programas de Servizos Sociais (RUEPSS)** e a actividade da Inspección de servizos sociais e as empregadas para a **xestión e control de compras centralizadas (SUBCEN).**
Actividades 2026:	Continuarase dando soporte aos sistemas e abordando a carteira de peticións de evolución segundo as prioridades acordadas. → **RUEPSS:** ▪ Melloras nas integracións actuais con servizos de administración electrónica (REXEL; Sede Electrónica; Portasinaturas). ▪ Nova funcionalidade para a xestión autónoma do calendario de días festivos polos centros de infancia.

Actividade:	2.1.1. Mantemento e evolución de sistemas de información da SXT e da inspección de servizos sociais

Tentarase ademais abordar unha actualización da aplicación a nivel de usabilidade e de deseño visual, tanto a nivel de soporte á tramitación interna como na funcionalidade aberta á cidadanía.

→ **SUBCEN:**

- Farase foco no soporte aos contratos centralizados vixentes que se xestionan a través da aplicación informática SUBCEN (subministros centralizados), con especial atención aos contratos que sexan obxecto de renovación durante o exercicio.

→ **Presencia web:**

- Realizarase actividade sobre os distintos portais nos que a Amtega está a asumir o seu mantemento, isto é:
  - Web da Consellería de Política Social e Igualdade.
  - MATIASS.
  - Observatorio galego de dinamización demográfica.
  - Programa de apoio á natalidade.
- Continuarase a traballar na finalización da construción e posta en marcha da renovación da web corporativa do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.
- Continuaranse a atender as peticións de evolución que se reciban da consellería en relación ao actual contido básico promocional da iniciativa Carné +65.

Como medida de carácter transversal, conectada co Plan de traballo para a dixitalización plena de procedementos 2026-2027, aprobado en novembro de 2025 polo Consello da Xunta de Galicia, incentivarase a extensión do uso das plataformas de tramitación horizontais que promove a Amtega (Tramita e Wanda) a novos procedementos.

Área responsable:	*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

Actividade:	2.1.2. Desenvolver novos módulos e funcionalidades nos sistemas de información de xestión da dependencia e da discapacidade
Descrición:	Continuarase a darlle soporte aos principais sistemas de información empregados nas áreas de Dependencia e Discapacidade, destacando especialmente o mantemento do **sistema de información que soporta a xestión da dependencia (SIGAD)**, a aplicación informática de **tramitación do procedemento do recoñecemento da discapacidade (CENDIS)**, a aplicación informática que soporta a **xestión dos contratos de prazas concertadas nas áreas de maiores e discapacitados (CONCEN)**, xunto con emprego do Censo de residentes (CENRES) no contexto da xestión das nóminas de prazas concertadas en centros de maiores e de discapacidade. Dentro das actuacións na área temática da discapacidade, lanzaranse os traballos de desenvolvemento do sistema de información que de axeitada resposta ao novo Rexistro de cans de asistencia, sempre de xeito acompasado ao avance na tramitación da normativa (Decreto) que creará dito Rexistro.

Actividade:	2.1.2. Desenvolver novos módulos e funcionalidades nos sistemas de información de xestión da dependencia e da discapacidade

Actividades 2026:

→ En relación ao **Sistema de Xestión da Dependencia** (SIGAD), a actividade continuará a estar moi condicionada e centrada na adaptación do sistema de xestión as novidades normativas introducidas en 2025 relativas á solicitude conxunta dependencia-discapacidade e aos escenarios de tramitación e resolución conxunta.
En 2026 continuarase co plan de evolutivos iniciado en 2025 para a adecuación dos sistemas ás múltiples casuísticas de tramitación que deben ter soporte adecuado. O plan de evolutivos funcionais ao longo de 2026 será aliñado de xeito continuado cos obxectivos e prioridades fixados pola Consellería de Política Social e Igualdade, destacando a priori:

- Completar o escenario de interoperabilidade con Sergas do informe de condicións de saúde, definido e comezado a implementar en 2025.
- Completar adaptacións pendentes relacionadas coa tramitación do expediente conxunto en situacións distintas dos fluxos ordinarios de tramitación (a modo de exemplo: cando suceden renuncias parciais).
- Melloras na funcionalidade de citación, revisando os actuais fluxos de envío a SCCOM e a 012.
- Completar evolutivos pendentes relacionados coa xestión da valoración da mobilidade (entre outras: recuperación do BLAM xestionado a través de VALORADORES).
- Tramitación do novo Grado III+ e adaptacións relacionadas coa xestión de persoas con ELA ou enfermidades análogas.
- Introdución de melloras a nivel de eficiencia no rexistro de solicitudes, a través da aplicación de técnicas de IA de extracción automática de información (integración co proxecto DOCPOS).
- Ampliación da actual API de integración con CENDIS, para entre outras. cousas, facilitar a identificación e mecanización eficiente de solicitudes xa mecanizadas en SIGAD.
- Melloras na funcionalidade de xestión de ofrecementos de prestacións económicas.
- Melloras na funcionalidade de revisión da capacidade económica, desvinculando o proceso de revisión da mesma da formulación do PIA.
- Melloras na xestión do PAR de SAF relacionadas coa tramitación das Emerxencias sociais.
- Melloras pendentes nos módulos de Xestión de servizos.
- Integracións pendentes con servizos de Pasaxe.
- Integracións pendentes con Carpeta Cidadán (envío dos documentos de resolución).

Continuarase a **impulsar a progresiva activación do rexistro de horas de atención de SAF** a través de interoperabilidade, continuando co plan de traballo que se está a abordar cos concellos que actualmente empregan a ferramenta CIBERSAD (única polo momento adaptada á API de integración).
No plano tecnolóxico seguirase a traballar na **renovación tecnolóxica do sistema SIGAD**, co obxectivo de que pase a estar despregado en contornas de maior actualización e estandarización tecnolóxica, evitando escenarios de obsolescencia tecnolóxica, e mellorando aspectos de seguridade e rendemento da contorna de execución do sistema (aspectos de débeda técnica que a día de hoxe resultan xa inaprazables).

→ En relación ao **proceso de valoración**, completarase a migración do novo sistema que permite aplicar os baremos de dependencia (BVD/EVE) en mobilidade (renovación da aplicación VALORADORES.

Actividade:	2.1.2. Desenvolver novos módulos e funcionalidades nos sistemas de información de xestión da dependencia e da discapacidade

- Traballarase no escenario de apagado das dúas aplicacións informáticas que seguen a empregarse coma soporte específico e complementario para a xestión dos procesos de asignación de servicios de prazas en centros nas áreas de maiores e discapacidade, isto é:
  - LISOCED: listas de ocupación en centros de discapacidade
  - NICM: ingresos en centros de maiores

Os escenarios de apagado serán abordados con prudencia, para evitar impactos negativos na xestión, a través de ampliacións funcionais nos sistemas que deben dar soporte axeitado e completo aos procesos de xestión no que operan estas aplicacións, isto é SIGAD e CENPOS/CENRES.

Esta actuación adquire carácter urxente no relativo a NICM, onde por razóns de xestión de infraestrutura a nivel Amtega, resulta necesario proceder co apagado desta aplicación en 2026.

- Continuarase co traballo de activación da integración con CENRES para a asignación de servizos en centro de día, de xeito acompasado co plan de implantación de CENRES nesta tipoloxía de centros.

→ **En relación ao sistema de xestión do recoñecemento da discapacidade (CENDIS),** a actividade de mantemento estará, ao igual que en dependencia, condicionada e centrada na adaptación do sistema de xestión as novidades normativas introducidas en 2025 relativas á solicitude conxunta dependencia-discapacidade e aos escenarios de tramitación e resolución conxunta introducidos, continuando co esforzo de adaptación iniciado en 2025. O plan de evolutivos funcionais ao longo de 2026 será aliñado de xeito continuado cos obxectivos e prioridades fixados pola Consellería de Política Social e Igualdade, destacando a priori:

- Adaptacións na fase de resolución conxunta, combinando a recuperación da resolución previa emitida en dependencia coa xeración de documentos específicos de discapacidade (certificado; ditame; tarxeta), incorporando novo buzón de expedientes conxuntos pendentes de resolución en SIGAD.
- Melloras na funcionalidade de apoio á mecanización de solicitudes a través de extracción de información a través de IA: novo procesamento automático da documentación asociada ás entradas para corrixir e asignar con maior taxa de acerto a tipoloxía documental solicitude.
- Melloras na funcionalidade de apoio ao rexistro de solicitudes, facilitando a identificación e mecanización eficiente de solicitudes xa mecanizadas en SIGAD.
- Evolucións na actual integración con BAREDI, aproveitando novos servizos incorporados á API de BAREDI polo IMSERSO: obtención de datos do informe de síntese; aplicación de cambio de EVO a expedientes abertos; xestión de traslados de fora de Galicia.
- Ampliacións nas integracións con Pasaxe (consulta do servizo de identidade).
- Integración co servizo Nexea para a externalización da impresión e envío de documentos a través de Correos.
- Notificación a PNC da finalización da valoración de discapacidade cando se require coordinación de ambos procedementos.
- Nova funcionalidade para a xeración de informes de incompatibilidade laboral.

Actividade:	2.1.2. Desenvolver novos módulos e funcionalidades nos sistemas de información de xestión da dependencia e da discapacidade

- → Farase un especial seguimento do **proceso de citación** a valoración de discapacidade, identificando posibles puntos de mellora no soporte actual do sistema, tanto en relación á citación a través do 012, como en relación á confirmación automática da cita a través do sistema de chamadas automáticas SCCOM.
- → Traballarase na posta en marcha do **Asistente para o recheo guiado da solicitude de dependencia-discapacidade a través da Sede Electrónica**, desenvolto xa en 2025, pero pendente de probas finais e de decisión de paso a produción.
- → Apoiarase á Consellería de Política Social e Igualdade na **identificación de oportunidades de aplicación de IA xenerativa** aos procesos de valoración da discapacidade e da dependencia:
  - No relativo á valoración da discapacidade, ao ser a fonte principal de información que sustenta a valoración o sistema de historia clínica público (IANUS), as oportunidades pasan por activar escenarios de colaboración activa con Sanidade.
  - No relativo á valoración de dependencia, na que os instrumentos e ferramentas de valoración son propios de Política Social, explorarase a posibilidade de mellorar o proceso de aplicación dos baremos BVD/EVE a través do tratamento da gravación da sesión de valoración (con todas as precaucións e aspectos de cumprimento normativo que require un caso de uso coma este). Esta liña de actuación require a colaboración activa da Consellería facilitando gravacións de sesións de valoración.
- → Tamén cabe sinalar a previsión de actividade relativa a:
  - Mantemento da aplicación **CONCEN**, con especial atención á xestión operativa dos contratos na área de discapacidade, na que se están a identificar faltas de adaptación a nova figura do Concerto Social.
  - Renovación da aplicación de tramitación do procedemento de recoñecemento do dereito ao emprego de servizo galego de apoio á mobilidade persoal (BS660A), activando a tramitación a través de Tramita na que se estivo a traballar durante 2025.
  - Soporte, dinamización e evolucións necesarias na funcionalidade de xestión de nómina de prazas concertadas de centros residenciais e de día a través de CENRES. Agora que está completada a actuación nos centros residenciais de maiores, e está iniciada a mesma liña de traballo para centros residenciais con prazas concertadas de discapacidade, e para centros de día que progresivamente pasan a ser usuarios de CENRES: continuarase a avanzar nesta liña de traballo.
  - Impulso ao emprego da ferramenta transversal de tramitación de procedementos Tramita, procurando a consolidación do seu emprego en ámbitos nos que xa se ensaiou o seu emprego en convocatorias anuais previas (BS215A: axudas ELA) e propondo o seu emprego en novos procedementos.

Área responsable:	*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

Actividade:	**2.1.3. Actuacións derivadas do novo modelo de atención residencial e de coidados**
Descrición:	Seguirase a dar mantemento e continuidade aos sistemas de información e proxectos tecnolóxicos cos que a Amtega acompaña e da soporte tecnolóxico ao Modelo de atención residencial promovido pola Consellería de Política Social e Igualdade, segundo o marco de actuacións recollido no seu Eixo 2. Aposta polas potencialidades da tecnoloxía de dito Novo modelo residencial.
Actividades 2026:	Destacamos as seguintes actuacións: → Continuarase a executar a fase de evolución dos **sistemas CENPOS** e **CENRES**, tanto para residencias de xestión directa da Consellería de Política Social e Igualdade, como para a rede de centros de maiores do Consorcio de servizos de igualdade e benestar (ámbito de CENPOS), como para o global de centros residenciais de maiores e discapacidade de toda Galicia (ámbito de CENRES), segundo os obxectivos establecidos na licitación AMT-2025-0075 actualmente en plena execución. → Continuarase afondando na **activación de Integracións con sistemas do Sergas.** → Estenderase a **integración do censo de residentes** a novas Áreas Hospitalarias, co obxectivo de rematar 2026 coa activación completada para a totalidade das residencias. → Extensión da integración deseñada para facilitar o **fluxo de prescrición de medicación** en residencias con farmacia hospitalaria a novas residencias (a destacar que ademais de procurar a extensión da integración a novas residencias de xestión pública, abrirase liña de traballo para facilitar a interoperabilidade da prescrición farmacolóxica a entidades privadas, comezando cos entidade DomusVi). → Continuarase a abordar **melloras na funcionalidade tanto asistencial como de soporte a procesos de xestión**. No plano asistencial porase o foco na extensión dos rexistros en mobilidade a través dos Terminais táctiles de habitación (TTH) en todas as residencias de maiores nas que se dispón destes elementos. No plano do soporte aos procesos de xestión farase foco na adaptación dos módulos de almacén e cociña. En todo caso farase un esforzo especial por adecuar o plan de evolución do sistema ás necesidades identificadas cos centros, intensificando o plan de visitas aos mesmos. → Continuarase coa **adaptación de CENPOS** ás especificidades do modelo de xestión e atención do **Consorcio galego de servizos de igualdade e benestar**, activando e ampliando o ámbito e alcance do uso do sistema na súa rede de centros de maiores. → Continuarase co **soporte a posta en marcha** por entidades externas do emprego da capa de servizos desenvolta para facilitar a integración automática do censo de residentes: en 2025 activouse a integración para centros con so praza privada xestionados pola entidade DomusVi. Traballarase agora na activación da integración para centros con praza concertada. → Plan **de implantación da ferramenta de Historia Clínica (IANUS)** en centros residenciais de maiores e discapacitados de calquera tipoloxía de xestión (en coordinación e colaboración co Sergas e coa Consellería de Política Social e Igualdade): a actuación de facilitar o acceso a IANUS á totalidade de centros residenciais con persoal clínico está practicamente rematada. Dedicaranse esforzos a manter adecuadamente actualizada a situación de profesionais con acceso. A maiores de isto, colaborarase activamente coa Consellería de Política Social e Igualdade e co Sergas para darlle un pulo ao emprego efectivo de IANUS a nivel de escritura, entendida esta en sentido amplo (escritura do curso

Actividade:	2.1.3. Actuacións derivadas do novo modelo de atención residencial e de coidados

evolutivo dos problemas de saúde; activación de fluxos de peticións directamente dende IANUS segundo a carteira de servizos acordada entre Consellerías).

- → Procurarase **colaborar na adaptación e impulso do plan de implantación de IANUS** ás necesidades e prioridades que resulten do **modelo de atención a paciente crónico-complexo** no contexto residencial deseñado polo Sergas en colaboración coa Consellería de Política Social e Igualdade.
- → Seguimento e mantemento do proxecto completado en 2023 de **implantación de equipos multiparamétricos de toma de biomedidas.**
- → Seguimento e mantemento da **solución de comunicación residente-enfermeira (COMRES)** implantada nas residencias de maiores de xestión directa da Consellería e en varios centros residenciais do Consorcio. Ademais implantarase a solución na residencia de Campolongo (pendente a raíz de obras no centro) e no centro de coidados intermedios CEGADI (prevista a súa apertura en 2026).
- → Seguimento e mantemento da **solución de monitorización da actividade do residente, de parámetros de confort e da seguridade dos residentes (TAVRES)**, implantada nas residencias de maiores e discapacitados de xestión directa da Consellería e en varios centros residenciais do Consorcio. Ademais implantarase a solución na residencia de Campolongo (pendente a raíz de obras no centro).
- → Continuarase co ensaio do emprego de **pulseiras de actividade** nun programa de **envellecemento activo** na Residencia de maiores de A Estrada, de xeito integrado con TAVRES; na medida en que a pilotaxe teña éxito, plantexarase a súa extensión a máis centros.
- → Continuarase coa **evolución e implantación do sistema de información XESAC** para a xestión das quendas nas residencias de maiores e discapacitados de xestión directa da Consellería de Política Social e Igualdade, procurándose a consolidación definitiva do emprego do sistema en todos os centros residenciais da Consellería; farase especial foco no momento temporal de negociación e creación das novas carteleiras de 2027, momento clave para afianzar o emprego do sistema.
- → Unha vez rematado en 2025 o proxecto de **subministro e instalación de dispositivos para a prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria** da Consellería de Política Social e Igualdade, con parte do equipamento instalado en domicilios e parte recibido en almacén, estarase a disposición da Consellería de Política Social e Igualdade para facilitar o equipamento dispoñible para o seu emprego no contexto da nova contratación do servizo de teleasistencia na que está a traballar.
- → Darase soporte a aplicación para a **xestión do carné +65** posta en marcha en 2025 (soporte á xeración e impresión de carnés dende a Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria).
- → Impulso ao emprego da **ferramenta transversal de tramitación de procedementos Tramita**, procurando a consolidación do seu emprego en ámbitos nos que xa se ensaiou o seu uso en convocatorias anuais previas (BS607A: programa de balnearios; BS614A: programa de Respiro familiar) e propondo o seu emprego en novos procedementos.

Área responsable:	*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

Actividade:	**2.1.4. Desenvolver novos módulos e funcionalidades e servizos nos sistemas de información de xestión das prestacións de inclusión**
Descrición:	Continuarase a darlle soporte aos sistemas de información da área da inclusión social, destacando especialmente as aplicacións informáticas de soporte á xestión das principais prestacións económicas (PNC/RISGA/AIS/BONTER), ao proceso de financiación dos Servizos sociais comunitarios a través do PLAN CONCERTADO, e a actividade dos Equipos de inclusión da estratexia galega de inclusión social (PGIS), abordándose a carteira de peticións de evolución segundo as prioridades fixadas.
Actividades 2026:	→ En **relación a PNC** (pensións non contributivas): ▪ Melloras na **xestión das declaracións anuais** (xestión de nova operación específica creada en Sede; modificación da plantilla de formulario de revisión anual). ▪ Melloras na **usabilidade na xestión da documentación de entrada**, a través do emprego de servizos de extracción de información e de clasificación e separación de documentos baseados en IA, en concreto para facilitar a mecanización de solicitudes que entran por REXEL e a separación e procesado das declaracións anuais (integracións co proxecto DOCPOS). ▪ Ampliación das integracións con **servizos de Administración Electrónica** (integración cos servizos de consulta de Residencia de Pasaxe e de identidade) e actualización de todos os expedientes en SEDE (actualmente so se están actualizando cando chegan a nómina). ▪ Melloras na **coordinación co procedemento de discapacidade** a través de ampliación das integracións PNC-CENDIS (envío a CENDIS vía REXEL de resolucións de PNC sen grado vixente; obtención por interoperabilidade das resolucións de discapacidade tras a valoración do grado). ▪ Adaptacións a cambios nos formatos e requisitos de envío de **ficheiros técnicos ao IMSERSO**. → En relación a **RISGA/AIS** (renda de integración social; axudas á integración social): ▪ Melloras na xestión dos traslados interprovinciais. ▪ Melloras na usabilidade na xestión da documentación de entrada, a través do emprego de servizos de extracción de baseados en IA, en concreto para facilitar a mecanización de solicitudes que entran por REXEL (integración co proxecto DOCPOS). ▪ Desenvolvemento de novo servizo web para consulta de contías recibidos requirido polo Estado (servizos intermediados). ▪ Melloras no tratamento da información recibida nos Informes sociais de inclusión enviados a través de HSUE. ▪ Atención de aspectos de débeda técnica inaprazables (migración a versión actualizada de Java e de servidor de aplicacións). → En relación a RISGA, estarase especialmente atento a posibles avances na **transferencia da xestión do IMV á Comunidade Autónoma**; o enfoque acordado coa Consellería ante este escenario pasa polo establecemento dun procedemento administrativo único que fusione as solicitudes de IMV/RISGA, establecendo dous fluxos de tramitación diferenciados segundo o cumprimento de requisitos da persoa solicitante; plantexándose a adaptación da actual aplicación de RISGA como soporte informático para a xestión de ambas tramitacións; a materialización desta actuación será de alto impacto, e requirirá dunha planificación realista das necesidades de reforzo do equipo de

Actividade:	2.1.4. Desenvolver novos módulos e funcionalidades e servizos nos sistemas de información de xestión das prestacións de inclusión

traballo e dos prazos necesarios para poder asumir dende o punto de vista informático o inicio da transferencia.
Aínda que esta actividade pasou en 2025 a ser xestionada por Industria, apuntamos que dende o punto de vista informático seguirá a dárselle soporte ao **BONO SOCIAL TÉRMICO**.

- → En **relación ao PLAN CONCERTADO**, daráselle soporte ao ciclo anual de xustificación, solicitude e xestión da concesión de financiamento aos concellos sobre a aplicación informática actual, e en paralelo continuarase a traballar no plan renovación da aplicación, actualmente en situación de obsolescencia tecnolóxica.
- → En **relación ao PGIS**, a aparición doutras prioridades no proxecto HSUE, está a dificultar o encaixe da renovación desta aplicación coma módulo integrado de dito sistema. No obstante, tratarse de iniciar este desenvolvemento dentro do ano 2026. Como medida paliativa, completarase a migración iniciada en 2025 da aplicación actual a nova plataforma tecnolóxica corporativa, con versións actualizadas de java e servidor de aplicacións, coa pretensión de mitigar as indispoñibilidades da aplicación en épocas de moita carga.
- → En **relación ao Programa BÁSICO** (Programa del Fondo Social Europeo relacionado coa asistencia material básica): este ano prevese a renovación do Programa en parámetros similares aos de exercicios anteriores, aínda que xa non coma programa estatal se non de xestión directa da CCAA; tendo en conta o éxito do soporte informático ao mesmo por parte da Xunta de Galicia nos programas anteriores, prevese dárselle continuidade ao enfoque de articular a derivación de persoas ao Programa a través da HSUE.
- → Procurarse o impulso ao emprego da **ferramenta transversal de tramitación de procedementos Tramita**, procurando o seu emprego en procedementos que a día de hoxe sen estar a xestionar sen apoio informático específico (por exemplo os relativos a axudas a entidades do ámbito da inclusión social).
- → Estarase atento aos posibles impactos ou oportunidades nos sistemas de información en relación ás previsións da futura **lei do terceiro sector**, actualmente en fase de tramitación. Por exemplo, analizando o posible papel de HSUE coma elemento que consolide a información sobre actuacións o ámbito da inclusión das entidades do terceiro sector sobre persoas e familias.

Área responsable:	*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

Actividade:	2.1.5. Desenvolvemento de novos módulos e funcionalidades nos sistemas de información de xestión de familia e menores
Descrición:	Continuarase a dar soporte e mantemento aos principais sistemas de información empregados nas áreas de **Familia e Menores**, destacando especialmente a actividade no sistema de información empregado polos Equipos de protección de menores e xustiza penal (**MENOR**), no sistema **CENPOS** no ámbito da Rede de centros de protección, no sistema de información empregado para a xestión dos procesos de admisión nas redes de Escolas infantís dependentes da Xunta de Galicia e da gratuidade do sistema (**ESCINF**), e no sistema de información empregado do eido de Familia (**SISFAM**); abordándose a carteira de peticións de evolución segundo as prioridades acordadas.

Actividade:	2.1.5. Desenvolvemento de novos módulos e funcionalidades nos sistemas de información de xestión de familia e menores

Actividades 2026:

→ En relación a **MENOR**, cabe destacar as seguintes medidas:

- Finalizarase o desenvolvemento do novo módulo de xestión de gastos extraordinarios.
- Adaptacións na xestión dos expedientes de acollemento de familia allea (posibilidade de tramitación dos distintos programas sobre unha única solicitude).
- Continuarase abordando melloras na Historia e no Expediente de protección, traballándose nos cambios necesarios para adaptarse ao novo Plan individualizado de Protección (PIP).
- Continuarase a abordar melloras identificadas no ámbito de Xustiza Penal (melloras na xestión de entradas e saídas dos educadores; no control do estado das medidas; análise do novo módulo de medidas extraxudiciais; evolutivos derivados da circular de internamento, etc).
- Analizaranse escenarios de interoperabilidade para manter actualizada a información de posibles grados de dependencia e discapacidade dos menores.
- Analizarase a funcionalidade relativa ao rexistro da información de adopcións nacionais con auto de adopción antigas.
- Xeración de novas listaxes, avisos e alertas.
- Integración con HSUE para a recepción do VALORA.
- Integración con servizos de Administración electrónica (Pasaxe; Sede/Carpeta).
- Atención de aspectos relacionados con débeda técnica.

→ Continuarase cos traballos de definición e desenvolvemento que se están a levar a cabo sobre **CENPOS**, co concurso do **Grupo de traballo** creado con centros de protección e con persoal tanto das Xefaturas Territoriais coma de Servicios Centrais, centrando a actividade nos seguintes aspectos:

- Xestión asistencial do menor en centros de protección.
- Xestión da financiación dos centros (nómina de centros de menores).

En relación ao primeiro punto relativo á xestión asistencial nos centros de protección, disponse xa dunha análise preliminar da posible informatización do instrumento de valoración e actuación co menor denominado **MEDRA**. Comezarase o desenvolvemento deste instrumento en CENPOS na medida en que a Dirección Xeral de Familia e Infancia confirme que non existen riscos xurídicos á hora de plantexar o emprego do instrumento a nivel de rede global de centros de protección.

→ En relación a **ESCINF**, tras estes anos de forte condicionamento da actividade evolutiva aos requirimentos derivados da implantación da gratuidade da atención das escolas infantís, a actividade centrarase en:

- Soporte a configuración e xestión das convocatorias do novo curso das redes de escolas da Xunta de Galicia (AGASS; Consorcio).
- Soporte aos procedementos relacionados coa gratuidade da atención nas redes de escolas non dependentes da Xunta (escolas privadas; escolas municipais; axuda a comedores).
- Novo asistente para creación e configuración de convocatorias.
- Ampliación da interoperabilidade con Carpeta cidadán: mostrar información de adxudicación de prazas; condicionar o acceso ao formulario de matrícula a que o usuario este en listado de adxudicación

Actividade:	2.1.5. Desenvolvemento de novos módulos e funcionalidades nos sistemas de información de xestión de familia e menores

- Melloras na xestión de redes externas (automatización de tarefas repetitivas).
- Novos controis para facilitar a comprobación dos pagos mensuais nas redes AGASS/Consorcio, incluída a xeración de avisos de pagos pendentes aos usuarios finais.
- Habilitar posibilidade de firma electrónica vía tablet wacom para documentos de interese.
- Melloras nos mecanismos de axuda do sistema: acceso á información do manual de usuario a través de fichas por funcionalidade específica en novo curso de formación na plataforma corporativa de formación da Amtega.
- Atención a aspectos relacionados con débeda técnica.

→ En relación a **sistema de información no eido de familia SISFAM**, tras a posta en marcha do sistema nos eidos de Tarxeta Benvida (2023) e de Familias numerosas (2024) a actividade centrarase en:

- Soporte á nova convocatoria de **Tarxeta Benvida** (sen novidades normativas significativas en 2026), con especial atención ao soporte e automatización de procesos de ampliación automática por 2 anos máis, para os solicitantes de 2025.
- Consolidación do soporte á xestión de **Familias numerosas.**

→ En relación ao **Rexistro de Familias Monoparentais**, tras a posta en marcha da primeira versión da aplicación en 2024 e a súa evolución en 2025, en 2026 a actividade estará centrada nas adaptacións necesarias derivadas da aprobación da Orde que regula o procedemento administrativo, con especial foco en:

- Integración con servizos de Administración electrónica (Sede Electrónica e Carpeta cidadán).
- Desenvolvemento e posta en marcha dun novo servizo en Pasaxe para a consulta da situación de familia monoparental.
- Integración con XUNTAEU para facer dispoñible o carné de Familia Monoparental.
- desenvolvemento e posta en marcha da obtención automatizada do certificado de familia monoparental a través de Carpeta cidadán e de XuntaEu.

→ Configuración e soporte á nova convocatoria do **Bono concilia** a través de SISFAM (ata agora este procedemento soportábase con Tramita). De xeito que todas as aplicacións do servizo de demografía pasarán a xestionarse coa mesma ferramenta, ademais de permitir procesos e automatizacións non soportados en Tramita.

→ En relación ao **ámbito dos PEF**, continuarase co desenvolvemento, coma **módulo de HSUE**, dunha nova aplicación específica para o soporte á actividade destes centros, contemplando tanto as necesidades de rexistro de información dos propios PEFs, como as necesidades de control e coordinación por parte da Subdirección de apoio á familia, infancia e adolescencia, estando prevista a posta en marcha da primeira versión da aplicación durante 2026.

→ Continuarase coa **consolidación da implantación** iniciada en 2025 do sistema **XESAC**, de xestión da asignación de quendas, en centros de xestión propia do ámbito de familia: Centros de menores e Residencias de tempo libre de Panxón e Carballiño.

Actividade:	**2.1.5. Desenvolvemento de novos módulos e funcionalidades nos sistemas de información de xestión de familia e menores**

→ Estarase atento aos posibles impactos e oportunidades nos **sistema de información** (sobre todo en MENOR) en relación ás previsións da futura lei galega de infancia e adolescencia (por exemplo analizando posibles evolutivos na funcionalidade relacionada co acollemento).

→ Continuarase co impulso dende a Amtega á mellora nos **canais e procedementos de comunicación con Xustiza** (Fiscalías, Xulgados). En concreto centraranse os esforzos nas seguintes liñas de traballo:

- Seguimento do uso dos buzóns LEXNET actualmente operativos nos ámbitos de protección de menores e xustiza penal; no ámbito dos PEF, onde están creados pero pendentes de activar, colaborarase na súa activación e implantación.
- Seguimento do uso do perfil creado en MENOR para o acceso dende Fiscalías de menores, xunto coa análise de posibles melloras e en xeral acompañamento á Subdirección na continuidade e ampliación desta liña de traballo.

→ En relación á temática da **conciliación familiar**, cabe destacar a previsión de consolidar en 2026 os cambios operados en 2025, nos que se migrou o sistema de tramitación que soporta a xestión da oferta de Campamentos de verán de Xuventude, a través do desenvolvemento dun novo sistema de información vertical (CAMVER) integrado co tramitador corporativo Tramita.

Área responsable:	*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

Actividade:	**2.1.6. Impulsar a Historia Social Única Electrónica como sistema de información central na prestación de servizos sociais aos cidadáns**
Descrición:	Continuarase coa execución da actual fase do proxecto de desenvolvemento e implantación da Historia Social Única Electrónica (HSUE).
Actividades 2026:	Destaca a actividade prevista nas seguintes liñas de actividade: → **Servicios sociais comunitarios:** continuarase a progresiva implantación do novo módulo de xestión para departamentos de traballo social dos concellos, baseado no emprego como activo acelerador da solución Imatia social, en substitución do actual SIUSSGAL. → **Acceso á HSUE dende Sanidade:** está pendente a materialización da previsión legal aprobada en decembro de 2025 que contempla o emprego dos Traballadores sociais da Xunta de Galicia, incluídos os do sistema sanitario público da HSUE para a remisión de informes sociais no procedemento de dependencia. Na medida en que as Consellerías de Política Social e Igualdade e a Consellería de Sanidade acorden un escenario de implantación para cumprir con esta previsión legal, a Amtega abordará as tarefas de implantación que lle correspondan. → **Módulo FUNGA:** abordarase un plan de evolutivos que permitan consolidar durante 2026 a nova aplicación para o soporte á actividade da FUNGA posta en marcha (primeira versión) a finais de 20025.

Actividade:	**2.1.6. Impulsar a Historia Social Única Electrónica como sistema de información central na prestación de servizos sociais aos cidadáns**

- → Farase seguimento e daráselle soporte ás peticións de evolución do novo **módulo Desafiuzamento**, posto en marcha en 2024, e obxecto de evolución en 2025.
- → Continuarase o desenvolvemento do **escenario de interoperabilidade con Sergas** para a petición e obtención electrónica do **Informe de saúde normalizado de Dependencia**, prevéndose a súa posta en marcha no primeiro semestre de 2026.
- → Módulo de **Atención temperá**: soporte á configuración e posta en marcha de novas unidades de Atención temperá.
- → Ampliacións do módulo de **Informes sociais e de Solicitudes** (con especial atención ao informe de derivación ao Programa básico e ao modelo de solicitude conxunta de dependencia-discapacidade).
- → Na medida en que o demande a Dirección Xeral de Familia e Menores, traballarase no emprego do VALORA a servicios sociais comunitarios e na activación do envío automático a MENOR.
- → Na medida en que o demande a Dirección Xeral de Familia e Menores, traballarase na adaptación aos requisitos do **RUSSVI**, incorporando novos modelos de **RUMI** e habilitando tipos de acceso axeitados aos perfís destinatarios (forzas e corpos de seguridade do Estado; ámbito educativo; ámbito sanitario).
- → Porase en marcha a primeira versión do **novo módulo para a xestión dos PEF**.
- → Soporte as funcionalidades actuais relativas a **Pobreza enerxética** (incluíndo o soporte á configuración de eventuais novas empresas distribuidoras que comecen a enviar ficheiros semanais de faltas de pagamento).
- → Ampliación das actuais **integracións con Emprego** no contexto da RISGA e na xestión do tramo de inserción social: traballarase na eliminación dos actuais envíos mensuais de información en folla de cálculo.

Área responsable:	*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

Actividade:	**2.1.7. Impulsar o desenvolvemento e implantación do sistema de información corporativo de xestión dos Centros de Política Social e do Censo de residentes**
Descrición:	Continuarase coa execución do proxecto de desenvolvemento e implantación do sistema de xestión de centros de Política Social (CENPOS) e do sistema de Censo de residentes (CENRES). Dada a transversalidade deste sistema, con liñas de actividade que afectan a distintas tipoloxías de centros da Consellería de Política Social e Igualdade, parte da actividade prevista foi xa apuntada noutros apartados (actuacións derivadas do novo modelo de atención residencial e de coidados; actuacións previstas no ámbito da protección de menores).
Actividades 2026:	De xeito moi sucinto, sinalamos a continuación os principais grupos funcionais nos que se centrará a actividade da nova fase do proxecto de evolución de CENPOS e CENRES: → **Centros de maiores e discapacitados de xestión directa da Consellería:**

Actividade:	2.1.7. Impulsar o desenvolvemento e implantación do sistema de información corporativo de xestión dos Centros de Política Social e do Censo de residentes

- Continuarase avanzando coa activación e ampliación das actuais Integracións con sistemas do Sergas (en particular no relativo á xestión da medicación dos residentes).
- Continuarase evolucionando a funcionalidade asistencial e de soporte aos procesos de xestión, en base ao traballo de definición funcional que se leva a cabo de xeito continuo a través dos procesos de implantación e xestión do cambio. En 2026 prevese a intensificación do plan de visitas ás residencias, na procura dun maior aliñamento entre o plan de evolución do sistema e as necesidades e prioridades expresadas polos centros.
- Farase especial foco na revisión da funcionalidade de tipo clínico empregada por persoal médico e de enfermería, procurando aliñar a funcionalidade e usos do sistema coa estratexia de emprego da Historia clínica pública (IANUS) que se está a impulsar dende ambas Consellerías (Política Social e Sanidade).
- Tentarase retomar a liña de traballo que perdeu pulo unha vez superada a crise pandémica: o emprego do sistema no contexto da apertura de novos canais de comunicación e apertura dos centros ás familias.

→ **Centros da rede de maiores do Consorcio de servizos de igualdade e benestar:**

- Continuarase adaptando o sistema ás especificidades do modelo de atención da rede de centros de maiores do Consorcio galego de servizos de igualdade e benestar, activando progresivamente o emprego de novas funcionalidades do sistema en novos centros.

→ **Censo avanzado de residentes** (de aplicación ao total de residencias de maiores e discapacitados de Galicia):

- Reforzaranse os controis sobre a calidade do censo, incidindo na calidade dos rexistros en praza pública.
- Continuarase coa liña de traballo en curso de implantación do sistema en centros de día con praza pública (con activación da integración con SIGAD para o proceso de asignación de prazas) e de incentivación o seu emprego en centros de día privados (voluntario para esta tipoloxía de centros, segundo a normativa actual).
- Continuarase a impulsar a activación progresiva da integración do censo de residentes cos sistemas sanitarios das distinta Áreas Hospitalarias.
- Continuarase co seguimento, axuste, e fomento do emprego da funcionalidade desenvolta para a xestión polas Xefaturas territoriais das nóminas de prazas concertadas de maiores.
- Continuarase coa liña de traballo empezada en 2025 de informatización da xestión das nóminas de prazas concertadas en centros de discapacidade.
- Continuarase coa Implementación de informes e mecanismos de notificación automática para a mellora dos fluxos de información cos centros con praza pública no proceso de asignación de residentes.
- Na medida en que resulte de interese para a Consellería, analizaranse posibles desenvolvementos de interese no contexto das funcións da Inspección de servizos sociais.

→ **Centros de protección de menores:**

- Traballarase fundamentalmente na adaptación de CENPOS aos requisitos de xestión asistencial dos centros, en particular na extensión

Actividade:	2.1.7. Impulsar o desenvolvemento e implantación do sistema de información corporativo de xestión dos Centros de Política Social e do Censo de residentes
	do emprego do sistema por parte dos educadores, e de ser o caso, comezarase co desenvolvemento de funcionalidade que permita a pilotaxe da metodoloxía de traballo MEDRA. → **Residencias de tempo libre:** ▪ Adaptacións necesarias para a xestión da convocatoria de prazas de 2026.
Área responsable:	*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

Actividade:	2.1.8. Mellora e evolución dos sistema analíticos corporativos de Política Social
Descrición:	Iniciarase a nova fase de execución (nova licitación) do proxecto de desenvolvemento do sistema de información analítico da área de Política Social (BIPOS).
Actividades 2026:	Entre os obxectivos desta fase están: → **Impulso ao emprego do sistema** directamente polas unidades e áreas de xestión da Consellería. → Aumento das capacidades de análise e reporting das áreas analíticas actualmente construídas, explotando as capacidades do sistema de xeración e envío automático de informes, e construción de **novas áreas analíticas** (áreas inicialmente candidatas: Escolas infantís; Censo de residentes). → **Evolución dos Cadros de mando** desenvoltos para o soporte ao seguimento da actividade asistencial dos centros residencias e de día da Consellería e do Consorcio, retomando, se hai interese por parte da Consellería, a dinámica de reunións de seguimento do cumprimento de indicadores coas direccións dos centros e coa Subdirección de envellecemento activo e prevención da dependencia e innovación sociosanitaria. → Daráselle un pulo ao **Cadro de mando** construído para a área analítica de **Residencias de tempo libre**, apoiando o seguimento dos indicadores da temporada alta de 2026. → Na área analítica de **Dependencia** corrixiranse os problemas actuais co informe de prestacións por departamentos territoriais, retomando o seu envío automático; ademais adaptaranse indicadores do actual Cadro de mando que quedaron desactualizados a raíz dos cambios relacionados coa tramitación conxunta con discapacidade operados en 2025. → Progresarase na **actualización tecnolóxica** dos actuais Cadros de mando (migración a PowerBI de Cadros de mando que aínda están construídos sobre SABPO). → Por outro lado, traballarase na activación do uso polas distintas área de xestión do novo sistema de información denominado **Mapa Xeosocial** (finalizado en 2025, pero pendente de axustes nas cargas de información e de traballo de difusión e implantación para a activación do seu uso polas áreas).
Área responsable:	*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

Actividade:	**2.1.9. Mellora e evolución dos sistemas de información do ámbito de promoción da igualdade e loita contra a violencia de xénero**
Descrición:	Continuarase a darlle soporte aos principais sistemas de información empregados nas áreas de igualdade e violencia de xénero.
Actividades 2026:	Continuarase a darlle soporte aos principais sistemas de información empregados nas áreas de igualdade e violencia de xénero, con especial atención ao mantemento dos seguintes sistemas de información: ▪ XOP (Xestión de ordes de protección). ▪ CIM (Centros de información a muller). → Traballarase cos dúas Direccións xerais implicadas na definición e lanzamento dun **proxecto de modernización dos sistemas de información de este eido**, contemplando a renovación de ambas aplicacións. Estes traballos está previsto que cristalicen nunha licitación financiada coa Operación FEDER que a Amtega ten en execución para a área de Política Social e Igualdade. → Un dos aspectos que será obxecto de análise no contexto do novo proxecto será o do soporte ás necesidades de rexistro de información dos novos **Centros de crisis 24h**. → Por outro lado, e en conexión co **Plan de traballo para a dixitalización plena de procedementos 2026-2027**, aprobado en novembro de 2025 polo Consello da Xunta de Galicia, continuarase a dárselle soporte e a incentivar a tramitación das múltiples liñas de axuda de ciclo anual desta área a través do sistema de tramitación Wanda (un dos sistemas de tramitación corporativos da Amtega).
Área responsable:	***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

Actividade:	**2.1.11. Soporte á dotación tecnolóxica dos centros do eido de política social**
Descrición:	Continuarase a prestar especial atención ás necesidades de mantemento a nivel de infraestrutura e de soporte a usuario da ampla rede de centros de distintas tipoloxías dependentes da Consellería de Política Social e Igualdade, a través das capacidades corporativas que a Amtega dedica de xeito permanente a esta actividade.
Actividades 2026:	Destaca a dedicación de esforzo dos seguintes grupos: ▪ Centro de Xestión de Rede. ▪ CAU-Periférico. ▪ Soporte técnico especializado de equipamento TIC en postos de traballo de centros periféricos do ámbito de Benestar. En 2026 destaca a **previsión de realización** das seguintes actuacións específicas: ▪ Renovación de equipos de posto de traballo en **Escolas infantís de AGASS**, contemplando especificamente as necesidades derivadas do proxecto de implantación do fichaxe Kronos nesta tipoloxía de centros. ▪ Dotación de posto de traballo e de rede dos **tres novos PEF** que está previsto que inicien actividade en 2026 (Lalín, Verín, Cervo).

Actividade:	2.1.11. Soporte á dotación tecnolóxica dos centros do eido de política social
	▪ Dotación de equipamento de posto de traballo para **FUNGA** (primeiro atenderanse as dotacións necesarias para novo persoal que se incorpora ao ente; con previsión de abordar ao longo de 2026 a renovación de toda a dotación actual, pasando a FUNGA de facto a ser unha entidade atendida por Amtega a nivel de posto de traballo e rede). ▪ Dotación de equipos de posto de traballo para atender peticións recibidas do **Consorcio.**
Área responsable:	***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

Indicadores asociados

Actividade	Indicador	Valor 2026
2.1. Programa dixital da Política Social	▪ Implantación en CENDIS de mecanismo de detección automática de solicitudes previamente mecanizadas en SIGAD, con aproveitamento da información xa mecanizada	SI
	▪ Integración en SIGAD de capacidades de extracción automática de información baseadas en IA como elemento de apoio á mecanización de solicitudes	SI
	▪ Recuperación automática en SIGAD dos informes de saúde solicitados a Sergas	SI
	▪ Número de concellos nos que está activado o rexistro de información de horas mensuais prestadas de SAF vía integración	30
	▪ Número de concellos nos que está en marcha a nova aplicación do ecosistema de HSUE que renova o SIUSSGAL nos servicios sociais comunitarios municipais	40
	▪ Dispoñible en produción a primeira versión da nova aplicación de xestión dos PEF	SI
	▪ Posibilidade de obter automaticamente o certificado de familia monoparental en Carpeta cidadán e en XuntaEU	SI
	▪ Novo servizo de consulta de familia monoparental en PASAXE	SI

Actividade	Indicador	Valor 2026
	▪ Porcentaxe de residentes con estancia activa do Censo de Residentes dos que se integran os seus datos co Servizo Galego de Saúde	75%
	▪ Implantación do sistema COMRES na residencia de maiores de Campolongo	SI

2.2 Plan para a Xestión Dixital das Políticas de Emprego

Este programa engloba ás diferentes áreas de Emprego e Traballo: **Intermediación, Orientación e Formación** así como os sistemas de promoción do emprego e relacións laborais. Contén un conxunto de liñas de actuación dirixidas a mellorar a xestión de diferentes actividades no marco das categorías anteriores. Por unha banda, hai actuacións referentes a novos evolutivos no marco das aplicacións ou proxectos existentes, e por outra banda temos actuacións novas dirixidas a facilitar o tramites a cidadanía ou a oferta de mellores servizos.

Obxectivos

- → Evolucionar os sistemas de información de xestión da formación para o emprego, intermediación e orientación laboral e cualificacións profesionais.
- → Evolucionar os sistemas de promoción de emprego, economía social e relacións laborais.
- → Creación de novas aplicacións de relacións laborais e centros especiais de emprego.
- → Modernizar a dotación, servizos e procedementos das oficinas de emprego.
- → Modernizar as aplicacións e portais do observatorio de emprego.

Actividades

Actividade:	**2.2.1. Evolucionar e establecer novas canles nos sistemas de información que dan soporte á xestión da intermediación laboral**
Descrición:	O sistema de intermediación laboral é a peza central na área das políticas de fomento do emprego e da contratación de Galicia, e na relación co Servicio Publico de Empleo Estatal (**SEPE**). O mantemento en condicións operativas e a evolución para a adaptación os cambios nos procedementos do servizo e a lexislación, así como a explotación e obtención dos datos mensuais sobre a evolución da contratación e do desemprego en Galicia son claves nesta área das políticas de fomento do emprego e da contratación. O Servizo Público de Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia optou no seu día por un **modelo de xestión** de emprego denominado **"Sistema Propio"** dentro de o **proxecto SISPE** (Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego). Co nome de Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego identifícase o sistema que permite a integración da información relativa á xestión das políticas activas de emprego que utilizan os distintos Servizos Públicos de Emprego, garantindo que todos eles poidan compartir a información propia da súa xestión e manter así a unidade do mercado laboral a nivel nacional. O Proxecto SISPE comprende non só a integración e compartición da de información se non tamén o establecemento das regras de xestión de emprego comúns a todos os SSPPE. **SICAS é o aplicativo base para a intermediación laboral** da comunidade autónoma de Galicia. A finalidade do servizo de intermediación é a mellora da empregabilidade dos demandantes de emprego da comunidade de Galicia. A aplicación xestiona tres áreas ben diferenciadas: ▪ **Demanda de emprego:** Solicitude dun posto de traballo realizada nos Servizos Públicos de Emprego e nas Axencias de Colocación debidamente autorizadas. Conforma o currículum do demandante.

Actividade:	**2.2.1. Evolucionar e establecer novas canles nos sistemas de información que dan soporte á xestión da intermediación laboral**

- **Oferta de emprego:**

Oferta de emprego que fan chegar os empresarios aos Servizos Públicos de Emprego.

- **Intermediación:**

Inclúe o emparellamento entre demandas e ofertas, así como a xestión posterior dos candidatos que xurdan do devandito emparellamento ata a súa contratación.
O obxectivo durante 2026 é completar as necesidades do equipo funcional, realizar correctos desenvolvementos coordinados xunto a SISPE / SEPE, realizar melloras de calidade e tecnolóxica, evolutivos referentes a intermediación por competencias, etc.
No ámbito da intermediación tamén cabe destacar a **oficina virtual do demandante así como o portal do empregado**r. Ditos portais, aparte das xestións propias están fortemente integrados con SICAS.
Por outra banda, algúns servizos tamén están publicados aos demandantes a través da **aplicación móbil MOBEM** que de novo consume servizos de SICAS.
Algúns dos servizos aos demandantes de emprego (petición cita, informe, renovación demanda, etc) tamén están dispoñibles a través de puntos de información instalados nas oficinas de emprego.

Actividades 2026:

- → Cumprimento de todos os acordos e planificacións SISPE. Melloras do rendemento do sistema. Mellora da comunicación co cidadán.
- → Evolución para adecuarse as novas políticas de emprego da Comunidade Autónoma.
- → Migración da capa frontal ou cliente de SICAS a tecnoloxía web (XEMI).
- → Integración de mais servizos de comunicación SICAS<->EMI.
- → Adaptación a nova codificación do ministerio de educación, FP e deportes para os certificados de competencia/profesionais.
- → Desenvolvemento de novos servizos para o portal do empregador e o portal do demandante.
- → Novos desenvolvementos asociados a xestión de programas, servizos e itinerarios
- → Xestión de demandantes beneficiarios do IMV.
- → Novos servizos ofrecidos aos demandantes ofrecidos dende os puntos de información (modificar datos persoais, identificación QR ou DNI dixital, recordatorios, solicitude informes SEPE, etc).
- → Migración tecnolóxica de MOBEM incluíndo un cambio de interface e nova imaxe.
- → Publicación de servizos ofrecidos por EMI dentro de MOBEM.
- → Xestión da sinatura de documentacion de demandantes na propia oficina a través de tablets sinatura.
- → Xestión do sistema de asinado de documentación (contrato de compra de tabletas de sinaturas, así como outros sistemas remotos de sinatura integrados en SICAS e ORNSOA).
- → Xestión do contrato de compra de 170 totems ou puntos de información financiados con fondos FEADER para instalar en concellos.
- → Actualizacións tecnolóxicas de infraestrutura de base (bases de datos e servidores de aplicacións).
- → Creación dun asistente conversacional dentro do portal do demandante para resolución de problemas funcionais.
- → Rexistro directo de ofertas dende o portal do empregador.
- → Inclusión dun buscador avanzado dende o portal do demandante.

Actividade:	**2.2.1. Evolucionar e establecer novas canles nos sistemas de información que dan soporte á xestión da intermediación laboral**
	→ Desenvolvemento dun dataware que analice e avalíe os servizos prestados aos demandantes de emprego con capacidade de cruzamento con outras fontes de datos, como Contrat@ ou vida laboral.
Área responsable:	***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

Actividade:	**2.2.2. Evolucionar os sistemas de información que dan soporte á S.X. das Cualificacións e Capacidades para o Emprego**
Descrición:	A Subdirección Xeral das Cualificacións e Capacidades para o Emprego dispón de **sistemas legacy** que se foron modernizando ao longo dos últimos anos. As aplicacións principais xestionadas pola xerencia que dan servizo a esta S.X son **FLUOR** para a xestión dos gases fluorados, **XESCL** para a xestión de competencias clave. Tamén dispomos **dunha aplicación legacy** para xestión de certificados de profesionalidade que require unha actualización tecnolóxica completa. Por outra banda tamén resulta **prioritario a actualización do observatorio de prospectiva do mercado de traballo ou automatización completa dos obradoiros e programas integrados.**
Actividades 2026:	→ Incorporación de novos listados e informes a XESCL. → Adaptación de FLUOR derivadas do novo real decreto referentes ao catálogo de cursos e certificados, así como nos campos. → Incorporación da Xestión da formación de SIFO de Programas Integrados → Inclusión da xestión dos certificados de profesionalidade en RESPE. → Integración dos procesos ARA de educación nos procedemento TR308A → Análise inicial completo do sistema informático que de soporte ao Marco Galego de Microcredenciais para o Traballo segundo o Decreto 1/2026, do 12 de xaneiro.
Área responsable:	***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

Actividade:	**2.2.3. Evolucionar os sistemas de información de xestión da orientación laboral**
Descrición:	O **sistema de orientación laboral (ORNSOA)** é peza clave na relación entre o orientador laboral e o demandante de emprego. O mantemento en condicións operativas e a evolución para a adaptación os cambios nos procedementos do servizo e a lexislación son claves nesta área das políticas de fomento do emprego e da contratación.
Actividades 2026:	→ Análise inicial para a migración tecnolóxica de ORNSOA á maqueta AMTEGA (ARCHAM). Cambio de imaxe. → Optimización dos direccionamentos semanais e envío/depósito de cartas de Correos (para deixar oco a sistemas para actualizacións).

Actividade:	**2.2.3. Evolucionar os sistemas de información de xestión da orientación laboral**
	→ Novos servizos de integración con SICAS. → Integración con Quenda. → Conversión de accións grupais a fichas similares ao resto de citas de ORNSOA → Mellora de seguridade e vulnerabilidades identificadas na aplicación. → Migracións tecnolóxicas das ferramentas de base sobre as que está construídas as aplicacións. → Proxecto de etiquetado das accións a levar a cabo pola persoa demandante como resultado dun proceso de orientación.
Área responsable:	***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

Actividade:	**2.2.4. Desenvolver modelos de avaliación do emprego en Galicia e axuda á toma de decisións**
Descrición:	**Ferramenta de axuda a obtención de información de xestión** que integre os datos operacionais de todos os ámbitos e posta a disposición de cadros de mando de axuda a dirección. Actualmente existen diversos cadros de mando sobre os datos de intermediación para ver a evolución temporal dos demandantes de emprego.
Actividades 2026:	→ Reestruturación dos cadros de mando actuais con limpeza de cadros/informes non usados e simplificación dos utilizados. → Incorporación da explotación das enquisas de formación. → Incorporación da explotación dos datos de contratos nos cadros de mando do BI. → Modificacións datos estatísticos enviados ao IGE. → Posta en produción cadros de mando avaliación oficinas de emprego.
Área responsable:	***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

Actividade:	**2.2.5. Establecer as novas funcionalidades nos sistemas de información de xestión da formación**
Descrición:	Neste ámbito xestionamos os **sistema de información de formación para o emprego**, que inclúe a xestión das convocatorias, a xestión do alumnado, a xestión económica e a integración coa área de demandantes e o SEPE. Dentro deste ecosistema de aplicacións destaca polo seu uso o **portal de formación** onde o alumnado ten a disposición un area propia cos datos de formación así como o catálogo de cursos en oferta e a xestión das solicitudes dos mesmos. Cabe mencionar que no marco dos sistemas de formación tamén xestionamos a aplicación e o portal do CNTG.
Actividades 2026:	→ Inclusión e xestión de avisos en DIPLOS. → Funcionalidade de comparativa de cursos en DIPLOS.

Actividade:	**2.2.5. Establecer as novas funcionalidades nos sistemas de información de xestión da formación**
	→ Continuación coa migración tecnolóxica dos módulos da aplicación de xestión do CNTG. → Modernización tecnolóxica do portal do CNTG. → Integración dos cursos online de PLAFOR na xestión do sistema de presenza (COBIPE). → Migración tecnolóxica de COBIPE ao estándar AMTEGA. → Integracións de COBIPE e XuntaEU. → Evolución tecnolóxica SIFO3 (cambios autenticación, integracións con servizos transversais, upgrade de servidores, etc). → Actualizacións e desenvolvementos en SIFO3 para adaptar as novas ordes dos procedementos: TR353A, TR302A, TR301X, TR301V, TR301R, TR301P, TR301K0
Área responsable:	***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

Actividade:	**2.2.6. Evolucionar os sistemas de información de xestión da promoción de emprego e ás relacións laborais**
Descrición:	Evolutivos dos sistemas de información de xestión da SX de emprego e relacións laborais que contempla, entre outros, o Rexistro Galego de Cooperativas, de Sociedades Laborais, Centros Especiais de Emprego, apertura de centros de traballo, sistema axudas ao cooperativismo así como a xestión dos libros de subcontratación.
Actividades 2026:	→ Integración da xestión de cooperativas co repositorio documental da AMTEGA (ARPAD). → Importación de expedientes antigos e libros de inscricións escaneados na aplicación de xestión de cooperativas (COCESO). → Adaptacións de COCESO a nova normativa de cooperativas. → Melloras na aplicación de apertura de centros de traballo. Integración con libros de subcontratacion (LSUBCO).
Área responsable:	***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

Actividade:	**2.2.7. Evolución da ferramenta EMI para incorporar novos evolutivos e novas capacidades de IA**
Descrición:	A Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade licitou unha **ferramenta de análise intelixente do mercado laboral (EMI)** que está en produción dende 2023. O contrato de evolución de EMI ven de ser asinado e será xestionado pola AMTEGA. No marco de dito contrato faise necesaria a incorporación de novas funcionalidades demandadas dende EMI. Entre elas, cabe destacar a posta en produción dunha funcionalidade de autoperfilado dende a aplicación móbil MOBEM.
Actividades 2026:	→ Integración con SICAS para permitir a comunicación de datos dende EMI a SICAS en tempo real.

Actividade:	2.2.7. Evolución da ferramenta EMI para incorporar novos evolutivos e novas capacidades de IA

- → Modificar o sistema de autenticación para adaptalo a AMTEGA (openAM->CAS/RHSSO).
- → Desenvolvemento da app responsive (EMI-APP) embebida en MOBEM.
- → Integración de datos do mercado laboral no portal do empregador (POREMP).
- → Xeración de CV's automatizada a partires dos datos do demandante .
- → Adecuación ao modelo GALESCO para inferir competencias demandadas por ocupación.
- → Implantación do modelo analítico de competencias de EMIEG con axuda de técnicas de Procesamento de Linguaxe Natural (PLN).
- → Recomendador de ocupacións/ formación en base a competencias e aos datos do mercado laboral.

Área responsable:	*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

Indicadores asociados

Programa	Indicador	Valor 2026
2.1. Plan para a xestión dixital das políticas de emprego	▪ Porcentaxe de procedementos administrativos nos que se moderniza o sistema de xestión	10%
	▪ Porcentaxe de ferramentas interconectadas con sistemas que comparten fluxo no procedemento ou datos	10%
	▪ Porcentaxe de renovacións de demanda realizadas de forma telemática fronte ao total de accións posibles deste tipo	35%
	▪ Porcentaxe de servizos de formación solicitados de forma telemática fronte ao total de accións posibles deste tipo	25%
	▪ Posta en marcha do novo portal do CNTG	SI
	▪ Licitación da compra 170 novos puntos de información para concellos	SI
	▪ Posta en marcha do sistema de autoperfilado na aplicación MOBEM en conexión con EMI	SI

2.3 Medidas para a Xestión Dixital da Vivenda

Este programa engloba o conxunto de medidas dirixidas ao impulso da xestión dixital da vivenda en Galicia. Esta modernización permitirá, a través do desenvolvemento de novas funcionalidades nos sistemas de información e do soporte de plataformas e sistemas de xestión, facilitar a xestión da información e a toma de decisións por parte da administración e mellorar a eficacia das políticas de vivenda e a calidade dos servizos ofrecidos aos usuarios.

Obxectivos

- → Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte aos sistemas de tramitación de expedientes.
- → Pór en marcha os sistemas necesarios para dar resposta ás liñas de actuación do Pacto de vivenda de Galicia e o Plan estatal de vivenda 2026-2030.
- → Evolucionar e dar soporte á plataforma de xestión integral de vivenda e solo do Instituto Galego da Vivenda e Solo (PLAVIS).
- → Desenvolver e manter aplicacións sectoriais en materia de vivenda.

Actividades

Actividade:	**2.3.1. Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte aos sistemas de tramitación de expedientes**
Descrición:	Esta actividade ten por obxecto a realización de actuacións no ámbito das tecnoloxías da información para posibilitar a **mellora na tramitación electrónica e transparencia dos procedementos administrativos do Instituto Galego de Vivenda e Solo, IGVS.**
Actividades 2026:	→ Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), aplicación REDEP: xestión de programas de rehabilitación de ventás en vivendas (VI406E), edificios (VI406F) e para a elaboración do Libro do edificio (VI406G). Programa de rehabilitación de vivendas no rural (VI435E). → Préstamos, aplicación PREVI: Adaptación á convocatoria 2026 da liña de avais para mocidade (VI402B). Incorporación de melloras técnicas e funcionais. → Fianzas, aplicación PROFIA: xestión dos procedementos de fianzas ao longo do ano: depósito de fianza (VI436A) e cancelación de fianza (VI436B). Completar a actualización tecnolóxica á plataforma corporativa con maior nivel de seguridade. Desenvolvemento e implantación de novas funcionalidades. Continuar coa integración cos sistemas de administración electrónica como ARPAD (incorporar o histórico anterior como parte das tarefas pendentes para completar o proceso) e Portasinaturas. Desenvolvemento de módulo de informes. Acceso á aplicación con CAS de Xunta: chave 365, certificado dixital e usuario e contrasinal (temporalmente). Modificación no cálculo de xuros (por data de presentación na sede). → Axudas de alugueiro, aplicación IGVSAL: Integración con ARPAD e Portasinaturas. → Procedementos relativos á rexeneración e renovación, aplicación RECASA: rehabilitación de antigas vivendas e edificios de titularidade municipal (VI422F), infravivenda rural (VI406A) (revisar a súa actualización na aplicación), programas de rexeneración e renovación no ámbito das ARI's supramunicipais (áreas de rehabilitación integral) (procedementos VI408O, VI408P, VI408Q).

Actividade:	**2.3.1. Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte aos sistemas de tramitación de expedientes**
	Mantemento, evolución funcional e adaptación de plantillas e funcionalidades ás convocatorias 2026. → Aplicación Web de tramitación xenérica para as distintas liñas de subvención do IGVS (Tramita). Procedementos que deberán estar activos para 2026: Acreditación para obter a condición de concello colaborador no programa de mobilización de vivendas para o alugamento en concellos (VI426E). Programa de oferta de solo de titularidade das entidades locais para a construción de vivenda protexida (códigos de procedemento VI420E e VI420D). Programa de axuda á construción de vivendas en alugueiro social en edificios enerxeticamente eficientes para promotores públicos e privados (procedemento VI406J). Adaptación ás convocatorias 2026. Incorporación de melloras funcionais e técnicas, e posible incorporación de máis procedementos e liñas de axuda. → Identificación, análise e implementación de casos de uso con RPA (automatización robótica de procesos). → Identificación, priorización e proposta de desenvolvemento de proxectos para o ámbito da vivenda no marco do Programa Galego de Intelixencia Artificial 2025-2027. Este programa supón unha oportunidade para aqueles ámbitos de traballo no que estas tecnoloxías poden implicar unha mellora relevante sobre os procesos actuais.
Área responsable:	***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

Actividade:	**2.3.2. Pór en marcha os sistemas necesarios para dar resposta ás liñas de actuación pacto de vivenda de Galicia e o Plan estatal de vivenda 2026-2030**
Descrición:	Xestión das axudas derivadas do **Plan estatal de vivenda 2026-2030.**
Actividades 2026:	Continuarase co desenvolvemento de novos sistemas ou adaptación e ampliación dos existentes para a xestión das seguintes liñas de axuda vinculadas ao Plan Estatal de Vivenda 2026-2030: → Bono alugueiro mocidade: aplicación IGVSAL, procedemento VI482E. Adaptación para a nova convocatoria prevista para 2026, pendente da publicación do novo Plan de Vivenda. → Axudas ao alugueiro de vivenda: Continuar coa tramitación dos procedementos VI483A, VI483B, VI483C e VI483D na aplicación IGVSAL, á espera da publicación do novo Plan de Vivenda, valorar a proposta de unificación das axudas ao alugueiro, incluída VI482E (Bono alugueiro mocidade), nun único procedemento ou nun novo bono que substitúa os actuais. → Bono prestación alugueiro social para colectivos vulnerables: aplicación ALUGA. Procedemento VI482F, que absorbe tamén aos anteriores bono social e bono vítimas de violencia de xénero. → Rehabilitación de edificios e mellora de accesibilidade en edificios e vivendas, aplicación REDEP. Correspóndese coa liña xeral de axuda que se publica anualmente: procedemento de mellora de accesibilidade en edificios e vivendas (VI435B) á espera da publicación do novo Plan de Vivenda 2026-2030, e a posible integración doutras liñas de axuda, como as de eficiencia enerxética. → Áreas de renovación e rexeneración urbanas ARRUS (AREGUR): mantemento, mellora e evolución. ARIS xestionadas por concellos (procedementos VI408H e

Actividade:	2.3.2. Pór en marcha os sistemas necesarios para dar resposta ás liñas de actuación pacto de vivenda de Galicia e o Plan estatal de vivenda 2026-2030
	VI408K). Adaptación para a nova convocatoria prevista para 2026, pendente da publicación do novo Plan de Vivenda. → Axudas para a promoción de vivenda. Á espera da publicación do novo Plan de Vivenda para poder solicitar un novo código de procedemento. Prevese que se trate dun programa similar ao VI435D, pero adaptado ao novo Plan, cunha liña con cinco programas.
Área responsable:	***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

Actividade:	2.3.3. Evolucionar e dar soporte á plataforma de xestión integral de vivenda e solo do Instituto Galego da Vivenda e Solo (PLAVIS)
Descrición:	Realización de actuacións no ámbito das tecnoloxías da información para dispor dunha xestión integrada dos procesos do IGVS, e en particular dispor dunha **xestión actualizada do patrimonio do IGVS e dos dereitos o obrigas** que derivan desta xestión.
Actividades 2026:	→ Continuar co desenvolvemento e implantación da **Plataforma Electrónica Integral de Vivenda e Solo**. Trátase dun ambicioso proxecto a varios anos e en varias fases, que empezou xa no 2019, e que inclúe os módulos de: ▪ Xestión de solo residencial. ▪ Xestión da construción. ▪ Xestión patrimonial. ▪ Xestión de taxas e tributos da administración local. ▪ Xestión do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia (RUD). ▪ Creación dun inventario centralizado e actualizado dos bens mobles e inmobles do IGVS. ▪ Plataforma transversal SIX. → Para a anualidade 2026 están previstos os seguintes obxectivos: ▪ Rexistro de Demandantes de Vivenda de Galicia: Adaptar o módulo aos cambios no procedemento de inscrición (VI428C) e engadir a integración con Notifica coa funcionalidade de notificación por remesas. ▪ Solo Residencial: Poñer en produción o módulo coas melloras de funcionalidade, usabilidade e navegabilidade realizadas durante o 2025. Ampliar as súas integracións con outros módulos, especialmente co inventario centralizado. Avaliar a importación, en coordinación coa unidade funcional, de expedientes do histórico de entidades e operacións de solo. Integración con Xumco. ▪ Inventario centralizado: revisión do módulo para adaptalo aos cambios realizados no resto dos módulos. Engadir avisos ao xestor. Revisión de gastos e integración co sistemas de colas. ▪ Xestión Patrimonial: continuar coa mellora, evolución e incorporación de novas funcionalidades. Tramitación dos estudios económicos por cambio de réxime de alugueiro/compravenda. Integración co rexistro de demandantes para recuperar datos da credencial adxudicataria. Iniciar o desenvolvemento da sección de facturación dentro do sistema, establecendo a súa arquitectura funcional e técnica.

Actividade:	**2.3.3. Evolucionar e dar soporte á plataforma de xestión integral de vivenda e solo do Instituto Galego da Vivenda e Solo (PLAVIS)**
	▪ Publicar unha primeira versión da plataforma transversal SIX, que integrará a información xeorreferenciada dos diferentes módulos de PLAVIS. ▪ Construcións: Adaptación do módulo actual ás novas necesidades funcionais e integración co Sistema de Xestión de Expedientes de Contratación da Xunta de Galicia (PLATION). ▪ Inicio do desenvolvemento do módulo de IBI e taxas. ▪ Análise da aplicación de RPA na automatización das entradas de solicitudes recibidas por rexistro para o Rexistro de Demandantes. ▪ Análise de casos de uso de aplicación de IA no ámbito do solo residencial recollidos no Programa Galego de IA.
Área responsable:	***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

Actividade:	**2.3.4. Desenvolver e manter aplicacións sectoriais en materia de vivenda**
Descrición:	Desenvolvemento, mellora e evolución de **módulos e aplicacións para o traballo das diferentes áreas do IGVS.**
Actividades 2026:	→ **IGVMVA:** ▪ Módulo de adquisición: xestión dun novo procedemento de subvencións para adquisición de vivenda. Contempla dúas modalidades de axudas de adquisición: en centros históricos e vivenda protexida. No exercicio anterior implantouse o procedemento VI501A, que integrou e actualizou os antigos VI400A, VI420C e VI435A, todos eles xestionados a través de Tramita. Porén, a parte asociada ao VI435A estaba vinculada a fondos do Plan Estatal de Vivenda, plan que neste novo exercicio debe ser renovado e aínda non está definido. Debido a esta situación, non é posible incluír esa parte no procedemento unificado. En consecuencia, solicítase a creación dun novo código que manteña as condicións dos procedementos VI400A e VI420C, mais sen incorporar as especificidades do VI435A ata que o novo plan estatal quede establecido. ▪ Módulo de Fogar Vivo: engadir un novo procedemento de axudas vinculadas ao programa Fogar Vivo, para facer fronte ao custo dos seguros de impagamento (VI426H) e actualizar os requirimentos para as axudas para a adecuación e reparación da vivenda do programa Fogar Vivo (VI426F). Integración da aplicación co compoñente Punto Neutro (IGVSIS) para recuperación de solicitudes de sede electrónica, co sistema contable e con varios servizos de Pasaxe!. → Rexistro Único de Laboratorios e Entidades de Control de Calidade da Edificación de Galicia (**RELAGA**): incorporación de melloras funcionais. → Rexistro Galego de Informes de Avaliación de Edificios (**HERIAE e REGIAE**): incorporación de melloras técnicas e funcionais. Incorporar un código QR no certificado que permita comprobar o estado do trámite. → Censo de vivendas baleiras (**CEVIB**): procedementos VI426A y VI426B. Rematar o desenvolvemento do xestor de informes.

Actividade:	2.3.4. Desenvolver e manter aplicacións sectoriais en materia de vivenda

- → Estudar a viabilidade de utilizar a aplicación **IGVSFC** para o Fondo de cooperación: procedementos VI438A e VI406I.
- → Portal de premios de arquitectura (**premiosarquitectura.xunta.gal**): soporte e mantemento. Avaliar se se realiza unha toma de requisitos para incorporar novas necesidades de cara á nova convocatoria en función da data na que se convoquen os premios.
- → Portal corporativo do IGVS (**igvs.xunta.gal**): soporte e mantemento. Engadir información sobre promocións (VPP e VPA) e integración dunha plataforma SIX para a representación de información xeorreferenciada (promocións, parcelas adheridas ao convenio de solo de entidades locais, etc). Desenvolvemento de melloras, evolucións e novas necesidades.
- → **Punto Neutro IGVSIS** - Intercambio de información con Sede Electrónica: Actualización tecnolóxica á plataforma corporativa. Migración a Oracle 19c.
- → Envío de SMS e correos electrónicos (**IGVSEC**): Actualización tecnolóxica á plataforma corporativa. Migración a Oracle 19c.
- → Analizar e impulsar a implantación dunha solución de Business Intelligence que proporcione información centralizada, actualizada e accesible aos equipos directivos do IGVS sobre o conxunto dos procedementos que xestionan. Así mesmo, finalizar o desenvolvemento da aplicación IGVSBI_BI para substituír o PowerCenter actualmente en funcionamento —xa obsoleto— por esta nova solución de BI, asumindo e mellorando os servizos que viña realizando e permitindo desbloquear a migración a Oracle 19 de numerosas aplicacións do IGVS.
- → Analizar a viabilidade da **dixitalización de escrituras e planos antigos** e avaliar a súa integración no Arquivo Dixital de Galicia ou noutra aplicación que facilite o acceso á información.

Área responsable:	*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

Indicadores asociados

Programa	Indicador	Valor 2026
2.3. Medidas para a xestión dixital da vivenda	▪ Número de novas funcionalidades na aplicación de xestión de fianzas PROFIA en produción: Portasinaturas, acceso á aplicación con CAS, chave 365 e certificado dixital.	2
	▪ Incluír o Programa de rehabilitación de vivendas no rural (VI435E) na aplicación REDEP.	Si
	▪ Completar a migración tecnolóxica da aplicación Punto Neutro (IGVSIS) para intercambio de información con sede electrónica.	Si

Programa	Indicador	Valor 2026
	▪ Poñer en produción o módulo de Solo Residencial de PLAVIS coas melloras de funcionalidade, usabilidade e navegabilidade realizadas durante o 2025.	Si
	▪ Número de novas funcionalidades no módulo de xestión de demandantes de vivenda en PLAVIS en produción: integración con Notifica e notificación por remesas.	2
	▪ Número de novas funcionalidades no módulo de xestión de demandantes de vivenda en PLAVIS en produción: integración con Notifica e notificación por remesas.	SI
	▪ Número de novas funcionalidades en produción no novo portal corporativo do IGVS: información sobre promocións (VPP e VPA) e integración dunha plataforma SIX para a representación de información xeorreferenciada.	3

2.4 Medidas para a Xestión Dixital da Educación

Este programa engloba o conxunto de medidas dirixidas a **mellorar a xestión académica e dos centros educativos** mediante o soporte e o desenvolvemento de novas funcionalidades e servizos tecnolóxicos nos sistemas de información, facilitando a xestión da información e a toma de decisións por parte da administración e mellorando a eficacia das políticas educativas e a calidade dos servizos ofrecidos aos usuarios.

Obxectivos

- → Implementar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información da xestión académica e dos centros.
- → Evolucionar o servizo de atención e soporte aos usuarios dos sistemas de información do ámbito educativo.
- → Evolucionar os sistemas de información de xestión de programas, plans, convocatorias, etc.
- → Evolucionar os sistemas de información de xestión do sistema universitario.
- → Dar soporte aos centros educativos no uso dos recursos tecnolóxicos.
- → Desenvolver solucións de análise e axuda á toma de decisións no ámbito da educación.

Actividades

Actividade:	**2.4.1. Implementar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información da xestión académica e dos centros**
Descrición:	Soporte e evolución dos distintos sistemas de información que dan apoio á xestión académica e á xestión propia dos centros educativos.
Actividades 2026:	Durante o ano 2026, haberá una dedicación importante na evolución técnica da arquitectura interna das aplicacións. → **Sistemas de Información de Xestión Académica das Ensinanzas (XADE):** ▪ Adecuación da xestión académica á LOMLOE e ás normas e instrucións que se van derivando a partir de dita lei: • Ensinanzas de réxime xeral: Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato. Continuar coa adaptación progresiva dos procesos de avaliación, cálculo de medias, promoción e modelos de documentos. • Ensinanzas de formación profesional: Continuar coa implementación progresiva das novas ensinanzas de Graos D (ciclos formativos) e Graos E (cursos de especialización), que neste ano terán xa procesos de formación en empresa, avaliación final e titulación. Deberá atenderse de xeito particular ás diferentes modalidades de estudo. Especial atención a modalidades totalmente novidosas como é a formación acelerada con matrícula en módulos de diferentes ciclos, a matrícula por edicións e o caso especial de matrícula en só formación en empresas e/ou proxecto. Estudo das posibilidades de mellora do modelo/pantalla de procedencias de acceso. Implantación e configuración de novos ciclos e cursos.

Actividade:	2.4.1. Implementar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información da xestión académica e dos centros

- Ensinanzas para adultos: Educación Básica (EIPA), Educación Secundaria (ESPA), Bacharelato e modalidades de proba libre. Continuar coa reimplementación destas ensinanzas, despois de que para o curso 2025/2026 fosen xa configuradas como novas ensinanzas/plans para cumprir coa redefinición que delas fai a LOMLOE. En particular revisar a correcta adaptación ás novas instrucións de matrícula (p.e: matrícula en materias soltas na proba libre).
- Melloras no módulo de horarios: estudar posibilidades de automatización dos cálculos de "resumo horario", posible integración con ANEAE para as sesións de Adaptación Curricular, asignación de lista de alumnos e espazo/aula ás sesións PT/AL.
- Matrícula en liña: automatizar por completo a captura dos datos de matrícula das solicitudes que entren polo servizo de matrícula en liña tanto dende ADALE como dende CiclosAdmisión.
- Adaptación da pantalla EDIXGAL aos novos requisitos, fundamentalmente no que respecta á integración e restricións con FONDOLIBROS.
- Modificación da comunicación de XADE-FP_DISTANCIA do modelo unidireccional a bidireccional, inicialmente para profesorado e posteriormente tamén para alumnado.
- Recoñecementos estranxeiros: adaptación aos novos requisitos, atendendo inicialmente ás ensinanzas con máis solicitudes.
- Deseño dunha solución para que as solicitudes de proba libre (ED540A e ED534A) poidan ser presentadas por vía telemática, probablemente desde sede electrónica, co gallo de implementala no 2027.
- Incorporación a Xade das Ensinanzas Profesionais de Artes Plásticas e Deseño e implantación nos centros que as imparten. O obxectivo para este ano 2026 sería a configuración do modelo de ensinanzas e a migración de datos unha vez realizada a matrícula en CODEX, manténdose no curso 2026/2027 en modo probas paralelo mentres a xestión real se seguiría realizando no aplicativo actual CODEX. Serviría de base para chegar ao obxectivo dunha implantación real e completa no 2027/2028.
- Servizo CELGA cos datos de Xade para integrarse con Pasaxe: inicialmente CELGA 4 e despois CELGA 3.

→ **abalarMóbil:**

- Incorporar as necesidades recollidas no documento de Iniciativas para a simplificación das tarefas burocráticas nos centros docentes:
- LA2.14 Votación en liña nas eleccións de consellos escolares.
- LA2.13 Dixitalización permisos de saída actividades complementarias.
- LA2.16 Novas funcionalidades en Abalar Móbil.
- P.2 Apps para dispositivos móviles.

→ **abalarPro:**

Actividade:	2.4.1. Implementar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información da xestión académica e dos centros

- Novas formas de autenticación na app.

→ **abalarWeb:**

- Incorporar funcionalidades de obtención do certificado Comdix.
- Tarefas de mantemento cun esforzo de 1500h.

→ **Liñas principais da Xestión de Identidades:**

- Varios identificadores asociados a unha persoa.
- Enmascarar datos persoais por violencia de xénero.
- Centralizar a creación de datos persoais.

→ **Evolución tecnolóxicas transversais:**

O principal obxectivo deste ano a nivel tecnolóxico é a definición e implantación da nova arquitectura de aplicacións. Isto permitirá unha mellor experiencia de usuario así como un desenvolvemento máis rápido e eficiente. Tamén unha mellor reutilización dos datos entre os distintos ámbitos da Consellería.

Dentro desta liña destacan:

- Creación e despregue dun novo modelo de aplicacións cun sistema de acceso unificado no último trimestre do ano, o que permitirá centralizar a información e ter un único punto de acceso para todos os colectivos, especialmente familias e profesorado.
- Implantación de ferramentas transversais de calendario, mensaxería e tramitación de procedementos dentro do novo modelo de aplicacións, ao longo do último trimestre do ano.

→ **ANEAE:**

- Actualización automática dos cambios de centro do alumnado.
- Integración do novo informe elaborado polo departamento de Inclusión para que o inspector comece a petición.
- Novo perfil de consulta que poida descargar csv cos resultados da busca para a Xefa do Servizo de Inclusión.
- Novo módulo de solicitudes PDC.

→ **Sistema de información de xestión das avaliacións individualizadas (Avalia)**

- LA2.3 Probas en liña para avaliación diagnóstica e premios extraordinarios, e integración con TAO.
- Mellora na integración con premiosedu.

→ **Sistema de información de xestión do rexistro de centros educativos (Centroseducativos)**

O principal obxectivo deste ano na aplicación de xestión do rexistro de centros será adicado a eliminar procesos manuais para intentar automatizalos o máximo posible:

- Mellora da integración cos rexistros do Ministerio, mediante a substitución do actual intercambio baseado en ficheiros de texto polo uso do servizo web dispoñible desde o pasado curso académico.
- Optimización do proceso de alta das ensinanzas de ciclos formativos, mediante a implementación da carga automática a partir dos servizos web proporcionados polas aplicacións da DXFP, co fin de eliminar a actual dependencia de procesos manuais.

Actividade:	2.4.1. Implementar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información da xestión académica e dos centros

- Mellora na xestión e mantemento das áreas de influencia dos centros educativos, incluíndo:
  - A posta a disposición da inspección educativa de ferramentas que permitan a creación e edición directa destas áreas, reducindo a dependencia das cargas manuais realizadas polos equipos técnicos de GIS.
  - A optimización das funcionalidades de consulta das áreas de influencia, orientadas a facilitar o acceso á información por parte das familias.

→ **Sistema de información de Inspección Educativa (XIE)**

- Melloras no sistema de acompañamento aos centros en atención á diversidade.
- Integración e adaptación de XIE con CADP en coordinación con UPT-Centros para o catálogo, con pantallas específicas para o inspector xefe e inspectores.
- Melloras no sistema de alumnado NEAE.
- Integrar información referente a datos do profesorado.
- Adaptación e melloras sobre os plans provinciais, memorias con temporalización e varios apartados para integrar na memoria dos plans e que se xeren automaticamente.
- Adaptacións nas descargas de datos Centro/Protocolos.
- Creación dun novo sistema de CUPO, se revisará unha proposta de cupo automático para os centros que non son de primaria, con posibilidade de integrarse co aplicativo Protocolos educativos.

→ **Sistema para a xestión de Títulos académicos (Títulos):**

- Integrar sistema de soporte a funcionalidades: Dar soporte continuado en relación coas novas funcionalidades de SET e os reversos dos novos títulos na nova FP.
- Mellorar a integración con Xade para cargar os títulos automaticamente na aplicación e a súa visualización.

→ **Homologación e validación de estudos estranxeiros (HOVAES):**

- Automatización dos procesos de sinatura e notificación en ordes conxuntas.
- Estudo da viabilidade para enviar avisos por correo electrónico desde a aplicación cando o DOI configurado é un pasaporte e a notificación debe ser postal.

→ **Formación profesional a distancia (fpadistancia):**

- Mellora Servizos Web para integración con Xade para melloras no sistema de matriculación.
- Sistema unificado de aulas virtuais.
- Módulo de copias de seguridade para probas e tarefas.

→ **Formación en centros de traballo (fct, fctadmin):**

- Adaptación da xestión de convenios marco de FP dual a ensinanzas de artes.
- Xestión de convenios de FP dual asinados externamente.

Actividade:	2.4.1. Implementar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información da xestión académica e dos centros

- Adaptacións necesarias para dar soporte a nova FP.

→ **Sistema de información de xestión dos centros concertados e privados (Centrosprivados)**

- Realizarase a integración coa aplicación de xestión de nóminas "Breixo" do Cixtec.
- Realízanse os cambios funcionais necesarios para dar cabida ó novo acordo de xubilación parcial.

→ **Sistema de información de xestión das acreditacións de competencias profesionais (Acreditacion).**

- Adaptación a nova normativa do novo decreto de FP (pendente de definición polos funcionais).

En función da capacidade dos equipos de desenvolvemento e da definición funcional, asumiranse tarefas adicionais, como:

- Melloras na usabilidade. En concreto proponse unha nova pantalla para os usuarios xestores de centros coa información das diferentes solicitudes que presentou un candidato, engadir filtros de datas nas pantallas que sexa necesario, filtrado de solicitudes xa tramitadas...
- Permitir o traslado de expedientes entre sedes ou eliminación da dependencia de sedes nas fases que se determine.
- Modificar a xestión de comisións de avaliación en función do que se determine na nova normativa. Avaliación por parte de avaliadores en lugar de comisións.
- Integración co Rexistro Estatal de Acreditacións de Competencias Profesionais Adquiridas por Experiencia Laboral.
- Xerar un sistema de alertas aos distintos usuarios sobre as tarefas para realizar e os trámites para cumprimentar.

Importante: O sistema de xestión das acreditacións de competencias profesionais (**Acreditación**) foi creado cuns requisitos funcionais moi distintos dos actuais, e precisa unha actualización do deseño en base á evolución dos requirimentos de xestión dos últimos anos.

Por tanto, pode encararse a evolución do sistema actual tal e como está indicada nos puntos anteriores, ou ben traballar nunha nova versión do sistema, e ao mesmo tempo manter as convocatorias precisas no sistema actual, facendo nel soamente os cambios imprescindibles.

É importante facer unha toma de requisitos formal do novo sistema e lograr un acordo de financiamento que permita contar cun equipo coa capacidade para encarar ambas tarefas simultaneamente.

→ **Inventario**

- Modifícase a busca de artigos para centros e o panel de control para administradores, permitindo filtrado dinámico e selección de columnas para a busca.

Actividade:	2.4.1. Implementar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información da xestión académica e dos centros

- Modifícase a comunicación co AlmacenTIC para enviar en cada artigo recibido en inventario un campo de observacións onde se tipifique o motivo dese artigo.
- Simplificación do proceso de alta masiva para persoal de soporte.

→ **Dotacioncentros**

- Completarase o desenvolvemento para a configuración de criterios de decisión de equipamento. Os parámetros configurados darán lugar ó cálculo futuro da dotación para cada centro.
- Análise da funcionalidade que permita aos centros pedir equipamento mediante a aplicación.

→ **Sistema de información de xestión da admisión a centros educativos (ADALE)**

- Adaptación dos procesos de admisión, reserva e permanencia ás novas instrucións, sobre todo en canto a ratios, prioridades e baremación.
- Incorporación de melloras no servizo de matrícula en liña para as ensinanzas de Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato, que empezou a funcionar xa na matrícula do curso 2025/2026. As melloras propostas para o curso 2026/2027 máis destacables son: contemplar "itinerarios de matrícula" definidos polos propios centros, integración total coa matrícula en Xade.
- Elaboración, e posible aplicación, dunha proposta de mellora de experiencia de usuario (UX) para as funcionalidades públicas (perfil de familias): reserva, admisión, matrícula online. Con atención particular a uso desde dispositivos móbiles.
- Preparación para a nova certificación ENS antes de que remate o ano 2026.

→ **Xecocentros:**

No marco do plan de evolución da plataforma educativa, recollido no seu punto 11, establécese:

- Mellora da xestión económica dos centros educativos como unha das liñas estratéxicas de actuación.
- Durante o primeiro semestre, abordarase a análise de requisitos, co obxectivo de definir as necesidades funcionais e técnicas da solución. Posteriormente, prevese iniciar o desenvolvemento da aplicación no último trimestre do ano 2026.

O obxectivo final é dispoñer destas melloras plenamente operativas no curso académico 2027/2028.

→ **Sistema de información de xestión da admisión a ciclos educativos (Ciclosadmision):**

- Actualización dos estándares técnicos.
  - Implementación filtro de dobre autenticación.
  - Melloras en materia de accesibilidade.
  - Configuracións para a integración e manexo dos compoñentes de Amtega.
- Correccións e melloras nos informes xerados pola aplicación.

Actividade:	2.4.1. Implementar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información da xestión académica e dos centros

- Desenvolvemento e adaptación da aplicación para a xestión das formacións aceleradas, incluíndo cambios en estruturas de datos, consultas e configuración do novo réxime.
- Implementación e mellora dos procesos de alta, entrega, validación e xestión de solicitudes, tanto dende web como dende centros educativos.
- Desenvolvemento dos procesos de adxudicación automática de prazas, xestión de sobrecupos, reservas e liberación de prazas.
- Melloras na xestión da oferta formativa, incluíndo a proposta e publicación da oferta de formacións aceleradas.
- Desenvolvemento e adaptación de informes e listados, incluíndo exportacións de datos e informes específicos de solicitudes.
- Implementación de roles e permisos de acceso e melloras na xestión das listaxes da aplicación.
- Melloras técnicas e funcionais da aplicación: sincronización con outros sistemas, desenvolvemento de servizos web e melloras na interface de usuario.
- Corrección de incidencias detectadas en explotación e melloras derivadas das análises de calidade de código (Sonar), así como probas funcionais relacionadas coas novas funcionalidades.

→ **Sistema de información de xestión das probas de acceso a ciclos educativos (Ciclosprobas)**

- Actualización dos estándares técnicos.
  - Implementación filtro de dobre autenticación.
  - Melloras en materia de accesibilidade.
  - Configuracións para a integración e manexo dos compoñentes de Amtega.
- Correccións e melloras nos informes xerados pola aplicación.
- Corrección de incidencias detectadas en explotación e melloras derivadas das análises de calidade de código (Sonar), así como probas funcionais relacionadas coas novas funcionalidades.
- Solicitude e adaptación do kit de Sede Electrónica.
- Probas e axustes da convocatoria 2026.

→ **Programacións Didácticas (Proens)**

- Novos cambios para seguimento-memorias demandados polo servizo de FP, aplicables ás memorias de fin de curso 2025/26.
- Elaboración de Proxecto Educativo de Centro e Plan Xeral Anual, segundo o solicitado polo servizo de ordenación educativa.
- Elaboración de probas libres de FP en Proens.
- Migración das funcionalidades de reunións de xade, incluíndo a nova funcionalidade de elaboración de actas.

→ **Sistema de Información de Xestión dos Procedementos Selectivos (OPOEDU):**

Melloras na aplicación de oposicións que inclúen:

- Incorporación da validación automática vía servizo web contra títulos da Consellería de Educación.

Actividade:	2.4.1. Implementar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información da xestión académica e dos centros

- Incorporación da validación automática contra PASAXE dos antecedentes por delitos sexuais de todos os opositores.
- Solicitude de exclusión de candidatos a membros de tribunais.
- Melloras na pantalla de nomeamentos de presidentes dos tribunais.
- Melloras na pantalla de reparto dos opositores nos tribunais de Primaria.
- Incorporación da sede dos tribunais.
- Cálculo do baremo automático dos servizos prestados e formación para os opositores dos que teñamos a información.
- Optimización do pago en SEDE para evitar que queden instancias sen asinar.
- Novas validacións automáticas na admisión de solicitudes.
- Novo módulo de xestión de dietas dos membros dos tribunais
- Desenvolvemento das pantallas que definan para darlle acceso aos sindicatos da información de oposicións anonimizada.
- Desenvolvemento e soporte á convocatoria dos procesos de selección convocados.

→ **Transporteescolar/TRAEME**

- Desenvolvemento novo aplicativo Android.

→ **GASFUN**

No marco do plan de evolución da plataforma educativa, recollido no seu punto 11, establécese a mellora da xestión económica dos centros educativos como unha das liñas estratéxicas de actuación.

Durante o primeiro semestre, abordarase a análise de requisitos, co obxectivo de definir as necesidades funcionais e técnicas da solución. Posteriormente, prevese iniciar o desenvolvemento da aplicación no último trimestre do ano 2026.

O obxectivo final é dispoñer destas melloras plenamente operativas no curso académico 2027/2028.

→ **Comedores escolares:**

- Adaptación a cambios normativos e incorporación de melloras.
- Automatizar de xeito completo a asignación de tarifas a usuarios, xa desde o inicio do curso, mediante integración co servizo da AEAT. Actualmente está xa automatizado pero mediante comprobación masiva posterior a mediados de curso.
- Análise e posible implementación (depende de elemento externo ATRIGA): contemplar o fraccionamento de pago para familias en determinadas circunstancias, soportar pago de taxas para familias sen DNI/NIE.

→ **Sistema de Información de Xestión dos Datos Persoais e Expediente Electrónico dos Docentes (DPEDU)**

- Incorporación da validación automática vía servizo web contra títulos da Consellería de Educación.
- Incorporación de novas validacións de títulos e publicacións.
- Traslado da información do baremo nos apartado 6.1 e 6.3 a CXT para a melloras do traballo da comisión de baremación.

Actividade:	2.4.1. Implementar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información da xestión académica e dos centros

→ **Sistema de Información de Xestión do Procedemento de Adxudicación de Destinos Provisionais (CADP)**

- Desenvolvemento dos cambios necesarios para a incorporación das vacantes de Primaria dende XIE.
- Incorporar nova información na xestión de vacantes de Programas Educativos (MEGA, PROA, ...).
- Incorporar novos controis na aplicación (comisións de saúde, renuncias, afíns...).
- Incorporar novos controis para os solicitantes de fóra da comunidade.
- Exclusión automática de docentes que cumpran unha serie de condicións.
- Melloras nalgunhas pantallas e procedementos da aplicación.
- Melloras e desenvolvemento de novas listaxes.
- Soporte á resolución das adxudicacións de destinos provisionais e definitivas.

→ **Sistema de Información de Solicitude de Habilitacións (HABEDU)**

- Soporte ás convocatorias abertas de habilitacións de primaria en centros concertados.
- Consulta de habilitacións dos centros que xestionan por parte da inspección.

→ **Sistema de Información de Xestión de Persoal docente (PERDOC)**

- Continuación da migración ao sistema de sinatura integrado con ARPAD, xunto con melloras no proceso de envío a sinatura para permitir o envío de varios documentos ao mesmo tempo.
- Incorporación e adaptación do módulo de informes dinámicos para as listaxes de Persoal.
- Melloras e desenvolvemento de novas listaxes.
- Melloras na xestión do cadro de persoal (vacantes para CXT). incorporando a información de praza de adultos.
- Incorporación dunha nova pantalla de mantemento de titulacións.
- Incorporación dunha nova pantalla para a carga da nómina por parte dos usuarios.

→ **Sistema de Información de Xestión de Substitucións (SUBEDU)**

- Finalización do desenvolvemento e posta en produción do novo módulo de automatización dos chamamentos a substitutos.
- Desenvolvemento do modelo de remesa (Notifica) para as notificacións automáticas das baixas de listas.
- Xestión da consolidación de docentes sen máster de secundaria.
- Novo mantemento de aplicacións orzamentarias.
- Revisión do procedemento de creación da lista de orientación de Primaria.
- Revisión dos controis de duración dos períodos de licenza de maternidades, paternidade e lactancia.
- Incorporar a posibilidade de crear novas vacantes asociadas a 2 titulares con media xornada.
- Melloras e desenvolvemento de novas listaxes.

→ **Sistema de Información de Xestión Formación do Profesorado (FPROFE)**

Actividade:	2.4.1. Implementar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información da xestión académica e dos centros

Dentro da aplicación para a xestión de formación do profesorado, o principal esforzo será adicado ao desenvolvemento de funcionalidades para a explotación dos datos existentes, que permitan unha mellor na xestión económica das actividades por parte dos CFRs.

- Mellora na explotación dos datos, orientada tanto aos servizos centrais como aos CFRs, así como continuidade no perfeccionamento da xestión económica das actividades por parte dos CFRs.
- Refactorización e optimización da definición dos estados das actividades, co obxectivo de establecer un fluxo de traballo claro e coherente desde a creación dunha actividade ata o seu peche definitivo. Homoxenización no fluxo de diferentes actividades.
- Melloras relativas ao tratamento dos Programas Europeos, entre as que se encontra o tratamento das mobilidades e a xustificacións dende os centros educativos.
- Melloras na xestión das actividades dos PFPP, entre os que se encontran melloras na enquisa propia e no seguimento.
- Implementación dun sistema de control de acceso ás actividades mediante o uso de códigos QR.
- Etiquetado que permita unha categorización das actividades.
- Control de docentes en estado de baixa de cara á participación en actividades e certificación.
- Mellora dos informes xerados pola aplicación, incluíndo a xestión e incorporación dos logotipos necesarios en función da configuración establecida.
- Limpeza e simplificación da xestión de permisos. Revisión dos colectivos con acceso á aplicación e mellora no seu tratamento.
- Desenvolvemento de funcionalidades para a xestión dos procesos que actualmente se están a desenvolver por fóra da aplicación: acreditación CDD, proxecto LOVA, OBSERVA_ACCION, PLANEA, axudas(reintegros) e melloras no proceso xa existente de tramitación de licenzas de formación.
- Creación dun cadro de mandos para os centros educativos que lles permitan ver e analizar o nivel competencial do profesorado do seu centro.

→ **Plataforma Teleformación Galega (Platega)**

- Migración a versión de Moodle 4.5 (LTS)

→ **Sistema de Información de Xestión do Catálogo de Primaria (UPTCENTROS)**

- Nova funcionalidade para xerar o catálogo co alumnado ponderado no segundo ciclo.
- Nova pantalla coa información necesaria para o previsión de vacantes para a adxudicación provisional de mestres.
- Integración con XIE para trasladar a información de vacantes para CADP
- Xeración de informes para a explotación de datos relacionados coas follas de inspección.

→ **Sistema de Información de Listas de Substitutos (SUBLIS)**

- Adaptación da consulta de substitutos en listas á protección de datos (acceso autenticado).

Actividade:	2.4.1. Implementar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información da xestión académica e dos centros

- Desenvolvemento das pantallas que definan para darlle acceso aos sindicatos da información de listas de substitutos anónima.

→ **Sistema de Información de Xestión de Persoal Centros (PERCEN)**

- Modificación e melloras na pantalla de consulta e modificación de vacantes docentes, para que se poda consultar ou modificar as vacantes metidas (funcionamento similar ao de vacantes non docentes).
- Incorporar o control para non cargar titorías a persoal substituto.

→ **Sistema de información de xestión do concurso xeral de traslados (CXTEDU)**

- Soporte á resolución dos concursos de secundaria, primaria, inspección, e orientación 2025/2026.
- Soporte ao concurso de directores 2026.
- Melloras e desenvolvemento de novas listaxes de validacións.
- Desenvolvemento de controis mais restritivos na presentación de instancias.
- Revisión e modificación dos procedementos de baremación para os desprazados, reingresados e suprimidos.
- Incorporación da funcionalidade de engadir documentación nas alegacións ao baremo.
- Melloras na xestión das alegacións ao baremo para a comisión de baremación.
- Incorporación de exclusión automática para certos colectivos que cumpran unha serie de condicións.
- Control de puntuación máxima nos méritos dos apartados do baremo que puntúa a comisión de baremación.
- Coordinación dos concursos de Orientación, Adultos e CXT para facer a exclusión automática de solicitudes cando resulten adxudicados en Orientación ou Adultos.
- Xestión de renuncias.
- Xestión de vacantes con itinerancia de orientación.
- Definición funcional da baremación de titulacións e das competencias dixitais.
- Desenvolvemento das pantallas que definan para darlle acceso aos sindicatos da información de CXT anonimizada.

→ **Aplicación para a xestión de carnés e habilitacións profesionais (CHP):**

- Actualización dos estándares técnicos.
  - Implementación filtro de dobre autenticación.
  - Melloras en materia de accesibilidade.
  - Configuracións para a integración e manexo dos compoñentes de Amtega.
- Correccións e melloras nos informes xerados pola aplicación.
- Corrección de incidencias detectadas en explotación e melloras derivadas das análises de calidade de código (Sonar), así como probas funcionais relacionadas coas novas funcionalidades.
- Engadir validacións para corrixir conflitos detectados nos envíos de datos a Industria durante a alta de solicitudes.
- Mellora na xestión de sedes no proceso de alta da solicitude.
- Incorporación informe de aprobados dentro da aplicación.

Actividade:	2.4.1. Implementar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información da xestión académica e dos centros

- Revisión do proceso de copia de tribunais e persoal entre convocatorias.
- Implementación da eliminación automática das notas de convocatorias anteriores ao cargar as notas dunha nova convocatoria.

→ **Sistema de información de xestión da admisión a ensinanzas artísticas (REXESP):**

- Adaptación ás novas instrucións e incorporación de melloras, entre as que cabe destacar: que os solicitantes poidan achegar directamente a documentación en formato electrónico sen ter que levala en papel ao centro, supresión da fase diferenciada para substituílas.
- Continuar coa simplificación e agrupamento/unificación de informes e documentos.
- Continuar coa mellor adaptación do aplicativo aos Graos Superiores de Ensinanzas Profesionais de Artes Plásticas e Deseño, que se incorporaron xa no proceso de admisión do curso 2025/2026.
- Deseñar unha solución para que as solicitudes de admisión poidan ser presentadas por vía telemática, probablemente desde sede electrónica, co obxectivo de que estea dispoñible para a convocatoria de admisión do curso 2027/2028, polo menos nalgunha das ensinanzas.

→ **Sistema de Acreditación de Competencias Profesionais (ACREDITACION)**

- Adaptación á nova normativa do novo decreto de FP (pendente de definición polos funcionais).

→ **PREMIOSEDU**

- Integración da realización de informes de valoración de forma dixital.

→ **Portais educativos e subportais:**

- Migrar o portal de FP a unha nova versión baseada no arquetipo Drupal 11.
- Crear o portal de formación: portal de Formación, CAFI e CFRs baseado no arquetipo Drupal 11. Actualmente incluído no portal educativo.
- Integrar un chatbot de Intelixencia Artificial
- Migración da revista galega do ensino (Eduga) a Drupal 11.
- Melloras e posta en funcionamento espazo web "Lenzo" dentro do repositorio de contidos para almacenar diferentes tipos de recursos multimedia, así como unha integración de GIS para posicionar os recursos Lenzo, que poidan ter coordenadas cargadas.
- Melloras en Ágora dentro de Espazoabalar. integración de H5P no Drupal.
- Melloras no portal do CIEDix, como é a acometida de subida de arquivos.
- Posta en produción do portal educativo segundo os requirimentos de Gabinete.
- Outras tarefas condicionadas ao alcance do punto anterior:
- Actualizar o portal de Atención á diversidade.
- Adaptación portal linguas estranxeiras

* Creación do novo portal de observación por parte do servizo de formación de profesorado (Pendente de autorización por parte de SXT).

→ **AbalarBox:**

- Integración de novos plugins ao aplicativo.

Actividade:	**2.4.1. Implementar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información da xestión académica e dos centros**

→ **Protocoloseducativos**

- Publicación do protocolo de absentismo en produción.
- Adaptación do novo procedementos corrector que está a ser analizado polo servizo de inspección.
- Posta en produción do protocolo de acompañamento aos centros en atención á diversidade, e adaptación con novos apartados para medidas extraordinarias.
- Implementar melloras no sistema de comunicación de protocolos, como permitir que engadan a data de apertura e acheguen documentación.
- Os protocolos que teñen un informe do inspector deben comunicarse con XIE para revisión do inspector. Entre estes protocolos se incluirían; protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo, procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia, procedemento conciliado, procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia, procedemento común, protocolos de absentismo abertos durante o curso, protocolos de absentismo resoltos no centro.
- Rexistro de datos con xeración de informes dos seguintes protocolos, protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá, protocolo de atención en urxencias sanitarias e atención educativa ao alumnado con enfermidade crónica, protocolo de prevención, detección e atención educativa domiciliaria no ámbito educativo, atención educativa hospitalaria, protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero, protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.
- Creación dun sistema para exportar csv cos datos das buscas.
- Sistema de comunicación con XADE para unha nova pestana dentro do expediente de cada alumno para recoller o histórico dos protocolos abertos sobre cada alumno. Do curso actual e dos anteriores.
- Sistema de exportación de todos os protocolos que inclúa distintos apartados do menú como pode ser comunicación de protocolos, protocolo de absentismo ou procedementos correctores entre outros.

Área responsable:	*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

Actividade:	**2.4.2. Evolucionar o servizo de atención e soporte aos usuarios dos sistemas de información do ámbito educativo.**
Descrición:	Soporte aos usuarios de sistemas de información e tecnoloxías da información e comunicación, tanto ante incidencias tecnolóxicas, como ante dubidas funcionais cos sistemas de información e o seu uso.
Actividades 2026:	→ Seguimento dos servizos da unidade de atención a centros, soporte in situ e soporte premium.
Área responsable:	*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

Actividade:	**2.4.3. Evolucionar os sistemas de información de xestión de programas, plans, convocatorias, etc.**
Descrición:	Soporte e evolución dos distintos sistemas de información que dan soporte aos distintos procesos de xestión de convocatorias, plans, programas, etc. que son responsabilidade da Consellería.
Actividades 2026:	→ **Sistema de información de xestión do fondo solidario de libros de texto (Fondolibros):** ▪ Cambios no manexo de solicitudes e informe de necesidades específicas de apoio educativo. ▪ Unificar xestión Fondo solidario e E-Dixgal na convocatoria 26/27. ▪ Actualizar aplicación aos anexos da nova orde e ao novo kit de Sede Electrónica. ▪ Implementación de restricións nos cambios de centros non E-Dixgal a E-Dixgal e viceversa. ▪ Pantalla de borrado de vales. ▪ Cambios nas pantallas e na xestión de existencias. ▪ Adaptación de informes e pantallas para a utilización da marca Xacobeo 2027. ▪ Adaptacións na xeración de vales de libros de texto no caso de necesidades específicas de apoio educativo e de educación especial. ▪ Cambio automático de curso académico para o proceso de devolución libros en función de data configurable. ▪ Migración a CAS corporativo, adaptacións acceso chave365. → **Sistema de información de axudas de libros de texto e material xestión (Axudaslibros)** ▪ Actualización dos estándares técnicos. • Implementación filtro de dobre autenticación. • Melloras en materia de accesibilidade. • Configuracións para a integración e manexo dos compoñentes de Amtega. ▪ Corrección de incidencias detectadas en explotación e melloras derivadas das análises de calidade de código (Sonar), así como probas funcionais relacionadas coas novas funcionalidades. ▪ Arranxos derivados de Sonar. → **Sistema de axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras (AxudasLE)** ▪ Modificar o proceso de adxudicación provisional/definitiva para garantir a conservación dos estados intermedios. ▪ Valorarase mellorar a integración con sede, para permitir o autocompletado dos datos no formulario de sede. → **Programas Educativos** ▪ Para cumprir co punto P1.12 do plan estratéxico de educación, comezarase co desenvolvemento dunha nova aplicación para a xestión de programaseducativos:

Actividade:	2.4.3. Evolucionar os sistemas de información de xestión de programas, plans, convocatorias, etc.

- O primeiro obxectivo neste ano é dar cabida a todas as funcionalidades necesarias para o que ata agora se engloba en "programas de éxito educativo".
- Darase soporte nos programas da convocatoria 25/26 na actual aplicación de programas educativos.

→ **Bibliotecas Escolares**

- Faranse os cambios necesarios para facilitar a presentación dunha memoria única en PLAMBE, visualizando o estado das presentacións no resto dos programas.
- Realizaranse as melloras solicitadas nos informes de visitas ós centros.
- Modificación da xestión de prazos para establecer a persoa autorizada.
- Realizaranse melloras na visualización do panel de control para cada centro, mellorando a presentación dos datos históricos de participación en cada programa.

Área responsable:	*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

Actividade:	2.4.4. Evolucionar os sistemas de información de xestión do sistema universitario.
Descrición:	Soporte e evolución dos distintos sistemas de información que dan soporte á xestión dos procesos propios da S.X. de Universidades, incluída a xestión da avaliación de bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU).
Actividades 2026:	→ **Sistema de información de xestión do acceso ao Sistema Universitario de Galicia (Nerta)**

- Adaptación datos académicos e traspaso de datos para titulacións LOOIFP.
- Crear diversos informes editables.
- Corrixir etiquetas de cualificación na lapela de Expediente Probas.
- Implementar Estatísticas de maiores de 45.
- Novos permisos para DGT.
- Revisar proceso de asignación de exames e buscar a forma que non poidan sobrescribir as notas de outros.
- Revisión a nivel de protección de datos a info que se lle entrega aos centros.
- Revisión Traslado Xade FP - Problema coas materias validadas.
- Auditar cambios pestana resultados.
- Cambios en pestana resultados ao convocar.
- Ampliar funcionalidades xestión académica para os lerds.
- Nova pantalla para a CIUG de alta/modificación de titulacións de fóra de Galicia.
- Simulación primeira asignación.
- Posibilidade de incorporar/actualizar datos académicos /expedientes como versións actualizables.
- Tarefas transversais necesarias para o funcionamento da aplicación.
- Informe pentesting e adecuación ao ENS.
- Estatística arquivos SIIU 2025.

Actividade:	**2.4.4. Evolucionar os sistemas de información de xestión do sistema universitario.**
	▪ Informe traslado de expediente - engadir no nome do arquivo info do expediente (nos documentos firmados). ▪ Mellorar pantalla edición/engadir titulacións. ▪ Non eliminación das listas de espera ao facer o traslado de expediente.
Área responsable:	***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

Actividade:	**2.4.5. Dar soporte aos centros educativos no uso dos recursos tecnolóxicos.**
Descrición:	Soporte aos usuarios de sistemas de información e tecnoloxías da información e comunicación, tanto ante incidencias tecnolóxicas, como ante dubidas funcionais cos sistemas de información e o seu uso.
Actividades 2026:	→ **Entre as principais actuacións:** ▪ Soporte remoto a incidencias tecnolóxicas. ▪ Soporte presencial a incidencias tecnolóxicas. ▪ Soporte remoto a dubidas ou cuestións funcionais nos S.I.
Área responsable:	***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

Actividade:	**2.4.6. Desenvolver solucións de análise e axuda á toma de decisións no ámbito da educación.**
Descrición:	Soporte e evolución dos distintos sistemas de información que dan soporte ás solucións de axuda á toma de decisións na Consellería.
Actividades 2026:	Para o sistema de BI de Educación a previsión para este ano é ter unha versión en produción do ámbito da xestión do profesorado, e a análise dun segundo ámbito (centros ou alumnado). Sistemas de información de carga da estatística educativa anual (DRDRX, DRDADI, DRDEspe, DRDOrienta, DRDREspe).
Área responsable:	***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

Indicadores asociados

Programa	Indicador	Valor 2026
2.4. Medidas para a xestión dixital da Educación	▪ Obxectivo: ter en produción un sistema de análise integral da información do eido educativo con capacidade preditiva, atendendo ao eido da xestión de persoal	Si
	▪ Obxectivo: ter en produción unha primeira versión do novo sistema de acceso unificado e ter migrada unha aplicación ao novo arquetipo	Si
	▪ Obxectivo: Ter en produción un novo sistema de información de xestión das solicitudes de equipamento TIC (catálogoTIC) nos centros educativos, con intercambio de información co almacén e co inventario dos centros.	Si
	▪ Número anual de solicitudes atendidas polos equipos de atención ao usuario (UAC e Premium)	130.000

2.5 Medidas para a Xestión Dixital do Transporte e Infraestruturas Viarias

Este programa engloba o conxunto de medidas dirixidas a mellorar a **xestión dixital do transporte e da rede de estradas** competencia da Xunta de Galicia. As principais liñas de actuación van dirixidas a fomentar unha administración dixital, a dixitalización da estrada e a súa contorna e o desenvolvemento de novas ferramentas de xestión. Estas melloras facilitarán a xestión da información e a toma de decisións por parte da administración e mellorarán a calidade dos servizos ofrecidos aos cidadáns e ás empresas do sector.

Obxectivos

- → Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte nos sistemas de información de xestión do transporte público.
- → Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte nos sistemas de información para a xestión das inspeccións e sancións en materia de transporte.
- → Desenvolver e implantar novas funcionalidades nos sistemas de tramitación e rexistro de autorizacións.
- → Evolucionar e integrar os sistemas de información de xestión das infraestruturas viarias de Galicia.

Actividades

Actividade:	**2.5.1. Evolucionar e integrar os sistemas de información de xestión das infraestruturas viarias de Galicia**
Descrición:	A **Axencia Galega de Infraestruturas (AXI)** dispón de varias aplicacións para a xestión das infraestruturas viarias de titularidade da Xunta de Galicia. En xeral, os aplicativos están desenvoltos en tecnoloxías e arquitecturas obsoletas, dispoñen dunha débil integración con outros sistemas existentes e xestionan a información de forma illada a outras aplicacións e departamentos aos que dan servizo. Faise por tanto necesario a execución dos proxectos recollidos no plan tecnolóxico de modernización dos sistemas de información no eido da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), e na Estratexia para a Dixitalización e Innovación en materia de Estradas de Galicia da Axencia Galega de Infraestruturas.
Actividades 2026:	As principais actuacións a levar a cabo son as seguintes: → Soporte e mantemento da aplicación EXOPA para o control e mantemento das obras de paso e noiros situados nas estradas titularidade da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI). Inicio da execución do contrato para o desenvolvemento de novas funcionalidades no sistema de xestión para o control e mantemento das obras de paso e noiros (EXOPA) da rede autonómica de estradas de Galicia (RAEGA), cofinanciado pola Unión Europea nun 60% con cargo ao Programa de Galicia FEDER 2021-2027. Neste contrato, destacan os evolutivos dos módulos de transporte especial, un novo módulo para probas de carga, unha APP móbil de inspección e o rexistro e xestión dos noiros. → Desenvolvemento de novas funcionalidades e soporte na aplicación XESTA (sistema de xestión de actuacións e expedientes da AXI) entre as que destacan: continuar a migración de informes a P_INFORMES, a posta en marcha da integración co xestor de expedientes de contratación corporativo (Plation) para

Actividade:	2.5.1. Evolucionar e integrar os sistemas de información de xestión das infraestruturas viarias de Galicia

a descarga da información dos expedientes de contratación que se tramiten en Plation e a elaboración de novos oficios, informes e listados.

- → Desenvolvemento de novas funcionalidades e soporte da aplicación EXCON2 (xestión de expedientes de conservación de estradas). Elaboración, licitación e adxudicación dun novo contrato para dar continuidade ao servizo de soporte e mantemento da aplicación actual EXCON2. Ademais, elaboraranse os pregos e licitarase un contrato para o desenvolvemento dunha novo sistema de explotación e conservación da Rede Autonómica de Estradas de Galicia (RAEGA).
- → Desenvolvemento de novas funcionalidades e soporte da aplicación SITEX para a xestión dos expedientes de expropiación en estradas titularidade da AXI, entre as que destaca a integración con Notific@ e a adaptación da aplicación para que varias unidades que realicen expropiacións poidan empregar SITEX para a tramitación dos seus expedientes de forma independente. Ademais, analizaranse e desenvolveranse unha capa de servizos web en SITEX e en XEXPRO que permita a interoperabilidade entre ambos sistemas.
- → Soporte e mantemento do sistema de información para a tramitación de expedientes de determinación de prezo xusto (XEXPRO) para o Xurado de Expropiación de Galicia (XEG). Entre as principais funcionalidades a desenvolver en 2026 destacaría a integración co sistema SITEX da AXI.
- → Soporte e apoio técnico nos sistemas de consulta de obxectos dixitais: CEERAE, expedientes dixitalizados de expropiacións da rede autonómica de estradas de Galicia; CEARAE, expedientes dixitalizados de autorizacións na rede autonómica de estradas de Galicia e CEPRAE, estudos e proxectos da rede autonómica de estradas de Galicia. Todos estes proxectos están despregados na infraestrutura como servizo (IaaS) da Amtega.

Área responsable:	*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

Actividade:	2.5.2. Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte nos sistemas de información de xestión do transporte público
Descrición:	Os sistemas de información do **Sistema de Información do Transporte Metropolitano de Galicia (SITME e SITBUS)**, son as pezas centrais do funcionamento do transporte público de Galicia e da relación entre as empresas de transportes, os viaxeiros, a administración autonómica, a administración local, e a entidade bancaria colaboradora. Polo tanto, o seu funcionamento operativo é imprescindible tanto desde o punto de vista da operatividade do sistema de transporte como dende o punto de vista financeiro (colectas, pagos, compensacións,...), así como a evolución para a adaptación de novas funcionalidades, novas zonas de transporte, novos concellos ou operadores. Neste senso, o maior desafío para os sistemas actuais é o relevo tecnolóxico representado pola Oficina do Transporte (OTRANS) e a implantación da Área Única de Transporte de Galicia, que conlevará a extensión do modelo de transporte público en áreas metropolitanas a todo o territorio da comunidade autónoma.
Actividades 2026:	As principais actuacións a levar a cabo son as seguintes:

Actividade:	2.5.2. Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte nos sistemas de información de xestión do transporte público

- → Refactorización e optimización do cálculo de imputacións aos concellos integrados nas Áreas Metropolitanas de Transporte. Realización e xustificación do cálculo de imputacións aos concellos que forman parte do Plan Metropolitano correspondente ao ano 2025.
- → Monitorización do correcto funcionamento da plataforma (procesamento de colectas, informes quincenais/mensuais, cálculo de bonificacións sociais e recorrencia).
- → Adaptación do proceso de xeración de mestres para a emisión de mestres para os novos lotes de servizos de transporte público regular de uso especial (centros públicos).
- → Elaboración de informes derivados dos servizos de interese municipal (SIMU) de: Ames, Arteixo, Cambre, Cerdedo-Cotobade, Culleredo, Curtis, Illa de Arousa, Nigrán, Pontevedra, Sanxenxo, Teo, Tordoia.
- → Soporte aos convenios de Barbadás, Pontevedra, Ribeira e Santa Cristina.
- → Soporte ao convenio coa Deputación de Pontevedra para habilitar servizos gratuítos ás persoas usuarias nos concellos de Portas, Campo Lameiro e Moraña financiados con fondos europeos.
- → Cálculo dos descontos aos usuarios da tarxeta Xente Nova e da tarifa +65 e aos colectivos que se benefician de políticas sociais no transporte.
- → Cálculo da recorrencia interurbana e metropolitana.
- → Cálculo das compensacións correspondentes aos concesionarios derivadas do uso dos billetes QR do colectivo Xente Nova, que dispón de 60 viaxes mensuais de balde.
- → Cálculo das compensacións derivadas da aplicación dos descontos do 40% establecidos no Real decreto lei 17/2025, do 23 de decembro, de medidas de promoción do uso do transporte público mediante a bonificación de abonos e títulos multiviaxe, financiados polo Estado e pola Xunta no transporte interurbano.
- → Cálculo dos datos de ocupación máxima e ventas totais realizadas para cada expedición e día.
- → Explotación de datos e elaboración de informes á medida.
- → Soporte e mantemento evolutivo da aplicación de xestión do servizo galego de apoio á mobilidade persoal (SGAMP) para persoas con discapacidades e/ou persoas en situación de dependencia. Melloras xa xestión operativa dos servizos derivados do contratación 9/2024 da Dirección Xeral de Mobilidade. Posta en marcha da aplicación móbil para o seguimento en tempo real dos servizos de apoio á mobilidade persoal, permitindo o rexistro das horas reais de recollida e entrega de persoas usuarias.

Área responsable:	*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

Actividade:	2.5.3. Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte nos sistemas de información para a xestión das inspeccións e sancións en materia de transporte
Descrición:	Evolucionar e manter os sistemas de xestión das autorizacións e procedementos en materia de transporte.

Actividade:	**2.5.3. Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte nos sistemas de información para a xestión das inspeccións e sancións en materia de transporte**
Actividades 2026:	As principais actuacións a levar a cabo son as seguintes: → As principais actuacións a levar a cabo son as seguintes: → Mantemento e soporte do sistema de xestión de expedientes sancionadores en materia de transporte (IURISTRANS). Modificacións para o procesamento automatizado dos pagamentos en vía executiva dos expedientes tramitados coa aplicación NSGE de tramitación de sancións en materia de transporte do Ministerio. Actualización no rexistro de infractores das sancións pagadas en vía executiva e melloras na xestión dos xustificantes de pagamento. → Apoio á subdirección de inspección no proceso de migración ao aplicativo NSGE. → Execución do contrato para o desenvolvemento dun sistema integral para a dixitalización dos labores de inspección en materia de transporte, financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea NextGenerationEU (EXPTE AMT-2024-0002). Este contrato permitirá a dixitalización da función inspectora e disporá dunha solución de mobilidade para o traballo en campo dos inspectores. No ano 2026, habilitaranse as seguintes funcionalidades: ▪ Requirimentos empresariais ▪ Inspeccións de transporte regular de viaxeiros tanto planificadas como non planificadas. ▪ Inspeccións de transporte de mercadorías. ▪ Inspeccións in situ na sede da empresa. ▪ Controis en centros de formación CAP (Certificado de Aptitude Profesional). ▪ De prohibición de carga/descarga de mercadorías. ▪ Inspeccións de transporte discrecional para actividades deportivas. → As funcionalidades descritas requiren a posta en marcha dunha aplicación móbil dirixida ao persoal de inspección, dun portal público para as empresas e dunha ferramenta de xestión para o persoal da Administración. Todas estas solucións apoiaranse nunha capa común de servizos de backend.
Área responsable:	***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

Actividade:	**2.5.4. Desenvolver e implantar novas funcionalidades nos sistemas de tramitación e rexistro de autorizacións**
Descrición:	A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e Dirección Xeral de Mobilidade dispoñen de varios procedementos na sede da Xunta de Galicia, que son tramitados manualmente ou a través de aplicacións desenvoltas en tecnoloxías e arquitecturas obsoletas, sen evolución tecnolóxica nin integración cos sistemas de administración electrónica. No ano 2021, iniciouse un proceso de migración destes procedementos á aplicación Tramita que permite unha tramitación electrónica completa e integracións cos sistemas de administración electrónica e outros sistemas sectoriais.
Actividades 2026:	As principais actuacións a levar a cabo son as seguintes: → Mantemento evolutivo e soporte en Tramita dos procedementos:

Actividade:	2.5.4. Desenvolver e implantar novas funcionalidades nos sistemas de tramitación e rexistro de autorizacións

- IF204A - Autorización para a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade, así como os cambios de uso, na zona de dominio público viario e/ou nas zonas de protección das estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, excepto accesos.
- IF205C - Consulta previa de viabilidade dunha autorización.
- IF205D - Autorización de novo acceso, cambio de uso ou reordenación dun acceso existente na rede de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.
- IF206B - Informe de usos especiais da estrada.
- IF321H - Declaración responsable para a realización de obras menores de conservación e mantemento das edificacións, instalacións e peches situados na zona de servidume ou na zona de afección das estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.
- IF303A - Axudas para a adquisición de vehículos taxi adaptados a persoas con mobilidade reducida (Eurotaxi), vehículos taxi de emisións cero e vehículos taxi ECO.
- IF310A/B Probas dirixidas á obtención do certificado de conselleiro de seguridade para o transporte de mercadorías perigosas por estrada e por ferrocarril.
- IF310C Devolución das taxas dos dereitos de exame das probas dirixidas á obtención e renovación do certificado do conselleiro de seguridade para o transporte de mercadorías perigosas por estrada e por ferrocarril.
- IF310F/G Axudas para a realización dos cursos para a obtención do certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial, curso de ampliación e permisos de condución das clases C e/ou D, para o exercicio da actividade de condutor/a profesional.
- IF311A Axudas para a instalación de anteparos en vehículos dedicados ás actividades de taxi e de alugamento con condutor.
- IF312A - Probas de constatación da competencia profesional para o desempeño das funcións de xestor de transporte.
- IF318A Axudas para a formación no ámbito do transporte por estrada en Galicia.
- IF320A Inscrición no Rexistro de Empresas Operadoras do Transporte Marítimo e a súa renovación.
- IF320B Modificación, supresión, suspensión ou levantamento da suspensión de servizos inscritos no Rexistro de Empresas Operadoras do Transporte Marítimo.
- IF320C Modificación de datos identificativos no Rexistro de Empresas Operadoras do Transporte Marítimo
- IF321A Reclamación de responsabilidade patrimonial.
- IF318B Subvencións para a actividade de achatarramento de vehículos
- IF401A Axudas para a contratación de persoal asalariado (segunda persoa contratada) e para o pago das pólizas de seguros no sector do Taxi.

→ Implantación na aplicación Tramita da tramitación electrónica dos procedementos:

- IF321C Recurso en materia de mobilidade.
- IF403A: Concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, para a adquisición de vehículos adaptados que faciliten a

Actividade:	2.5.4. Desenvolver e implantar novas funcionalidades nos sistemas de tramitación e rexistro de autorizacións

prestación de servizos a persoas dependentes ou a persoas con discapacidade por parte de entidades de iniciativa social da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o exercicio 2026.

- → Mantemento evolutivo e soporte do sistema de pago de taxas no dominio público viario (ODOPU2).
- → Mantemento evolutivo e soporte do sistema de xestión e tramitación de expedientes de reclamación á Xunta Arbitral (XARBIT) e da plataforma de formación para a certificación de profesionais do transporte (CERTRA).
- → Soporte á convocatoria de 2026 do programa de axudas para mercar bicicletas eléctricas de pedaleo asistido (eBICI).
- → Elaboración dos pregos e licitación dun contrato para o desenvolvemento dun novo Rexistro de licenzas e autorizacións interurbanas de taxi (RTAXI), co obxectivo de mellorar a usabilidade e a simplificación administrativa da tramitación que corresponde tanto á Xunta de Galicia como aos concellos nos distintos procedementos coordinados e vinculados establecidos na Lei 4/2013, garantindo a súa integración coas ferramentas corporativas de administración electrónica para posibilitar unha tramitación 100 % dixital.

Área responsable:	*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

Indicadores asociados

Programa	Indicador	Valor 2026
2.5. Medidas para a xestión dixital do transporte e das infraestruturas viarias	▪ Implantado o sistema integral para a dixitalización das labores de inspección en materia de transporte.	Si
	▪ En execución, o contrato para o desenvolvemento de novas funcionalidades no sistema de xestión de obras de paso (EXOPA).	Si
	▪ Integración do sistema de xestión de actuacións e expedientes da AXI (XESTA) co xestor de expedientes de contratación corporativo (PLATION)	Si
	▪ En licitación, o contrato para o desenvolvemento dun novo sistema de explotación e conservación da Rede Autonómica de Estradas de Galicia (RAEGA).	Si

2.6 Medidas para a Xestión Dixital do Medio Ambiente e do Territorio

Este programa engloba o conxunto de actuacións dirixidas a mellorar a **xestión do medio ambiente e do territorio** a través do desenvolvemento de novas funcionalidades e servizos tecnolóxicos nos sistemas de información e xestión da Xunta de Galicia. Estas medidas permitirán mellorar a xestión da información e a toma de decisións por parte da Administración para aumentar a calidade dos servizos ofrecidos aos cidadáns e ás empresas e para coordinar a conservación da biodiversidade e os recursos do territorio galego.

Obxectivos

- → Evolucionar os sistemas de información meteorolóxica e cambio climático.
- → Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte aos sistemas de información de xestión da conservación da biodiversidade e da xestión dos recursos cinexéticos e piscícolas de Galicia.
- → Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte aos sistemas de información de xestión da conservación e promoción do patrimonio natural de Galicia.
- → Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte aos sistemas de información de ordenación do territorio e urbanismo.

Actividades

Actividade:	**2.6.1. Evolucionar os sistemas de información meteorolóxica e cambio climático**
Descrición:	Os **sistemas de información de predición e difusión de información meteorolóxica** e cambio climático son elementos estratéxicos, e polo tanto é preciso manter a súa operatividade, e realizar sobre eles as accións correctivas e evolutivas necesarias.
Actividades 2026:	Entre as principais actuacións a levar a cabo destacan as seguintes: → Arranque e execución do novo proxecto para o desenvolvemento de novas funcionalidades, soporte e mantemento das aplicacións para a difusión á cidadanía da información meteorolóxica de **MeteoGalicia** (expediente AMT-2025-0117). Ao longo do proxecto realizarase a evolución tanto do portal (que tivo un total de 1.912.184 visitas ao longo do 2025) coma das aplicacións (que tiveron un total de 201.320 descargas ao longo do 2025). Están previstos, entre outros, os seguintes desenvolvementos nesta nova licitación: ▪ Evolución dos visores que compoñen o portal, para dotalos de novas funcionalidades: incorporación de novas capas de calidade do aire, atmosfera, océano e observación, superposición de capas, calendario de consulta de históricos, consulta de series temporais, gráficos, diagramas con información de radiosondaxe e meteogramas, animacións, buscador xeográfico, xeolocalización e preferencias do usuario. ▪ Novos visores no portal: atlas climático, que permitirá visualizar a información relacionada co clima de Galicia en mapas; e monitor de precipitación, coa información sobre a abundancia ou escaseza da precipitación nun período.

Actividade:	2.6.1. Evolucionar os sistemas de información meteorolóxica e cambio climático

- Renovación do sistema interno de xestión ou intranet de Meteogalicia para a súa adaptación ao novo portal de MeteoGalicia. Este sistema proporciona as ferramentas necesarias para elaborar as predicións, a través dos proxectos METINT_OBSERVA e METINT_MODELOS.
- Renovación da aplicación que empregan as pantallas instaladas en varias poboacións da comunidade coa información meteorolóxica (sistema XIBO), para incorporala no portal de meteoGalicia.
- Mellora do acceso á información no portal mediante un buscador, evolución do widget de Meteogalicia e do apartado persoal do usuario.
- Desenvolvemento de novas seccións no portal e nas aplicacións móbiles (iOS e Android) que permitan á cidadanía consultar valores en tempo real ("meteoroloxía en directo") e consultar información adaptada ao eido agrario ("agrometeoroloxía").
- Información de avisos de calidade do aire no portal e nas aplicacións, visualizándose os avisos baseados no protocolo de actuación en episodios de contaminación atmosférica en Galicia.
- Evolución do visor de Calidade do Aire nas aplicacións, para unificar a experiencia entre a versión web e as aplicacións móbiles.
- Creación dun novo apartado nas aplicacións para publicar información meteorolóxica dos Camiños de Santiago. Esta información xa se está a publicar no portal.
- Desenvolverase un novo apartado dentro das aplicacións móbiles que permitirá aos usuarios xestionar e personalizar as notificacións push. Este módulo estará especialmente orientado a alertas relacionadas coa meteoroloxía adversa e a calidade do aire. Desde esta sección o usuario poderá seleccionar os fenómenos sobre os que desexa recibir notificacións, escoller o nivel de risco que considera relevante para activar a alerta, configurar a antelación coa que quere recibir o aviso antes do evento e recibir unha notificación cando o aviso finalice.

→ Xestión e seguimento de proxectos en materia de meteoroloxía e calidade do aire, e a súa adaptación e migración á infraestrutura corporativa da Amtega, estimando migrar o 50% das aplicacións e un 50% das bases de datos de Meteogalicia. A incorporación dos proxectos á infraestrutura corporativa da Amtega proporciona maiores prestacións, seguridade, garantía e calidade de servizo.

→ Desenvolvemento do novo Portal de Acción Climática, que unificará as distintas iniciativas neste ámbito.

→ Mantemento e soporte dos portais Web relacionados co cambio climático, como o da Alianza Galega polo Clima, que xa conta con 251 entidades adheridas, ou o do Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía, con 287 concellos rexistrados.

→ Mantemento e soporte da tramitación dos procedementos administrativos neste ámbito xestionados coa aplicación Tramita:

- MT975Y - Axudas a entidades locais de Galicia para a aplicación de solucións baseadas na natureza orientadas á prevención de riscos asociados ao cambio climático en espazos urbanos e periurbanos, así como a actuacións de identificación e adecuación de refuxios climáticos para a biodiversidade (programa Galicia Refuxio Climático).

Actividade:	**2.6.1. Evolucionar os sistemas de información meteorolóxica e cambio climático**
	→ Mantemento e soporte da aplicación OraLIMS que permite ao Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia (LMAG) a xestión das súas funcións de rexistro das mostras recibidas, determinacións realizadas e análise de resultados. Ademais, finalizarase a migración da aplicación á versión Web OraLIMS 3.0, con maiores prestacións e unha plataforma tecnolóxica actualizada e analizarase a conexión dos equipos de laboratorio co propio Oralims para automatizar a recollida de información que, a día de hoxe, se fai manualmente. → Desenvolvemento dunha aplicación para a xestión da norma do laboratorio (xestionará as non conformidades técnicas do laboratorio). → Mantemento e soporte da aplicación MACINV, para o almacenamento, rexistro e explotación da información de análise de presenza de macroinvertebrados das mostras que xestiona o LMAG. → Implantación dun novo tramitador para a xestión dos procedementos de autorización de instalacións de produción de enerxía eólica. → Desenvolvemento do novo Portal de Ordenación do Litoral e do Rexistro de Ordenación do Litoral. → Automatizar e dixitalizar os procedementos administrativos e a xestión e tramitación de expedientes relacionados coa normativa de ordenación e xestión integrada do litoral galego: ▪ MT701A - Ocupacións ou usos no litoral de Galicia. ▪ MT701B - Realización de obras na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre. → Mantemento e soporte da aplicación SXEU para a xestión de informes de expedientes de ordenación do litoral. → Adaptación e migración á infraestrutura corporativa da Amtega da aplicación Cogama (aplicación que xestiona as reunións do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible - COGAMAMDS). A incorporación dos proxectos á infraestrutura corporativa da Amtega proporciona maiores prestacións, seguridade, garantía e calidade de servizo.
Área responsable:	***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

Actividade:	**2.6.2. Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte aos sistemas de información de xestión da conservación da biodiversidade e da xestión dos recursos cinexéticos e piscícolas de Galicia**
Descrición:	Os sistemas de información para a **xestión da conservación da biodiversidade e para xestión dos recursos cinexéticos e piscícolas** de Galicia son elementos críticos, e polo tanto é preciso manter a súa operatividade, e realizar sobre eles as accións correctivas e evolutivas necesarias.
Actividades 2026:	Entre as principais actuacións a levar a cabo destacan as seguintes: → Mantemento evolutivo e soporte do sistema integral para a xestión de permisos en coutos de pesca fluvial con capacidades SIX (XESCOP) no que se inclúe a tramitación dos procedementos: ▪ MT807B Sorteo de permisos en coutos de pesca fluvial (Modalidade individual ou creación dun grupo de participantes).

Actividade:	2.6.2. Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte aos sistemas de información de xestión da conservación da biodiversidade e da xestión dos recursos cinexéticos e piscícolas de Galicia

- MT807C Sorteo de permisos en coutos de pesca fluvial (Modalidade inclusión nun grupo).
- MT807K Devolución de taxas en materia de pesca fluvial.
- MT807E Reserva de permisos en coutos de pesca fluvial.
- MT807H Nomeamento de vixiante xurado de pesca fluvial e renovación anual.
- MT807I Modificación da normativa de coutos de pesca fluvial en datas reservadas.
- MT807J Xornadas educativas en coutos de pesca fluvial.
- MT807G Autorizacións especiais de pesca fluvial para a captura de especies piscícolas e invertebrados.
- MT807L Procedemento xenérico en materia de pesca fluvial.
- MT806A Licenza recreativa de pesca continental.
- MT807D Licenza e rexistro de embarcacións para pesca fluvial.
- MT807A Inscrición nas probas para obter a primeira licenza de caza.
- MT720V Solicitude de expedición da licenza de caza.
- MT808A Axudas para entidades colaboradoras de pesca continental para o fomento da riqueza piscícola.
- MT723A Axudas económicas para as persoas titulares de terreos cinexéticos ordenados, destinadas ao fomento da riqueza e xestión dos recursos cinexéticos.

→ Soporte e mantemento do portal de Caza e Pesca Fluvial en Galicia e da Oficina Virtual de Licenzas de Caza e Pesca.

→ Mantemento evolutivo e soporte do sistema para a emisión e renovación de licenzas de caza e pesca fluvial de Galicia (LICAPE e XESCOP). Continuarase coa visualización das licenzas e permisos na aplicación XuntaEU e a proactividade na expedición de licenzas: expedición de licenzas gratuítas para discapacitados e expedición de licenzas sen caducidade para maiores de 65 anos.

→ Mantemento e evolución da aplicación móbil de pesca fluvial en Galicia, que permite á cidadanía interesada en participar na actividade de pesca fluvial consultar a información relacionada coa tempada de pesca e xestionar os seus permisos, ademais de consultar a información dos coutos nun mapa SIX.

→ Migración a plataforma Java da aplicación PAACI. Mantemento evolutivo e soporte dos sistemas seguintes para as convocatorias 2026:

- Xestión dos plans de ordenación cinexética (POC) e plans anuais de aproveitamento cinexético (PAAC). Procedementos MT720A e MT720B respectivamente.
- Xestión de autorizacións para a pesca de lamprea nas pesqueiras do río Ulla (MT823A) e río Tea (MT823B).

→ Mantemento evolutivo e soporte da aplicación XILAX, que permite a xestión dos procedementos:

- Xestión de axudas económicas para paliar os danos producidos polo lobo (MT809B).
- Xestión de axudas económicas para paliar os danos producidos polo xabaril nos cultivos agrícolas (MT809E).
- Xestión de axudas para paliar os danos ocasionados polo oso pardo (MT815A).

Durante o 2026 levaranse a cabo melloras de usabilidade e implementaranse as integracións con Rexel, ARPAD, Portasinaturas, Notifica v4 para a tramitación integral das novas axudas recentemente incorporadas na aplicación:

Actividade:	**2.6.2. Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte aos sistemas de información de xestión da conservación da biodiversidade e da xestión dos recursos cinexéticos e piscícolas de Galicia**

- Xestión de axudas económicas para a prevención dos danos que causan as especies silvestres (MT809D).
- Xestión de axudas económicas aos custos derivados da instalación de valados fixos para a prevención dos danos que poida ocasionar o lobo (MT809F).
- Xestión de axudas económicas aos custos derivados da contratación de persoas coidadoras do gando en ganderías para a prevención dos danos que poida ocasionar o lobo (MT809G).

→ Mantemento evolutivo e soporte do Rexistro Galego de Identificación de animais de compañía (REGIAC). Tras a implementación da tramitación desatendida, levaranse a cabo melloras de acordo a esta nova tramitación e novas funcionalidades, entre outras: retroceso de estados, inscricións provisionais, documentación de acceso restrinxido, modificacións na aplicación para a adecuación á normativa estatal e outras melloras en informes. Integración con ARPAD e P_INFORMES e migración a JBoss8.

→ Xestión na aplicación Tramita do seguinte procedemento para a súa tramitación dixital. Modificación do fluxo de estados e resolución para baixas.

- MT812L - Autorización e inscrición, modificación ou baixa no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos.

→ Evolución e mellora da aplicación do Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos (REGANUZ): tramitación de entradas por lotes, ampliación do apartado de informes e listados, carga de resultados de laboratorio e outras melloras. Continuarase a integración coa aplicación Tramita para a descarga dos expedientes.

→ Mantemento e evolución do portal do proxecto BIOS (Biodiversidade: Información, Observación, Seguimento), con información sobre algúns dos taxons da flora e da fauna de Galicia, obtida a partir das actividades de inventario, estudio e seguimento da biodiversidade desenvolvidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Área responsable:	***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

Actividade:	**2.6.3. Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte aos sistemas de información de xestión da conservación e promoción do patrimonio natural de Galicia**
Descrición:	Os **sistemas de información para a xestión, conservación, promoción e difusión de espazos naturais protexidos** son elementos estratéxicos, e polo tanto é preciso manter a súa operatividade, e realizar sobre eles as accións correctivas e evolutivas necesarias.
Actividades 2026:	Entre as principais actuacións a levar a cabo, destacan as seguintes: → Desenvolvemento evolutivo no sistema de información para a emisión de autorizacións de acceso ao parque nacional das Illas Atlánticas (ILLASR). Entre as novas funcionalidades a desenvolver destaca o desenvolvemento dunha aplicación para a xestión de autorizacións de fondeo e mergullo.

Actividade:	**2.6.3. Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte aos sistemas de información de xestión da conservación e promoción do patrimonio natural de Galicia**
	→ Soporte e mantemento do sistema de control de acceso á praia das Catedrais (MONATR) e ao illote Areoso (AREOSO). → Mantemento das aplicacións móbiles para o control dos accesos aos espazos protexidos de Illas Atlánticas e praia das Catedrais. → Mantemento da aplicación móbil de Parques Naturais de Galicia. → Desenvolvemento do novo portal de Patrimonio Natural que vai integrar contidos de espazos protexidos, biodiversidade, educación ambiental, flora e fauna de Galicia, ou árbores senlleiras. → Soporte e mantemento do portal do Parque Nacional das Illas Atlánticas (W_ILLAS). → Análise dunha nova aplicación para a xestión dos parques naturais: xestión dos PRUX (Plans Reitores de Uso e Xestión), autorizacións e usos dos parques. → Implementación, mantemento e soporte da tramitación dos procedementos para a xestións das autorizacións de acceso aos parques naturais coa aplicación Tramita (aínda pendentes de creación da Orde). → Desenvolvemento dunha aplicación de xestión dos Plans de Riscos Laborais para o persoal da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.
Área responsable:	***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

Actividade:	**2.6.3. Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte aos sistemas de información de ordenación do territorio e urbanismo**
Descrición:	Os **sistemas de información de ordenación do territorio e urbanismo** son elementos estratéxicos, e polo tanto é preciso manter a súa operatividade, e realizar sobre eles as accións correctivas e evolutivas necesarias.
Actividades 2026:	Entre as principais actuacións a levar a cabo, destacan as seguintes: → Mantemento e soporte do portal Web de Territorio e Urbanismo (W_OTURB). → Mantemento e soporte da aplicación de xestión de expedientes de ordenación do territorio e urbanismo (SXEU) coa incorporación de novos trámites. → Mantemento e soporte da aplicación SINDOC, que permite a sinatura desatendida de documentos urbanísticos. Migración a JBoss8. → Mantemento e soporte do portal Web (W_APLU) da Axencia para a Protección da Legalidade Urbanística (APLU). Renovación do deseño gráfico do portal. → Mantemento, evolución e soporte do tramitador de expedientes da APLU (TRAPLU). Evolutivos relacionados coa mellora do envío da documentación a Xustiza a través de ARPAD e INSIDE, correccións nas integración con Portasinaturas e Notifica, melloras na creación dos expedientes, diferencia cromática en expedientes e datos, visualización de documentos sen descarga, novo expediente SANFO. → Mantemento, evolución e soporte da aplicación IURIS2 para a xestión dos pagos por sancións e multas da APLU. Migración a JBoss8. → Identificación, priorización e proposta de desenvolvemento de proxectos para o ámbito de urbanismo e ordenación do territorio no marco do Programa Galego de Intelixencia Artificial 2025-2027. Este programa supón unha

Actividade:	2.6.3. Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte aos sistemas de información de ordenación do territorio e urbanismo

oportunidade para aqueles ámbitos de traballo no que estas tecnoloxías poden implicar unha mellora relevante sobre os procesos actuais.

Área responsable:	*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

Indicadores asociados

Programa	Indicador	Valor 2026
2.6. Medidas para a xestión dixital do Medio Ambiente e do territorio	▪ En execución o novo servizo de desenvolvemento do portal de Meteogalicia.	Si
	▪ Migradas a plataforma corporativa o 50% das aplicacións e o 50% das bases de datos de Meteogalicia.	Si
	▪ En desenvolvemento o novo tramitador de parques eólicos	Si
	▪ En desenvolvemento o novo portal de Ordenación do Litoral	Si
	▪ En licitación un sistema de xestión dos Plans de Riscos Laborais do persoal da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.	Si
	▪ Número de novas funcionalidades en REGIAC en produción: retroceso de estados, inscrición provisional, apartado de documentación restrinxida, novos campos de acordo á normativa.	4
	▪ Integración de XILAX con REXEL, Pasaxe, ARPAD e Notifica.	Si
	▪ En produción a aplicación para a xestión de autorizacións de fondeo e mergullo no Parque Nacional de Illas Atlánticas.	Si
	▪ Número de novas funcionalidades do tramitador de expedientes da APLU instaladas en produción	4
	▪ En desenvolvemento a renovación do deseño gráfico do portal da APLU.	Si

2.7 Medidas para a Xestión Dixital do Sector Primario

Este programa aglutina o conxunto de actuacións dirixidas a mellorar e impulsar a **xestión dixital do sector primario en relación ás actividades relacionadas coa agricultura, a gandaría, a xestión forestal e dos incendios, a pesca e a acuicultura, e o desenvolvemento rural**.

Concentra os seus esforzos no soporte e desenvolvemento de sistemas e novas funcionalidades para a xestión de cada un dos sectores, facilitando o exercicio das competencias da Administración galega neste eido, a xestión de axudas e instrumentos co sector e a toma de decisións e elementos de planificación estratéxica para o mesmo.

Obxectivos

- → Desenvolver sistemas para a xestión do ámbito agrícola e gandeiro.
- → Evolucionar os sistemas de información de xestión do ámbito forestal.
- → Incluír funcionalidades avanzadas e dar soporte aos sistemas de xestión de extinción de incendios.
- → Impulsar e facilitar o emprego de novos instrumentos dixitais para o impulso da desenvolvemento rural e a mobilización da terra agraria.
- → Facilitar a promoción e protección da calidade diferencial dos produtos do campo galego acollidos aos distintos indicativos de calidade.
- → Apoiar no impulso do desenvolvemento tecnolóxico do sector agroalimentario e nas actividades de I+D+i nos eidos agrario e forestal.
- → Modernizar os sistemas de información da xestión formativa .
- → Pór en marcha sistemas transversais que permitan a xestión agregada da información.
- → Impulsar e facilitar instrumentos de xestión da Política Agraria Común (PAC) interoperables coa xestión de explotacións agrarias.

Actividades

Actividade:	**2.7.1. Desenvolver sistemas para a xestión do ámbito agrícola e gandeiro e dar soporte aos existentes.**
Descrición:	Desenvolvemento, soporte e evolución dos sistemas de xestión e control do eido de gandaría, explotacións agrarias, industrias alimentarias e Política Agraria Común.
Actividades 2026:	No que atinxe á **GANDARÍA:** → Levaranse a cabo distintas actuacións nos diversos módulos que integran o **sistema de xestión integral de Gandaría (XESGAN)**, co fin de seguir avanzando na súa consolidación e mellora global. A evolución tecnolóxica e a optimización da arquitectura permitirán garantir un sistema máis robusto, escalable e capaz de soster a innovación e a competitividade a medio e longo prazo. → Abordarase unha evolución transversal dos módulos de **xestión de catálogos (SIGAN)**, **seguridade alimentaria do sector animal (SEGAL)**, **rexistro de explotacións gandeiras (REGAN)** e **inspeccións e controis sanitarios (INGAN)**, centrada na actualización funcional, a simplificación da súa

Actividade:	2.7.1. Desenvolver sistemas para a xestión do ámbito agrícola e gandeiro e dar soporte aos existentes.

arquitectura tecnolóxica, a renovación dos mecanismos de xestión documental e no fortalecemento da súa integración cos compoñentes corporativos.

- Unha das liñas de actuación será a incorporación xeneralizada do Código de Verificación Electrónica (CVE) nos documentos xerados, co obxectivo de garantir a súa trazabilidade, autenticidade e plena validez administrativa.
- No ámbito das integracións, reforzarase a conexión cos compoñentes corporativos de tramitación electrónica e coa Sede electrónica, así como coa plataforma para a realización de inspeccións en campo mediante aplicación móbil (HUBINS), co sistema XEAGA para a actualización e consulta de información das explotacións e co visor de información xeográfica (EDISIX), permitindo unha mellor explotación visual e territorial dos datos.
- No módulo de **xestión de catálogos (SIGAN)** trasladaranse as funcionalidades de rexistro de transportistas e medios de transporte ao sistema MOGAN, ao tempo que se acometen as melloras técnicas e de integración comúns ao conxunto de sistemas.
- No módulo de **rexistro de explotacións gandeiras (REGAN)** incorporaranse novas capacidades funcionais, como a xestión masiva de marcas sanitarias, a definición da periodicidade das probas oficiais, a xestión do veterinario de explotación e a incorporación dunha capa gráfica para a visualización xeográfica das explotacións.
- Finalmente, a evolución do módulo de **inspeccións e controis sanitarios (INGAN)** centrarase na mellora da xestión operativa e administrativa, incorporando a xestión de grupos de explotacións vinculadas, reforzando a integración cos sistemas corporativos e habilitando a tramitación electrónica de procedementos asociados, incluídas as indemnizacións derivadas dos controis sanitarios.

→ No módulo de **movementos de gandaría (MOGAN)**, consolidarase no ano 2026 a implantación do sistema posto en marcha a finais de 2025, reforzando o equipo de traballo, priorizando e planificando a atención dos cambios e melloras identificados, garantindo a adecuada atención das tarefas e incorporando as melloras necesarias para asegurar un funcionamento eficiente e estable. As principais actuacións estarán orientadas:

- Ao reforzo da xestión de operadores comerciais e a incorporación da xestión do veterinario de explotación, co obxectivo de dispor dunha administración máis completa, coherente e aliñada cos procesos de control vixentes.
- No ámbito técnico, levarase a cabo a actualización e unificación dos formatos dos ficheiros de integración, xunto coa estandarización dos modelos e das tecnoloxías de xeración de informes, o que permitirá simplificar os intercambios de información, mellorar a calidade dos datos e facilitar o mantemento e a evolución futura do sistema. Finalmente, incorporarase o Código de Verificación Electrónica (CVE) nos documentos xerados, reforzando a seguridade, a autenticidade e a validez legal da documentación emitida.

→ O **sistema de control oficial do rendemento leiteiro e a medición e o seguimento da produción leiteira (CEGCOL)** constitúe un elemento chave no control oficial leiteiro na nosa comunidade, en colaboración coas catro Asociacións Provinciais de Control Leiteiro (AFRICOR), integradas na Federación Frisona Galega (FEFRIGA).

Actualmente o sistema CEGCOL dispón dunhas 2.200 explotacións rexistradas.

Actividade:	2.7.1. Desenvolver sistemas para a xestión do ámbito agrícola e gandeiro e dar soporte aos existentes.

- → No **sistema de xestión da información xerada nos matadoiros móbiles (MATGAN)** identifícase para o ano 2026 o desenvolvemento da funcionalidade de xestión dos sacrificios de especies diferentes ao bovino, coma pequenos ruminantes, equinos e porcinos. Ademais habilitaranse un mecanismo para a integración dos sacrificios dos matadoiros de gran tamaño.
- → O **sistema de información para a xestión das actuacións en campo das campañas de saneamento gandeiro (FICADI)** permite a recollida de mostras, o envío destas ao laboratorio e a consulta dos resultados, entre outras funcionalidades.
  - Ao longo de 2026 abordaranse diversas melloras destinadas a ampliar e optimizar as capacidades do sistema. Na aplicación móbil incorporarase a funcionalidade de recollida de mostras de porcino e habilitarase a captura e xestión de imaxes no matadoiro, reforzando así a trazabilidade e facilitando a documentación visual das inspeccións. Paralelamente, o portal web ampliarase con novas opcións que permitirán ás persoas usuarias modificar actuacións vinculadas ás campañas de saneamento, favorecendo a actualización de datos e reducindo a necesidade de intervencións adicionais de soporte.
  - No ámbito técnico levaranse a cabo actuacións dirixidas a asegurar a evolución, estabilidade e sustentabilidade da plataforma, mediante a súa adaptación ás contornas tecnolóxicas actuais, a actualización dos compoñentes principais e o reforzo da xestión, seguridade e gobernanza das integracións con servizos externos corporativos.
- → No 2025 veu a posta en marcha dun novo **sistema para a xestión das axudas para a apicultura** que da soporte ao tratamento da información destas axudas desde a recepción e tramitación das solicitudes ata o pago aos beneficiarios, así como a petición de fondos e o envío dos ficheiros de pago ao organismo pagador (FOGGA).
  - A planificación para 2026 céntrase en ampliar as capacidades do sistema para facilitar a xestión das axudas ás agrupacións de apicultores, reforzar os mecanismos de control administrativo e mellorar a dispoñibilidade de información para a toma de decisións. Prevese a incorporación de novos soportes de carga de datos que faciliten o rexistro estruturado da información dos beneficiarios, contribuíndo a unha tramitación máis áxil e fiable. Engadirase tamén a posibilidade de rexistrar as ofertas obrigatorias para cada produto e acción, así como de seleccionar e xustificar a factura finalmente elixida. Ademais, incluirase unha funcionalidade para indicar se un expediente foi obxecto de control sobre o terreo e, nese caso, rexistrar datas, importes afectados e o número de acta, reforzando a trazabilidade.
    Finalmente, incorporaranse novos informes de apoio á xestión (controis de censos, resolucións, importes, notificacións, xustificacións e pagamentos) que melloarán o control interno e facilitarán o traballo dos xestores.
- → En relación co sistema que dá soporte ás actividades de **xestión dos ensaios e mostras analizados nos distintos Laboratorios de Sanidade e Produción Animal de Galicia (MARIS)**, a evolución prevista para o ano 2026 terá como eixo principal:
  - A modernización tecnolóxica da plataforma e a incorporación de melloras funcionais, co obxectivo de reforzar a súa estabilidade e rendemento,

Actividade:	2.7.1. Desenvolver sistemas para a xestión do ámbito agrícola e gandeiro e dar soporte aos existentes.

- Asegurar unha evolución sostible a medio e longo prazo e garantir a súa adecuada resposta ao incremento sostido da actividade e ás necesidades operativas dos diferentes perfís de usuario.
- Manterase como prioridade estratéxica o impulso da recepción telemática de mostras, avanzando cara a un modelo de xestión máis dixital, eficiente e trazable.
- Abordaranse melloras específicas na aplicación de escritorio, como a incorporación de resultados cuantitativos puros, sen descrición asociada, para distintos ensaios, co fin de optimizar a usabilidade e a adecuación aos procedementos analíticos do laboratorio.
- No portal web prevese a incorporación dun novo perfil de usuario, correspondente á persoa veterinaria dunha explotación, ampliando o alcance do sistema e facilitando o acceso á información por parte de novos axentes implicados.
- No ámbito da gobernanza da información, estableceranse políticas de purgado que contribúan á ordenación, seguridade e eficiencia no almacenamento.

→ A **Oficina Virtual de Gandaría (OVGAN)** constitúe o punto de acceso aos servizos dixitais dirixidos ao sector gandeiro, permitindo ás persoas titulares de explotacións, operadores autorizados e profesionais do ámbito veterinario consultar información e realizar trámites administrativos de maneira áxil, segura e estruturada.
No ano 2026, a evolución prevista para a Oficina Virtual de Gandaría (OVGAN) centrarase:

- Na consolidación das súas funcionalidades como plataforma, accesible tanto desde escritorio como desde aplicación móbil, que permite aos titulares de explotacións realizar consultas e xestións administrativas directamente en liña, evitando desprazamentos e facilitando o acceso aos trámites gandeiros de forma áxil e segura.
- A xestión do veterinario de explotación, garantindo o cumprimento do Real Decreto 364/2023 relativo á nova figura de veterinario de explotación.
- A xestión de PINs, mellorando a seguridade e o cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade (ENS).
- A inclusión do código de verificación electrónica (CVE) nos documentos xerados, de acordo coa Lei 39/2015 e a Lei 40/2015, para asegurar a autenticidade, integridade e validez legal das copias en papel de documentos electrónicos.
- Abordaranse distintas tarefas técnicas necesarias para garantir a continuidade operativa e a evolución da plataforma e reforzar a súa eficiencia, seguridade e accesibilidade.

No que atinxe á **EXPLOTACIÓNS AGRARIAS:**
A **Plataforma Dixital Agroforestal de Galicia (PDAGRO)** é unha innovadora solución orientada a facilitar a xestión das explotacións agrarias e forestais da Comunidade Autónoma, contribuíndo á mellora da produtividade, á simplificación na xestión das mesmas nos trámites administrativos que deben realizar e ao apoio á toma de decisións tanto por parte das persoas produtoras como da propia Administración.

→ O **Rexistro de Explotacións Agrarias** nace como plataforma adaptada aos novos requirimentos definidos polo Ministerio en materia de Rexistro de Explotacións, cun deseño tecnolóxico máis moderno e orientado á

Actividade:	2.7.1. Desenvolver sistemas para a xestión do ámbito agrícola e gandeiro e dar soporte aos existentes.

interoperabilidade. Isto facilitará o intercambio electrónico de datos con outros rexistros sectoriais e cos sistemas de xestión das axudas da PAC, impulsando unha administración máis eficiente, integrada e dixital.
Durante o ano 2026:

- Continuarase co proceso de transición ordenada desde o sistema REAGA cara ao novo modelo REXAGA. O plan de traballo neste ámbito contempla a migración progresiva de módulos e unha convivencia temporal entre ambos sistemas, garantindo en todo momento que os trámites e consultas relacionados co Rexistro de Explotacións Agrarias se manteñan plenamente operativos.
- O sistema REXAGA consolidarase como o sistema de referencia, incorporando novos módulos e absorbendo funcionalidades críticas como a xestión de explotacións prioritarias, a venda directa, as consultas de leite, a maquinaria ROMA ou os procesos ligados ás axudas. Ademais, desenvolveranse capacidades avanzadas como o cálculo das orientacións produtivas, que permitirán unha visión máis precisa e actualizada da realidade agraria, así como a integración con SGAREX, co obxectivo de garantir a coherencia e sincronización da información sectorial.

→ No que atinxe ao **rexistro dos cadernos de explotación**, o **sistema REXCUE** posto en marcha no 2025, constitúe a plataforma de referencia para o almacenamento estruturado da información relativa aos tratamentos fitosanitarios e ás actividades agrícolas realizadas nas explotacións.
Durante o ano 2026:

- Abordarase a evolución funcional e técnica orientada a reforzar a interoperabilidade e a capacidade de análise que se pode desenvolver no sistema. En particular, incorporarase un visor xeográfico que permita a visualización espacial das actuacións rexistradas, así como a integración completa con SGAREX, incluíndo a sincronización integral do parcelario.
- Avanzarse na resolución e harmonización dos códigos de aproveitamento e cultivo conforme ás definicións e criterios establecidos polo FEGA.

A planificación e alcance destas actuacións estará suxeita á publicación de nova normativa e descritores técnicos por parte do FEGA, que poderán determinar adaptacións adicionais no modelo de datos, nos fluxos de información e nos mecanismos de intercambio coas plataformas estatais.

→ O **Observatorio de Parcelas (OPA)** é un sistema de centrado en potenciar as capacidades de consulta e análise da información xeográfica no ámbito da xestión de explotacións. Permite por exemplo realizar cruces xeográficos que posibilitan a xeración de alertas ou comunicacións ao cidadán a través de distintas canles (XEAGA, correo electrónico, SMS...), ao tempo que facilita a toma de decisión por parte dos xestores mediante a explotación espacial dos datos.
Durante o ano 2026:

- Reforzaranse as capacidades operativas e de control do visor agroforestal, así como en ampliar a súa utilidade para a xestión responsable das explotacións. Prevese a implantación de novas ferramentas e capas xeográficas que garantan a funcionalidade e

Actividade:	2.7.1. Desenvolver sistemas para a xestión do ámbito agrícola e gandeiro e dar soporte aos existentes.

eficiencia do visor para os xestores, adaptándose ás necesidades específicas derivadas da análise e toma de decisións en campo.
- Levaranse a cabo estudos normativos e técnicos, baseados nas disposicións legais e decretos vixentes, co obxectivo de asegurar que se exerce un control fiable sobre o uso de fitosanitarios e fertilizantes, garantindo a conformidade coas regulacións e promovendo unha xestión sustentable das explotacións agroforestais.

→ O **Rexistro Vitícola (REXVIT)** permite a consulta e actualización da ficha vitícola alfanumérica e dos rexistros gráficos asociados (parcelas vitícolas), realizando unha actualización da información alfanumérica das parcelas e da capa gráfica segundo os distintos procedementos que se van tramitando, mantendo a trazas dos diferentes cambios.
O 2026 supón un fito relevante cun conxunto de actuacións orientadas a modernizar o rexistro, reforzar a súa consistencia, impulsar a xestión gráfica e facilitar a tramitación electrónica, creando un novo sistema de xestión.
Segundo o plan de evolución previsto:

- Avanzarase na integración coa Sede Electrónica, garantindo que a presentación e consulta dos expedientes poida realizarse de forma totalmente dixital. Paralelamente, incorporarase a tramitación completa dos expedientes de nova plantación e replantación, así como o novo expediente de comunicación de execución de plantación ou arranque, definindo o seu funcionamento dentro da plataforma.
- Mellorarase a xestión gráfica, procesando as xeometrías dos recintos SIXPAC para xerar parcelas vitícolas precisas e integrándoas automaticamente nos expedientes. Isto permitirá avanzar cara a unha xestión máis sinxela e unha actualización máis fiable da información.
- Implantaranse tramitacións masivas para xestionar grandes volumes de expedientes e transmisións intercomunitarias, a conexión co rexistro de terceiros para o intercambio de datos e a finalización da migración desde SIXC, integrando nun único sistema toda a información necesaria para unha visión coherente do Rexistro Vitícola.

→ No referente ao **sistema XEAGA** no 2026 a evolución diríxese na súa consolidación como plataforma integral de xestión da explotación agraria, actuando como fiestra dixital para o produtor e como canle centralizada de relación electrónica coa Administración. Nese punto traballarase para facilitar información aos titulares desas explotacións das distintas fontes: o ecosistema SGA, as axudas de melloras estruturais desas explotacións, os procedementos relacionados co banco de explotacións de Galicia, as obrigas de comunicacións de tratamentos fitosanitarios, etc. Xa en 2025, acordouse por indicacións das distintas unidades da Consellería do Medio Rural implicadas na xestión de explotacións e axudas, que a xestión da base territorial das explotacións realizarase a través de SGA, co obxectivo de dispoñer dun único parcelario facilitando a xestión automatizada de modificacións no SIXPAC.
No 2026:

- Continuarase co soporte ao rexistro de actuacións sobre as declaracións gráficas de cultivos (DGCs) e a tramitación do caderno de explotación cara o sistema REXCUE para garantir o cumprimento normativo, reforzando a súa integración co Rexistro de Explotacións Agrarias e co Rexistro Gandeiro. Esta evolución permitirá integrar nunha única contorna a xestión administrativa, a información rexistral

Actividade:	2.7.1. Desenvolver sistemas para a xestión do ámbito agrícola e gandeiro e dar soporte aos existentes.

e as ferramentas de apoio á decisión, co fin de mellorar a eficiencia, a sustentabilidade e a capacidade produtiva das explotacións.

- Un dos eixos prioritarios será o reforzo do compoñente gandeiro, dotando ao sistema de maior carga funcional neste ámbito para ofrecer ao cidadán unha visión ampliada e unificada da súa explotación e evitar que o produtor teña que acceder a múltiples sistemas para realizar as súas xestións. Neste sentido, incorporaranse expedientes básicos de tramitación vinculados a OVGAN e habilitarase a consulta actualizada da información relativa a controis sanitarios e inspeccións, tanto realizadas como pendentes, garantindo unha visión integral do estado administrativo e sanitario da explotación.
- No ámbito da sustentabilidade e do cumprimento normativo, o sistema adaptarase aos requirimentos derivados do Real Decreto de Nutrición Sostible de Solos e do Real Decreto de Uso Sostible de Produtos Fitosanitarios. Integraranse APIs de fertilización e habilitaranse plans de abonado automatizados, xunto con mecanismos de apoio á correcta cumprimentación das actuacións. Ademais, desde outras ferramentas corporativas como o Observatorio Agroforestal (OPA) poderán establecerse indicadores orientados á redución do uso de fitosanitarios e fertilizantes. XEAGA será capaz de interpretar automaticamente se a explotación cumpre cos obxectivos marcados pola Administración, facilitando ao produtor unha visión clara do seu grao de adecuación ás esixencias de nutrición sostible de solos. A integración con Sativum formará parte deste marco de cumprimento e seguimento.
- En paralelo desenvolverase un sistema automatizado de asesoramento PAC que permita identificar as axudas ás que o produtor podería optar con maiores garantías, así como detectar requisitos pendentes de cumprimento asociados a determinadas liñas de apoio. Esta funcionalidade orientará a xestión da explotación cara a obxectivos previamente definidos, incrementando a eficiencia e a capacidade de planificación estratéxica. Este traballo realizarase coa participación activa e principal do FOGGA, como un dos principais axentes no asesoramento PAC.
- Desde o punto de vista xeoespacial, avanzarase na integración completa do parcelario con SGAREX e na resolución e harmonización dos códigos de aproveitamento e cultivo conforme ás definicións publicadas polo FEGA. Incorporaranse novas capas e ferramentas GIS que faciliten a xestión diaria da explotación, así como unha nova funcionalidade para a creación de unidades homoxéneas de cultivo (UHCs), permitindo un rexistro máis áxil e estruturado das actuacións sobre estes elementos.
- Prevese a análise para a incorporación dun chatbot intelixente orientado a mellorar a experiencia de uso e a incrementar a eficiencia operativa do sistema.

→ Evolución da **aplicación móbil XEAGA_APP**, dispoñible nos distintos markets, estará aliñada coa folla de ruta funcional de XEAGA co obxectivo de facilitar ao produtor unha xestión máis áxil e eficiente da súa explotación. A app permitirá ao agricultor rexistrar directamente desde o terreo as actuacións habilitadas en XEAGA, garantindo a sincronización inmediata da información, a coherencia dos datos e a súa trazabilidade, ao tempo que incrementará a capacidade de

Actividade:	2.7.1. Desenvolver sistemas para a xestión do ámbito agrícola e gandeiro e dar soporte aos existentes.

rexistro en mobilidade, reforzando a integración co ecosistema de aplicacións agrarias e simplificando os fluxos de xestión.

- Un dos principais eixos de desenvolvemento será o reforzo do ámbito gandeiro, incorporando maior carga funcional vinculada a OVGAN. A app permitirá o acceso ás subexplotacións e a consulta de información de animais individuais, ofrecendo unha visión máis detallada da estrutura produtiva da explotación. Ademais, habilitarase a capacidade de redirixir, desde expedientes ou tramitacións previamente identificadas, á Oficina Agraria Virtual para a súa xestión, facilitando a continuidade administrativa sen necesidade de empregar ferramentas independentes.
- Desde o punto de vista operativo, ampliarase a capacidade de rexistro de actuacións, superando o enfoque tradicional centrado exclusivamente no parcelario ou nas DGCs. A app permitirá rexistrar actuacións asociadas a un conxunto de DGCs estruturadas como unidades homoxéneas de cultivo (UHCs), favorecendo unha xestión máis áxil e adaptada á realidade produtiva da explotación.

→ No sistema que facilita a levanza do **rexistro de contabilidade vitivinícola para o cumprimento das obrigas de rexistro e declaración de prácticas (ACIOS)**, no 2026 traballarase na súa adaptación ao novo marco normativo derivado do Decreto que será publicado nos vindeiros meses, garantindo que a aplicación dea resposta de maneira efectiva ás novas obrigas legais. Neste contexto:

- Abordarase a migración e consolidación dos datos de expedidores co obxectivo de facilitar e asegurar a correcta elaboración dos Documentos de Acompañamento.
- Procederase á actualización do módulo de explotación de datos para reforzar os procesos de avaliación e apoiar a toma estratéxica de decisións, así como á actualización dos módulos de INFOVI e SILICIE, asegurando a correcta elaboración das declaracións obrigatorias e a adecuada xestión da contabilidade dos produtos suxeitos a Impostos Especiais.

→ No ano 2026 abordaranse distintas melloras do **sistema de xestión das axudas destinadas a melloras estruturais en explotacións agrícolas (MELLES)**, entre as que podemos resaltar: optimización da tramitación de expedientes, reforzo do control administrativo, mellora da explotación da información.

- A estratexia de evolución centrarase na automatización dos procesos clave e na optimización do seguimento dos expedientes, co obxectivo de facilitar o traballo diario das persoas tramitadoras e do persoal técnico. Neste contexto, desenvolverase un novo módulo de avisos, que permitirá a recepción de alertas automáticas sobre prazos, cambios de estado ou incidencias relevantes, mellorando o control e a capacidade de resposta.
- Implantarase unha asignación intelixente de expedientes, equilibrando as cargas de traballo entre tramitadores e reducindo os tempos de resposta, ao tempo que se introducirán melloras nos fluxos de cambio de estado, simplificando os trámites, eliminando pasos innecesarios e facendo os procesos máis guiados e intuitivos.

Actividade:	2.7.1. Desenvolver sistemas para a xestión do ámbito agrícola e gandeiro e dar soporte aos existentes.

- No ámbito da interoperabilidade, reforzarase a integración con outros sistemas corporativos, como REAGA, XESGAN, REXPAX, XUMCO, así como co sistema P_INFORMES, mellorando a coherencia da información, a trazabilidade das accións e a dispoñibilidade de datos máis completos e fiables. En particular, consolidaranse os datos de MELLES en REAGA, facilitando o acceso á información das explotacións e garantindo a consistencia entre sistemas. Así mesmo, mellorarase a integración co XUMCO.
- A evolución funcional do sistema incluirá tamén o control dos procesos de subrogación, asegurando unha xestión ordenada e transparente nos casos de substitución ou cambio de titularidade, así como a implantación dunha xestión avanzada de controis por usuario e perfil, incrementando a seguridade, a personalización e a trazabilidade das actuacións.
- Ampliarase a explotación analítica dos datos, incorporando estatísticas automáticas e informes xerados de forma sistemática, que permitirán ás unidades tramitadoras dispoñer de indicadores actualizados sen necesidade de tarefas manuais adicionais.

No que atinxe ao **Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) e Cadea Alimentaria:**
No ámbito da xestión das axudas da Política Agraria Común (PAC), ao longo do ano 2026 impulsarase a modernización e evolución dos diferentes sistemas co fin de acadar unha xestión máis eficiente e plenamente adaptada aos requirimentos do período 2023 2027 (PEPAC), así como de garantir o cumprimento das obrigas en materia de seguridade da información establecidas pola Comisión Europea.

→ O sistema de **xestión de axudas da PAC (SGAPAC)** da soporte á xestión das axudas á agricultura, á gandaría e ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control (Solicitude única), facilitando a presentación, modificación e seguimento das solicitudes.

→ No **sistema de soporte da información contable dos fondos agrarios europeos en Galicia (SICOP)**, abordaranse traballos como:

- Garantir a súa adaptación normativa, mellorar a interoperabilidade con sistemas externos e reforzar a capacidade de xestión e control dos pagos e recuperacións no ámbito do Organismo Pagador.
- Abordaranse os cambios derivados das circulares do PEPAC, así como a integración de novos fluxos de información, incluíndo a integración de propostas de pago, o ficheiro BDCMIC-FEGA e a importación de ficheiros XUMCO e de controis.
- Incorporarase a gravación de datos BDCMIC nas táboas de SICOP e a xestión dos ficheiros do módulo de penalizacións plurianuais.
- Melloras funcionais relevantes, como: a implantación de validacións específicas na declaración de irregularidades, a atención a peticións doutros organismos públicos, o desenvolvemento dun módulo de indicadores de resultado para axudas FEADER SIGC PEPAC e SGA, e a adaptación dos ficheiros de pago, incluíndo a súa desagregación por instrumentos financeiros e a incorporación do requirimento do código de produto (5000) nos pagos de recuperación de indebidos.
- Levaranse a cabo actuacións para a mellora do rendemento do sistema, especialmente no tratamento de ficheiros masivos.

Actividade:	2.7.1. Desenvolver sistemas para a xestión do ámbito agrícola e gandeiro e dar soporte aos existentes.

- O sistema SICOP integra un módulo de intelixencia de negocio orientado á análise e no 2026 prevese a ampliación e evolución do módulo mediante o desenvolvemento de novos cadros de mando.

→ Apoio nas actividades de soporte no cumprimento da normativa da seguridade para os **sistemas de información que dan servizo ao FOGGA** e organismos delegados no eido da xestión PAC.

- Ampliación, consolidación e mellora continua do Sistema de Xestión de Seguridade da Información (SXSI).
- Abordarase a inclusión de novos organismos delegados no SXSI do FOGGA, mediante a implantación progresiva dos requisitos das normas ISO 27001 e ISO 27002 naqueles organismos determinados polo FOGGA.
- Como parte do ciclo de revisión e mellora do SXSI baseado nas normas ISO 27001 e ISO 27002 implantado no FOGGA, levarase a cabo a revisión e actualización das valoracións dos servizos, da información e dos activos.
- Revisarase a Análise de Impacto sobre o Negocio (BIA) e actualizarase a análise de riscos, incluíndo a revisión dos plans de tratamento asociados e o seguimento das medidas implantadas.
- Desenvolveranse e impartiranse accións formativas en materia de seguridade da información, normas ISO 27001 e ISO 27002, Esquema Nacional de Seguridade e protección de datos persoais, reforzando a concienciación e capacitación do persoal.

→ Actuacións de mellora no **portal web do Fondo Galego de Garantía Agraria** (**https://fogga.xunta.gal**).

→ Durante 2026, da mán da DX da PAC e do Control da Cadea Alimentaria traballarase na publicación de información actualizada en relación aos prezos do leite así como na definición dun **Observatorio de Prezos da Cadea Alimentaria**, tomando como referencia a normativa vixente así como outros observatorios xa existentes a nivel nacional.

→ Cómpre sinalar **dúas necesidades informáticas prioritarias para a DX da PAC e Control da Cadea Alimentaria**, co fin de mellorar a eficiencia administrativa e a calidade dos servizos prestados. Trátase dos seguintes desenvolvementos:

- Sistema de tramitación específico para a xestión das inspeccións relacionadas coa calidade e a cadea agroalimentaria.
- Sistema de tramitación orientado á xestión do rexistro de embotelladores e envasadores.

→ Interconexión do **Rexistro e Xestión de explotacións autonómico** (XEAGA-REAGA) e o **Sistema nacional de Xestión de Axudas da PAC** (SGAPAC).

- Proposta dun catálogo de servizos cos requisitos que permitan a interoperabilidade do rexistro de explotación de SGA (SGAREX) cos rexistros autonómicos.
- En curso outra iniciativa multicomunidade referente ao tratamento da información alfanumérica e gráfica nunha fonte de datos única.

No referente a **outros Proxectos e Iniciativas**:

→ **Proxectos que serán obxecto de análise** (en función da prioridade e dispoñibilidade orzamentaria determinada polos responsables funcionais da Consellería do Medio Rural):

Actividade:	**2.7.1. Desenvolver sistemas para a xestión do ámbito agrícola e gandeiro e dar soporte aos existentes.**
	▪ Xestión de axudas de industrias agroalimentarias (Subdirección Xeral de Industrias Agroalimentarias). ▪ Rexistro de embotelladores (Dirección Xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria). ▪ Inspeccións de Fraude de Calidade Alimentario (Dirección Xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria). ▪ Xestión de xurros. ▪ Xestión da marca de leite galego de pastoreo. ▪ Rexistro de explotacións leiteiras de calidade diferenciada e leite cru. ▪ Xestión de axudas de razas autóctonas. ▪ Xestión das Sociedades Agrarias de Transformación.
Área responsable:	***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

Actividade:	**2.7.2. Evolucionar os sistemas de información de xestión do ámbito forestal**
Descrición:	A finalidade deste obxectivo é a modernización dos servizos e instrumentos que permitan ao sector facer uso das novas tecnoloxías tanto na súa relación coa administración coma na súa propia xestión, e impulsar a través da tecnoloxía tanto a xestión dos recursos forestais, a través da información e servizos ofrecidos aos usuarios, e a xestión, a toma de decisións, e a explotación da información en poder da administración.
Actividades 2026:	No ámbito dos sistemas de información de xestión do ámbito forestal, ao longo do ano 2026 desenvolverase un **conxunto coordinado de actuacións orientadas a consolidar un ecosistema dixital forestal** plenamente integrado. → Promoverase unha forte interconexión entre todos os sistemas forestais, favorecendo un **modelo de dato único.** Reforzarase o emprego de servizos web e impulsarase a publicación e estandarización das integracións no Enterprise Service Bus corporativo, de maneira que a comunicación entre aplicacións como CORPRI, CORWEB, CORPU e INAFOR se realice de forma fluída, segura e automatizada. Este ecosistema conectado estenderase tamén aos sistemas de axudas forestais e ás plataformas de consolidación e explotación da información. → Impulsarase a **evolución da arquitectura XIS e do compoñente EDIXIS**, co propósito de avanzar cara un ecosistema tecnolóxico máis coherente e accesible, no que todas as ferramentas forestais compartan interfaces comúns, servizos xeográficos normalizados e modelos de datos interoperables. → No eido da **xestión dos Instrumentos de Ordenación Forestal (XORFOR)**, no ano 2026 este sistema reforzará os procesos de tramitación dos instrumentos de ordenación, mellorando a validación técnica e cartográfica e consolidando a explotación analítica da información xerada ao longo dos procesos. Neste contexto, impulsarase a mellora da calidade da información dispoñible no sistema, especialmente no relativo ás adhesións aos modelos silvícolas, asegurando que só se contabilicen as activas a

Actividade: 2.7.2. Evolucionar os sistemas de información de xestión do ámbito forestal

través dun control semellante ao empregado noutros instrumentos, co fin de evitar duplicidades vinculadas a unha mesma referencia catastral.

→ No ano 2026 o **Inventario de Actividade Forestal** (**INAFOR**) reforzará a súa función como repositorio consolidado da actividade forestal, incorporando novas tipoloxías de actuación, procesos de sincronización en tempo real e cadros de mando con capacidade analítica avanzada.

→ No referente ao **Rexistro de Montes de Galicia** (**REXMON**):

- Prevese a dixitalización dos trámites de modificacións e actos de disposición, posibilitando a súa realización por medios electrónicos, con maior axilidade, trazabilidade e seguridade xurídica.
- O sistema reforzará a xestión dos Montes Veciñais en Man Común, facilitando o control da súa titularidade, límites e situación xurídica.
- Tamén se incorporará a tramitación dos contratos temporais de xestión pública e a xestión do Fondo de Melloras, garantindo transparencia nos ingresos e investimentos.
- Integración con sistemas como INAFOR, CORPRI, CORPU, REIMON ou XORFOR.

→ No referente ao **sistema de información MATFOR**, centrarase en:

- Modernizar a xestión do material forestal de reprodución mediante unha xestión integral e unificada de viveiros, sequeiros e procedementos de recolección, venda e stock, o reforzo da trazabilidade ao longo de todo o proceso e a mellora da calidade e coherencia da información. Estes avances apoiaranse na integración con sistemas corporativos como REXEL e ARPAD.
- Analizaranse novas liñas de traballo orientadas á mellora global do control dos materiais forestais, como a incorporación de mecanismos avanzados de auditoría e cadea de custodia, a creación de rexistros para a conservación do patrimonio xenético e dos ecosistemas forestais e a evolución dos instrumentos de rexistro dos axentes implicados, co obxectivo de reforzar a transparencia e a consulta cidadá.

→ O **sistema de información OBSFOR**, é o encargado da xestión dos procesos de carga de datos do ámbito forestal. No 2026 abordase a ampliación deste sistema con novos paneis temáticos, cadros de mando por distrito forestal, especie, risco, certificación... e avaliarase o desenvolvemento de modelos preditivos para evolución da actividade. Ademais, adicarase un esforzo específico á mellora da coherencia e do aliñamento da información do sistema cos datos reais do sistema rexistral forestal de Galicia (módulo de Monte e INAFOR).

→ No referente á **Xestión Económica dos Montes**, atopamos ferramentas de xestión e control como o sistema **XESTOR**, do cal está prevista unha evolución do sistema orientada a reforzar o seu papel como plataforma central da xestión económica do ámbito forestal. Esta evolución inclúe:

- O avance na primeira fase de integración cos sistemas corporativos de soporte contable da Xunta de Galicia.
- A automatización do seguimento técnico e económico das obras e actuacións.
- O desenvolvemento de cadros de mando territoriais que permitan visualizar en tempo real a distribución, o progreso e o rendemento dos investimentos executados ao longo do exercicio.

Actividade: 2.7.2. Evolucionar os sistemas de información de xestión do ámbito forestal

→ A **xestión de permisos de cortas de madeira en superficies forestais** de xestión privada está soportada por dous sistemas de información: **CORPRI** e **CORWEB.**

- No ano 2026, CORPRI evolucionará incorporando validacións xeográficas máis avanzadas que permitirán comprobar con maior precisión a consistencia espacial dos expedientes, á vez que integrará regras de negocio que se podan automatizar e que faciliten a proposta de resolución e a detección temperá de incoherencias.
- Este sistema mellorará tamén a súa sincronización co sistema INAFOR para asegurar que toda a información relativa ás actuacións forestais se consolide de maneira inmediata e fiable, completándose ademais cun fortalecemento das funcionalidades da aplicación móbil, esencial para que o persoal técnico poida realizar inspeccións e tarefas en campo cun maior nivel de detalle e autonomía.
- O sistema CORWEB, experimentará unha notable evolución para facilitar a tramitación electrónica da cidadanía e das empresas, incorporando un asistente guiado e un sistema de notificacións intelixentes, ademais dunha mellor adaptación a dispositivos móbiles.

→ No ámbito da **xestión das cortas nos montes de xestión pública**, o sistema **CORPU** seguirá avanzando cara a:

- A dixitalización completa da tramitación. Isto incluirá a automatización integral de contratos, actas e documentación asociada aos procesos de aproveitamento.
- A integración plena co sistema INAFOR.
- Reforzaranse os mecanismos de seguimento do ciclo de vida dos expedientes.

→ A evolución prevista no ano 2026 para o **sistema de xestión dos reinvestimentos** realizados polos propietarios dos montes ordenados **(REIMON)** permitirá avanzar cara a unha xestión máis dixital, transparente e plenamente trazable, co obxectivo de simplificar os procesos para as comunidades, garantir unha supervisión pública eficaz e asegurar o correcto destino dos ingresos obtidos polos montes veciñais. Reforzarase a tramitación electrónica do procedemento MR652A, potenciarase a capacidade do sistema para a xeración automática de documentación oficial, o seguimento das comunicacións e a integración da información territorial e administrativa procedente doutros sistemas forestais.

→ No eido da **Sanidade Vexetal Forestal**, o **sistema SAVFOR:**

- Mellorará as súas capacidades de diagnóstico e seguimento fitosanitario, ampliando os seus módulos actuais. Esta ampliación permitirá non só un rexistro máis detallado das incidencias detectadas, senón tamén unha mellor xestión das mostras, dos procesos de análise en laboratorio e das actuacións correctoras aplicadas en cada caso.
- Reforzará a integración cos laboratorios de diagnóstico e cos sistemas corporativos de alerta temperá.
- A conexión con ferramentas como NOTIFICA, así como cos visores cartográficos e cos repositorios corporativos de datos forestais, favorecerá unha detección temperá máis eficaz, unha mellor planificación das medidas de control e unha trazabilidade completa das actuacións realizadas en campo e no laboratorio.

Actividade:	2.7.2. Evolucionar os sistemas de información de xestión do ámbito forestal

- No ámbito de aplicación da intelixencia artificial, o módulo SAVFOR–SAVIA continuará consolidándose como ferramenta para a detección temperá de pragas e enfermidades no monte galego.

→ No ano 2026, levarase a cabo o desenvolvemento da **plataforma de servizos forestais (XEAFOR)**. Entre as principais liñas de traballo destacan:

- A recuperación e visualización da información relativa á biomasa en franxas secundarias e ás parcelas asociadas.
- Desenvolverase a integración con inventarios forestais, sistemas rexistrales e de xestión de axudas, mellorando a interoperabilidade, garantindo a coherencia dos datos e optimizando a comunicación entre os distintos actores implicados na xestión dos recursos forestais.

→ O ano 2026 será tamén clave na **incorporación de intelixencia artificial**, teledetección avanzada e tecnoloxías IoT. Estes recursos permitirán detectar cambios no territorio, identificar automaticamente talas, anomalías e pragas (por exemplo, banda marrón), estimar volumes forestais e anticipar riscos ambientais ou operativos.

→ Durante o ano 2026 avanzarase na análise e desenvolvemento do **Portal do Propietario Forestal**, un novo espazo integrado na iniciativa AGRO 4.0 e dirixido ás persoas propietarias de montes, que lles permitirá consultar as actuacións da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal nas que son parte interesada, así como acceder a ferramentas e servizos de apoio ofrecidos pola administración.

Área responsable:	*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

Actividade:	2.7.3. Incluír funcionalidades avanzadas e dar soporte aos sistemas de xestión de prevención e extinción de incendios
Descrición:	A finalidade deste obxectivo é a modernización dos servizos e instrumentos que permitan a xestión da defensa do monte, en relación á prevención, a investigación e a extinción dos incendios forestais, á toma de decisións, e á explotación da información.
Actividades 2026:	Cómpre salientar entre as actuacións previstas para 2026: → **Soporte remoto e insitu ao persoal, equipos e aplicacións de Incendios**: incidencias, peticións de servizo, solicitudes de información ou asesoramento, incluíndo formación complementaria e soporte informático aos Postos de Mando Avanzado en grandes incendios e simulacros. → **No ámbito das infraestruturas tecnolóxicas**, executarase a renovación dos CCD's dos Distritos Forestais 08, 13 e 19 e a instalación do novo equipamento asociado. Procederase á migración a Windows 11 nos equipos do Servizo, o que implicará a actualización de 128 equipos de oficina non compatibles, e acometerase a renovación dos Postos de Mando Avanzados co correspondente novo equipamento informático. → **En relación cos dispositivos móbiles**, realizarase a dotación de 200 novas tablets ao persoal de campo, que serán integradas na plataforma MDM, incorporando 200 licenzas para a actualización automática de XeoCode Lite. Así mesmo, mellorarase o equipamento móbil do persoal de campo e

Actividade:	2.7.3. Incluír funcionalidades avanzadas e dar soporte aos sistemas de xestión de prevención e extinción de incendios

prepararanse e instalaranse tablets con XeoCode Lite nas novas motobombas en fabricación.

- → **No ámbito das bases aéreas**, darase soporte na instalación de equipamento en pre-campaña e a súa retirada ao remate da mesma. Tamén está previsto no 2026 o arranque da nova Base Aérea de Lalín.
- → Revisarase a instalación das **novas cámaras** pendentes e ampliarase a súa integración na **Rede de Videovixilancia Forestal de Galicia**, ao tempo que se impulsará a formación continua do persoal de campo de Incendios.
- → Avanzarase na **posta en marcha dunha aplicación móbil** que permitirá comunicar con rapidez a aparición de fume ou posibles conatos. Esta ferramenta facilitará que calquera cidadán poida emitir un aviso inmediato desde o seu teléfono, incorporando automaticamente a localización GPS para axilizar a mobilización dos medios de extinción e reducir os tempos de resposta do dispositivo.
- → Desenvolvemento dunha **aplicación para dispositivos móbiles** para a comunicación e rexistro dos traballos de prevención de incendios, co obxectivo de substituír as canles informais actualmente empregadas (grupos de WhatsApp...).
- → Evolución do **sistema XEINFO:**
  - No ámbito do módulo XeoCode, porase en produción XeoCode Replication, habilitando o traballo en modo desconectado e garantindo a continuidade operativa en contornas con conectividade limitada ou inexistente. Paralelamente, desenvolverase a nova versión de XeoCode baseada en API, co obxectivo de mellorar a velocidade de execución e a eficiencia na xestión e sincronización da información operativa.
  - Abordarase a integración no módulo XeoCode da información procedente do Sistema Europeo de Información sobre Incendios Forestais (EFFIS).
  - Desenvolvemento dunha nova aplicación para a investigación de incendios forestais, orientada a dar soporte á Unidade de Investigación de Incendios Forestais (UIFO)
  - A nivel de arquitectura do sistema, acometerase a migración tecnolóxica dos módulos AUTQUE e COMQUE. Esta actuación complementarase con migracións tecnolóxicas estruturais, incluíndo a actualización da plataforma a SQL Server 2022 e Windows Server 2022, reforzando a robustez e a capacidade de crecemento da solución.
  - No ámbito da interoperabilidade e cumprimento de obrigas de reporte, realizarase a exportación ao Ministerio da información correspondente á Estatística Xeral de Incendios Forestais (EGIF), así como dos datos relativos ás Parroquias de Alta Actividade Incendiaria (PAAIs).
  - Avanzarse na integración dos módulos Quendas e XeoCode co sistema Mathrix, habilitando a actualización diaria dos datos de persoal.
  - Levaranse a cabo as actuacións necesarias para a preparación da campaña 2026.
- → Continuará **o reforzo da rede de videovixilancia forestal**, un dos piares tecnolóxicos do dispositivo de prevención e detección temperá de incendios. Ademais, incorporarase o uso de intelixencia artificial para analizar automaticamente as imaxes captadas, detectando fume ou signos de ignición e xerando alertas temperás para reducir significativamente os tempos de reacción dos equipos de extinción. En paralelo, a rede de videovixilancia integrarase con outras ferramentas tecnolóxicas do

Actividade:	2.7.3. Incluír funcionalidades avanzadas e dar soporte aos sistemas de xestión de prevención e extinción de incendios

dispositivo, como os drones empregados en investigación e vixilancia.

→ O **sistema AILUME** continuará a súa evolución como iniciativa estratéxica da Dirección Xeral de Defensa do Monte no ámbito da aplicación da Intelixencia Artificial para a detección temperá de incendios forestais a partir das cámaras de vixilancia do monte. No ano 2026 centrarase en reforzar e madurar os compoñentes clave do proxecto e, en particular:

- Optimización do modelo de coñecemento profundo para incrementar a súa capacidade de identificación de incendios en fases iniciais coa implementación de novas estratexias de detección.
- Consolidarase o software base e se despregará nunha infraestrutura máis modular cunha rede de servidores que soporte o nivel de explotación operativa do modelo.
- Perfeccionaranse os mecanismos de control e moderación da calidade das detección e incorporaranse novos módulos con datos meteorolóxicos que permitan contextualizar e enriquecer as alertas.
- Avanzarase na integración efectiva da plataforma e dos seus servizos nos fluxos de notificación de alertas dos sistemas de xestión de incendios.

→ Como aplicación da **Intelixencia Artificial** avanzarase na integración, optimización e consolidación operativa do **sistema LUMEIA.**

- Reforzarase a súa interoperabilidade con Xeocode.
- Levarase a cabo o despregamento operativo da ferramenta, así como o adestramento do modelo principal de detección e do moderador de alertas, co obxectivo de asegurar un uso eficaz por parte dos equipos técnicos.
- Evolucionarase o moderador de alertas cunha nova versión enfocada a filtrar as falsas alarmas máis complexas.

→ Utilización e integración da información obtida dos **UAVS** (drons) cedidos por Abanca á Xunta de Galicia, para a súa aplicación nas tarefas de vixilancia vencelladas aos incendios forestais.

→ Continuarase coa **mellora progresiva das infraestruturas, das comunicacións e dos sistemas de soporte** fronte a interrupcións eléctricas asociados ao dispositivo de loita contra os incendios forestais.

→ Evolución do **sistema de xestión de biomasa nas faixas secundarias (XESBIO)** que facilita o control e as comunicacións entre os concellos e os titulares catastrais das parcelas próximas ás vivendas illadas, aos núcleos rurais e aos solos urbanos.

- Potenciarase a dixitalización da relación coa cidadanía mediante a incorporación de módulos de Notificacións, Publicacións e Alegacións.
- Reforzarase o control e a transparencia das comunicacións.
- Fortalecerase a xestión administrativa coa implantación da sinatura electrónica tanto para a cidadanía como para o persoal de SEAGA, integrando Portasinaturas e incorporando procedementos baseados en REXEL.
- Actualizaranse os mecanismos de consulta de información para facilitar a interoperabilidade con sistemas como XEAFOR e XEINFO.
- Ampliarase a xestión de parcelas de vías municipais, e os servizos de información e mellorarase a xeración de informes para Concellos, fortalecendo a conectividade e eficacia global de XESBIO.

Actividade:	**2.7.3. Incluír funcionalidades avanzadas e dar soporte aos sistemas de xestión de prevención e extinción de incendios**

→ Evolución do **sistema de xestión de convenios con administracións locais para a prevención e defensa contra os incendios forestais** (CONLU).

- Incorporarase a xestión de addendas aos convenios, permitindo o rexistro e tramitación das solicitudes de modificación das actuacións e automatizarase o procesado da documentación procedente da SEDE electrónica.
- Implantarase unha papeleira de reciclaxe para documentos asinados.
- Habilitarase un módulo de xestión de guías e manuais de usuario integrado na aplicación e asignable por perfís, e desenvolverase un módulo de xestión de modelos que permitirá modificar tanto o contido como a estrutura dos documentos normalizados.
- No ámbito da integración corporativa, habilitarase a sincronización automática da información co sistema REPAXU e reforzarase a coherencia interna dos datos mediante a sincronización da información dos cargos das entidades entre apartados, incorporando ademais unha modificación máis intuitiva do rexistro do asinante.
- En relación coa mellora da tramitación dos convenios, incorporarase a xeración e sinatura de documentos DACI directamente no sistema. Complementariamente, habilitarase un histórico de cambios na xustificación, reforzando a trazabilidade das modificacións efectuadas polos usuarios, e desenvolverase a xestión dos requirimentos dos PAP, incluíndo a configuración de avisos de caducidade para garantir o cumprimento dos prazos establecidos.

→ No **sistema de xestión das axudas para a prevención de incendios forestais AXUFOR**, desenvolveranse novas funcionalidades orientadas a mellorar a eficiencia contable, o seguimento dos expedientes e a xestión de declaracións de conflito de intereses.

- No ámbito contable, incorporarase a xeración de D inversos asociada aos OK de pagamento, mediante un asistente específico cun formato similar ao da xeración de OK.
- Para mellorar o seguimento e a trazabilidade dos expedientes, desenvolverase o modelado dos estados de finalización, permitindo definir e parametrizar distintos estados de peche da tramitación.

Área responsable:	*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

Actividade:	**2.7.4. Impulsar e facilitar a xestión dos instrumentos para o desenvolvemento rural e o impulso das medidas da Lei da Terra Agraria de Galicia**
Descrición:	Apoio na estratexia e xestión da elaboración, proposta e desenvolvemento das actuacións de fomento do desenvolvemento socioeconómico do territorio rural galego, da dinamización das áreas rurais de Galicia, da formulación de iniciativas e programas de desenvolvemento das zonas rurais e da execución das accións que contribúan á diversificación económica no medio rural, incluíndo a mellora e modernización das infraestruturas rurais e do medio rural e os instrumentos e mecanismos definidos na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (LRTAG).

Actividade:	**2.7.4. Impulsar e facilitar a xestión dos instrumentos para o desenvolvemento rural e o impulso das medidas da Lei da Terra Agraria de Galicia**

Actividades 2026:

Con base na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (LRTAG) e demais normativa de aplicación, os seguintes sistemas facilitan a xestión dos procedementos e instrumentos definidos, así como en xeral dos programas e instrumentos de impulso de desenvolvemento rural:

→ **Sistema de información de Terras de Galicia:** No ano 2026 a evolución do sistema centrará os seus esforzos en tres liñas principais:

- Completarase a integración do parcelario en SgaRex, garantindo información unificada e actualizada.
- Avanzarase na resolución dos códigos de aproveitamento e cultivo en coordinación co FEGA, para mellorar a calidade dos datos agrarios.
- Porase en marcha un novo visor GIS público, máis moderno e visual.

→ **Sistema de información de apoio na xestión dos instrumentos (TERREC).** No 2026 está prevista:

- A súa evolución cun enfoque integral que combine a mellora funcional, a adaptación normativa e a modernización tecnolóxica.
- Adaptarase ás modificacións normativas que afecten tanto aos instrumentos actuais como aos novos instrumentos que poidan xurdir, así como aos requisitos de control asociados aos fondos europeos FEADER e ao novo marco do PE PAC.
- Desenvolverase unha aplicación móbil orientada a dous ámbitos complementarios: facilitar ao cidadán o acceso á información das súas parcelas (a visualización de datos relevantes, a xestión de documentación e a solicitude de terras dun xeito sinxelo e intuitivo) e dotar aos equipos técnicos dunha ferramenta para a xestión en campo dos traballos de revisión previa e posterior asociados aos distintos instrumentos.
- Crearase un compoñente transversal, reutilizable noutros proxectos, que permitirá a edición dos modelos empregados na xeración de informes.

→ **Mapa de usos agroforestais de Galicia.** No ano 2026 as principais actuacións irán encamiñadas a:

- Posta en marcha do portal de xestión que é unha ferramenta para os usuarios da Administración, que permite a visualización de información e dispón de capacidades de xestión de información xeográfica.
- Continuarase coa evolución do sistema incorporando melloras tanto para a presentación de información a cidadanía como para a Administración (xestores de Agader).
- Analizaranse, neste sentido, aspectos como a incorporación de funcionalidades de mobilidade, capacidades avanzadas de edición dos datos ou algoritmia para a actualización automática da información.

→ **Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia.** No ano 2026:

- Iniciaranse os traballos de análise e desenvolvemento do sistema de información que permitirá xestionar e tramitar os catálogos de solos agropecuarios e forestais. O novo sistema integrarase cos compoñentes corporativos de Administración Electrónica e disporá de funcionalidades de análise e explotación da información.

→ **Sistema de información de xestión dos procesos de concentración**

Actividade:	2.7.4. Impulsar e facilitar a xestión dos instrumentos para o desenvolvemento rural e o impulso das medidas da Lei da Terra Agraria de Galicia

parcelaria de Galicia (INFCOP). No ano 2026,

- O sistema centrarase na mellora continua e optimización funcional, mediante a evolución do módulo de modificacións individuais, que permitirá realizar cambios na información gráfica e alfanumérica sen necesidade de realizar cargas, así como rastrexar e evolución histórica das modificacións. Unha vez completado o módulo de modificacións complementarase cun módulo de expedientes.
- Desenvolverase unha nova funcionalidade para a carga masiva de modificacións por lotes.
- Habilitarase a extracción de datos das zonas consolidadas en formato Access, facilitando a explotación da información e a súa análise externa, e abordaranse melloras na visualización dos elementos representativos nos visores GIS, optimizando a interpretación da información xeoespacial e reforzando a usabilidade do sistema no seu conxunto.

→ **Banco de Terras de Galicia (Bantegal)**, a evolución do sistema no ano 2026 enfócase en:

- Reforzar a súa funcionalidade, mellorar a calidade da información e avanzar na modernización tecnolóxica da plataforma.
- Ampliar a xestión das relacións con concentracións parcelarias ás novas solicitudes de incorporación, superando o enfoque actual limitado ás parcelas xa integradas. Tamén se abordará a revisión e actualización do parcelario base e da capa de recintos, garantindo maior precisión cartográfica.
- Prevese a creación de novos tipos de eventos e ficheiros, así como a automatización na xeración de documentos, mellorando a eficiencia do fluxo de traballo.

→ **Sistema de información que dá soporte á xestión das axudas** baixo a metodoloxía LEADER (**XALEA**), prevé:

- Unha evolución orientada a reforzar o control, a fiabilidade e a transparencia económica: incorporaranse novos módulos de fiscalización financeira e auditoría en tempo real, así como unha trazabilidade detallada de anticipos e pagamentos.
- Ampliaranse as capacidades do sistema para o soporte ás novas estratexias de dinamización rural mediante a posta en marcha do Módulo de Cooperación Interterritorial.
- Completarase unha mellora global da experiencia de usuario, coa habilitación de novos trámites dixitais que incrementen a autonomía dos beneficiarios e coa implantación de ferramentas de visualización intelixente que faciliten o labor técnico e a xestión de expedientes de maior complexidade.
- Completarase o mapa de integracións mais relevantes con organismos autonómicos e nacionais, cara un escenario de dato único: SICOP, BNDS, XUMCO, INPDR, CAPIN...

→ A **xestión de axudas de mellora de camiños rurais**, da Subdirección de Planificación e Dinamización do Medio Rural, realizarase mediante o **sistema AGACAM** que será configurado para ter en conta os aspectos específicos da nova campaña.

→ **Proxecto EIRA** (Espazo de Innovación Rural Aplicada). Durante o ano 2026:

Actividade:	**2.7.4. Impulsar e facilitar a xestión dos instrumentos para o desenvolvemento rural e o impulso das medidas da Lei da Terra Agraria de Galicia**

- Definirase o procedemento administrativo de adquisición do equipamento.
- Levarase a cabo o despregue dos dispositivos no territorio, xunto coa súa posta en servizo, calibración e verificación da transmisión de datos, integrando a información na plataforma de xemelgos dixitais do proxecto.
- Manterase a coordinación cos provedores tecnolóxicos para validar especificacións e compatibilidade das solucións, así como, no caso do módulo de detección aérea de velutina, establecerase unha colaboración específica con entidades especializadas, co fin de definir metodoloxías e parámetros técnicos de actuación.

→ No ano 2026 está previsto abordar o estudo para o desenvolvemento dun **novo sistema de información destinado á xestión e control orzamentario e administrativo das obras subvencionadas** pola Subdirección Xeral de Infraestruturas Agrarias (construción de camiños, pontes, concentración parcelaria...). Este novo sistema permitirá substituír á actual aplicación OBRARU, que presenta importantes limitacións tecnolóxicas e funcionais para a súa evolución.

→ Finalmente, ao longo do ano 2026 abordaranse as **actualizacións do portal institucional da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural** (https://agader.xunta.gal) e tarefas de xestión, revisión e renovación dos seus contidos.

Área responsable:	*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

Actividade:	**2.7.5. Facilitar a promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos e marcas de calidade, e outras iniciativas da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL)**
Descrición:	Prover plataformas e ferramentas de xestión, valorización, promoción e trazabilidade da calidade dos produtos galegos do sector primario (agro e mar) amparados polas denominacións e indicativos de calidade ou marcas promocionais recoñecidos.
Actividades 2026:	→ **Proxecto Experiencias de Calidade** (https://experienciasdecalidade.gal). No ano 2026 a evolución deste marketplace centrará os seus esforzos en tres melloras clave:

- Desenvolverase a caducidade da cesta, garantindo un proceso de compra máis seguro e actualizado.
- Incorporaranse diversas adaptacións necesarias en materia de protección de datos.
- Realizaranse melloras gráficas e axustes na visualización móbil.

→ **Xestión dos servizos prestados** pola AGACAL. A evolución prevista para o sistema no ano 2026 estará orientada á:

- Consolidación definitiva do módulo de DOP/IXP como eixo central para a mellora dos procesos de xestión, control, auditoría e apoio á toma de decisións, completando a migración e consolidación dos datos

Actividade:	2.7.5. Facilitar a promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos e marcas de calidade, e outras iniciativas da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL)

correspondentes ás Denominacións de Orixe Protexidas e ás Indicacións Xeográficas Protexidas pendentes.
- Implantaranse mecanismos de validación cruzada dos libros de control para cada operador e DOP/IXP.
- Melloraranse e automatizaranse os procesos de facturación dos traballos realizados por AGACAL, a través da integración co sistema ENFIA.
- Habilitarase o acceso ao módulo de DOP/IXP para persoas usuarias externas, permitindo a introdución de asentos nos libros de control, garantindo en todo momento a seguridade, a trazabilidade da información e a correcta adaptación das persoas usuarias aos novos procesos operativos.
- Abordarase a mellora e incorporación de novas funcionalidades na integración con Notifica e a análise e desenvolvemento de novos procedementos para DOPs e IXPs

→ **Sistema de información** que da soporte á xestión administrativa da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (**ENFIA**). Para o ano 2026 centrará os seus esforzos en:

- Completar os módulos principais e mellorar a integración, optimización e estabilidade da plataforma.
- Prevese a finalización do módulo Económico, xunto co desenvolvemento do módulo de proxectos de I+D+i e a análise e construción do módulo de Persoal, reforzando así a cobertura funcional do sistema.
- Abordarase a integración cos sistemas SEF e XUMCO, automatizando os intercambios de información.

→ **Sistemas de xestión de axudas** relacionadas coa formación, a innovación e a transferencia tecnolóxica e outras:

- A evolución prevista para o sistema xestión de axudas no marco do servicio de **Transferencia Tecnolóxica (AXUTT)** cara a 2026 ten como obxectivo principal a mellora da experiencia dos usuarios, simplificando os trámites e reducindo a súa complexidade.
- En relación co sistema de xestión de axudas de **Transferencia e Formación (AXUTF)**, o plan de traballo para 2026 estrutúrase arredor de cinco eixes principais.
  - Impartirase formación inicial ao novo persoal de AGACAL. Paralelamente, elaboraranse vídeos formativos que sirvan como guía permanente para as persoas usuarias que se incorporen ao sistema.
  - Levarase a cabo a migración dos datos de liñas de axuda anteriores que foran xestionadas fóra de AXUTF, integrándoos nun único repositorio coherente e accesible.
  - Dispoñerase dunha liña de traballo orientada á elaboración de informes específicos segundo as necesidades que se vaian identificando ao longo do ano.
  - Adaptación funcional do sistema para dar cobertura ás novas liñas CD e RA, incorporando as modificacións que resulten necesarias durante a súa tramitación.

Actividade:	2.7.5. Facilitar a promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos e marcas de calidade, e outras iniciativas da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL)

- Avanzarase na integración co sistema ENFIA, co obxectivo de mellorar a interoperabilidade e o fluxo de información entre sistemas corporativos.

- O **sistema de xestión das axudas** á nova participación de agricultores en réximes de calidade (**AXIPRO**) evolucionará no ano 2026 para simplificar e facer máis eficiente a tramitación de expedientes, incrementando a visibilidade, a automatización e o seguimento, reducindo trámites manuais, acelerando procesos e facendo a información máis accesible. Entre as novidades destaca:

  - A adaptación completa á convocatoria 2026, garantindo que a tramitación poda iniciarse sen interrupcións, así como a xestión de renuncias mediante fluxos claros e automatizados que reducen os tempos de resolución.
  - O módulo de xestión de avisos permitirá que os usuarios reciban información relevante de xeito proactivo, evitando a necesidade de comprobación manual do estado dos expedientes.

→ **Plataforma de información fitosanitaria do viñedo (FITOVIT)**. De cara a 2026, está previsto continuar a evolución do sistema segundo os requirimentos dos responsables funcionais. Así mesmo, intensificarase a difusión da ferramenta coa finalidade de incrementar o número de viticultores que a empregan, favorecendo a súa adopción e utilidade no sector.

→ **Sistema de información de apoio na xestión da formación Agroforestal (FOAGRO)**. A evolución do sistema prevista para o ano 2026 estará orientada a:

- Garantir a adecuación ao novo decreto que regula o funcionamento e rexistro das entidades colaboradoras en materia de formación agraria e de protección dos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos, así como a consolidación do sistema para a xestión da formación e acreditación no ámbito agrario.
- Priorizar o desenvolvemento do módulo externo para Entidades Colaboradoras.
- Completar a adaptación da xestión da formación en fitosanitarios ao modelo actualmente vixente de benestar animal, aliñando procedementos, fluxos de tramitación e criterios de control.
- Realizar a análise e o inicio das tarefas de migración das funcionalidades actualmente dispoñibles no sistema CUAGRO (plataforma actual de xestión das accións formativas da Consellería do Medio Rural) .

→ **Portal web da Axencia Galega da Calidade Alimentaria** que dispón de información institucional, de Calidade Alimentaria, Investigación e Transferencia, Formación...(**https://agacal.xunta.gal**). No ano 2026 darase continuidade a estas liñas de actuación, afondando na evolución do portal en función das necesidades detectadas

→ **Site de formación en liña da Consellería do Medio Rural**. No ano 2026 continuarase prestando soporte ás distintas edicións e módulos formativos que se desenvolvan.

Actividade:	**2.7.5. Facilitar a promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos e marcas de calidade, e outras iniciativas da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL)**
Área responsable:	***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

Actividade:	**2.7.6. Impulsar sistemas transversais: xestión agregada da información, comunicación co sector e outras iniciativas globais para a Consellería de Medio Rural (incluíndo o seguimento do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia cofinanciado polo UE)**
Descrición:	Promover plataformas e solucións para a xestión de servizos transversais que garantan unha maior eficiencia na súa operativa. Impulsar instrumentos e ferramentas que posibiliten unha xestión integrada da información das distintas áreas e competencias, que apoie aos órganos directivos na toma de decisións estratéxicas, e que permitan establecer canles de comunicación efectiva coa cidadanía e de valor engadido para o sector primario.
Actividades 2026:	→ **Plataforma Agroforestal de Galicia (PDAGRO).** O desenvolvemento da Plataforma Dixital Agroforestal de Galicia destaca polo seu aspecto innovador na busca da mellora significativa e da creación de elementos relevantes como: ▪ Impulso á interoperabilidade no sector agrario mediante a integración con outros sistemas de información. ▪ Tratamento intelixente da información. ▪ Aplicación de elementos específicos, con base en módulos e ferramentas transversais, que permitan o seu emprego en campos funcionais relevantes no marco de competencia e estratexia da Consellería do Medio Rural. ▪ Introdución de elementos de innovación aplicada, mediante a incorporación de elementos e tecnoloxías disruptivas (como as técnicas de machine learning e aprendizaxe intelixente). A evolución prevista para o ano 2026, en cada un dos sistemas e compoñentes que conforma a Plataforma Agroforestal de Galicia está descrita, de xeito detallado, nos apartados anteriores deste documento. → **Indicadores, cadros de mando o observatorios:** Consolidación e agrupación de datos para a explotación estatística da información e o soporte á toma de decisións estratéxicas baseada na definición dos indicadores definidos polas unidades de xestión. No ano 2026 está previsto: ▪ Avanzar cara a migración á infraestrutura corporativa baseada en Power BI. ▪ Desenvolver a análise para a construción dun Observatorio de Prezos da Cadea Alimentaria. → **Repositorio de axudas e expedientes (REPAXU):** A evolución do sistema no ano 2026 prevé: ▪ A incorporación estruturada da información específica das distintas liñas de axuda xestionadas a través da ferramenta corporativa TRAMITA.

Actividade:	2.7.6. Impulsar sistemas transversais: xestión agregada da información, comunicación co sector e outras iniciativas globais para a Consellería de Medio Rural (incluíndo o seguimento do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia cofinanciado polo UE)

- A execución de melloras e novos desenvolvementos funcionais necesarios para dar soporte á integración e á actualización das liñas de axuda.

→ **Xestión da información xeográfica:** A evolución prevista do visor e editor XIS (**EDISIX**) para o ano 2026 orientase a:

- Reforzar o seu papel como compoñente corporativo de visualización e xestión da información xeográfica, ampliando o seu ámbito de uso e mellorando as súas capacidades funcionais.
- Está prevista a súa implantación como visor GIS nun maior número de SISTEMAS (REXVIT, AXUFOR, SIRFOG, XORFOR, REXMON...).
- Incorporación de novas funcionalidades orientadas a incrementar a flexibilidade e autonomía dos usuarios.
- Melloras funcionais identificadas a partir das necesidades detectadas nas aplicacións finais, co obxectivo de adaptar EDISIX aos requisitos operativos emerxentes e consolidalo como visor xeográfico de referencia no ecosistema de sistemas do ámbito de Medio Rural.

→ **Servizos de inspección en mobilidade.** A plataforma **HUBINS** é unha solución corporativa de servizos de inspección en mobilidade que permite a calquera sistema da Xunta de Galicia delegar a realización de inspeccións en campo mediante unha aplicación móbil. No ano 2026 a plataforma HUBINS:

- Seguirá evolucionando co obxectivo de mellorar a consulta e edición das inspeccións e de ampliar a configuración dinámica dos distintos tipos de control, incluíndo capacidades de edición gráfica asociadas ás definicións de inspección.
- Incorporará unha visualización xeográfica máis completa, facilitando o apoio cartográfico durante o traballo técnico, e avanzará na xeración, firma e notificación automática das actas, integrando plantillas configurables e permitindo o envío directo por correo electrónico.
- Estudiarase a súa conexión co portafirmas corporativo para un ciclo documental completamente electrónico.
- Ampliará o seu catálogo de validacións para adaptarse a novos casos de uso.
- A app HUBINS_Android continuará evolucionando para reforzar a súa robustez, flexibilidade e integración co ecosistema corporativo de inspeccións, cara unha arquitectura preparada para novos casos de uso.
  - Mellorarase a cobertura e sincronización da información.
  - Consolidaranse as capacidades de xeración, firma e notificación de actas, a incorporación da sinatura capturada no dispositivo e o envío automático por correo, estudándose tamén a integración co portafirmas corporativo.
  - Desenvolveranse novos renderers e plugins de validación adaptados ás necesidades dos sistemas finais, e reforzaranse funcionalidades clave.

→ **Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 Galicia.** As actuacións previstas inclúen:

Actividade:	**2.7.6. Impulsar sistemas transversais: xestión agregada da información, comunicación co sector e outras iniciativas globais para a Consellería de Medio Rural (incluíndo o seguimento do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia cofinanciado polo UE)**

- A elaboración de informes personalizados orientados tanto ao seguimento operativo como á xustificación final do PEPAC.
- Novas validacións de calidade de datos, co obxectivo de detectar tendencias, reducir inconsistencias, identificar incidencias e mellorar os procesos de control financeiro e operativo.
- A creación de módulos adicionais de indicadores específicos para o PEPAC, ampliando a capacidade analítica do sistema e proporcionando unha visión máis completa do desempeño dos programas.

→ **Portais institucionais e canles e iniciativas de difusión.** Ao longo do ano 2026 desenvolveranse distintas actuacións de mellora nas seccións que integran o portal institucional da Consellería do Medio Rural (https://mediorural.xunta.gal) e a Oficina Virtual do Medio Rural (https://ovmediorural.xunta.gal). Este traballos:

- Permitirán a incorporación de actualizacións funcionais, técnicas e de deseño así como a participación, na medida na que sexa necesario, na xestión, revisión e actualización dos seus contidos para garantir información máis accesible, actualizada e coherente.
- Levaranse a cabo intervencións de mellora en distintos portais específicos dos diferentes ámbitos da Consellería, incorporando evolucións tecnolóxicas e de deseño, e reforzando, en función das necesidades detectadas, o apoio á súa actualización, co fin de garantir unha comunicación eficiente e de calidade. Entre estes mencionamos como exemplos:

  - Portal do Fondo Documental do Monte Galego.
  - https://documentacionmontegalego.xunta.gal.
  - Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia.
  - https://evega.xunta.gal.

→ **Implantación de novos procedementos administrativos mediante a ferramenta Tramit@,** que permite a xestión das solicitudes de axudas de forma áxil sen necesidade de desenvolver unha aplicación de tramitación específica. No ano 2026 está prevista, entre outras, a xestión das axudas á conservación da contorna paisaxística e loita contra a erosión nos viñedos da Ribeira Sacra (**MR451B**) e a xestión das axudas para a recría das razas autóctonas de ruminantes ameazadas de Galicia (**MR536C**).

Área responsable:	*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

Actividade:	**2.7.7. Impulso da Intelixencia Artificial no eido da xestión rural**
Descrición:	A posta en marcha do Programa Galego de Intelixencia Artificial representa unha oportunidade estratéxica para identificar, priorizar e impulsar actuacións que integren a IA na Administración, no tecido empresarial e no ámbito agrario e forestal, fortalecendo unha transformación dixital coherente coa nova Lei de Intelixencia Artificial e coas necesidades da Consellería do Medio Rural.

Actividade:	**2.7.7. Impulso da Intelixencia Artificial no eido da xestión rural**
Actividades 2026:	→ En novembro de 2025, a Xunta aproba o **Programa Galego de Intelixencia Artificial 2026–2028** co obxectivo de estender e xeneralizar o uso da IA na Administración, nas empresas e na vida diaria da cidadanía galega. No marco deste proceso levouse a cabo un proceso participativo coa Consellería do Medio Rural, orientada á identificación e priorización das súas principais necesidades e liñas de actuación. Recóllese nos apartados deste Plan a descrición das actuacións previstas para o ano 2026 nos diferentes proxectos identificados: ▪ Análise para a posta en marcha de diversos **pilotos no ámbito dos chatbots intelixentes**, co obxectivo de mellorar a experiencia de uso e incrementar a eficiencia operativa nas seguintes iniciativas: • **Plataforma XEAGA**, ofrecendo asistencia guiada, contextual e en tempo real que facilite a realización de xestións, a correcta cumprimentación das actuacións agrarias e a redución de erros e dúbidas durante o proceso de tramitación. • **Portal web e marketplace** de promoción das experiencias de Calidade, seccións de orixe, maridaxe, produtos de temporada, receitas, experiencias en liña. ▪ Consolidación do **sistema SAVFOR–SAVIA** como ferramenta operativa para a detección temperá de pragas e enfermidades no monte galego. ▪ Integración, optimización e consolidación operativa do **proxecto LUMEIA** como sistema de apoio á detección temperá de incendios. ▪ **Evolución do sistema AILUME**, como iniciativa estratéxica da Dirección Xeral de Defensa do Monte, na aplicación da Intelixencia Artificial para a detección temperá de incendios forestais a partir das cámaras de vixilancia do monte.
Área responsable:	***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

Actividade:	**2.7.8. Desenvolver sistemas para a xestión do ámbito pesqueiro**
Descrición:	Evolucionar os sistemas de información de xestión do ámbito pesqueiro ao redor do ecosistema da Plataforma Tecnolóxica da Pesca; e impulsar ferramentas de xestión telemática relacionadas coas licenzas de pesca, establecementos de acuicultura e de xestión de axudas e difusión ao carón do Fondo Europeo, Marítimo, de Pesca e Acuicultura (FEMPA).
Actividades 2026:	▪ **Plataforma Tecnolóxica de Pesca (PTP).** De cara ao 2026 están planificados a alto nivel os seguintes traballos: ▪ Finalización do proceso de migración tecnolóxica das aplicacións da plataforma eliminando as existentes sobre Xava 11, plataforma .NET e as aplicacións de escritorio. ▪ Continuación da liña de posta a disposición dos distintos sistemas de información de facilidades para a simplificación dos procesos administrativos.

Actividade: 2.7.8. Desenvolver sistemas para a xestión do ámbito pesqueiro

- Evolución dos contidos existentes no marco da Plataforma de Pesca coa incorporación de novas informacións de interese: captura de datos dos puntos de control, deseño de novos documentos telemáticos, etc.
- Pilotaxe de novos servizos no sistema MOVTIC relacionados coa integración do sistema de pesada.

- **Autorización de primeira venda (AVEMAR e AVEPEF)**

O sistema AVEMAR da soporte á xestión das autorización de primeira venda de establecementos vinculados aos sectores da pesca conxelada e a acuicultura que non venden os seus produtos nunha lonxa ou centro de primeira venda autorizados.
O sistema AVEPEF nace como complemento do sistema AVEMAR para dar cobertura á xestión asociada coa autorización de primeira venda de pesca fresca en lonxas e centros de venda autorizados, así como centros de descarga.
As principais liñas de traballo para o 2026 son:

- Deseño e desenvolvemento da xestión do procedemento administrativo PE627A no marco deste proxecto.
- Posta en marcha da xestión do procedemento e migración da información e expedientes desde a solución AVEMAR.
- Desenvolvemento de servizos Web para por a disposición doutros proxecto a información xestionada.
- Enriquecemento da ficha da autorización de primeira venda en base a información dispoñible noutros proxectos (PTP).
- Ampliación do alcance da información xestionada no módulo de rexistro.

- **Trazabilidade de pescaderías (PERISC)**

O sistema PERISC e o núcleo do sistema de trazabilidade asociado á marca de calidade "PescadeRías, de onde se non". As principais liñas de traballo para o 2026 son:

- Revisión e redeseño dos procesos de certificación de lotes no segundo nivel de trazabilidade en aras da súa simplificación e optimización.
- Mellora da calidade da información, xa avanzada no 2025 en canto á integración con Lonxas Galegas.

- **Xestión de Organizacións de Produtores Pesqueiros (OPPGA)**

O sistema OPPGA da soporte as necesidades das Organizacións de Produtores Pesqueiros (OPPs) de ámbito autonómico. As principais liñas de traballo para o 2026 son:

- Soporte e mantemento do sistema de información.
- Atender as necesidades e peticións dos usuarios funcionais do sistema de información

- **Sistema de xestión de feiras do mar (FEIMAR).**

O obxectivo do proxecto FEIMAR é dar solución ás necesidades relativas á xestión de feiras nas que participa a Consellería do Mar, así como centralizar as relacións coas empresas que colaboran e participan nestes eventos. Entre os traballos para 2026, atópanse:

- Desenvolvemento dun módulo de xestión de gastos e aluguer de chan.
- Incorporación á solución de xestión de feiras da posibilidade de dispor de informes específicos de cara a explotación da información xestionada.
- Deseño e desenvolvemento dun portal público do proxecto co gallo de

Actividade: 2.7.8. Desenvolver sistemas para a xestión do ámbito pesqueiro

promocionar a actividade en relación coas feiras, tendo en conta as seguintes consideracións:

- Xeración automática de contidos, con necesidade de aprobación por parte dos usuarios para a publicación de determinados contidos (valoracións de feiras por exemplo).
- Necesidade de xeración de contidos relevantes por parte das empresas xestoras das feiras, con necesidade de aprobación do Servizo de Mercados para a publicación.

- **Rexistro de Buques de Galicia (REXBUQ),** Sistema que da soporte á xestión do Rexistro de Buques Pesqueiros de Galicia, así como a tramitación dos procedementos administrativos asociados ás embarcacións e os seus permisos de explotación. As principais liñas de traballo para o 2026 son:
  - Deseño e desenvolvemento de melloras na xestión dos permisos de explotación das embarcacións.
  - Incorporación á ficha da embarcación de información sobre a actividade da embarcación (declaracións de alternancia de artes, documentos telemáticos, notas de venda, etc.).
  - Integración da información da folla de asento da embarcación con fontes externas.
  - Incorporación da integración co sistema AUTORI.
  - Deseño e desenvolvemento da integración co sistema SIPE para a xestión de envío de cambios na información de embarcacións pesqueiras con competencia autonómica.
- **Sistema de apoio na tramitación dos procedementos administrativos e xestión relacionados cos establecementos de acuicultura (REXEAC).** As principais liñas de traballo para o 2026 son:
  - Rexistro de parques de cultivo en situación vacante (Dispoñible).
  - Incorporación de capacidades de xestión de información histórica de titulares.
  - Ampliación da ficha dos establecementos con datos doutros sistemas de información.
  - Revisión e redeseño da información dos establecementos do rexistro.
  - Redeseño dos procedementos administrativos dependentes do Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura.
  - Incorporación de ficha resumen para os distintos procedementos.
  - Cambio de paradigma para contemplar un rexistro de autorizacións e non de establecementos. Afecta principalmente a establecementos experimentais e granxas e criadeiros.
- **Sistema de Información analítico (BIMAR).** As principais liñas de traballo para o 2026 son:
  - Finalización e posta en marcha de sistema de información analítico relacionado coa información de permisos de marisqueo a pé.
  - Finalización e posta en marcha do sistema de información de primeira venda de pesca fresca con orientación de explotación interna.
  - Deseño e desenvolvemento dun sistema de explotación de datos de pesca fresca con orientación pública.
  - Deseño e desenvolvemento dun sistema de información analítico relacionado coa información do Rexistro de Buques de Galicia.

Actividade: 2.7.8. Desenvolver sistemas para a xestión do ámbito pesqueiro

- **Sistema de Xestión de axudas do Fondo Europeo e Marítimo da Pesca e a Acuicultura (AXUMAR).** As principais liñas de traballo para o 2026 son:
  - Incorporación de novas convocatorias e adaptacións e melloras nas existentes.
  - Integración con APLIFEMPA.
  - Melloras na xestión actual e atención a novas demandas de perfiles e accesos.
  - ción de novidades e axudas.
  - Rexistro de información de detalle de proxectos para os que se solicitan as axudas.
  - Desenvolvemento de servizos para a exposición de datos de tramitación.
  - Melloras na xestión documental e na documentación xerada automaticamente polo sistema.
  - Desenvolvemento de novas funcionalidades: xestión de recursos e reintegros, xestión de listas de agarda.
- **Xestión de licenzas de pesca deportiva. O Sistema Integrado de Pesca Marítima de Recreo (SIPMAR)** permite recoller nun único punto tódalas xestións e informacións relativas á pesca marítima de recreo nas augas da Comunidade Autónoma de Galicia. As principais liñas de traballo para o 2026 son:
  - Utilidades para a tramitación de expedientes que simplifiquen e axilicen as tarefas das persoas usuarias, reducindo os tempos de xestión e automatizando procesos.
  - Explotación da información. Potenciar a forma na que as persoas usuarias interactúan e obteñen coñecemento dos datos, ofrecendo unha experiencia máis robusta e adaptable.
  - Aplicación móbil (app):
    - Incorporación das autorizacións do procedemento PE405B: concursos e inmersións.
    - Desenvolvemento de notificacións e avisos relacionados coa vixencia das licenzas ou autorizacións.
  - Integracións con outros sistemas:
    - Sistema de indicadores de administración dixital.
    - Portal Abert@s-Pasaxe, para incorporar novas funcionalidades que permitan realizar consultas como a verificación da identidade das persoas solicitantes e o acceso ao rexistro de apoderamentos.
    - Integración co Ministerio de Alimentación, Pesca e Agricultura (MAPA), para incorporar a recepción dos datos das capturas realizadas en Galicia.
- **Servizo de Soporte e atención a usuarios do equipamento e software de lonxas e confrarías - servizo CAU_ PTP.** No 2026 continuarase o Soporte de usuarios e infraestruturas das lonxas/confrarías, incluíndo:
  - Atención in situ a incidentes en lonxas, centros pesqueiros, confrarías e TICPESC.
  - Mantemento da rede de terminais TICPESC da Consellería do Mar: OBSOLESCENCIA

Actividade: 2.7.8. Desenvolver sistemas para a xestión do ámbito pesqueiro

- Mantemento de equipos informáticos en centros pesqueiros.
- Mantemento de software e aplicacións informáticas.
- Monitorización e mantemento de redes de área local dos centros pesqueiros e TICPESC.
- Soporte a usuarios da Plataforma Tecnolóxica da Pesca (MOVTIC, TICPESC, Trazamar, etc.).

- **Sistema de xestión de Confrarías (XECONF)** e aplicación móbil **ELECON**. O proxecto XECONF xorde co obxectivo de dar cobertura ao proceso electoral asociado ás eleccións das confrarías de pescadores**.** As principais liñas de traballo para o 2026 son:
  - Deseño e adaptación das solucións para as eleccións das confrarías do 2026.
  - Revisión conxunta das solucións e atención ás propostas de mellora.
  - Carga dos datos do censo electoral en base á información dos membros.
  - Soporte técnico e funcional durante o proceso electoral para distintas actividades:
    - Xestión de actas.
    - Xestión do censo electoral.
    - Elaboración de informes asociados ao proceso.
    - Xestión e seguimento de avisos.
    - Atención a dúbidas e consultas
  - Deseño e desenvolvemento dun módulo de xestión de actas para as eleccións das agrupacións sectoriais.
  - Solución integrada de comunicación do censo de membros.
  - Deseño e construción do rexistro de confrarías.
  - Soporte ás actividades do servizo. (Xestión de entradas a través de REXEL e atención cando proceda).
  - Potenciar o uso e contidos da app ELECON máis alá do proceso eleitoral.
- **Sistema de xestión dos permisos de marisqueo a pé (MAREX).** As principais liñas de traballo para o 2026 son:
  - Posta en marcha e soporte post-produción da xestión de expedientes de marisqueo a pé (PE401B).
  - Migración de datos e expedientes PE401B desde o anterior sistema PEMAPE.
  - Desenvolvemento de procedementos de xestión de autorización para o desenvolvemento de plans de xestión de recursos específicos (PE410B), plans específicos de xestión marisqueira (PE403D) e de autorizacións ou concesión marisqueiras (PE403E).
- **PEXMAR, (MAREX).** As principais liñas de traballo para o 2026 son:
  - Desenvolvemento de PEXMAR. Pretende atender a integración da plantilla de cumplimentación da información de plans cos sistemas de información da Consellería para facilitar a cumplimentación e a completa integración da información xestionada (bancos, especies, participantes, etc.).
  - Integrarase no marco do Plataforma Tecnolóxica da Pesca, complementando o actual proxecto de plans de explotacións marisqueira. (6 meses).

Actividade:	2.7.8. Desenvolver sistemas para a xestión do ámbito pesqueiro

- Sistemas de Mostraxes. Sistema de información global que de forma centralizada facilite o proceso de rexistro da información capturada a bordo das embarcacións por parte dos observadores da Unidade Técnica de Pesca de Baixura (UTPB), apoiando o proceso de recollida de datos en base á utilización de ficheiros de referencia e catálogos de información normalizados.
- Sistema de información que de soporte á xestión dos descritores do bo estado do medio mariño (DMEM) e á información de indicadores de saúde das poboacións explotadas, no marco do proxecto REDEMAR (CIMA), con tres módulos principais:
  - Módulo de avaliación de stocks.
  - Módulo de información de capturas.
  - Módulo de indicadores DMEM.

Área responsable:	*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

Actividade:	2.7.9. Implantar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de cursos no eido náutico-pesqueiro
Descrición:	Impulso sobre a acción formativa no sector do mar como panca para mellorar os coñecementos neste sector.

Actividades 2026:

→ **Sistema de xestión da formación pesqueira e do mar (XESTEN)** da resposta á xestión dos procesos formativos que son competencia do Servizo de Ensinanzas e Titulacións Náutico-Pesqueira. Os principais obxectivos no proxecto para 2026 son:

- Finalización de traballos e posta en marcha da delegación a departamentos territoriais das renovacións de titulacións do procedemento PE616A.
- Desenvolvemento da posibilidade de delegación de tarefas a departamentos territoriais da impresión e entrega de titulacións (PE616B).
- Deseño de servizos de posta a disposición da información de titulacións a outros sistemas de información da Consellería do Mar.
- Desenvolvemento na parte pública do soporte á xestión completa das academias homologadas.
- Desenvolvemento na parte pública do soporte á xestión completa das entidades colaboradoras.

→ **XESTEN. Liñas de traballo por definir:**

- Reconstrución tecnolóxica do sistema. Permitirá a evolución global e integración con sistemas e ferramentas transversais.
- Novos procedementos. Desenvolvemento de novos procedementos vencellados coa formación (PE621A, C, D, F; PE607A, C).
- Acceso de perfiles externos a través do portal público.
- Rexistro de titulacións .
- Reformulación da Xestión da formación (cursos, títulos e prácticas).
- Exportacións.

Actividade:	**2.7.9. Implantar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de cursos no eido náutico-pesqueiro**
	→ **Módulo de formación online. O portal específico de Teleformación para a Consellería de Mar** - baseado na plataforma corporativa de Moodle (**PLAFOR**) e integrado coa xestión interna de XESTEN. Ofrece aos destinatarios da formación ferramentas para a autoxestión da mesma, en particular, a pre-inscrición, a consulta da información asociada e o acceso aos cursos en Moodle, ofrecendo aos usuarios ferramentas para a autoxestión (Portal Público do Estudante).
Área responsable:	***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

Actividade:	**2.7.10. Evolucionar os sistemas e ferramentas de promoción e difusión de información do sector do mar a marcos e produtos de valor diferenciado**
Descrición:	Impulsar as canles de difusión e promoción dos produtos de mar, en particular de marcas diferencias ou de calidade.
Actividades 2026:	→ **PORTAIS DE INICIATIVAS SECTORIAIS**. Principais liñas de traballo para 2026: ▪ **PCUMA**: O obxectivo xeral do Plan da cultura marítima de Galicia é a preservación e a activación da cultura marítima galega. O proxecto en internet está composto por tres portais web independentes (W_PCUMA, W_VIPCM y W_AREAN). No 2026 o obxectivo é completar: ▪ Bens a incorporar no visor (30% pendente ata completar 1452 fichas). ▪ Tour Virtual de Áreas Nai (entrega completa e dominio propio). O portal do proxecto verá a luz no primeiro semestre do 2026. ▪ **W_CINMAR**. Portal do Centro de Investigacións Mariñas. O novo portal do Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) pretende converterse nunha fiestra de visualización da actividade do centro. No 2026 levarase a cabo a revisión dos contidos e seccións inicialmente deseñados – completando con aqueles contidos que sexan indicados – para poder publicar o novo portal. ▪ **BOTFA (Bolsa de Emprego IGAFA)**. Deseño e desenvolvemento dun novo sistema de apoio na xestión de oportunidades de emprego vencelladas coa formación en acuicultura, renovando funcionalmente, desde o punto de vista da usabilidade e tecnoloxicamente a actual Bolsa de Emprego accesible a través do portal do Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAFA). ▪ **REDOGAL**. A creación dunha Rede de Observadores do Medio Mariño galego (https://redogal.xunta.gal) é unha ferramenta da Xunta de Galicia para o seguimento e vixilancia da vida mariña de Galicia. ▪ **REDEMAR**. A Rede (https://redemar.xunta.gal/) entre o sector pesqueiro e organismos científicos de Galicia é unha ferramenta pioneira na comunidade, que da resposta a unha demanda como é a necesidade de crear un marco/espazo de colaboración entre o sector Pesqueiro e os organismos científicos/investigadores.

Actividade:	2.7.10. Evolucionar os sistemas e ferramentas de promoción e difusión de información do sector do mar a marcos e produtos de valor diferenciado
	▪ Outros portais de iniciativas sectoriais son os **CENTROS DE FORMACIÓN** e o **FEMPA** (Fondo Europeo de Pesca e de Acuicultura), Sistemas de Información vinculados á xestión pesqueira para a promoción dos produtos pesqueiros e das políticas FEMP en Galicia, os portais **W_PERI**, **COMMEX**, **W_SABOR**, **BOCATA**, **W_FEMAPE**, **W_BONITO**, **ALIBEN**, **W_MARCA**. ▪ Aplicacións para móbil como **Non piques-Non peques (NONPIQ)**, Guía de especias pesqueiras de Galicia (PEIXES), marca de calidade Pesca de Rías, de onde senon? (PERIMO), app de Inspección de Caceas no medio mariño (CACEAS). ▪ Continuación dos traballando de impulso das ferramentas dixitais en coordinación coas liñas de comunicación marcadas no servizo de desenvolvemento de diferentes accións de promoción para o fomento do consumo de produtos do mar en Galicia, impulsado pola Consellería do Mar, e que inclúe o seguimento e dinamización de diferentes webs institucionais e de redes.
Área responsable:	***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

Actividade:	2.7.11. Modernizar o sector pesqueiro a través de solucións de xestión e comercialización
Descrición:	Fomentar a innovación e modernización no sector mediante proxectos dixitais tractores e definir proxectos dinamizadores mediante o uso de tecnoloxías disruptivas. O **programa PRIMARE** busca a innovación e o aproveitamento das tecnoloxías dixitais para impulsar a transformación do sector primario (medio rural e mar) en Galicia. Na contorna deste programa, o **proxecto de modernización de lonxas (Lonxas Galegas 4.0)** naceu co obxectivo de mellorar os sistemas de comercialización e xestión de peixes e mariscos nas lonxas galegas e renovar tanto o equipamento como o software existente.
Actividades 2026:	→ **LONXAS GALEGAS 4.0, Solución de comercialización.** Da soporte á actividade das lonxas e centros de primeira venda de Galicia. As principais liñas de traballo para o 2026 son: ▪ Finalización da segunda fase de implantación, coa incorporación de O Grove. ▪ Adaptacións con motivo da entrada en vigor do Regulamento UE 2023/2842. ▪ Adaptación a xestión dos excedentes de cota con motivo da nova regulación. ▪ Portal promocional: configuración e posta en marcha, ampliación para facilitar a compra a través da Web e incorporación de contidos do portal común. ▪ Integración da información de mareas nos procesos de pesada. ▪ Deseño e desenvolvemento da solución de poxa para lonxas virtuais. ▪ Integración de imaxes e vídeo nos procesos de comercialización.

Actividade:	2.7.11. Modernizar o sector pesqueiro a través de solucións de xestión e comercialización

- Eliminación progresiva das poxas con servidor local de pasarela.

→ **LONXAS GALEGAS 4.0. XESLON, Solución de Xestión de Confrarías.** Cubre a xestión administrativa das transaccións das entidades sectoriais e a súa documentación, xestión financeira, contabilidade, impostos e taxas precisas nas actividades de lonxa, así como a xestión común dos usuarios e a xestión social, recollendo os aspectos normativos, legais, sociais, administrativos e de xestión. As principais liñas de traballo para o 2026 son:

- Finalización da segunda fase de implantación, coa incorporación da confraría de O Grove.
- Finalización do desenvolvemento da migración tecnolóxica do proxecto a un desenvolvemento a medida.
- Inicio da fase de implantación da nova solución nas entidades do proxecto.
- Seguimento da evolución das modificacións no sistema Verifactu.
- Implantación do portal Web da entidade nas entidades incorporadas na segunda fase do proxecto.
- Análise da Integración para automatizar información doutras entidades (Seg Social, Capitanías,...)

→ **LONXAS GALEGAS 4.0. Liñas de evolución.**

- Actualmente estase a traballar na construción dun **portal promocional** do proxecto cos seguintes obxectivos:
  - Presentar información sobre o proxecto.
  - Informar das estatísticas do mesmo en tempo real.
  - Facilitar a información de cotizacións nas distintas lonxas.
  - Acceder ao produto dispoñible no sistema Lonxas Galegas 4.0.
  - Visualizar e participar nas poxas en tempo real.

→ Desenvolvemento dun sistema de **poxas con soporte Web**. Evolución das solucións para mellorar o proceso de venta incorporando novas funcionalidades e servizos, orientando especialmente os mesmos en dous ámbitos:

- Incorporación de multimedia para facilitar a compra remota no marco do proxecto.
- Desenvolvemento de solucións para facilitar a concentración das vendas de distintas lonxas nunha mesma poxa virtual.

- Nova solución de xestión de confrarías. Adaptación da solución a lei Crea e Crece e en particular o desenvolvemento da integración co sistema Verifactu. Evolución tecnolóxica e funcional da aplicación:
  - Nova arquitectura tecnolóxica aliñada con tecnoloxías corporativas
  - Mellora da integración co sistema de xestión de lonxas (SISCOM).

→ **Modernización da infraestrutura tecnolóxica das lonxas:** infraestrutura local, redes de comunicación e equipamento informático e de poxa.

→ **Comercialización e poxa, SISCOM.** Implantación dunha solución de comercialización nas rulas que permita a partires da información obtida na identificación, clasificación e pesada das capturas descargadas na lonxa a súa poxa nas distintas modalidades e a emisión dos documentos relacionados coa comercialización dos produtos **Comercialización:**

- Desenvolvemento dunha nova canle de comunicación entre a lonxa e os seus usuarios.

Actividade:	2.7.11. Modernizar o sector pesqueiro a través de solucións de xestión e comercialización

- Poxas dixitais de diferentes tipoloxías que permiten a participación remota e simultánea.
- Maior accesibilidade para poxadores e compradores desde calquera localización.
- Publicidade previa e garantía de asignación xusta de lotes mediante protocolos avanzados.

→ Servizos a usuarios. Acceso a información de interese (compras, cotizacións, vendas, etc.).

→ **XESTIÓN, GESLON.** Implantación nas confrarías xestoras das rulas dunha solución de xestión que permita a xestión da actividade propia específica da lonxa/confraría

→ No 2026 abordarase como parte da **evolución na solución de comercialización (SISCOM):**

- Extensión do proxecto a novas lonxas e centro de venda: Consultaría; Instalación de equipamento e formación a usuarios; Posta en marcha; Soporte e atención a usuarios.
- Evolución tecnolóxica e funcional da aplicación.
  - Desenvolvemento dun sistema de poxas con soporte Web.
  - Deseño e construción dun portal promocional con información relevante para potenciais usuarios.
  - Evolución das solucións para mellorar o proceso de venta incorporando novas funcionalidades e servizos, orientando os mesmos en dous ámbitos:
    - Incorporación de multimedia para facilitar a compra remota no marco do proxecto.
    - Desenvolvemento de solucións para facilitar a concentración das vendas de distintas lonxas nunha mesma poxa virtual.
  - Mellora da integración con sistemas da PTP e o ecosistema de xestión da Consellería do Mar.

→ Polo que atinxe á evolución de **GESLON** destaca de cara ó 2026:

- Extensión do proxecto a novas confrarías: Consultaría, Formación, Posta en marcha e Soporte e atención a usuarios.
- Evolución tecnolóxica e funcional da aplicación.
- Nova arquitectura tecnolóxica.
- Mellora da integración co sistema de xestión de lonxas (SISCOM).
- Ampliación e revisión da funcionalidade presentada.
- Destacar a adaptación á nova normativa legal de facturación (Verifactu – Sistema obrigatorio de verificación de facturas).

Área responsable:	*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais, co apoio da Área de Infraestruturas**

Actividade:	**2.7.12 Impulso da Intelixencia Artificial e outros proxectos innovadores no eido do mar**
Descrición:	A elaboración do Programa Galego de Intelixencia Artificial 2025_2027 supón unha oportunidade para a identificación, priorización e proposta de desenvolvemento dos proxectos e ámbitos de traballo no que estas tecnoloxías poden supoñer unha mellora relevante sobre procesos actuais.
Actividades 2026:	→ Continuarase cos proxectos de posibles casos de uso no sector tomando apoio na IA e outras tecnoloxías de tratamento masivos de datos; identificando como potenciais caso de uso, suxeito á análise, prioridade e financiación da Consellería do Mar, de ser o caso. O listado de proxectos é: ▪ Uso da IA para a predición de campañas. O obxecto do presente caso de uso potencial é poder predicir unha campaña ou a súa evolución a partir dos datos existentes. ▪ Uso da IA para a predición de capturas. O obxecto é ofrecer unha ferramenta para os produtores e/o as súas organizacións sectoriais para facilitar a toma de decisión da arte a utilizar en xornadas de pesca futuras. → **Programa Rexional de Intelixencia Artificial** 2025_2027: ▪ Como parte deste proceso desenvólvese un proceso participativo coa Consellería do Mar para identificar e priorizar posibles medidas definindo a alto nivel a descrición, obxectivos e estado do proxecto, no caso de terse iniciado. ▪ A proposta inicial de casos identificados actualmente en validación recolle os seguintes proxectos (estimación entre 3 e 5 M€): ▪ L15 Solucións de intelixencia artificial para a xestión marítima e pesqueira. ▪ L16 Solucións de intelixencia artificial para a xestión dos portos de Galicia.
Área responsable:	***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

Indicadores asociados

Actividade	Indicador	Valor 2026
Gandaría, Agricultura, Industrias Agroalimentarias, Cadea Alimentaria e FOGGA	▪ Consolidación do novo sistema de xestión de **movementos de gando.**	SI
	▪ Incorporación da figura de **veterinario de explotación** en todos os sistemas relacionados coa xestión gandeira.	SI
	▪ Arranque do novo **Rexistro de Explotacións Agrarias** de Galicia.	SI
	▪ Finalizar o desenvolvemento do novo **Rexistro Vitícola** de Galicia.	SI

Actividade	Indicador	Valor 2026
	▪ Elaboración e impulso dun documento de **interoperabilidade entre as solucións autonómicas e nacionais de xestión de explotacións e de axudas da PAC**	SI
	▪ Transición cara a un novo modelo de xestión do sistema de xestión da **contabilidade de pagos do organismo pagador.**	SI
	▪ Análise para a construción dun **Observatorio de Prezos da Cadea Alimentaria.**	SI
Desenvolvemento Rural	▪ Posta en marcha do sistema de xestión dos **catálogos de solos agropecuarios e forestais.**	SI
	▪ Desenvolvemento de aplicacións móbiles no ámbito de apoio na xestión dos **procedementos e instrumentos recollidos na Lei de recuperación da terra agraria** de Galicia.	SI
	▪ Xestión integral convocatoria 2026 **axudas baixo metodoloxía LEADER.**	SI
	▪ Desenvolvemento dun novo sistema de xestión das **axudas asociadas ao Banco de Explotacións** (Proxecto xestionado pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería).	SI
AGACAL	▪ Posta en marcha do módulo de xestión de persoal do sistema de información que da soporte á **xestión administrativa.**	SI
	▪ Adaptación do sistema de información de apoio na **xestión da formación Agroforestal** ao novo decreto normativo.	SI
	▪ Incorporación na **plataforma de información fitosanitaria do viñedo** do envío de información mediante mensaxes SMS aos viticultores.	SI
Planificación forestal	▪ Consolidación dun **ecosistema forestal integrado**, baseado nun modelo de dato único e sincronizado en tempo real entre todos os sistemas.	SI
	▪ Mellora da xestión dos **instrumentos de ordenación forestal** mediante o reforzo	SI

Actividade	Indicador	Valor 2026
	da validación técnica e cartográfica e o uso analítico da información xerada.	
	▪ Consolidación do sistema INAFOR como **repositorio único e centralizado da actividade forestal.**	SI
	▪ Dixitalización integral da xestión do **Rexistro de Montes.**	SI
	▪ Ampliación do **Observatorio Forestal** con novos cadros de mando, indicadores, e capacidades preditivas.	SI
Defensa do monte	▪ Desenvolvemento dunha **aplicación para dispositivos móbiles para a comunicación cidadá temperá de incendios.**	SI
	▪ Desenvolvemento dunha aplicación para dispositivos móbiles para a comunicación e rexistro dos **traballos de prevención de incendios.**	SI
	▪ Desenvolvemento dunha aplicación para a **investigación dos incendios forestais**, orientada a dar soporte á Unidade de Investigación de Incendios Forestais (UIFO).	SI
	▪ Integración no módulo XeoCode da información do **Sistema Europeo de Información sobre Incendios Forestais** (EFFIS).	SI
	▪ Adaptación do sistema de **xestión da biomasa nas faixas secundarias** ao novo Convenio e revisión e incorporación de novas funcionalidades.	SI
Transversal e Innovación	▪ Número de proxectos de Medio Rural en análise ou que fan uso da **Intelixencia Artificial.**	**4 proxectos**
	▪ Implantación de servizos da **Plataforma Dixital Agroforestal** nos eidos gandeiro, forestal e de explotacións agrarias.	SI
	▪ Ámbitos sectoriais nos que se implante a solución corporativa de servizos de **inspección en mobilidade** (HUBINS) ou o **visor e editor transversal de información xeográfica** (EDISIX).	**3 eidos sectoriais**
Desenvolvemento de servizos e mellora da	▪ Actualización do sistema e soporte do **proceso electoral de confrarías** 2026	SI

Actividade	Indicador	Valor 2026
xestión no sector da pesca e a acuicultura	▪ Descentralización **procedementos xestión da formación** e proposta de reformulación proxecto	SI
	▪ Novas funcionalidades no **Rexistro de Establecementos de Acuicultura**	5
	▪ Novos procedementos administrativos de xestión de aperturas incorporados en **MAREX**	3
	▪ Desenvolvemento da **Plataforma de Rexistro de Información capturada a bordo -** UTPB	SI
	▪ Desenvolvemento da **Plataforma de soporte á xestión dos descritores do bo estado do medio mariño** (DMEM)	SI
Lonxas 4.0	▪ Inicio da Implantación da nova solución **XESLON** nas confrarías do proxecto	SI
	▪ **Portal promocional e de comercialización**	SI
	▪ Análise e **piloto de solución de imaxe/video**	SI
Transversal (Pesca)	▪ Implantar un **proxecto sectorial específico de indicadores/cadro** de mando	SI
	▪ Posta en funcionamento do **Portal do Plan da Cultura Marítima de Galicia** (PCUMA)	SI
	▪ Desenvolver a bolsa de emprego para o **IGAFA**	SI

2.8 Medidas para o desenvolvemento dos servizos dixitais dirixidos ao comercio, empresa e industria

Este programa persegue o **desenvolvemento pleno da interrelación tecnolóxica das empresas, industrias e comercios coa administración pública galega**. Por unha banda, mediante o aumento da axilidade e simplificación na realización de trámites que supón acadar un rexistro único empresarial, e por outra, a través do desenvolvemento de servizos dixitais para facilitar os procedementos vinculados ao consumidor.

Outro dos aspectos fundamentais no que se seguirá incidindo é na automatización dos procesos e tarefas, xa que para o volume tan elevado de equipamento e sistemas que se manexan desde as infraestruturas da Amtega, é imprescindible establecer políticas ben definidas, coa máxima homoxeneización posible, para poder realizar as labores de administración a través da utilización de accións autómatas de infraestrutura como código, tanto para poder manter operativos e actualizados os sistemas actuais, como para a realización de novas incorporacións ou modificacións.

Obxectivos

- → Desenvolver, pór en marcha e evolucionar a plataforma de relación cos sectores do comercio, empresa e industria, en liña coas estratexias de simplificación e reactivación económica.
- → Evolucionar o rexistro único empresarial, para a xestión integramente dixital dos procesos administrativos neste ámbito.
- → Desenvolver os servizos de interoperabilidade e automatización de comunicacións entre a administración e os sistemas de sectores económicos.
- → Evolucionar o sistema de xestión integral do ámbito de consumo. Dixitalizar integralmente os procesos de relación co consumidor.
- → Dixitalizar e dotar de medios para os procesos de inspección de consumo.
- → Evolucionar os sistemas, portais e apps actuais deste ámbito de actuación.

Actividades

Actividade:	**2.7.1. Desenvolver, pór en marcha e evolucionar a plataforma de relación cos sectores do comercio, empresa e industria, en liña coas estratexias de simplificación e desenvolvemento económico**
Descrición:	O sector empresarial, comercial e industrial mantén unha relación continua e estreita coa Administración xa sexa para o cumprimento das obrigas propias da súa actividade como para participar das actuacións promovidas pola Administración pública. As plataformas tecnolóxicas deben aportar unha visión estratéxica para a relación cos sectores do comercio, empresa e industria da Xunta de Galicia. E deben incorporar capacidades que permitan a deseño de servizos dixitais desde a perspectiva dos seus usuarios, organizando a información e os trámites de xeito simple e independente da organización interna da Administración.

Actividade:	**2.7.1. Desenvolver, pór en marcha e evolucionar a plataforma de relación cos sectores do comercio, empresa e industria, en liña coas estratexias de simplificación e desenvolvemento económico**
Actividades 2026:	→ En liña coa actividade *"1.7.3. Nodo de información cidadá ou citizen data hub (CDH)"*, deseño do **rexistro de empresas e persoas beneficiarias**, orientado a la reutilización de información achegada polas empresas para os trámites coa administración. → En liña cos obxectivos da **Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial:** ▪ Evolución e apoio na implantación do Mapa Industrial de Galicia, que achega a visión sobre a implantación actual dos distintos sectores a nivel territorial da Comunidade Autónoma de Galicia e que incluirá, adicionalmente, a información xeral sobre as infraestruturas esenciais e necesarias para a implantación de novos proxectos industriais. Identificación de fontes de datos e converxencia de diversas ferramentas de análise de solo industrial. Alíñase coa iniciativa de desenvolvemento de Xemelgos Dixitais territoriais, especificado no programa 5.1. Plataforma Territorio Intelixente. ▪ Implantación do **Censo do solo empresarial**, que supón unha migración tecnolóxica e una evolución completa do sistema, tanto na interfaz ofrecida aos promotores para o rexistro do solo na sede electrónica como na plataforma interna de tramitación e no portal de difusión do solo dispoñible. Incluíndo a renovación do mapa de consulta. Completarase así mesmo a integración coa plataforma de XESTUR para manter a interoperabilidade entre os sistemas.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**2.7.2. Evolucionar o rexistro único empresarial, para a xestión integramente dixital dos procesos administrativos neste ámbito. E dixitalización dos restantes procedementos**
Descrición:	O **Rexistro Único Empresarial** permite simplificar os diferentes trámites que deben realizar as empresas cando han de inscribirse en distintos rexistros públicos, e achegar a información necesaria para dispoñer da "Carpeta da empresa" na sede electrónica da Xunta de Galicia, permitindo aos interesados acceder a trámites e información sobre a situación dos seus expedientes. O Rexistro Único Empresarial determina un modelo de información que permite coordinar a rede de rexistros industriais, empresariais e comerciais da Administración pública, evitando a dispersión e redundancia de información e simplificando os procesos e trámites nas relacións do sector coa Xunta de Galicia. Na actualidade incorpora distintos rexistros asociados aos ámbitos de competencia da Xunta de Galicia: Rexistro Industrial, Rexistro de industrias Forestais, Rexistro de industrias agrarias, Rexistro mineiro e Rexistro de artesanía. Inclúe o rexistro electrónico interoperable para a presentación de solicitudes dun procedemento administrativo recurrente, habilitando unha canle directa de comunicación entre os sistema de información dos interesados é a administración. Sen prexuízo do desenvolvemento do RUE, para algúns procedementos, en especial os relativos a axudas e subvencións, utilizarase a plataforma corporativa (wanda) para á xestión dixital integral das axudas e subvencións, integrada cos elementos corporativos habilitantes da tramitación dixital: sede electrónica e carpeta cidadá,

Actividade:	**2.7.2. Evolucionar o rexistro único empresarial, para a xestión integramente dixital dos procesos administrativos neste ámbito. E dixitalización dos restantes procedementos**
	rexistro electrónico, notificacións, interoperabilidade, arquivo electrónico administrativo.
Actividades 2026:	→ No ámbito da evolución xeral do **sistema RUE** que da soporte a este rexistro empresarial único: ▪ Adaptacións e mellora nos modelos de presentación en sede electrónica dos procedementos xestionados en RUE ▪ Incorporación de novos ámbitos de tramitación, novos rexistros e procedementos, en coordinación coas unidades responsables destes. ▪ Evolución continua da información publicada no módulo de explotación de datos RUE-Visión incorporando novas gráficas de interese para as unidades xestoras. ▪ Evolución de usabilidade da plataforma → No ámbito da **SX de Industria e Desenvolvemento enerxético:** ▪ Implantación dos procedementos administrativos relacionados coas alegacións a proxectos industriais: • IN301B-Alegacións a proxectos industriais • IN301C-Recoñecemento da condición de persoa interesada en proxectos industriais estratéxicos. → No ámbito da **DX de Estratexia Industrial e Solo Empresarial:** ▪ Acompañamento á posta en marcha do Rexistro de puntos de recarga de coches eléctricos e do mapa público de consulta, en función da dispoñibilidade de contidos, en liña coa actividade 5.1.3. (plataforma territorio intelixente). ▪ En liña co desenvolvemento de servizos proactivos para a cidadanía e empresas, posta en marcha do recordatorio de caducidade da inspección periódica dunha instalación de seguridade industrial. ▪ Diversos desenvolvementos vinculados ás regularizacións de instalacións, ou xeración de certificados de estado de inspección a solicitude do titular de instalación afectadas por regulamentos de seguridade industrial. → No ámbito da **DX de Planificación Enerxética e Minas:** ▪ Evolución da integración do Rexistro Mineiro co Catastro Mineiro para automatizar a actualización da información do catastro coa que conste no rexistro. ▪ Evolución continua do Rexistro Mineiro e dos procedementos relacionados. E en particular, a análise das caducidades e renuncias. ▪ Mantemento e soporte do visor de dereitos mineiros para o apoio aos concursos que se publiquen durante o ano. ▪ Deseño e implantación dos procedementos deste ámbito, novos ou que precisen adaptacións, en particular: • Instalacións de xeración de baixa tensión. • IN625B - Rexistro de instalacións receptoras de gases combustibles.

Actividade:	2.7.2. Evolucionar o rexistro único empresarial, para a xestión integramente dixital dos procesos administrativos neste ámbito. E dixitalización dos restantes procedementos

- IN408A – Autorización de instalacións de produción de enerxía eléctrica e as súas infraestruturas de evacuación (fotovoltaica<1kv, coxeración, biomasa e almacenamento).

→ No ámbito da **Consellería de Emprego, Comercio e emigración**, realizarase a análise e implantación dos seguintes procedementos e rexistros:

- TR802F-Situación legal de desemprego de socios/as de Cooperativas de Traballo Asociado.
- TR340D-Cualificación de iniciativa de emprego de base tecnolóxica (IEBT).
- TR357A-Certificación Galega de Excelencia en Igualdade.

→ No ámbito da **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático:**

- MT701A – Ocupacións ou usos no litoral de Galicia.
- MT970A - Inscrición no rexistro galego de centros adheridos ao sistema de xestión e auditoría medio ambiental

→ De xeito xeral, identificación de novas convocatorias de axudas e subvencións e implantación no sistema de tramitación corporativo Wanda, realizando un acompañamento ás unidades.

Área responsable:	*Área de Administración Dixital*

Actividade:	2.7.3. Identificar, deseñar e implantar a automatización de procesos
Descrición:	En liña cos obxectivos da Plataforma de Automatización intelixente de Procesos da administración pública galega, abórdanse proxectos que permiten aproveitas estas capacidades para o acompañamento ás unidades en diferentes liñas de traballo.
Actividades 2026:	→ Acompañamento na tramitación das alegacións a proxectos industriais. En liña coa actividade 2.7.2, na que se inclúe a adaptación do sistema RUE para a tramitación e a xestión documental deste proceso, abordarase a automatización de determinados trámites con tecnoloxías de RPA e intelixencia artificial. Así, axilizaranse as tarefas repetitivas e o tratamento e interpretación de documentos.
Área responsable:	*Área de Administración Dixital*

Actividade:	2.7.4. Coordinación con entidades dependentes da Consellería de Economía e Industria
Descrición:	Inclúense nesta actividade diversas liñas vinculadas especificamente á Consellería de Economía e Industria, relacionadas coa xestión dos medios TIC dentro do seu

Actividade:	2.7.4. Coordinación con entidades dependentes da Consellería de Economía e Industria
	ámbito organizativo, e en particular a integración na xestión de medios dende a Amtega.
Actividades 2026:	→ **IGAPE.** Aínda que o IGAPE mantén as súas competencias de desenvolvemento tecnolóxico de xeito independente, a Amtega préstalle servizos de apoio e asesoramento na integración coas plataformas transversais de administración electrónica e coas ferramentas de uso obrigatorio do catálogo de sistemas dixitais. → **GAIN** – Colaboración na posta en marcha da nova web de GAIN e continuidade da implantación de dixitalización de procedementos administrativos. → **Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia.** Mantemento do servizo básico de atención dos postos de usuario → **Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) e CIS Galicia.** Formalización do proceso de integración do Inega na ámbito da Amtega aos efectos do xestión dos medios e sistemas TIC neste ámbito. → **Xestur.** Acordo de colaboración para a integración da xestión de posto de traballo nas políticas corporativas. → **XERA.** Varias liñas de actuación: ▪ Mantemento e consolidación do sistema INVEGA como plataforma de referencia para a xestión do inventario forestal: optimización da xestión do inventario e mellora da calidade e explotación dos datos. ▪ Evolución do sistema FORTRA para a ampliación de funcionalidades, adaptación a contornas web e móbil, integración de novos ámbitos, mellora da trazabilidade, da análise ambiental e do acceso á información. Darase ademais soporte ás empresas usuarias do sistema. ▪ Mantemento e adaptación á convocatoria do 2026 do sistema XERAXE, para a xestión integral, interoperable e eficiente dos expedientes de axudas ao longo de todo o seu ciclo de vida. As liñas de actuación previstas buscan reforzar a interoperabilidade cos sistemas corporativos, mellorar a capacidade analítica e optimizar a experiencia de uso, co obxectivo de cubrir de forma máis eficaz todo o ciclo de vida das axudas. ▪ Estudo e implantación, no seu caso, para a análise integrada no sistema REPAXU da información das diferentes liñas de axuda xestionada pola XERA (información actual e información histórica). ▪ Evolución e mellora, tecnolóxica e funcional, dos portais sectoriais, específicos e promocionais do ámbito da Axencia Galega da Industria Forestal.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital e Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

Actividade:	2.7.5. Procesos en liña co "Plan Estratéxico do Comercio de Galicia"
Descrición:	O dito "Plan estratéxico do comercio de Galicia" inclúe un conxunto de iniciativas, que xunto con outras en marcha, están orientadas a ampliar o coñecemento do sector e das súas necesidades, así como un achegamento da administración cara o comerciante mediante canles de difusión.

Actividade:	**2.7.5. Procesos en liña co "Plan Estratéxico do Comercio de Galicia"**
Actividade 2026:	→ **Canle REDIC** – Análise de alternativa para unha nova canle. → **Portal do comercio galego** (https://comercio.xunta.gal)– Soporte e evolución continuada. → Colaboración coa D.X. de Comercio na posta en marcha e asistencia na migración dos procesos e datos ás tecnoloxías corporativas dos seguintes instrumentos: ▪ **Observatorio do Comercio**, con indicadores para o análise do sector. ▪ **Censo de comercios** no que sexa posible coñecer o número de comercios por tipoloxía con una granularidad espacial a nivel de rúa, e actualización cuadrimestral. → Posta en marcha da plataforma para o "**Campus formativo de emprego autónomo**", integrado na plataforma corporativa PLAFOR, co obxectivo de organizar e impartir accións formativas en modalidade de teleformación dirixidas a persoas autónomas, emprendedoras e comerciantes. Este novo campus está orientado a facilitar unha formación práctica, accesible e enfocada a resultados, que permita mellorar a xestión e contribuír ao crecemento dos seus negocios.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**2.7.6. Dixitalización dos procedementos do ámbito de comercio**
Descrición:	En liña co obxectivo de acadar unha dixitalización completa dos procedementos da Xunta de Galicia continuará o proceso de dixitalización deste ámbito, mediante as canles corporativas e sistema de tramitación corporativo (w@nda).
Actividade 2026:	→ **Convocatorias da D.X. de Comercio** de axudas ao sector comercial e artesanal. En total 3 liñas de convocatorias (CO300A-Subvención ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro para a dinamización do comercio local, CO300C-Subvencións para o impulso da innovación e sostibilidade do comercio local e artesanal,CO300B (Programa de dinamización comercial dirixido a federacións ou asociacións de comerciantes sen fins de lucro de ámbito superior ao municipal.). → **Continuidade do proceso de dixitalización considerando os restantes procedemenso** (IN223A: impulso dunha rede de Mercados Excelentes de Galicia e dinamización e revitalización das prazas de abastos, IN214C: Premios Comercio Galego, IN201G: promoción da artesanía galega e fomento da súa comercialización, e valoración do CO301A).
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**2.7.7. Dixitalización dos procesos do ámbito de consumo-IGCC**
Descrición:	A Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, sinala que a Xunta de Galicia "potenciará a arbitraxe electrónica" e "fomentará o uso das novas tecnoloxías para a presentación polos consumidores das reclamacións e denuncias, e a súa comunicación con eles, establecendo procedementos adecuados que garantan a autenticidade destas". Esta actividade recolle a evolución do sistema de xestión dos procesos do **Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC)**, incluíndo os seus ámbitos dependentes ou vinculados (Laboratorio de Consumo, Escola de Consumo, Comisión da Competencia).
Actividades 2026	→ **Evolución funcional do sistema de xestión MARCO**. Evolución continua do sistema, e en particular: ▪ Mellora e evolución do sistema estatístico e de xestión de datos. ▪ Adaptación aos cambios lexislativos no ámbito da mediación e arbitraxe. ▪ Análise para a optimización da experiencia de usuario nas seccións principais. ▪ Continuación coa migración tecnolóxica por módulos que se está a levar a cabo. → **Evolución e soporte continuado ás áreas existentes**: asistente para a presentación de reclamacións, así como aplicación autenticada para ciudadanos, empresas e OMICs, sistema de reclamacións dixital ou o portal de consumo. → **Inspección**. Aplicación de mobilidade Cebra. Piloto para a realización de campañas de inspección. → **MARCO-LIMS** (Laboratorio): ▪ Posta en producción da primeira versión 1.0.0 que inclúe asistente de informes, rexistro de mostras e rexistro de peticións de informes. ▪ Integración con MARCO para a lectura de información de reclamacións e actas en LIMS. → **Apagado de SACONET**. Dende o inicio de desenvolvemento do sistema MARCO estableceuseo o obxectivo de apagar o sistema anterior SACONet, que está ainda en uso. É necesario abordar a posta en marcha das funcionalidades que ainda están en execución no anterior sistema e xa están incorporados en MARCO: ▪ Posta en marcha do módulo de consultas xa desenvolvido.

Actividade:	**2.7.7.b Comisión galega da Competencia**
Actividades 2026	→ Dixitalización dos expedientes de competencia. Posta en marcha do sistema de tramitación (**w@nda**) para a xestión dixital destes expedientes, integrados cos restantes compoñentes transversais de administración dixital. → Soporte e evolución do portal da Comisón galega da Competencia (**https://competencia.gal**).
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Indicadores asociados

Actividade	Indicador	Valor 2026
Medidas para o desenvolvemento dos servizos dixitais dirixidos ao comercio, empresa e industria	▪ Novos rexistros analizados ou configurados para incorporar no sistema RUE	3 ou o 100% dos identificados (se foran menos)
	▪ Adaptacións e mellora nos modelos de presentación en sede electrónica dos procedementos xestionados en RUE	Realizado
	▪ Deseño do rexistro de empresas beneficiarias	Realizado
Medidas para o desenvolvemento dos servizos dixitais do ámbito de comercio e consumo	▪ Publicación da primeira versión de MARCO-LIMS	Dispoñible para a súa validación
	▪ Posta en marcha da plataforma para o Campus Formativo do Emprego Autónomo	Realizado
	▪ Formalización do acordo de integración de posto de traballo en políticas corporativas de Xestur	Formalizado
XERA	▪ Mantemento do sistema INVEGA como plataforma de referencia para a xestión do inventario forestal: optimización da xestión do inventario e mellora da calidade e explotación dos datos.	SI
	▪ Evolución do sistema FORTRA para a ampliación de funcionalidades, adaptación a contornas web e móbil, integración de novos ámbitos, mellora da trazabilidade, da análise ambiental e do acceso á información. Darase ademais soporte ás empresas usuarias do sistema.	SI
	▪ Mantemento e adaptación á convocatoria do 2026 do sistema XERAXE, para a xestión integral, interoperable e eficiente dos expedientes de axudas ao longo de todo o seu ciclo de vida.	SI
	▪ Estudo, e implantación no seu caso, para a análise integrada no sistema REPAXU da información das diferentes liñas de axuda xestionada pola XERA (información actual e información histórica).	SI

2.9 Medidas para diversos ámbitos administrativos

Este programa recolle os **procesos de dixitalización de diversos ámbitos** que, sen estar incluídos nos grandes ámbitos temáticos, abordan funcións temáticas específicas no ámbito competencial da Xunta de Galicia, ou supoñen instrumentos internos de coordinación de carácter transversal.

Obxectivos

- → Dotar á Xunta de Galicia de instrumentos transversais de coordinación para o apoio aos órganos de goberno e coordinación institucional.
- → Desenvolver sistemas de información de carácter transversal.
- → Acadar a dixitalización plena dos procesos vinculados a dos ámbitos funcionais incluídos neste ámbito.
- → Coordinación con outras entidades con acordos de colaboración coa Amtega.

Actividades

Actividade:	**2.9.1 Sistemas transversais para os órganos de goberno e coordinación institucional**
Descrición:	A dixitalización da administración pública inclúe dotar de medios tecnolóxicos para o seu funcionamento interno que teñen carácter transversal. Nesta actividade inclúense varios sistemas de uso en varias Consellerías ou Entidades.
Actividades 2026:	→ **Sistema para a xestión dos ordes do día das sesións do Consello da Xunta e Comisión de Secretarios.** Soporte e evolución continuada. ▪ Finalización do visor que permite a consulta simplificada e agregada e o seguimento dos asuntos elevados tanto á Comisión como ao Consello, por parte dos seus membros. → **Sistema de xestión de gabinetes.** Sistema de rexistro e xestión de eventos (actos, reunións, entrevistas, audiencias) tanto de entrada como de saída, xestión de contactos e organismos, axendas, chamadas e información xeral recibida nos gabinetes. Finalización da implantación do sistema renovado en 2025, e soporte e evolución continuada. En 2026 abordarase: ▪ Implantación do novo sistema na Presidencia da Xunta na secretaría do Presidente e na Subdirección Xeral de coordinación e planificación. ▪ Implantación do novo sistema na Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas. ▪ Soporte ás unidades nas que está implantado (Gabinete da Secretaría da Consellería do Medio Rural, Gabinete da Secretaría da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, Gabinete da Secretaría da Consellería de Política Social, Gabinete da Secretaría da Consellería de Economía e Industria, Gabinete da Secretaría da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional).
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**2.9.2 Sistemas transversais para xestión operativa**
Descrición:	A dixitalización da administración pública inclúe dotar de medios en ámbitos administrativos e de prestación de servizos cara a cidadanía. E inclúe tamén a dotación de sistemas para diversos aspectos da xestión operativa da administración pública. Recóllense nesta actividade sistemas de temática diversa pero de uso transversal na administración.
Actividades 2026:	→ **Sistema de xestión e reserva de parque móbil**, para Consellerías que xestionan flotas de vehículos para a súa actividade. Inclúe o sistema de de xestión e unha aplicación móbil que permite a xestión de rutas, gastos e vehículos. As tarefas a acometer no 2026 son, neste orde: ▪ Posta en marcha dun piloto para a avaliación funcional do sistema e aplicación móbil no ámbito da Consellería de Medio Rural. ▪ Implantación nas Consellerías de Medio Rural, Medio Ambiente e Cambio Climático e Mar. ▪ Evolución do sistema para abordar ás necesidades do parque móbil xestionado pola Consellería de Presidencia. E implantación nesta Consellería. → **Evolución de diversas ferramentas operativas** en uso na administración pública: xestión de habilitacións, sistema de xestión de accesos as instalacións da administración pública.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**2.9.3 Dotación e evolución continuada dos sistemas de xestión dixital das actividades da administración pública – Sistemas no ámbito administrativo**
Descrición:	A dixitalización da administración pública inclúe dotar de medios en ámbitos administrativos e de prestación de servizos cara a cidadanía. Inclúense nesta actividade a **xestión (evolución e mantemento)** dos sistemas de información en ámbitos dependentes da Presidencia, ou da Consellería de Presidencia, Xustiza, Deporte.
	2.9.3.a. Secretaría Xeral Técnica
Actividades 2026:	→ Evolución de **diversos rexistros administrativos** integrados no sistema corporativo de rexistros: Rexistro de Asociacións, Rexistro de Colexios Profesionais e Consellos Galegos de Colexios Profesionais, Rexistro de Fundacións de Interese Galego, Rexistro de convenios → Evolución do sistema para a xestión das **citacións de recoñecementos médicos:** ▪ Xestión de enquisas sobre os avaliacións de riscos e plans de medidas de emerxencia ▪ Desenvolvemento do servizo web que permita o envío da documentación de cada expediente por parte do servizo de prevención alleo.

Actividade:	2.9.3 Dotación e evolución continuada dos sistemas de xestión dixital das actividades da administración pública – Sistemas no ámbito administrativo

- Xestión e presentación das solicitudes de adaptación do posto por motivos de saúde e avaliación de riscos en casos de embarazo e lactancia. Xestión das solicitudes de prolongación do servizo activo.

	2.8.3.b. S.Xeral para o Deporte + Fundación Deporte Galego
Actividades 2026:	→ Soporte e evolución dos actuais sistemas dispoñibles: portal web de deporte galego, plataforma para o deporte galego: Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos; Plataforma deporte escolar; DAFIS. → Evolución continua do **sistema de rexistro de entidades deportivas**, integrado no sistema corporativo de rexistros administrativos.

	2.9.3.c. D.Xeral de Xustiza
Actividades 2026:	→ Soporte e evolución continuada do rexistro de parellas de feito. → Licitación e adxudicación do novo contrato do servizo de evolución, mantemento e soporte técnico especializado do sistema AXGnet. → Evolución continua e mantemento do **sistema de asistencia xurídica gratuíta**.

- Notificación electrónica ao solicitante do procedemento PR204A. Finalizar os cambios na edición e mantemento dos expedientes para habilitar a carga de información necesaria para a notificación electrónica das resolucións aos solicitantes.
- Dixitalización da comisión. Informatizar o proceso de convocatoria, revisión de expedientes, resolución e creación da acta das reunións das comisións de Asistencia Xurídica Gratuíta, co obxectivo de reducir tempos de carga de datos posteriores a reunión e manter esa información no sistema.
- Evolución PR204A. Na medida que os servizos informáticos dos colexios de avogados adapten os seus sistemas ao emprego do servizo interoperable da SEDE para a carga dos expedientes e a súa documentación, dar soporte para a xestión do acceso as contornas, resolución de consultas, coordinación das probas e validación da integración).
- Evolución PR204C. Mellora do trámite do procedemento automatizando a recepción automática das solicitudes presentadas en SEDE, enviando a través de Notific@ as solicitudes de designación do segundo avogado aos Colexios de Avogados e enviando a través de LEXNET o oficio e informe á Fiscalía.
- Integración con Lexnet para ó envío dende as Comisións de Asistencia Xurídica gratuíta cara os órganos xudiciais das solicitudes e escritos. En piloto o envío da resolución de dos expedientes de recoñecemento (PR204A) (na Comisión de Ourense)

→ As restantes iniciativas de este ámbito así como as actividades previstas no ambito do Imelga, e Administración de Xustiza en Galicia están recollidas dentro do Pr.1.5 Senda2025. Xustiza Dixital.).

2.9.3.d. D.Xeral de Administración Local

Actividade:	**2.9.3 Dotación e evolución continuada dos sistemas de xestión dixital das actividades da administración pública – Sistemas no ámbito administrativo**
Actividades 2026:	→ Publicación do **novo portal EidoLocal** desenvolvido por necesidade de evolución tecnolóxica. Publicación prevista no primeiro semestre de 2026. → En relación aos **sistemas de rexistro dependentes da Dirección Xeral:** ▪ Posta en producción do novo Rexistro de entidades locais dentro do sistema corporativo de rexistros administrativos (por apagado do SXPA) con xestión integramente dixital . ▪ Estimación de alcance da renovación tecnolóxica do sistema de xestión de habilitación local.
	2.9.3.e. D.Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Actividades 2026:	→ Mantemento do actual sistema de **xestión de convenios.** → **Renovación do sistema de xestión de relacións parlamentarias**, que ten por obxecto facilitar o rexistro, xestión e seguimento das iniciativas parlamentarias que xorden durante a lexislatura entre o goberno e o Parlamento de Galicia. ▪ Desenvolvemento e implantación do módulo de informes "a medida". ▪ Desenvolvemento e implantación do módulo de envíos ao Parlamento de Galicia. ▪ Incorporación dun sistema de busca mediante o indexado dos documentos. ▪ Desenvolvemento e implantación gradual do resto de módulos, ata a retirada de servizo do sistema actual. (O sistema completo finalizarase en 2027).
	2.9.3.f. D.Xeral de Emerxencias e interior
Actividades 2026:	→ Soporte, mantemento e evolución do **Sistema Integrado de xestión de protección civil**, plataforma para a xestión do rexistro galego de plans de autoprotección, e o rexistro galego de agrupacións e voluntarios de protección civil. Inclúe o rexistro dos plans de emerxencias. ▪ Implantación da aplicación móbil para as agrupacións de voluntarios de protección civil. ▪ Incorporación da xestión e consulta dos plans de emerxencia municipais e autonómicos. → Dixitalización dos procedementos do ámbito de **autorización de espectáculos públicos.** → Soporte, mantemento e evolución do sistema do **rexistro de policía local.** → No ámbito da **Unidade de Policía Autonómica** (UPA). Soporte, mantemento e evolución do sistema de xestión das unidades adscritas a Policía Autonómica, así como do portal web da policía autonómica: ▪ Xestión de actividades subacuáticas, novos libros de rexistro de réxime interno, Viogen e contramedidas. ▪ Desenvolvemento de nova funcionalidade de consulta (polos axentes) dos conceptos non fixos de nómina en cada período de liquidación. → No ámbito da **Academia Galega de Seguridade Pública** (AGASP), consolidación do sistema de xestión e portal implantados en 2025. ▪ Incorporación de novos informes a disposición dos alumnos no espazo privado do portal.

Actividade:	**2.9.3 Dotación e evolución continuada dos sistemas de xestión dixital das actividades da administración pública – Sistemas no ámbito administrativo**
	▪ Análise e implementación, da xestión das listas de admitidos e excluídos aos procesos selectivos xestionados pola Academia Galega de Seguridade. ▪ Análise para a incorporación no sistema de xestión a propia dos procesos selectivos. ▪ Integración de datos cos sistemas de rexistros de protección civil e do rexistro de policía local. ▪ Soporte e mantemento da plataforma de teleformación para as actividades docentes da Academia. Evolución aliñada coa evolución da plataforma corporativa de plataformas de teleformación PLAFOR.
	2.9.3.g. D.Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea
Actividades 2026:	→ Soporte, evolución e mantemento do **Rexistro galego de axentes de cooperación para o desenvolvemento.** → Análise de viabilidade de desenvolvemento do **sistema de explotación de datos de cooperación galega** e automatización do subministro de información a otras axencias e organismos.
	2.9.3.h. D.Xeral de Asesoría Xurídica
Actividades 2026:	→ No ámbito da **Asesoría Xurídica Xeral**, soporte e evolución continuada do sistema de xestión integral. Inclúese tamén a evolución da versión deste sistema adaptada para o seu uso no Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL). → **Piloto de incorporación de tecnoloxías IA e RPA** para a clasificación e alta no SSP das dilixencias de ordenación recibidas por Lexnet na Asesoría Xurídica da Xunta.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**2.9.4 Consellería de Emprego, Comercio e Emigración – Ámbito de emigración**
Descrición:	A dixitalización da administración pública inclúe dotar de medios en ámbitos administrativos e de prestación de servizos cara a cidadanía. Inclúense nesta actividade a xestión dos sistemas de información do ámbito de actuación da S.X. de Emigración.
Actividades 2026:	→ Tarefas de soporte, evolución e dinamización de contidos dos portais de relación coas Comunidades galegas no exterior: GaliciaAberta (emigracion.xunta.gal). → Posta en funcionamento da renovación tecnolóxica do **portal Galicia Aberta.** → Continuación co proceso de dixitalización de convocatorias de axudas no ámbito de emigración: ▪ Continuarase coas tarefas de soporte para a tramitación das liñas de axudas implantadas no sistema de tramitación corporativa w@nda (PR905A, PR925A, PR930C, PR930D, PR935A, PR937A)

Actividade:	2.9.4 Consellería de Emprego, Comercio e Emigración – Ámbito de emigración

- Posta en producción (previsto para mediados do 2026) do sistema de xestión de bolsas de excelencia, renovado tecnoloxicamente e análise da implantación dun novo sistema de baremación de solicitudes.
- Tarefas de soporte, evolución e mantemento do sistema de rexistro da galeguidade, entre elas a elaboración de novos informes para as entidades e migración á novas versións da plataforma corporativa.

→ Soporte e evolución do **sistema para o apoio á xestión nas Oficinas Retorna**.

Área responsable:	*Área de Administración Dixital*

Actividade:	2.9.5 Consellería de Facenda e Administración Pública – Ámbito de xogo e apostas deportivas

Descrición: O **Sistema de tramitación e xestión de autorizacións de xogo e apostas deportivas**, permite a xestión derivada do establecido na *Lei 3/2023, do 4 de xullo, reguladora dos xogos de Galicia*. Neste apartado inclúese e evolución continuada do dito sistema.

Actividades 2026:

→ Evolución continuada do sistema no que se inclúe:

- Análise e implantación da tramitación do procedemento PR327E (traslados de máquinas) como actuación administrativa automatizada. Integración do portal de empresas de Xogo coa sede para a presentación de trámites dende o portal de empresas e pagamento de taxas que correspondan.
- Análise e integración dos sistemas de control de acceso automático de empresas de xogo para o consumo do servizo web de consulta do rexistro de persoas excluídas de acceso ao xogo de Galicia.
- Diversas melloras. Posta en produción da fase inicial da xestión de actas (salóns de xogo e locias de hostelería) e análise e desenvolvemento de fases posteriores. Incorporación de melloras de xestión de expedientes. Novo informe sobre movementos asociados e datas de ocorrencia
- Desenvolvemento do portal de empresas, para que os representantes dende este portal poidan:
  - Obter listaxes de autorizacións de instalacións e máquinas instaladas.
  - Comunicar de avarías e reparación de máquinas
  - Dar de alta de dispositivos de control de acceso automático a locais para comprobación do rexistro de persoas excluídas de acceso ao xogo de Galicia.

Área responsable:	*Área de Administración Dixital*

Actividade:	**2.9.6 Sistema de información de atención á cidadanía (SIACI)**
Descrición:	A Xunta de Galicia puxo en marcha o **sistema de xestión das queixas, reclamacións, peticións de información do cidadán (SIACI)**, orientado a dar resposta ao Decreto 129/2016 do 15 de setembro, polo que se regula a atención á cidadanía no sector público autonómico de Galicia. SIACI é entón a ferramenta transversal única para a xestión e tramitación integramente electrónica dos procedementos específicos para a atención á cidadanía. ▪ O sistema está actualmente en uso na maioría dos órganos e entidades dependentes do sector público autonómico.
Actividades 2026:	→ Evolución e soporte técnico especializado ao funcionamento do sistema. E especificamente: ▪ Emisión de certificado de tramitación dun expediente, importación de dos datos dos terceiros (PR100A) a partir dunha folla de cálculo e asignación de usuario sen iniciar expediente. ▪ Na tramitación do procedemento PR006A - Comunicación en materia de integridade institucional, entre elas melloras na acción de "Redirixir", incorporar movos criterios de clasificación e tipos de peche e permitir a alta de expedientes anónimos.. ▪ Adaptación aos novos formularios da Sede con campos identificativos para persoas estranxeiras. Evolución do sistema de indicadores, e publicación de indicadores. (En liña co PR. 1.7 Xestión intelixente do dato).
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**2.9.5 Dotación e evolución continuada dos sistemas de xestión dixital das actividades da administración pública – Outras entidades** **2.9.5.a Casa de Galicia**
Actividades 2026:	→ No ámbito da Casa de Galicia, en Madrid. Soporte e Evolución do portal de difusión das actividades da Casa de Galicia en Madrid.
	2.9.5.b Autoridade de Protección do Informante (API Galicia)
Actividades 2026:	→ A Amtega desenvolve os sistemas para a realización das funcións derivadas da súa competencia como **Autoridade de Protección do Informante** (API Galicia). Inclúese nesta actividade o soporte aos sistemas de este ámbito. ▪ Canle externa de presentación de denuncias ante a Autoridade galega de protección da persoa informante (APIGalicia). ▪ Sistema de xestión de denuncias e de rexistro de responsables.
	2.9.5.c Consello Consultivo – Comisión de Transparencia

Actividade:	**2.9.5 Dotación e evolución continuada dos sistemas de xestión dixital das actividades da administración pública – Outras entidades**
Actividades 2026:	A Lei 5/2025 do 23 de decembro de medidas fiscais e administrativas, modifica a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e crea a **Comisión de Transparencia como órgano colexiado independente adscrito ao Consello Consultivo.** Estas competencias estaban adscritas á Valedora do Pobo. Co obxecto de dotar a Comisión da Transparencia das ferramentas para a tramitación dixital dos expedientes do seu ámbito, é preciso abordar as seguintes tarefas: → Integración da Comisión da Transparencia no sistema único de rexistro. → Traspaso e modificación da web actual da Comisión da Transparencia dende a Valedora do Pobo ao Consello Consultivo. → Posta en marcha do sistema de tramitación (ferramenta corporativa w@nda) para a tramitación do procedemento de "Reclamacións fronte as resolucións de acceso á información pública – AP900B". → Acompañamento no proceso de arranque.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Indicadores asociados

Actividade	Indicador	Valor 2026
Medidas para diversos ámbitos administrativos	▪ Sistema de xestión de gabinetes.Implantación Presidencia	**Finalizado**
	▪ Novo sistema de xestión de parque móbil. Posta en marcha alomenos nunha Consellería.	**Implantado**
	▪ Posta en marcha dos sistemas para a Comisión de Transparencia no Consello Consultivo.	**Implantados**
	▪ Sistema de xogo e apostas deportivas. Traslados de máquinas.	**Dispoñible para a súa validación**
	▪ Número de sistemas ou grandes funcionalidades para os que se abordan procesos de evolución e mantemento.	**30**

Obxectivo estratéxico 3: Garantir a dispoñibilidade e seguridade dos servizos públicos dixitais



OBXECTIVO 3. GARANTIR A DISPOÑIBILIDADE E SEGURIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS

3.1 Medidas de Continuidade de Servizo de Infraestruturas de Sistemas

O **CPDi** é o centro de proceso de datos onde están consolidados todos os sistemas de información da Xunta de Galicia, polo que é fundamental ofrecer uns niveis de servizo e confianza elevados, tanto polo rendemento dos sistemas como ante unha necesidade de realizar recuperación de datos ou sistemas completos.

Un dos principais obxectivos é **garantir a continuidade, dispoñibilidade, seguridade e evolución dos servizos públicos dixitais** da Xunta de Galicia, asegurando que as infraestruturas tecnolóxicas corporativas dean resposta ás necesidades actuais e futuras da organización. Para acadar este obxectivo desenvolveranse unha serie de actuacións orientadas á modernización das infraestruturas, á mellora da xestión operativa e ao reforzo da capacidade tecnolóxica dos centros de proceso de datos.

Entre as accións máis relevantes inclúese a renovación e evolución das plataformas corporativas de backup, almacenamento, servidores e virtualización, así como a continuidade e mellora dos servizos de administración de sistemas dos CPDs da Xunta de Galicia. Así mesmo, prestarase especial atención á xestión e evolución das plataformas de correo electrónico corporativo, incluíndo a migración progresiva de ámbitos específicos cara a solucións homoxéneas que melloren a seguridade, a eficiencia e a experiencia de usuario.

Ademais, o Plan de Acción 2026 aposta decididamente pola automatización dos procesos de administración de sistemas e pola mellora da coordinación e seguimento das actividades e proxectos de infraestrutura, mediante servizos de apoio técnico, monitoraxe e consultaría especializada. Todo isto permitirá avanzar cara a unha xestión máis eficiente, homoxénea e proactiva das infraestruturas tecnolóxicas.

En resumo, durante o ano 2026 continuarase traballando no fortalecemento, modernización e automatización das plataformas tecnolóxicas corporativas, garantindo a estabilidade, a calidade e a evolución dos servizos públicos dixitais da Xunta de Galicia.

Obxectivos

- → Manter e evolucionar as plataformas de backup corporativa, almacenamento, servidores e virtualización para a Xunta de Galicia.
- → Desenvolver o Servizo de Administración de Sistemas do CPDi da Xunta de Galicia.
- → Manter, evolucionar e desenvolver os servizos de administración das plataformas de Correo Electrónico corporativas.
- → Manter, evolucionar e desenvolver os servizos de soporte do hardware e software necesario para a administración das plataformas e sistemas.
- → Desenvolver o servizo de apoio técnico á coordinación, xestión, seguimento e monitorización das actividades e proxectos.
- → Continuar coa incorporación de infraestruturas de última xeración nos CPDs da Xunta de Galicia, que permitan a mellora da dispoñibilidade e seguridade dos servizos públicos dixitais.

→ Manter, evolucionar e automatizar as diferentes plataformas e sistemas corporativos da Amtega.

Actividades

Actividade:	**3.1.1. Manter e evolucionar as plataformas de backup corporativa, almacenamento, servidores e virtualización para a Xunta de Galicia**
Descrición:	Manter e evolucionar as plataformas corporativas de backup, almacenamento, servidores e virtualización da Xunta de Galicia mediante a renovación tecnolóxica e a incorporación de novas infraestruturas que melloren a capacidade, dispoñibilidade, seguridade e escalabilidade dos servizos, garantindo unha resposta adecuada ás necesidades actuais e futuras dos distintos ámbitos da organización. Neste contexto, impulsarase a licitación dun novo Acordo Marco para a subministración de equipamento destinado ás plataformas corporativas de almacenamento NAS e Scale Out, co obxectivo de asegurar a continuidade, homoxeneidade e evolución destas infraestruturas, facilitando a adquisición áxil e eficiente de solucións escalables, fiables e seguras que permitan reforzar o rendemento das plataformas de almacenamento e a adaptación á evolución tecnolóxica da Xunta de Galicia.
Actividades 2026:	→ Licitación e contratación para a subministración de novos servidores de virtualización destinados ao ámbito de Facenda (ATDFA), co obxectivo de reforzar a capacidade de procesamento, a alta dispoñibilidade e a continuidade dos servizos aloxados. → Licitación e contratación derivada do Acordo Marco de Bloque para a subministración de cabinas de almacenamento S3 no ámbito de Facenda, orientadas á mellora da capacidade, escalabilidade e eficiencia no almacenamento de información non estruturada. → Licitación e contratación derivada para a subministración dunha plataforma de arquivado, destinada á xestión eficiente, segura e a longo prazo da información corporativa, garantindo o cumprimento dos requisitos normativos e de conservación de datos. → Licitación e contratación derivada para a subministración dunha plataforma de almacenamento de bloque para preprodución, co fin de mellorar o rendemento, a dispoñibilidade e a fiabilidade das plataformas corporativas que requiren almacenamento de altas prestacións. → Licitación e contratación derivada para a subministración de almacenamento destinado á plataforma corporativa de backup, co obxectivo de reforzar as capacidades de protección da información, recuperación ante desastres e continuidade de negocio. → Tramitación e licitación dun novo Acordo Marco para a subministración de equipamento para as plataformas de almacenamento NAS e Scale Out da Xunta de Galicia, co obxectivo de garantir a continuidade da capacidade de subministración de solucións de almacenamento corporativo ante a finalización, en outubro de 2026, do Acordo Marco vixente (Expediente: AMT 2022 0055), asegurando a dispoñibilidade de infraestruturas escalables, fiables e adaptadas á evolución das necesidades tecnolóxicas da organización.
Área responsable:	***Área de Infraestruturas e Seguridade***

Actividade:	**3.1.2. Desenvolver o Servizo de Administración de Sistemas do CPDi da Xunta de Galicia**
Descrición:	Garantir a prestación continuada e eficiente do Servizo de Administración de Sistemas dos CPDs da Xunta de Galicia (CPDi, CPDr, CPDFdf), asegurando a correcta operación, mantemento e evolución das infraestruturas e sistemas corporativos. Esta actividade inclúe a xestión dos contratos vixentes de administración de sistemas, así como a planificación e execución dos procesos de licitación necesarios para asegurar a continuidade do servizo sen interrupcións, adaptándoo ás necesidades actuais e futuras dos distintos ámbitos funcionais, incluíndo contornos tradicionais, tecnoloxías modernas e servizos asociados á automatización.
Actividades 2026:	→ Continuación da prestación do Servizo de Administración de Sistemas da Xunta de Galicia (Sistemas 1) ata a finalización do contrato vixente, prevista para outubro de 2026, garantindo a estabilidade, dispoñibilidade e calidade do servizo durante todo o período. → Preparación, licitación e adxudicación dun novo contrato para a continuidade do Servizo de Administración de Sistemas da Xunta de Galicia (Sistemas 1), co obxectivo de que o contrato estea adxudicado antes de outubro de 2026 e permita a continuidade do servizo sen interrupcións. → Continuación do servizo de Administración de Sistemas do CPDi e do ámbito de Emprego (Sistemas 2), asegurando o soporte operativo, o mantemento e a correcta xestión das plataformas e sistemas asociados a estes ámbitos. → Continuación do servizo de Administración de Sistemas de tecnoloxías modernas (Sistemas 3), que inclúe tanto a atención ás necesidades de administración de sistemas do ámbito da ATDFA como a prestación de servizos ao grupo de Automatización.
Área responsable:	***Área de Infraestruturas e Seguridade***

Actividade:	**3.1.3. Manter, evolucionar e desenvolver os servizos de administración das plataformas de Correo Electrónico corporativas**
Descrición:	Garantir a prestación continuada dos servizos de administración, soporte e mantemento das plataformas corporativas de correo electrónico da Xunta de Galicia, asegurando a súa dispoñibilidade, seguridade e correcto funcionamento. Esta actividade inclúe tanto o mantemento das plataformas existentes nos distintos ámbitos organizativos como a evolución das mesmas mediante procesos de migración que permitan a súa homoxeneización tecnolóxica, mellorando a xestión, a experiencia de usuario e a integración cos servizos corporativos.
Actividades 2026:	→ Continuación do servizo de soporte e mantemento das plataformas de correo electrónico corporativas (Sistemas Correo), incluíndo: ▪ A plataforma de correo electrónico da Xunta de Galicia, baseada en Exchange. ▪ A plataforma de correo electrónico do ámbito de Xustiza, baseada en tecnoloxías de software libre.

Actividade:	3.1.3. Manter, evolucionar e desenvolver os servizos de administración das plataformas de Correo Electrónico corporativas

- A plataforma de correo electrónico do ámbito de Educación, baseada en tecnoloxías de software libre.

Todo iso garantindo a dispoñibilidade do servizo, a resolución de incidencias, o mantemento evolutivo e a aplicación das políticas de seguridade correspondentes.

→ Execución da migración dos buzóns de correo electrónico do ámbito de Xustiza á plataforma corporativa Exchange, conservando o dominio xustiza.gal, asegurando a continuidade do servizo, a integridade da información, a correcta transición dos usuarios e a minimización do impacto operativo durante o proceso de migración.

Área responsable:	*Área de Infraestruturas e Seguridade*

Actividade:	3.1.4. Manter, evolucionar e desenvolver os servizos de soporte do hardware e software necesario para a administración das plataformas e sistemas

Descrición: Garantir o soporte, mantemento e evolución do software base e da infraestrutura hardware necesaria para a correcta administración das plataformas e sistemas corporativos da Xunta de Galicia. Esta actividade inclúe a xestión das licenzas de software, a renovación e contratación de solucións tecnolóxicas clave, así como o mantemento da infraestrutura hardware, co obxectivo de asegurar a continuidade operativa, a compatibilidade tecnolóxica, a seguridade e a adaptación ás necesidades actuais e futuras dos servizos públicos dixitais.

Actividades 2026:

→ Tramitación dun novo contrato derivado do Acordo Marco de software de servidor, backoffice e escritorio para a subministración das licenzas adicionais necesarias que permitan levar a cabo a migración dos buzóns de correo do ámbito de Xustiza á plataforma corporativa.

→ Resolución do novo Acordo Marco de software de virtualización e cloud privada e tramitación do primeiro contrato derivado asociado, destinado á renovación e ampliación das licenzas de virtualización, garantindo a continuidade e evolución da plataforma de virtualización corporativa.

→ Licitación e adxudicación dun novo contrato para a subministración de paquetes de subscrición e actualización tecnolóxica de software base de servidor da Xunta de Galicia, que inclúe, entre outros, os seguintes ámbitos:

- Xestión documental.
- Bases de datos.
- Ferramentas de informes e explotación da información.

→ Licitación e adxudicación do contrato de mantemento da infraestrutura hardware, co obxectivo de asegurar o correcto funcionamento, soporte técnico, reparación e substitución dos compoñentes necesarios para a prestación dos servizos corporativos.

Área responsable:	*Área de Infraestruturas e Seguridade*

Actividade:	**3.1.5. Desenvolver o servizo de apoio técnico á coordinación, xestión, seguimento e monitoraxe das actividades e proxectos**
Descrición:	Prestar apoio técnico especializado á coordinación, xestión, seguimento e monitoraxe das actividades e proxectos relacionados coa infraestrutura da administración dixital da Xunta de Galicia. Esta actividade inclúe tanto a continuidade dos servizos de oficina técnica de apoio á planificación estratéxica como a monitoraxe dos sistemas e a coordinación da xestión da infraestrutura, así como a incorporación de servizos de consultoría orientados á mellora da organización, dos procesos e das capacidades de xestión.
Actividades 2026:	→ Continuación do servizo prestado pola Oficina de Apoio, como oficina técnica para a dinamización, seguimento e apoio á execución do Plan de continuidade de servizos de Infraestrutura da administración dixital 2024 2027, garantindo a correcta coordinación das actuacións previstas e o seu aliñamento cos obxectivos estratéxicos definidos. → Realización das tarefas de monitoraxe dos sistemas corporativos e coordinación na xestión da infraestrutura, co obxectivo de anticipar incidencias, mellorar a dispoñibilidade dos servizos, optimizar o uso dos recursos tecnolóxicos e facilitar a toma de decisións operativas e estratéxicas.
Área responsable:	***Área de Infraestruturas e Seguridade***

Actividade:	**3.1.6. Continuar coa incorporación de infraestruturas de última xeración nos CPDs da Xunta de Galicia, que permitan a mellora da dispoñibilidade e seguridade dos servizos públicos dixitais**
Descrición:	Impulsar a incorporación progresiva de infraestruturas tecnolóxicas de última xeración nos **Centros de Procesamento de Datos** (CPDs) da Xunta de Galicia, co obxectivo de mellorar a capacidade, dispoñibilidade, seguridade e rendemento dos servizos públicos dixitais. Esta actividade céntrase na renovación e ampliación das infraestruturas de computación, incorporando solucións avanzadas que permitan dar resposta ás novas necesidades tecnolóxicas, incluíndo contornos de alta capacidade de cálculo e soporte a iniciativas baseadas en intelixencia artificial.
Actividades 2026:	→ Tramitación dun novo Acordo Marco para a subministración de servidores, que inclúa tanto servidores standalone como servidores con GPU avanzada para traballos de intelixencia artificial, co fin de dotar aos CPDs da Xunta de Galicia de infraestruturas de computación de última xeración que permitan soportar novos casos de uso, mellorar o rendemento dos servizos e garantir a súa evolución futura.
Área responsable:	***Área de Infraestruturas e Seguridade***

Actividade:	**3.1.7. Manter, evolucionar e automatizar as diferentes plataformas e sistemas corporativos da AMTEGA**
Descrición:	Impulsar a automatización e evolución das plataformas e sistemas corporativos da AMTEGA, co obxectivo de mellorar a eficiencia operativa, a fiabilidade dos procesos e a capacidade de resposta ante as necesidades da organización. Esta actividade céntrase no desenvolvemento de solucións de automatización baseadas en boas prácticas, así como no reforzo dos recursos técnicos necesarios para consolidar e evolucionar a plataforma corporativa de automatización.
Actividades 2026:	→ Desenvolvemento e mellora de novos roles e playbooks de automatización, orientados á automatización de procesos recorrentes de administración de sistemas, despregue de infraestruturas e xestión operativa, fomentando a estandarización, a redución de erros e a optimización dos tempos de execución. → Incorporación de persoal externo de apoio para reforzar os procesos de automatización e contribuír á consolidación e evolución da plataforma corporativa de automatización, garantindo a súa correcta operación, mantemento e adaptación ás necesidades actuais e futuras da AMTEGA.
Área responsable:	***Área de Infraestruturas e Seguridade***

Indicadores asociados

Actividade	Indicador	Valor 2026
3.1.1. Manter e evolucionar as plataformas de backup corporativa, almacenamento, servidores e virtualización para a Xunta de Galicia	▪ Tramitación e lanzamento da licitación para a subministración dunha plataforma de arquivado	SI
	▪ Tramitación e lanzamento da licitación para a subministración dunha plataforma de almacenamento de bloque para STG	SI
	▪ Tramitación e lanzamento da licitación e contratación derivada para a subministración de almacenamento destinado á plataforma corporativa de backup	SI
	▪ Tramitación e lanzamento da licitación do novo Acordo Marco para a subministración de equipamento de almacenamento NAS e Scale-Out da Xunta de Galicia	SI
3.1.2. Desenvolver o Servizo de Administración de Sistemas do CPDi da Xunta de Galicia	▪ Licitación do novo contrato para a continuidade do servizo de Administración de Sistemas da Xunta de Galicia (Sistemas 1)	SI

Actividade	Indicador	Valor 2026
3.1.3. Manter e evolucionar as plataformas de Correo Electrónico corporativas	▪ Realización do estudo da viabilidade da execución da migración dos buzóns de correo de Xustiza á plataforma corporativa	**SI**
3.1.4. Manter e desenvolver os servizos de soporte de hardware e software	▪ Licitación e adxudicación dos contratos para a subministración de paquetes de subscrición e actualización tecnolóxica de software base: - Xestión documental. - Bases de datos. - Ferramentas de informes e explotación da información.	**66%**
	▪ Licitación e adxudicación do contrato de mantemento da infraestrutura hardware	**SI**
3.1.5. Desenvolver o servizo de apoio técnico á coordinación, xestión, seguimento e monitoraxe das actividades e proxectos	▪ Realización efectiva das tarefas de monitoraxe e coordinación da xestión da infraestrutura	**SI**
3.1.6. Incorporar infra-estruturas de última xeración nos CPDs	▪ Tramitación do novo Acordo Marco para a subministración de servidores (incluíndo GPU para IA)	**90%**
3.1.7. Manter, evolucionar e automatizar as plataformas corporativas da AMTEGA	▪ Desenvolvemento de novos roles e playbooks de automatización incorporados á plataforma corporativa	**SI**

3.2 Medidas de Calidade e Arquitectura de Aplicacións

A Amtega xestiona unha gran cantidade de aplicacións informáticas. Para poder levar a cabo os sistemas de información dunha forma eficaz e eficiente é imprescindible definir cales son os **procedementos e estándares corporativos** para así homoxeneizar o máximo posible a xestión técnica da infraestrutura TIC, facilitando a coordinación dos distintos equipos de traballo. De igual modo, é necesario actualizar tecnoloxicamente, e de forma periódica, a arquitectura das aplicacións e as plataformas que lle dan soporte.

Ademais de velar polo cumprimento destes procedementos e estándares de organización, faise necesario manter e evolucionar os sistemas de xestión da calidade no desenvolvemento das aplicacións e plataformas da Xunta de Galicia.

Obxectivos

- → Manter o servizo de revisión de arquitectura técnica no desenvolvemento de aplicacións para a Xunta de Galicia.
- → Evolucionar as arquitecturas das plataformas corporativas que dan soporte ás aplicacións da Xunta de Galicia.
- → Velar polo cumprimento dos procedementos e estándares corporativos.
- → Implantar a certificación de normas de Calidade nos procesos corporativos.
- → Dinamizar o proceso de xestión da configuración.
- → Formación, divulgación e soporte nas tecnoloxías e plataformas utilizadas no desenvolvemento de aplicacións para a Xunta Galicia.

Actividades

Actividade:	**3.2.1. Manter o servizo de revisión de arquitectura técnica no desenvolvemento de aplicacións para a Xunta de Galicia**
Descrición:	Revisión continua das arquitecturas tecnolóxicas dos sistemas da Amtega.
Actividades 2026:	→ Impulsar o modelo de xestión de débeda técnica nos proxectos tamén nos equipos de Sistemas, Seguridade e compoñentes transversais. Optimización de ferramenta de xestión de débeda técnica para o seu uso por todos os equipos. → Mellorar a interacción dos equipos de proxectos cos procedementos de auditoría a través da ferramenta de xestión de proxectos, sen bloquear as planificacións dos entregables: fomentar a tramitación AGILE e modificar as vistas de débeda técnica. Incluír na débeda técnica o uso de compoñentes e servizos transversais que están dentro do soporte, migrando as versións antigas. Incorporar mecanismos eficientes de comunicación entre os equipos. → Revisións técnicas dos novos proxectos e evolutivos da Amtega, especialmente da arquitectura técnica. Estandarización e formación nas novas arquitecturas SPA e microservizos. → Proposta de actualización das arquitecturas dos proxectos complexos e críticos, a solucións máis eficientes e escalables. Seguimento continuo a proxectos singulares. → Actualización da wiki para a documentación dos proxectos. Actualización do portal de divulgación de estándares e procedementos técnicos.

Actividade:	**3.2.1. Manter o servizo de revisión de arquitectura técnica no desenvolvemento de aplicacións para a Xunta de Galicia**
	→ Formación interna ós diferentes equipos da Amtega que participan en proxectos de desenvolvemento. → Definición dun modelo de traballo e control da calidade de grandes proxectos xunto coa Dirección da Amtega.
Área responsable:	***Área de Infraestruturas e Seguridade***

Actividade:	**3.2.2. Evolucionar as arquitecturas das plataformas corporativas que dan soporte as aplicacións da Xunta de Galicia**
Descrición:	Desde o grupo de arquitecturas de aplicacións continuarase traballando na evolución das arquitecturas e dando soporte á implantación de plataformas corporativas.
Actividades 2026:	→ Soporte aos diferentes equipos de Sistemas para a implantación de plataformas e definición das arquitecturas físicas, migración das mesmas xunto coa actualización das aplicacións, garantir a estabilidade das contornas e integración continua e incorporar ferramentas de automatización no eido do desenvolvemento e administración. → Soporte aos problemas cos servidores de aplicacións corporativos e á actualización da plataformas. → Soporte á implantación das plataformas de contedores corporativa, Blockchain corporativa e BigMemory. → Soporte á definición e implantación da plataforma de explotación de datos corporativa (BigData). → Soporte técnico aos proxectos singulares como o cidadán 360, Pasaxe, arquitectura proxectos de Urbanismo, Educación, etc. → Revisión, actualización e parcheado das plataformas corporativas xestionadas por Arquitecturas: ▪ Actualización da plataforma de xestión de colas a unha nova versión. ▪ Actualización da plataforma de reporting corporativo. ▪ Actualización do repositorio de identidades para usuarios externos. ▪ Continuación coa actualización da plataforma para o rexistro e almacenamento do software. ▪ Continuación coa actualización da plataforma SOA a contedores e migración de proxectos a nova plataforma. → Dinamización e divulgación da plataforma de integración continua. Soporte á mesma. Automatización dos despregues nas novas plataformas corporativas. → Continuación coa construción automatizada de aplicacións móbiles en Android. → Análise para actualización dunha nova versión do orquestador de Integración Continua.
Área responsable:	***Área de Infraestruturas e Seguridade***

Actividade:	**3.2.3. Velar polo cumprimento dos procedementos e estándares corporativos**
Descrición:	Desenvolvemento de novos procedementos e estándares técnicos corporativos e mantemento dos existentes. Coordinación do ciclo de vida de publicación de procedementos e estándares.
Actividades 2026:	→ Actualización de estándares técnicos e procedementos existentes e elaboración de novos estándares técnicos necesarios no ámbito da arquitectura e desenvolvemento de aplicacións. Incorporación de estándares de cloud e Intelixencia Artificial co apoio do resto de departamentos e grupos implicados. → Realización de seminarios de formación de Arquitecturas e Calidade, estándares, e cursos específicos de SOA/Microservizos, arquitecturas distribuídas SPA, integración continua, servizo centralizado para a seguridade, xestor de colas, xestor de contedores ou base de datos non estruturadas para desenvolvemento. → Colaboración con outros departamentos e áreas de negocio. Axuda técnica para os equipos de desenvolvemento e soporte no uso das plataformas, tramitación de procedementos e cumprimento de estándares. → Revisión de todos os proxectos novos e evolutivos da Amtega por procedemento de auditoría técnica. Incorporación de auditorías en diferido de proxectos xa existentes. → Apoio e coordinación da estandarización e organización nos diferentes ámbitos da operación da Amtega. → Lanzamento de auditorías de revisión da calidade de grandes proxectos. → Avaliación dun portal online de divulgación e estandarización cun motor de IA. Continuación coa actualización do portal de divulgación TIC corporativo. → Xestión dos compromisos de confidencialidade nas altas de usuario. → Revisión de pregos TIC de entes non integrados na axencia.
Área responsable:	***Área de Infraestruturas e Seguridade***

Actividade:	**3.2.4. Implantar a certificación de normas de Calidade nos procesos corporativos**
Descrición:	Continuación co despregamento do Sistema de Xestión da Calidade (**SXCAL**) na Amtega.
Actividades 2026:	→ Certificación ISO 9001:2015 ▪ Auditoría externa de renovación da certificación. ▪ Manter a certificación de Calidade da Amtega e ampliar o alcance. → Avaliación, xunto ca Dirección, da incorporación de novos procesos a SXCAL. → Seguimento de procesos e xeración de informes periódicos. → Satisfacción de usuarios: análise de melloras a aplicar en base as enquisas do ano anterior: cursos de formación, etc.
Área responsable:	***Área de Infraestruturas e Seguridade***

Actividade:	**3.2.5. Dinamizar o proceso de xestión da configuración**
Descrición:	Dende a Oficina de Calidade dinamizarase e coordinaranse as accións necesarias para dar continuidade ao proceso de xestión da configuración.
Actividades 2026:	→ Coordinación das reunións do comité de xestión da configuración. → Apoio, implantación, modelado e seguimento de clases e elementos de configuración na CMDB. → Actualización de documentación: Boas prácticas de xestión de configuración e guía de uso de fichas de elementos de configuración. → Control do proceso: Auditoría carga CMDB, realización de informes e consultas para a explotación de información na base de datos da CMDB. Dinamización e liderado do novo grupo de traballo CMDB 2.0. → Continuación coa alta de Elementos de Configuración de Contratos e Provedores.
Área responsable:	***Área de Infraestruturas e Seguridade***

Indicadores asociados

Actividade	Indicador	Valor 2026
3.2.1. Manter o servizo de revisión de arquitectura técnica no desenvolvemento de aplicacións para a Xunta de Galicia	▪ Porcentaxe de auditorías técnicas resoltas en menos de 6 días	**55%**
3.2.2. Evolucionar as arquitecturas das plataformas corporativas que dan soporte as aplicacións da Xunta de Galicia	▪ Porcentaxe de novos proxectos na plataforma de integración continua corporativa, salvo os proxectos herdados, adquisicións e aplicacións móbiles	**92%**
3.2.3. Velar polo cumprimento dos procedementos e estándares corporativos	▪ Número de procedementos, estándares, normativas actualizados ou creados no ámbito de Calidade e Arquitecturas de Aplicacións	**57**
3.2.4. Implantar a certificación de normas de Calidade nos procesos corporativos	▪ Número de seminarios impartidos polo departamento	**2**
3.2.5 Dinamizar o proceso de Xestión da configuración	▪ Número de reunións anuais do Comité de Xestión da configuración	**3**

3.3 Estratexia Cloud da Xunta de Galicia

A finais de 2021 aprobouse no Consello da Xunta de Galicia a **Estratexia Cloud do Sector Público Autonómico**, co obxectivo de avanzar no uso da tecnoloxía na nube no sector público.

A dixitalización dos servizos públicos require dunha adaptación nas infraestruturas e nos modelos de capacitación dixital, dotando a toda administración das ferramentas precisas para a prestación duns servizos públicos de calidade. O uso da tecnoloxía cloud na administración pública galega trátase dunha oportunidade para desenvolver uns servizos máis eficientes, sostibles e de maior calidade, aliñados coas tendencias de infraestruturas TI a nivel global. Este modelo beneficiará á administración permitindo melloras na eficiencia na xestión das infraestruturas TI, na produtividade e na innovación, entre outras vantaxes.

No ano 2026 continuarase avanzando na consecución dos obxectivos establecidos na Estratexia Cloud, continuando cos traballos de **evolución de cloud privada na Amtega**, evolucionando o **modelo de gobernanza cloud pública** e implementando as landing zones de infraestrutura básica nos distintos CSPs (cloud service provider: provedor de servizos cloud) adecuadas a dito modelo de gobernanza, e facendo uso do acordo marco para a contratación de servizos de cloud pública, formalizado a finais do ano 2023, como elemento habilitador para a realización destas iniciativas, mediante a correspondente licitación de contratos derivados do mesmo e por medio dos créditos gratuítos contemplados no acordo marco para a realización de probas nos distintos provedores de cloud.

No ano 2026 continuará a implantación das copias de seguridade na nube pública e a migración de contornas de xestión/comunicación da Amtega á nube para mellorar a dispoñibilidade ante problemas nos CPDs (centros de procesado de datos) locais.

Realizaranse diversos pilotos e proxectos nas contornas de cloud pública, enfocados inicialmente no ámbito das solucións de intelixencia artificial, sendo o obxectivo avaliar a idoneidade do uso na Amtega destas contornas cloud para o despregamento de proxectos que polas súas características poden ser susceptibles de aproveitar as vantaxes que ofrece a cloud pública.

Realizarase un estudio e recomendacións de alternativas técnicas para **uso de GPUs** por parte de proxectos de intelixencia artificial, para garantir que estes conten cos recursos de procesamento máis axeitados ás súas necesidades.

Continuarase tamén coa execución do plan formativo en tecnoloxías e contornas de cloud, para a capacitación técnica do persoal responsable da xestión das infraestruturas cloud, así como a concienciación dos diferentes grupos da organización nas vantaxes e restricións asociadas ás contornas cloud.

Contarase co apoio da Oficina técnica cloud, que ao longo do ano 2026 continuará asumindo as tarefas que lle corresponderá levar a cabo no contexto das contornas cloud da Amtega.

Obxectivos

- → Mellora do modelo de cloud privado en Amtega.
- → Continuidade na implantación das copias de seguridade na nube pública.
- → Migración de contornas de xestión/comunicación da Amtega á cloud pública.
- → Despregamento de Landing Zone aplicando o modelo de gobernanza de cloud público.
- → Realización de seminarios formativos relacionados coas clouds privada e pública.

→ Proxectos e pilotos de uso dos servizos de intelixencia artificial dispoñibles en cloud pública.

→ Estudio e recomendacións de alternativas técnicas para uso de GPUs por parte de proxectos de intelixencia artificial.

Actividades

Actividade:	**3.3.1. Despregar un portal de autoprovisión baseado nunha solución cloud privada**
Descrición:	**Mellora do modelo de gobernanza de cloud privado en Amtega** Dado o crecemento de aplicacións que utilizan o modelo de cloud privado de Amtega (modalidade IaaS, infraestrutura como servizo), faise necesario mellorar o modelo de gobernanza actual, actualizando os estándares e a documentación e implantando medidas de control adicionais.
Actividades 2026:	→ Elaboración dun método de cálculo de custes de infraestrutura das contornas de cloud privado. → Actualización da documentación técnica dos diferentes proxectos IaaS. → Mellora do illamento das contornas de produción de proxectos IaaS respecto ás non produtivas, despregando en servidores separados.
Área responsable:	***Área de Infraestruturas e Seguridade***

Actividade:	**3.3.2. Implantar un modelo de contratación de servicios de cloud pública**
Descrición:	▪ **Proxecto de implantación de copias de seguridade na cloud pública** Implantar as copias de seguridade na nube pública para o nivel 3 de backup (copias mensuais) supón grandes vantaxes, a principal sería deixar de empregar cintas, pois a súa xestión é complexa e ao tratarse dun medio físico pode conlevar fallos. A maiores permite ter as copias de seguridade nunha localización separada, para protexerse ante eventos que afecten aos CPDs da AMTEGA. Ao usar almacenamento de nube pública, en cada rexión os datos están replicados en tres zonas de dispoñibilidade (tres CPDs), ofrecendo unha dispoñibilidade maior ca nun CPD local. A implantación tamén na nube permite usar unha configuración que evita que os datos escritos poidan ser alterados. A nivel de custos comparativamente con cintas é máis económico, dado que se emprega almacenamento barato e ademais para o tipo de copias que se van a levar á nube vai haber poucas restauracións e por tanto pouco tráfico de descarga. ▪ **Migración de contornas de xestión da Amtega á cloud pública** Estudiar a proposta de mover contornas de xestión/comunicación internas á nube pública para mellorar a dispoñibilidade ante problemas nos CPDs da Amtega, e facilitar a xestión de ditas incidencias por parte dos diferentes grupos técnicos de Amtega. O obxectivo é que estes aplicativos sigan dando servizo dende a nube aínda que rede ou os CPDs locais non estean dispoñibles por unha caída. Para que isto sexa posible é preciso despregar tamén contornas de Directorio activo (autenticación) e DNS na nube.

Actividade:	**3.3.2. Implantar un modelo de contratación de servicios de cloud pública**
Actividades 2026:	→ Finalizar a implantación do backup na nube pública. → Deixar de facer copias de seguridade nivel3 en cintas físicas. → Realizar un control do consumo a medida que se van subindo máis copias de seguridade á nube. → Realizar restauracións periódicas de proba. → Despregar as contornas de Directorio Activo e DNS en cloud pública. → Despregar aplicacións de inventario e documentación internas para o seu uso por parte dos grupos técnicos da Amtega.
Área responsable:	***Área de Infraestruturas e Seguridade***

Actividade:	**3.3.3. Implantar un modelo de gobernanza cloud soportado por unha Oficina cloud**
Descrición:	▪ **Despregamento de Landing Zone** aplicando o modelo de gobernanza de cloud público Crearanse "Landing Zone" da Amtega como contornas de infraestrutura base onde se aloxarán as cargas de traballo, aplicacións e datos dos proxectos de cloud pública. A creación destas Landing Zones facilitará a aplicación dun modelo de gobernanza común e permitirá realizar unha xestión segura, eficiente e eficaz das contornas de despregamento en cada CSP. A inclusión nas Landing Zone de aspectos comúns e transversais a todos os proxectos e a súa xestión centralizada permitirá así mesmo que estes proxectos poidan adicar os seus recursos á implementación das súas necesidades máis específicas, reducindo tanto a complexidade inicial dos despregamentos nas contornas de cloud pública como os custos asociados, e permitindo ter uns controis de seguridade homoxéneos. ▪ **Realización de seminarios formativos** relacionados coas clouds privada e pública A evolución das infraestruturas cara as contornas e tecnoloxías cloud é un cambio de paradigma que require dunha nova visión e entendemento para o seu correcto uso e administración. Por isto, é importante a realización dun plan formativo adaptado ás necesidades que xurdan coa implantación dunha infraestrutura cloud e a aparición de novos proxectos cloud, cun enfoque tanto para as áreas máis técnicas como para as áreas de negocio.
Actividades 2026:	→ Deseñar e implementar as Landing Zones da Amtega en a lo menos dous dos principais CSP. → Establecer a conectividade entre os centros de datos da Amtega e as Landing zone. → Migración de proxectos existentes as novas Landing Zones. → Seminarios sobre modernización das aplicacións. → Outras sesións formativas que poidan xurdir segundo se avance no uso e posta en marcha das contornas de cloud pública e privada.
Área responsable:	***Área de Infraestruturas e Seguridade***

Actividade:	**3.3.4. Soporte para a implantación de proxectos de intelixencia artificial en entornos de cloud pública**
Descrición:	▪ **Proxectos e pilotos de uso dos servizos de intelixencia artificial dispoñibles en cloud pública** Posta en marcha de proxectos e pilotos para usar e avaliar os servizos de intelixencia artificial e machine learning ofrecidos polos CSP nas súas diversas modalidades. O coñecemento adquirido nestas iniciativas será de aplicación nas propostas e proxectos que requiran ditas tecnoloxías nas diferentes áreas de negocio. Así mesmo, realizarase unha comparativa entre os servizos na nube pública e os aloxados en contornas locais, co fin de determinar a relación custo-beneficio de cada opción. ▪ **Estudio e recomendacións de alternativas técnicas para uso de GPUs por parte de proxectos de intelixencia artificial** Análise e optimización de infraestrutura de cómputo para IA, para garantir que os equipos de desenvolvemento dos proxectos con intelixencia artificial conten cos recursos de procesamento (GPU) máis axeitados, minimizando custos e maximizando o rendemento operativo. Farase unha diagnose técnica baseada nos requirimentos específicos do proxecto, xerando recomendacións personalizadas para as fases de adestramento e para a fase de inferencia.
Actividades 2026:	→ Posta en marcha ou continuación de proxectos e pilotos de IA/ML en colaboración coas diferentes áreas de negocio, nos CSPs que se decidan. → Monitorización e control dos consumos realizados polos proxectos/pilotos. → Probas de integración nas Landing Zones corporativas. → Avaliación de necesidades de cómputo para os proxectos IA. → Comparativa de modelos de despregamento coas diferentes alternativas de acceso ao hardware. → Recomendación específica de arquitecturas de GPU baseándose no rendemento e no custe.
Área responsable:	***Área de Infraestruturas e Seguridade***

Indicadores asociados

Actividade	Indicador	Valor 2026
3.3.1. Evolución de cloud privada	▪ Obter os custes de infraestrutura de todas as contornas de cloud privado	SI
3.3.2. Melloras na dispoñibilidade de servizos de infraestrutura en contornas de cloud pública	▪ Finalizar a implantación de copias de seguridade na nube pública e deixar de facer copias de seguridade de nivel 3 a cintas físicas	90%
	▪ Migración de contornas de xestión á nube pública co fin de mellorar a dispoñibilidade ante problemas nos CPD locais	SI

Actividade	Indicador	Valor 2026
3.3.3. Implantar un modelo de gobernanza cloud soportado por unha Oficina cloud	▪ Despregamento das contornas de Landing Zone en alomenos dous CSP de cloud pública	SI
	▪ Realización de seminarios relacionados con cloud privada e cloud pública	2
3.3.4. Soporte para a implantación de proxectos de intelixencia artificial en entornos de cloud pública	▪ Número de proxectos e pilotos que utilicen servizos de Intelixencia Artificial en contornas de cloud pública	8
	▪ Publicar recomendacións de uso GPU para proxectos de intelixencia artificial	SI

3.4 Medidas de soporte e evolución de Redes Corporativas

As infraestruturas de telecomunicacións son imprescindibles para o funcionamento dos sistemas de administración electrónica e os servizos públicos dixitais, polo que é fundamental facer un mantemento preventivo e correctivo que permita garantir a calidade e dispoñibilidade dos servizos que prove a Xunta de Galicia, así como reforzar as súas capacidades para adaptalas ás necesidades dos servizos públicos prestados.

No ano 2026 continuaranse realizando a**s tarefas de administración, xestión técnica, control, operación e mantemento da infraestrutura da Rede Corporativa de voz e datos** da Xunta de Galicia, contemplando os seguintes aspectos:

- → **Xestión proactiva da rede** para detectar e corrixir, cando sexa posible, calquera deficiencia na mesma antes de que sexa percibida polos usuarios.
- → **Xestión reactiva da rede** para tramitar e subsanar o antes posible calquera incidencia notificada polos usuarios.
- → **Vixilancia e control** do funcionamento e rendemento da rede.

Ao longo lo ano 2026 continuarase coa **renovación de infraestrutura de rede** obsoleta dos CPDs, que permitirá ampliar as capacidades actuais dos CPDs e executarase o contrato para a renovación e ampliación da infraestrutura de transporte óptico DWDM entre CPDs da Xunta de Galicia.

No ano 2026 licitarase o **novo contrato de rede corporativa de datos, telefonía fixa e telefonía móbil** e licitarase un novo acordo marco para o subministro de cableado.

No ano 2026 tamén se traballará na **consolidación e fomento do uso da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia (RESGAL)** entre os colectivos que participan na atención de emerxencias, facilitando e simplificando a coordinación entre todos eles.

Obxectivos

- → Mellorar os servizos de comunicacións da Rede Corporativa.
- → Manter e dar soporte dos servizos e equipamento de telecomunicacións.
- → Mellorar o cableado e o equipamento de comunicacións dos centros conectados á Rede Corporativa.

Actividades

Actividade:	**3.4.1. Mellorar os servizos de comunicacións da Rede Corporativa**
Descrición:	**Mellorar os servizos de rede ofrecidos aos usuarios.**
Actividades 2026:	→ Finalizarase a execución do contrato para a renovación de infraestrutura de rede obsoleta do CPDI. → Executarase a renovación e ampliación da infraestrutura de transporte óptico DWDM entre CPDs da Xunta de Galicia. → Continuarase mellorando as conexións principais e de respaldo dos edificios conectados á Rede Corporativa da Xunta de Galicia. → Licitarase o novo contrato de rede corporativa de datos, telefonía fixa e telefonía móbil..

Actividade:	**3.4.1. Mellorar os servizos de comunicacións da Rede Corporativa**
Área responsable:	***Área de Infraestruturas e Seguridade***

Actividade:	**3.4.2. Manter e dar soporte dos servizos e equipamento de telecomunicacións**
Descrición:	Manter e dar soporte dos servizos e equipamento de telecomunicacións.
Actividades 2026:	→ Continuarase coa prestación do servizo de administración da rede corporativa, soporte aos usuarios e supervisión dos niveis de servizo. → Continuarase coa prestación do servizo de soporte e mantemento do equipamento de telecomunicacións, integrado no contrato do servizo de rede corporativa. → Continuarase coa prestación do servizo de revisión de proxectos de infraestrutura común de telecomunicacións (ICT) en edificios de titularidade das Administracións públicas de Galicia que se constrúan ou que sexan obxecto dunha reforma. → Continuarase coa consolidación e fomento do uso da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia (RESGAL) entre os colectivos que participan na atención de emerxencias, facilitando e simplificando a coordinación entre todos eles.
Área responsable:	***Área de Infraestruturas e Seguridade***

Actividade:	**3.4.3. Mellorar o cableado e o equipamento de comunicacións dos centros conectados á Rede Corporativa**
Descrición:	Reforzar as redes de área local dos centros conectados á rede corporativa, mellorando o cableado, renovando conmutadores e ampliando a cobertura Wifi dos centros.
Actividades 2026:	→ Continuarase coa execución de contratos derivados dos acordos marco para o subministro sucesivo de cableados estruturados, electrónica de comunicacións e wifi para a rede corporativa da Xunta de Galicia.
Área responsable:	***Área de Infraestruturas e Seguridade***

Indicadores asociados

Actividade	Indicador	Valor 2026
3.4.1. Servizos de comunicacións da Rede Corporativa	▪ Velocidade media de conexión de baixada dos centros conectados á RCXG	960 Mbps
	▪ Licitado o novo contrato de Rede Corporativa	SI
	▪ Número de centros da Rede Corporativa que contan con unha velocidade de subida igual ou superior a 100Mbps	2.800
3.4.3. Mellorar o cableado e o equipamento de comunicacións dos centros conectados á Rede Corporativa	▪ 25ª Contrato derivado de cableado para centros conectados á RCXG executado	90%
	▪ Formalizado o novo acordo marco de equipamento wifi	SI
	▪ Licitado o novo acordo marco de cableado	SI

3.5 Plan Director de Ciberseguridade

No ano 2023 presentouse a "**Estratexia Galega de Ciberseguridade 2030**" e no 2024 elaborouse o **Plan Director de Seguridade** para o ámbito Amtega para o período 2024-27. Ao longo de 2026 continuarase coa execución das liñas estratéxicas establecidas nestes dous instrumentos. As actividades a realizar estarán tamén aliñadas co contrato de xestión da Amtega para o período 2022-2025 e co Plan de continuidade de servizos de infraestrutura da administración dixital 2024-2027.

No ano 2026, no ámbito da Seguridade da Información realizaranse **tarefas de xestión e supervisión da seguridade corporativa dos sistemas de información e redes de comunicacións** da Xunta de Galicia, incluíndo actividades de prevención, detección, resposta e recuperación ante un incidente de seguridade. Tamén se continuará coa prestación de servizos no ámbito da Administración Local.

Levaranse a cabo tamén as accións necesarias para asegurar o cumprimento normativo (protección de datos persoais, Esquema Nacional de Seguridade, ISO 27000) e a promoción e xestión de actividades de concienciación e formación.

Traballarase na mellora da ciberseguridade na sociedade galega en xeral (cidadanía, empresas, etc.), en particular mediante a dinamización do **Nodo Galego de Ciberseguridade CIBER.gal**.

Continuarase coa construción do CECIGA - Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia co obxectivo de poñer en marcha o centro no primeiro trimestre do 2027.

Ao longo deste ano rematarase a execución do **proxecto RETECH de ciberseguridade**, poñendo en marcha os laboratorios e centros demostradores de ciberseguridade e consolidando a formación tanto aos profesionais das empresas, como ao alumnado de formación profesional

Todas as accións que se realizarán en 2026 estarán aliñadas coa Estratexia Galega de Ciberseguridade 2030 e co Plan Director de Ciberseguridade da Amtega asociado a dita estratexia. As actividades tamén estarán aliñadas co contrato de xestión da Amtega para o período 2022-2026 e co Plan de continuidade de servizos de infraestrutura da administración dixital 2024-2027.

Entre outras, no ano 2026 executaranse as iniciativas que se desenvolven nos apartados que seguen a continuación.

Obxectivos

- → Impulsar o cumprimento normativo en materia de seguridade da información e manter actualizadas as políticas, normas e procedementos neste ámbito.
- → Implantar e xestionar plataformas para a xestión da ciberseguridade dos sistemas de información.
- → Dar soporte ao servizo de xestión da seguridade da información, auditoría e vixilancia da ciberseguridade dos sistemas de información.
- → Promocionar a ciberseguridade en todos os ámbitos da actividade económica e social de Galicia.
- → Formar e concienciar en materia de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais.

Actividades

Actividade:	**3.5.1. Impulsar o cumprimento normativo en materia de seguridade da información e manter actualizadas as políticas, normas e procedementos neste ámbito**
Descrición:	En canto a **cumprimento normativo**, continuarase traballando nos principais ámbitos de actuación relacionados coa seguinte normativa: ▪ Normativa de protección de datos persoais (Regulamento europeo e normativa española) ▪ Esquema Nacional de Seguridade 2022 e as súas instrucións de desenvolvemento ▪ Directiva NIS2 e normativa de desenvolvemento ▪ Infraestruturas críticas: LPIC e RPIC ▪ Serie de normas ISO 27000
Actividades 2026:	→ **Normativa transversal**: elaboración da proposta de novo Decreto de boas prácticas de uso dos sistemas de información da Xunta de Galicia e presentación á Subcomisión de Seguridade. → **Protección de datos persoais** - Regulamento europeo de protección de datos persoais e LOPDGDD: ▪ Centro de Ciberseguridade: equipo de protección de datos persoais: • Continuarase coa atención de consultas en materia de protección de datos persoais, formuladas tanto por parte da Amtega coma polo resto da Xunta de Galicia. • Xestionaranse os posibles requirimentos de información realizados pola AEPD e polas Forzas e Corpos de Seguridade. • Continuarase coa divulgación de coñecemento e concienciación relativo a esta materia. • Xestionaranse os incidentes que xurdan relacionados con violacións da seguridade dos datos persoais. • Continuarase coa atención de reclamacións, exercicios de dereitos, realización de procedementos, etc. • Colaborarase no proceso de revisión da adecuación da Amtega ao RXPD. • Colaborarase cos equipos de traballo de proxectos coa intención de garantir a normativa relacionada coa protección de datos. En particular, tamén en aqueles proxectos que incorporan Intelixencia Artificial así como coas persoas encargadas de velar pola aplicación da normativa vixente nesta materia. ▪ **Servizo de apoio e evolución do rol de Delegado** de Protección de Datos nas consellerías e na Amtega: • O rol de DPD da Amtega continuará exercendo de coordinador da actividade dos DPD da Xunta de Galicia. • Brindarase apoio para retomar as reunións de coordinación dos DPD da Xunta de Galicia e para dinamizar as diferentes liñas de traballo asociadas. • Continuarase a proporcionar apoio e colaboración en materia de protección de datos persoais, nas tarefas desenvolvidas polos DPD da Xunta de Galicia. • Continuarase coa elaboración dos boletíns de información especializados en materia de protección de datos orientados ás persoas que teñen o rol de DPD.

Actividade:	**3.5.1. Impulsar o cumprimento normativo en materia de seguridade da información e manter actualizadas as políticas, normas e procedementos neste ámbito**

- **Mellora da adecuación ao regulamento** de protección de datos e LOPDGDD
  - Finalización de adecuacións RXPD pendentes de 2025: consolidación de Tomas de Datos, realización de EIPDs, publicación de RATs e revisión de clausulados, nas Consellerías de Cultura Lingua e Xuventude, de Política Social e Igualdade e de Medio ambiente e Cambio Climático.
  - Inicio da revisión da adecuación RXPD: revisión de Tomas de Datos, realización de EIPDs, publicación de RATs e revisión de clausulados en varias Consellerías.
  - identificación de aplicacións asociadas ás actividades de tratamento, revisión e ratificación de valoracións dos servizos ENS e consolidación da CMDB.
  - Preparación e asistencia nas Auditorías de Certificación ENS / ISO 27001-2 para os servizos que o demanden, elaboración de documentación, análise e resolución de consultas expostas ao Servizo de Adecuación RXPD-ENS, preparación e impartición de formacións xeral e específica RXPD aos organismos, planificación e coordinación das actividades para realizar.
- **Elaboración e evolución de normativa** no ámbito da protección de datos persoais.

→ **Esquema Nacional de Seguridade:**

- Colaboración cos responsables de proxectos na valoración de novas aplicacións e tamén actualización das valoracións de servizos xa existentes.
- Evolución do Plan de auditorías internas para 2026 e execución das auditorías internas correspondentes.
- Dinamización das liñas de traballo relacionadas coa implantación dun segundo factor de autenticación acorde co sinalado no novo ENS.
- Mellora nas políticas de cifrado en diferentes ámbitos (Proxy Web e Balanceadores).
- Seguirase a traballar na definición do plan de recuperación ante desastres e na xestión de crises.
- Elaboración e evolución da normativa asociada ao cumprimento do ENS.
- Durante o ano 2026 traballarase na renovación das certificacións xa existentes (15) e certificaranse 8 novos sistemas.

→ **ISO 27000**: Continuarase traballando na aliñación coas normas da serie ISO 27000:2022, en particular no ámbito do FOGGA.

→ **Infraestruturas críticas**: Durante o 2026 traballarase na revisión dos documentos requiridos pola normativa.

→ Revisión de calquera outra normativa internacional, europea ou nacional que poida ser de aplicación.

Área responsable:	*Área de Infraestruturas e Seguridade*

Actividade:	**3.5.2. Implantar e xestionar plataformas para a xestión da ciberseguridade dos sistemas de información**
Descrición:	Continuación das tarefas de administración, soporte e evolución dos sistemas de xestión de información e eventos de seguridade e implantación de novas plataformas.
Actividades 2026:	→ **Ciclo de vida de desenvolvemento software:** ▪ Participación activa de Seguridade no ciclo de vida dos proxectos de desenvolvemento e adquisición de software, para asegurar o cumprimento da normativa e o cumprimento dos principios de seguridade dende o deseño e por defecto, apoiando aos equipos de desenvolvemento neste ámbito. ▪ Apoiarase esta actividade coa realización de auditorías de intrusión que complementen as anteriores probas. ▪ Continuarase a traballar na concreción das medidas necesarias a implementar nas aplicacións para un mellor cumprimento do ENS. ▪ Durante o 2026 avaliaranse tecnoloxías para realización de probas de seguridade sobre as aplicacións. → **Servidores e servizos ofrecidos por Sistemas:** ▪ Colaboración con Sistemas para a mellora da seguridade nos servidores, tanto no bastionado como no control da navegación cara a Internet desde o CPD. ▪ Securización de Office 365 e Copilot. ▪ Seguridade dos servizos de correo electrónico, DNS e Directorio Activo. → **Contornas de nube privada e nube pública:** ▪ Seguridade das contornas de nube privada (IaaS): Continuarase a traballar na protección dos servizos a través do cortalumes de aplicacións, así como no escaneo e detección de vulnerabilidades e mellora do procedemento de auditorías técnicas de seguridade neste ámbito. ▪ Seguridade das contornas de nube pública: colaboración coa Oficina Cloud nas labores de consultaría, deseño e implementación das medidas de seguridade para estas contornas, auditorías específicas de seguridade. → **Redes, equipos e servizos ofrecidos polo Departamento de Telecomunicacións:** ▪ Segmentación das redes de comunicacións. ▪ Xestión do proxecto de capas de rede. ▪ Securización de elementos de rede. ▪ Revisión das L2L. ▪ Restrición de acceso a Internet de servidores ▪ Colaborarase na integración das redes de facenda na RCXG. → **Posto cliente:** ▪ Securización do posto cliente aumentando ó número de equipos protexidos con antivirus, EDR e microCLAUDIA. ▪ Control do uso de dispositivos USB. ▪ Utilización da ferramenta CLARA do CCN. → **Seguridade en teléfonos móbiles:** Colaboración no proxecto de implantación da solución de seguridade para teléfonos móbiles intelixentes. → **Seguridade física:**

Actividade:	3.5.2. Implantar e xestionar plataformas para a xestión da ciberseguridade dos sistemas de información

- Revisión das medidas de seguridade física e propostas de mellora nese ámbito.
- Xestión do servizo de seguridade física do CPDi.

→ **Protección de persoas usuarias singulares**: posta en marcha dos procedementos específicos para a xestión de ameazas contra este colectivo de usuarios, definidos conxuntamente co grupo de soporte correspondente.
→ Administración, soporte e evolución do sistema de xestión de información e **eventos de seguridade SIEM**. Formalización do contrato para a substitución da plataforma actual por unha nova.
→ Administración, soporte e evolución de sistemas e **plataformas corporativas de seguridade** (IPS, cortalumes, antispam, AntiDDOS, WAF, análise dinámico de malware, cifrado, EDR, antivirus, etc.).
→ Colaboración co Departamento de Sistemas na **renovación da plataforma de correo electrónico** e na definición de medidas de seguridade na plataforma antispam.
→ Monitorización e xestión das alertas reportadas pola ferramenta de **protección fronte a ransomware** asociada ás cabinas de almacenamento
→ Colaboración co Departamento de Sistemas na ampliación de **casos de uso** da solución para a xestión de contrasinais e mellora na monitorización.
→ Administración, soporte e evolución das **ferramentas do CCN** xa implantadas (SAT-INET, REYES, LUCÍA, CLARA, microCLAUDIA, ELSA).
→ Aumento das capacidades e evolución da explotación da **plataforma de control** e auditoría de acceso a sistemas de ficheiros.
→ Colaboración co Departamento de Telecomunicacións na xestión da **ciberseguridade dos cortalumes**, en particular, na definición da segmentación da conectividade entre sedes.
→ Mellora da xestión da **contorna IaaS** do Centro de Ciberseguridade.
→ Administración da **solución MISP** corporativa para dar resposta ás necesidades da integración coa Red Nacional de SOC.
→ **Detección preventiva de ataques mediante** o uso de cebos vulnerables e sen servizo produtivo (honeypots) dentro da infraestrutura da Amtega.
→ Detección e resposta fronte a **ameazas sobre ás identidades**: implantación da solución.

Área responsable:	*Área de Infraestruturas e Seguridade*

Actividade:	3.5.3. Dar soporte ao servizo de xestión da seguridade da información, auditoría e vixilancia da ciberseguridade dos sistemas de información
Descrición:	Xestión e supervisión da seguridade corporativa dos sistemas da información da Xunta de Galicia, incluíndo actividades de prevención, detección e reacción ante incidentes de seguridade.
Actividades 2026:	→ **Monitorización** e **atención de eventos de seguridade** en 24x7 e monitorización por parte da oficina técnica en 8x5, cubrindo o resto de horario mediante SOC externo. → Mellora do **proceso de revisión de alertas e ofensas** desde o SOC.

Actividade:	3.5.3. Dar soporte ao servizo de xestión da seguridade da información, auditoría e vixilancia da ciberseguridade dos sistemas de información
	→ **Actualización tecnolóxica da ferramenta** corporativa encargada da xestión de eventos e xeración de alertas. → **Vixilancia dixital** mediante a detección de fugas de datos, a monitorización automática da reputación de Amtega e a mellora na resposta ante dominios fraudulentos. Automatización da xestión de incidentes de seguridade e mellora dos informes de exposición en Internet. → **Atención e xestión de incidentes**: Mellora e divulgación dos procedementos de crise e optimización da resposta aos requirimentos de información. Incorporación de tecnoloxía para a automatización de operacións habituais e reforzo específico da detección e resposta automática ante ataques de denegación de servizo do actor NoName057. → **Xestión de vulnerabilidades**: Continuidade nas actividades de análise de infraestrutura e aplicacións, incorporando escaneos dinámicos web e melloras na análise de código estático. Optimización do procedemento global mediante unha mellor identificación de activos e superficie de exposición, aumentando o control e a efectividade no reporte e seguimento de resolución cos distintos grupos funcionais da Amtega. → Realización de **auditorías de seguridade** en infraestruturas e aplicacións (incluíndo contornas móbiles) e execución de controis de bastionado mediante a ferramenta CLARA e sobre plataformas corporativas. Execución dun novo exercicio de Red Team con deseño e seguimento dun plan de mellora continua baseado nos resultados obtidos. → **Xestión de certificados dixitais**: Asesoramento e supervisión da seguridade na plataforma de certificación interna e xestión de solicitudes a Camerfirma. Durante o 2026, o foco centrarase na adaptación á nova normativa de validez de certificados TLS, a avaliación de ferramentas para a xestión do seu ciclo de vida e a transición a certificados tipo hardware para a sinatura de código. → **Colaboración con outros departamentos** no contexto do Plan de Recuperación Fronte a Desastres.
Área responsable:	***Área de Infraestruturas e Seguridade***

Actividade:	3.5.4. Promocionar a ciberseguridade en todos os ámbitos da actividade económica e social de Galicia
Descrición:	Impulso das actividades asociadas ao nodo galego de ciberseguridade e á evolución do centro de Ciberseguridade de Galicia.
Actividades 2026:	→ **Estratexia Galega de Ciberseguridade**: ▪ Execución das liñas estratéxicas establecidas na Estratexia Galega de Ciberseguridade 2030 e no Plan Director de Seguridade para o ámbito da Amtega 2024-2027. → **Impulso da actividade do nodo galego de ciberseguridade CIBER.gal** coa execución dos seguintes obxectivos: ▪ Organización do VI Encontro Galego de Ciberseguridade CIBER.gal. ▪ Realización de actividades adicionais ao programa principal do Encontro CIBER.gal, como concursos de ciberseguridade no ámbito educativo, talleres prácticos, demostracións de solucións de ciberseguridade e

Actividade:	3.5.4. Promocionar a ciberseguridade en todos os ámbitos da actividade económica e social de Galicia

outras actividades de capacitación e sensibilización da sociedade galega en materia de ciberseguridade.
- Organización dunha xornada específica sobre ciberseguridade dirixida ao tecido empresarial galego, que se celebrará na provincia de Ourense.
- Dinamización do espazo web do Nodo CIBER.gal no portal ciberseguridadegalicia.gal a través de noticias e información de actualidade sobre as actividades realizadas no marco do Nodo CIBER.gal e as súas entidades adheridas.
- Desenvolvemento de actividades de capacitación e sensibilización en ciberseguridade no marco dos grupos de traballo do Nodo CIBER.gal.
- Monitorización e difusión de oportunidades estratéxicas e de financiamento a través de programas e iniciativas autonómicas, nacionais e europeas no ámbito da ciberseguridade.
- Renovación do convenio coa CSAG para dar continuidade á creación de contido audiovisual de sensibilización en ciberseguridade a través de programas e redes sociais da CSAG.
- Continuación da promoción e formalización de novas adhesións ao Nodo CIBER.gal por parte de entidades públicas e privadas.
- Colaboración na publicación do II Informe sobre a ciberseguridade nas empresas de Galicia a través da 2ª edición da enquisa sobre ciberseguridade en empresas realizada polo IGE en colaboración co Nodo CIBER.gal e OSIMGA.
- Participación en eventos de referencia en ciberseguridade en Galicia e no ámbito nacional.
- Colaboración con organizacións nacionais e internacionais para participar en iniciativas de referencia en ciberseguridade como a Fundación Goodjob ou a Global Cyber Alliance.
- Realización dunha asemblea anual do Nodo CIBER.gal para presentar a actividade realizada durante 2026 aos fundadores e ás entidades adheridas.

→ **Proxecto RETECH:**

- Rede de laboratorios e centros demostradores:
  - Posta en marcha dos catro laboratorios creados ao amparo do convenio con centros tecnolóxicos para posta en marcha dunha rede de laboratorios de ciberseguridade.
  - Dotación da infraestrutura, posta en marcha e prestación de servizos dos laboratorios que integran o laboratorio transversal de ciberseguridade da Amtega.
- Continuidade das actividades formativas a docentes, e cursos de especialización creados ao amparo do Convenio coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para potenciar a formación regulada en ciberseguridade.
- Continuidade dos cursos de ciberseguridade lanzados ao amparo do Convenio coa Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para potenciar a formación en ciberseguridade dos profesionais e lanzamento de novos cursos financiados con fondos RETECH.
- Continuidade na execución de campañas de concienciación en medios de comunicación.
- Continuidade da oficina de apoio á xestión e coordinación dos proxectos RETECH.

Actividade:	3.5.4. Promocionar a ciberseguridade en todos os ámbitos da actividade económica e social de Galicia

- Formalización e lanzamento dunha plataforma de nova xeración para a xestión de eventos e información de seguridade e automatización.
- Xustificación dos fondos MRR que apoian o desenvolvemento do proxecto RETECH e facilitación da documentación precisa para as auditorías requiridas.

→ **Centro de Excelencia en Ciberseguridade** de Galicia:

- Supervisión da construción do edificio.
- Adquisición e instalación do equipamento TIC necesario para a posta en marcha do edificio.
- Promover a contratación dos servizos básicos que necesitará o edificio para funcionar (subministros, seguridade, limpeza, etc.).
- Continuarase traballando na definición de funcións e estrutura organizativa de cara a posta en marcha do centro, identificando os recursos persoais e económicos necesarios para elo.

→ **Prestación de servizos á administración local, cidadanía e empresas:**

- Coordinación da implantación de todos os servizos de ciberseguridade incluídos nos diferentes lotes e xestión destes fronte ás deputacións provinciais e entidades locais galegas, mantendo reunións periódicas específicas con todas as deputacións e cos concellos de máis de 20.000 habitantes.
- Soporte ao cumprimento do ENS.
- Promoción e apoio na implantación así como soporte no uso das ferramentas do CCN (INES, LUCIA, microCLAUDIA, Trillion, ...).
- Monitorización continua da superficie de exposición: mediante a supervisión automatizada dos activos de Internet de cada entidade, a xestión continua de vulnerabilidades e dos test de penetración persistente de servizos web.
- Desenvolvemento de ciberexercicios.
- Actividades de concienciación e formación en ciberseguridade nos seguintes ámbitos:
  - Charlas de concienciación á cidadanía a través das aulas CeMIT.
  - Obradoiros sobre a pegada dixital e boas prácticas na configuración (seguridade e privacidade) dos perfís nas redes sociais para alumnado do ámbito de Educación.
  - Obradoiros sobre educación dixital en ciberseguridade e privacidade para familias, no ámbito educativo a través das ANPAS.
  - Charlas formativas de ciberseguridade para os usuarios das entidades locais.
  - Charlas formativas de ciberseguridade e cumprimento normativo para PEMES.
- Cuarta edición do evento para fomentar o talento feminino na ciberseguridade.
- Elaboración de píldoras, infografías e vídeo-píldoras nos ámbitos de protección de datos, seguridade da información e ciberseguridade orientadas á administración local, ás empresas ou á cidadanía en xeral, e difundidas a través do portal ciberseguridadegalicia.gal e das redes sociais.

Actividade:	3.5.4. Promocionar a ciberseguridade en todos os ámbitos da actividade económica e social de Galicia

- Continuar coa operación, administración e evolución do sistema de xestión de eventos e información de seguridade (SIEM) dedicado ás deputacións, entidades locais e outros organismos públicos galegos.
- Servizo de atención de alertas e apoio especializado na resposta a incidentes de seguridade 24x7.
- Servizo de vixilancia dixital.
- Dinamización e mellora do portal web ciberseguridadegalicia.gal
- Revisións técnicas de ciberseguridade no ámbito da administración local.

→ **Mellora da ciberseguridade no ámbito de Xustiza:**

- Impulso das melloras na cooperación e coordinación coa Área de Administración Dixital e grupos dependentes.
- Execución de novas iniciativas de formación e sensibilización para o persoal do ámbito da Administración de Xustiza en Galicia.
- Apoio á Área de Administración Dixital na constitución dun Comité de Seguridade en Xustiza.
- Apoio na evolución do Cadro de Mando de Seguridade de Amtega con indicadores diferenciais acoutados ó ámbito de Xustiza.
- Impulso e supervisión da implantación no total de postos cliente e servidores de Xustiza das solucións de antimalware corporativas: EDR, microCLAUDIA e antivirus. Fortalecer as políticas de seguridade que se aplican nestas plataformas.
- Aumento das capacidades e evolución da explotación da plataforma para o control e auditoría dos repositorios de información corporativos e do Directorio Activo.
- Apoio para mellorar a integración e o intercambio de información de CSIRT.gal na Rede Nacional de SOC.
- Continuar coa inclusión de melloras nos labores de monitorización realizados na solución SIEM corporativa no ámbito de Xustiza, así como a inclusión de novas fontes.
- Realización de auditorías técnicas que permitan identificar puntos de mellora das aplicacións do ámbito de Xustiza e protección da infraestrutura de servidores neste ámbito.
- Valoración da implantación de novas solucións do CCN.
- Continuar coa participación activa no Subcomité de Seguridade no marco do CTEAJE co fin de aliñar as iniciativas previstas a nivel autonómico e estatal, e implementar as medidas oportunas que permitan dar cumprimento aos distintos niveis normativos en materia de seguridade.
- Impulsar melloras para a adecuación e certificación ENS, en particular:
  - Revisión e novas categorizacións de servizos do ámbito de Xustiza.
  - Implementar mecanismos de autenticación reforzada nas aplicacións utilizadas en Xustiza.
  - Renovar a certificación en ENS en categoría alta do sistema que soporta o servizo Sala de Sinaturas Xustiza.
  - Acadar a certificación en ENS en categoría alta do sistema que soporta o servizo Sede Xudicial Electrónica.

→ **Mellora da ciberseguridade no ámbito de Facenda:**

Actividade:	3.5.4. Promocionar a ciberseguridade en todos os ámbitos da actividade económica e social de Galicia

- Melloras na cooperación e coordinación coa Área de Transformación Dixital da Facenda Autonómica e grupos dependentes participando nos comités de coordinación e nas diferentes reunións específicas de seguimento.
- Apoiar a Área de Transformación Dixital da Facenda Autonómica na integración dentro dos grupos e procesos de seguridade da Xunta de Galicia.
- Valoración da incorporación de novos indicadores no cadro de mando de seguridade do ámbito de Facenda, xeración periódica e análise e seguimento dos indicadores.
- Traballar na implantación e evolución de políticas en postos cliente e servidores de Facenda das solucións de antimalware corporativas: EDR, microCLAUDIA e antivirus.
- Incluír melloras nos labores de monitorización realizados na solución SIEM corporativa no ámbito de Facenda, coa creación de regras para a xeración de ofensas orientadas á plataforma tecnolóxica de Facenda.
- Mellorar a seguridade na configuración base dos postos de traballo e servidores da plataforma tecnolóxica do ámbito de Facenda segundo as guías/recomendacións aplicadas no ámbito Xunta.
- Traballar na protección de aplicacións específicas do ámbito de Facenda facendo a publicación a través do cortalumes de aplicacións web.
- Realización de auditorías técnicas que permitan identificar puntos de mellora das aplicacións do ámbito de Facenda e protección da infraestrutura de servidores neste ámbito.

→ **CSIRT.gal en redes nacionais e internacionais de CSIRTs**: colaboración e asociación con TF-CSIRT.

Área responsable:	*Área de Infraestruturas e Seguridade*

Actividade:	3.5.5. Formar e concienciar en materia de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais
Descrición:	Promoción de actividades de concienciación e formación en materia de seguridade de sistemas de información.
Actividades 2026:	→ **Campañas de concienciación** por correo electrónico e na intranet da Xunta de Galicia, coa elaboración de píldoras, tanto no ámbito da ciberseguridade como no de protección de datos. → **Dinamización da sección da Intranet** dedicada á divulgación, concretamente nos temas relacionados coa seguridade da información. → Execución dunha **campaña en medios de comunicación de concienciación** sobre ciberseguridade para a cidadanía. → **Colaboración coa EGAP** na preparación e execución dos cursos de seguridade da información, de introdución á protección de datos persoais, de aspectos avanzados e implantación no RXPD na Xunta de Galicia, e de Esquema Nacional de Seguridade para responsables de información e de servizos, e coordinadores de seguridade da información.

Actividade:	**3.5.5. Formar e concienciar en materia de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais**

- → **Curso superior EGAP**: Implantación da ciberseguridade no ámbito da administración pública galega (no contexto do nodo CIBER.gal)
- → **Curso superior EGAP en protección de datos persoais** (no contexto do nodo CIBER.gal)
- → Formación en materia de protección de datos persoais, ciberseguridade e seguridade da información para persoal docente: **colaboración co CAFI.**
- → **Formación** en protección de datos persoais, especialmente **para os Delegados de Protección de Datos.**
- → Realización de **actividades formativas variadas** durante o ano para o persoal que traballa no ámbito da seguridade, para asegurar a súa capacitación coa formación continua.
- → **Charlas de concienciación** baixo o título "Fundamentos de ciberseguridade" dirixido ao persoal empregado público das consellerías.
- → Formación en protección de datos persoais no contexto do proxecto de mellora da adecuación ao **RXPD.**
- → Realización de **seminarios e webinars** para a difusión, ao resto de grupos de Amtega, dos servizos prestados pola Subárea de Seguridade, así como das políticas de seguridade Amtega.

Área responsable:	*Área de Infraestruturas e Seguridade*

Indicadores asociados

Actividade	Indicador	Valor 2026
3.5.1. Impulsar o cumprimento normativo en materia de seguridade da información e manter actualizadas as políticas, normas e procedementos neste ámbito	▪ Número de políticas, normas e procedementos actualizados ou creados neste ano	**8**
	▪ Realización en 2026 de auditorías de certificación de conformidade co Esquema Nacional de Seguridade	**1**
3.5.2. Implantar e xestionar plataformas para a xestión da ciberseguridade dos sistemas de información	▪ Licitación da nova plataforma SIEM	**Licitado**
	▪ Indicadores adicionais no cadro de mando de ciberseguridade	**3 indicadores adicionais**
3.5.3. Dar soporte ao servizo de xestión da seguridade da información, auditoría e vixilancia da ciberseguridade dos sistemas de información	▪ Número de auditorías de seguridade realizadas	**800**

Actividade	Indicador	Valor 2026
3.5.4. Promocionar a ciberseguridade en todos os ámbitos da actividade económica e social de Galicia	▪ Número de actividades realizadas no marco do Nodo CIBER.gal	40
	▪ Proxecto RETECH Ciberseguridade: memoria e informe de gastos	Memoria e informe de gastos 2026 entregado
	▪ Proxecto RETECH Ciberseguridade: laboratorio transversal CECIGA	Implantado
	▪ Convenios de colaboración para a execución de actuacións no proxecto RETECH ciberseguridade	Finalizada a execución dos proxectos asociados
3.5.5. Formar e concienciar en materia de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais	▪ Número de actividades de formación/concienciación realizadas	250
	▪ Campañas publicitarias en medios de comunicación	Executada unha campaña en medios

Obxectivo estratéxico 4: Fomentar a adquisición de competencias dixitais

OBXECTIVO 4. FORMENTAR A ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS DIXITAIS

4.1 Plan de Impulso á Educación Dixital

O obxectivo principal deste programa consiste no **impulso dunha educación innovadora e personalizada**, integrando as tecnoloxías dixitais á práctica educativa como elemento esencial deste proceso. O programa de impulso á educación dixital, segue as liñas de acción da Estratexia Galega de Educación Dixital 2030, potenciando o desenvolvemento dun sistema educativo dixital de calidade, con fácil accesibilidade e dotando dun conxunto de ferramentas dixitais para así, facilitar o ensino das mesmas, o cal redundará na redución do fracaso escolar, dotando ao alumnado das competencias dixitais necesarias para poñelas en práctica no seu día a día e así, prosperar nun mundo cada vez máis dixital.

Obxectivos

- → Consolidación e mellora do proxecto E-Dixgal.
- → Colaboración no proxecto CREAGal.
- → Mellorar as infraestruturas dixitais educativas a través da extensión dos medios que facilitan o acceso e utilización de ferramentas tecnolóxicas na aula.
- → Consolidación e mellora das canles de atención e soporte técnico aos usuarios da educación dixital.

Actividades

Actividade:	**4.1.1. Impulsar a evolución das infraestruturas tecnolóxicas nos centros educativos**
Descrición:	Os proxectos dixitais en centros educativos requiren que as infraestruturas e a dotación TIC estean dimensionadas adecuadamente, ben escaladas e axustadas ás necesidades permitindo a posta en práctica dunha educación dixital de calidade.
Actividades 2026:	→ Mantemento tecnolóxico das aulas do ensino público: 16.000 aulas dixitalizadas dotadas dun panel dixital interactivo de 75 polgadas con OPS e 86 polgadas con portátil, e acceso a Internet. → No caso de contar con capacidade orzamentaria: ▪ Dotar aos centros participantes no **proxecto Abalar–Educación Dixital** de dispositivos para o alumnado de centros sostidos con fondos públicos e profesorado de centros públicos participante no proxecto. Tamén dotar dun portátil de uso individual ao 100% dos docentes participantes no proxecto E-Dixgal. ▪ Dotar de equipos de altas prestacións, postos de sobremesa e portátiles para as aulas específicas de formación profesional. → **Maqueta Abalar** ▪ Desenvolvemento e mantemento da maqueta Abalar Libre (ABALINUX). ▪ Con esta distribución preténdese dar continuidade á maqueta inicialmente destinada aos equipos informáticos das aulas do proxecto Abalar e, actualmente, tamén aos equipos do proxecto E-Dixgal. O obxectivo é ofrecer un sistema operativo común e as mesmas

Actividade:	4.1.1. Impulsar a evolución das infraestruturas tecnolóxicas nos centros educativos
	aplicacións en calquera equipo dos centros educativos de Galicia ou mesmo en ordenadores persoais.
Área responsable:	*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

Actividade:	4.1.2. Incrementar a oferta de calidade de contidos dixitais no ámbito educativo – EDIXGAL
Descrición:	A transformación educativa que se está a producir nos sistemas educativos estatais e europeos, e polo tanto no galego, tanto desde unha perspectiva curricular como metodolóxica leva implícito facilitar contornas virtuais de aprendizaxe e contidos dixitais adecuados. As medidas técnicas orientadas a reforzar a funcionalidade e capacidade dos sistemas vencellados ao **proxecto E-Dixgal** teñen coma obxectivo prioritario garantir unha contorna de aprendizaxe fiable e adaptada ás necesidades da comunidade educativa. Outro aspecto crítico do proxecto E-Dixgal é a calidade dos contidos dixitais accesibles dende a plataforma. Neste apartado recóllense as principais medidas previstas na ampliación da oferta de contidos e na mellora da facilidade de uso dos actuais, ademais da estratexia de apoio e fomento da participación do profesorado na elaboración de contidos de calidade.
Actividades 2026:	→ **EDIXGAL:** ▪ Mantemento da **dotación tecnolóxica completa**: servidor de centro, paneis dixitais, portátiles para o alumnado e profesorado, carros de carga, conectividade Wi-Fi e software libre. Ademais, ofrece acceso a un **Entorno Virtual de Aprendizaxe** (EVA) que permite traballar tanto en liña como sen conexión (offline). ▪ Melloras do **Proxecto E-Dixgal**: • Introdúcese a nova **Maqueta Abalar 12**, desenvolvida polos asesores Abalar, baseada en Debian GNU/Linux. Inclúe melloras na Navegación Segura, con filtrado de contidos e protección contra accesos non autorizados, tanto nos centros coma nos fogares. Engádense novas aplicacións educativas como m3dviewer, Tracker, Thonny, LaTeX en Xournal++, e actualizacións de Epoptes e Samba, que melloran o rendemento, a monitorización e a colaboración. • **Entorno Virtual de Aprendizaxe** (EVA): incorpora novas funcionalidades detectadas polos asesores Abalar como matrícula masiva, unificación de cursos e materias, ferramentas de gamificación como LevelUp, e utilidades colaborativas como Board e MindMap, que promoven metodoloxías activas e o traballo cooperativo. • **Comunicación e apoio técnico**: ademais das vías habituais (teléfono, correo, Telegram, WhatsApp do servizo Premium), habilítase unha nova plataforma en liña específica para a xestión de incidencias destinada aos coordinadores e equipos directivos dos centros, co obxectivo de mellorar a trazabilidade e eficiencia

Actividade:	4.1.2. Incrementar a oferta de calidade de contidos dixitais no ámbito educativo – EDIXGAL

do soporte e sobre todo en constante comunicación cos asesores Abalar.

- **Formación continua**: despregarase un plan formativo integral para a comunidade educativa, centrado no uso pedagóxico do EVA, a xestión dos novos recursos e o desenvolvemento competencial, facilitando a adaptación aos cambios e promovendo a innovación educativa.
- Melloras orientadas a optimizar a **usabilidade e a visualización dos cursos**. A organización dos contidos faise máis clara e flexible, coa posibilidade de crear sub-seccións, o que facilita a navegación tanto para o profesorado como para o alumnado. Ademais, introdúcense melloras xerais nos filtros e simplifícase o acceso ás operacións en bloque, permitindo realizar accións masivas dun xeito máis intuitivo e eficiente.
- No ámbito do **seguimento da aprendizaxe**, avanzouse significativamente nos requisitos de completado. Desde a administración pódense definir requisitos mínimos por defecto, que posteriormente o profesorado poderá adaptar e marcar como obrigatorios se o considera necesario. Estes requisitos amósanse agora de forma progresiva, de maneira que só aparecen cando se cumpre o requisito previo, mellorando así a comprensión do progreso por parte do alumnado.
- O **sistema de informes** tamén se ve reforzado coa incorporación de novos informes personalizados (custom reports), acompañados de filtros máis potentes que permiten unha análise máis precisa da información. Estes avances complétanse coa posibilidade de engadir comentarios nos informes do blog, ampliando as opcións de seguimento e avaliación cualitativa.
- En relación co **libro de notas**, inclúense novos filtros e diversas melloras de usabilidade que facilitan a xestión e revisión das cualificacións. Ademais, desde a administración pódese definir por defecto o tipo de nota e a escala de cualificación nas actividades de tipo tarefa, o que contribúe a unha maior coherencia na avaliación.
- As **actividades de cuestionario** (quiz) reciben numerosas melloras. O profesorado pode agora reabrir intentos que nunca foron enviados, recalificar varias ou todas as preguntas de forma conxunta para múltiples intentos e crear grupos ou agrupamentos de preguntas dentro dun mesmo cuestionario. Tamén se engade a opción de configurar se se garda ou non automaticamente a configuración das preguntas. Pola súa banda, o alumnado pode visualizar a data e hora da última actualización gardada do seu intento, o que mellora a transparencia do proceso.
- O **banco de preguntas** evoluciona cunha mellor usabilidade, novas opcións de organización por categorías e a posibilidade de que o profesorado indique os números de pregunta, facilitando a reutilización e xestión do contido. Ademais, introdúcense melloras específicas en tipos de pregunta como as de ordenación (ordering).
- No que respecta ás **tarefas** (assign), amplíanse as opcións de configuración permitindo que o profesorado indique que os

Actividade:	4.1.2. Incrementar a oferta de calidade de contidos dixitais no ámbito educativo – EDIXGAL

reintentos se concedan de forma automática, gañando flexibilidade na xestión da avaliación continua.

- Outras melloras destacables inclúen avances nos **contidos dos foros**, optimización dos filtros na funcionalidade de emblemas, a incorporación de soporte para dobre autenticación, reforzando a seguridade da plataforma, e a integración inicial de soporte para intelixencia artificial. Así mesmo, o editor TinyMCE incorpora a posibilidade de capturar a pantalla directamente, ampliando as opcións de creación de contidos.

Área responsable:	*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

Actividade:	4.1.3. Mellorar as infraestruturas dixitais educativas a través da extensión dos medios que facilitan o acceso e utilización de ferramentas de ensino virtual
Descrición:	A evolución das TIC permite aproveitar canles innovadoras de comunicación que permiten unha maior axilidade na coordinación e comunicación entre os distintos axentes da comunidade educativa.
Actividades 2026:	→ **Escolas na Nube:** ▪ Mantemento e evolución tecnolóxica de NextCloud. → **Webs Dinámicas** ▪ Actualmente, máis de 1.120 centros educativos galegos e máis de 75.000 usuarios diariamente. ▪ Desde o inicio do curso académico 2025-2026, atópase dispoñible un novo modelo de sitio web baseado na versión Drupal 10, accesible mediante un novo dominio co seguinte formato: https://centros.edu.xunta.gal/nome-do-centro. • Os centros educativos poden solicitar a súa incorporación á nova versión de Drupal a través da persoa asesora Abalar da súa zona ou mediante o envío dun correo electrónico á conta websdinamicas@edu.xunta.gal desde a conta corporativa oficial do centro. • Ao longo de 2026 prevese a incorporación progresiva dun número significativo de centros educativos á nova versión de Drupal 10, motivada polas melloras en deseño, accesibilidade e adaptación a dispositivos móbiles. • Entre o 2 de marzo e o 30 de abril desenvolverase en Platega a primeira edición do curso Xestión e edición de contidos con Drupal 10, o que contribuirá á difusión e consolidación desta nova versión entre os centros educativos. → **Portfolio Agueiro.** ▪ Espazo educativo avanzado que combina funcionalidades de rede social educativa, portafolio dixital e entorno persoal de aprendizaxe colaborativa (PLE). Dirixida ao profesorado, alumnado e equipos dos centros, facilita a creación de comunidades virtuais propias, o intercambio de contidos, a comunicación e a colaboración en grupo,

Actividade:	**4.1.3. Mellorar as infraestruturas dixitais educativas a través da extensión dos medios que facilitan o acceso e utilización de ferramentas de ensino virtual**
	ademais de permitir a publicación de blogs, repositorios de arquivos, fotos, vídeos, etiquetas e marcadores en entornos controlados. ▪ Mantemento e actualizacións da plataforma ao longo de 2026.
Área responsable:	***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

Actividade:	**4.1.4. Evolucionar as canles de atención e soporte técnico aos usuarios da educación dixital**
Descrición:	A atención áxil e fiable das consultas, peticións e incidencias da comunidade educativa garanten a fluidez na execución dos procesos apoiados polos sistemas de información do ámbito educativo, xeran confianza nas persoas usuarias; e permiten o uso autónomo e fiable dos sistemas de información e dos procesos aos que apoian.
Actividades 2026:	→ Melloras nas canles de **atención do servizo de soporte Premium** a usuarios da educación dixital. → Melloras nas canles de atención aos centros educativos a través da **Unidade de Atención a Centros (UAC).**
Área responsable:	***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

Actividade:	**4.1.5. Mellorar as competencias dixitais dos docentes**
Descrición:	Neste ámbito de traballo desenvólvese e actualízase o Marco de Referencia das Competencias Dixitais Docentes. Este servizo está dirixido a mellorar a competencia dixital do profesorado mediante a autoavaliación continua e a participación en experiencias de ensino, aprendizaxe e formación. Ademais, todas as actividades de actualización científica e metodolóxica e, en definitiva, de desenvolvemento profesional supoñen, en distinto grao, o avance ou o fortalecemento desta competencia docente nalgúns dos seus ámbitos.
Actividades 206:	→ Evolución dos **sistemas de información de Educación** para dar apoio ao marco competencial (**Marco de Referencia das Competencias Dixitais Docentes**) incorporando ferramentas de diagnose e xestión das competencias dixitais do profesorado, así como ferramentas de consulta e xestión para os centros educativos.
Área responsable:	***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

Indicadores asociados

Actividade	Indicador	Valor 2026
4.1. Plan de impulso á educación dixital	▪ Aulas dixitalizadas cun panel dixital interactivo e PC (MRR)	16.000
	▪ Equipos de fenda dixital dotados (MRR)	19.000
	▪ Centros coa ferramenta de filtrado de contidos CT Parental implantada	700

4.2 Plan Galego de Competencias Dixitais

O desenvolvemento e consolidación das novas tendencias tecnolóxicas no mercado de traballo actual debe ir acompañada dun proceso de **capacitación dixital en todos os sectores produtivos da economía galega**, incluíndo a Administración. Neste senso, no seo deste programa traballarase no desenvolvemento do **Marco Galego de Competencias Dixitais**, regulado no DECRETO 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais para promover que a cidadanía e o persoal empregado público dispoña das capacidades dixitais necesarias para formar parte do novo contexto dixital, dando lugar a unha mellor calidade de vida, á creación de novas oportunidades de emprego e á redución da brecha de participación existente entre colectivos máis vulnerables.

Neste plan inclúense tanto o desenvolvemento dos instrumentos tecnolóxicos ou organizativos para a execución do marco, como as actividades de capacitación e xeración de contidos, que permitan acadar un amplo número de cidadáns con capacidades dixitais como mínimo básicas.

Obxectivos

- → Elaborar e executar os plans de posta en marcha e extensión do Marco Galego Competencias Dixitais.
- → Desenvolver as plataformas tecnolóxicas que soportarán a execución do Marco, tanto para a cidadanía como para o persoal empregado público: rexistro do certificado galego e de entidades colaboradoras; espazos de capacitación, autoformación e acreditación dixital.
- → Adoptar tecnoloxías innovadoras de apoio ao proceso de capacitación (espazos virtuais, simuladores, ...)
- → Elaborar e actualizar de forma continuada os contidos dixitais para a capacitación.
- → Por en marcha os plans de capacitación e acreditación aliñados co novo marco de competencias.
- → Impulsar os plans específicos de capacitación e acreditación dixital do persoal empregado público.
- → Impulsar os plans de capacitación e acreditación dixital da cidadanía, con especialización por tipoloxía de colectivos.
- → Impulsar os de capacitación e acreditación dixital de profesionais en sectores produtivos.
- → Impulsar a cooperación con outras institucións nesta materia.
- → Determinar os criterios e coordinar a aplicación nas entidades colaboradoras na execución do plan.

Actividades

Actividade:	**4.2.1. Elaborar dos plans de posta en marcha e extensión do Marco Galego Competencias Dixitais**
Descrición:	Aprobado o *DECRETO 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais*, compre por en marcha os instrumentos organizativos e plans de traballo que será necesario abordar nos próximos anos para a posta en marcha e extensión do Marco Galego de Competencias Dixitais orientado tanto cara a cidadanía como cara o persoal empregado público.
Actividades 2026:	→ No contexto dos instrumentos habilitantes do marco: ▪ Revisión do decreto de regulación do Marco galego de competencias dixitais para incorporar os cambios organizativos que se teñen identificado como necesarios tralos primeiros anos de execución do proxecto ▪ Publicación dos criterios de homologación da certificación galega de competencias dixitais en ofimática (CODIX) → Actividades de apoio e convocatoria do Comité Técnico especializado do MGCD.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**4.2.2. Plataformas tecnolóxicas que soportarán a execución do MGCD: rexistro do certificado galego e de entidades colaboradoras; espazos de capacitación, autoformación e acreditación dixital**
Descrición:	A execución do MGCD require dispor de instrumentos para a difusión, xestión e análise tanto das actividades de capacitación como de certificación. Inclúense aquí os sistemas que se utilizarán para a xestión do rexistro de certificacións, de entidades colaboradoras, plataformas de difusión, autodiagnose, de certificación, de xestión de contidos ou de desenvolvemento das accións de capacitación. En 2022 puxéronse en marcha as plataformas de difusión, certificación e capacitación, que deben evolucionar e ampliarse para dar resposta ás novas necesidades e capacidades. Esta actividade compleméntase coa actividade *"4.2.11 Sistemas de apoio aos programas de formación en rede"*.
Actividades 2026:	→ Evolución das **plataformas para o xestión e execución do MGCD**: ▪ Difusión - https://competenciasdixitais.xunta.gal/ ▪ Formación - https://formacion-competenciasdixitais.xunta.gal/ ▪ Certificación - https://certificacion-competenciasdixitais.xunta.gal/ → Nas evolucións inclúense aquelas necesarias para mellorar as súas capacidades e atender a extensión do seu uso a convocatorias masivas, e tamén as necesarias para ofrecer as seguintes novas funcionalidades: ▪ Publicación da nova **zona de área persoal da plataforma de difusión** que permitirá á cidadanía consultar todos os aspectos do seu interese relacionados co marco: cursos e itinerarios formativos completados, probas de certificación superadas, e certificacións emitidas.

Actividade:	**4.2.2. Plataformas tecnolóxicas que soportarán a execución do MGCD: rexistro do certificado galego e de entidades colaboradoras; espazos de capacitación, autoformación e acreditación dixital**
	▪ Análise dun **novo módulo de autodiagnose** na plataforma de certificación orientado a que a cidadanía poida determinar a súa mellor estratexia á hora de iniciar algún dos itinerarios de formación dispoñibles. → Consolidación do sistema de tramitación de certificacións e emisión de certificados do MGCD, baseado no sistema de tramitación corporativa w@nda para a tramitación integramente dixital.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**4.2.3. Contidos dixitais para a capacitación no MGCD**
Descrición:	Un dos elementos esenciais para o éxito do Plan de competencias dixitais é ofrecer uns contidos de calidade, atractivos, actualizados de forma continua e que cubran todas as competencias dixitais definidas polo **marco europeo DigComp.** Esta actividade abordará os aspectos necesarios para garantir a dispoñibilidade de contidos formativos que se utilizarán nas accións de capacitación en calquera dos ámbitos aos que se achegue: contidos de elaboración específica para este marco, contidos adaptados de outros ámbitos, ou utilización de contidos xa existentes na rede.
Actividades 2026:	→ Elaboración de novos contidos das accións de capacitación deste marco: ▪ Elaboración de novos contidos formativos para o nivel ComDix intermedio do Marco Galego de Competencias Dixitais, ampliando e complementando o itinerario base xa existente mediante a incorporación de **10 novos cursos** que aborden temáticas actuais e de especial relevancia para o desempeño profesional (IA, ferramentas de control parental...),. ▪ Revisión e actualización dos contidos dos cursos base do Marco Galego de Competencias Dixitais, nos niveis de iniciación e intermedio, co fin de adaptalos á nova versión europea do marco DigComp. → Xestión do inventario de contidos dispoñibles para o marco. → Establecementos dos acordos de cooperación con outras administracións ou institucións para a dispoñibilidade de contidos.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**4.2.4. Plans de capacitación e acreditación aliñados co MGCD**
Descrición:	Abordarase a posta en marcha progresiva dos plans de capacitación e acreditación aliñados co novo marco de competencias, establecendo os procesos transitorios dirixidos a convalidar e/ou homologar a anterior certificación galega de competencias dixitais en ofimática (CODIX) no contexto do novo Marco, e

Actividade:	4.2.4. Plans de capacitación e acreditación aliñados co MGCD
	concretando as accións formativas que se comprometerán ante a cidadanía nos primeiros anos do plan, así coma os niveis de acreditación que abordarán estes cursos.
Actividades 2026:	→ Capacitación e certificación do **persoal empregado público:** ▪ Deseño do plan ordinario de capacitación e certificación do persoal empregado público no Marco Galego de Competencias Dixitais. ▪ En colaboración coa EGAP, deseño dos itinerarios formativos que se ofertarán ao persoal empregado público no 2026, prevendo tanto o deseño dos cursos necesarios para a obtención das acreditacións "COMDIX nivel iniciación" coma de "COMDIX nivel intermedio" por parte do persoal empregado público, así coma do curso que permita a convalidación da acreditación "COMDIX nivel iniciación" aos que xa dispoñan da Certificación Galega de Competencias Dixitais en Ofimática (CODIX). ▪ En colaboración coa EGAP, o deseño das probas libres para obtención directa da certificación "COMDIX nivel iniciación" e de "COMDIX nivel intermedio" por parte do persoal empregado público que considere que ten o nivel axeitado. → De xeito coordinado coa Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades, deseño dos plans de **capacitación e certificación para o alumnado**, tendo en consideración: ▪ A execución dos procesos técnicos que, aplicando os criterios de equivalencia e/ou convalidación de certificacións actualmente aprobados, permitan a emisión das correspondentes acreditacións "COMDIX nivel iniciación" ou "COMDIX nivel intermedio" aos colectivos de alumnado que titulen no ano algún dos estudos previstos polo documento de bases para obter un nivel de acreditación (ESO, Bacharelato, estudos de Formación Profesional). ▪ A coordinación e execución das iniciativas orientadas a que estes colectivos realicen as correspondentes probas de certificación dirixidas á obtención directa de certificacións "COMDIX nivel intermedio". → **Capacitación e certificación para a cidadanía**, tendo en consideración: ▪ A definición dos procesos transitorios por parte da cidadanía que xa dispoña da Certificación Galega de Competencias Dixitais en Ofimática (CODIX). ▪ Os plans orientados a capacitación básica da cidadanía nos termos establecidos no C19 dos Mecanismos de Recuperación e Resiliencia. ▪ Os plans ordinarios de capacitación e certificación da cidadanía no Marco Galego de Competencias Dixitais. *(esta actividade deberá estar aliñada co establecido Programa 4.4 Plan para o impulso da Inclusión, Capacitación e Talento Dixital).*
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**4.2.5. Capacitación dixital para o persoal empregado público – 4.2.5.a Marco Galego de competencias dixitais / 4.2.5.b Capacitación Dixital**
Descrición:	Execución e seguimento dos plans específicos de capacitación dixital para o persoal empregado público a través das escolas de formación.
Actividades 2026:	→ De xeito coordinado coa EGAP, poranse en marcha as seguintes convocatorias para a capacitación e certificación do marco galego de competencias dixitais: ▪ Convocatorias de 4 novas edicións do curso de transición "De CODIX a COMDIX". ▪ Convocatoria dunha edición única da acción "COMDIX: Empezamos! Qué nivel de competencias dixitais teño? Introdución ao Marco galego de Competencias dixitais", en réxime de autoformación (sen límite de prazas), como vía de entrada aos itinerarios do Marco Galego de Competencias Dixitais. ▪ Convocatorias ordinarias de 4 novas edicións de cada un dos 6 cursos que compoñen o itinerario formativo "ComDix Iniciación" para o persoal empregado público. ▪ Convocatorias ordinarias de 3 novas edicións de cada un dos 6 cursos que compoñen o itinerario formativo "ComDix intermedio" para o persoal empregado público. ▪ Execución das probas libres para obtención das certificacións "COMDIX nivel iniciación" ou "COMDIX nivel intemedio"por parte do persoal empregado público que considere que ten o nivel axeitado. No ano 2026 ofreceranse un total de 1.000 prazas para optar a facer estas probas (500 de cada nivel), pola que o persoal empregado público poderá optar a se presentar a unha proba única de nivel presencial, nalgunha das 7 aulas da Amtega nas que se preverá o desenvolvemento destas probas, demostrando o seu nivel de capacitación nas distintas áreas e competencias establecidas polo marco para a obtención directa das certificacións "COMDIX nivel iniciación" ou "COMDIX nivel intermedio".

Actividade:	**4.2.5.b Capacitación dixital**
Descrición:	Esta actividade recolle outros programas de formación en diversos ámbitos vinculados ao desenvolvemento tecnolóxico da administración pública galega. En especial: ▪ As actividades en colaboración coa EGAP: actividades ao abeiro do convenio de colaboración para o desenvolvemento do plan de formación sobre administración electrónica e seguridade; accións de formación dentro do plan de "Ofimático de Galicia"; a colaboración no desenvolvemento doutros programas formativos de capacitación e acreditación dixital, coma accións formativas orientadas a capacitar aos empregados públicos no uso das distintas ferramentas de teletraballo. ▪ Actuacións formativas e de difusión de curta duración vinculadas á implantación de novos sistemas, funcionalidades ou procesos no ámbito do desenvolvemento dixital da Xunta de Galicia. Igualmente incorporarase de xeito progresivo a formación en tecnoloxías innovadoras que se están integrando nos sistemas de información desta administración.
Actividades 2026:	→ De xeito coordinado coa EGAP, no marco do ***"Convenio de colaboración entre a EGAP e a Amtega, para a convocatoria e o desenvolvemento de actividades de formación e divulgación en materia de administración electrónica e de***

Actividade:	4.2.5. Capacitación dixital para o persoal empregado público – 4.2.5.a Marco Galego de competencias dixitais / 4.2.5.b Capacitación Dixital

seguridade e protección de datos", abordaranse actividades que acadan unhas 1.100 horas de formación no eido de administración electrónica, outras 1.000 no eido de seguridade e 140 relativas ao impulso do teletraballo:

- "Tramitación Electrónica Integral na Xunta de Galicia no contexto da lei 39/2015: enfoque práctico e aspectos xurídicos", "Implantación da administración electrónica na Xunta de Galicia e relación coa cidadanía", "Implantación da administración electrónica na Xunta de Galicia e xestión electrónica documental na tramitación administrativa", "Implantación da administración electrónica na Xunta de Galicia: Tramitación de expedientes administrativos (w@ndA)", "Administración dixital: automatización de procesos e robotización aplicada á xestión pública", "Administración dixital: introdución aos sistemas de análises de datos", "Administración dixital: accesibilidade e usabilidade dos sistemas dixitais" e "Canle dixital do emprego público FIDES", sumando un total de 29 accións formativas que permitirá a preto de 1.500 empregados públicos especializarse en distintos sistemas corporativos de administración electrónica.
- "Sistemas para a contratación electrónica", "Uso avanzado do Xestor de Expedientes de Contratación (PLATION)", "Uso avanzado do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX)", e "Sistema electrónico de facturación (SEF)", para acompañamento á plena implantación dos sistemas de licitación electrónica da Xunta de Galicia e formación sobre o resto de sistemas que conforman o Nodo de contratación pública de Galicia, sumando un total de 6 accións formativas cun total de 300 prazas ofertadas.
- "Implantación do expediente xudicial electrónico: persoal xestor e tramitador" e "Implantación do expediente xudicial electrónico: persoal de auxilio" sumando conxuntamente un total de 6 edicións no ano 2026, centrándose neste caso no expediente xudicial electrónico e nas ferramentas que a administración de Xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia dispón xa neste ámbito, e diferenciando o enfoque das accións formativas segundo os colectivos obxectivo (persoal xestor e tramitador ou persoal de auxilio), sumando outras 6 accións formativas máis cun total de 300 prazas ofertadas.
- Aliñado co Plan de Seguridade da Xunta de Galicia, establécese coma obxectivo cubrir 1.000 horas de formación en materia de seguridade da información e da protección de datos persoais.
- Prevense celebrar tamén outras accións formativas complementarias curtas que acompañen a implantación doutros sistemas ou solucións de colaboración en ámbitos concretos: sistema de notificación electrónica Notifica.gal, sistema único de rexistro Rexel, e outros proxectos en materia de administración electrónica, colaboración ou protección de datos. Neste eido establécese coma obxectivo acumular un mínimo de 2 accións de acompañamento.

→ De xeito coordinado coa EGAP e no ámbito de competencias en materia de ofimática, prevese para 2026 a celebración dun mínimo de 320 horas de formación.

→ Realización de diversas actividades de formación para o persoal técnico do eido das tecnoloxías da información: Visión xeral de tecnoloxías disruptivas orientado a persoal TIC, SIX corporativo orientado a persoal TIC, Curso

Actividade:	4.2.5. Capacitación dixital para o persoal empregado público – 4.2.5.a Marco Galego de competencias dixitais / 4.2.5.b Capacitación Dixital
	completo de Git e Github orientado a persoal TIC, e Ferramentas para analítica de datos orientado a persoal TIC.
Área responsable:	*Área de Administración Dixital*

Actividade:	4.2.6. Impulsar a cooperación con outras institucións nesta materia
Descrición:	O marco galego está aliñado co marco europeo DigComp. Neste ámbito se impulsa tamén a competencia dixital dende outras institucións ou administración autonómica, estatais ou mesmo europeas. Nesta actividade identifícanse as liñas de cooperación con outras institucións.
Actividades 2026:	→ No contexto do actual convenio de colaboración con outras comunidades autónomas para o fomento das iniciativas de colaboración no proxecto de competencias dixitais, participación nos grupos de traballo configurados no ámbito do convenio para a dinamización conxunta de: ▪ Compartición de contidos de accións formativas curtas que abordan temáticas tecnolóxicas de actualidade, co obxecto de incorporalas e enriquecer os itinerarios de competencias dixitais. ▪ Compartición de bancos de preguntas para uso nas probas de certificación dos distintos niveis considerados no marco.
Área responsable:	*Área de Administración Dixital*

Actividade:	4.2.7. Sistemas de apoio aos programas de formación en rede
Descrición:	Os programas de formación e capacitación non se limitan a execución do marco galego de competencias dixitais. Diferentes departamentos da administración pública promoven actividades de formación nos seus ámbitos de especialización. De xeito transversal e corporativo facilítanse plataformas para dar soporte a estes diferentes sectores. Fundamentalmente a plataforma de e-learning corporativo PLAFOR, baseada na plataforma de software libre moodle, pero adaptada ás necesidades de integración nos sistemas da Xunta de Galicia. E integrada con sistemas de videoconferencia para a impartición de clases on-line, con posibilidade de gravación, e con xestión automatizada de certificados. Mediante esta plataforma, multisite, habilítanse espazos especializados, de un xeito ordenado, para o desenvolvemento de actividades formativas organizada no marco doutros programas de formación dos distintos departamentos dependentes da administración pública autonómica. No 2025 estaban configurados 19 espazos formativos sectoriais, con actividades formativas nas que participaron máis de 27.425 alumnos/as.

Actividade:	**4.2.7. Sistemas de apoio aos programas de formación en rede**

Actividades 2026:

→ **Evolución das ferramentas** para ao apoio as actividades de formación utilizadas nos diferentes ámbitos da Xunta de Galicia.

- Evolución continuada da plataforma corporativa de e-learning PLAFOR, incluíndo optimizacións, incorporacións de novos módulos complementarios que atendan as solicitudes dos diferentes sites albergados, e actualización da versión de base derivada da finalización do ciclo de vida da existente.
- Continuación cos exames en liña apoiada en ferramentas de proctoring para prever a realización en remoto de probas de certificación (exámes CELGA).

→ **Incorporación en PLAFOR de novos ámbitos** da administración pública galega que precisen unha plataforma para formación en liña. En particular, e a petición da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, identifícase para 2026 a necesidade de creación do site de formación "Campus para o Emprendemento Autónomo e o Comercio" orientado á cidadanía no ámbito do emprendemento autónomo e do comercio (pemes).

→ **Administración continuada e soporte técnico especializado para o conxunto** de ámbitos da administración pública galega que empreguen PLAFOR no 2026. Destacan polo seu impacto e volume estimado de actividade os seguintes proxectos:

- **O "Campus Virtual de Formación para o Emprego"** para a realización de actividades de formación na modalidade de telepresenza dirixidas a contribuír á formación da poboación ocupada e desempregada, promovido pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
- **O "Portal da Teleformación da Lingua Galega"** para achegar á cidadanía os cursos de capacitación na lingua galega CELGA 1, CELGA 2, CELGA 3, CELGA 4 e "Cursos de Linguaxe Xurídica e Administrativa", promovido pola Secretaría Xeral da Lingua.
- **A aula virtual da "Escola Galega de Consumo"** do Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC)
- A plataforma da actividade docente en liña da **Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).**
- A plataforma de actividade docente en liña do **Centro Superior de Hostalería de Galicia.**
- A plataforma de iniciativas da **Axencia de Turismo de Galicia** para programar accións de formación dirixidas a formar a colectivos de hostalaría e restauración.
- O **Espazo Multimedia de Aprendizaxe (EMA)** da rede CEMIT.
- A aula virtual do **Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia** (CNTG).
- O aula virtual para a **Administración de Xustiza en Galicia.**

→ Así como **espazos especializados das Consellería** de Medio Rural, Mar, Política Social e Igualdade, Cultura, Facenda, do Fogga ou da propia Amtega, e os **espazos especializados** para o ámbito do voluntariado galego, de formación en igualdade laboral dependente da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade, ou o xa mencionado do marco galego de competencias dixitais. E configuración do novo site de "**Campus formativo de emprego autónomo**".

Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Indicadores asociados

Actividade	Indicador	Valor 2026
Plan galego de competencias dixitais	▪ Convocatorias de actividades de capacitación para persoal empregado público no ámbito COMDIX (iniciación, Intermedio...)	47
	▪ Número de persoas empregadas públicas en plans de capacitación ou en probas libres para a certificación no ámbito COMDIX	2.900
	▪ Execución dos plans de certificación ComDix para o alumnado ESO,BACH,FP	Realizados
	▪ Número total de persoas que obteñan no ano unha certificación COMDIX	30.000
	▪ Número de horas de formación nos distintos programas de capacitación para o persoal empregado público	4.800
	▪ Zona de área persoal da plataforma de difusión do Marco Galego de Competencias Dixitais	Publicada
	▪ Número de persoas alumnas usuarias da plataforma de e-learning corporativo PLAFOR	25.000 alumnos
	▪ Espazos de teleformación atendidos	20 espazos

4.3 Bibliotecas en Rede de Galicia

As bibliotecas son consideradas escenarios relevantes para o desenvolvemento da sociedade debido a que poñen ao dispor da cidadanía, en especial ao dos colectivos que contan con maiores dificultades para beneficiarse dos mesmos, medios culturais. Por elo, traballarase na **implantación e evolución dun sistema de xestión bibliotecaria e a súa dotación cos sistemas e tecnoloxías** adecuados para o seu correcto funcionamento, o que levará consigo a necesidade de facilitar á cidadanía o acceso e capacitación dixital no emprego do mesmo.

Obxectivos

- → Estender a implantación do sistema de xestión bibliotecaria do Sistema Galego de Bibliotecas, tanto á Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, as bibliotecas dos centros escolares e as bibliotecas especializadas.
- → Pór en marcha o sistema de xestión da biblioteca híbrida integradora do fondo físico e fondo dixital.
- → Desenvolver servizos dixitais para os usuarios das bibliotecas do Sistema de Bibliotecas de Galicia. Carné dixital e acceso único a biblioteca física e dixital.
- → Desenvolver os espazos de dinamización da biblioteca.
- → Pór en marcha o sistema estatístico de bibliotecas.
- → Evolucionar, manter e dar soporte aos medios tecnolóxicos das bibliotecas dependentes da Xunta de Galicia.
- → Evolucionar os sistemas, portais e apps de dinamización do actual sistema de bibliotecas de Galicia e áreas vinculadas.

Actividades

Actividade:	**4.3.1. // 4.3.2. // 4.3.3. Sistema de xestión bibliotecaria e servizos dixitais en bibliotecas: biblioteca híbrida, servizos dixitais en bibliotecas, carné dixital**
Descrición:	Os sistemas de información de base da Rede de Bibliotecas Públicas de galicia (RBPG) está constituído por: ▪ Plataforma KOHA-ILS adaptado pola en anos precedentes para o seu funcionamento na modalidade de bibliotecas en rede e configuración do catálogo colectivo único. ▪ O sistema de préstamo de libro dixital (GaliciaLe). ▪ E a presenza en Internet tanto da rede de bibliotecas e de forma específica as bibliotecas nodais. • Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia: https://rbgalicia.xunta.gal • A Coruña: https://bibliotecas.xunta.gal/coruna • Santiago: https://bibliotecas.xunta.gal/santiago • Lugo: https://bibliotecas.xunta.gal/lugo • Ourense: https://bibliotecas.xunta.gal/ourense • Pontevedra: https://bibliotecas.xunta.gal/pontevedra • Vigo: https://bibliotecas.xunta.gal/vigo • Furgoteca : https://bibliotecas.xunta.gal/es/furgoteca

Actividade:	**4.3.1. // 4.3.2. // 4.3.3. Sistema de xestión bibliotecaria e servizos dixitais en bibliotecas: biblioteca híbrida, servizos dixitais en bibliotecas, carné dixital**
	Inclúense as actuacións relativas a evolución contínua tanto funcional como tecnolóxica.
Actividades 2026:	→ **Evolución continuada do sistema de xestión KOHAILS**, e dos sistemas que complementan os servizos dixitais en bibliotecas, entre outros, o sistema GaliciaLe de préstamo de recursos electrónicos (libros dixitais e fondos audiovisuais), app GaliciaLE, xestión do carné dixital, e a rede de portais da rede de bibliotecas e os espazos personalizados das bibliotecas nodais, segundo o plan de traballo acordado de xeito continuado coa Consellería. → Análise de viabilidade e plan de traballo para a **adecuación ás bibliotecas especializadas.** → **Análise de alcance da evolución** dos sistemas de información no ámbito das bibliotecas e da lectura.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**4.3.7. Evolucionar, manter e dar soporte aos medios tecnolóxicos das bibliotecas dependentes da Xunta de Galicia**
Descrición:	O sistema de xestión bibliotecaria debe ir complementada coa dotación de medios tecnolóxicos adecuados para a xestión dos fondos en biblioteca, e a accesibilidade dos cidadáns aos medios TIC.
Actividades 2026:	→ Soporte e mantemento dos sistemas especializados da xestión de fondos mediante RFID. → Soporte e mantemento funcionamento en uso por parte da cidadanía, así como o soporte técnico a todo o equipamento de posto de traballo no ámbito das bibliotecas nodais dependentes da Xunta de Galicia.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**4.3.8. Evolucionar os sistemas, portais e apps de dinamización do actual sistema de bibliotecas de Galicia e áreas vinculadas**
Descrición:	Además dos sistemas referidos nos apartados anteriores, vinculados ao eido das bibliotecas e xestión bibliotecaria tanto na Xunta de Galicia como de centros coordinados, compoñen o **catálogo de sistemas de promoción da lectura e do libro:** ▪ O **catálogo de publicacións institucionais da Xunta de Galicia**. Nesta plataforma, https://libraria.xunta.gal, a Administración autonómica concentra todo o seu fondo editorial para poñelo á disposición do conxunto da cidadanía e das librarías. Dá cumprimento á *Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia*, que no art.11.4 di que "a Xunta de Galicia creará unha Libraría Institucional do Servizo de Publicacións da Xunta de Galicia na que se ofrezan todas as publicacións oficiais de calquera departamento ou organismo do Goberno". ▪ **Depósito Legal**. Sistema para a xestión do depósito legal en soporte físico.

Actividade:	4.3.8. Evolucionar os sistemas, portais e apps de dinamización do actual sistema de bibliotecas de Galicia e áreas vinculadas
	▪ **O sistema de adquisición de novidades editoriais galegas** por parte dos concellos con bibliotecas públicas municipais. ▪ **Ler Conta Moito**. Xestiona o programa Ler Conta Moito da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, mediante o que se outorga unha axuda porcentual para a realización de actividades culturais na Rede de Bibliotecas de Galicia e nos concellos, financiado tanto pola Consellería como por cada Concello. ▪ **E adicionalmente**: o directorio oficial da rede de bibliotecas, os formularios de enquisa de bibliotecas, e as aplicacións para a xestión dos recursos electrónicos, o os bolseiros de biblioteconomía.
Actividades 2026:	→ Evolución e mantemento continuado dos sistemas recollidos neste apartado e mencionados na descrición da actividade. → Análise de requisitos dun sistema de xestión dos **clubs de lectura**, para o traballo conxunto entre a s.x.de bibliotecas e as bibliotecas da rede. Con conexión con KOHA para la transferencia del inventario. → Finalización da **renovación da libraría institucional**. → Licitación do **Rexistro propiedade intelectual e clube de lectura**.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	4.3.9. Marco estratéxico ou institucional
Descrición:	As liñas de actividade recollidas neste programa deben acompañar aos obxectivos estratéxicos da Xunta de Galicia neste ámbito.
Actividades 2026:	→ Análise de viabilidade e oportunidade de deseño dun plan de capacitación e certificación do persoal que desempeña a súa actividade profesional no ámbito das bibliotecas.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Indicadores asociados

Actividade	Indicador	Valor 2026
Bibliotecas en rede de Galicia	▪ Número de bibliotecas usuarias do sistema de xestión bibliotecaria KOHAILS (incluíndo RBPG, Bibliotecas escolares e bibliotecas especializadas)	**1.120**
	▪ Licitación do Rexistro da Propiedade Intelectual	**Licitado**

Actividade	Indicador	Valor 2026
	▪ Número de sistemas de xestión de información (incluíndo portais), ou grandes funcionalidades en mantemento, evolucionados ou novos	17

4.4 Plan para o Impulso da Inclusión, Capacitación e Talento Dixital

O **Plan DigiTalent 2030: Camiña en Dixital**, para o Impulso da Inclusión, Capacitación e Talento Dixital en Galicia persegue alcanzar unha sociedade máis próspera e inclusiva na que toda as persoas estean preparadas para o proceso de transformación tecnolóxica. Búscase asegurar así que Galicia conta cunha cidadanía e profesionais capacitados dixitalmente, e cun territorio competitivo, sostible, resiliente e equitativo.

Para acadar este obxectivo, o Plan abordará un primeiro eixe enfocado a **pechar a fenda dixital a** través do aseguramento da participación efectiva de toda a cidadanía no contexto da dixitalización, prestando especial atención aos colectivos máis vulnerables, como o colectivo de persoas maiores, e tendo especialmente en conta a perspectiva de xénero e o rural.

Un segundo eixe, dirixirase a **promover a adquisición, reforzo e actualización das competencias dixitais** dos profesionais de todos os sectores de actividade, tanto no ámbito privado como no público, perseguindo a súa adaptación ao proceso de transformación dixital. Isto propiciará a creación de oportunidades de emprego e unha maior produtividade.

Finalmente, o terceiro dos eixes do Plan, orientarase a **impulsar vocacións e talentos dixitais**, perseguindo así unha Galicia capaz de liderar o cambio tecnolóxico. Por iso, promoverase a adquisición de competencias dixitais avanzadas vinculadas a ámbitos clave como a ciberseguridade ou a IA, de novo prestando especial atención á fenda de xénero. Buscarase ademais espertar vocacións STEAM e acompañar ao talento dixital desde idades temperás, e xerar, reter e atraer talento especializado nas novas tendencias tecnolóxicas, para poder dar respostas ás necesidades do novo contexto de transformación dixital.

Obxectivos

- → Reducir as desigualdades dixitais alfabetizando dixitalmente aos colectivos vulnerables.
- → Garantir a adquisición de competencias dixitais básicas para todos/as considerando especialmente ás persoas maiores, integrando tamén a perspectiva de xénero e a especial atención ao rural así como a capacitación dixital dos/as profesionais de todos os sectores económicos.
- → Fomentar as vocacións tecnolóxicas e o talento dixital avanzado, impulsando a presenza da muller en carreiras e profesións no eido dixital e a redución da fenda de xénero.
- → Reformar e ampliar a Rede de aulas CeMIT, evolucionando cara un novo modelo renovado que asuma o rol de vértice transformador ao servizo da inclusión e capacitación dixital galega e que servirá de instrumento de soporte transversal ao cumprimento dos obxectivos da Estratexia Dixital de Galicia 2030 e do Plan DigiTalent 2030.

Actividades

Actividade:	4.4.1. Desenvolvemento de actividades para a inclusión dixital da cidadanía
Descrición:	Desenvolvemento e posta en marcha de accións orientadas á capacitación dixital da cidadanía, tanto en modalidade presencial como en liña, coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e o uso seguro da tecnoloxía, especialmente entre os colectivos máis vulnerables e no ámbito rural.
Actividades 2026:	→ **Desenvolvemento de accións formativas** como cursos, sesións informativas, obradoiros, atención individualizada e titorizacións orientadas ao uso das tecnoloxías, á mellora das competencias dixitais e á promoción da seguridade en Internet, co fin de poñer en valor o impacto positivo da tecnoloxía na calidade de vida e facilitar a súa comprensión e aplicación entre os colectivos máis vulnerables, especialmente no medio rural. → Impulso de **actividades formativas en colaboración cos responsables das aulas da Rede**, aliados e impulsores dixitais e Programa de Voluntariado Dixital, co obxectivo de optimizar capacidades e recursos dispoñibles, así como de favorecer a creación de sinerxías que permitan dar resposta ás necesidades dos distintos colectivos. → Fomento do **intercambio de contidos e recursos formativos a través da wiki** interna da Rede CeMIT e do Foro para Axentes TIC, contando coa participación activa das persoas responsables das aulas. → Planificación e execución dunha **nova edición do curso "Finanzas para todos"**, en colaboración co Banco de España, iniciativa dirixida a proporcionar á cidadanía coñecementos básicos e ferramentas prácticas para a xestión responsable e informada das finanzas persoais. → Planificación e execución dunha **nova edición da iniciativa "Control Parental"**, en colaboración co Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia (CPETIG), orientada a facilitar recursos, ferramentas e dinámicas que permitan mellorar o coñecemento e o uso responsable das TIC, incluíndo a identificación de riscos derivados dun uso inadecuado e o coñecemento de aplicacións e solucións de control parental, entre outros aspectos. → Planificación e execución de **actividades formativas no marco da iniciativa "Días De"**, orientadas á conmemoración de datas socialmente sinaladas vinculadas tanto ao ámbito tecnolóxico como a outras efemérides de carácter social. → Planificación e posta en marcha dunha **nova edición da iniciativa "Papá Noel"**, co obxectivo de ofrecer aos máis pequenos a posibilidade de falar con Papá Noel a través dos sistemas de videoconferencia das aulas da Rede CeMIT. → Deseño e desenvolvemento da **nova figura de Impulsor Dixital** como elemento tractor do ecosistema dixital galego, orientada a reforzar os mecanismos de colaboración entre AMTEGA e os distinto axentes público e privados. Esta liña permitirá explorar fórmulas de coordinación, integración de capacidades e posta en valor de recursos existentes, co obxectivo de favorecer sinerxias e ampliar progresivamente o impacto das actuacións de inclusión e capacitación dixital dirixidas á cidadanía, no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030. → Actualización, deseño e produción de **cursos formativos dirixidos á cidadanía**, entre outras, nas seguintes áreas temáticas: busca de emprego, intelixencia artificial, mecanografía, edición de imaxes dixitais e elaboración de carteis, que se difundirán a través da plataforma de teleformación de CeMIT. → **Reforzo de recursos dixitais de carácter formativo** dirixidos a cidadanía, así como consolidación dun modelo de atención multicanle, coherente e accesible

Actividade:	4.4.1. Desenvolvemento de actividades para a inclusión dixital da cidadanía
	a través da páxina web da Rede CeMIT, co obxectivo de mellorar a experiencia de usuario e facilitar o acceso á información e aos servicios dispoñibles da rede. → Impulso e desenvolvemento dun **plan de comunicación orientado a reforzar o posicionamento da Rede CeMIT** e ampliar progresivamente a súa visibilidade, recoñecemento e alcance entre a cidadanía e os distintos axentes do territorio.
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Actividade:	4.4.2. Impulso de iniciativas para combater a fenda dixital das persoas maiores
Descrición:	Desenvolvemento e posta en marcha de actividades formativas dirixidas ao colectivo de persoas maiores, co obxectivo de reforzar as súas competencias e coñecementos para unha participación máis autónoma e activa no ámbito dixital. A través da aprendizaxe do manexo de dispositivos electrónicos e do uso práctico dos servizos dixitais, búscase favorecer a súa calidade de vida, promover o benestar e a saúde, e fomentar que se sintan confiadas, acompañadas e integradas nunha contorna cada vez máis conectada.
Actividades 2026:	→ Planificación e desenvolvemento de **iniciativas de alfabetización dixital** orientadas ao uso de dispositivos electrónicos, incorporando demostracións prácticas que amosen as vantaxes da tecnoloxía no día a día das persoas maiores. → Impulso de **encontros e sesións divulgativas** para achegar ao colectivo de persoas maiores a variedade de servizos dixitais dispoñibles, fomentando o coñecemento, a curiosidade e o interese polo seu uso para mellorar a calidade de vida. → **Prestación de apoio continuo e orientación personalizada no manexo das ferramentas tecnolóxicas**, co fin de favorecer unha maior autonomía persoal e promover un envellecemento activo e saudable. → Organización e posta en marcha de **actividades sobre ciberseguridade** destinadas a sensibilizar sobre a importancia da seguridade en internet, identificando posibles riscos e dando a coñecer recursos e boas prácticas para unha navegación segura e confiada no contorno dixital. → **Colaboración con aliados dixitais do ecosistema dixital** na posta en marcha de iniciativas conxuntas dirixidas a reforzar as competencias dixitais das persoas maiores, a través da formación no uso e aplicación de distintos dispositivos e ferramentas, contribuíndo así a mellorar o seu benestar, autonomía persoal e social, e a súa participación plena na sociedade. → Posta en marcha dunha **nova edición do programa itinerante de formación en competencias dixitais "Enredando Tour"**, a través da formalización dun convenio de colaboración con Cruz Vermella, para o desenvolvemento de accións formativas e de capacitación dirixidas ás persoas maiores, especialmente ás residentes no medio rural, co fin de mellorar o seu uso da tecnoloxía e impulsar a súa autonomía e independencia persoal.

Actividade:	**4.4.2. Impulso de iniciativas para combater a fenda dixital das persoas maiores**
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Actividade:	**4.4.3. Promoción da formación e certificación galega en competencias dixitais para a cidadanía**
Descrición:	Potenciación da formación en competencias dixitais adaptada ao **Marco Galego de Competencias Dixitais (MGCD)** co obxectivo de lograr a capacitación dixital da cidadanía, así como a súa acreditación.
Actividades 2026:	→ Novas edicións de convocatorias de probas libres para obter a certificación galega en competencias dixitais–ComDix, no seus niveis iniciación e intermedio, e de cursos titorizados para a súa preparación. → Convocatoria de novos cursos titorizados en liña con aproveitamento activo e avaliación continua para obter a certificación ComDix no seu nivel iniciación. → Creación e incorporación na web CeMIT de novos recursos multimedia en liña, aliñados co MGCD, para formarse en competencias dixitais. → Actualización e mellora dos contidos formativos ComDix ofertados na plataforma formativa da Rede CeMIT en modalidade autoformación. → Adaptación dos contidos formativos ComDix para mellorar a accesibilidade aos mesmos e garantir un acceso por igual da cidadanía.
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Actividade:	**4.4.4. Desenvolvemento de actuacións para o fomento das vocacións tecnolóxicas na infancia e na xuventude**
Descrición:	Actuacións orientadas a impulsar o talento temperán vinculado ás tecnoloxías da información e da comunicación, mediante a posta en marcha de actividades e experiencias inmersivas, obradoiros prácticos, retos temáticos e charlas de divulgación cun enfoque lúdico-educativo. Estas accións teñen como finalidade implicar á poboación máis nova no ámbito da ciencia, a investigación e a tecnoloxía, favorecendo a aplicación da súa creatividade e o desenvolvemento de competencias e habilidades dixitais. Así mesmo, levaranse a cabo iniciativas dirixidas a espertar, estimular e reforzar as vocacións **STEAM** desde idades temperás, promovendo o interese polas profesións científico-tecnolóxicas e impulsando as novas tendencias dixitais entre a infancia e a mocidade.
Actividades 2026:	→ Planificación e desenvolvemento de **dúas novas edicións do programa Tecnólog@** por un día, incluíndo a elaboración dos materiais de difusión, a xestión do proceso de inscrición das persoas participantes, a asignación das prazas dispoñibles, así como a coordinación e o seguimento das sesións realizadas nas entidades colaboradoras.

Actividade:	**4.4.4. Desenvolvemento de actuacións para o fomento das vocacións tecnolóxicas na infancia e na xuventude**
	→ Realización dunha **nova edición dos Campamentos Digitalia**, orientados a promover as vocacións tecnolóxicas entre a mocidade mediante actividades prácticas e de carácter lúdico que faciliten un achegamento activo á tecnoloxía. → Posta en marcha dunha **nova edición da iniciativa Scratch Day**, en colaboración co Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia (CPETIG), destinada á divulgación dos principios básicos da programación e á creación de videoxogos. → Planificación e execución dunha **nova edición do programa Tech Kids**, en colaboración co Colexio Profesional de Enxeñaría Informática de Galicia (CPEIG), orientada a formar a rapaces e rapazas no emprego da tecnoloxía mediante a creación dun proxecto innovador con finalidade social, empregando tecnoloxías emerxentes presentes nas aulas da Rede CeMIT.
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Actividade:	**4.4.5. Desenvolvemento de actuacións para o impulso da presenza da muller no eido dixital e a redución da fenda de xénero**
Descrición:	Actuacións de orientación, apoio e fomento do talento feminino, motivando as súas eleccións e decisións académicas e profesionais e impulsando o seu progreso no ámbito dixital.
Actividades 2026:	→ Posta en marcha de obradoiros prácticos de experimentación tecnolóxica no marco da **iniciativa Girl STEAM**, en colaboración co Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia (CPETIG), orientados a poñer en valor o papel da muller no ámbito tecnolóxico e a visibilizar referentes femininos neste sector, co fin de promover a participación das mulleres e nenas nas carreiras STEAM.
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Actividade:	**4.4.6. Reforzo da oferta formativa para o impulso o talento dixital especializado**
Descrición:	Accións formativas, divulgativas, de sensibilización e asesoramento orientadas a estudantes e profesionais de todas as disciplinas para o fomento de coñecementos e competencias dixitais avanzadas vencelladas a ámbitos chave da transformación dixital e ás tecnoloxías disruptivas.
Actividades 2026:	→ Posta en marcha dunha **nova edición do programa Mentoring FP**, iniciativa orientada ao alumnado de Formación Profesional e dos cursos de especialización STEAM, co fin de facilitar procesos de mentorización e apoio personalizado para a identificación de saídas profesionais do alumnado e/ou para a creación dun proxecto emprendedor.

Actividade:	**4.4.6. Reforzo da oferta formativa para o impulso o talento dixital especializado**
	→ Organización e realización do **IV Encontro de axentes TIC da Rede CeMIT**, coa finalidade de formar rede e promover unha metodoloxía participativa e colaborativa, ao tempo que os axentes TIC adquiren, consolidan ou actualizan as súas competencias dixitais en distintos ámbitos.
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Actividade:	**4.4.7. Plan de reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT**
Descrición:	Articulación de medidas de actuación recollidas no **Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT**, no marco da cooperación e coordinación coas entidades locais e coa Federación Galega de Municipios e Provincias, coa finalidade de facilitar á cidadanía a adquisición das competencias dixitais necesarias para afrontar os desafíos asociados á transformación dixital.
Actividades 2026:	→ Lanzamento do proceso de solicitude para a **creación de novas aulas CeMIT** mediante o establecemento dun procedemento en réxime de concorrencia competitiva, que permitirá ás entidades locais que aínda non dispoñen dunha aula CeMIT optar á súa implantación. → **Xestión de adhesión ao Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT** por parte das entidades locais que non dispoñen de aula CeMIT. → **Xestión da adhesión ao Plan de Reforma e Ampliación da Rede** de aulas CeMIT por parte das entidades locais que xa dispoñen dunha aula CeMIT pero non se adheriron ao devandito plan trala apertura do prazo inicial. → **Optimización dos servizos dixitais** a través da integración dos distintos portais existentes (Voluntariado Dixital, DigiTalent e Faite Dixital) nun único espazo web orientado á inclusión e á capacitación dixital, así como a realización de melloras e a posta en funcionamento da nova ferramenta de soporte e xestión das aulas CeMIT (XECEM). → **Lanzamento da III Edición dos Premios Axentes TIC** co fin de recoñecer o compromiso e o labor dos/as axentes TIC, que contribúen a consolidar unha Rede CeMIT máis eficiente, moderna e capaz de garantir que a cidadanía adquira as competencias dixitais necesarias para participar activamente no novo contexto dixital. → **Creación de guías didácticas e pedagóxicas** para a posta en marcha de actividades listas para impartir nas aulas CeMIT. → **Xestión e coordinación do programa** de capacitación en competencias dixitais **"Formación Dixital"**, destinado á cidadanía galega, no marco do Plan de Recuperación e Transformación e Resiliencia- Compoñente 19 "Plan Nacional de Capacidades Dixitais". → Posta en marcha do **servizo de aula móbil itinerante da Rede CeMIT**, co que achegar a alfabetización e capacitación dixital nas entidade locais que non conten con aula CeMIT. → **Implementación de cambios** na plataforma de teleformación de CeMIT e na páxina web de CeMIT para mellorar a usabilidade e a navegación, o deseño visual e a organización do contido de ambos portais.

Actividade:	4.4.7. Plan de reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT

→ **Instalación da maqueta Debian 13** en todos os equipos das aulas da Rede CeMIT.
→ **Actualización da versión estable máis recente de LibreOffice V. 24.8.4** en todos os equipos das aulas da Rede CeMIT.

Área responsable:	*Área de Sociedade Dixital*

Indicadores asociados

Actividade	Indicador	Valor 2054
4.4.1 Desenvolvemento de actividades para a inclusión dixital da cidadanía 4.4.2. Capacidades para saber envellecer e desfrutar de todas as etapas da vida 4.4.3. Competencias dixitais básicas para todos	▪ Nº de horas de formación dixital e uso de equipamento tecnolóxico ofrecidos á cidadanía na Rede CeMIT	35.000
	▪ Nº de usuarios da Rede CeMIT	128.000
	▪ Nº de aulas CeMIT dixitalizadas (adaptadas ás últimas tendencias tecnolóxicas no marco do Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT)	84
Impulso do Talento Dixital	▪ Nº de actividades planificadas para a promoción do talento dixital	7

Obxectivo estratéxico 5: Impulsar a economía dixital para acadar un territorio intelixente



OBXECTIVO 5. IMPULSAR A ECONOMÍA DIXITAL PARA ACADAR UN TERRITORIO INTELIXENTE

5.1 Programa Galicia Territorio Intelixente

Como extensión e especialización da **xestión avanzada do dato** da administración pública, a xestión da información especialmente xeorreferenciada permite guiar o deseño de sistemas para a prestación de servizos dixitais e de intervención da administración pública en un determinado espazo xeográfico.

Este programa ten como finalidade dotar á rexión dos medios e ferramentas necesarias para a **xestión da información cartográfica**, en liña co Plan Cartográfico de Galicia, e avanzar na posta marcha da **plataforma Galicia Territorio Intelixente** que integrará os recursos cartográficos e que será un contedor de datos xeoespaciais, incluíndo as capacidades de captura e tratamento avanzado de datos do territorio e os servizos de acceso á información. Achegará nunha infraestrutura transversal a información en tempo real xerada a través das redes de sensorización, captación de imaxes e outras fontes de datos, e converterase no principal instrumento estratéxico da rexión para a definición de políticas públicas, a vixilancia territorial, o deseño dos plans de sustentabilidade ambiental e o desenvolvemento social e económico do territorio.

Traballarase no desenvolvemento de ferramentas e solucións dixitais enfocadas á mellora da xestión e ao coñecemento do territorio, perseguindo contribuír así a unha maior cohesión territorial, á preservación do medio ambiente, á loita contra o cambio climático, ao uso responsable dos recursos naturais e á prevención de riscos sociais e ecolóxicos. Desenvolveranse ademais sistemas especializados vinculados: ao seguimento da evolución do uso do solo e a ocupación do territorio, aos servicios territorializados no ámbito do rural e a política agro-gandeira, do transporte, das actividades económicas, do turismo e da prestación de servizos públicos.

Obxectivos

- → Pór en marcha a Plataforma Territorio Intelixente, e no seu marco, servizos transversais como o xeocatálogo, servizo de rueiro, servizo de elevacións, así como servizos de analítica e coñecemento espacial.
- → Desenvolver un catálogo de servizos comúns para a xestión territorial integrables nos sistemas de xestión administrativa.
- → Desenvolver sistemas especializados para a xestión territorial que integren o ciclo de dato da información xeoespacial.
- → Evolucionar os sistema neste ámbito (xeoportal e recursos cartográficos, rexistro galego de cartografía...), e a infraestrutura de base para o tratamento da información.

Actividades

Actividade:	**5.1.1. Desenvolver as capacidades da plataforma Territorio Intelixente**
Descrición:	Inclúense nesta actividade as liñas de proxecto orientadas a consolidar o modelo organizativo e tecnolóxico da **Plataforma Territorio Inteliente (PTI)** coa finalidade de acadar a infraestrutura transversal e corporativa do ciclo de vida do dato xeoespacial e potenciar o seu aproveitamento por parte do conxunto da organización.
	5.1.1.a Gobernanza
Actividades 2026:	→ Desenvolvemento do **Modelo de goberno da PTI** para mellorar a calidade, usabilidade e produtividade dos servizos, dos compoñentes e da plataforma. ▪ Continuación coa aprobación e execución dos procedementos de desenvolvemento, liberación e consumo de servizos PTI, así como a implantación do ciclo de vida dos servizos da plataforma. ▪ Continuación coa implantación das tarefas de metadatado no ciclo de desenvolvemento por parte de todos os axentes participantes no fluxo correspondente. → Xeocatálogo. **Catalogación de datos xeográficos e mantemento de metadatos.** ▪ Definición dunha folla de ruta para o metadatado dos recursos de información xeográfica existentes, co obxectivo de **incrementar de forma significativa o número de recursos dispoñibles no xeocatálogo.** ▪ Finalización da federación do xeocatálogo interno co xeocatálogo de difusión pública e establecemento do fluxo de traballo en colaboración co IET. → Participación na elaboración do "**Plan Galego de Cartografía e Información Xeográfica**" dende o ámbito competencial da Amtega. → Identificación do aliñamento da PTI coa **estratexia do dato na administración pública galega.** → **Licitación do novo acordo corporativo de licenzas** de produtos cartográficos. → Publicación dun **novo Balance da PTI.** → **Mantemento do catálogo de servizos da PTI.** Publicación e mantemento actualizado dunha carta de servizos da PTI, que permita ás unidades coñecer as capacidades dispoñibles e facilite o seu aproveitamento transversal.
	5.1.1.b Xestión e evolución das capacidades tecnolóxicas
Actividades 2026:	→ Actuacións orientadas a mellorar a solidez operativa, a seguridade e a integración da infraestrutura tecnolóxica de soporte á PTI e aos servizos xeoespaciais corporativos: ▪ Integración da **publicación de xeoprocesos e de elementos SIX** Enterprise nos ciclos de **integración continua.** ▪ Transición cara a un **modelo de asignación nominal de licenzas de aplicacións GIS**, en substitución do modelo de concorrencia actual, co obxectivo de optimizar o seu uso e control. ▪ **Mantemento actualizado dos compoñentes da infraestrutura**, garantindo a estabilidade e seguridade da plataforma.

Actividade:	5.1.1. Desenvolver as capacidades da plataforma Territorio Intelixente

- Ordenación e **mellora dos aspectos de explotación da infraestrutura**, incluíndo a xestión de accesos, a securización de recursos e o rexistro axeitado dos elementos no inventario corporativo.

→ Operación continua da plataforma con dispoñibilidade 24x7 para a atención a sistemas críticos.

→ Migración paulatina da información distribuída en distintas ubicacións á **infraestrutura de almacenamento de alta capacidade da plataforma**.

→ Mantemento das capacidades establecidas nos proxectos derivados da CPI - Tierra, nos casos nos que se considere de interese.

→ Deseño das **operativas de aproveitamento das capacidades engadidas** pola ampliación tecnolóxica do proxecto RETECH-xemelgos dixitais:

- Definición das operativas de aproveitamento dos compoñentes Big Data e de inxesta de datos en tempo real, habilitando novas capacidades de procesamento e integración na plataforma.
- Avaliación das posibilidades de incorporación da intelixencia artificial, tanto como apoio ao desenvolvemento de servizos GIS como na súa aplicación en produtos de análise xeoespacial.
- Establecemento do modelo de traballo con materiais e servizos 3D, definindo os estándares e fluxos de traballo para a súa integración na plataforma.
- Análise da evolución da PTI cara á integración cos sistemas de Business Intelligence, co obxectivo de ampliar as posibilidades de explotación e visualización da información xeoespacial.
- Aliñamento coas definicións estratéxicas dos espazos de datos promovidos pola administración pública.

	5.1.1.c Servizos comúns
Actividades 2026:	Consolidar e poñer a disposición do conxunto da organización un catálogo de servizos xeoespaciais de uso transversal, garantindo a súa operación estable, o seu aproveitamento corporativo e a implicación das distintas unidades e entidades no seu mantemento e evolución: → Evolución e mellora continua do **xeocatálogo**, ampliando as súas funcionalidades e a calidade dos recursos publicados para dar resposta ás necesidades das unidades usuarias. → Explotación do **servizo transversal de elevacións**, facilitando o seu uso polas unidades con interese en traballar sobre modelos dixitais do terreo e de superficie (MDT/MDE). → **Rueiro**. Posta en produción e deseño dun modelo de implantación distribuído do sistema base transversal para a **xeocodificación do territorio** (desenvolvido no proxecto RETECH) no que participen as entidades locais e outras unidades con información propia de puntos de interese. E aproveitamento da información de direccionamento consolidada como transversal por parte doutros sistemas. → Despregamento do **servizo corporativo de routing on premise**, en coordinación co servizo de xeocodificación, e promoción do seu aproveitamento por parte das unidades da organización.

Actividade:	**5.1.1. Desenvolver as capacidades da plataforma Territorio Intelixente**
	5.1.1.d Difusión / formación
Actividades 2026	→ No marco do convenio coa EGAP e na liña de formación sobre a xestión de datos "**Administración dixital: sistemas para a xestión dos datos xeoespaciais**". → Formación a equipos técnicos de especialización nas tecnoloxías de xestión de datos xeoespaciais: ▪ Creación e actualización de manuais, guías e cursos adaptados aos distintos perfís de usuario, garantindo materiais prácticos e accesibles. ▪ Impartición de formación especializada mediante cursos técnicos, obradoiros prácticos e sesións de actualización orientadas á aplicación real das capacidades da plataforma. ▪ Comunicación continua de novidades e actualizacións a través dunha lista de correo SIX e de boletíns periódicos. ▪ Participación activa no Comité de Arquitecturas para a difusión das evolucións tecnolóxicas da plataforma no ámbito corporativo. ▪ Avaliación da efectividade das accións formativas mediante indicadores de seguimento e enquisas de satisfacción, co obxectivo de mellorar continuamente a oferta formativa.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**5.1.2. Coordinación e integración de sistemas de caracter sectorial**
Descrición:	A información producida nos sistemas de xestión administrativa recolle intrinsecamente información do territorio que debe recollerse e organizarse dun xeito axeitado para a súa explotación posterior. O catálogo de servizos comúns para a xestión territorial permitirá integrar nos sistemas de xestión administrativa, de xeito transparente para os xestores e sen supoñer un esforzo específico adicional á xestión ordinaria da tramitación dos expedientes, os mecanismos necesarios para recoller a información territorial dun xeito integrado e interoperable.
Actividades 2026:	→ Realizar de xeito continuo as tarefas de **apoio e coordinación da implantación de compoñentes e servizos xeográficos** nos sistemas de tramitación e xestión de carácter sectorial da Xunta de Galicia. → Levar a cabo o soporte operativo dos compoñentes de información xeográfica de diversos sistemas sectoriais, fundamentalmente nos ámbitos de Medio Rural, Medio Ambiente, Patrimonio, Industria e Transportes. → Colaboración coa Axencia Turismo de Galicia no desenvolvemento do proxecto de **Dixitalización dos Camiños de Santiago**. (aliñado co 5.6 Programa Turismo Intelixente). → Evolución do visor de dereitos mineiros para incorporar a visualización de información sobre **prospeccións mineiras** de distintos materiais.

Actividade:	**5.1.2. Coordinación e integración de sistemas de caracter sectorial**
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**5.1.3. Evolucionar os sistema neste ámbito (xeoportal e recursos cartográficos, rexistro galego de cartografía...), e a infraestrutura de base para o tratamento da información**
Descrición:	As iniciativas vinculadas ao sistema de información xeográfico e plataforma territorio intelixente se complementan cun conxunto de sistemas e capacidades que amplían as capacidades de difusión, así como o cumprimento de requisitos normativos.
Actividades 2026:	→ Posta en produción do sistema "**Nomenclátor Xeográfico de Galicia**", aliñado coa iniciativa GaliciaNomeada. Dito sistema estará composto por: ▪ Aloxamento da toponimia do Nomenclátor Xeográfico de Galicia nunha base de datos relacional, cumprindo cos requisitos do NGBE (Nomenclátor Geográfico Básico de España) e Inspire. ▪ Unha web para a carga e xestión básica dos topónimos. ▪ Servizos para sincronización con outros sistema de toponimia. ▪ Servizos para visualización da toponimia sobre mapa. ▪ Actualización do novo Nomenclator de Galicia 2026. → Despregamento corporativo e **xeración de servizos** a partir dos materiais cartográficos obtidos ao amparo do servizo de cartografía **a escala 1:5.000 segundo o modelo BTG v.1.1**, correspondentes a 80 concellos da provincia de Ourense. → **Evolución continuada e mantemento dos sistemas** e compoñentes neste ámbito. Esta liña de evolución continuada refírese a garantir aspectos vinculados a usabilidade, estabilidade, escalabilidade, rendemento, dispoñibilidade ou actualización tecnolóxica. E, en particular: ▪ Portal mapas.xunta.gal. ▪ Rexistro de Cartografía de Galicia, regulado no Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**5.1.4. Proxecto RETECH – Xemelgos Dixitais**
Descrición:	Execución do proxecto "**Aceleración de ecosistemas de emprendemento e innovación baseados en Xemelgos Dixitais**", no marco da convocatoria **RETECH.**
Actividades 2026:	→ **Finalización do desenvolvemento da infraestrutura tecnolóxica** para a habilitación de xemelgos dixitais. → Inicio da incorporación da infraestrutura para o espazo de datos do ámbito territorial.

Actividade:	5.1.4. Proxecto RETECH – Xemelgos Dixitais
	→ **Execución dos casos piloto:** Mapa Industrial de Galicia, Xemelgo Dixital das Pragas do Castiñeiro e da Velutina, Xemelgo Dixital da Explotación Gandeira, Análise do Xemelgo Dixital do Transporte, Xemelgo Dixital da Cobertura das Telecomunicacións, Patrimonio cultural.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	5.1.5. Espazos de datos para a innovación
Descrición:	Posta en marcha do concepto de **espazos de datos para a innovación.**
Actividades 2026:	→ Como continuación do proxecto RETECH – Xemelgos dixitais deseño da posta en marcha da iniciativa para o desenvolvemento dun espazo de datos para a innovación no ámbito rural (EIRA). → Convenio para a posta en marcha do espazo de datos para a innovación no rural.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Indicadores asociados

Actividade	Indicador	Valor 2026
Plataforma territorio intelixente	▪ Nº de conxuntos de datos metadatados no xeocatálogo	**40**
	▪ Nº de proxectos baixo soporte operativo	**30**
	▪ Licitación do novo ELA de licenzas de información xeográfica	**Licitado**
	▪ Sistema transversal de xeocodificación do territorio (retech)	**Dispoñible para implantación**
	▪ Despregamento da plataforma soporte de xemelgos dixitais (retech)	**Finalizado**
	▪ Programa de formación do convenio co CNTG (retech)	**Realizado**

5.2 Plan de transporte e mobilidade dixital: E-Mobility

Este programa ten como obxectivo a xeración dun ecosistema dixital de apoio á **xestión e información dun sistema de transporte e mobilidade seguro e respectuoso co medio ambiente**, que permita responder de forma áxil e eficiente ás demandas crecentes de mobilidade no territorio.

Para iso, porase especial atención ás actuacións definidas no eido do **plan e-Mobility**, que buscarán mellorar a relación coa cidadanía ofrecendo información ao viaxeiro en tempo real; avanzando cara novas modalidades de servizo, como o transporte baixo demanda de nova xeración ou os vehículos de condución supervisada, semi autónoma ou completamente autónoma; e mellorando a toma de decisións e planificación de actuacións na rede de estradas de Galicia.

Obxectivos

- → Desenvolver novos sistemas de información e xestión intelixente da mobilidade.
- → Desenvolver e dar soporte a un sistema integral de xestión e tramitación da oferta de transporte público de Galicia e da súa oficina virtual.
- → Modernizar os sistemas de pago no transporte público.
- → Mellorar os sistemas de información ao usuario.
- → Realizar a xestión integral da rede de estradas de Galicia.

Actividades

Actividade:	**5.2.1. Desenvolver novos sistemas de información e xestión intelixente da mobilidade**
Descrición:	Proponse a implantación de **ferramentas de procesamento e análise avanzado de datos para todos os axentes do sector** (administración, operadores e usuarios) co obxecto de **facilitar a toma de decisións e a aplicación de políticas de transporte**. Estas ferramentas permitiran definir un modelo de transporte optimizado que responda as necesidades reais dos cidadáns.
Actividades 2026:	Entre as principais actuacións a levar a cabo cabe destacar as seguintes: → Soporte dos cadros de mando dispoñibles na plataforma BI corporativa para o seguimento da oferta de transporte, das bonificacións de Xente Nova e da Tarifa +65, da demanda global dos servizos de transporte e do mapa de traxectos. → Mantemento evolutivo do cadro de mando de Xente Nova, mapa de traxectos e de demanda global da oferta de transporte para integración das vendas realizadas no marco do proxecto QR Xente Nova. Desenvolveranse novos indicadores e desgloses para as vendas realizadas con QRXN. → Soporte e mantemento evolutivo dos informes analíticos (desenvoltos en PowerBI) dispoñibles na ferramenta ITS SUITE do proxecto SAEGAL que permiten a explotación da información recibida no SAE en tempo real a través do protocolo estándar RTIG. → Soporte, mantemento evolutivo e mellora funcional do proxecto QaSAE, destinado á avaliación da calidade das estimacións de paso por parada dos autobuses en tempo real (cálculo do ETA), mediante a optimización dos algoritmos de descarte e validación das estimacións recibidas, a ampliación da

Actividade:	5.2.1. Desenvolver novos sistemas de información e xestión intelixente da mobilidade

cobertura con novas paradas e o deseño e implantación de novos indicadores de calidade para o seguimento do servizo.

- → Migración á plataforma corporativa de BI dos cadros de mando de transporte público relativos a concellos, facturación e demanda, incluíndo a consolidación dun repositorio común e gobernado que permita a explotación homoxénea de indicadores e a elaboración de informes a análises para o seguimento do servizo.
- → Análise e definición dun xemelo dixital de transporte público, orientado á representación virtual e dinámica da operación real do servizo, co obxectivo de mellorar a capacidade de análise, simulación e apoio á toma de decisións estratéxicas e operativas por parte da Dirección Xeral de Mobilidade. Unha vez definido o modelo conceptual do xemelo dixital do transporte, realizarase a análise da aplicabilidade dos casos de uso identificados sobre a Plataforma Territorio Intelixente da Xunta, co obxectivo de avaliar sinerxías, reutilización de compoñentes e integración cos modelos territoriais xa existentes.
- → Elaboración dos pregos para a contratación dunha nova plataforma tecnolóxica que permita un transporte rural regular á demanda, discrecional e adaptado. Consistiría en integrar nunha única plataforma o actual transporte baixo demanda integrado no Plan de transporte público de Galicia, cunha nova funcionalidade dirixida ás persoas usuarias do ámbito rural que permita realizar reservas de viaxes discrecionais compartidas e bonificadas cando o sistema non ofreza transporte regular. Este servizo prestaríase a través da adhesión de taxis dos correspondentes ámbitos territoriais e dos vehículos de transporte adaptado do servizo 065, que pasarían a formar parte dun sistema de transporte integrado entre as persoas usuarias actuais e as persoas usuarias xerais, garantindo así a accesibilidade de todas elas ao sistema público de transporte. A plataforma, a partir das solicitudes de reserva da cidadanía, realizaría a planificación dos servizos a prestar por cada vehículo adherido ao programa. Dita planificación comunicaríaselle á persoa condutora a través dunha APP, que permitiría igualmente realizar o seguimento do servizo en tempo real. As persoas usuarias, mediante outra APP, poderían coñecer en todo momento a localización do vehículo e a información relativa á hora de recollida en tempo real. Esta mesma plataforma permitiría tamén xestionar o Servizo Galego de Mobilidade Persoal (SGMAP), dirixido a persoas dependentes ou con mobilidade reducida. Esta actuación cofinanciarase co Fondo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), concretamente coa intervención GAL6872 "inversións en servizos básicos en zonas rurais".

Área responsable:	*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

Actividade:	5.2.2. Desenvolver e dar soporte a un sistema integral de xestión e tramitación da oferta de transporte público de Galicia e da súa oficina virtual
Descrición:	Os servizos de transporte público están suxeitos a cambios para adecualos ás necesidades da poboación mediante a tramitación dos correspondentes procedementos administrativos. Tal e como se recolle na **lei 39/2015** do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e no artigo 56, da **Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres (LOTT)**, é obrigatoria e

Actividade:	5.2.2. Desenvolver e dar soporte a un sistema integral de xestión e tramitación da oferta de transporte público de Galicia e da súa oficina virtual
	exclusiva a tramitación electrónica en materia de contratos de xestión de servizos públicos de transportes. Para o cumprimento desta obriga, desenvolveuse unha **oficina virtual do transporte (OTRANS)** para que os concesionarios e a Administración se relacionen de xeito telemático no marco dos contratos de xestión de servizos públicos de transporte.
Actividades 2026:	Entre as principais actuacións a levar a cabo en **OTRANS** cabe destacar as seguintes: → Melloras no módulo de facturación que permite o cálculo dos pagamentos a abonar a cada concesionario dun contrato de transporte regular de uso xeral en función dos conceptos: Compensacións por usuarios con reserva de praza (CURP), Compensacións por Obrigas de Servizo Público (COSP), recorrencia, bonos, etc. Entre as melloras a abordar destacan: a configuración de modelos de documentos de memoria por contrato, a edición das memorias de pagamento xeradas ou a publicación aos concesionarios da información de detalle das liquidacións. Incorporarase neste módulo a facturación dos servizos de transporte regular de uso especial. → Implantación dos expedientes de autorización de transporte regular de uso especial (códigos IF302H: centros públicos e IF302I: escolar non públicos, obreiros, lugares de lecer e outros). Xeración de oficio dunha nova autorización cando se resolva un expediente de modificación de oferta, vehículos ou persoal dun contrato de servizos de transporte regular por estrada de uso especial (centros públicos). → Implantación do procedemento IF321G de pagamentos/cesións de dereitos de cobro/información relativa á explotación de concesións de servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada. Verificación formal e material dos anexos I e II que presentan as empresas concesionarias. → Xestión integral dos contratos de servizos de transporte regular de uso especial (escolar centros públicos). Permitirase o rexistro dos datos específicos desta tipoloxía de contratos, a tramitación automatizada de expedientes de adscrición de medios (vehículos, persoal condutor e acompañante), de modificación de oferta, modificacións ou prórrogas dos contratos. Ademais, realizarase a exportación de mestres, a importación das circulacións no módulo de xestión de circulacións e o cálculo de liquidacións no módulo de facturación. → Melloras na integración da oferta de servizos integrados e de transporte regular de uso especial (escolar), na xestión de reservas de praza e nos días de libre disposición dos centros escolares coa aplicación de transporte escolar a través do desenvolvemento dunha API de servizos. → Completar o desenvolvemento e implantación do módulo para a xestión e facturación dos servizos de interese municipal (SIMU). → Desenvolvemento dun novo perfil de acceso tipo "concello". Este perfil terá acceso a oferta de transporte do seu concello. No caso dos concellos que contan con convenios coa Xunta de Galicia para a implantación de SIMUS ou bonificacións tarifarias, accederán directamente á información de evolución tanto referente á demanda e oferta dos servizos, como á propia facturación (incluídas as imputacións nas ATM). → Habilitar en sede a presentación de alegacións á CURP e á recorrencia interurbana por parte das empresas concesionarias. → Xeración e exportación da oferta de cada contrato en formato GTFS (General Transit Feed Specification). → Evolución do módulo de alertas meteorolóxicas cara a un sistema xenérico e reutilizable de xestión de alertas para a comunicación de incidencias no

Actividade:	5.2.2. Desenvolver e dar soporte a un sistema integral de xestión e tramitación da oferta de transporte público de Galicia e da súa oficina virtual

transporte, establecendo que as supresións de servizos derivadas de alertas serán xustificadas de oficio pola Administración e non computarán nas minoracións da COSP.

- → Completar a depuración do catálogo de paradas e integración das paradas de transporte regular de uso especial, establecendo un catálogo único para todos os servizos de uso xeral e de uso especial. Melloras na xestión do catálogo de paradas e puntos de parada permitindo a modificación e baixa de paradas e puntos de parada.
- → Implementación de melloras no módulo de circulacións, ampliando a descarga da información histórica de 48 a 72 horas e revisando o criterio de circulación detectada a efectos de facturación, de xeito que se requira, cando menos, a detección do 50 % das paradas da expedición para considerala realizada.
- → Desenvolvemento da tramitación electrónica das solicitudes de aplicación de descontos en MoBT das persoas usuarias con dereito a bonificacións no prezo do billete, mediante unha actuación administrativa automatizada (AAA), garantindo a comunicación automática dos descontos habilitados á plataforma MoBT.
- → Melloras no xerador de informes destacando os informes de verificación da adscrición de vehículos tanto baixo a modalidade de adscrición previa como dinámica para cada contrato ou o informe de traxectos.
- → Mantemento evolutivo dos servizos de interoperabilidade desenvolvidos para a aplicación de inspección (P_INSPEC) e para a plataforma MoBT.
- → Desenvolvemento dun novo proceso para o cálculo das liquidacións mensuais de recorrencia metropolitana para os billetes pagados coa plataforma MoBT. Estás compensacións remitiranse a entidade bancaria para o seu ingreso nos moedeiros virtuais das persoas usuarias.
- → Publicación aos concesionarios dos informes de liquidacións de billetes QR Xente Nova y dos billetes pagados coa plataforma MoBT.
- → Inicio da migración tecnolóxica da plataforma OTRANS cara a Java 21, incluíndo a análise e definición dunha estratexia de evolución arquitectónica que permita reducir o seu carácter monolítico mediante a división en módulos funcionais, mellorando a escalabilidade, o mantemento e a capacidade de evolución do sistema.

Área responsable:	*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

Actividade:	5.2.3. Realizar a xestión integral da rede de estradas de Galicia
Descrición:	En liña co previsto na **Estratexia para a Dixitalización e Innovación en materia de Estradas de Galicia da Axencia Galega de Infraestruturas**, prevese o desenvolvemento e implantación dunha completa solución integral de xestión das estradas de Galicia, que incluirá a xestión do seu inventario, da conservación e explotación das estradas, da planificación das actuacións, da tramitación dos estudos e proxectos e da execución das obras, de tal forma que permita a xestión das infraestruturas viarias tanto dende o seu compoñente alfanumérico como xeográfico, baseado en estándares.

Actividade:	**5.2.3. Realizar a xestión integral da rede de estradas de Galicia**
Actividades 2026:	Entre as principais actuacións a levar a cabo cabe destacar as seguintes: → Comezo do desenvolvemento dun sistema de xestión integral dos estudos e proxectos sobre a Rede Autonómica de Estradas de Galicia (P_SIXPE). No ano 2026, segundo a planificación do proxecto, está prevista a posta en marcha da primeira versión funcional do módulo público, do módulo de xestión de expedientes e do visor de información xeográfica (SIX). → Elaboración dos pregos para a contratación dun sistema que permita o inventario automatizado dos elementos da estrada. Esta actuación está incluída marco do Programa Galego de Intelixencia Artificial 2026-2027 concretamente na liña 13. Solucións de intelixencia artificial para a xestión de infraestruturas. O inicio desta actuación está supeditada á sinatura dun convenio de colaboración coa AXI para o seu financiamento.
Área responsable:	***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

Actividade:	**5.2.4. Modernizar os sistemas de pago no transporte público**
Descrición:	O plan de transporte metropolitano de Galicia supuxo a introdución da **tarxeta TMG (tarxeta metropolitana de Galicia)** como medio de pago. Pretendese facilitar aos usuarios do transporte **novos medios de pago open loop** (pago con móbil mediante códigos QR, tarxeta bancaria ou tarxeta de transporte propia) alternativos ao pago en efectivo. Estes novos medios de pago basearíanse nun **modelo de ticketing baseado en conta (Account Base Ticketing)** no que o usuario se rexistra previamente, identificase no autobús cun QR, tarxeta bancaria ou tarxeta de transporte e posteriormente o sistema de backoffice cobra a tarifa mais vantaxosa ao usuario en función das viaxes realizadas, a política tarifaria definida e o perfil asociado ao usuario.
Actividades 2026:	Entre as principais actuacións a levar a cabo cabe destacar as seguintes: → Soporte da solución QR Xente Nova, que permite aos mozos e mozas menores de 21 anos viaxar de balde nos autobuses interurbanos mediante o uso do móbil, incluíndo actuacións orientadas a facilitar a transición progresiva destas persoas usuarias cara ao uso da plataforma MoBT, a medida que se vaian habilitando máis contratos. → Definición da información mínima coa que deben contar os tíckets dos pasaxeiros para todos os contratos de transporte regular de uso xeral. Empregarase por defecto o idioma galego nos tíckets. Ademais, definirase a emisión dun informe denominado "folla de ruta" dende a propia canceladora coa información que se requira por a subdirección de inspección. → Execución do contrato mixto de subministración, deseño, desenvolvemento, implantación, soporte, mantemento e operación da plataforma galega de mobilidade 4.0 e da oficina técnica para a súa supervisión e dirección, Financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU (Expte: AMT-2022-0128). Esta nova plataforma inclúe, entre outras funcionalidades, un planificador de rutas multimodal con posibilidade de reserva de praza, un novo sistema de pagos baseado en conta (denominado ABT) que permitirá o pago co móbil,

Actividade:	5.2.4. Modernizar os sistemas de pago no transporte público

cunha tarxeta bancaria (EMV) ou coa nova tarxeta TMG, o que dará moita máis flexibilidade ás persoas usuarias para abonar as súas viaxes, un centro de atención a usuarios (CAU) e os servizos bancarios necesarios que garantan o correcto funcionamento das transaccións na plataforma.

→ No proxecto denominado MoBT acadaranse en 2026 os seguintes fitos:

- Publicación do novo portal web MoBT que inclúe un planificador multimodal avanzado coa posibilidade de reserva de servizos baixo demanda e a xestión da conta ABT.
- Comercialización a través do portal web MoBT da nova tarxeta MoBT.
- Habilitar o traspaso de saldo das tarxetas TMG e Xente Nova ás contas MoBT, así como permitir a recarga de saldo das contas MoBT mediante a da rede de caixeiros de Abanca.
- Obtención da certificación EMV Transit nivel 3 (L3), garantindo a interoperabilidade, seguridade e conformidade do sistema de pagamento con tarxetas bancarias no ámbito do transporte público, conforme aos estándares internacionais EMV para contornas de transporte.
- Habilitación do modo de pagamento postpago, permitindo o cálculo, consolidación e liquidación diferida das viaxes realizadas, conforme ao modelo ABT e garantindo a súa integración segura cos sistemas de xestión, facturación e control do transporte público.
- Extensión do pago ABT en MoBT a todos os contratos de transporte público regular de uso xeral, habilitando o seu uso tanto mediante móbil como mediante a nova tarxeta. Esta actuación irá a acompañada da execución dun plan de difusión do proxecto co obxectivo de dar a coñecer a solución entre a cidadanía e fomentar a súa adopción.

→ Tramitación da prórroga para dar continuidade ao contrato mixto mantemento e operación da plataforma galega de mobilidade 4.0 e da oficina técnica para a súa supervisión e dirección, Financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU (Expte: AMT-2022-0128).

Área responsable:	*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

Actividade:	5.2.5. Mellorar os sistemas de información ao usuario
Descrición:	Implantación de solucións e aplicacións para conectar ao cidadán coa infraestrutura de mobilidade e todos os servizos asociados baseados en aplicacións intelixentes móbiles para informar, reservar servizos e recibir todo tipo de información da cidadanía.
Actividades 2026:	Entre as principais actuacións a levar a cabo cabe destacar as seguintes: → Coordinación e seguimento da integración dos SAEs locais dos concesionarios de contratos de transporte regular de uso xeral no SAE da Xunta de Galicia (SAEGAL). Incorporaranse na comunicación en tempo real e na información histórica os datos dos condutores que prestan cada servizo.

Actividade:	5.2.5. Mellorar os sistemas de información ao usuario

- Integración en SAEGAL dos contratos de transporte regular de uso especial (escolares). Esta integración permitirá dar estimacións de chegada á parada en tempo real ás familias dos escolares con reserva de praza. Ademais, para os vehículos que presten servizos de transporte regular de uso especial que non dispoñan dun SAE homologado implantarase unha funcionalidade de seguimento de rutas sobre a APP Tráeme que remita información en tempo real a SAEGAL.
- Licitación e adxudicación do novo contrato de desenvolvemento de novas funcionalidades no Sistema de Axuda á Explotación, SAEGAL, financiado cofinanciado pola Unión Europea nun 60% con cargo ao Programa de Galicia FEDER 2021-2027.
- Exportación periódica, en formato GTFS, da oferta de transporte público interurbano a plataforma Galega de Mobilidade 4.0 (MoBT), a Google Transit e na web do Punto de Acceso Nacional de datos de transporte do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.
- Publicación do novo portal web MoBT que inclúe un planificador multimodal avanzado coa posibilidade de reserva de servizos baixo demanda.
- Mantemento evolutivo do portal de transporte público de Galicia (https://www.bus.gal) que permite a consulta dos servizos de transporte público por estrada, a reserva dos servizos baixo demanda e a comunicación das reservas realizadas aos contratistas. Migración do portal á versión 10 de Drupal. Coa posta en producción do portal MoBT, deshabilitarase o portal público de bus.gal, manténdose o portal privado para a xestión operativa do CAU Baixo Demanda ata a integración destas funcionalidades en OTRANS.
- Publicación na APP móbil MoBT o posicionamento en tempo real dos autobuses e estimacións de chegada ás paradas para mellorar a información ás persoas usuarias.
- Inicio do desenvolvemento do portal de mobilidade de Galicia que integre os contidos en materia de mobilidade do portal da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, do portal tmg.xunta.gal e do portal bus.gal.
- Mantemento evolutivo do observatorio de custos do transporte de mercadorías por estrada dentro da comunidade autónoma de Galicia. (OTRAME).

Área responsable:	*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

Indicadores asociados

Programa	Indicador	Valor 2026
5.2. Plan de transporte e mobilidade dixital: e-mobility	▪ Comercialización da nova tarxeta MoBT	Si
	▪ Publicación, na aplicación móbil MoBT, de información en tempo real dos servizos de transporte regular de uso xeral	Si

Programa	Indicador	Valor 2026
	▪ Análise e definición do xemelo dixital de transporte público	Si
	▪ Tramitación da primeira autorización e das prórrogas dos contratos de transporte regular de uso especial a través da Oficina Virtual do Transporte (OTRANS)	Si
	▪ En desenvolvemento, o novo portal de mobilidade de Galicia	Si
	▪ Adxudicación do novo contrato de desenvolvemento de novas funcionalidades no Sistema de Axuda á Explotación, SAEGAL	Si
	▪ Elaboración dos pregos para a contratación dunha nova plataforma tecnolóxica que permita un transporte rural regular á demanda, discrecional e adaptado	Si

5.3 Plan tecnolóxico para a xestión e conservación do Medio Ambiente e do Territorio

Este plan ten como obxectivo avanzar cara un **territorio máis verde e resiliente** mediante o deseño e a implementación dun **modelo sustentable de aproveitamento dos recursos naturais e ambientais de Galicia** (espazos naturais, fauna e flora, xestión dos residuos, climatoloxía...) e melloras na xestión do territorio. Para iso, introducirase un novo enfoque, centrado na conservación dos ecosistemas naturais e a súa biodiversidade, para aproveitar as capacidades das novas tecnoloxías en materia de integración da información nos sistemas, a monitorización de parámetros clave, o análise da información para a toma de decisións, etc. Ademais, desenvolverase unha plataforma urbanística dixital de Galicia que facilite a participación nos procedementos de planificación urbanística e que terá como finalidade posibilitar a tramitación integral dos instrumentos de ordenación do territorio e dos instrumentos de planeamento urbanístico.

Obxectivos

- → **Consolidar e evolucionar a plataforma** galega de información ambiental **Gaia**, como sistema integral de tramitación electrónica.
- → Pór en marcha unha **plataforma urbanística dixital** de Galicia.

Actividades

Actividade:	**5.3.1. Consolidar e evolucionar a plataforma galega de información ambiental, Gaia, como sistema integral de tramitación electrónica**
Descrición:	No ano 2015 púxose en marcha a **plataforma galega de información ambiental, GalA**, co obxectivo de integrar toda a información medioambiental, de facilitar e simplificar a comunicación coas empresas e de mellorar o coñecemento que ten a Administración sobre as mesmas. GalA ten que consolidarse como o portal de información ambiental de Galicia e ser o único punto de acceso para que as empresas podan cumprir cos seus compromisos medioambientais e cos procedementos telemáticos que lles esixe a normativa vixente.
Actividades 2026:	Entre as principais actuacións a levar a cabo cabe destacar as seguintes: → Execución do novo proxecto para o desenvolvemento de novas funcionalidades na plataforma GalA relacionadas co tratamento e xestión de Residuos (expediente AMT-2025-0010). Están previstos, entre outros, os seguintes desenvolvementos neste novo proxecto: ▪ Automatizar e dixitalizar os procedementos administrativos, a xestión e tramitación de expedientes, e o rexistro en bases de datos relativos á normativa de residuos, consolidando así o Rexistro de Xestores e Produtores de Residuos de Galicia: • MT967C - Notificación previa do traslado de residuos perigosos. • MT201C - Inicio de actividade de planta móbil. • MT203B - Actividade de proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación en materia de residuos. • MT203E - Actividade de compostaxe comunitaria de biorresiduos.

Actividade:	5.3.1. Consolidar e evolucionar a plataforma galega de información ambiental, Gaia, como sistema integral de tramitación electrónica

- MT201A - Autorización de ampliación do prazo de almacenamento de residuos.
- MT201H - Produción de subproduto. Comunidade autónoma de Galicia.

- Mellorar o intercambio de información con eSIR (Sistema de Información de Residuos do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico) e adaptación aos novos cambios do Ministerio.
- Desenvolver un Cadro de Mando e un módulo BI para a análise da información, procesamento e explotación de datos relacionados co tratamento e xestión de residuos.

→ Execución da prórroga do proxecto para o desenvolvemento de novas funcionalidades na plataforma GalA relacionadas co tratamento e xestión de Residuos (expediente AMT-2025-0010). Están previstos, entre outros, os seguintes desenvolvementos:

- Continuarase coa automatización dos procedementos administrativos e a xestión e tramitación de expedientes, co fin de centralizar e unificar a súa tramitación a través dunha plataforma tecnolóxica única. Están aínda pendentes de dixitalizar neste ámbito os seguintes procedementos:

  - MTXXXX- Explotadores.
  - MT203F - Información de xestión de residuos comerciais.
  - MT201D - Actividade de valorización de materiais naturais escavados en operacións de recheo e obras distintas a aquelas nas que se xeraron.
  - MT201E - Modificación da inscrición de valorización de materiais naturais escavados en operacións de recheo e obras distintas a aquelas nas que se xeraron.
  - MT986B - Modificación da inscrición no rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia.
  - MT986F - Comunicación de transporte profesional de residuos non perigosos.
  - MT975B - Autorización para o tratamento de residuos.
  - MT201B - Baixa no rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia (RXPXRG) .
  - MT975H - Modificación da autorización no rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia.
  - MT986I - Comunicación de actividades de produción de residuos non perigosos en cantidade superior a 1.000 t/ano.
  - MT986G - Comunicación de transporte profesional de residuos perigosos.
  - MT975G - Autorización de planta móbil para o tratamento de residuos.
  - MT986D - Comunicación de actividade de axente de residuos non perigosos.
  - MT986J - Comunicación de actividade de produción de residuos perigosos en cantidade igual ou superior a 10 t/ano.
  - MT986A - Comunicación de actividade de negociante de residuos non perigosos.

Actividade:	5.3.1. Consolidar e evolucionar a plataforma galega de información ambiental, Gaia, como sistema integral de tramitación electrónica

- MT986E - Comunicación de actividade de axente de residuos perigosos.
- MT985A – Ficha de características da planta depuradora de augas residuais.
- MT986C - Negociante residuos perigosos.

- Unificar e integrar en GalA a información existente nas diferentes aplicacións relacionadas coa xestión dos residuos, como a información de residuos urbanos de Galicia.
- Evolucionar o módulo de eSolicitude co obxecto de adaptalo á nova normativa reguladora da solicitude de información medioambiental.

→ Arranque e execución do novo proxecto para o desenvolvemento de novas funcionalidades na plataforma GalA (expediente AMT-2024-0090), co obxectivo de evolucionar a plataforma e seguir integrando a información dispersa en aplicacións legacy. Están previstos, entre outros, os seguintes desenvolvementos neste novo proxecto:

- Automatizar e dixitalizar os procedementos administrativos e a xestión e tramitación de expedientes, co fin de centralizar e unificar a súa tramitación a través dunha plataforma tecnolóxica única.
  - MT202A - Modificación substancial da autorización ambiental integrada e avaliación de impacto ambiental.
  - MT202B - Seguimento da autorización ambiental integrada.
  - MT202C - Revisión da autorización ambiental integrada.
  - MT202D - Modificación non substancial da autorización ambiental integrada.
  - MT202E - Cese temporal/Cese definitivo da instalación con autorización ambiental integrada.
  - MT202F - Transmisión/Cambio de razón social da autorización ambiental integrada.
  - MT201U - Inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada.
  - MT201R - Inicio de avaliación ambiental estratéxica ordinaria.
  - MT201Y - Autorización ambiental integrada e avaliación de impacto ambiental.
  - MT202H - Información en materia de solos potencialmente contaminados.
  - MT202G - Acceso á plataforma de información en materia de solos potencialmente contaminados.
  - MT201P - Autorización de instalacións con actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera (CAPCA) grupos A ou B.
  - MT201Q - Instalacións con actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera (CAPCA) grupo C.
- Desenvolver un novo módulo de Seguimento Ambiental para o seguimento integral das empresas e instalacións en materia medioambiental acorde coa futura Lei de administración ambiental simplificada, que unificará a normativa galega.
- Desenvolvemento dun novo módulo de Denuncias para a tramitación das denuncias de carácter medioambiental. Dito módulo deberá integrarse co módulo de inspeccións e, de ser posible, coa aplicación Iuris para a tramitación das sancións resultantes de ditas denuncias.

Actividade:	5.3.1. Consolidar e evolucionar a plataforma galega de información ambiental, Gaia, como sistema integral de tramitación electrónica

- Desenvolver un novo módulo de Solos, que xestionará, entre outras funcionalidades, a presentación periódica dos informes de situación de solos cando se solicite unha licenza ou autorización para o establecemento dalgunha actividade diferente das actividades potencialmente contaminantes (APC) ou que supoña un cambio de uso do solo.
- Completar o Rexistro Galego de Emisións (eREGADE) coa incorporación dos módulos eCOVs- Rexistro de Compostos Orgánico Volátiles (COV) e ePRTR- Rexistro de Emisións e Transferencias de Contaminantes (PRTR).
- Desenvolver un novo módulo eEmpresas, punto de entrada para as empresas e persoas usuarias, no que se centralizará toda a información relativa a cada unha das empresas, facilitándolles a tramitación das súas obrigas en materia medioambiental.
- Evolucionar o módulo de Inspeccións coa Implementación do procedemento de inspección de instalación con AAI, completar o risco ambiental, a memoria anual, xestión das taxas de inspección e migración da información da aplicación AAINT. Automatización e dixitalización da tramitación dos expedientes:
  - MT202I - Inspección Ambiental.
- Evolucionar o módulo de eCAPCA: desenvolver o sistema de cálculo das emisións en focos canalizados e a recollida da información dos sistemas automáticos de medida (SAM).
- Evolucionar o módulo de eRexistroAAI: evolucionar o módulo con melloras funcionais e de usabilidade.
- Desenvolver un Cadro de Mando e un módulo BI para a análise da información, procesamento e explotación de datos relacionados coa información medio ambiental.
- Desenvolver un módulo SIX transversal que permita visualizar na plataforma GaIA a información medioambiental xeorreferenciada.

→ Implementación dos seguintes procedementos para a tramitación e a xestión dos rexistros correspondentes:

- MT971A - Concesión de etiqueta ecolóxica.
- MT970A - Inscrición no rexistro galego de centros adheridos ao sistema de xestión e auditoría medio ambiental.
- MT202L - Inscrición no Rexistro de Entidades de Colaboración Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia.
- MT980A - Rexistro de entidades de carácter ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Rexistro de organismos de control ambiental autorizados (OCAS).

→ Mantemento e soporte das aplicacións relacionadas coa xestión medioambiental entre as que destacan: GAIA (Plataforma Galega de Información Medioambiental), SIMCA (Sistema de Información Medioambiental de Calidade e Avaliación), SIRGA (Sistema de Información de Residuos de Galicia), SIRUGA (Sistema de Información de Residuos Urbanos de Galicia), INSAMB (Xestión de Inspeccións Ambientais), COV (Compostos Orgánicos Volátiles), EPRTR (Rexistro de Emisións e Fontes Contaminantes) e SOLOS (Solos Contaminados). Entre outras tarefas, levarase a cabo unha actualización da plataforma tecnolóxica das seguintes aplicacións:

Actividade:	5.3.1. Consolidar e evolucionar a plataforma galega de información ambiental, Gaia, como sistema integral de tramitación electrónica

- Gaia: Plataforma galega de información ambiental.
- Olims3: Xestión das súas funcións de rexistro das mostras recibidas, determinacións realizadas e análise de resultados.
- Macinv: Almacenamento, rexistro e explotación da información de análise de presenza de macroinvertebrados das mostras que xestiona o LMAG.

→ Licitación do servizo de mantemento e soporte da plataforma GalA. Actualización tecnolóxica dos módulos da plataforma.

→ Posta en produción dun novo portal Web para GalA, cun novo deseño e plataforma tecnolóxica, que centralice a información medioambiental aínda dispersa noutros portais. Este portal unificará ademais os contidos do portal de residuos SIRGA e incluirá a Rede Galega de Economía Circular, que permitirá reunir coñecemento e establecer canles de colaboración entre actores clave de cara a impulsar a transición cara unha economía máis sostible en Galicia, ademais de facer a información máis accesible e comprensible á cidadanía. Ademais, crearase un apartado que publique información sobre o programa educativo de economía circular e mellorarase o visor de economía circular.

→ Mantemento e soporte da tramitación dos procedementos administrativos neste ámbito xestionados coa aplicación Tramita:

- MT975N - Subvencións a entidades locais galegas para o financiamento de actuacións destinadas ao fomento da prevención, reutilización e recollida en proximidade de residuos municipais. Fondos do Programa de Economía Circular e PIMA Residuos 2022/2023.
- MT975I - Subvencións a entidades locais galegas para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal. Feder 2014 - 2020.
- MT975J - Subvencións a entidades locais galegas para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal. Fondos de recuperación e resiliencia.
- MT975L - Axudas a pemes, autónomos, asociacións e fundacións sen Ánimo de lucro de Galicia para o financiamento de actuacións destinadas Á preparación para a reutilización e reciclaxe de residuos téxtiles recollidos separadamente.
- MT975M - Subvencións a entidades locais galegas para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal. Fondos de recuperación e resiliencia.
- MT975V - Subvencións a pemes, autónomos, asociacións e fundacións de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal.
- MT975U - Subvencións a entidades locais galegas para o financiamento de actuacións destinadas en materia de residuos de competencia municipal. Fondos de recuperación e resiliencia.
- MT975K - Subvencións a entidades locais galegas para o financiamento de actuacións destinadas Á mellora da xestión dos biorresiduos. Fondos de recuperación e resiliencia.
- MT975T - Subvencións a entidades locais galegas para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal para a implantación de recollidas separadas de biorresiduos, aceites de cociña usados e téxtiles. Fondos de recuperación e resiliencia.

Actividade:	5.3.1. Consolidar e evolucionar a plataforma galega de información ambiental, Gaia, como sistema integral de tramitación electrónica

- MT975P - Subvencións a entidades locais galegas para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal. fondos de recuperación e resiliencia.
- MT975Q - Subvencións a entidades locais galegas para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, construción de novos puntos limpos fixos. fondos de recuperación e resiliencia.
- MT975R - Subvencións a empresas, autónomos, asociacións e fundacións sen Ánimo de lucro de Galicia para o financiamento de actuacións destinadas Á preparación para a reutilización e reciclado de residuos téxtiles recollidos separadamente.
- MT975S - Subvencións a entidades locais galegas para o financiamento de actuacións de mellora de puntos limpos existentes, instalación de puntos limpos de proximidade, puntos limpos móbiles pxr e autorreparación e implementación de melloras nas instalacións de tratamento existentes en materia de residuos de competencia municipal. fondos de recuperación e resiliencia.

→ Probas de concepto para casos de uso de IA: análise intelixente na xestión de traslados de residuos, sistema de apoio á toma de decisións na xestión de residuos baseadas en datos e sistema de priorización de inspeccións ambientais a entidades de xestión de residuos.

→ Identificación, priorización e proposta de desenvolvemento de proxectos para o ámbito da xestión medioambiental no marco do Programa Galego de Intelixencia Artificial 2025-2027. Este programa supón unha oportunidade para aqueles ámbitos de traballo no que estas tecnoloxías poden implicar unha mellora relevante sobre os procesos actuais.

→ Continuarase co apoio do servizo de Oficina de Proxectos no eido de Medio Ambiente, tendo como prioridade a plataforma GalA, co fin de reforzar as capacidades da organización para a boa marcha do proxecto.

Área responsable:	*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

Actividade:	5.3.2. Pór en marcha unha plataforma urbanística dixital de Galicia
Descrición:	A Disposición adicional primeira da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, **"Plataforma Urbanística Dixital de Galicia"**, establece que a Comunidade Autónoma de Galicia desenvolverá unha aplicación que facilite a participación nos procedementos de planificación urbanística e que terá como finalidade posibilitar a tramitación integral dos instrumentos de planeamento urbanístico e ordenación do territorio. Este proxecto atópase enmarcado no desenvolvemento do Plan Tecnolóxico de modernización no ámbito do Urbanismo de Galicia, especificamente para os procesos de tramitación dos instrumentos de planeamento urbanístico e ordenación do territorio.
Actividades 2026:	Entre as principais actuacións a levar a cabo cabe destacar as seguintes:

Actividade:	5.3.2. Pór en marcha unha plataforma urbanística dixital de Galicia

→ En execución a primeira fase do servizo de desenvolvemento da Plataforma Urbanística Dixital de Galicia (PUDG) a través do expediente AMT-2024-0012, que suporá a creación de:

- Un portal privado do Portal de Urbanismo, que será a principal ferramenta que dará soporte aos Concellos para o inicio e seguimento da tramitación dos distintos instrumentos de planificación territorial e urbanística. Tamén será o punto de acceso dos organismos implicados na tramitación durante a fase de consultas e para a emisión de informes sectoriais.
- A Plataforma de Tramitación Urbanística, que permitirá a xestión integral dos expedientes urbanísticos e de ordenación do territorio e proporcionará as funcionalidades para a tramitación dos instrumentos de planificación territorial e urbanística, así como doutros procedementos competencia da Dirección Xeral de Urbanismo (DXU).
- Un Nodo de Coordinación Urbanística, que será o nodo de interoperabilidade para o intercambio de información entre os sistemas que conformen a plataforma.
- Un módulo SIX privado para a visualización e revisión da información gráfica dos instrumentos de planificación territorial e urbanística de Galicia.

→ Durante o 2026 porase en produción o portal privado, a plataforma de tramitación urbanística e o módulo SIX privado para a tramitación integral dos instrumentos de planificación urbanística (PXOM, modificación do PXOM, PBM, PBA, PP, PE, DNSR e ED) e de ordenación do territorio.

→ Identificación de casos de uso de IA: probas de concepto para a anonimización de datos dos expedientes e identificación de informes sectoriais na tramitación dos instrumentos de planeamento e ordenación do territorio.

→ Continuarase co apoio do servizo de Oficina de Proxecto para a PUDG, co fin de reforzar as capacidades da organización para a boa marcha do proxecto.

Área responsable:	*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

Indicadores asociados

Programa	Indicador	Valor 2026
5.3. Plan tecnolóxico para a xestión e conservación do Medio Ambiente e do territorio	▪ Posta en produción do novo tramitador da plataforma GaIA.	Si
	▪ Número de procedementos dixitalizados en 2026 na plataforma GaIA.	6
	▪ En execución o novo servizo de desenvolvemento e evolución da plataforma de información ambiental GaIA, cofinanciado	Si

Programa	Indicador	Valor 2026
	▪ pola Unión Europea nun 60% con cargo ao Programa de Galicia FEDER 2021-2027 (Expediente: AMT-2024-0090)	
	▪ Posta en produción do novo portal web da plataforma de información medioambiental GaIA.	Si
	▪ En produción a Plataforma Urbanística Dixital de Galicia para a tramitación dos instrumentos de planificación urbanística	Si
	▪ Realización de probas de concepto de casos de uso de IA: anonimización de datos dos expedientes e identificación de informes sectoriais na tramitación dos instrumentos de planeamento e ordenación do territorio.	Si

5.4 Plan para a Transformación Dixital do Sector primario

Galicia conta con gran cantidade de valiosos e valorados recursos naturais. Este programa busca potenciar a **mellora da competitividade do sector primario e das condicións de vida do medio rural**, facilitando o mantemento da actividade no territorio e o asentamento da poboación, impulsando un sector primario sostible económica, social e medio ambientalmente, que contribúa a crear valor engadido no rural galego.

Para iso, resulta fundamental a aplicación das tecnoloxías dixitais que ofrecen novas posibilidades de xestión en tempo real e transformación para o sector, con solucións que axuden a garantir o futuro da actividade e a avanzar na súa competitividade, sustentabilidade e no posicionamento no produto galego fóra da nosa Comunidade, de xeito que se potencie a súa adaptación na economía dixital. A dixitalización ofrece unha oportunidade para dar pulo ao sector primario, e a Administración pode e debe impulsar proxectos que actúen como panca de impulso, continuando e intensificando a liña iniciada no anterior contrato de xestión.

Obxectivos

- → Impulsar a introdución da intelixencia artificial (IA) na xestión interna e na xestión territorial. Analizar a potencialidade da aplicación da IA, o tratamento masivo de datos, técnicas de aprendizaxe máquina e outras tecnoloxías que impulsen proxectos tractores do sector primario de Galicia. Con base na anterior análise, desenvolver sistemas intelixentes na prevención e extinción de incendios, seguimento da evolución do viñedo, observación da sanidade forestal e outras áreas; baseados en simulación, técnicas de intelixencia artificial e emprego do Internet das Cousas (IoT).
- → Desenvolver unha Plataforma Agroforestal Dixital Avanzada como canle de comunicación co sector, e integrada con proxectos como o Inventario Forestal Continuo, o Mapa de Usos Agroforestais de Galicia ou as plataformas de xestión de biomasa, incendios ou xestión de instrumentos da terra agraria galega, entre outros.
- → Impulsar a dixitalización do sector forestal, dotándoos de maior valor engadido e visibilidade, e mellorar a trazabilidade da cadea de subministro de madeira.
- → Impulsar a difusión e comercialización de produtos galegos con calidade diferencial do medio rural a través de plataformas e canles dixitais.

Actividades

As actividades deste obxectivo foron relatadas nos eidos sectoriais descritos no apartado *2.7 Medidas para a Xestión Dixital do Sector Primario.* Isto é así porque se considera que ambos teñen unha fonda relación; promover os servizos públicos dixitais forman parte da estratexia mais global da transformación do sector primario, impulsando a economía dixital.

Neste obxectivo de alto nivel, promovendo a economía dixital no noso rural, participan tamén outras unidades e axencias da Xunta de Galicia, no que cada un dende o seu nivel de competencias de impulso da innovación ou de sectores tractores para Galicia, ou mesmo de iniciativas sectoriais que potencian aspectos como o turismo ou a imaxe promocional, fan uso das tecnoloxías da información e do sector TIC como pulo para o primario galego.

5.5 Medidas para o impulso da dixitalización e conservación do Patrimonio Cultural Galego – Memoria Dixital de Galicia

A iniciativa "**Memoria Dixital de Galicia**", posta en marcha durante o contrato de xestión anterior, promoveu o impulso da dixitalización, xestión, preservación e difusión do patrimonio, da identidade e da actividade cultural de Galicia, mediante a utilización das tecnoloxías da información, favorecendo novas modalidades de consumo interactivas e participativas.

Este programa ten como finalidade dar continuidade a dita iniciativa "Memoria Dixital de Galicia", incorporando novas iniciativas, incluíndo a **aplicación de tecnoloxías avanzadas e innovadoras para o desenvolvemento de servizos dixitais**, coa finalidade de **impulsar unha experiencia dixital, diferencial e enriquecida vinculada ao acceso e consumo de patrimonio e cultura**.

Neste programa avanzarase en solucións para a integración do coñecemento e uso da lingua en todo tipo de soportes e formatos dixitais. Abordarase o desenvolvemento de novos servizos para a xestión e difusión dos fondos dos arquivos, bibliotecas e museos, así como do patrimonio xestionado dende a Xunta de Galicia. E estableceranse modelos de colaboración coas restantes institucións que xestionan ou custodian o patrimonio.

Traballarase na mellor catalogación e descrición dos contidos, elaborando o modelo semántico dixital de Galiciana, como elemento aglutinador do patrimonio dixital, establecendo novas formas de acceso e compartición dos recursos dixitais.

Obxectivos

- → Promover o coñecemento e uso da lingua galega en todo tipo de soportes e formatos dixitais. Aproveitarase o potencial das tecnoloxías dixitais para potenciar e promocionar a lingua galega no seu rol como creadora de cultura e vehículo de posibilidades representativas así como a súa valorización como instrumento clave da identidade cultural e activo útil ao servizo das tecnoloxías lingüísticas.
- → Impulsar os sistemas de xestión e difusión dos arquivos e museos, e desenvolver servizos de interacción coa cidadanía.
- → Dotar ás entidades que custodian o patrimonio cultural de medios para levar a cabo a súa dixitalización.
- → Evolucionar o modelo de sistema de información para a xestión do patrimonio e da toponimia, incluíndo a xestión territorial avanzada.
- → Evolucionar e integrar novas tipoloxías de fondos en Galiciana. Patrimonio Dixital de Galicia.
- → Deseñar o modelo semántico dixital do patrimonio dixital ou dixitalizado galego ou de interese para Galicia. E desenvolver servizos avanzados de acceso.
- → Promover a integración da información do patrimonio nas redes ou espazos de datos europeos.
- → Promover os acordos de colaboración coas institucións implicadas na xestión e difusión do patrimonio.
- → Evolucionar os sistemas, portais e apps existentes vinculadas á xestión do patrimonio galego.

Actividades

Actividade:	**5.5.1. Evolucionar e desenvolver novos recursos para a promoción da lingua e incorporar técnicas avanzadas de tratamento da linguaxe**
Descrición:	En liña cos obxectivos da Secretaría Xeral da Lingua, abordase o desenvolvemento de ferramentas e servizos como recursos para o uso axeitado da e difusión da lingua galega: Sistemas normalizados de tradución automatizada, corrección, dicionarios enliña,...de uso extensivo e homoxéneo nas intranet e portais, segundo o ámbito de aplicación. Canles, portais e sistemas para a difusión lingüística e de repositorios orientados a normalización do uso, difusión e promoción da lingua galega.

	5.5.1.a Portais de difusión da lingua e repositorios lingüísticos
Descrición:	Na actualidade xestiónanse diversos espazos de difusión de actividades ou contidos en lingua galega, de diverso orixe e situación. Nomeadamente: ▪ O portal da lingua galega: https://www.lingua.gal/portada. ▪ Lex.gal Dereito xurídico consolidado: https://www.lex.gal/portada. ▪ Digalego - Diccionario de galego (Irlndo): https://digalego.xunta.gal (dispón tamén de app). ▪ EGU - Enciclopedia Galega Universal (Irlndo): https://egu.xunta.gal/es.
Actividades 2026:	→ O **portal da lingua galega**: Publicación cara a cidadanía do portal renovado en 2025. → **Diccionario xurídico consolidade**: Renovación do convenio de colaboración *"Parlamento de Galicia, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a ampliación de contidos e a optimización e mellora da tecnoloxía do portal xurídico Lex.gal a través da aplicación de intelixencia artificial"* → **Digalego e EGU** – Renovación tecnolóxica imprescindible por obsolescencia da base tecnolóxica. → **Diccionario Xurídico Galego – Xerais** – Actualmente aloxado en ed.xerais, asumir a integración coa xestión do resto de repositorios. → E en todos os casos, soporte e mantemento continuados dos espazos e apps.

	5.5.1.b Certificación CELGA e teleformación sobre a lingua galega
Descrición:	Os procesos de apoio a certificación CELGA inclúen: ▪ O "Portal da Teleformación da Lingua Galega", baseado en PLAFOR, para achegar á cidadanía os cursos de capacitación na lingua galega CELGA 1, CELGA 2, CELGA 3, CELGA 4 e "Cursos de Linguaxe Xurídica e Administrativa: https://formacion-lingua.xunta.gal. ▪ A aplicación de xestión de certificados do CELGA (XESCUR-legacy).
Actividades 2026:	→ Evolución continuada do "**Portal de teleformación**" en liña coa evolución da plataforma Plafor. → Acompañamento ás convocatorias de **probas de certificación en liña** (en remoto) con utilización de ferramentas de proctoring. Definición do acordo de prestación do servizo de soporte e atención á celebración de probas en remoto. Acompañamento nas probas a realizar en 2026.

Actividade:	**5.5.1. Evolucionar e desenvolver novos recursos para a promoción da lingua e incorporar técnicas avanzadas de tratamento da linguaxe**
	→ O sistema de xestión de **certificados XESCUR-Legacy**. Estimación de alcance de renovación do sistema que está actualmente en situación de obsolescencia tecnolóxica. → Servizo de **interoperabilidade dos certificados CELGA**. Desenvolvemento do servizo de interoperabilidade para verificación en PasaXe!, tanto para os certificados xerados dende o expediente educativo, como dos rexistrados en Xescur.

	5.5.1.c Gaio e recursos lingüísticos. Iniciativa Nós
Descrición:	Inclúense neste bloque os sistemas e servizos para a posta a disposición de recursos dixitais no uso da lingua galega, incluíndo o sistema de tradución automatizada GAIO, así como as iniciativas para fomentar os compoñentes tecnolóxicos que contribúen á presenza en internet da lingua galega.
Actividades 2026:	→ Evolución continuada e mantemento do **sistema de tradución GAIO**, nos tres ámbitos dispoñibles: Versión para a administración pública, para a cidadanía e app para dispositivos móbiles. → **Licitación da evolución de GAIO cara a plataforma MICELIO**, plataforma de servizos de lingua que complemente o sistema de tradución cos restantes servizos (texto-voz, corrector, ...) considerando os modelos desenvolvidos por Nós (ou outros modelos, ...), e mantendo igualmente o actual sistema GAIO con motor de tradución baseado en regras durante o tempo que se considere necesario. → **Proxecto Nós**. Formalización do modelo de relación coa USC para dar continuidade á validación e evolución dos modelos (LLM) do proxecto Nós. Continuación coa pilotaxe dos recursos habilitados (Tradutor, corrector e TTS).
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**5.5.2. Impulsar os sistemas de xestión e difusión dos arquivos e museos, e desenvolver servizos de interacción coa cidadanía - Arquivos**
Descrición:	Os arquivos e museos requiren de sistemas de xestión dos seus fondos e da súa actividade. Así como de canles de difusión para ó achegamento á cidadanía dos seus fondos e da súa actividade. Nesta liña de actividades inclúese a dotación de medios para: ▪ A xestión de arquivos físicos (**sistema ARQA**) recolle a xestión dos cadros de clasificación, ingresos, depósitos e ferramentas de descrición. E fichas ISDIAH do censo de arquivos. ▪ A xestión dos procesos vinculados a comisión de avaliación de documental de Galicia. ▪ Presenza en internet da rede de arquivos de Galicia. O ámbito de implantación esténdese dende o Arquivo de Galicia ata os restantes arquivos da Xunta de Galicia, e nos arquivos das entidades locais. O ámbito de arquivos se completa co proxecto Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia, e o arquivo electrónico administrativo.

Actividade:	**5.5.2. Impulsar os sistemas de xestión e difusión dos arquivos e museos, e desenvolver servizos de interacción coa cidadanía - Arquivos**
Actividades 2026:	→ Continuación coa **evolución e incorporación de novas funcionalidades no sistema de xestión arquivística ARQA**, fundamentalmente: ▪ Mellora integral (simplificación da xestión de depósitos físicos) ▪ Sincronización coas resolucións do Consello e Comisión de Avaliación. ▪ Extensión da capa de interoperabilidade do portal de arquivos de Galicia, fundamentalmente co espazo público da Comisión de Avaliación. ▪ Permitir a incorporación de fondos externos á Xunta depositados nos arquivos provinciais. ▪ Ademais da evolución e soporte continuado. → **Extensión da implantación do sistema ARQA.** (Inclúe normalmente migración de contidos dende o repositorio actualmente en uso). ▪ Arquivos de ámbito local: Ampliación da implantación en EELL. Dispoñible en 70 ano inicio do exercicio. A demanda. ▪ Arquivos do Sistema de Arquivos de Galicia (territoriais, históricos e Arquivo do Reino de Galicia): Finalización da implantación no Arquivo Provincial Territorial de Pontevedra, continuar co Reino de Galicia. Deixando para 2027 a integración de Ourense, Pontevedra e de Xunta de Galicia. → Determinación do **procedemento de aliñamento coa tramitación dos procedementos administrativos e a súa dixitalización**, para a definición de series documentais, criterios de clasificación e series e produtores do inventario de información administrativa. → Evolución do espazo en internet da rede de arquivos de Galicia (https://arquivosdegalicia.xunta.gal).
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**5.5.3. Impulsar os sistemas de xestión e difusión dos arquivos e museos e desenvolver servizos de interacción coa cidadanía - Museos**
Descrición:	Os museos requiren de sistemas de xestión dos seus fondos e da súa actividade. Así como de canles de difusión para ó achegamento á cidadanía dos seus fondos e da súa actividade. As iniciativas vinculadas a este ámbito céntranse en: ▪ Administración do sistema de xestión de fondos de museos DOMUS. ▪ Rede de portais dos museos dependentes da Xunta de Galicia. Estes portais fan especial fincapé na difusión das coleccións e actividades desas institucións. A publicación das coleccións faise, xeralmente, dende o repositorio DOMUS, o que permite tamén avanzar no uso sistemático e homoxéneo do sistema, mellorando a información colectiva das coleccións de museos dependentes da Xunta de Galicia. ▪ Aplicacións de difusión orientadas ás persoas dos museos (visitas guiadas ou visitas virtuais). Abordarase tamén o análise para a integración en Galiciana dos fondos de museos.

Actividade:	**5.5.3. Impulsar os sistemas de xestión e difusión dos arquivos e museos e desenvolver servizos de interacción coa cidadanía - Museos**
Actividades 2026:	→ Mantemento do sistema DOMUS e xestión dos procesos periódicos de integración con CERES. → Mantemento e evolución da relación de portais vinculados a museos ou similares. De xeito nominativo: ▪ O portal de referencia de museos: https://museos.xunta.gal/ ▪ Os portais específicos de museos dependentes da Xunta de Galicia: • Museo das Peregrinacións e de Santiago (Santiago). http://museoperegrinacions.xunta.gal • Museo de Belas Artes (A Coruña): https://museobelasartescoruna.xunta.gal/ • Museo Massó: https://museomasso.xunta.gal/ • Museo Etnolóxico de Ribadavia: https://museoetnoloxicoribadavia.xunta.gal/ • Museo do Viño de Galicia: https://museovinogalicia.xunta.gal/ • Museo do Castro de Viladonga: https://viladonga.xunta.gal/ • Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense (http://www.musarqourense.xunta.es) ▪ Os portais específicos de outras institucións culturais dependentes da Xunta de Galicia. • Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC): https://cgac.xunta.gal/ • Fundación Pública Galega Camilo José Cela (https://fundacioncela.gal/) → Inicio da renovación da web do Museo do Castro de Viladonga. → Mantemento das apps de visitas virtuais de museos (Peregrinacións, Belas Artes, Museo do Viño). → Inicio do proxecto de **rexistro do xeral de centros museísticos de Galicia**, segundo o establecido no Decreto 4/2026, de 19 de xaneiro, polo que se regulan os procedementos de creación, modificación e disolución de museos e outros centros museísticos de Galicia.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**5.5.4.a. Evolucionar o modelo de sistema de información para a xestión do patrimonio e da toponimia, incluíndo a xestión territorial avanzada – Sistema de xestión de patrimonio**
Descrición:	Xunto coa Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación Formación Profesional e Universidades, estase a levar a cabo o deseño de un modelo de información e dixitalización dos procesos vinculados á Xestión de patrimonio, tendo como referencia a Lei 5/2016, de 4 de maio, de Patrimonio Cultural de Galicia. O **sistema XERPA (Xestión de recursos do Patrimonio Cultural de Galicia)** recolle a xestión dos instrumentos identificados na Lei 5/2016: ▪ Censo del Patrimonio Cultural de Galicia ▪ Catálogo de Patrimonio Cultural de Galicia.

Actividade:	**5.5.4.a. Evolucionar o modelo de sistema de información para a xestión do patrimonio e da toponimia, incluíndo a xestión territorial avanzada – Sistema de xestión de patrimonio**
	▪ Relación de bens de interese cultural. Para iso o sistema permite: ▪ A recolleita da ficha do ben incluíndo a identificación, dimensión xeográfica, caracterización e marco regulatorio que establece o seu nivel de protección. ▪ A Xestión dos expedientes das intervencións no patrimonio e actos administrativos vinculados a el. Dende a posta en marcha estase a abordar unha ampliación progresiva de alcance incluído novas ámbitos de patrimonio, novas tramitacións de tipoloxías de expedientes e integración de diversos repositorios de contidos, co fin de consolidar Xerpa como o punto de referencia de Xestión e información dos bens catalogados pola Xunta de Galicia, e a súa posta a disposición da cidadanía.
Actividades 2026:	→ Evolución do actual sistema de xestión de bens: ▪ Continuación coa análise da evolución da caracterización / ficha de definición de bens patrimoniais: • Incorporación de bens mobles. ▪ Continuación coa integración de novos tipos de expediente e a incorporación de históricos na tramitación dixital de expedientes do ámbito patrimonial: • Expedientes sancionadores. • Expedientes de denuncia. • Incorporación de novos históricos de expedientes de Servizos Centrais e Departamentos Territoriais (impacto ambiental, autorización de intervención e solicitudes). ▪ Evolución funcional da operativa do sistema en canto á tramitación dixital de expedientes do ámbito patrimonial. • Incorporación á carpeta cidadá dos expedientes de autorización de intervención e autorización arqueolóxica. → Incorporación de novas capacidades tecnolóxicas da plataforma: • Análise de viabilidade da Incorporación dun axente para o apoio na busca intelixente da documentación de expedientes. • Integración coa PTI . Piloto de visor 3D para a visualización avanzada de datos patrimoniais.

Actividade:	**5.5.4.b. Evolucionar o modelo de sistema de información para a xestión do patrimonio e da toponimia, incluíndo a xestión territorial avanzada – Sistema de xestión de toponimia**
Descrición:	Proxecto de impulso da xestión dos nomes do territorio (toponimia e microtoponimia) como parte do patrimonio inmaterial galego, tendo en consideración tamén a súa importancia como instrumento para a xestión do territorio. E incluíndo a dimensión de participación cidadá como impulsor dos procesos de recolleita de microtoponimia. O sistema está composto polos seguintes elementos: ▪ Sistema de recolleita participativa de microtoponimia: GaliciaNomeada. Tanto portal como app.

Actividade:	**5.5.4.a. Evolucionar o modelo de sistema de información para a xestión do patrimonio e da toponimia, incluíndo a xestión territorial avanzada – Sistema de xestión de patrimonio**
	▪ Portal de difusión do proxecto de toponimia: https:\\toponimia.xunta.gal ▪ Sistema de xestión dos procesos de revisión do nomenclátor dende a Real Academia Galega. ▪ Capa de servizos de interoperabilidade dos elementos da microtoponimia. ▪ Aspecto importante é tamén o aliñamento cos repositorios de toponimia xestionados dende o Instituto de Estudos Xeográficos. Unha vez postos en marcha os principais instrumentos previstos, abordase a evolución continuada dos elementos que participan neste proxecto.
Actividades 2026:	→ Evolución continuada dos elementos que compoñen o sistema de xestión da toponimia de Galicia e aliñamento co **Nomenclátor Xeográfico de Galicia** (*ver programa 5.1*) → Actualización do nomenclátor a publicar en 2026.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**5.5.5 Evolucionar e integrar novas tipoloxías de fondos en Galiciana. Patrimonio Dixital de Galicia**
Descrición:	**Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia** configúrase como un sistema de recolección, difusión e preservación de patrimonio dixitalizado de Galicia, baseado nun modelo OAI-PMH e esquemas de metadatos. Está na actualidade composto polos seguintes sistemas: sistema de xestión da **Biblioteca Dixital de Galicia**, **sistema para a xestión do Arquivo Dixital de Galicia**, **sistema de recolección e difusión** (hub de recolección), **sistema de presentación do patrimonio dixital.** E está sendo recolectado polas redes Hispana e Europeana. A xestión de Galiciana supón, ademais, a colaboración coa D.X. de Cultura na definición nos elementos de goberno de Galiciana (plans de dixitalización, perfís para a dixitalización e definición dos plans de preservación) e administración dos procesos de inxesta de obxectos dixitais nos repositorios e de recolección de outras institucións.
Actividades 2026:	→ Evolución continuada dos sistemas que compoñen **Galiciana Patrimonio Dixital de Galicia:** ▪ Recolección e difusión : www.galiciana.gal ▪ Biblioteca Dixital de Galicia: https://biblioteca.galiciana.gal ▪ Arquivo Dixital de Galicia: https://arquivo.galiciana.gal ▪ Sistema de preservación. → Redeseño da arquitectura do sistema de preservación, por obsolescencia do actual sistema. → Gobernanza de Galiciana: ▪ Administración dos procesos de **recolección e inxesta** de obxectos dixitais tanto nos repositorios de xestión como no sistema de preservación. ▪ Actividade continuada de identificación de oportunidades de **curación y enriquecemento de contidos** de arquivo.

Actividade:	**5.5.5 Evolucionar e integrar novas tipoloxías de fondos en Galiciana. Patrimonio Dixital de Galicia**
Actividade:	**5.5.5.b Evolucionar e integrar novas tipoloxías de fondos en Galiciana. Patrimonio Dixital de Galicia. Iniciativa GALICIANA SEMÁNTICA**
Descrición:	É necesario facilitar o acceso aos contidos de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia, de xeito sinxelo para o conxunto da cidadanía, e tamén enriquecido con contidos para a xeración de historias que permita difundir a historia, patrimonio e identidade galega. O proxecto GalicianaSemántica propón a creación dunha ontoloxía do patrimonio, a xeración de interrogación baseado en grafos de coñecemento, unha nova canle de publicación de Galiciana, e a posta en marcha dun catálogo de autoridades.
Actividades 2026:	→ **Sistema de catálogo de autoridades.** Finalización do sistema e unificación de autoridades de Galiciana.ArquivoDixital, Galiciana.BibliotecaDixital; GaliciaNomeada. → Posta en marcha do **espazo web central (portal.galiciana.gal)** que serve como referencia do ecosistema GalicianaSemántica e que inclúa un metabuscador apoiado na dita que capa semántica para a interrogación dos micrositios creados. Quedarán integrados os contidos completos de arquivo e biblioteca dixital. → **Espazo RevistaNos.gal** : ▪ Migración á nova contorna do grafo de coñecemento. ▪ Revisión do OCR dos números para enriquecemento de metadatos. ▪ Posta en marcha do sistema de interrogación en linguaxe natural neste espazo. → Incorporación da **temática de museos**: Deseño e desenvolvemento do área de museos integrado no espazo central. Caso de uso co Museo de Peregrinacións. → Análise de alcance do proxecto de mellora do acceso aos contidos do catastro. → Mantemento e evolución dos espazos xa publicados: prensahistorica.galiciana.gal e memoriaeconcordia.galiciana.gal.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**5.5.6. Evolución de iniciativas de difusión de cultura**
Descrición:	Inclúense neste apartado diversas iniciativas relativas á difusión da cultura, non incluída nos apartados anteriores.
Actividades 2026:	→ **Evolución do portal de cabeceira cultura.gal.** Renovación tecnolóxica, para evitar situación de obsolescencia, e funcional, en coordinación co gabinete da Consellería. → **Axenda Cultural de Galicia.** Renovación tecnolóxica do sistema para evitar a obsolescencia tecnolóxica. Desenvolvemento dun compoñente de integración de eventos da axenda. → **No ámbito de AGADIC.** Filmoteca de Galicia:

Actividade:	**5.5.6. Evolución de iniciativas de difusión de cultura**

- Licitación do desenvolvemento dun novo sistema de xestión e descrición de fondos, para a substitución do actual sistema en FilmMaker.
- Soporte de infraestrutura para o proxecto **GaliciaFilmComissión.**

→ Publicación dos espazos web dos parques arqueolóxicos:

- Parque arqueolóxico de arte rupestre de Campo Lameiro.
- Parque arqueolóxico da cultura castrexa.

Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Indicadores asociados

Programa	Indicador	Valor 2026
Medidas para o impulso da dixitalización e conservación do patrimonio cultural galego - Memoria dixital de Galicia	▪ Licitación da evolución de GAIO cara a nova plataforma MICELIO de servizos de lingua	**Licitado**
	▪ Actualización do nomenclator de Galicia 2026.	**Actualizado**
	▪ GalicianaSemántica. RevistaNós, migración e interrogación en linguaxe natural	**Dispoñible**
	▪ Licitación do sistema integral para a xestión da Filmoteca de Galicia.	**Licitado**
	▪ Número de sistemas de xestión e información ou grandes funcionalidades en mantemento, evolucionados ou novos	**35**

5.6 Programa de Turismo Intelixente

Este plan lévase a cabo en coordinación coa Axencia Turismo de Galicia, co obxectivo de que a innovación e a tecnoloxía sexan os factores vertebradores da **modernización do sector turístico de Galicia**, un sector con capacidade de se converter nun dos motores de desenvolvemento económico e de creación de emprego da rexión.

O programa presta especial atención ao Camiño de Santiago, o gran atractivo turístico de Galicia, en torno ao cal se desenvolve a plataforma SmartCamiño, que engloba servizos e recursos relacionados coa experiencia de peregrinaxe, como a xestión da rede de albergues ou a articulación dunha rede de oficinas especializadas para a atención aos turistas.

E tamén fai fincapé nunha estratexia baseada na explotación do dato, que permite o coñecemento do destino e do sector, do comportamento do turista que nos visita, ou facilita a identificación de riscos ou das accións a executar para garantir a súa sostibilidade que permiten a implantación en Turismo de Galicia dun modelo de xestión baseada en datos (data-driven). A incorporación gradual da intelixencia artificial, coma soporte de servizos aos distintos actores, conforma un dos cumios desa estratexia.

Obxectivos

- → Acadar a xestión dixital integral dos procesos de traballo para o exercicio das competencias da administración pública no eido de turismo. Sistema de recursos turismo (RITGA) e inspección.
- → Evolucionar, manter e dar soporte aos medios e sistemas da Rede de Oficinas de Turismo e da rede de albergues do Camiño de Santiago.
- → Desenvolver novos servizos cara o sector turístico a través da extranet de turismo.
- → Desenvolver servizos de información e atención para o visitante. Asistente virtual de turismo de Galicia.
- → Desenvolver e implantar o sistema de información analítico avanzado de Turismo de Galicia. Pór en marcha iniciativas de sensorización de recursos turísticos.
- → Desenvolver o espazo de interoperabilidade de datos do eido de turismo, en liña coas estratexias de xestión e goberno do dato.
- → Incorporar novos servizos e recursos na plataforma SmartCamiño.
- → Evolucionar os sistemas, portais e apps de dinamización de Turismo de Galicia ou CSHG.

Actividades

Actividade:	**5.6.1. Acadar a xestión dixital integral dos procesos de traballo para o exercicio das competencias da administración pública no eido de turismo**
Descrición:	O **sistema de información integral para a xestión administrativa e promocional dos recursos turísticos de Galicia (RITGA)**, recolle os procesos administrativos do ámbito de turismo. Este sistema se complementa co **sistema de inspección turística (SIXITU)**, que inclúe os procesos e servizos para o apoio ao desenvolvemento aos procedementos de inspección. A finalidade de estes sistemas é garantir a información de calidade dos recursos turísticos dispoñibles na comunidade autónoma, e abordar a tramitación electrónica integral dos

Actividade:	**5.6.1. Acadar a xestión dixital integral dos procesos de traballo para o exercicio das competencias da administración pública no eido de turismo**
	procedementos neste ámbito, así como planificar, e realizar a actividade de inspección turística competencia da Axencia Turismo de Galicia. Garantir a dispoñibilidade destes sistemas esixe unha evolución continuada para dar soporte aos cambios normativos, procedementais e tecnolóxicos que inflúen no seu funcionamento.
Actividades 2026	→ Evolución continuada e mantemento do **sistema de información integral para a xestión administrativa e promocional dos recursos turísticos de Galicia (RITGA)**, así como todos aqueles compoñentes necesarios para o seu funcionamento en si mesmo ou integrados con outros sistemas. Implantación da integración co Arquivo Electrónico Administrativo (ARPAD), acadando a dixitalización integral dos procedementos. Renovación dos formularios de sede electrónica e integración de asistentes de precumplimentación. → Finalización e implantación da nova aplicación de **soporte á inspección turística**, que gaña en facilidade de uso para darlle un mellor soporte ás persoas inspectoras e, con elo, por un lado, garantir que se ofreza os turistas a mellor calidade posible por parte das empresas e establecementos e, por outro, que a información dispoñible na plataforma de Turismo sexa fiable e represente a realidade do sector. → Renovación tecnolóxica dos compoñentes de base da plataforma. **Substitución do CRM (TURCRM).**
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**5.6.2. Evolucionar, manter e dar soporte aos medios e sistemas da Rede de Oficinas de Turismo e da rede de albergues do Camiño de Santiago**
Descrición:	Deseño e posta en marcha do sistema de información e medios TIC para as oficinas de turismo integradas nunha rede de oficinas de turismo, perseguindo o acceso a información de interese, traballo en rede, en medios tic para a atención ao turista que se achega á oficina.
Actividades 2026	→ **Evolución do espazo colaborativo** para a rede de oficinas de información turística, TURINFO. → Desenvolvemento dun **piloto de asistente conversacional** para o acompañamento aos profesionais das oficinas de turismo. → **Manter e actualizar información a través das pantallas de cartelería dixital**. Facilita ao turista información sobre as campañas turísticas de Galicia e os eventos festivos e de carácter cultural que teñan lugar durante este ano. → Dotación dun **punto de acceso ao servizo SVisual** para a atención ás persoas xordas nas oficinas de Ourense, Santiago, A Coruña e Ferrol.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**5.6.3. // 5.6.4. // 5.6.7. Desenvolver novos servizos cara o sector turístico a través de Turespazo, a rede de portais e a rede de aplicacións para dispositivos móbiles**
Descrición:	No eido de turismo é especialmente salientable garantir unha presenza actualizada na internet ou nos dispositivos de mobilidade dos visitantes ou potenciais visitantes: ▪ Evolución dos principais portais do eido de turismo: turismo.gal e os espazos dependentes ▪ Evolución continuada da canle caminodesantiago.gal ▪ Evolución da extranet de turismo, TURESPAZO
Actividades 2026	→ **Evolución continuada e mantemento dos portais de referencia de turismo: turespazo.gal, turismo.gal, caminodesantiago.gal**, así como os outros dependentes (blogs). ▪ Adecuación de contidos e espazos en función de necesidades de ATURGA ou cumprimento de normativa de accesibilidade. ▪ Migración da infraestrutura de base dos portais, por obsolescencia tecnolóxica da actual. → **Evolución continuada da colección de aplicacións móbiles** para a difusión de recursos turísticos. → En relación a **TURESPAZO**, evolución continuada, orientada cara unha mellor calidade dos datos. ▪ Mellora dos controis sobre os cambios de titular. ▪ Control de baixa de establecementos e deshabilitación en Turespazo. ▪ Cambio no modelo de integración e aliñamento co nodo de información cidadá.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**5.6.5. // 5.6.6. Desenvolver e implantar o sistema de información analítico avanzado de Turismo de Galicia. Desenvolver o espazo de interoperabilidade de datos do eido de turismo, en liña coas estratexias de xestión e goberno do dato. Posta en marcha iniciativas de sensorización de recursos turísticos e do Xemelgo Dixital**
Descrición:	Evolución do espazo do datos de turismo de Galicia baseado nun sistema de información analítica que inxesta datos heteroxéneos de múltiples fontes, incluídos sensores implantados sobre o terreo. O espazo de datos está organizado en base a casos de negocio, dos que xa están desenvoltos os de demanda e rendibilidade económica. Estes danlle continuidade ao de oferta, un específico para o Camiño e o de sostibilidade. A implantación dun servizo de goberno adaptado ao dato turístico permitirá o coñecemento e estrutura dos datos almacenados e abre a porta ao seu uso por parte de terceiros. *(Esta actividade está aliñada co Programa 1.7 Xestión intelixente do dato).*
Actividades 2026	→ Evolución do **sistema de intelixencia de Turismo de Galicia TURINT** (baseado en tecnoloxías BigData) coa: ▪ Evolución continuada dos casos de negocio de mercado e oferta turística, así como de sostibilidade.

Actividade:	**5.6.5. // 5.6.6. Desenvolver e implantar o sistema de información analítico avanzado de Turismo de Galicia. Desenvolver o espazo de interoperabilidade de datos do eido de turismo, en liña coas estratexias de xestión e goberno do dato. Posta en marcha iniciativas de sensorización de recursos turísticos e do Xemelgo Dixital**

- Desenvolvemento do casos de negocio de Territorios (áreas turísticas, provincias, xeodestinos e concellos), Camiño de Santiago.
- Desenvolvemento de casos de analítica avanzada (modelo de ocupación de albergues,..)

→ Aliñamento do modelo de gobernanza coa estratexia do dato. Incorporación das capacidades de **goberno do dato**. Implantación dun modelo baseado na identificación e caracterización de roles e procesos que se plasman nunha catalogación en base os distintos casos de negocio nos que está organizado o espazo de datos. Esta ferramenta é a chave para, no futuro, abrir o espazo de datos a terceiros (centros de investigación, departamentos das universidades ou empresas, ...)

→ Evolución do **nodo de interoperabilidade (TURNIX)** e do modelo ontolóxico e semántico implantado, baseado en estándares, o que garante a súa interoperabilidade

→ Adxudicación e implantación da ampliación da Plataforma de Sensores de Mobilidade do Camiño de Santiago en Galicia. Licitación da ampliación dos puntos de sensorización.

Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**5.6.8. Evolucionar os sistemas, portais e apps de dinamización de Turismo de Galicia ou CSHG**
Descrición:	Inclúense nesta actividade e evolución de sistemas de información ou dotación de medios non contemplados nos apartados anteriores, e que están vinculados as actividades da Axencia Turismo de Galicia. Igualmente o Centro Superior de Hostalaría de Galicia, vinculado a Axencia Turismo de Galicia, dispón de diversas ferramentas tecnolóxicas para o acompañamento á súa actividade docente. Nesta actividade inclúese o mantemento, e evolución continuada destes sistemas.
Actividades 2026	→ Consolidación de pantallas interactivas no CSHG, permitindo a formación presencial e online de maneira simultánea. Valorarase a ampliación das mesmas segundo as necesidades do Centro. → No ámbito da **Axencia de Turismo de Galicia Evolución** continuada do sistema Xestela de xestión da Axencia Turismo de Galicia. → Evolución de medios no **Centro Superior de Hostalaría de Galicia**: ▪ Mantemento continuado da plataforma de formación on-line (no marco do proxecto PLAFOR) do CSHG. ▪ Continuación coa evolución do **sistema de Xestión Académica do CSHG**.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Actividade:	**5.6.9. Cooperación institucional**
Descrición:	Inclúense nesta actividade as liñas de cooperación formalizadas con outras institucións para o desenvolvemento das capacidades dixitais no eido de turismo.
Actividades 2026	→ **Cooperación co Segittur.** Plan de acción dentro do protocolo xeral de actuación para o desenvolvemento conxunto de actuación para a promoción e impulso dos destinos turísticos intelixentes (DTI) e a información do destino Galicia no sistema de Intelixencia turística (SIT). → **Definición dun modelo de cooperación coas entidades locais** para a compartición de datos de destinos turísticos intelixentes.
Área responsable:	***Área de Administración Dixital***

Indicadores asociados

Programa	Indicador	Valor 2026
Programa de Turismo Intelixente	▪ RITGA – Integración con ARPAD	**Implantado**
	▪ SIXITU – Implantación do novo sistema de inspección	**Implantado**
	▪ Execución dun piloto de asistencia virtual para as oficinas de turismo	**Executado**
	▪ Implantación da ampliación da plataforma de sensores do Camiño de Santiago a	**Implantado**
	▪ Número de sistemas de xestión e información ou grandes funcionalidades en mantemento, evolucionados ou novos	**19**

5.7 Impulso á empresa dixital

A súa finalidade é **reforzar a competitividade do tecido empresarial galego**, e en particular das pemes, promovendo a integración das novas tecnoloxías nos seus procesos produtivos, para que poidan aproveitar o impulso da dixitalización para mellorar o seu negocio, adquirir unha posición diferencial no mercado; aumentando a súa capacidade de crecemento e mellorando a súa competitividade.

Obxectivos

- → Desenvolver actuacións de formación, difusión e implantación de solucións tecnolóxicas para a reactivación dixital das pemes.
- → Apoiar ás pemes na definición da súa estratexia dixital a través da posta en marcha de programas de asesoramento.

Actividades

Actividade:	**5.7.1. Programa de asistencia GTech para unha reactivación tecnolóxica avanzada e mentalidade innovadora**
Descrición:	Tras o remate da última edición do Programa Reacciona TIC estívose a definir un novo programa cun enfoque máis amplo, que se centra na implantación de tecnoloxías transformadoras e disruptivas, dunha forma estratéxica nas empresas e cun campo de actuación profundo ofrecendo ás pemes galegas un catálogo unificado de servizos a prezos reducidos; orientados a mellorar a súa competitividade a través de aspectos operativos, cambio de mentalidade, estratéxico e a incorporación de solucións tecnolóxicas. Tras o lanzamento das licitacións o longo do 2025 para a identificación das empresas prestadoras dos servizos do Programa ReactivaTec; para o 2026 prevese dar paso, unha vez resolta a licitación, ao inicio do acceso aos servizos por medio de varias convocatorias. As pemes poderán acceder a servizos relacionados coas novas tendencias dixitais, onde ademais recibirán unha folla de ruta e capacitación para todos os implicados, todo isto co obxecto de lograr unha transformación dos estándares nas pemes galegas cara unha maior dixitalización.
Actividades 2026:	→ Acceso aos servizos.
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Indicadores asociados

Actividade	Indicador	Valor 2026
5.7.1 Programa para a reactivación tecnolóxica avanzada e mentalidade innovadora	▪ Acceso os servicos do programa Reactivatec Lanzamento do novo programa	**Si**

Obxectivo estratéxico 6: Favorecer o crecemento do ecosistema dixital



OBXECTIVO 6. FAVORECER O CRECEMENTO DO ECOSISTEMA DIXITAL

6.1 Estratexia Galicia Dixital 2030

No marco deste programa traballarase na **avaliación e seguimento das actuacións e iniciativas** que se leven a cabo no ano 2026 no eido do marco dixital común da Comunidade, a **Estratexia Galicia Dixital 2030**. Perseguindo a coordinación de todas as actuacións en materia de dixitalización impulsadas no territorio, implicando aos axentes do ecosistema dixital galego: cidadanía, empresas e administracións.

Ademais, levarase a cabo unha labor de vixilancia continua e seguimento de diferentes actuacións, medidas ou iniciativas no marco da sociedade da información co fin de identificar posibles sinerxías coas diferentes estratexias existentes a nivel rexional, nacional ou internacional que poidan incidir sobre o desenvolvemento e transformación dixital de Galicia.

Obxectivos

- → Levar a cabo a avaliación, seguimento e posta en marcha de iniciativas no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030.
- → Análise e seguimento doutras iniciativas, estratexias ou actividades a nivel rexional, nacional e internacional no eido da sociedade da información.

Actividades

Actividade:	**6.1.1. Vixilancia continua e seguimento de diversas medidas, actuacións e iniciativas no eido da sociedade da información**
Descrición:	Análise, estudo e seguimento de diferentes medidas, iniciativas ou plans estratéxicos a nivel rexional, nacional ou internacional na contorna da **Estratexia Galicia Dixital 2030** e a sociedade da información no seu conxunto, así como de diferentes ámbitos que poidan incidir de forma relevante na estratexia (fondos, subvencións...). Con este labor trátase de detectar cambios, novidades, oportunidades ou aspectos relevantes para contribuír á **mellora continua da EGD2030** e o seu proceso de toma de decisións, potenciando os resultados derivados das súas actuacións e reforzando os recursos dos que dispón.
Actividades 2026:	→ Análise do contexto da sociedade da información, no que respecta a outros plans estratéxicos rexionais, nacionais, europeos ou internacionais, así como o desenvolvemento daquelas iniciativas de interese. → Posta en marcha dos mecanismos que permitan a identificación e aproveitamento de posibles sinerxías e contribúan ao proceso de mellora continua das actuacións recollidas na EGD2030.
Área responsable:	***Oficina de Apoio Estratéxico e Planificación***

Actividade:	**6.1.2. Avaliación e seguimento dos programas e iniciativas levadas a cabo no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030**
Descrición:	Soporte ao seguimento do desenvolvemento e execución das actuacións da EGD2030 que sexan abordadas durante o ano 2026 coa finalidade de identificar e analizar os resultados e impacto acadados coas mesmas, contribuíndo, a valorar o cumprimento dos obxectivos propostos e, de ser necesario, ao establecemento de medidas correctoras para mellorar a eficacia das iniciativas.
Actividades 2026:	→ Seguimento da evolución dos proxectos derivados da EGD2030 e análise dos avances e impacto acadado a través do seu desenvolvemento.
Área responsable:	***Oficina de Apoio Estratéxico e Planificación***

Actividade:	**6.1.3. Coordinación e harmonización das actividades e iniciativas levadas a cabo no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030**
Descrición:	O obxectivo desta actuación é conseguir a óptima coordinación e harmonización das actuacións e iniciativas desenvoltas no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030 de forma que se potencien as capacidades e se reforcen os recursos dispoñibles.
Actividades 2026:	→ Posta en marcha de mecanismos para acadar unha óptima coordinación, encaixe e harmonización das iniciativas e programas desenvoltos no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030.
Área responsable:	***Oficina de Apoio Estratéxico e Planificación***

Actividade:	**6.1.4. Promoción da identidade de Galicia como rexión singular nos ámbitos da transformación dixital**
Descrición:	O obxectivo xeral desta acción será identificar as áreas destacadas de especialización tecnolóxica para establecer unha identidade de Galicia como rexión singular nos ámbitos da transformación dixital.
Actividades 2026:	→ Colaboración na elaboración do Plan Director da Industria das TIC en Galicia.
Área responsable:	***Oficina de Apoio Estratéxico e Planificación***

Indicadores asociados

Actividade	Indicador	Valor 2026
Avaliación e seguimento continuo dos programas e iniciativas levadas a cabo no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030	▪ Nº de informes de balance realizados	**1**
Promoción da identidade de Galicia como rexión singular nos ámbitos da transformación dixital	▪ Elaboración do Plan Director da Industria das TIC en Galicia	**Si**

6.2 Estratexia Galega de Intelixencia Artificial

A Amtega traballa na posta en marcha de actuacións dirixidas á aplicación das tecnoloxías intelixentes no ámbito público, perseguindo a implicación nestas actuacións, das empresas e do sector do coñecemento, co obxectivo de que a rexión sexa pioneira na adopción destas tecnoloxías tanto no ámbito público como no privado.

Obxectivos

- → Levar a cabo a avaliación, seguimento e posta en marcha de iniciativas no marco da Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030.
- → Definir un marco responsable para a adopción da IA.
- → Impulsar a adopción da intelixencia artificial en Galicia.

Actividades

Actividade:	**6.2.1. Dinamización do Consello Galego de Intelixencia Artificial**
Descrición:	No ano 2025 entrou en vigor a Lei 2/2025, de 2 de abril, para o desenvolvemento e o impulso da intelixencia artificial en Galicia na que se regula, no seu artigo 30, a constitución e actividade do Consello Galego de Intelixencia Artificial, como un órgano colexiado de carácter estratéxico para o asesoramento e impulso en materia de intelixencia artificial na Comunidade Autónoma de Galicia, adscrito á consellaría competente en materia de tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico. Neste sentido, unha vez constituído no ano 2025, celebrarase unha reunión de seguimento ao longo do 2026.
Actividades 2026:	→ Celebración dunha reunión de seguimento do Consello Galego de Intelixencia artificial.
Área responsable:	***Oficina de Apoio Estratéxico e Planificación***

Actividade:	**6.2.2. Dinamización da Comisión de expertos para o asesoramento na adopción e uso ético da intelixencia artificial en Galicia**
Descrición:	Ao longo do ano 2026, prevese a celebración dunha reunión de traballo coa Comisión de expertos para o asesoramento na adopción e uso ético da intelixencia artificial en Galicia co obxectivo de contar co seu asesoramento nos distintos documentos estratéxicos elaborados.
Actividades 2026:	→ Celebración da sesión de traballo da Comisión de expertos para o asesoramento na adopción e uso ético da intelixencia artificial en Galicia.
Área responsable:	***Oficina de Apoio Estratéxico e Planificación***

Actividade:	**6.2.3. Dinamización da Oficina de Intelixencia artificial de Galicia**
Descrición:	No ano 2025 entrou en vigor a Lei 2/2025, de 2 de abril, para o desenvolvemento e o impulso da intelixencia artificial en Galicia na que se regula, no seu artigo 28, a constitución e actividade da Oficina de Intelixencia artificial de Galicia como oficina coordinadora para a implantación de proxectos de intelixencia artificial que supervisará e apoiará as actuacións dos órganos promotores funcionais e responsables tecnolóxicos indicados no artigo anterior no relativo á posta en marcha de sistemas de intelixencia artificial e que coordinará a implantación destes sistemas na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e no sector público autonómico.
Actividades 2026:	→ Creación e posta en marcha do Departamento de Goberno e Supervisión da intelixencia artificial da Oficina de Intelixencia artificial. → Posta en marcha do Programa galego de Intelixencia artificial 2026-2028. → Aprobación do modelo de goberno IA para a Xunta de Galicia. → Participación no sandbox IA que porá en marcha a Secretaría de Estado de Intelixencia Artificial para ensaiar o cumprimento do Regulamento Europeo de Intelixencia Artificial nas organizacións españolas públicas e privadas.
Área responsable:	***Oficina de Apoio Estratéxico e Planificación***

Actividade:	**6.2.4. Deseño dun ciclo formativo no ámbito da Intelixencia artificial**
Descrición:	Ao longo do ano 2026, prevese o deseño e impartición dun ciclo formativo no ámbito das tecnoloxías intelixentes a impartir na rede de aulas CeMIT.
Actividades 2026:	→ Deseño do ciclo formativo. → Impartición do ciclo formativo.
Área responsable:	***Oficina de Apoio Estratéxico e Planificación***

Actividade:	**6.2.5. Deseño dunhas xornadas divulgativas sobre os marcos normativos en materia de intelixencia artificial**
Descrición:	Ao longo do ano 2026, prevese a celebración dunhas xornadas divulgativas que profunden no impacto do Regulamento Europeo de Intelixencia artificial, así como nas implicacións da Lei 2/2025, de 2 de abril, para o desenvolvemento e o impulso da intelixencia artificial en Galicia.
Actividades 2026:	→ Deseño das xornadas divulgativas. → Impartición das xornadas divulgativas.

Actividade:	**6.2.5. Deseño dunhas xornadas divulgativas sobre os marcos normativos en materia de intelixencia artificial**
Área responsable:	***Oficina de Apoio Estratéxico e Planificación***

Actividade:	**6.2.6. Avaliación e seguimento dos programas e iniciativas levadas a cabo no marco da Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030**
Descrición:	Ao longo do ano 2026, prevese a elaboración dun documento de avaliación e seguimento das actuacións en materia de intelixencia artificial no marco da Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030.
Actividades 2026:	→ Apoio na avaliación e seguimento das actuacións en materia de intelixencia artificial. → Seguimento da evolución dos proxectos derivados da EGIA2030 e análise dos avances e impacto acadado a través do seu desenvolvemento.
Área responsable:	***Oficina de Apoio Estratéxico e Planificación***

Indicadores asociados

Actividade	Indicador	Valor 2026
6.2.1. Dinamización do Consello Galego de Intelixencia Artificial	▪ Nº de reunións celebradas	**1**
6.2.2. Dinamización da Comisión de expertos para o asesoramento na adopción e uso ético da intelixencia artificial en Galicia	▪ Nº reunións celebradas	**1**
6.2.3. Dinamización da Oficina de Intelixencia artificial de Galicia	▪ Posta en marcha do Programa galego de Intelixencia artificial 2026-2028	**SI**
	▪ Aprobación do modelo de goberno IA	**SI**
	▪ Participación no sandbox IA	**SI**
6.2.4. Deseño dun ciclo formativo no ámbito da Intelixencia artificial	▪ Nº persoas que reciben a formación	**100**

6.2.5 Deseño dunhas xornadas divulgativas sobre os marcos normativos en materia de intelixencia artificial	▪ Nº persoas que asisten ás xornadas divulgativas	**200**
16.2.6 Avaliación e seguimento dos programas e iniciativas levadas a cabo no marco da Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030	▪ Nº de informes de balance realizados	**1**

6.3 Plan de impulso ao Software libre e aos estándares abertos

O Plan de impulso ao software libre ten como finalidade, por unha banda, a **implantación de solucións de software libre na súa infraestrutura tecnolóxica**, que reportan un considerable aforro e mellora de produtividade, e por outra, o impulso dunha oferta de solucións baseadas en software libre e estándares abertos que se acheguen ao sector empresarial e á cidadanía.

Durante o ano 2026 a Oficina de Software Libre continuará desenvolvendo actuacións orientadas á promoción, difusión e adopción do software libre no ámbito das administracións públicas, da cidadanía, do tecido empresarial e da comunidade tecnolóxica e formativa de Galicia.

As liñas de traballo manterán unha orientación de continuidade con respecto a exercicios anteriores, reforzando a xeración e difusión de contidos, as accións formativas e a dinamización do ecosistema, e incorporando novos espazos e formatos de participación orientados á experimentación, á capacitación e á innovación aberta.

O plan céntrase na promoción e difusión do software libre mediante accións de comunicación, formación e dinamización, facilitando o acceso a recursos, coñecemento e experiencias prácticas que favorezan a súa adopción por parte dos distintos públicos obxectivo.

Obxectivos

- → Promover o coñecemento do software libre.
- → Facilitar a adopción de solucións baseadas en software libre por parte das administracións públicas e das empresas.
- → Fomentar a creación e dinamización dunha comunidade activa arredor do software libre.
- → Difundir casos de uso e experiencias reais que sirvan de referencia.

Actividades

Actividade:	**6.3.1. Fomento do uso do Software Libre nas empresas galegas**
Descrición:	O sector empresarial é un dos eixos principais da estratexia da Amtega para o fomento do software libre. As actuacións dirixidas a este ámbito veñen centralizándose en torno ao GaiásTech e o resto da rede de nodos de especialización tecnolóxica de Galicia, contando tamén co apoio dos diferentes axentes do Software Libre de Galicia.
Actividades 2026:	→ Elaboración de **artigos de difusión tecnolóxica** para dar a coñecer casos de éxito, novidades, boas prácticas no uso de software libre e comparativas entre solucións alternativas. → **Aumento do número de solucións dispoñibles no servizo Apeiría**, para que as empresas poidan probar na nube solucións de software libre. → **Dinamización da comunidade galega** comprometida co uso dos estándares abertos. → Xestión de **cursos en liña sobre InnerSource** na plataforma de teleformación da rede CeMIT. → **Servizo de apoio e consulta sobre software libre ás empresas galegas** a través do correo da Oficina de Software Libre.

Actividade:	6.3.1. Fomento do uso do Software Libre nas empresas galegas
	→ Publicación de **estudos sobre o uso do software libre realizados por OSIMGA**. → Realización de **demostracións prácticas e actividades de validación de solucións**, apoiándose en espazos de experimentación e colaboración en eventos colaborativos. → **Identificación, documentación e difusión de casos de éxito** empresariais vinculados á adopción de software libre.
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Actividade:	6.3.2. Formación do Software Libre na cidadanía
Descrición:	Outro dos eixos nos que se enfocan as actuacións de fomento e difusión do software libre por parte da Amtega é a cidadanía. Neste ámbito mantense a colaboración con diversos axentes do ecosistema galego do software libre, como as Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre (AGUSL), para a organización de actividades de promoción de Software e Hardware Libre para diferentes colectivos, destacando tamén as actuacións promovidas a través da Rede CeMIT.
Actividades 2026:	→ **Organización de xornadas, obradoiros e actividades divulgativas** sobre Software Libre e formatos abertos. → **Colaboración na organización de eventos e encontros** de referencia da comunidade de software libre. → **Desenvolvemento de accións que poñan en valor o papel das mulleres** na tecnoloxía. → **Impulso da oferta formativa en alfabetización dixital** e tecnoloxías libres impartida na Rede CeMIT. → **Organización e difusión de actividades prácticas** vinculadas ao software libre orientadas á aprendizaxe, participación cidadá e captación de talento.
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Actividade:	6.3.3. Fomento do uso do Software Libre na Administración Pública
Descrición:	No eido da administración pública, as principais liñas de actuación consistirán en manter a aposta pola reutilización de software libre para o desenvolvemento de novos servizos, mediante o asesoramento e a difusión de casos de éxito doutras administracións públicas; a difusión dos casos de éxito propios fóra da Comunidade Autónoma; así como o fomento da publicación e liberación de novas solucións de software desenvolvidas pola Xunta de Galicia.
Actividades 2026:	→ Servizo de **asesoramento sobre software libre** e estándares abertos. → Elaboración do **boletín mensual de reutilización de software libre** nas

Actividade:	6.3.3. Fomento do uso do Software Libre na Administración Pública
	administracións públicas. → **Mantemento de máquinas virtuais de referencia en software libre**, preparadas para o uso dos servizos de e administración electrónica da Xunta de Galicia, e fomento do seu uso. → **Apoio e asesoramento** para a publicación con licenza libre de novos proxectos desenvolvidos pola Xunta de Galicia. → **Identificación, documentación e difusión de casos de éxito** de reutilización de software libre no ámbito da administración pública.
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Actividade:	6.3.4. Fomento do uso do Software Libre a través do portal Mancomún
Descrición:	O **portal mancomun.gal** continúa consolidándose como o principal espazo público de referencia para a difusión do software libre en Galicia. A través del, a Oficina de Software Libre da AMTEGA recompila e divulga información de actualidade relacionada co ecosistema galego, ao tempo que serve como canle para comunicar as iniciativas impulsadas pola propia AMTEGA destinadas a promover o uso do software libre na comunidade, en coherencia co establecido no Plan de Acción de Software Libre.
Actividades 2026:	→ Publicación do **Plan de Acción de Software Libre 2026** e **Balance 2025.** → Mantemento da **Axenda centralizada de eventos de Software Libre en Galicia.** → **Publicación de material formativo ou divulgativo** sobre software libre con formato aberto, licenza libre e en lingua galega no Repositorio Documental. → Publicacións de **noticias sobre Software Libre.**
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Indicadores asociados

Actividade	Indicador	Valor 2026
6.3.2. Formación do Software Libre na cidadanía	▪ Número de xornadas de capacitación realizadas a través de Oficina de Software Libre ou en colaboración con outras administracións	1

6.3.3. Fomento do uso do Software Libre na Administración Pública	▪ Número de solucións de software libre difundidas a través do portal Mancomún (acumulado)	**208**

6.4 Programa de adopción de tecnoloxías disruptivas

A consolidación do **Espazo GobTec** orientará as súas actuacións **no reforzo do ecosistema de innovación tecnolóxica galego**, promovendo o desenvolvemento de capacidades rexionais arredor das tecnoloxías emerxentes tanto no ámbito público como no privado. Neste marco, priorizarase o impulso á adopción de solucións dixitais innovadoras baseadas en novas tecnoloxías que permitan dar resposta aos novos retos e mellorar os servizos públicos. Para iso, traballarase na dinamización do ecosistema GobTec mediante a identificación e lanzamento de novos retos tecnolóxicos, así como no mantemento dun servizo de apoio técnico especializado encargado da coordinación, seguimento e impulso das iniciativas desenvolvidas dentro do espazo. As actuacións contribuirán a consolidar o papel da Administración galega como motor de impulso à innovación tecnolóxica na rexión.

Un dos fins do espazo Gobtec é **reforzar as capacidades e infraestruturas en materia de novas tecnoloxías en Galicia**, buscando un desenvolvemento dixital na rexión que poida resolver os diferentes retos que se presenten.

Ademais, perséguese a creación de un ecosistema de innovación que permita unha colaboración efectiva entre Administración e empresa.

Obxectivos

→ Impulsar a adopción de tecnoloxías innovadoras na Administración pública galega.

→ Dinamizar o ecosistema GobTec mediante a identificación e lanzamento de retos tecnolóxicos.

→ Favorecer a colaboración público-privada no relacionado coa resolución de retos.

Actividades

Actividade:	**6.4.1. Publicación e difusión da Estratexia.**
Descrición:	A iniciativa ten como finalidade presentar e dar a coñecer a Estratexia GobTec como marco de referencia para o impulso do ecosistema de innovación tecnolóxica na Administración pública galega. A través da súa publicación e difusión preténdese reforzar as capacidades rexionais vinculadas ás novas tendencias tecnolóxicas e promover a incorporación de tecnoloxías emerxentes no sector público, favorecendo ao mesmo tempo a colaboración co tecido empresarial e o desenvolvemento de solucións innovadoras que contribúan á modernización dos servizos públicos e á resposta aos novos retos sociais e tecnolóxicos.
Actividades 2026:	→ **Estratexia Gobtec.**

Actividade:	**6.4.1. Publicación e difusión da Estratexia.**
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Actividade:	**6.4.2. Promover medidas para o impulso das tecnoloxías disruptivas na Admisnitración mediante a identificación e proposta de retos tecnolóxicos.**
Descrición:	Durante o ano 2026 continuarase consolidando o Ecosistema GobTec, para promover a incorporación de tecnoloxías disruptivas (especialmente intelixencia artificial, tecnoloxías de comunicación de ultracapacidade, intelixencia do dato e ciberseguridade) no ámbito da Administración pública. Neste marco impulsaranse medidas para favorecer a adopción destas tecnoloxías a través da definición e proposta de retos tecnolóxicos que permitan identificar solucións innovadoras e fomentar a participación do tecido empresarial no desenvolvemento de iniciativas que dean resposta ás necesidades do sector público
Actividades 2026:	→ **Reto tecnolóxico na Xunta.**
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Actividade:	**6.4.3. Promover medidas para o impulso das tecnoloxías disruptivas nas empresas mediante a proposta de retos tecnolóxicos.**
Descrición:	Impulsaranse novos retos tecnolóxicos co obxectivo de fomentar a participación de empresas tecnolóxicas no deseño e desenvolvemento de solucións innovadoras baseadas en tecnoloxías disruptivas. A través destas iniciativas preténdese promover a identificación e posta en marcha de solucións tecnolóxicas capaces de dar resposta a diferentes desafíos, favorecendo a colaboración co tecido empresarial e o desenvolvemento de novas capacidades tecnolóxicas.
Actividades 2026:	→ **Reto tecnolóxico nas empresas.**
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Indicadores asociados

Actividade	Indicador	Valor 2026
6.4.1. Publicación e difusión da Estratexia.	▪ Posta en marcha da estratexia Gobtec	SI
6.4.2. Promover medidas para o impulso das tecnoloxías disruptivas na Admisnitración mediante a identificación e proposta de retos tecnolóxicos.	▪ Identificación de reto tecnolóxico na administración	SI
6.4.3. Promover medidas para o impulso das tecnoloxías disruptivas nas empresas mediante a proposta de retos tecnolóxicos	▪ Identificación de reto tecnolóxico nas empresas	SI

6.5 Plan de impulso ao GaiásTech

A iniciativa **GaiásTech** persegue aproveitar o potencial rexional para **impulsar contidos innovadores dixitais que contribúan a afrontar os grandes retos do futuro da economía e a sociedade galega**. Para acadar este obxectivo, desde o Centro se promoverá a xeración de espazos de encontro entre o talento, o emprendemento e a innovación rexional, que deriven na creación de novas propostas de valor para o territorio

O Centro GaiásTech ten como finalidade acadar a transformación dixital do tecido produtivo galego e impulsar a creación de produtos e servizos tecnolóxicos que aumenten o carácter innovador e a competitividade do territorio.

Obxectivos

- **Consolidación como centro demostrador avanzado**: evolucionar o Gaiástech cara a unha contorna de experimentación real (laboratorio) que permita ao tecido produtivo testar tecnoloxías disruptivas.
- **Liderar a dinamización do ecosistema dixital**: fortalecer o rol do centro como nodo conector entre a oferta tecnolóxica rexional e a demanda empresarial, promovendo a transferencia de coñecemento mediante modelos de innovación aberta.
- **Impulso á substentabilidade e a economía circular tecnolóxica**: integrar a fabricación dixital e a reciclaxe de materiais como eixos transversais da capacitación, posicionando ao centro na vangarda das transicións verde e dixital.
- **Especialización en capacitación de alto valor engadido**: centrar a oferta formativa en competencias críticas (IA, ciberseguridade industrial e tecnoloxías inmersivas) para dar resposta ás necesidades dos sectores estratéxicos de Galicia.
- **Fomento do talento e vocacións de futuro**: potenciar o atractivo das carreiras steam entre a mocidade galega, conectando o ámbito educativo coas novas realidades do mercado laboral tecnolóxico.
- **Excelencia no servizo e dixitalización da atención**: optimizar a interacción co usuario a través de ferramentas de intelixencia de datos, garantindo un acompañamento personalizado na transformación dixital de entidades e empresas.

Actividades

Actividade:	**6.5.1. GaiásTech-D**
Descrición:	Actividades centradas en servir como escaparate ás empresas tecnolóxicas galegas, ofrecéndolles servizos coordinados orientados á difusión dos seus produtos, servizos etc., de carácter tecnolóxico, axudándoas a ser máis competitivas e a amosar as vantaxes e posibilidades que ofrecen a posibles clientes. Co obxectivo de mellorar o aliñamento da demanda e a oferta tecnolóxica, o GaiásTech porá a disposición do sector espazos e servizos para a demostración de solucións e produtos tecnolóxicos.

Actividade:	**6.5.1. GaiásTech-D**
Actividades 2026:	As actividades realizadas no marco deste programa basearanse, principalmente, nos seguintes aspectos: → **Demostracións**. Accións onde empresas presentan solucións cun fundamento tecnolóxico para o coñecemento, difusión ou comercialización. → **Sensibilización**. Accións que contribúen ao coñecemento de solucións, tendencias tecnolóxicas, ferramentas e aplicacións de interese para a cidadanía, empresas e organizacións. → **Ciclo de actividades enmarcadas nunha mesma iniciativa** (#MesD, #DíaD, etc.). co obxectivo de divulgar e capacitar ás empresas sobre unha temática común nun curto espazo temporal.
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Actividade:	**6.5.2. Programa de Capacitación e sensibilización en Transformación Dixital**
Descrición:	Levarase a cabo o desenvolvemento dun **plan anual de capacitación e sensibilización en transformación dixital para pemes** impulsado polo GaiásTech. Levaranse a cabo sesións individuais de capacitación e programas de capacitación cunha duración de máis de 7.5 horas de duración.
Actividades 2026:	→ Identificación de necesidades. → Establecemento de obxectivos. → Metodoloxía. → Identificación de áreas de capacitación. → Desenvolvemento de programas de capacitación de máis de 7,5 horas ou sesións individuais. → Desenvolvemento de sesións sinxelas e puntuais de capacitación e sensibilización.
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Actividade:	**6.5.3. Fomento STEAM e desenvolvemento de talento dixital entre o público xuvenil**
Descrición:	O Centro GaiásTech ten o cometido de atraer e motivar a **xeración do talento xoven** que actúe como xerme para a creación de propostas de maior valor para as nosas empresas. Ademais, neste eixo, debe contemplarse a necesidade da xeración de perfís femininos en STEAM, rompendo así aqueles prototipos que se veñen herdando no tempo, no que o número de rapazas e mulleres nos ámbitos STEAM aínda seguen sendo reducidos.

Actividade:	**6.5.3. Fomento STEAM e desenvolvemento de talento dixital entre o público xuvenil**
Actividades 2026:	→ Realización de **actividades destinadas ao público xuvenil**, con especial incentivo cara o interese polas vocacións STEAM. → **Sesións de demostración** na que os rapaces e rapazas participantes poidan por en práctica os seus coñecementos sobre as TICs e tecnoloxías disruptivas. → **Formacións e xornadas orientadas ao público feminino**, profesional e non profesional do ámbito STEAM.
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Actividade:	**6.5.4. Smart GaiásTech**
Descrición:	O centro evolucionará cara a un espazo de innovación aberta con novos espazos de traballo tecnolóxicos. O proxecto, chamado **Smart GaiásTech**, busca transformar o espazo do GaiásTech existente nun ecosistema interactivo e proactivo, mediante a incorporación de tecnoloxías avanzadas e a participación activa da comunidade de usuarios. O obxectivo é a **posta en marcha dun espazo intelixente** que non só facilite o acceso a ferramentas e recursos tecnolóxicos, senón que tamén **promova un ambiente de colaboración e aprendizaxe mutuo.** Propóñense así unha serie de melloras que non só optimizarán o uso dos recursos tecnolóxicos dispoñibles, senón que tamén mellorarán a xestión e a eficiencia do espazo.
Actividades 2026:	→ **Definición do plan** de adaptación dos espazos físicos do Centro. → **Adquisición de novos materiais e tecnoloxías** para o desenvolvemento das actividades. → **Execución de actividades prácticas** nas que os asistentes poidan practicar fisicamente cos materiais dispoñibles e in situ facendo probas correspondentes. → **Organizar encontros entre os colectivos maker**, asociacións ou calquera entidade que precise a utilización dos materiais dispoñibles.
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Actividade:	**6.5.5. Evento especializado en tecnoloxías disruptivas**
Descrición:	Esta actividade organizada polo propio GaiásTech, de carácter anual, ten como obxectivo **reunir axentes de relevancia de tecnoloxías disruptivas** para brindar a oportunidade ás empresas galegas de coñecer en base a casos de uso, a aplicabilidade da dixitalización no tecido produtivo. Preténdese ademais **xerar un espazo de networking** entre o tecido tic galego, centrando a xornada no Turismo intelixente, aliñada co obxectivo estratéxico de Impulsar a economía dixital para acadar un territorio intelixente.

Actividade:	**6.5.5. Evento especializado en tecnoloxías disruptivas**
Actividades 2026:	→ Deseño e posta en marcha do **programa do evento.** → **Aliñamento do programa coas necesidades** especificadas no eixo da dixitalización **recollidas Estratexia Dixital de Galicia 2030.** → **Busca de relatores de referencia** sobre os sectores de estudo. → **Organización** íntegra do acto. → **Seguimento** de impacto despois do acto.
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Actividade:	**6.5.6. Divulgación de casos de éxito**
Descrición:	O Centro GaiásTech actuará non só como centro divulgador de proxectos e boas prácticas, senón tamén como **escaparate de casos de éxito**, tanto a nivel de Galicia como nacional e internacional, no relativo a tecnoloxías disruptivas, como a conectividade. Así, xerarase un **sistema de identificación de casos de éxito** que serán divulgadas mediante infografías nunha sección ad-hoc no portal do GaiásTech.
Actividades 2026:	→ Identificación de casos de éxito. → Avaliación do interese de divulgación dos casos identificados. → Preparación das infografías. → Publicación na Web e divulgación das mesmas.
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Actividade:	**6.5.7. Servizo de difusión do programa ReactivaTech**
Descrición:	O Centro GaiásTech porá, como novo servizo integrado na web, unha **nova sección ao dispor das Pemes galegas con toda a información relativa ao ReactivaTec**, un programa de asesoramento especializado en dixitalización. A través deste novo servizo, as empresas poderán recibir orientación experta en ámbitos clave como ciberseguridade, márketing dixital, automatización de procesos, intelixencia artificial, comercio electrónico e outras tecnoloxías estratéxicas para mellorar a súa competitividade. Con acceso dispoñible a través do GaiásTech, este servizo busca impulsar a modernización do tecido empresarial galego, proporcionando un acompañamento adaptado ás necesidades de cada negocio e axudando a fortalecer a súa presenza nunha contorna cada vez máis dixitalizado.
Actividades 2026:	→ Definición da estrutura da nova sección. → Definición e planificación das comunicacións. → Integración do servizo no portal do GaiásTech.

Actividade:	6.5.7. Servizo de difusión do programa ReactivaTech
	→ Difusión pública do servizo.
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Actividade:	6.5.8. Obradoiros tecnolóxicos
Descrición:	Consolidarase un **programa de capacitación técnica avanzada centrado na experimentación práctica**, estruturando a oferta ao redor de catro eixos tecnolóxicos críticos: IoT e Ciberseguridade, para a securización de redes e sensorización ambiental; Economía Circular, mediante a fabricación dixital con plásticos reciclados; Realidade Estendida (VR/AR/MR), orientada ao desenvolvemento do xemelgo dixital do centro; e Tecnoloxía Téxtil (eTextil), para o prototipado de wearables con aplicacións sociais e de saúde. Estes obradoiros, deseñados para perfís técnicos, universidades e o sector empresarial, veranse reforzados por dinámicas de innovación aberta e hackathons en colaboración co ecosistema maker e agrupacións industriais TIC, ademais de talleres específicos de fomento de vocacións STEAM dirixidos á mocidade."
Actividades 2026:	→ Identificación de temáticas. → Planificación dos obradoiros. → Busca dos perfís docentes. → Organización e publicación dos obradoiros.
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Actividade:	6.5.9. Xornadas de especialización tecnolóxica
Descrición:	O GaiásTech organizará ao longo do ano unha serie de **xornadas especializadas** nas que expertos de referencia nos seus respectivos campos presentarán e explicarán **tecnoloxías disruptivas con alto impacto na transformación dixital**. Estas sesións estarán dirixidas a empresas, profesionais e emprendedores interesados en coñecer de primeira man as últimas innovacións tecnolóxicas e a súa aplicación práctica en distintos sectores. Cada xornada contará coa participación de especialistas de prestixio que compartirán a súa experiencia e coñecemento, abordando tendencias emerxentes e casos de uso relevantes. Establecerase para estas xornadas unha colaboración con diferentes actores nas que o GaiásTech actúe como centralizados dos distintos axentes de especialización e innovación tecnolóxica de Galicia para o deseño de cada unha das sesións de especialización tecnolóxica, como os nodos da Amtega, clusteres, asociacions, etc.
Actividades 2026:	→ Identificación de tecnoloxías disruptivas vangardistas. → Planificación das xornadas cos principais actores. → Creación dunha bolsa de expertos e expertas para os relatorios.

Actividade:	6.5.9. Xornadas de especialización tecnolóxica
	→ Organización de eventos.
Área responsable:	*Área de Sociedade Dixital*

Actividade:	6.5.10. Definición do ChatBot
Descrición:	Levarase a cabo a definición de estrutura dun **chatbot para integrar na web do GaiásTech.** O obxectivo do mesmo centrarase en facilitar o acceso á información de maneira rápida e intuitiva, mellorando a experiencia do usuario ao interactuar coa web. A definición deste sistema debe ter en conta a mellora de navegabilidade do sitio, aumentar a satisfacción das persoas usuarias mediante respostas inmediatas ás súas consultas e incentivará a participación activa nas necesidades e eventos que ofrece o centro.
Actividades 2026:	→ Levaranse a cabo as tarefas de definición de estrutura e funcionalidades do chatbot, facendo especial fincapé na seguridade e privacidade da ferramenta. → Establecerase un análise detallado sobre a tecnoloxía para o desenvolvemento da ferramenta.
Área responsable:	*Área de Sociedade Dixital*

Indicadores asociados

Actividade	Indicador	Valor 2026
6.5.7. Servizo de difusión do programa ReactivaTech	▪ Número de servizos implementados no eido da iniciativa GaiásTech	15

6.6 Plan de conectividade e cohesión dixital

A conectividade e o 5G son para Europa as pancas de recuperación e os impulsores da transformación dixital, e así están sinalados no Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea.

A este respecto, cómpre salientar que é o Goberno de España o que ademais de contar coa competencia, conta cunha capacidade de investimento inédita para dar resposta aos retos da conectividade, especialmente no ámbito rural.

O **Programa de Universalización de Infraestruturas Dixitais para a Cohesión (Programa UNICO)** é o instrumento a través do cal o Goberno de España puxo en marcha as iniciativas coas que se pretendía acadar os obxectivos 2025 establecidos por Europa, entre os que se atopan: acadar ao 100% da poboación con cobertura de 100Mbps, dotar de 1Gbps ao principais motores socioeconómicos e estender as novas redes 5G en vías de transporte e cidades.

Superado o horizonte 2025, o marco de referencia pasa a ser a Década Dixital Europea 2030, definida inicialmente pola Comisión Europea a través da "2030 Digital Compass: The European way for the Digital Decade", que establece a visión e os obxectivos estratéxicos en materia dixital. Así, neste novo período, os obxectivos en materia de infraestruturas dixitais establecen que:

- → Todos os fogares europeos deberán ter acceso a conectividade gigabit antes de 2030.
- → Todas as zonas poboadas deberán estar cubertas por redes 5G.

Á espera de coñecer as novas actuacións por parte do Goberno do Estado, a Xunta continuará desenvolvendo medidas propias de mellora e fomento da conectividade, mediante fondos propios, FEDER e FEADER, aliñadas cos obxectivos da **Década Dixital 2030**.

Neste senso, impulsaranse axudas a empresas illadas para facilitar a contratación de servizos de redes de moi alta capacidade en zonas rurais sen cobertura.

Así mesmo, darase continuidade á actuación para a mellora da cobertura móbil en zonas illadas ou de complexidade orográfica.

Ademais, **promoverase o Nodo Conectivi.gal** como estrutura público-privada destinada a dinamizar o ecosistema dixital galego no ámbito da conectividade, co fin de adaptar tecnoloxías sen fíos (como NB-IoT, LoRaWAN ou WiFi HaLow) ás necesidades específicas de Galicia e fomentar a innovación, a capacitación e a implantación de solucións nas administracións e empresas do territorio.

Por último, desenvolveranse as **estratexias Smart Villages para avanzar na dixitalización do rural** mediante a implantación de solucións dixitais innovadoras que modernicen os servizos, melloren a xestión enerxética e ambiental e impulsen os sectores produtivos rurais.

Obxectivos

- → Colaborar coas distintas administracións públicas nos plans para a mellora de cobertura de redes.
- → Impulsar a cobertura de redes 4G e 5G, prestando especial atención ás zonas máis rurais e illadas.
- → Fortalecer o ecosistema dixital galego mediante a creación dun espazo de colaboración público-privada para adaptar e impulsar tecnoloxías de conectividade avanzadas no territorio.

→ Avanzar na dixitalización do rural a través de estratexias que fomenten a transformación dixital, a sustentabilidade e a cohesión territorial nas zonas rurais.

Actividades

Actividade:	**6.6.1. Actuacións para fomentar a mellora da cobertura de redes móbiles nas zonas do rural con carencias de servizo**
Descrición:	Posta en marcha de accións que contribúan a incentivar novos despregamentos de redes de tecnoloxía móbil co obxecto de solventar as carencias de cobertura existentes nas zonas máis rurais, illadas e/ou con complexidade orográfica.
Actividades 2026:	→ **Seguimento dos traballos** que está a levar a cabo **Retegal** para dotar de enerxía eléctrica as 68 torres executadas. → **Seguimento do estado do servizo da cobertura móbil nas zonas obxectivo**, para garantir a continuidade e calidade do mesmo. → **Avaliación da posibilidade de executar unha nova actuación de mellora da cobertura.**
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Actividade:	**6.6.2. Desenvolvemento de medidas para facilitar a contratación de servizos axeitados redes de moi alta capacidade por parte das empresas illadas de zonas rurais que carecen de cobertura, como elemento tractor para avanzar en Galicia na transformación dixital do tecido produtivo.**
Descrición:	Desenvolvemento de medidas para facilitar a contratación de servizos axeitados de redes de moi alta capacidade por parte das empresas illadas de zonas rurais que carecen de cobertura, como elemento tractor para avanzar en Galicia na transformación dixital do tecido produtivo.
Actividades 2026:	→ Iniciaranse as tarefas para a **posta en marcha dunha nova convocatoria de axudas para a dotación de servizos de redes** de moi alta capacidade a empresas illadas.
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Actividade:	**6.6.3. Actuacións para facilitar a contratación de servizos de banda larga ultrarrápida por parte dos colectivos vulnerables**
Descrición:	Posta en marcha das **iniciativas preestablecidas polo Goberno de España referentes ao programa de emisión de bonos dixitais** para colectivos vulnerables do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.
Actividades 2026:	→ **Xestión e validación das xustificacións mensuais** levadas a cabo polas entidades colaboradoras.

Actividade:	**6.6.3. Actuacións para facilitar a contratación de servizos de banda larga ultrarrápida por parte dos colectivos vulnerables**
	→ **Tramitación coa Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais (SETID)** do programa (cumprimento de obxectivos e xustificación de fondos).
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Actividade:	**6.6.4. Seguimento continuo da cobertura de banda larga ultrarrápida en entidades singulares de poboación de Galicia**
Descrición:	Accións continuas de seguimento do estado da **cobertura das entidades singulares de poboación**, incluíndo o seguimento concreto da explotación das redes ultrarrápidas en núcleos do PDBL2020.
Actividades 2026:	→ Unha vez finalizado o despregamento de redes ultrarrápidas de cando menos 100Mbps en entidades de poboación do PDBL2020, **iníciase a fase de explotación da rede que se prolongará ata o ano 2031 por parte do operador Telefónica.** Nesta fase levaranse a cabo tarefas continuas de seguimento e control da explotación da rede, nos ámbitos operativo, comercial e económico, que conterá reunións semestrais co operador. → Así mesmo, levarase a cabo o **seguimento da cobertura acadada en entidades de poboación galegas no marco do Programa de Universalización de Infraestruturas Dixitais para a Cohesión (Programa UNICO) do Goberno de España** co obxecto de coñecer o alcance e avance do despregamento subvencionado polo Ministerio.
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Actividade:	**6.6.5. Seguimento continuo do inventario e cobertura de banda larga ultrarrápida das áreas empresarias de Galicia**
Descrición:	Accións continuas de seguimento **e control do inventario e do estado da cobertura das áreas empresariais en funcionamento de Galicia**, incluíndo o seguimento concreto da explotación das redes ultrarrápidas dos polígonos do PDBL2020 e do C15 do PRTR.
Actividades 2026:	→ Unha vez finalizado o despregamento de redes ultrarrápidas de 350Mbps nos 81 polígonos e parques empresarias do PDBL2020**, iníciase a fase de explotación da rede que se prolongará ata o ano 2028 por parte do operador R Cable.** Nesta fase levaranse a cabo tarefas continuas de seguimento e control da explotación da rede, nos ámbitos operativo, comercial e económico, que conterá reunións semestrais co operador. → Finalizada a actuación de mellora e reforzo de redes de banda larga ultrarrápida en polígonos industriais, centros loxísticos e outras áreas con concentración empresarial do C15 do PRTR, **iníciase a fase de explotación da rede que se prolongará ata o ano 2029 por parte do operador Telefónica.** Nesta fase levaranse a cabo tarefas continuas de seguimento e control da explotación da

Actividade:	**6.6.5. Seguimento continuo do inventario e cobertura de banda larga ultrarrápida das áreas empresarias de Galicia**
	rede, nos ámbitos comercial e económico, que conterá reunións semestrais co operador. → **Seguimento do impacto en polígonos** e parques empresariais das actuacións de despregamento de redes ultrarrápidas no territorio galego enmarcadas no **Programa de Universalización de Infraestruturas Dixitais para a Cohesión (Programa UNICO) do Goberno de España.**
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Actividade:	**6.6.6. Medidas en campo sobre cobertura de redes móbiles de telefonía e banda larga**
Descrición:	Posta en marcha de medidas que permitan **verificar a cobertura actual de Galicia no tocante ás redes de acceso móbil, de telefonía e de datos**, co obxectivo de coñecer a situación real nunha Comunidade con elevada dispersión poboacional onde este tipo de tecnoloxía é fundamental.
Actividades 2026:	→ **Continuarase coas medidas in situ** de verificación e comprobación da calidade das redes de tecnoloxía radio en **150 zonas** concretas de cara a coñecer a situación actual neste ámbito e servir de base para as próximas actuacións de despregamento de redes de banda larga ultrarrápida que se realicen na Comunidade. → **Elaboración dun informe final de resultados** en base ás medidas realizadas nas 150 zonas identificadas.
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Actividade:	**6.6.7. Medidas da calidade do servizo das redes móbiles 5G nas principais vías de comunicación en Galicia**
Descrición:	Posta en marcha de medidas que permitan **verificar a calidade do servizo das redes móbiles 5G** nas principais vías de comunicación de Galicia.
Actividades 2026:	→ **Realización de medidas de verificación e análise da calidade do servizo das redes móbiles 5G ao longo de máis de 3.000 km** das principais vías de transporte terrestre de Galicia (estradas e ferrocarril). → **Elaboración dun informe técnico** final de resultados en base ás medidas realizadas nos tramos avaliados.
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Actividade:	6.6.8. Nodo Conectivi.gal
Descrición:	Posta en marcha de **medidas para a dinamización do ecosistema da conectividade** (empresas tecnolóxicas, investigadores, centros de innovación e empresas en xeral) a través dun nodo de especialización tecnolóxica.
Actividades 2026:	→ **Definición de actividades de información e networking do Nodo** Conectivi.gal en 2026 que agrupen aos diferentes axentes integrantes do ecosistema dixital para que poidan participar en proxectos relacionados coa conectividade, e que axuden ao proceso de transformación dixital da nosa economía. → **Posta en marchas das actividades do nodo:** busca de profesionais axeitados para a impartición de charlas, elaboración de materiais de apoio, convocatorias, difusión dos actos, xestión de ubicacións, etc. → **Identificación de liñas de financiación** para a súa difusión e promoción co obxectivo de axudar ás entidades, sobre todo pemes, administracións públicas, etc. na solicitude das mesmas. → Planificación das correspondentes **reunións e encontros entre os Grupos de Traballo e Comisión de Seguimento.**
Área responsable:	*Área de Sociedade Dixital*

Actividade:	6.6.9. Medidas de coordinación coa Administración Xeral do Estado para a optimización de recursos destinados á banda larga ultrarrápida
Descrición:	Accións de seguimento e **colaboración coa Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais** co obxecto de aunar esforzos e optimizar os fondos públicos destinados á consecución dos obxectivos establecidos pola Comisión Europea no eido da cobertura de redes de banda larga ultrarrápida.
Actividades 2026:	→ **Comprobación de información e colaboración coa Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais** no proceso de actualización e identificación de zonas de actuación susceptibles de recibir axudas públicas. → **Colaboración co Goberno do Estado durante a fase de definición de actuacións** relacionadas coa conectividade de redes ultrarrápidas coa finalidade de que se teñan en conta o carácter rural e a complexidade orográfica de Galicia.
Área responsable:	*Área de Sociedade Dixital*

Actividade:	6.6.10. Apoio nas actuacións de comunicación e difusión no eido das actuacións de redes de banda larga ultrarrápida
Descrición:	**Medidas de comunicación e difusión das actuacións** postas en marcha e dos seus avances e resultados globais empregando como canal principal a web da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Actividade:	**6.6.10. Apoio nas actuacións de comunicación e difusión no eido das actuacións de redes de banda larga ultrarrápida**
Actividades 2026:	→ Actualización e mantemento das **seccións relacionadas coas actuacións coa conectividade da web Amtega**, actualizando o contido e creando novas seccións que fagan referencias ás novas iniciativas lanzadas. → Apoio nas **accións de comunicación e difusión** da Amtega sobre as distintas actuacións postas en marcha no eido das redes ultrarrápidas a través da elaboración de contidos e extracción de datos de avance.
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Actividade:	**6.6.11. Colaboración e seguimento de iniciativas con resultados no eido da cobertura de redes de banda larga de outros organismos públicos**
Descrición:	**Actuacións de coordinación con outros organismos** para a colaboración no traslado de información de banda larga, seguimento das medidas postas en marcha e asesoramento e apoio na definición de novas accións con resultados no eido da cobertura de redes de telecomunicacións.
Actividades 2026:	→ Colaboración con Instrumentos de Xestión de outros organismos públicos para o **traslado de datos actualizados referentes ás actuacións no eido das redes de banda larga ultrarrápida.** → **Seguimento e apoio de iniciativas de outros organismos** que inclúan medidas no eido da extensión de redes de banda larga.
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Actividade:	**6.6.12. Soporte e asesoramento especializado no ámbito normativo e técnico das telecomunicacións para Entidades Locais**
Descrición:	Creación dun equipo de traballo específico, integrado por enxeñeiros de telecomunicación, co obxectivo de ofrecer **soporte centralizado e permanente ás Entidades Locais** para resolver dúbidas sobre a normativa e cuestións técnicas de implantación dos equipamentos de telecomunicación que afectan ás actividades das Administracións Locais.
Actividades 2026:	→ **Resolución de dúbidas relacionadas coa aplicación da normativa** e das solución técnicas para o despregamento de redes de comunicación electrónicas. → **Comunicación das novas modificacións normativas.** Elaboración e difusión de documentación de apoio para o desenvolvemento da actividade das Administracións Locais no tocante á tramitación de licenzas e comunicacións previas para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas.
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Actividade:	**6.6.13. Servizos da oficina de banda larga para apoiar o desenvolvemento das actuacións da AMTEGA en materia de telecomunicacións**
Descrición:	A oficina de banda larga constitúese como o principal **punto de referencia para dar resposta ás necesidades particulares sobre banda larga dos axentes implicados e dos cidadáns** e ademais, centraliza e canaliza toda a información referente á banda larga permitindo dispor dunha visión global e apoia á AMTEGA na definición e posta en marcha das actuacións no eido da banda larga e no seguimento da explotación das redes dos anteriores Plans de Banda Larga.
Actividades 2026:	→ **Apoio e soporte ao desenvolvemento das actuacións da Amtega** en materia de telecomunicacións e, máis concretamente, á definición e posta en marcha das novas iniciativas no eido das redes ultrarrápidas e da contratación de servizos. → **Resposta ás consultas recibidas** dos axentes interesados nas actuacións desenvolvidas. En concreto, prestarase asistencia informativa en temas relacionados coa cobertura, prazos, solucións técnicas despregadas, etc. → **Soporte técnico e asesoramento** en temas relacionados co despregamento de redes de telecomunicacións a Entidades Locais, cidadáns e calquera outro axente interesado.
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Actividade:	**6.6.14. Proxectos Smart Villages**
Descrición:	Posta en marcha das **iniciativas Smart Villages cofinanciadas con fondos FEADER** no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común 2023 -2027: ▪ Estratexia de Emprego Rural. ▪ Estratexia de Mobilidade Rural. ▪ Estratexia de Asistencia Rural. ▪ Estratexia de Desenvolvemento dos Sectores Produtivos. ▪ Estratexia de Educación, Formación e Capacitación Rural
Actividades 2026:	→ Continuación da actuación de desenvolvemento de infraestruturas públicas como soporte á dixitalización e desenvolvemento das estratexias de **Smart Villages** en poboacións rurais. → Lanzamento das primeiras actuacións previstas, concretamente nas **Estratexias de Emprego Rural e de Mobilidade Rural**. → Análise e definición de **novas actuacións propostas** no resto de Estratexias Smart Villages. → Estas medidas contan cun total de **11,8 millóns de euros de fondos FEADER** no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común 2023 -2027.
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Indicadores asociados

Actividade	Indicador	Valor 2026
6.6.3 Actuacións para facilitar a contratación de servizos de banda larga ultrarrápida por parte dos colectivos vulnerables	▪ Nº de facturas xustificadas e pagadas	50
6.6.6. Medidas en campo sobre cobertura de redes móbiles de telefonía e banda larga	▪ Nº de núcleos medidos	150
6.6.7 Medidas da calidade do servizo das redes móbiles 5G nas principais vías de comunicación en Galicia	▪ Nº total de quilómetros nos que se analiza a calidade do servizo das redes de acceso de banda larga.	3000
6.6.8. Nodo Conectivi.gal	▪ Nº actividades postas en marcha	4
6.6.12. Soporte e asesoramento especializado no ámbito normativo das telecomunicacións para Entidades Locais	▪ Consultas das entidades locais atendidas	20
6.6.13. Servizos da oficina de banda larga para apoiar o desenvolvemento das actuacións da AMTEGA en materia de telecomunicacións	▪ Consultas das entidades locais atendidas	150

6.7 Observatorio da Sociedade da Información e Modernización de Galicia

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (**OSIMGA**) defínese como un **sistema de información e divulgación de informes e estudos** enfocados na análise, seguimento e observación dos principais datos, información e coñecemento sobre as materias da **sociedade da información,** a **modernización administrativa** e a **administración dixital** dentro do ámbito das administracións públicas de Galicia.

Para iso, desenvolve e promove estudos e análises de datos, elabora informes de situación e evolución, facilita datos a outros organismos contribuíndo á definición estratéxica de políticas públicas e analiza constantemente o estado de desenvolvemento da dixitalización para toda a cidadanía.

Obxectivos

- → Desenvolver ou promover compilacións, estudos e análises de datos que permitan coñecer, cunha visión global, o nivel de desenvolvemento, a tendencia e os posibles problemas que lle afecten á extensión da sociedade da información en Galicia e á aplicación do modelo de eGoberno nas Administracións públicas galegas.
- → Facilitar análises comparativas e aliñacións de datos con outros marcos xeográficos.
- → Promover o intercambio de experiencias e información entre administracións, e con outros observatorios, organismos ou entidades.
- → Impulsar a organización de eventos formativos, reunións de especialistas ou grupos de traballo.
- → Promover e xestionar a elaboración e a difusión de publicacións técnicas, impresas ou electrónicas, específicas e monográficas ou de publicación periódica.
- → Xestionar e ofrecer periodicamente e, como mínimo, a través dunha web específica, información sobre o nivel de desenvolvemento da sociedade da información en Galicia, eventos formativos, noticias de actualidade ou ligazóns con outras fontes de información, observatorios ou entidades.
- → Elaborar e presentar publicamente informes que reflictan a situación ou a evolución prevista.
- → Facilitarlles datos a outros organismos e entidades con competencias específicas na materia.
- → Analizar o desenvolvemento da sociedade da información para toda a cidadanía e, en especial, no que respecta ás mulleres, ás persoas con discapacidade, ás persoas maiores e aos colectivos con risco de exclusión, e promover liñas de actuación que potencien a súa incorporación e permanencia activa en condicións de igualdade efectiva.
- → Avaliar e servir de elemento para a definición de políticas públicas en materia de sociedade da información e modernización da Administración.

Actividades

Actividade:	**3.1.1. Analizar a evolución da Sociedade da Información en Galicia**
Descrición:	O obxectivo dos traballos neste eido oriéntanse a recompilar, seguir e valorar as fontes de información públicas e privadas dispoñibles sobre a situación da Sociedade da Información en Galicia, así como en España e na UE, para realizar análises comparadas.
Actividades 2026:	→ Desenvolver ou promover estudos e análises de datos que permitan determinar as pancas para a dinamización da Sociedade da Información. → Elaboración de proxectos e estudos de carácter temático que permitan abordar áreas específicas de interese. → Celebración do Pleno do Observatorio, no que se avalía anualmente a súa xestión e resultados. → Presentación da Memoria Anual do 2025, coas actuacións desenvolvidas polo Observatorio e o estado de execución de todas as observacións e actividades planificadas. → Presentación do Plan de traballo anual para 2026, que define a senda das actuacións a desenvolver polo Observatorio para a avaliación do estado de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia. → Publicación dunha nova edición do estudo "As Competencias Dixitais da poboación galega". Este Informe analizará as habilidades dixitais globais dos galegos e galegas e nas dimensións da busca de información online, a comunicación a través de internet, a resolución de problemas, ciberseguridade e a utilización de software. → Publicación dunha nova edición do estudio de ciberseguridade nas empresas galegas, en base a un acordo de colaboración co IGE. → Análise específica das tecnoloxías disruptivas nas empresas xerais e no sector TIC de Galicia en particular. O seu obxectivo é identificar o grao de adopción nas empresas TIC e nas empresas xerais da intelixencia artificial, aprendizaxe automática a través de big data, robots de servicio, chatbot... e tamén coñecer a incorporación de perfís especializados nestes campos. → Mantemento e actualización dun cadro de mando para a monitorización, filtrado e visualización dos principais indicadores do observatorio, cun nivel principal que incorpora 30 indicadores dos estudos principais e, todos eles con histórico dos catro anos anteriores. → Analizar a converxencia da dixitalización na sociedade galega comparando os niveis e o alcance da sociedade dixital por territorios, características demográficas e clases de entidades. → Facer un seguimento da incorporación da sociedade dixital á administración pública galega.
Área responsable:	***Área de Sociedade Dixital***

Actividade:	6.7.2. Executar as operacións e actividades do Plan Galego de Estatística no eido da Sociedade da Información
Descrición:	O Plan Galego de Estatística 2022-2026 desenvólvese a través da aprobación dos plans estatísticos anuais, con indicación das distintas operacións e actividades, coa identificación dos organismos responsables da súa execución. A Amtega ven de realizar as tarefas da súa responsabilidade anual a través do Observatorio.
Actividades 2026:	→ Galicia Dixital: Sistema de indicadores. → Galicia Dixital: O sector TIC de Galicia. → Estatística sobre a Administración dixital na Xunta de Galicia. → Estatística da Administración dixital nos concellos galegos. → Galicia dixital: A modernización tecnolóxica no rural. → Observatorio da sociedade da información e da modernización de Galicia.
Área responsable:	*Área de Sociedade Dixital*

Actividade:	6.7.3. Visualizar e difundir a realidade da Sociedade da Información en Galicia
Descrición:	Ofrecer á sociedade, principalmente a través de distintas canles electrónicas, o conxunto dos traballos acometidos desde o Observatorio.
Actividades 2026:	→ Publicación electrónica dos informes realizados ao abeiro do Plan Galego de Estatística, e difusión aos medios das novidades e tendencias detectadas. → Publicación trimestral de información relevante a subscritores do observatorio. → Elaboración de notas de prensa asociadas aos informes temáticos publicados. → Elaboración de vídeos temáticos para difundir contidos de estudos temáticos. → Posta en marcha dun cadro de mando de consulta dinámica de datos actuais e evolutivos do Sistema de indicadores da sociedade da información. → Consolidación do portal do Observatorio www.osimga.gal
Área responsable:	*Área de Sociedade Dixital*

Indicadores asociados

Actividade	Indicador	Valor 2026
6.7.1 Analizar a evolución da Sociedade da Información en Galicia	▪ Nº de informes elaborados polo Observatorio	90
6.7.2 Executar as operacións e actividades do Plan Galego de Estatística no eido da Sociedade da Información	▪ Número de operación e actividades estatísticas anuais ao abeiro do Plan Galego de Estatística (valor non acumulado)	6

Actividade	Indicador	Valor 2026
6.7.3 Visualizar e difundir a realidade da Sociedade da Información en Galicia	▪ Vídeos temáticos elaborados e difundidos a través da web e redes sociais	6
6.7.3 Visualizar e difundir a realidade da Sociedade da Información en Galicia	▪ Notas de prensa publicadas	18
6.7.3 Visualizar e difundir a realidade da Sociedade da Información en Galicia	▪ Nº de suscriptores ao boletín Osimga	3.300

Obxectivo estratéxico 7: Medidas instrumentais e de eficiencia



OBXECTIVO 7. MEDIDAS INSTRUMENTAIS E DE EFICIENCIA

7.1 Medidas para o impulso do desenvolvemento normativo

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, na esfera das súas competencias, está a promover e impulsar iniciativas coas distintas consellerías e outros organismos ou axentes sociais e económicos, tanto públicos como privados, para todos os ámbitos sectoriais.

Para alcanzar os obxectivos perseguidos, este programa impulsa o **desenvolvemento normativo, nos ámbitos materiais aos que se estende a competencia desta axencia pública autonómica**, que permita dar resposta aos novos retos e necesidades que demanda unha administración dixital moderna e eficiente.

Obxectivos

- → Desenvolver a normativa necesaria para a implantación da administración dixital en Galicia.
- → Desenvolver a normativa necesaria para a adopción de tecnoloxías disruptivas en Galicia.
- → Desenvolver a normativa necesaria para a xestión dos datos públicos.
- → Desenvolver a normativa necesaria para a cohesión dixital do territorio.

Actividades

Actividade:	**7.1.1. Aprobación da Lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia**
Descrición:	Durante o ano 2026 procederase á adaptación da normativa reguladora da Amtega ás esixencias derivadas da entrada en vigor da Lei para o desenvolvemento e o impulso da intelixencia artificial en Galicia.
Actividades 2026:	→ Aprobación da modificación dos Estatutos da Amtega.
Área responsable:	***Oficina de Apoio Estratéxico e Planificación***

Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2026
7.1.1 Aprobación da Lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia	▪ Aprobación da modificación dos Estatutos da Amtega	**Si**

7.2 Medidas de eficiencia na xestión do persoal

A finalidade deste obxectivo é dar resposta ás novas **necesidades en materia de persoal** derivadas dos compromisos asumidos pola axencia no presente contrato de xestión, de conformidade cos criterios de eficacia, eficiencia e especialización funcional.

Obxectivos

→ Consolidar a integración do persoal procedente do extinto CIXTEC.

→ Implantar medidas de incentivación do persoal.

Actividades

Actividade:	**7.2.1. Consolidar a integración do persoal procedente do extinto CIXTEC**
Descrición:	Adaptación da estrutura da Amtega ás novas necesidades
Actividades 2026:	→ Modificación da relación de postos de traballo. → Modificación da estrutura orgánica.
Área responsable:	*Xerencia*

Actividade:	**7.2.2. Implantar medidas de incentivación do persoal**
Descrición:	Establecemento de medidas e plans tendentes ao reforzo e incentivación do persoal da Amtega.
Actividades 2026:	→ Aprobación dun plan de medidas de reforzo en RRHH.
Área responsable:	*Xerencia*

Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2026
Medidas de eficiencia na xestión do persoal	▪ Modificación do decreto de estrutura	Si
	▪ Modificación da relación de postos de traballo	Si

7.3 Boas prácticas para a prevención do fraude

A súa finalidade é o establecemento dun plantexamento proactivo, estruturado e específico en atención ás competencias propias desta axencia pública autonómica para **xestionar o risco de fraude**.

Para acadar o dito obxectivo resulta fundamental a implantación de controis eficaces "ex ante" e "ex post" que axuden a reducir o risco de fraude, así como a implementación de medidas correctoras adecuadas para os casos de detección de posibles casos de fraude.

Obxectivos

- → Implantar un Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude.
- → Desenvolver medidas de concienciación ao persoal para a prevención do fraude.
- → Avaliar periodicamente os resultados das medidas de prevención do fraude implantadas.

Actividades

Actividade:	**7.3.1. Implantación de boas prácticas para a prevención do fraude**
Descrición:	O obxectivo é a adopción de medidas e boas prácticas que axuden a reducir o risco de fraude, así como o establecemento de medidas correctoras ante casos de detección de posibles supostos de fraude.
Actividades 2026:	→ Implantación de medidas e boas prácticas que axuden a reducir o risco de fraude, así como o establecemento de medidas correctoras ante casos de detección de posibles supostos de fraude.
Área responsable:	***Xerencia***

Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2026
Boas prácticas para a prevención do fraude	▪ Nº de medidas implantadas	**15**

7.4 Medidas de mellora na eficiencia da contratación

Este programa constitúese como continuación do **proceso de optimización da contratación en materia TIC**, levando a cabo unha serie de medidas que permitan desenvolver tarefas con maior axilidade e redución de prazos de tramitación, tendo en conta os principios de eficacia e eficiencia na xestión dos recursos públicos.

Obxectivos

- → Promover medidas de optimización do uso dos fondos europeos xestionados pola Amtega.
- → Establecer unha guía de avaliación sistemática dos resultados e incidencias nos procesos de contratación.
- → Implantar medidas de control e xestión do PRTR e outros fondos europeos.
- → Establecer mecanismos que permitan realizar un seguimento das actuacións, por exemplo, cadro de mando.

Actividades

Actividade:	**7.4.1. Medidas de mellora na eficiencia da contratación**
Descrición:	O obxectivo é a adopción de medidas que melloren a eficiencia, optimizando os recursos dispoñibles en aras a unha contratación áxil, eficaz e segura.
Actividades 2026:	→ Establecemento de medidas de control e seguimento. → Piloto de automatización na contratación.
Área responsable:	*Xerencia*

Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2026
Medidas de eficiencia na contratación	▪ Incremento do volume de subministros adxudicados con base a fórmulas puramente matemáticas	55%
	▪ % Redución de prazos de adxudicación en procedementos abertos	48%
	▪ Nº de actuacións automatizadas	3

7.5 Medidas de colaboración e coordinación institucional

A administración dixital ten un dos seus alicerces na **cooperación entre administracións públicas**. Esta cooperación desenvolvese en diversos ámbitos:

- → Interoperabilidade de datos e documentos.
- → Reutilización de sistemas de información ou medios TIC.
- → Prestación conxunta de servizos dixitais á cidadanía.

Este programa ten como finalidade xestionar o catálogo de servizos dixitais postos a disposición de outras administracións, así como promover iniciativas no eido da cooperación.

Obxectivos

- → Fomentar iniciativas de colaboración interadministrativa en materia de transformación dixital de Galicia, con especial foco no relativo ao PRTR.
- → Fomentar novos instrumentos de colaboración público-privada para o impulso das iniciativas de dixitalización e innovación tecnolóxica de Galicia.

Actividades

Actividade:	**4.1.1. Fomento de iniciativas de colaboración interadministrativa en materia TIC**
Descrición:	O obxectivo é a promoción de iniciativas no eido da cooperación interadministracións coa finalidade de optimizar a xestión dos recursos públicos en materia tecnolóxica.
Actividades 2026:	→ Formalización de instrumentos de colaboración con outras administracións en materia TIC.
Área responsable:	***Xerencia***

Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2026
Fomento colaboración interadministrativa	▪ Nº de convenios subscritos con outras administracións	**6**

7.6 Medidas de avaliación de custos, resultados e impacto das iniciativas de dixitalización

A súa finalidade é desenvolver novos **modelos de avaliación de custos, resultados e impacto**, tanto económico como ecolóxico, das distintas iniciativas en materia de dixitalización postas en marcha.

Obxectivos

- → Promover medidas de avaliación de custos que permitan garantir a eficiencia das distintas iniciativas en materia de dixitalización postas en marcha.
- → Promover medidas de avaliación de resultados e impacto que permitan garantir a sostibilidade económica e medioambiental das distintas iniciativas en materia de dixitalización postas en marcha.

Actividades

Actividade:	**7.6.1. Elaboración dun marco metodolóxico de avaliación de impacto das distintas iniciativas en materia de dixitalización postas en marcha**
Descrición:	Coordinación do proceso de elaboración do marco metodolóxico que permita avaliar o impacto das distintas iniciativas en materia de dixitalización postas en marcha.
Actividades 2026:	→ Posta en marcha do marco.
Área responsable:	***Oficina de Apoio Estratéxico e Planificación***

Actividade:	**7.6.2. Elaboración dunha clasificación por tipoloxía de servizos para analizar a sostenibilidade económica e financeira**
Descrición:	Elaboración dun portfolio que agrupe todos os servizos que se prestan desde a Axencia, e os recursos destinados.
Actividades 2026:	→ Elaboración do portfolio de servizos.
Área responsable:	***Oficina de Apoio Estratéxico e Planificación***

Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2026
Elaboración dun marco metodolóxico de	▪ Posta en marcha do marco	**Si**

Actividade	Indicador	Valor 2026
avaliación de impacto das distintas iniciativas en materia de dixitalización postas en marcha		
Elaboración dunha clasificación por tipoloxía de servizos para analizar a sostenibilidade económica e financeira	▪ Portfolio de servizos elaborado	SI